


No Fondo dos Espellos

2007-2010




X. L. Méndez Ferrín

Miscelánea

Serie de textos misceláneos


Xosé Luís Méndez Ferrín



X. L. Méndez Ferrín (1938), doutor en Filoloxía, é un exemplo intelectual, político e literario da Galicia contemporánea. As súas innumerábeis achegas percorren unha infrecuente variedade de dominios, dende unha obra literaria unanimemente recoñecida ata traballos de índole política e xornalística. Érguese coma un referente histórico da esquerda republicana marxista de práctica independentista. Foi presidente da Real Academia Galega e é doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo. Candidato ao Premio Nobel de Literatura a proposta da diversas asociacións culturais e literarias. Dirixe a revista de pensamento crítico A Trabe de Ouro. A súa obra xornalística está moi ligada ao Faro de Vigo dende hai máis de 40 anos.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Edición

Área de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións
Universidade de Vigo
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

Adobe Stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-8158-912-2

Depósito legal

VG 649 - 2021


© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2021
© X. L. Méndez Ferrín

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **uñe**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



No Fondo dos Espellos

2007-2010

Autor

X. L. Méndez Ferrín

Na memoria de Darío Xohán Cabana

01

Limiar

15

ARTIGOS: 2007

17

. Alejandro Finisterre	17
. <i>The importance of being Smith</i>	19
. Camilo X. Cela	21
. Dun Cela a outro	24
. A man sen carne de Allan Kardec	26
. Librarías dun Ourense defunto	28
. Broa na Pedra	30
. María Mariño e as fraudes literarias	32
. Meretriz e literata	33
. <i>Qui êtes-vous, Louise Labé?</i>	35
. Sucedido en Oxford	37
. Realidade e mito de María Mariño	39
. O viaxeiro en Tréveris	41
. A medición da patria	43
. Pobre pai de Curros!	44
. Masón e evanxelista	46
. «O povo é quem mais ordena»	47
. Curros indivisíbel	49
. Coruña e femias armadas	50
. A Coruña estratéxica	52
. Todos os Álvarez	53
. Poesía e música de balneario	54
. Aviadores paralelos	56
. Os nomes da Grande Torre	58
. Breogán Cabeleira Florida	59
. Nazón de Breogán	61
. Na Barbaña de Ourense	62
. Retrato do doutor Enrique Otero Sotelo	64
. Editores vigueses	65
. Marx <i>ab ovo</i>	67
. O laicismo e as viñas	69
. Dona do corpo delgado?	70

. Persistencia pagana	72
. Sempre paganos	74
. Vilanova enigmática	76
. Sinagogas imaxinarias	77
. A Virxe do Cristal	79
. Pómulos famosos: pé de foto	80
. A novela familiar de Rosalía de Castro	82
. Sol Negro, Negra Sombra	84
. «E a lata na que o pámpano coa <i>rosa se alía</i> »	85
. Israelitas	87
. A lingua dos xudeus de Galicia	88

02

ARTIGOS: 2008

91

• Fedor xudaico	91
• Saúdo a un novo insecto en un medio escuro	93
• Fado	94
• Fado, monarquía, touros	95
• O fado e nós	97
• Retorno dos deuses mortos	99
• Soto con Castelao	101
• Nunca dirás versus Arizona	102
• Recentes, inúteis, groseiros anglicismos	104
• Erasmus, arma letal	105
• Gloria a Babel	107
• Multilingüismo sempre	108
• Galego e portugués	110
• Leonés e castelán: os romances centrais	111
• Apoloxía do terrorismo	113
• Introducción ás Linguas Orientais	114
• O vasco e os outros	116
• A influencia vasca	117
• O Río	119
• Río Miño	120
• O Che na ialma	122
• O Che en verso	123
• Denominación da Patria	125

• O curro das mortes	126
• Eduardo en familia	128
• O galego nas Illas Canarias	130
• A lingua das andoriñas	132
• «Eu canto o peito ilustre Lusitano»	133
• <i>La gloria de los niños</i>	135
• A infancia transeúnte	137
• A Santa Infancia	138
• Corazóns de ouro	140
• A arrogancia dos eunucos	142
• Cacos da Ribeira	144
• O Vigo de Antón Beiras	146
• «...ha de helarte el corazón»	147
• Rutherford nas Tabernas	149
• «Lingua proletaria do meu pobo»	150
• A arte de fumar por paipa	152
• Fillos da Revolución	153
• Un casamento pouco convencional	155
• Mil novecentos cincuenta e oito	157
• Indumentaria dos gaiteros	159
• Ocaso e abreinte da gaita galega	161
• Malia o dente que come a semente	163
• As galas do gaitero	165
• Homenaxe a Cabanillas	167
• Caroi	169

03

ARTIGOS: 2009

171

• De Gallaecia a Galicia	171
• Ocaso da Galicia sueva	173
• <i>Das Hermeriklied</i>	175
• Lugrís centenario	177
• Do primeiro reino de Galicia	179
• Os nomes do mar de Turonio	180
• Chan da Parafita	182
• A lingua do crego Manoel Marques	183
• Tristán e Iseu en Galicia	185
• Tristán en Compostela	187
• Encontro con Charles Darwin	188

• Darwin en Galicia	190
• Víctor López Seoane	193
• Precisións darwinianas	195
• Do Ourense graxo	197
• Cinco acoutacións á <i>Esmorga</i> con Don Ramón e outra xente ao lonxe	199
• Sobre Ramón Piñeiro	201
• Para unha biografía política de Ramón Piñeiro	203
• Revoldaina piñeirá	206
• 25.000 cabalos ceibes	208
• Cabalo de pura raza galega	210
• <i>O País das Bestas</i>	212
• Falares galegos en Canelas do Douro	214
• O mundo literario de Araújo Correia	215
• Pontevedra biface	217
• As bestas do Santo	219
• O cabalo galego nas letras	220
• Sobre as putas da Moureira	222
• O neno e as daifas	224
• A viganza de Manilo	225
• A <i>Celestina</i> como anomalía	227
• O manuscrito achado en Salamanca	229
• <i>Celestina</i> enigmática	231
• A cidade misteriosa da <i>Celestina</i>	233
• Medievalismo e modernidade de Fernando de Rojas	235
• Onde naceu Martín Sarmiento?	237
• Sobre a patria do «Grande Galego»	239
• Balbinos e Balbinos	240
• Chove, chove na casa do probe	242
• Memoria de <i>Vieiros</i>	244
• Fin de <i>Vieiros</i>	246
• Hipatia e Prisciliano	248
• As orixes fabulosas da literature portuguesa	249
• «Adiante, semarario»	252
• Ambó ató materile lire lire	254
• Portugal <i>ab ovo</i>	256
• «Miranda yê la mie Tierra»	258
• «Tanto beilei cula gaita galhega»	259

04

ARTIGOS: 2010

263

13

• Oliveiras en cuestión (1)	263
• Oliveiras en cuestión (2)	265
• Torrente previo	266
• O birimbao non é gaita	268
• O patriota	269
• Perda do birimbau	271
• Triste fin da bela Louise	272
• Brillat-Savarin, gastrónomo	274
• Brillat-Savarin a e obesidade	275
• Permanencia de Lawrence Talbot	277
• Ver o lobo	278
• Mito e realidade	280
• Lobishomes xermánicos en Galicia	282
• Lobishomes no mundo clásico	283
• «Loboneyra»	285
• O lobishome de María de Francia	287
• Sexo e soños de María de Francia	289
• Lobishomes na clínica	290
• Sobre o Día das Letras Galegas	292
• <i>Canis lupus gallaicus</i>	294
• Mil novecentos sesenta e oito	296
• O MU e a Patria	297
• «Agitadores de turbia procedencia»	299
• Saudades da Aula Un	301
• Aula Un: Franco na Academia	302
• Resistencia e Memoria	304
• 1.) Continuidade das armas (1936–1950)	305
• 2a.) A toupeira blindada (1950–1963)	307
• 2b.) A toupeira blindada (1950-1963)	309
• 3a.) Ofensiva múltiple (1963–1975)	311
• 3b.) Ofensiva múltiple (1963-1975)	312
• 3c.) Ofensiva múltiple (1963–1975)	314
• Castrelo de Miño na historia	315
• Da rebelión galega: 1972	317
• 1972: Estoupido e represión en Vigo	319
• Resistencia xocosa	321

• «Homenaxe á bandeira do pobo»	322
• De Bóveda a Reboiras	324
• Ourense en prosa (1)	326
• Ourense en prosa (2)	327
• Ourense en prosa (3)	329
• Ourense en prosa (4)	331
• Ourense en prosa (5)	332
• Ourense en prosa (6)	334
• Ourense en prosa (7)	335

ANEXO I

337

Índice onomástico remisivo e misceláneo

ANEXO II

Textos do volume *No Fondo dos Espellos 2015-2020*

351

• Patria e morte: Fidel Castro	351
• A Illa de San Simón nos días de Francis Drake	353
• Natal en Oriente	354
• Lorca galego	356

Limiar

A entusiasta acollida do primeiro volume supón un estímulo adicional para continuar coa edición de todos os textos publicados na sección «No Fondo dos Espellos» do xornal *Faro de Vigo* entre 2007 e 2020. O libro que teñen entre mans inclúe os anos desde 2007 ata 2010. A triloxía complementarase co volume que conterá os textos publicados entre 2011 e 2014. Así pois, con esta publicación, estamos diante do treito inicial desta extraordinaria obra xornalística de X.L. Méndez Ferrín que, sen dúbida, constitúe unha referencia ensaística primordial. En palabras de Darío Xohán Cabana, recollidas no discurso lido no acto da súa recepción coma académico da RAG (2006), «os seus artigos ensaísticos enchen de luz o noso mundo». Non se nos ocorre mellor consideración para esta magna obra.

A conversión dos textos desde a hemeroteca do xornal a este formato agora impreso supuxo un intenso traballo de revisión formal. Este labor realizárono o autor e Marta Abalo Sánchez, responsábel, ademais, da rigorosa elaboración do índice onomástico remisivo e misceláneo recollido no anexo I. Este facilitará a lectura selectiva que calquera persoa desexe facer dun libro con centos de nomes significativos da cultura galega e universal. Non podemos máis que estarlle moi agradecidos por esta inxente tarefa.

Así mesmo, desde a Área de Normalización Lingüística comprácenos agradecerlle a Melissa Gómez Morales o seu traballo de recompilación e da primeira revisión formal dos textos. Beizón, tamén, a Xosé Manuel Salgado pola achega dos catro artigos que, por descoído, non se recolleron no primeiro volume publicado (2015-2020) e que agora incorporamos no anexo II do presente libro. Unha vez máis, agradecemoslles a *Faro de Vigo* o seu apoio a esta iniciativa e ao Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo a súa colaboración nesta edición e na súa distribución.

Fernando Ramallo
Director da Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo

Capítulo 01

No Fondo dos Espellos

ARTIGOS: 2007

17

Alejandro Finisterre (17.02.2007)

Paseaba un descoñecido con Borobó e Varela Jácome. «Éche Alejandro Finisterre» informou Baldomero Cores, que soía estar ao tanto. Fora no Preguntoiro, Compostela. Pro, quen era Alejandro Finisterre? Grande interrogación que se formulou estes días coa noticia do pasamento de tan boa persoa. Cando o vin por primeira vez, Finisterre destacaba por alto e forte na distancia iluminada por lampións de inverno. Por aquel tempo, 1956, díciase de Alejandro Finisterre que era coreógrafo do Marqués de Cuevas, o pintoresco peruano que dirixía os Ballets de Montecarlo. Residente en México, había quen o clasificase como exiliado republicano. A principios dos sesenta, xurdiu Finisterre como herdeiro da memoria intelectual, poética e política de León Felipe, cuxos libros reproducía nunha súa editorial moi independente. Xa en datas recentes, difundíuse a nova de que o fútbolín fora inventado por Alejandro Finisterre nun hospital de Monserrat para meniños da guerra. Manuel Rivas, que regresaba da fabricación sentimental de Pucho Boedo, entretívose moito creando a figura de Alejandro Finisterre en canto inventor, por súa vez, do fútbolín.

En realidade ninguén soubo nunca ben quen era Alejandro Finisterre e a que se dedicaba realmente. Home de negocios internacional? Escritor? Refuxiado republicano e activista en México? Algo habería de todo isto e, con certeza, el frecuentaba os medios do Goberno Español no exilio, dábase ben con Lois Soto e cos do *Padroado* e tiña influencias no PRI, moi concretamente trataba co presidente Echeverría, quen se fixera tristemente famoso a causa da matanza da Plaza de las Tres Culturas. Finisterre, aínda, foi amigo de Juan Rulfo e parece que conseguiu que Carlos Velo, con Barabachano Films, lle fixese a película de «Pedro Páramo» que tan dignamente quedou

en Cannes. Foi pena que Anthony Quinn, que estaba moi entusiasmado, non puidese finalmente xogar nela o papel de cacique fantasmal como lle pedira Finisterre.

18 A capacidade executiva, mobilizadora e sedutora de Alejandro Finisterre semellaba infinita. Sen pór un peso propio, organizou unha homenaxe multitudinaria a León Felipe en México D. F. pola primeira metade dos anos 70, e fíxoo contra a opinión de Versailles, que é como aló lle chamaban os iniciados á influente sede do PCE debido a radicar na rúa así denominada. Fretou *ad hoc* un Caravelle que cargou con boa parte do Goberno da República Española e don Rodolfo Llopis, recién deposto por Felipe González, en París. Xente esta que no puxo pé a terra na escala de Barajas, na que embarcaron J.L. Cano, Celso Emilio, José Hierro, Caballero Bonald, unha irmá operaria de Marcelino Camacho, o mociño Juan Cruz, un César Alonso de los Ríos aínda de esquerda, e así. Na escala de Miami, sumáronse Francisco Ayala e Juan Larrea, a quen todos xulgaban xa morto pero que estaba en forma física e mental excelente. Xa en México, apareceron, polos seus propios medios, García-Sabell, Dionisio Ridruejo e C. J. Cela para confluír no conclave antifranquista organizado por Finisterre. Carlos Velo filmou todo e Juan Rejano, o poeta oficial do PCE en México, non estivo presente. Tamén do PCE, o noso Antón Tovar viaxou entón a México, mais foi por cortesía da UPG. En fin, que era difícilísimo, daquela, facer un encontro de poetas e escritores españois de esquerda que non estivese manexado polo PCE e que non tivese a Blas de Otero, Celaya, Goytisolos, Biedma e todas esas referencias como centro de gravidade. E Alejandro Finisterre conseguiu tal homenaxe a León Felipe sen esforzo aparente. O centro, en troques, ocupouno unha Victoria Kent lúcida de mente e ceguiña dos ollos.

Acabo de saber, a raíz da súa morte, que Alejandro Finisterre se apelidaba civilmente Campos Ramírez e que nacera en Fisterra no ano 1919. Pasou na Coruña os seus primeiros días escolares e aos quince anos xa estaba en Madrid. Nunca máis regresou a Galicia para quedar. Á caída da República, en 1939, pasou a Francia e logo a México, con vinte anos. Mentalmente, el era dos de *Sempre en Galiza*. Nunca falaba galego aínda que resultaba emocionante comprobar como conservaba intacta a fonética nosa que outros perden aos cinco minutos de pisar o aeródromo de Barajas e, antano, os andéns de Príncipe Pío. Coido que hoxe xa se perde o acento sen saír de Galicia, en certos casos ligados co emprego en sectores de tecnoloxía punta e hostalaría.

Coñecín un Alejandro Finisterre aínda forte e con aspecto de exbrigadista ou aviador republicano. Alto, ben parecido, de dicción suave e modos cortesés, falador de densos monólogos, arrastraba o ronsel dunha lenda de aventureiro cosmopolita. Hai poucos meses vin nun encontro do PEN no Carme compostelán de Baixo, orela dun Sarela no que xa foron exterminadas as cohortes dos ratos que fixeran famosa aquela corga, vin eu, digo, un ancián moi distinguido que chamaba a atención polo seu porte e mais por unha ben curada barba, branca coma o Monte Branco da pequena

Ponteceso. «Éche Alejandro Finisterre» díxome esta vez Luís González Tosar, o Che sempre pros amigos, que o convidara para aqueles actos. Finisterre recoñeceume, abrazámonos e púxose sen transición e parolar de que lle cedera o espolio de León Felipe Camino Galicia á Deputación de Zamora e que estaba moi desgustado polo desinterese daquela institución. Acto seguido, na casa nativa de Valle-Inclán, sita en canellas que evocan en Vilanova con forza as *Comedias Bárbaras*, Finisterre tomou a palabra e púxose a recitar uns versíños compostos por el cando tiña oito anos e en galego. Falaban dun neno e do seu año e resultaban perfectamente incongruentes con aquela exposición evocativa de Valle na que a lingua propia do Salnés non existe. Agora decátome de que Alejandro Finisterre viaxou a Compostela e a Vilanova para lle dar o adeus final á Patria.

Alejandro Finisterre foi escritor famoso aínda que non lle coñezamos case obra. Nisto únese ás celebridades do Parnaso Galego que non escribiron nin crearon obra oral apenas, como era o caso do fantástico e encantador mitómano que foi Arturo Cuadraro. En realidade este Finisterre bon e xeneroso, de actividades múltiples, sempre difusas e ao servizo da liberdade e de Galicia, mais que escritor foi un xenial *metteur en scène* que enchía de representacións comprometidas e combatentes o teatro da nosa vida. Nas súas mans, e sen o sabermos, moitos fomos nalgún intre personaxes dramáticos dirixidos por Alejandro Finisterre. Descanse en paz.

The importance of being Smith **(24.02.2007)**

Teño entendido que Smith é un dos apelidos máis estendidos entre as xentes de lingua inglesa. E resulta curioso saber que, co mesmo significado, Ferreiro é tamén un dos moi usados en Galicia e seica cousa semellante ocorre nas máis linguas e culturas do Mundo. En todo caso, e se cadra como reacción inconsciente contra a abundancia do apelido da súa familia, Joseph Smith Jr., profeta e fundador da Igrexa de Xesús Cristo dos Santos dos Últimos ou Derradeiros Días, coñecida coma Dos Mormóns, dedicou moito do seu tempo a escribir historias prodixiosas das que son protagonistas personaxes dotados de estraños nomes que fascinan o lector: Shiz, Amulek, Omni, Alma, Éter, Abinadí, Amlici, Lehi, Korihor, Kishkumen...Eu estou persuadido de que Joseph Smith Jr., e J. R. R. Tolkien, ocupan na literatura inglesa o lugar máis alto entre os creadores de onomástica de ficción e fantasía. Joseph Smith Jr., seguramente o máis importante profeta norteamericano, naceu en Vermont no ano 1805. Sufriu, coa súa familia e correligionarios, persecucións e calamidades. Foi varias veces constituído en prisión e, na cadea de Carthage (nome eminentemente norteamericano), linchouno unha patulea de protestantes desalmados, a el e ao seu irmán Hyrum, no ano 1844, o que tamén representa un modo de morrer moi propio da cultura popular dos EEUU. O retrato do profeta que os seus seguidores divulgan

débase aos pinceis de Alvin Gittins e ofrécenos un rostro ben rasurado, en claroscuro no que destacan a boca nun medio sorriso de beizos doces e grosos, o nariz prominente que o vulgo atribúe á raza hebrea, uns ollos grandes e claros que parecen esculcar no *Fondo dos Espellos*. O cabelo castaño de Joseph Smith Jr. aparece rebirichado na tempa, á moda que difundiran as ilustracións de romances prerrománticos coma o Werther. A fronte é ampla e sen engurras aínda que no tupé se insinúen unhas frebas de cabelo branco que indican experiencia e sabedoría. O colo e a gravata brancos suxiren pureza e non se percibe forma ningunha de vestimenta clerical. Un conxunto de técnicas plásticas, se cadra tomadas da pintura relixiosa do Barroco español ou italiano, procuran a impresión dun mundo interior tocado pola Divindade.

Á parte da de varios e diferentes personaxes de Outro Mundo, Smith recibiu a visita do derradeiro profeta nefita, de nome Moroni. Baixo especie de anxo ou ser inmateral este Moroni apareceulle ao señor Smith varias veces entre 1823 e 1827 co fin de preparar a edición do *Libro de Mormón* en inglés. O profeta Joseph conta que Moroni sempre lle viña de noite e precedido dunha luz cegadora. O aparecido vestía túnica branquísima e deixaba ver partes espidas do seu corpo espiritual. A face anxelical era coma un vivo lóstrego. Os pés de Moroni non tocaban o chan de modo e de maneira que este ser levitaba e irradiaba luz aboiando no ar. Resultaría exacto decer que a referida aparición entra dentro da tipoloxía das visualizacións de entidades que Allan Kardec, da mesma xeración que Lincoln que Smith, describe nas súas obras fundadoras da seita espiritista.

E foi así que Moroni lle ordenou a Smith que procurase en Manchester (NY) un outeiro e nel a pala ou oco dun penedo. Así fixo el e encontrou un libro escrito en pranchas de ouro e mais dúas maravillosas que eu non sei en que poderían consistir pro que habían de axudar seica a traducir o libro das pranchas de ouro das linguas primordiais ao inglés. Smith fixo a tradución e publicouna co título, en inglés, de *Libro de Mormón*. Refírese a un tal Mormón, que despois de escribir o que viu na súa vida (anos 311 a 385 d. C), resumiu o texto doutras pranchas, chamadas «as maiores de Nefti», e o resultado foi o libro de Smith Jr. que todos vostedes poden ler se algunha misión da Igrexa de Xesús Cristo dos Santos dos Últimos Días llo proporciona.

Os que sexan capaces deberían ler o *Libro de Mormón* en inglés orixinal por saborear a súa excelente prosa, moi rítmica, aínda que a comunidade mormoa distribúe traducións ben coidadas ás máis coñecidas linguas do mundo. Agradaríame que en Salt Lake City, que é onde reside a dilixencia desta confesión, se animasen a traducir tamén o *Libro do Mormón* ao galego.

O relato de Mormón fundaméntase no modelo de certos libros da *Biblia* (no *Cantar dos Cantares* non) e ten a particularidade de estar escrito desde o punto de vista norteamericano coa mesma naturalidade con que a literatura bíblica fala desde o punto de vista étnico dos xudeus. Imposibilitado eu de estenderme agora, direi só

que Smith relata a historia de varias civilizacións imaxinarias, e faino con indiscutíbel altura estilística. Unha é a dos Jareditas, que logo de Deus ordenar a confusión das linguas en Babel, pasou a América. A outra civilización saíu de Xerusalén para América moito despois, no ano 600 a. C. (Smith é moi preciso na cronoloxía), e chegou a se escindir en dúas nacións; a saber: a dos Nefitas e a dos Lamanitas. Co paso do tempo todos foron exterminados tras padeceren tribulación, non sendo os Lamanitas, que resultan ser os antepasados dos actuais indios americanos. Por esta e por outras invencións vexo eu Joseph Smith Jr. como o máis enxebre dos profetas e reformadores relixiosos dos EE UU.

Hoxe debido á difusión por televisión da serie *Big Love*, renóvase o interese suscitado pola poligamia ou matrimonio plural (feminino plural; masculino plural non) que os mormóns practicaron no pasado e que, moi observantes, aínda practican no presente bulrando a legalidade. Pro a min o que me interesa é a paixón de Smith pola creación de infinitos nomes de persoas, pobos, espíritos, o que fai do seu relato unha orixinal enxurrada de onomástica literaria. E por cima, esta afección polo nome propio moveu os seguidores de Joseph Smith Jr. a reunir nun dédalo de subterráneos de Salt Lake City un arquivo onomástico do Mundo enteiro, do presente e do pasado, extraídos dos libros relixiosos, dos rexistros civís e de todos os documentos históricos, no que traballan arquiteiros e lingüistas peritos en todas as linguas do Planeta e no que consta tanto o meu nome e apelidos como os dos que neste intre están a ler e os dos nosos xenitores, antepasados e descendentes vivos e mortos. As páxinas onomásticas dos mormóns en internet representan hoxe un valiosísimo auxiliar da ciencia da onomástica persoal.

Camilo X. Cela (03.03.2007)

Un meu comunicante estrañábase de que Cela estivese presente no conciliábulo mexicano de Alejandro Finisterre sobre León Felipe, na compañía de certos galegos vermellos e nacionalistas mesmo. Pois estivo.

Este escritor, nado na casa do avó córnico, cabo da Colexiata de Santa María de Iria (o de Flavia e fábula), viviu toda a infancia fóra de Galicia descontando moitas vacacións; estas sempre en Tui, cidade orixinal dos de Cela. Practicou, así, de meniño algo de conversa galega para logo, sobre tal base, ir mellorando a lingua con lecturas maiormente de Rosalía. Cela, adulto, consideraba a historia de Galicia como unha frustración da que culpaba as ordes monásticas e foi partícipe do telurismo patético e do celtismo patriano. Ao longo da vida foi construíndose unha identidade galega da que soía facer ostentación. Asumiu un galeguismo particular que nin sequera perdeu intensidade o día que apupou a peidos de excombatente macarrón ao crego Xirinacs cando este sentaba no Senado español no que Cela facía o propio por designación

do Rei. Aquel feito sen nobreza fora moi celebrado en Madrid polos que Pondal chamara de férridos, escuros e outras flores cortadas no verxel parnasiano ou clasicista. Camilo J. Cela, que asinou algunhas cartas como Camilo X. Cela, mantivo unha boa relación con moitas persoas da resistencia cultura galega, aínda que non sempre con todas elas coa mesma intensidade. Digamos que o círculo piñeirista desprezou Cela nos anos cincuenta e sesenta e aprezouno moito despois do episodio con Xirínacs, saberían eles por que.

Lémbrese que o propio Cela promocionou persoalmente a tradución galega de *La familia de Pascual Duarte*, para incorporar á colección. Accedera ao facer un Risco definitivamente afastado do nacionalismo e prologará a edición aquel Otero Pedrayo que endexamais se negaba a un limiar. Non é menos certo que Galaxia non quixo editar tal tradución e que Del Riego limitouse a xestionar a impresión do autor e á distribución a librarías, nas que non se deu vendido. Tal anécdota marca ben a distancia entre Cela e Galaxia, onde Domingo García-Sabell daquela non agachaba o desprezo que lle merecía o autor de Iria. Por entón, en troques, Cela falaba e escribíase moito con Celso Emilio Ferreiro e cos Álvarez Blázquez, de modos diversos. Era a época, anos cincuenta, na que Cela publicaba en *Papeles de Son Armadáns* textos de autores en galego, cousa rara até nas revistas de Galicia, e lembro especialmente as homenaxes a Picasso e a Miró. Quixo fundar a colección de poesía galega «Juan Rodríguez del Padrón» sen conseguilo. Chamou por Celso Emilio e por Iglesia Alvariño para participaren nos encontros de Formentor xunto cos poetas do PCE (sic). Con estas desinteresadas promocións, el perseguía prestixiar a nosa lingua e a nosa literatura fóra do País, polo que algúns lle estabamos moi agradecidos a Camilo J. Cela.

Ao pouco tempo de entrar na RAE, Cela conseguiu retirar do *Diccionario* dela a consideración despectiva do «gallego» como individuo de condición inferior e como dialecto de Galicia, e introduciu a verba «saudade». Máis tarde, a nosa Academia, se cadra cun agradecemento serodio e mandando nela xa García-Sabell, agradeceulle a deferencia e nomeouno membro de honor.

Cela mesmo leu un discurso na Coruña, en galego aínda que non de moito valor (ano 1980, coido). Olivia Rodríguez González recompilou recentemente textos galeguistas de Camilo J. Cela publicados entre 1940 e 2001 co título de *Retorno a Iria Flavia*. Deste libro destaco eu unha prosa feliz sobre o pirata Benito Soto e, desde logo, o prólogo brillante da compiladora, filla de Mariano Tudela, grande amigo galego de Cela.

Coa publicación de *San Camilo 1936* (1969) parece que Cela decide pór fin ao seu realismo caricaturesco de alto estilo, que el chamou «carpetovetónico» cun adxectivo que hoxe non se entende. Así, Cela, en *Oficio de Tinieblas 5* (1973) novela que Madrid ignorou como ignorara *Mrs. Caldwell habla con su hijo*, consigue valentemente un texto non connotado de españolismo escenográfico e mesmo fai unha viaxe ben arriscada ao corazón do «spaghetti western» en *Cristo versus Arizona* (1988). Co cal

se encontra xa centrado para, no vento de *La Saga/Fuga de J.B.* dun Torrente inagardado, conquistar un espazo imaxinario referido a Galicia: o que el desexara sempre e ao que nunca se atrevera. É o intre en que Cela se ve a el mesmo así:

A miña literatura non é só realista do que eu vexo, senón do que presinto, do que imaxino, do que soño e do que herdei (sabéndoo ou sen o saber, pois isto vai na masa do sangue). Aquí é onde podería estar o meu entronque co galego (a tradución é miña).

E o resultado será *Mazurca para dos mortos* (1980) novela magmática na que aflora unha Galicia crúa e celana que ninguén vira antes. Despois veu, a modo de testamento literario, *Madera de boj*: esa mesta corrente de memoria que sabe arrastrar, so pretexto dunha crónica de naufraxios, boa cantidade de material etnográfico galego adobiado cunha prosa de queixumes mariños e alaridos na noite dos defuntos. *Madera de boj* ofrécesenos parcialmente escrita en galego excelente e, coma tal, ben distante daqueles poemas zoolóxicos de cativo valor literario que durante longuísimas décadas foron apresentados polo autor coma a súa homenaxe particular á lingua de Galicia.

Cela sabíase coñecedor limitado do galego, aínda que o escribía mellor do que o falaba. Cando se refería ao idioma sempre usaba do substantivo «herramienta», sabería el por que. Nunca quixo ausentarse nin do seu País da infancia, que poetizou admirabelmente en *La Rosa*, nin da lingua dese País. Mesmamente, entre os seus labores extraliterarios estivo durante certo tempo a elaboración dun mapa de Galicia cos topónimos recuperados, empresa programática de todo galeguismo. Pro Camilo J. Cela non pretendeu figurar nunca nas páxinas da Literatura Galega, que el sabía que era só a que se manifestaba na lingua propia. Con todo, coidaba que o ter falado de neno «bien o mal» tanto galego como castelán, dáballe avantaxe ao escribir na segunda e para el principal lingua, avantaxe que el percibía que favorecera tamén a Valle-Inclán. Por moito que o alarde infame de Cela contra Xirinacs e o catalán no Senado marcasse nel unha nova actitude política a partir da Restauración Monárquica na que decidiu gozar sen lindes de si, el nunca quixo arredarse dos seus afectos galegos e por iso non se arredou das proximidades de Fraga Iribarne. Afectos galegos que tratou de preservar na súa derradeira metamorfose como home público naufragado nos mares da Gloria igual que na súa grande novela final naufragan incesantes as fragatas na costa de Nemancos.

Dun Cela a outro (10.03.2007)

24 Un comunicante estrañábaseme por Cela estar nos anos setenta en México como parte dunha concorrència de intelectuais antifranquistas chamados por Alejandro Finisterre para memorizar León Felipe, sonoro poeta de Tábara apelidado Galicia.

No fondo escuro dos espellos pasa o mozo pálido Camilo José que, en tempo da República, se movía polo Madrid das nobres ideas: da tertulia (Praza Conde de Barajas) da moito fumadora María Zambrano ás clases de Montesinos e de Pedro Salinas (sen estar matriculado) na Facultade de Letras que nos corenta tería película protagonizada polo vigués Paquito Muñoz, e na cal o propio Cela foi secundario. Cela frecuentaba a embaixada de Chile, con Gabriela Mistral de consulesa. E ía á *Casa de las Flores* do embaixador comunista Pablo Neruda, onde non poido menos que entrar en contacto con Miguel Hernández. Sabemos que, con Miguel Hernández, íase bañar Cela os domingos a La Poveda, no río Jarama. Disto nunca foi sabedor Rafael Sánchez Ferlosio. Logo veu a guerra e Cela, tuberculoso ou non, deixouse levar polo vórtice negro ou polo caos que dominará a súa alma e que condicionará a súa actividade literaria pola vida. *San Camilo 1936* amosa esta escuridade interior e esta ausencia de razón que ordenou, sempre poético, o discurso do escritor irmán en varios aspectos do discurso, con certeza inferior, de Louis-Ferdinand Céline. É nese centro do mal no que debemos situar o ofrecemento de Camilo J. Cela para prestar servizos como delator de persoas vermellas e a súa contratación efectiva polos servizos de cloaca da censura literaria franquista. Así se constitúe Cela como experto do infrahumano.

Cela foi un nihilista que desprezaba (sempre o fan os malencónicos) o progreso e descoñecía a esperanza, a ledicia, o erotismo libertador, o gusto pola aventura e pola vida. A isto unímoslle carencia de teoría (non de astucia práctica) e de sentido da historia e o resultado é aquela vivencia horrorosa dun presente sen sentido e eternizado que as súas novelas representan. Así, Cela foi un ateo e nihilista de éxito social na dereita, como Pío Baroja, que de veras procurou un contacto imposible coa cultura de esquerda ou marxista e co galeguismo, que estiveron no seu tempo unidos e que en España e en Galicia se produciron no ronsel do Principio Esperanza. E, certamente, Cela estivo en México chamado por Alejandro Finisterre.

Dicíase, sendo eu adolescente, que Sartre non quixera recibir a Cela en *Les Temps Modernes* por franquista, o que nos facía acordantes do día mítico no que á católica Emilia Pardo Bazán non se lle abriron as portas da casa de Zola cando ela peregrinara, sornamorna, a Médan. Con todo, Cela perseguiu, e conseguiu, a amizade de Picasso. Vexan que nas décadas dos sesenta e setenta, cando a xuntanza antifranquista de México, o mundo parecía escorregar cara o socialismo e o réxime de Franco, ao cal Cela nunca adheriu, non era aceptado por ninguén que merecese respecto no universo da ciencia e da literatura. O nihilismo de Cela levábo con naturalidade aos territorios da oposición literaria ao franquismo.

Algún dos escritos críticos que o PCE (ou sexa Alfonso Sastre) movía por entón foi asinado por Camilo J. Cela. Logo da grande represión viguesa de 1972, na resaca da Folga Xeral, Cela asinou unha carta aberta de recomendación con membrete da RAE, en favor de certo profesor galego na clandestinidade e a punto de se exiliar. É o intre das declaracións de Cela a *Triunfo* (11-11-1972: todo está en Internet).

Cela, daquela, era sincero cando falaba da universidade popular de Chile e do poder revolucionario de Cuba. Decía Cela así:

Eu non teño o valor suficiente para enxuizar estes dous movementos (o de Fidel Castro e o de Salvador Allende) que en principio e con todas as reservas que se queira tomar teñen toda a miña simpatía porque están probando unha grande experiencia cara adiante.

Orabén, aqueles réximes que gozaban da súa simpatía corrían para el o risco de terminar como o rosario da aurora (expresión hoxe incomprendible para o lector común) se remataban por ser abafados «pola súa propia Policía»; co cal Camilo J. Cela situábase, en 1972, na liña mental dominante no universo político dos intelectuais (ditos «marxistas») galegos que anos despois refugarían asinar con Fernando Pérez, Petras ou Vázquez, a Declaración de Pontevedra en favor de Cuba a propósito das últimas condenas a morte de narcotraficantes na Illa. Cela en 1972 cría, porque a realidade política do mundo lle ditaba as palabras, que «unha situación revolucionaria necesita nos seus comezos desa privación de liberdade igual que necesita de non pouca violencia». Pro o escritor pensaba que «ese período debe dar paso a situacións incluso máis acordes coa propia ideoloxía revolucionaria». Aseguraba Camilo J. Cela: «O fin das revolucións socialistas non é a violencia nin a privación de liberdade. Eses son medios que, desgrazadamente, deben xustificarse polo fin do acceso do pobo á propiedade, á alimentación, á medicina e á cultura». Así falou un día Camilo J. Cela.

Eu coído que a visión do mundo negativa e pesimista de Cela non foi obstáculo para que el asumise ideas como as antes reseñadas nun intre no que a guerra fría parecía perdida polo capitalismo e no que o réxime de Franco, que o escritor nunca defendeu, perdía apoios dentro e fóra. Pero esa mesma actitude nihilista e non dialéctica deixou paso facilmente ao Cela entregado ao poder e á fastuosidade espectacular (o seu fondo narcisista e egolátrico estábao cobizando), ao día seguinte de el ser nomeado senador real e apupar cun peido ao nacionalista catalán Xirinacs. Na II Restauración Borbónica, Camilo J. Cela asumiu o rol do perfecto filisteo ao mesmo tempo que comprobaba, seguramente con horror, que ninguén lía os seus grandes libros (o *Mrs. Caldwell*, o *San Camilo*, o *Oficio*, o *Madera de boj* que, non obstante, facía apoloxía do «bilingüismo harmónico» do seu amigo Fraga Iribarne).

Penso que Camilo J. Cela é un coloso da literatura castelá que ningunha das Españas intelectuais foi capaz de deglutir e facer seu. Desde logo, o de Iria non desentou na homenaxe mexicana a León Felipe. É o que pretendín explicar a R. T. T., de Ferrol.

A man sen carne de Allan Kardec (17.03.2007)

26

Hai pouco din na Avenida, como os bons porteños chaman á de Mayo, cunha librería de vello cuxo nome, El Tunel, era eco de Sábado. Fíxeme alí cunha terceira edición (1862) d'*O libro dos mediums* de Allan Kardec. Tentei unha primeira aproximación ao disparate no café Tortoni antes de saír para o cabo de Corrientes (case 348) onde eu era agardado para cear nun deses novos restaurantes yupis de hoxe que proliferan en almacéns que foran portuarios e onda as vías férreas invadidas polo *pasto* ou sexa relva ou sexa *yuyos* que nunca deixan esquencer que Bos Aires é pampa. Tamén Bos Aires foi espiritista. E falamos de espiritismo naquela cea de ateos.

Hippolyte-León Denizard-Rivail considerábase reencarnación dun defunto dito Allan Kardec e adoptou tal nome como o seu literario e público; nome bretonante, parécese. Así Allan Kardec foi o teórico e promotor do *espiritismo*. Hai unhas semanas vin pasar polo *Fondo dos Espellos* a sombra de Joseph Smith e asociéi este profeta dos Mormóns con Allen Kardec, se cadra unha lixeireza que me afeou desde Ourense certa señora estudosa da doutrina espírita. Pro o certo é que a descrición que Smith fai da aparición do ser anxélico Maroni garda moita semellanza con esoutra descrición sistemática na que Allan Kardec pinta as visualizacións dos *periespíritos* ou auras inapalpábeis que recobren os Espíritos cando estes se aparecen ás persoas vivas. Para a señora Moreiras de Ourense, que é quen me interpela, Joseph Smith era un «embaucador» en canto que Kardec pode ser considerado un «filósofo» que revolucionou a visión do Máis Alá (non o de Manuel Antonio) en todo o mundo.

Eu, que teño tan pouca fe na mensaxe de Smith coma na de Kardec, recoñezo que o último influíu de xeito considerábel en todo o mundo euroamericano en canto o primeiro limitou a súa pegada inicial aos espazos abertos dos pioneiros de Norteamérica. Teñen en común, Mormóns e Espiritistas, o feito de ambos coñeceren a represión de formas diversas e en tempos diferentes.

Allan Kardec predicou a existencia de infinitos Espíritos que viven entre nós e que, por veces, se nos manifestan pois eles son intelixentes. Ninguén morre: o que chamamos alma convértese, ao se separar do corpo, en Espírito que vaga eternamente por eses ámbitos pneumáticos. Podemos conectar con eles véndoos en aparicións excepcionais ou establecendo relacións sínicas e semafóricas mediante o *velador* ou *mesíña* de tres pés que inventou Allan Kardec en 1855. A sesión espiritista terá, pois, como centro, o velador sobre o que os crentes pousan as mans e así os Espíritos falan a golpe de pata da mesíña. Desde mediados do século XIX, millóns de persoas fixéronse seguidoras do espiritismo e a súa influencia chega aos nosos días. Vexa, se non o cre, a película *Los Otros* de Alejandro Amenábar e moitas anteriores e seguintes.

A relixión retrocedía en Europa mentres que o positivismo, o darwinismo, o racionalismo, o marxismo ascendían no século XIX acompañando o progreso científico. Moitas xentes afastadas das igrexas tiñan sede de crenza e algunhas padecían (e padecen) de credulidade compulsiva: e estas entregáronse ás ideas e á prosa pseudocientífica dos libros de Allan Kardec e dos seus discípulos. Desde a *Revue Spirite*, cuxa redacción traballaba nun recuncho novelesco e sinistro do vello París, o Passage Sainte-Anne, os propagandistas estenderon as ideas por cima das fronteiras. Xunto coa teosofía, os orientalismos vulgares, o ocultismo, a cábala, as novas místicas, o espiritismo serviu nos séculos XIX e XX de alimento ideolóxico e fantástico a franxas importantes das clases medias, e o conxunto destes movementos foi satirizado por Eco n' *O péndulo de Foucault* e por Risco no *Doutor Alveiros* (isto, nun dos seus períodos de lucidez). Allan Kardec fíxose famoso e influínte, polo que a Igrexa Católica se sentiu ameazada e tomou cartas no asunto de modo moi especial.

O espiritismo chegou a Galicia cedo e floreceu no clima cultural de libre pensamento propiciado pola revolución de 1868. As súas vías de entrada foron dúas. A primeira, a dos emigrantes á Arxentina e ao Brasil. Outra vía de penetración do espiritismo en Galicia foi o Exército, así o de Terra coma o de Mar. Fálase de que, moi especialmente, as clases medias ferrolás foron un hábitat privilexiado de actividade espírita até xullo de 1936. Parece que algúns escritores da literatura galega, por exemplo Amado Carballo, non foron alleos á crenza espírita.

Na altura dos anos trinta do século XX, a Igrexa Católica intensificou o combate contra o espiritismo, encargándolle aos xesuítas a tarefa de debelar aquela nova fe que tivera simpatizantes tan ilustres coma Víctor Hugo. Personaxes do mundo do ilusionismo e do primeiro cinema, como George Meliès e o Grande Houdini, xa tiveran interese en desenmascarar as montaxes de que se servían os espiritistas profesionais para sangrar economicamente os seus inxenuos seguidores. Pro o caso é que a Igrexa Católica estaba alarmada, pois o espiritismo non constituía só unha práctica supersticiosa, unha bruxaría ou un caso de va observancia. O espiritismo era unha teoría compacta que daba unha explicación da inmortalidade que reducía o cristianismo á nada mediante un discurso, aínda que pseudo-racional, demoledor.

Moitos espiritistas galegos eran ao mesmo tempo republicanos. En todo caso, os seus círculos constituían comunidades contrarias ao catolicismo. No Ateneo Ferrolano, e noutras importantes tribunas públicas, levábanse a cabo conferencias sobre espiritismo e a liberdade de expresión nos días da II República que favoreceu o auxe do movemento. Foi así que a acusación de espiritismo se converteu nun cargo grave en 1936 e o franquismo levou ao paredón a moitos militares e civís que, alén de se manteren fieis á legalidade republicana, no intre do alzamento tiñan actividades espiritistas. De xeito que, a profesión de espiritismo foi causa principal ou coadxuvante dunha persoa ser represaliada ou morta polos franquistas que, desde un principio,

adoptaron o catolicismo como ideoloxía de Estado e perseguiron todo aquilo que a súa Igrexa consideraba inimigo. E o espiritismo era considerado perigoso inimigo pola Igrexa Católica en 1936.

- 28 Non coñezo estudos sobre a represión do espiritismo en Galicia a raíz da sublevación de 1936, aínda que teño sido receptor de moitos informes orais sobre o asunto, incluídos os que me proporcionou Ricardo Carballo Calero. Alegroume moito ter achado un libro clásico de espiritismo en El Tunel da Avenida de Mayo de Bos Aires. Se cadra, non foi casual e a miña man foi guiada pola man invisíbel do morto Allan Kardec, quen se cadra desexaba que eu escribise algo en favor da memoria perdida dos espiritistas perseguidos en Ferrol e no resto de Galicia. Pro non creo eu.

Librarías dun Ourense defunto (24.03.2007)

Sendo eu neno no Ourense levítico había a Alameda e, no seu remate, sobre a Barronca que se precipitaba á Barbaña, alineábanse unhas casetas de madeira. Nunhas traballaban fotógrafos que che sacaban retratos humorísticos sobre cartelóns, coma tal tu de señor gordo montado nun marrao enorme. A carón dos retratistas, estaban as barracas dos libeiros de vello; dúas. O primeiro libeiro que recordo especializábase en novelas rosa e de vaqueiros: era coñecido coma Don Paco Tres Cadelas. O segundo era serio e comerciaba mormente en restos da *Colección Universal* republicana e en *Novelas y Cuentos*; non parecía de orixe galega e chamábanlle Señor Clemente. Un día (anterior a 1950) o concello tirou as casetas e o Señor Clemente abriu un negocio no Progreso, que ninguén chamaba Generalísimo en Ourense, no que se trataba sobre todo en estilográficas. O señor Clemente era, na época, cadro responsábel da Resistencia e, a raíz de el caer, díxose que fora torturado duramente pola Brigadilla da Garda Civil e que non falou, o mesmo que, en Francia, Jean Moulin: digámolo por nos entender. Rius, o inspector de primaria residenciado en Ourense por republicano, sostiña que Clemente e Casas, do que falaremos, eran os mellores libeiros de Ourense. Pro a Clemente só lle faltaba ter unha librería unha vez que a municipalidade o despojou da choupana da Alameda. Casas tiña librería.

Logo estaba La industrial, tamén no Progreso, que rexentaba Paco. Librería esta, sempre nos anos corenta, máis ben con vocación de papelaría. No seu escaparate exhibíanse as carautas do entroido, os grandes aerostatos de papel para as festas privadas, material de cotillón como papelillos/confetti e serpentinas. Socio de Paco o da Industrial era Caamaño, que se encargaba da imprenta que estaba instalada pola parte de tras da cadea, sempre sobre a Barbaña que se empeña en aflorar no *Fondo dos Espellos*. En 1943 visitei eu aquela imprenta da mao de meu avó, e Caamaño ensinoume as *minervas* e cortoume moi ben as páxinas do *Catón Moderno* na guillotina. Alí entrei eu en contacto coas artes gráficas e o cheiro a imprenta vai sempre

desde aquela dentro da miña reminiscencia. Alí, na de Caamaño, Otero Pedrayo soía encargar as súas edicións de autor que, coma é o caso d'*O Mesón dos Ermos*, ostentan o carimbo fantasma de Editorial Alauda.

Onda o Padre Feixóo, Ourense sempre, estaba a Viúda de Lisardo. Despachábase alí nos cuarenta moita prensa, na que eu destacaría *O Século* de Lisboa (titulares vermellos coma os do *FARO*) por ser de tendencia aliadófila. Nós, nenos, íamos a Viúda para que o Lucho nos vendese os sobres de cromos dos álbums de *Blanca Nieves*, *Robinson Crusoe*, *Historia de España*, *Zoológicos* (a estampilla escasa era a *pitón*) e o da *Guerra Mundial* que me foi prohibido na casa por razóns de pacifismo educacional, coma sempre, inxenuo. 29

Cabo da Viúda cambiabamos os cromos en forma de Bolsa de Valores. Sempre que vou alá compro na Viúda algún xornal, pois esta é a única librería do Ourense defunto que sobrevive en forma de zombi nesta crónica sentimental. Na Viúda entramos en contacto con *Roberto Alcázar*, o *Guerrero*, *Merlín* (logo *Mandrake*), o *Hombre Enmascarado*, *Chicos* e *Gran Chicos*, *Mis* (as amigas) *Chicas*, e mesmo aquel *TBO* que lle deu nome ao xénero de publicación. En Ourense, non. En Ourense diciamos *chistes*. Daquela ninguén podía imaxinar que algún día aos nosos *chistes* alguén lles podería chamar banda deseñada nin cómicos nin nada polo estilo. Defendamos, amigos e amigas, os *chistes* fronte os cómicos. Na realidade trátase do mesmo contido e evolución semántica.

Na Praza Maior estaban, nos corenta, as grandes librerías de Ourense. Resvié (desaparecida) que xa era coñecida en 1867 na Barreira, preto da casa de García Ferreiro. Dirixía a Resvié da miña nenez un cabaleiro de cabelo branco a quen lle atribuíamos a condición de francés o mesmo que ao catalán señor Andreu que era na época xerente do Hotel Miño. Logo viña a de Riol, efectos sagrados, que soía vender os devocionarios nacarados para as primeiras comunións. Xa no Espolón, e logo dunha librería cuxo nome se esvaeceu no máis último do azougue dos meus espellos interiores, pero podía ser Álvarez ou Cardero, ocupa espazo na memoria a Librería Casas.

Convén aclarar que o Espolón da Praza Maior en Ourense é un lugar privilexiado na obra de Otero Pedrayo. Non en van alí era a casa do seu avó Ramón Pedrayo, o importantísimo avogado ourensán dos días da desamortización de Madoz que instruíu ao noso grande cronista literario sobre o modo e como as estirpes aristocráticas foron marchando ao pudrideiro da historia. Ramón Pedrayo, burgués de robe, instruíu moi ben ao seu neto sobre a mudanza dos tempos e sobre a ruína das familias inactivas. Na casa dos Pedrayo do Espolón ou nunha contigua radicou a Librería Casas.

A Librería Casas, entre La Casa de los Lentes e os ultramarinos dos Alonso, era escura e brillante de madeiras. Máis ca unha librería parecía a biblioteca particular dun catedrático. Todo o Ourense culto coincidía en que Casas era o mellor libreiro da cidade, descontando o Clemente que, paradoxicamente, carecía de librería e estaba

centrado na heroicidade e na práctica da honestidade radical. Casas, cuxo nome de pía tamén se me esfumou no *Fondo dos Espellos*, era irmao de Augusto Casas, poeta galego, e de Álvaro, pomposamente reafirmado como De las Casas ou Das Casas. Este último é figura típica dun tempo de crise: prosista en castelán, en galego, en portugués, cambiou do lexitimismo ao republicanismo, do independentismo galego ao españolismo franquista. Daba a sensación de que na librería de Casas non entraba ninguén a comprar. No seu sucinto escaparate eu lembro ter visto *La familia de Pascual Duarte* a carón das publicacións de Bibliófilos Gallegos e da Colección Benito Soto. Casas, o libreiro, era un home de calva relocente e sorría sempre cunha certa distancia e algo de tristura. Víase pola rúa do Instituto, ou de Lamas Carvajal, sempre só, entre o Liceo e a súa librería no Espolón.

Adolfo Rego Pérez, desde Nigrán, escribume unha carta que ben agradecín, para me lembrar a vella e ilustre librería de Casas, no Espolón da Praza Maior de Ourense.

Broa na Pedra (31.03.2007)

Ningún vigués merecente do xentilicio lle chamou nunca polo seu nome de oficial, Praza de Juan de Villavicencio, á Pedra. O que chamamos A Pedra é un espazo simbólico da cidade da oliveira. E isto ten explicación.

Na Idade Media, e moito tempo despois tamén, había dúas entidades de poboación aquí chamadas Vigo. Unha era Santiago de Vigo, que baixaba do Castro, Areosa abaixo, para rematar no Areal. Outra era Santa María de Vigo, que tamén descía do Castro para se precipitar na area do Berbés que os vigueses sempre preferiron chamar A Ribeira.

Este segundo Vigo tiña como centro a igrexa de Santa María cuxa fábrica moderna e actual aínda chaman hoxe Colexiata, porque foi tal até os días da desamortización nos que os cónigos regulares supoño que serían dispersados e perderían as propiedades debido á lei de Mendizábal. Situada sobre unha debroca que caía sobre o mar, a igrexa e a adro deste Vigo foron, nos días medievais, escenario de romarías e festas paganizantes nas que a mocidade bailaba e os amores se entretecían. A proximidade do mar, como aínda ocorre coa igrexa da Lanzada, propiciaría a celebración de ritos acuáticos e de baños amorosos que nada terían que ver co repertorio dogmático do cristianismo. O poeta Martín Codax dedicoulle a aqueles bailes e a aqueles baños eróticos no mar de Vigo unha presa de poemas belísimos e expresivos do goce carnal da xuventude, estilizados coas mellores artes da insinuación e da economía de medios líricos. A Pedra formaría parte do adro ou sagrado da igrexa de Vigo onde aquela distante rapaciada danzaba e moceaba e, desde tal altura, víanse ben bater as ondas do mar nas que os corpos se mergullarían a sabor. Por esta razón penso eu

que a tradición viguesa tivo sempre A Pedra como un lugar de encontro e de lecer así como, desde tempos inmemoriais, de mercado.

Antes dun alcalde franquista desnaturalizar A Pedra obrigando os comerciantes a se recluír en nicharos, había por alí moito ambiente. Nos postos e nas tendiñas máis ou menos fixas vendíase de todo aínda que se percibía unha clara tendencia transgresora. Comercializábase moito volume de contrabando tolerado: condóns, tabaco norteamericano, Capstan inglés para as nosas paipas de «intelectuais» manuelantonianos, whisky escocés xenuíno. Os subministros procedían das tripulacións dos trasatlánticos das liñas regulares. Tamén lembro na Pedra actuacións de músicos ambulantes e discursos de fascinantes charlatáns. E alí, o estaba, e está, O Mosquito que, por dereito, constancia e boa cociña, chegou a ser o restaurante máis famoso de Vigo e inseparábel elemento distintivo da cidade, tanto ou máis ca oliveira do Paseo de Afonso. Eu recordo de neno O Mosquito como unha casa de altísima reputación e mesmo cunha mesa de madeira fóra na que lle daban ao chanqueiro ou á palomita amistosas concorrencias de xentes autóctonas e faladoras dese espléndido galego que é propio das vellas estirpes de Santa María de Vigo. Moitas desas familias vaguesas foron transplantadas ao País Vasco e ao Sudoeste de España nos anos corenta. O Mosquito segue así e gastrónomos literarios da altura de Néstor Luján ou de Xabier Domingo téñenme preguntado en Barcelona e en París polo Mosquito con nostalxia gustativa evidente. 31

Quero confesar que, na Pedra, coñecín unha palabra do noso idioma que até aquel momento nunca escoitara. Tamén ilegal nun tempo de rapacionamento dos alimentos, unha muller de pano á cabeza, toquilla cruzada no peito e avantal ás raias, ofrecía bolas de pan sobre un mantel branquísimo. Meu pai, con naturalidade (el era neto de panadeira), preguntoulle á señora: «A como é a libra de *broa*?» Ela respondeu que a tanto e meu pai voltou ao hotel Petit Fornos, onde parabamos, cun bon anaco daquel pan envolto nun papel de estraza. Ou quizais nun «faro».

Observo hoxe que, a palabra *broa* ou *boroa* que tanto uso tivo en Galicia e Portugal do N., está aquí extinguíndose. Chámaselle *broa* ao pan de millo mesturado con centeo ou non. Joan Corominas dálle á palabra unha orixe céltica e relaciónaa co galeguismo do castelán *desmoronar*. Para min que é galaica e, tras consultar Julios Pokorny, entendo que teña que ver coa raíz indoeuropea **bhre-n-u*, que dá lugar, poño por caso, ao moderno alemán *Brennen* «cocción». Ou se cadra *broa* sexa produto derivado da tamén indoeuropea **bhreu-* que é de onde saen as palabras xermánicas que, coma a inglesa *bread*, serven para designar o pan. É pena que, despois de anos coma area de vivir entre nós, desapareza agora a palabra *broa*, ou *boroa* ou aínda *borona*, para ser substituída por un obvio *pan de millo*. Como ven vostedes, tamén A Pedra de Vigo puido desempeñar a función de cadeira de bon uso do idioma galego.

Nestes meus días de malenconía e de vellez nótome moi agradecido a meu pai e a aquela descoñecida panadeira (se cadra do Porriño) por me daren unha lección

práctica de lingua que nunca esquerería e que agora trato de retransmitir aos meus lectores sacándoa do *Fondo dos Espellos*. Por favor, digan *broa*. Perpetúen o nobilísimo e venerábel vocábulo durante mil primaveras máis e descúlpenme por lle pedir emprastadas as palabras a Álvaro Cunqueiro outra volta. E saúden sempre O Mosquito. El está entre os auténticos vigueses distinguidos.

María Mariño e as fraudes literarias (14.04.2007)

Andou corrido polos medios literarios que María Mariño constituía un invento ou heterónimo de Novoneyra, que sería en realidade o autor dos seus poemas. Houbo mesmo quen propalou a especie de que Reimundo Patiño fora cómplice da mixtificación e non se atreveu ninguén a incluír Otero Pedrayo no círculo conspirativo por respecto á figura patriarcal. Pro non: o certo é que Novoneyra, altísimo poeta, nunca podería ter accedido á dimensión poética de María Mariño. Esta muller existiu realmente e mesmo, un día, Lalo Pérez Bellas nos trouxo de Ferreira de Pantón a Vigo o home dela, xa en estado de viúvo. Lembro que pasamos todos unha boa tarde a falar na cafetería Gran Vía. E aquela María Mariño Carou, noíesa e caurelá de carne e óso, foi certamente a autora das poesías que, en vida e após da morte, foron publicadas co seu nome, mesmo se Uxío Novoneyra, o mentor literario da poeta, influíse nela sobre todo no que se refere á opción literaria en favor do galego. Boa influencia, diría eu.

O que nos leva á novísima hipótese de Mireille Huchon que sostén, sen nos convencer, que Louise Labé, a/o mellor poeta da Francia renacentista, foi unha «*créature de papier*» fabricada por un fato de pándigos de Lyon en 1555 baixo dirección do impresor Turnes, seguramente xudeo de orixe galega. Xa antes alguén dixera que Marie de France, outro xenio, era pseudónimo dun varón ben barbado e que, ao contrario, a cántiga de Mendiño fora escrita por unha muller envergoñada de asinar cun nome masculino. De Luís Pimentel asegurouse que a súa obra galega érao porque fora traducida por Ramón Piñeiro, aínda que se conserven os manuscritos, da man do poeta, e en galego, de *Triscos*, único libro publicado en vida polo lírico lugués. Houbo quen rosmou polo baixo que Rosalía de Castro fora auxiliada no idioma por Murguía, cando este demostrou sempre o seu escaso coñecemento do galego. En canto a Camilo J. Cela, o ruxe-ruxe centrouse en que para el traballaban negros (no caso de *Madera de boj* debeu de ser alugado algún *afrogalego* a quen eu gustaría de coñecer para felicitalo de corazón por tan excelente obra). No pasado foi un famoso pleito pola famosa paternidade de *La casa de la Troya* que, segundo certos intereses, económicos neste caso, deberían atribuírse a Camilo Barguela e non a Pérez Lugín. A maledicencia madrileña de café negoulle a Enrique Larreta a autoría de *La gloria de Don Ramiro*, aquela gloria de novela que o españolismo literario esquenceu por envexa. E aínda me chegaron a min os derradeiros ecos do escándalo promovido por

Julio Casares ao acusar a Valle-Inclán de plaxiario e negarlle consecuentemente a entrada na Academia Española.

Pro, onde a cousa se pon divertida, é en Inglaterra. Naquel mundo cultural, e á marxe da Universidade e dos círculos responsábeis, inzan os toliños e os extravagantes, asociados en confrarías por veces defrontadas, que viven para demostrarlle ao mundo que as obras de Shakespeare foron escritas en realidade por outros. Uns pretenden que un Conde de Oxford, petimetre de apelido normando que agora non consigo resgatar do *Fondo dos Espellos*, é o verdadeiro autor de textos asinados William Shakespeare. Outros sosteñen que o dramaturgo e lírico era na realidade un desdobraemento esquizofrénico de Marlowe. Finalmente non falla quen diga, sen se imutar, que Francis Bacon (Baco de Berulanio, como Iris Cochón descubreu) é o autor oculto das obras consideradas aparentalmente de Shakespeare. Va por Deus: un día comentaremos algo de Fernando de Rojas porque neste eido da falsificación, da fraudulencia e da mixtificación imaxinaria podíamos continuar até o infinito.

Naturalmente, eu non quixera unir a esta serie de suposicións fantasiosas a tese de Alfonso Philippot sobre a identidade de Pedro Madruga e Cristovo Colón porque ela é tan convincente e está tan solidamente substentada que debe figurar ben lonxe das pretendidas fraudes literarias que hai un intre comentabamos a correr.

Do que se trata hoxe é de lermos a poesía de María Mariño; de deixarnos ir ao seu universo orixinalísimo e, para moitos, desconcertante e perturbador. O Día das Letras Galegas incítanos esta vez a nos achegar a unha verdadeira voz poética. E Cide Hammete Benengeli non é o autor do *Quixote*.

Meretriz e literata (21.04.2007)

Mireille Huchon publicou un libro (*Louise Labé. Une créature de papier*. Droz, Xenebra, 2006) no que acumula unha erudición brillantísima para obter esta conclusión: Louise Labé (para min a mellor voz lírica da Francia do século XVI) non existiu como autora e os versos impresos so o seu nome son obra dun círculo de paveros reunidos no obradoiro de artes gráficas de Jean de Tournes, Lyon, antes de 1555. Pero non foi así.

Sábese da poeta que era filla do Lyon laborioso de inicios da Idade Moderna onde se concentraba unha burguesía opulenta e enérxica unida a un clero relaxado e paganzante e a certa nobreza letrada como corresponde aos días de Francisco I e Margarida de Navarra. Filla de cordeiro ou cordoeiro e casada cun do oficio (Enemon ou Anymon Perrin, non Ferrín), Louise era chamada La Belle Cordière (A Bela Cordoeira). Parece que foi puta do tipo da *cortigiana onesta*.

Eran estas *cortesás honestas* meretrices educadas que recibían fastuosamente os seus clientes seguindo o modelo cultural de Lais de Corinto, que só non lle cobrara as

ocupacións a Dióxenes. Vestían con pompa e disfrazábanse xentilmente por xogo. Cantaban e tanxían instrumentos, especialmente o laúde. Debatían de temas filosóficos e soían estar adscritas ao platonismo erótico de Marsilio Ficino e Leon Hebreu. Sábese de varias *cortesás honestas* que escribían verso e prosa e que animaban as outras mulleres ao exercicio literario. Antes de Louise Labé publicar as súas obras fixéranoutras p. respectuosas e respectadas con grande éxito e, mesmo, con acompañamento de eloxios compostos por diferentes contemporáneos.

Eu ignoro como a crítica feminista ten interpretado o fenómeno social e literario das cortesás honestas. En todo caso, vexamos. En 1540 aparecen publicados os *Conp-tes* ou relatos de Jeanne Flore, lionesa. En 1545 ven a luz as *Rimes* de Pernette du Guillet, non menos lionesa. En 1547 tócalle a Tullia d'Aragona, italiana, o turno de edición cun diálogo en prosa e diversas *Rime*. Sigue a esta a tamén italiana Signora Gaspara Stampa en 1554. Finalmente, o ano 1555 Jean de Tournes, se cadra galego sefardí, imprime belamente as *Euvres de Louïze Labé Lionnoize* nas que se inclúen un diálogo en prosa de seda, tres elexías de empaque soberbio e vinte catro sonetos que, cos do seu contemporáneo Camões, resultan ser os máis inquietadores da literatura europea do século XVI, se é que a hai. As *Euvres* van acompañadas dunha coroa de eloxios en verso.

Entendo que, coa súa grandeza, as *Euvres* arruinaron a moda dos «libros de cortesá honesta» pois outros deste xénero nos anos a seguir xa non foron publicados. É posíbel que mesmo se extinguiuse, após de Louise, a categoría social e cultural da *cortigiana onesta* debido á acción moralizadora da Reforma e da Contrarreforma. Tamén a partir de 1555 Louise Labé gardará silencio literario para sempre.

E como era a Bela Cordoeira ou Cordeira, a Louise de carne e óso que fascinou os contemporáneos e que foi asociada a Safo polo seu lacerante xemido amoroso e á cortesá Lais pola fermosura das súas feitura corporais? Dela consérvase un retrato á augaforte datado precisamente en 1555 que é da autoría do artista lorenés Pierre Woeiriot (mesmo en dúas versións). Vestida de xubón recamado que se prolonga en castísima gorgueira, para lle protexer o branco e enfesto colo das vistas do curioso, e enxiada sen ostentación, a Bela Cordoeira deixa lucir so a breve touca uns bucles non escuros, como era o cabelo de Safo na lenda, senón loiros como corresponde ao tempo en que vivía e exercía o seu *míster*. Fronte ampla e se cadra depilada; un nariz minimamente curvo na punta, e a boca. Boca enteiramente persoal e desligada do canon. Labio superior que só é unha liña; o inferior gordecho e cativo, semella reprimir un sorriso intelixente. Pro o centro gravitatorio do retrato está nos ollos de améndoa que espreitan en nosoutros desde o *Fondo dos Espellos*, que nos seducen sen remedio e que nos inmovilizan. Woeiriot reforza este efecto cunha lenda poética en latín: «Qui Lugdunensem depictam Laidam cernis/ Heu fuge: pincta licet sauciat hisce oculis» (Ti ves pintada aquí a Lais lionesa. Ouh, fuxe: mesmo en pintura ela podería ferirte cos seus ollos). E é certo.

P.D. PARA MORBOSOS

Entre as especialidades non literarias de Louise Labé, dita La Belle Cordière, encontrábase a de se disfrazar de guerreiro armado, ao modo de Bradamante e Marfisa, doncelas bélicas do *Orlando Furioso*, para satisfacer as preferencias particulares de certos siareiros. Di así o poeta Olivier de Magny, quen sen dúbida foi amante dela: «Hereux encor qui sans nul soin/ Luy vois les armes dans le poing./ Et brandir d'une force adestre/ Ores a gauche/ Ores a destre». (Benventurado o que a pode contemplar (a Louise) coas armas empuñadas e a brandir con forza e destreza xa á esquerda xa á dereita). O que xa constitúe fantasía é pretender, como alguén fixo, que esta beleza de muller armada ao gusto sadomasoquista fose participar realmente no sitio de Perpiñán (1542) como combatente!

Na semana que vén refutaremos a tese de Mireille Huchon.

Qui êtes-vous, Louise Labé? **(28.04.2007)**

Pasa polo *Fondo dos Espellos* Louise Labé, ego lírico máximo de Francia, que Mireille Huchon di non ser autora dos poemas que se publicaron en 1555 co seu nome en Lyon e nos prelos de Jean de Tournes. Segundo Huchon, o verdadeiro autor colectivo sería unha claque de varóns decididos a burlarse da posteridade apresentando como poeta ilustrada unha cortesá. E a bailar o cachoupiño!

Pro sendo a figura da meretriz literata algo realmente existente no século XVI, a consideración das obras de Louise Labé como unha farsa de salón prostibular tería que ir acompañada, para ser críbel, dunha demostración de que os libros das outras *cortigiane oneste* do seu tempo (Madame Jeanne Flore, Dame Pernette, Signora Tullia d'Aragona, Madonna Gaspara Stampa) constituíron tamén supercherías de carácter festivo. E non.

As elexías e os sonetos asinados por Louise Labé ofrecen coherencia secuencial, o que os empasta nunha superior unidade de sentido, mesmo vagamente narrativa, coma ocorre coas series das cántigas de Martín Codax ou de Pero Meogo. Se nos poñemos os lentes de escrutar poesía que nos receita Leo Spitzer, chegamos á conclusión de que todos os poemas de Labé son produto dunha mesma respiración sentimental e estilística. É absolutamente imposible que semellante densidade de confesións radicais e disquisicións da alma fosen obra de varios autores. De constituíren unha mixtificación autorial os poemas asinados por Louise Labé, eles só poderían ser escritos por un único poeta. Examinemos os candidatos a ser Louise que nos suxire a vasta e brillante erudición de Mireille Huchon.

Pontus de Tyrad, como moito, poderíalle emprestar axuda a Louise na composición do «Dialogue»; pro este bispo disoluto e filósofo platonizante, que levaba o nome dun

rei novelesco de Galicia, non é poeta para ser tomado en consideración. Imposíbel que os versos devastadores e sabios de Labé saísen da pluma dun Jacques Peltier, pobre lírico aínda que coñecido ortografista. Nin tampouco da man de Fontaine, quen apenas brillou no epigrama; nin da do misterioso alquimista e fisiognomista Antoine du Moulin que, en troques, si que tivo ocasión de colaborar literariamente con Margarida de Navarra; nin da dun Philibert du Bugnyon, maxistrado que enchía os seus versos de palabróns e de pedantería; nin da dun Guillaume Albert, mesmo que este fose tradutor pulquérriño do *Amadís*; nin da daquel toscos vate, amante de Louise, que fora Olivier de Magny; nin sequera da de Étienne Forcadel, por moito que o seu apelido case coincida co do noso contemporáneo Manuel Forcadela. Imposíbel, si, que fosen autores individuais das *Euvres* de Labé Antoine Fumé, xurista, ou Claude de Taillemont, italianista menor, manierista e escuro. E non só secundarios: ningún dos poetas de Francia canonizados nos frontispicios reservados ás estatuas maiores da República das Letras do século XVI nos parece capaz de escribir algo tan terríbel e tan conmovedor como son os versos de Louise Labé. Nin Clément Marot que pedía que Louise fose louvada («louez moy Loyse»), nin Du Bellay, nin Baïf, nin Jodelle, nin Ronsard estarían capacitados para dobrar as súas voces na voz impar de Louise Labé. E, desde logo, o poeta de Francia menos dotado polas Musas para fabricar algo semellante a Louise era Maurice Scève, lionés coma ela.

Sinala Mireille Huchon a Scève, moi mundano prior beneditino, como o principal instigador da pretendida impostura literaria e da non menos imaxinaria invención de Louise como «criatura de papel». Non digo eu que non fose el o animador e promotor dos poemas de eloxio a Labé que acompañan as *Euvres* dada a súa demostrada propensión a organizar festexos e paradas. Pro, como poeta, Scève destacou, non no soneto, senón na décima; era un pedantísimo retórico; gozaba cos enigmas, as divisas e os criptogramas. Foi poeta de feitura e o seu estro asemellábase moito ao do proculteranista Frei Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo, o que o converte en personalidade literaria antagónica da de Louise Labé. Scève non é o autor das palabras de Louise. En absoluto.

Posto a lle seguir o xogo a Huchon, diríamos que en Europa só houbo dous inxenios que puidesen ser autores dos poemas de Labé, e ningún dos dous francés. O primeiro aproxímase a ela por aquel «desgarrón afectivo» que Dámaso lle atribuíra, e é Francisco de Quevedo. Pro resulta imposíbel xa que o cegoño, o estupendo coxo, naceu ben despois de morrer Louise. O segundo poeta á altura da lionesa chamábase Luis ou Luiz do mesmo modo que ela era Louise ou Loïze: Camões, portugués de torqueira galega. Rigorosamente contemporáneos Labé e Camões, son espíritos afíns polo petrarquismo anovador, polos efectos da verdade humana que bafexan os seus versos, pola sabedoría no manexo do endecasílabo e pola boa arquitectura conceptual na distribución interna do soneto. Pro Camões nunca estivo en Lyon nin sabía francés nin se cruzou na vida (e foi mágoa...) con Labé nin a viceversa. En 1555, ao tempo de ela publicar as súas *Euvres*, Camões naufragaba ou estaba a piques de

naufragar, co manuscrito d'*Os Lusíadas* no peto, na costa da Cochinchina, hoxe Viet Nam, percance no que perdeu a súa amante chinesa. Arte e paixóns comúns, vidas diversas.

«Quen sodes vós, Louise Labé?» –preguntábase recentemente Emmanuel Buron. A resposta é sinxela: Louise Labé é ela mesma; en texto impreso desde 1555 até a fin do mundo e, en textura física, no tempo histórico no que as médulas (ou medulas) dos seus ósos realmente arderon namoradas, no que se moveu con pompa abraian-do a sociedade lionesa e no que os seus ollos petrificaban os admiradores. 37

Sucedido en Oxford (05.05.2007)

O inverno de 1960-61 fora seco e frío en Oxford. Carliños Posse, cho de cociña no Randolph, débíalle non sei que diñeiro a Allan Bullock e, ao voltar o galego para Vianzo, deixoulle a Vespa ao seu acreedor que, unha tarde, ma emprestou para probar. Metinme polo largo de Saint Gilles nun inferno de tráfico e, debido a unha roda moi baixa e á miña impericia coas normas de circulación inglesas, fixen un estropicio no cruzamen to dos semáforos e os condutores abouxáronme cos claxons. Quedara con Allan e os outros na taberna coñecida como *Child and Eagle* (Meniño e Aguia) enigmáticamente desde o século XVIII. Para lle devolver a moto, quedara con eles.

Magnus Jensen, Clara Silva e Allan Bullock aínda non chegaran ao *Child and Eagle*. Estacionei o scooter contra un castiñeiro de Indias e pedín pinta de bitter. Coma sempre que ía a aquel pub pola tardiña, fixeime nun grupo de cabaleiros asiduos vestidos con chaquetas de *tweed* que fumaban coma min por paipa e que, tamén coma min, bebían cervexa amargue. Mantiñan vivas conversas sempre. Parecían profesores da Universidade e un deles vestía de crego e debía de ser un bispo ou deán da Igrexa Católica de Inglaterra, ou sexa anglicana. Pasei un tempinho á espera dos amigos e a me recuperar do acoramento que me producira a miña má condución polo tráfico de Oxford centro.

Trinta e cinco anos despois, en 1995, fun chamado a Oxford por John Rutherford para proferir unha conferencia no Instituto Tayloriano porque, mercé a este ilustre profesor, Galicia e o galego fixéranse visíbeis e audíbeis naquela universidade. Daquela, Carla emprestoume a súa bicicleta para dar unha volta. Quedei de lla devolver antes da miña palestra. Era unha hora punta e saín cara o largo de Saint Gilles que estaba imposíbel de tráfico. Por falla de familiaridade coas regras de circulación británicas formei un lío no cruzamento dos semáforos e os ghichos dos coches molestáronse e pitáronme. Eu quedara con Carla, con Rutherford e con Beni Salgado no *Child and Eagle*, que está a carón da Taylorian. Deixei a bici de Carla contra un castiñeiro de Indias; o mesmo castiñeiro de Indias onde deixara había 35 anos a Vespa que Carliños Posse lle pasara a Allan Bullock en Bear Lane.

O *Child and Eagle* pareceume escuro e pequeno. Aínda non chegaran os meus amigos e ollei para o reservado do fondo. Naturalmente, non estaba o grupo de profesores maiores coas súas paipas, en animada lería. O seu lugar era ocupado por unha tertulia de homes e mulleres que me pareceron extraordinariamente xovens e distendidos. Ollei pola porta entreaberta cara o exterior e, por suposto, non estaba alí a Vespa de Carliños Posse senón a bicicleta da Carla de Beni. Volvín ao mostrador e pedín unha pinta de *bitter*. Non ma serviron en xerra de asa senón en vaso de cristal fino e abombado. Tamén en Oxford pode notarse, en certos casos, a mudanza ocasionada polo tempo de seda que pasa. Foi entón cando reparei nas fotografías.

Mireinas primeiro con desinterese. Logo notei un pico de subela no corazón. Ben enmarcadas e en lugar preferente, estaban as fotografías. Representaban antigos seareiros do *Child and Eagle* arredor da mesa grande do reservado. Sorrintes, tiñan diante xerras de asa de a pinta e algúns fumaban por paipa; muller, ningunha. Tiñan na foto todo o aspecto de profesores oxonianos clásicos e un deles vestía como eclesiástico; semellaban discretos e xoviais. Eran certamente os mesmos cabaleiros que tantas tardes do inverno de 1960-61 observara eu distraidamente naquel mesmo pub. Sentín unha segunda navallada, agora no bandullo, ao ler os nomes daqueles señores.

Por cima dos nomes que non me dicían nada, brillaban dous: C.S. Lewis, o autor das *Crónicas de Narnia*, e J.R.R. Tolkien, o xenio d'*O Señor dos aneis*. Cando chegaron Rutherford, Carla e Beni para irmos xuntos á Tayloriana onde eu tiña que dar unha charla sobre o moderno conto literario galego, noteime ridículo e preso no interior dun deses mesmos relatos que ían ser obxecto da miña deserción. Recordei a Magnus, a Clara e a Allan entrando por aquela mesma porta trinta e cinco anos atrás. Tiven que pedir un coñac para me dar reposto.

Despois da conferencia houbo cea na sala de convidados do Queen's College no que radica o centro galeguista do doutor Rutherford. Asistiron tamén Derek Flitter e Manuel Puga, quen acababa de chegar a Birmingham como lector de galego. Conteille aos meus veciños de mesa que, sen sabelo, eu estivera vivindo, lendo, escribindo, bebendo e fumando por paipa en Oxford ao mesmo tempo que facía todo iso J.R.R. Tolkien e que acababa de ser sabedor de tal coincidencia. Naturalmente en 1960-61 eu descoñecía a existencia de Tolkien (por C.S. Lewis nunca me sentín interesado).

Beni F. Salgado, na cea, calou un intre e comentoume:

- A min aseguráronme que a Bodelyan (a Biblioteca Central de Oxford) garda os libros pessoais de Tolkien. E tamén que, entre eles, se encontra un exemplar do Dicionario galego-castelán de Leandro Carré Alvarellos anotado pola man do filólogo e escritor Tolkien.

Pensei eu que algunha das tardes nas que vin na taberna a J.R.R. Tolkien é posíbel que el viñera de consultar palabras en galego con destino á fabricación das súas

linguas élficas imaxinarias; linguas que moitos anos máis tarde, xa no cine, haberían de soar tan docemente. Falando de películas, Anthony Hopkins está soberbio na que en España xirou como *Tierras de Penumbra* desempeñando o rol de C.S. Lewis. Todo este filme transmuta en imaxes a alma malencónica de Oxford e produce en nós unha especie de pena.

39

Realidade e mito de María Mariño (12.05.2007)

O próximo 17 de Maio a Academia Galega celebrará no Caurel a figura a quen este ano dedicamos o Día das Letras: a poeta nada en Noia María Mariño que, á sombra daqueles tesos que Novoneyra marcou para sempre na literatura, viviu e escribiu.

Ocorre que María Mariño está a provocar nestes días, alén de ondas de interese pola súa poesía, unha enorme curiosidade pola súa persoa. Mesmamente semella que esteamos asistindo á fabricación dun mito de orixe literaria ou dunha sorte de relato novelesco no que algúns inclúen amores ficticios e inconcretos episodios de guerra.

Repítese unha e outra vez publicamente que María Mariño foi, até este ano no que a Academia chamou a atención sobre os seus poemas, unha autora marxinalizada e oculta por non se sabe ben cáles forzas secretas; autora que, felizmente, saíra agora da escuridade á luz.

Certo que Mariño era unha descoñecida até 1963, ano no que, aos 56 de idade, saíu á rúa o seu primeiro libro: *Palabra no Tempo*. Pro tal libro foi considerado unha revelación. Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Manuel María, González Garcés, Arcadio López Casanova e, naturalmente o caurelao Uxío Novoneyra, saudaron en María Mariño un meteoro inagardado no ceo das nosas Letras. E ela pasou ás enciclopedias, ás antoloxías, aos repertorios canónicos. As seguintes promocións de críticos e, cada vez máis, de críticas, foron, co paso dos anos, aportando novas consideracións (penso en Carme Blanco, en Ana Romani). De modo que a idea dunha mulleriña valiosa pro desprezada pola autoridade académica e reducida ás marxas, se revelou falsa. Sendo ela viva recibía no Caurel personaxes que, no círculo de Galaxia, decidían ou pretendía decidir, coma Ramón Piñeiro e García-Sabell, sobre os prestixios e ostracismos literarios do País. Tamén subía aos altos vales para complimentala, María Victoria Armesto, en tempos nos que esta exercía o poder mediático a través do xornal coruñés da súa familia.

Mais vexamos. Desde o primeiro día da irrupción pública de María Mariño houbo voces particulares que aseguraban que algo tan inaudito, profundo e dotado de novidade radical non podería ser certo. E o caso era que o mestre Roberto Pose e a súa cónxuxe María Mariño vivían no Caurel, canella por medio dos muros da poderosa Casa de Xosé de Parada. Este e súa muller –pais de Novoneyra– protexían o ma-

trimonio formado polo escolante e a poeta. Novoneyra, neste marco de veciñanza, coñeceu que María, da mesma idade cá súa nai, escribía. Gostou dos seus poemas, animouna e seguramente lle ofreceu consello e libros. Por fin, Novoneyra propiciou a edición de *Palabra no tempo*, aínda non estando moi convencido do título machadiano, e fixo campaña a prol da obra persuadido do seu alto valor lírico. E así foi como naceu o mito de que María Mariño foi unha impostura literaria e de que Novoneyra era en realidade o autor dos poemas asinados pola poeta. Houbo tamén quen rosmou que o autor era «colectivo» pois Novoneyra estaría asistido na presunta operación fraudulenta por Reimundo Patiño, seu amigo. O feito de que logo fose Avilés de Taramancos (amigo de Novoneyra, naturalmente) estusiasta promotor da edición de *Verba que comeza* e de que eu mesmo (amigo tamén de Novoneyra) participase nas xestións da publicación n' *A Trabe* duns apocalípticos e póstumos poemas de amor e de morte, sen esquerer o interese de Ramón Lorenzo (sempre amigo de Novoneyra) porque *Dorna* se ocupase da nosa autora, deu paúlo do ruxerruxe. Ou sexa, que se chegou a murmurar que María Mariño sería algo así como una «créature de papier» na liña da interpretación que Mireille Huchon acaba de facer de Louise Labé, interpretación que nós temos refutado nesta mesma páxina. Pero non.

A maquinaria de fabricación dunha María Mariño cuxa man creadora fose en realidade a de Novoneyra (esquezámonos da versión colectivista do infundio) quedou definitivamente gripada coa recente publicación de *Más allá del tiempo*, libro inédito da autora en castelán.

Que este libro sexa inferior en elocuencia e fondura lírica aos libros en galego de Mariño non sería capaz de prolongar o mito da impostura. Os poemas en galego de Curros son notoriamente superiores aos seus poemas en castelán e non por iso hai que supor que llos escribise Eduardo Pondal.

María Mariño existiu en carne e óso e escribiu poemas que gozan de intensidade e orixinalidade inusuais. Non importa que se fagan novelas e se tramen fantasías sobre a biografía da poeta. Hoxe, aos cen anos do nacemento de María Mariño, o que se espera é que sexa lida e que os seus textos lle digan aos máis novos aquilo que para nós pasou desapercibido. Cousa que acontece só cos grandes.

O viaxeiro en Tréveris (19.05.2007)

Non penso eu que a cidade alemá dita Tréveris en galego (para os latinos, Augusta Treviorum; Trier en alemán) se encontre irmandada con cidade ningunha de Galicia. Hai algúns anos, nun mes de xuño con corenta graos e o sol alapando polo día os acios nos socalcos do Mosela, abandonáronme meus amigos ás altas horas da noite, e cada raposo liscou para a súa pala. Eu deixara a chave do meu hoteliño dentro do cuarto e non quixen sacar da cama ao dono, pois alí non había porteiro de noite e menos, felizmente, do tipo do que interpretou no cine D. Bogarde. A noite era espléndida e decidín pasar o que restaba dela nun banco a carón da Porta Nigra. Napoléon ficou fascinado, ao chegar a Tréveris, pola Porta Nigra e ordenoulles aos seus anticuarios que a desbastasen das adherencias ocasionadas polo mosteiro de San Simián (o mesmo santo da ermida da illa redondelá) e todo o arneirón románico foille retirado para que agora tamén a admiremos nós limpiña. Pola Porta Nigra, pola Aula Palatina e por outros impresionantes vestixios, Tréveris é unha aparatosa cidade romana da actual Alemaña.

Pois ben, a medida en que a abóbada celestial se movía sobre a miña cabeza, ao pé da Porta Nigra, estiven a cavilar sobre a multitude de ligazóns que existen entre Tréveris e Galicia.

Na imperial Tréveris montáronlle no ano 379 ao profeta Prisciliano (seguramente galego da Gallaecia) un xuízo fraudulento a consecuencia do cal foi achado fornicador e meigo, condenado a morte e decapitado. Degolárono no ano 385 e sempre se sospeitou que o cadafalso público fora levantado nas inmediacións da Porta Nigra que, no silencio daquela noite, só interrompido por algún moucho emboscado nos abetos do xardín, erguía diante miña a súa mole un algo seestra. Parece que tamén galegos da Gallaecia foron personaxes relacionados con aquel crime político-relixioso: Teodosio e Máximo (emperadores) e Dámaso (papa). Logo, sábese que os discípulos de Prisciliano apañaron o corpo do seu Profeta e os dos tamén axustizados Latroniano, Felicísimo, Armenio, Asarbo, Aurelio e a sacerdotisa Eucrocia e que, seguramente, os trouxeron para Gallaecia. É o momento de imaxinar que embarcaron os corpos na Armórica, co que se empata coa mítica das relacións dos Fisterras atlánticos. Finalmente, ao amarrar o navío, en Padrón, nacería o conto da barca de pedra e todas esas cousas. O cadáver de Prisciliano soterrado en Compostela, andando o tempo mutaría no do Apóstolo Santiago, tamén descabezado en Xerusalén, seguindo o protocolo apropiacionista habitual entre os católicos. Pode que en Martores (Cerdedo) houbera enterramentos de compañeiros de martirio de Prisciliano. Así que desde Tréveris a Compostela viaxou «a primeira vítima da intolerancia católica de Estado», como escribira o historiador Uxío Romero Pose, bispo el mesmo coma o Louis Duchesne que iniciou estas hipóteses.

Ao tempo de se facer presente a estreliña do Luceiro, que guiaba de solpor e de mencer os mozos da aldea galega nas súas rotas moceadoras, reparei en que Tréveris é a cidade do mundo máis implicada no recoñecemento, entre a comunidade lingüística, do galego como lingua diferente. En Tréveris naceu Joseph M. Piel e alí foi ao *Gymnasium* (Instituto) que moito antes frecuentara Karl Marx, cuxa relación con esta cidade xurdirá a non tardar do *Fondo dos Espellos*. Nun cementerio encantador de Tréveris atópase a cova do sabio lingüista Piel veciña das doutros concidadáns que levaron o apelido Marx como hoxe en Gondomar o leva Nina, a esposa de Fernando Casás. E en Tréveris vive e traballa moito Dieter Kremer, discípulo de Piel, reitor europeo das disciplinas onomásticas e lexicográficas románicas que nos fixo aos galegos o favor de crear na universidade de aló o *Galicien Zentrum* e de pór en funcionamento a sociedade de estudos galegos en diversos lugares da Alemaña.

Por fin, no intre en que xa me prófan os ollos e o encosto do banco acababa de me moer as pas do lombo onda a Porta Nigra, evoquei o viño. Tréveris é unha das capitais mundiais do viño branco. Todo o val do Mosela é viña, descontando as casas, as estradas e os cumes nos que se agolpan as manchas escuras do arboredo de coníferas. Un país de socalcos coidados e grandes. Aquel val descoñece a horta, o xardín, o labradío, o prado: todo iso restaríalle copelos de terra á videira. Todo o mundo bebe viño en Tréveris e, o probe que non podía bebelo antano, conformábase coa *Vitz*, ou sexa a *viceversa* ou sexa «aquele que lamentablemente non é viño»: o viño de mazá ou sidra.

Pois vexan: un día no que Álvaro Cunqueiro se ergueu da cama particularmente creativo soñou, para referir en Cambados, que a caste nosa de uva *albariña* («miña parra da albariñas uvas», Rosalía) fora traguida a Galicia polos monxes bieitos desde o Rhin e os seus afluentes, coma o Mosela. Infortunadamente non é así e a caste *Riesling*, se ben nos fixamos na folla, no cacho e nos bagos, é diferente da do *albariño*. Outro caso podería ser o desas uvas chamadas en Alemaña *Portugiesisch*. Pero estas precisamente non se cultivan no Mosela ao seu paso por Tréveris (nin na aldea de Nicolás o Cusano), son tintas e producen na zona de Maguncia unha purreliña solta moi grata e do tipo que eiquí queda de *espadeiro*.

Ao regresar á miña pousada na Engelstrasse ía pensando que Tréveris e algunha cidade galega como Compostela deberían tecer un pacto cívico de irmandamento. Aínda que todo semella indicar que esta práctica de relacións entre municipios se encontra en desuso; polo menos en Galicia.

A medición da patria (26.05.2007)

Nos primeiros do século XIX desatouse en Europa a paixón por coñecer matematicamente as dimensións do Mundo e do Universo. Está de moda a novela *A medición do Mundo*, de Daniel Kehlmann (hai versión galega) cuxo protagonista é o Alexander von Humboldt (1769-1859) que quixo medilo todo e mediu moi ben a América Central e a do Sul. No libro *Kosmos* dámos as súas medidas do Universo. Inzara por todas partes unha especie de «febre de Humboldt» que empurraba os que a sufrían, xeralmente naturalistas e matemáticos, a mediren enfatigabelmente todas as cousas. En Galicia padeceu a «febre de Humboldt» Xoán Rodríguez (1770-1824), o matemático de Bermés que tanto lle interesou a Paz Andrade. Da «febre de Humboldt» foi presa o coronel galego-arxentino Pedro Antonio Cerviño (1782-1816), pro el non pasou de intentar medir o Chaco e de trazar o mapa topográfico de Bos Aires. Foi a Domingos Fontán (1788-1866) a quen máis lle subiu a «febre de Humboldt» en Galicia. Convén saber que na Rúa Pizarro de Vigo existe unha Cafetaría Humboldt, supoño que chamada así por Alexander e non por Wilhelm, seu irmán teórico da linguaxe entre outras sabedorías e prácticas universitarias.

43

Fontán foi matemático e reformador que conseguiu medir Galicia. A súa *Carta Geométrica de Galicia* proporciónanos un exacto coñecemento do noso territorio e poboamento. Necesitamos «mapas cognitivos», reclamaba Jameson como antídoto contra o mal de após modernismo. Entre 1817 e 1834 traballou Fontán na súa *Carta*, sen axudas públicas e dominado pola «febre de Humboldt» e polo seu amor a Galicia.

«Ascendió a todos los castros, cumbres y ermitas; estuvo en todas las parroquias; sometió a cálculo y medida una multiplicidad de horizontes», explica Otero Pedrayo. Nunha Galicia na que non había máis *carreteras* que a da Coruña a Castela e maila *carrilana* de Malvar entre Pontevedra e Compostela, o labor de Fontán foi escravo, teimudo, titánico. Dividiu Galicia en triángulos cuxos vértices xeodésicos foron o Monte de Meda, o Monte Xiabre, o Coto de Costenla, a Cova da Serpe, a Pena Anduriña, a Cabeza de Meda, a Pena da Guía, o Monte Capeloso e o Monte Farelo.

No 1843 Fontán culminou a súa *Carta* e esta, en 1845, foi impresa mediante pedras litográficas deseñadas por L. Bouffard, en París. Tal mapa aínda ofrece hoxe o verdadeiro rostro da Patria, e debería pendurar das paredes de todos os despachos públicos coa obrigatoriedade dunha bandeira.

É un mapa clarísimo, «a la escala del cienmilésimo», e nel aprézase moi ben o releve segundo a notación de Lehmann. Existe unha transposición en releve (ano 1909) que eu quero lembrar na Biblioteca Xeral da vella Universidade na que o Dr. Fontán explicara Matemáticas Sublimes e que fora obra de Rafael de Torre e do señor Fraíz.

O doutor Fontán era de familia de labregos ricos e de cregos, e foi avanzado. Xa suspecto de afrancesamento, exerceu logo de secretario da xunta revolucionaria en

1820-1823. Purificouno o absolutismo, e Fernando VII concedeulle o perdón. Como deputado, exerceu de moderado e galeguista. Soñaba unha Galicia modernizada, fabril, ben comunicada. Como xacobino, foi partidario da división en provincias, partidos e municipios, aínda que fiel á idea unitaria de Galicia, dividida en rexións naturais e estendida aos territorios irredentos dos reinos veciños. Atacou os foros, ao tempo que sentía pena dos cregos e relixiosos desfavorecidos polo liberalismo. Traballou na comisión de Pesas e Medidas (sempre a febre da Medición!). Elaborou o plan de estradas de Galicia. Foi autor do trazado do camiño de ferro de Carril a Compostela. A súa idea base era a dun ferrocarril central polo Val do Ulla, con brazos cegos a L. e W. Perpetrou a Exposición de Galicia de 1858. No dominio privado, este catedrático ligado por matrimonio aos capitalistas cameranos De la Riva, levantou a máis moderna factoría de papel do País, cuxos muros xulgo eu que aínda se erguen no lugar do Castro (Lousame).

O retrato de Esquível que apresentamos aquí revela a súa ollada aguilina. Do *Fondo dos Espellos* emerxe, na man esquerda de Domingos Fontán, un compás. Compás que está tamén na man do San Rosendo construtor de Celanova, na efíxie estereotipada. Vellísimo e adorábel símbolo do número celeste, o compás! No retrato de Fontán significa, na superficie, o instrumento necesario para a triangulación do Mundo e da Patria. Nas partes máis sombrizas do espello, o compás simboliza o Grande Arquitecto do Universo e o cadro de Esquível lanza aos ollares futuros unha idea de contido críptico e masónico do Mediador da Patria. O último traballo sobre Fontán é o que asina Xosé Lois Vila Fariña, de Portas

Pobre pai de Curros! (02.06.2007)

Curros Enríquez é, con Rosalía, o máis famoso e coñecido dos escritores galegos do século XIX. Glorificado en vida (coroado publicamente dúas veces, enterrado en odor de multitudes), o seu monumento na Coruña constitúe o máis importante do seu xénero en Galicia. Nin o franquismo conseguiu apagar a chama da súa memoria nin os censores se atreveron co poeta. As rúas e prazas non perderon o nome de Curros após o desastre. Curros é tamén o escritor galego máis biografado.

Ora si, en todas as obras biográficas sobre Curros Enríquez figura un tema repetido até o engulo. Disque un elemento determinante do carácter agre e fosco do poeta fora a educación autoritaria e o mau trato recibido de neno por parte dun pai de ideoloxía reaccionaria que xeralmente se identifica co tradicionalismo carlista. «O pai de Curros era un home de ideas tradicionalistas, de carácter ríxido e autoritario»: Carballo Calero. Algúns comentan, maliciosos, que o seu catolicismo doutrinario e severo non empexaba ao pai de Curros manter relacións na vida con diferentes mulleres e ter tido descendencia fóra do matrimonio, o cal, para eses comentaristas, ofrecería unha amósega moi didáctica da dobre moral burguesa.

Pro, quen era realmente don Xosé María de Curros, ou López de Curros, pai do noso poeta nacional, que nacera en Melide no ano 1800 dentro dunha familia seguramente de bachareles e burgueses togados e que, ventando a bonanza económica da inminente posta en circulación dos bens conventuais, foi establecerse como escribano en Celanova no ano 1830 para alí unirse aos axiotistas e aos comerciantes, levantar grande casa e morrer prosperado?

É posíbel que don Xosé María tivese mau xenio e fose pai severo e que obrigase o seu fillo a traballos ingratos na notaría que naquel tempo navegaba vento en popa. E non poño en dúbida que Calcorra, como seica alcumaban aos celanoveses o escribano, de tanto presionar no fillo obrigase este a se converter «en prófugo de la casa paternal», como escribe o propio Curros Enríquez. Ao mellor ese pai inclusivamente lle arrebolou ao mociño Manuel á cabeza un braseiro metálico de sala –como sempre sostería Celso Emilio Ferreiro que fixera. O que sabemos xa que é fantasía, e cen veces repetida, é a idea dun Xosé María de Curros de ideoloxía carlista ou tradicionalista. Digo eu que un notario en tempos de circulación de bens tan fluída e na Celanova rica en actividade mercantil e en crecemento dificilmente podía estar a gañar tantos cartos e, ao mesmo tempo, añorar un réxime de privilexios para os outros.

E foi así que, no hai moito, o escritor e investigador Xosé Benito Reza descubriu nas actas municipais a crónica dos sucesos alí ocorridos o 23 de xullo de 1854, cando se desata a revolución que daría paso ao Bienio Progresista, revolución que tanto interesou a Karl Marx quen, en *Revolución en España*, menciona a Galicia e á Coruña especialmente. Esta revolución e o Bienio Progresista ten unha importancia en Galicia superior e diferente da que ten en España, e féchase política e ideoloxicamente co Banquete de Conxo: «Ya rompe nuestra aurora y centellea...»: Pondal.

Houbo asalto do pobo en armas ao concello de Celanova e nas masas integrábanse os artesáns, os comerciantes e os profesionais liberais. Di así a acta municipal:

En Celanova, a las 5 de la tarde del día 23 del corriente (1854), el Pueblo de esta villa reunido al toque de generala y con las armas en la mano se lanzó a la Plaza de la Constitución y a los gritos de Viva la Libertad y Fuera el Despotismo. Sin confianza en las autoridades locales y para sostener la situación que en aquel momento se creaba era preciso poner al frente personas de reconocido carácter y fuertes principios liberales. Por aclamación y para desempeñar cargos de individuos del nuevo Ayuntamiento y de la Junta de Armamento y Defensa a los señores don José Meleiro, don Manuel Roque Rodríguez, don Manuel Vázquez de Araújo, don José Vázquez Conde, don Manuel Casais y don José María de Curros.

Revela este documento que o tradicionalismo do pai de Curros non foi senón unha lenda repetida por todos os que até agora trataron da vida do noso poeta nacional.

Despois do descubrimento de Xosé Benito Reza podemos decer que a ideoloxía que Curros Enríquez profesou durante toda a vida, lonxe de ser produto dunha reacción contra a do seu pai, foi algo aprendido mesmamente no seo da familia e mais no clima social da Celanova daquel tempo. Tres anións tiña Curros, precisa, Reza, can-

do pasaba seu pai don Xosé María pola rúa á fronte da multitude, seguramente de champeo de copa, redingotte e espingarda na man, en dirección á Casa Consistorial establecida en dependencias do que fora mosteiro de San Salvador. Do *Fondo dos Espellos* xorde agora o cadro *O Triunfo da Liberdade*, de Delacroix, e as súas figuras superpóñense ás do pobo de Celanova alzado en armas en 1854.

Masón e evanxelista (09.06.2007)

Sábese moito da vida de Manuel Curros Enríquez. Tanto que o podemos considerar como o escritor galego que leva recibido maior atención desde o punto de vista biográfico. Agora quixera evocar un episodio da vida de Curros que todos os biógrafos repiten e que só o erudito ourensán Alberto Vilanova pon en dúbida.

Estamos a referirnos a aquel capítulo no que Curros Enríquez, moi noviño, disque abandona a casa paterna na que era maltratado por un proxenitor autoritario e reaccionario e vai dar cos seus ósos en Londres, máis exactamente en Trafalgar Square. Alí, por azar, métese nunha igrexa protestante onde entra en coñecemento cun amábel pastor de apelido Jameson, quen o acolle no seu domicilio e lle confía a instrución das súas fillas en materia de lingua castelá. Pois ben, se agora xa somos sabedores de que Xosé María de Curros, pai do poeta de Celanova, non era en absoluto o individuo reaccionario que sempre se dixera, tamén coidamos que a viaxe e estancia do xove Curros en Londres seguramente nunca se produciu.

Polas investigacións curiosísimas de Patrocinio Ríos Sánchez, porén, aprendemos que Curros Enríquez foi «evanxelista», ou sexa predicador ou instrutor sen categoría de pastor, en dúas comunidades protestantes diferentes e na cidade de Madrid. Isto ocorría durante o ano 1870. Estas dúas denominacións protestantes foron a presbiteriana e a baptista. Nesta última, o poeta recibiu batismo por inmersión corporal naquel novo Xordán luterano de España que era, para algúns predicadores de entón, o río Manzanares de Madrid.

A verdade é que Curros, convertido ao protestantismo, non andou por Madrid mudando de denominación por inseguridade persoal ou por volubidade. Foi o seu mentor relixioso, o ilustrado misionero William I. Knapp (coñecido en España como don Guillermo igual que en Galicia sería coñecido máis tarde Edmund Woodford, da Asemblea de Irmáns, como don Edmundo) quen primeiro fundou (con Moore e Jameson, vexan a coincidencia) unha igrexa presbiteriana da que logo se escindiría para crear unha comunidade baptista pura. Nesta evolución, Knapp foi seguido polo seu discípulo Curros Enríquez.

A transmisión oral e familiar parece que quixo facer desaparecer a etapa da vida de Curros Enríquez na que este se desempeñou como evanxelista protestante sen

borrar por completo a súa relación cun pastor que, situado fantásticamente en Inglaterra, semellaba unha amizade menos perigosa no contexto da España católica. Pero a verdade é que Curros foi un dos moitos católicos que, en Galicia e en España, ansiosos de pureza cristiá, abandonaron a súa igrexa e abrazaron o protestantismo na segunda metade do século XIX. A raíz de revolución de 1868, España viviu unha etapa de liberdade relixiosa na que as denominacións protestantes se arraizaron (en Galicia tamén) e na que as loxas masónicas poideron erguer as súas columnas en réxime de liberdade. Sabiamos que, nun intre non fixado da súa vida, Curros tamén foi iniciado na Masonaría. O que ignorabamos, até a investigación de Patrocinio Ríos Sánchez, é que o noso grande poeta se entregara á vida evanxélica durante un tempo.

E nada disto pode estrañarnos pois este terríbel antidogmático e contraditor da función reaccionaria da Igrexa Católica e fervente partidario do libre pensamento foi tamén, e basicamente, durante toda a súa vida un crente cristián. É máis: podemos asegurar que Curros está moi lonxe dunha Rosalía que dubida entre un distante deísmo a un ateísmo completo e dun Pondal cuxo discurso flúe por canles alleas ao fenómeno relixioso. Curros, no Triarcado poético de Galicia, é *O Cristián*. E tamén, o poeta máis intensamente preocupado pola cuestión relixiosa da nosa literatura decimonónica. Algún tempo chegou a ter esperanza coa actitude de León XIII, como Víctor Hugo. Pro, igual que o seu admirado modelo francés, Curros rectificou axiña e ficou desenganado. E seguiu na súa fe crítica e persoal até a morte.

«O povo é quem mais ordena» (16.06.2007)

Manuel Curros Enríquez foi, antes do 36, o poeta dos republicanos, dos librepensadores, dos laicistas, dos nacionalistas galegos. Penetrou Curros fondamente no pobo (non na *ciudadanía* nin na *xente*) e, con Rosalía, foi querido polas clases traballadoras. Mesmo os que non comungaban con moitas das súas ideas encontraban na poesía del palabras conmovedoras. Nos anos da II República, a imaxe de Curros Enríquez oficializouse como símbolo público e galego. O que nos conduciría a pensar que, despois do alzamento de 1936, Curros ía ser prohibido. E non foi así.

O monumento a Curros ergueito polos republicanos na Coruña permaneceu, despois da sublevación, no seu sitio, até hoxe. Do mesmo modo que rúas, prazas e centros de ensino chamados de Curros Enríquez en diversos puntos de Galicia non mudaron o seu nome. En 1943 publicou enxebres os textos de *Aires da miña Terra* e *d'O Divino Sainete* a editorial Hernando da Calle del Arenal, Madrid, e aínda lles comprei eu alí un exemplar que conservo. En 1951 foi o centenario dos nacementos de Pardo Bazán (católica, conservadora, monárquica) e de Curros (protestante, masón, demócrata, republicano). O da primeira tivo cativa repercusión en canto que o do segundo resoou

con potencia. No centenario de Curros ouvíronse voces franquistas que o louvaron, á súa maneira: desde Eugenio Montes, fundador da Falange, aos cachorros fascistas do tipo Fraga Iribarne ou José Luis Varela. A Academia Galega, na Coruña e en Celanova, celebrou sesións currosiás en 1951, moi sonadas. En Celanova ergueuse un retrato bronceado de Curros, da autoría de Francisco Asorey, o mesmo escultor que executara o monumento republicano da Coruña. Como eu estaba alí, en 1951, e estou hoxe no Patronato celanovés de Curros, ouvín ben o comentario divertido dun vello zapateiro de Vilanova dos Infantes: «Curros está mirando outra vez para o Convento!» E segue a estalo, coa ollada dura e nobre que lle puxo o artista de Cambados. Ao tempo, Otero Pedrayo proferiu palabras fulgurantes en varias ocasións sobre Curros. E mesmo falou diante da casa nativa do poeta, e en galego, Daniel Calzado, exalcalde frentepopulista de Tomiño e exiliado en Bos Aires, fíxolle ofrenda a Curros en pleno franquismo. Os centros Galegos de Madrid e Barcelona, en mans dos franquistas, convocaron concursos e fixeron actos de homenaxe a Curros. Galaxia sumouse, aínda que con pouco entusiasmo, ao clamor currosián do centenario coa publicación dun volume do primitivo *Grial*, compartindo a homenaxe o de Celanova coa de Marineda del Cantábrico. Celso Emilio Ferreiro sacou, sen incomodos da censura, a súa biografía de Curros en 1954. No 56, a editorial Aguilar releva á Hernando na edición da obra íntegra de toda a poesía galega de Curros, salvo extravagantes. E aínda o estado franquista, na época de Fraga Iribarne no ministerio da propaganda, declinou prohibir a difusión das edicións de Curros que O Castro e Castrelos levaron a cabo (a última desautorizada explicitamente).

Curros atacaba a Igrexa Católica e facía bulra do Deus Creador. Falaba de Íñigo de Loyola como «católico bergante» en tempos nos que a Compañía de Xesús era hexemónica no eido da censura de libros. Chegou a facer risión da virxitude de María Santísima. Presentaba o clero e o Papa coma patulea de golosos e bébedos. Facía apoloxía da democracia e da liberdade, alén de usar unha lingua, a galega, que o estado franquista estaba determinado a suprimir. Por cima, a obra de Curros xa no século XIX estivera prohibida polo bispo de Ourense e o seu autor sometido a proceso criminal en razón dos contidos contrarios á relixión católica.

Algún dos meus lectores podería decerme por que o franquismo non borrou calquera vestixio público que lle recordase a Curros Enríquez? Por que en 1943 e en 1956 a censura nacional-católica de imprenta permitiu a edición dos seus poemas sen lle modificar un til nin unha vírgula? Por que os escritores afectos ao Réxime rivalizaron cos de procedencia galeguista e/ou republicana en louvar, cada quen ao seu xeito, é verdade, o estro do Rebelde e do Cristián heterodoxo e masón? Por que non foron os franquistas tan solícitos coa Pardo Bazán sendo o caso de coincidiren as celebracións dos centenarios de nacemento de ambos autores en 1951? Certo que a emigración e o exilio republicano mantiveran sempre acesa a chama da memoria

do poeta, pro, como é posíbel que a Galicia negra fixese tamén intensa acordanza de quen representaba aquilo que o franquismo máis odiaba?

Pode ser que a popularidade e o amor das masas por Curros fose tan poderoso que chegase a paralizar os mecanismos totalitarios do réxime nacional-católico. O que nos inclina, máis unha vez, a certificar a afirmación de José Afonso. Malia todo, non hai poder que prevaleza contra as nobres arelas asumidas polas multitudes en profundidade; e «o povo é quem mais ordena».

Curros indivisíbel (23.06.2007)

Non sendo dado a confesións, obrígame un comunicante anónimo a descubrir que eu veño dunha tradición que considera que Curros Enríquez é un e indivisíbel. Meu pai, Venancio Méndez Feixóo, escribía soltos en louvanza de Curros en *La Zarpa* de Basilio Alvarez, 1919. E nese mesmo ano el fundaba, con Hixinio Araújo e outros veciños ben pouco labregos, a Agraria de Vilanova dos Infantes, con asemblea no campo do Cristal desolvida pola Garda Civil. Déronlle á Agraria o nome de «Aires da Miña Terra», por Curros. Alí forxouse de rapaz Lois Soto, o artífice da confluencia entre nacionalismo e comunismo. Dito Soto mantivo no exilio de México (moi lonxe do Café Tortoni) acesa a flama de Curros Enríquez en dúas publicacións. A saber: *Saudade, verba galega nas Américas* e *Vieiros*. Tamén Soto metía Curros nas revistas comunistas da súa responsabilidade. Celso Emilio Ferreiro, fillo de Venancio Ferreiro Reinoso, padriño do meu pai, andou polo mundo facendo ondear a bandeira de Curros, alén de nacer dúas casas máis abaixo da daquel a quen tiña por modelo poético e de conduta. Finalmente, o pai do meu mestre Otero Pedrayo defendeu valentemente Curros Enríquez en ocasión do seu procesamento en Ourense e transmitiulle ao seu fillo a devoción polo de Celanova. De modo que este cronista recibiu do máis *Fondo dos Espellos* da memoria un legado de admiración incondicional por Curros Enríquez.

O meu comunicante anónimo dime que, en 1951, os falangistas Eugenio Montes, Fraga Iribarne e José Luis Varela refugaban a Curros en canto poeta do Progreso e da Democracia. E aceptaban, máis ou menos, o Curros lírico e mansamente afectivo. Pro esta idea dun Curros fraccionado en dúas partes, unha aceptábel e outra desprezábel, non é produto exclusivo da lectura franquista do poeta, digo eu. Emilia Pardo Bazán trataba os poemas ideolóxicos de Curros de «carbonilla» literaria e aconselláballe ao autor que se limitase a evocar o arrecendo dos cabrinfollos do mesmo xeito que censuraba por vil envexa a Rosalía máis radical en denuncia social e en introspección intimista. Moitos anos despois, en 1951, sendo os centenarios do de Celanova e da de Marineda del Cantábrico, emerxía unha nova xeración de escritores galegos que trataba de practicar o ensaio de intención filosófica para acadar unha recuperación de Galicia como País.

Son os galeguistas de Galaxia. Precisamente estes chamaron por José Luis Varela, sabendo que era militante falanxista da nova xeración, para que escribise no primeiro *Grial* sobre Curros. Os do grupo de Galaxia, 1951, adoraban Rainer Maria Rilke e soñaban con Hölderlin. Máis aínda, trataban de lle aplicar a Rosalía de Castro o método metafísico irracionalista de Martin Heidegger para a iluminación do acto poético. A xuízo do grupo de ensaístas de Galaxia, Curros era un poeta decimonónico periclitado. Co cal quero decer que a liña fascista de interpretación de Curros frecuentada por Eugenio Montes, José Luis Varela ou Fraga Iribarne en 1951, non só era unha simple continuación da reaccionaria de Emilia Pardo Bazán senón que, por cima, viña coincidir coa idea que do poeta de Celanova tiña o grupo galeguista que lideraba, ao tempo, Ramón Piñeiro. Idea de Curros grupal que se fai evidente, poñamos por caso, nos xuízos negativos que formula sobre Curros o historiador da literatura galega contemporánea R. Carballo Calero.

Para min non hai un Curros reseso e prescindíbel e un Curros adorábel, por costumista e tenro. Igual que só hai un Marx, digámolo salvando todas as distancias e dimensións, só hai un Curros. E foi Ramón Otero Pedrayo, sensitivo lector, aquel que, unha vez máis, definiu con rigor a función satírica e crítica de Curros como indisociábel da función sentimental da súa lírica. Co cal voltamos ao territorio da miña tribo no que se iniciaba esta sección hoxe en clave biográfica persoal.

Nota. Sendo alcalde de Vigo Rafael J. Portanet Suárez, trasladouse o monumento a Curros Enríquez, que honraba a Alameda da cidade, a un desolado lugar no Monte do Castro. Alí segue confinado Curros, supoño que por Rebelde. O feito constitúe unha ofensa franquista consciente e en regra á memoria do noso poeta nacional. Cando Curros volte de novo á Alameda de Vigo será signo de que os tempos foron chegados.

Coruña e femias armadas (30.06.2007)

Descobrimos un día, no instituto Eusebio da Guarda, ser A Coruña cidade dotada dun robusto espírito feminino. Desde logo, no dominio das letras así é. Pasa agora polo *Fondo dos Espellos* a carruaxe de Isabel II por onda a Porta –non podía ser menos– Real. Unha meniña fermosa chama a atención da monarca touriña, que decide amar a faciana pándiga dos Borbóns. «¡Qué niñita tan mona! Cuando te cases quiero ser tu madrina». A cativa era Fanny Garrido e, certamente, a Raíña Castiza asistiu-lle de madriña ao seu casamento con Marcial del Adalid. Fanny, coruñesa, é autora dunha inqueda «Negra Sombra» bis da que se non fala. Escritora voluntariosa, pro sen dotes foi, tamén Garrido, Francisca de Herrera, que encabeza a fraca lista de escritores franquistas en galego de ambos sexos. En cando a Sofía Casanova, a súa vida foi de película. Casou esta coruñesa novelista co Conde Lutoslawsky, dito o Unamuno polonés, e foi morrer velliña na Varsovia de democracia popular. Á cova

acompañouna toda unha abadía beneditina con cruz procesional alzada a lle cantar o gorigori católico; sobre 1958. «Después dicen que en esos países se persigue al clero...»—comentara con sorriso cornidiano Carlos Martínez Barbeito. E postos a tratar de escritoras e Coruña, como non facermos memoria de Emilia Pardo Bazán, xa na casa de Tabernas, xa nas pomposas Torres de Meirás que constitúen un monumento á fortuna do *parvenu* de nobreza pontificia que o seu pai fora? Emilia escribía contos ambientados en Marineda del Cantábrico porque a Coruña éralle pouco e tiña que a homologar xeograficamente co Santander dos Pereda e dos Menéndez Pelayo en época gloriosa de veraneo e tranvía a El Sardinero. Por fin, na Rúa do Príncipe da Coruña morou Rosalía de Castro sentindo como, insidiosa, entre os visillos se lle filtraba a mera mefítica das envexas que dela sentía Emilia Pardo Bazán.

Pro o caso é que, anos antes, dominara a vida literaria da Coruña o salón de Xoana de Vega, presidido polo relicario de ouro que gardaba o corazón do seu defunto esposo o xeneral Espoz y Mina. Entendo que tal relicario era copia do que contén a víscera cordial de Bertrand du Guesclin que se venera nunha catedral bretona. E non se pode esquencer que Xoana, con Pascual López-Cortón, avó de Xohán Vicente Viqueira, lanzou ao mundo o *Album de la Caridad* que abre o ciclo de poesía galega do século XIX. Mais, alén de muller literaria e discípula protosocialista de Concepción Arenal, Xoana de Vega era muller de armas que, a carón do tan citado relicario, fixera pendurar no salón o sabre do seu valeroso marido liberal. Naquel salón preparáronse varias conspiracións entre as cales a Revolución Galega de 1846. O brigadier Rubén e o poeta Alberto Camino foron admiradores de Xoana, malia a diferenza de idades. Pois ben, a figura de Xoana de Vega será a que nos conduza da Coruña literaria feminina á Coruña militar que tamén é condición permanente, até onte mesmo, da cidade. Porque a idea que Europa ten da Coruña desde finais da Idade Media é, ante todo, a dunha importante praza estratéxica.

Eduardo Pondal, seguramente na Coruña, soñou aquela doncela céltica e armada, «Maroñas, virxen intrépida/ de maxestuoso andar», que el situaba no espazo atemporal do mito patrio. Non virxe, pro armada, como as súas contemporáneas literarias Marfisa e Bradamante do *Orlando Furioso* de Ariosto, foi María Pita: «María das Batallas,/levareiche unha flor por cada bala», que cantara o poeta contemporáneo Lorenzo Varela. Sábese que por aquel tempo (século XVI), as cortesás poetas de Lyon e de Italia, como Dama Louise Labé, se revestían de arneses e armaduras e xogaban lanza e espada para encantamento de seareiros gostantes de tales especialidades eróticas. Pro na Coruña, a batalla era real e a morte ou vida. E non era Mor da Cámara Pita a única muller na defensa da praza. Con ela lidaban tamén en 1598, armadas de petos e picas e cos morrións entalados na cabeza, outras moitas mulleres, das cales a memoria salvou, se non o nome, si as figuras desdebuxadas da criada dun tal Xoán Xaspe e da muller dun zapateiro de quen non constan referencias. Bravas!

A Coruña estratéxica (07.07.2007)

52 Na baixa idade media difundíuse en Europa a idea dunha Coruña estratéxica de cuxo control dependía o dominio de Galicia. Esta visión preponderantemente militar reflíctese na novela de cabalaría titulada *Roman de Ponthus et de Sidoine* que, escrita nos séculos XIV-XV en francés, coñeceu até finais do século XVI múltiples impresións e traducións a diferentes linguas, entre as que non se atopan as peninsulares (Marie Hélème de Crécy). Este libro de aventuras ábrese coa toma da Coruña (*La Coulogne*) polos sarracenos e féchase coa reconquista da mesma cidade por Ponthus, Rei de Galicia, ben asistido por bretóns e outros amigos do hoxe chamado Arco Atlántico. A mesma idea da Coruña como chave de Galicia tiña a Jean Froissart, contemporáneo do Ponthus, e así se expresa con claridade nas súas *Chroniques* escritas co fin de contar con verdade todas as guerras e conflitos do seu tempo. Bravo cronista francés!

Non nos debe estrañar, pois, que no Arco da Estrela de París figure, en grandes letras itálicas, a carón de AUSTERLITZ e IÉNA, LA COROGNE. Para os que erixiron aquel monumento á gloria do Grande Arquitecto de Europa, *La Corogne* era un nome importante que debería perpetuarse na acordanza dos franceses como unha das máis grandes vitorias de Napoléon. Os perdedores da Bataille de La Corogne, para a minimizar, preferiron designala cun nome paleoeuropeo, rústico e diminutivo: apenas «Batalla de Elviña». Logo, Rosalía referiuse, na dedicatoria do seu poema a John Moore, ao universo dos Fisterres Atlánticos que serven de escenario ao *Roman de Ponthus*: «Á miña amiga María Bertorini, nativa do País de Gales». Supoño que se referiría a unha próxima devanceira de Camilo José Cela quen, por parte de Trulock, recibiu afluencia de sangues desoutra Fin do Mundo chamada Cornoalla.

A Coruña, sede da Capitanía Xeral de Galicia, acentúa durante todo o século XIX o seu perfil militar e nunca deixou de ser orixe de movementos armados en favor da Liberdade. Moitas veces, ao pasearmos a Praza de Azcárraga ás altas horas da noite, parécenos percibir rumor de voces baixas en conciliábulos, e o eco de xenerais e retretas de levantamentos do tempo pasado atravesan as cortinas da memoria. E sobrevennos na lembranza Díaz Porlier e Sinfiriano López a oscilar no ar artábrico pendurados polo pescozo. Representásenos agora cando Fernando VII mandou o servil Pablo Morillo cos xabardos do Duque de Angulema ben vencidos polo Papa contra os muros da Coruña. E a cidade resistiu duramente corenta días e corenta noites o bombardeo atroz baixo o mando de Don Pedro Méndez Vigo. Foi sen dúbida na Coruña onde se preparou o alzamento de 1846 que logo se transformou nun movemento revolucionario popular e protonacionalista, para terminar cos fusilamentos de Carral. E Karl Marx escribe nas súas crónicas para o *New York Tribune*, que a Coruña foi unha praza importante na sublevación, tamén militar e popular, contra as camarillas corruptas que desembocaría no Bienio Progresista de 1854-56. A Coruña

estratéxica deu aínda unha trágica amósega do seu espírito progresista cando, en 1936, os xenerais Salcedo Molinuevo e Caridad Pita se negaron a secundar a sedición de Mola e Franco e foron fusilados. Finalmente, cómpre non esquecer que as mellores páxinas bélicas da literatura galega son unhas que resisten a comparación coas de Stendhal n' *A Cartuxa de Parma* e coas de Tolstoi en *Guerra e Paz* e foron escritas por Darío Xohán Cabana na novela titulada *O cervo na torre*. Vese nelas, unha vez máis, un sitio e unha toma da Coruña. Neste caso a cidade estratéxica aparece transmutada no derradeiro reduto do reaccionarismo galego. Algo así como unha reivindicación ficcional dos citados xenerais Caridad Pita e Salcedo Molinuevo, entre outras cousas. Outro día trataremos con respecto máximo *La Débâcle* de Zola.

Todos os Álvarez (14.07.2007)

Sobre 1968 presentaba eu na Asociación Cultural de Vigo unha conferencia. Falaba Darío Álvarez Blázquez sobre Francisco Sánchez «O Escéptico». Ocorrúeseme tratar, por primeira vez, do sorprendente vigor literario e artístico que a familia Álvarez foi demostrando desde o século XIX. Coido que, pedante, comparei os nosos Álvarez cos Sobrino pontevedreses e composteláns, cos Huxley británicos e cos Schweitzer da Alsacia que inclúen J.-P. Sartre.

O fundador da dinastía veu desde Cataluña a Pontevedra e era Emilio Álvarez Giménez, catedrático do Instituto. Nacera na Puebla de Sanabria. Igual ca o astorgán Martínez Salazar, o seabrés Álvarez Giménez galeguizouse e, mesmamente, escribiu o que é considerado primeiro drama histórico en lingua nosa: *María Castaña ou unha revolta popular* (1877). Casado cunha dona da culta familia dos Limeses, tivo fillos, entre os cales destacou na literatura Xerardo Álvarez Limeses, autor do libro de poemas *Antre dous séculos*. O título foi aproveitado polos historiadores da literatura para nomear o capítulo da transición do universo poético decimonónico ao novecentista. Tamén don Emilio foi pai de Darío, un médico establecido en Tui que tivo actividade xornalística e pública e que resultou fusilado polos fascistas na Alameda da cidade miñota a raíz dos sucesos de 1936. Este Darío Álvarez Limeses, casado cunha señora de orixe cubano, dona María, foi pai dos Álvarez Blázquez aos que nos referiremos.

Dos Álvarez Limeses de Pontevedra procedía Emilio Álvarez Negreira, poeta do grupo Benito Soto. Cando eu era mozo, moita xente repetía uns versos moi atrevidos e brillantes de Álvarez Negreira: «Cojonudo/ es el bello sátiro desnudo».

E tamén daquela ponla pontevedresa saíu Xerardo Álvarez Gallego, polemista e figura de relevancia no Partido Galeguista que se exiliou a Cuba en 1936. Unha irmá deste, Amalia, casou co dirixente do citado partido Alexandre Bóveda, ourensán, que foi fusilado, a causa da súa lealdade ao goberno da República, no monte da Caeira (Poio Pequeno).

En Tui, fillos de Darío Álvarez Limeses, naceron, nos anos dez e vinte do século pasado, os Álvarez Blázquez, entre os que destacaron varios na arte e na literatura. Darío (II) foi médico, ensaísta, articulista, notorio incluso na prensa portuguesa, e home de ampla cultura. Emilio revelou-se como fino e limpo poeta, non demasiado prolífico. Álvaro recibiu ensino artístico de Prieto Coussent, foi bon debuxante e a el lle debemos a iniciación da serigrafía artística en Galicia. Outro fillo de Darío (I) foi o Xosé María que celebraremos como figura anual do Día das Letras Galegas. Cómpre precisar que todos os Álvarez Blázquez, despois do asasinato do pai, fixaron as súas residencias en Vigo e moito lles debe a eles a condición central desta cidade en materia literaria, artística e editorial.

Na cuarta xeración Álvarez, agora xa viguesa, situamos a Alfonso e Darío Álvarez Gándara, fillos de Darío Álvarez Blázquez. O primeiro avogado, prosista de ideas e orador e, o segundo, médico e autor un pouco tardío de novelas de misterio, xénero que tamén cultivara seu pai. Deste último é fillo Darío Álvarez Basso que, coa súa irmá Carlota, representan os derradeiros gromos da árbore artístico-literaria dos Álvarez, neste caso orientados á práctica e á organización da plástica. En canto aos fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, neles brilla a tendencia artística en Berta e literaria en Xosé María, Alfonso e Celso Álvarez Cáccamo.

Dado que a Academia decidiu dedicarlle as próximas Letras Galegas a Xosé M.^a Álvarez Blázquez, eu gustaría de que alguén escribise sobre a familia Álvarez un ensaio biográfico do tipo do que Rocha Martins publicara en 1945 (Inquérito, Lisboa) co título d' *Os románticos antepassados de Eça de Queiroz*.

Poesía e música de balneario (21.07.2007)

O fundador do balneario e empresa de augas de Mondariz foi Enrique Peinador Vela (1847-1917). Este señor, médico moi culto, era un empresario de ideas avanzadas no que respecta á publicidade do seu negocio. Nun terreo equidistante entre o mecenádego e a alta propaganda cultural, destacou na súa afección á música. O seu fillo Enrique Peinador Lines (1880-1940?) sucedeuno á fronte daquela especie de Couto Mixto ou paradiso independente do bon vivir no que se converteu o balneario de Mondariz entre mediados da década dos oitenta do século XIX e a catástrofe da Guerra Civil. Sempre foi moi valorada a axuda emprestada polo segundo Enrique Peinador ao Partido Galeguista, do que formaba parte, e á nosa cultura nacional. Pois ben, o doutor Enrique Peinador Vela era melómano e sostiña no balneario unha Escola de Música, grupos folclóricos e un cuarteto clásico chamado Caberat (Domínguez Castro e Quintana Garrido). Pro necesitaba unha melodía ou himno que identificase Mondariz musical e poeticamente. O máis importante autor galego de «mélodies»

galegas de carácter culto, Marcial del Adalid (1826-1881), seguramente finou sen ter visitado Mondariz e, desde logo, antes de o Gran Hotel de Jenaro de la Fuente ser inaugurado (1898). Polo tanto sen que Enrique Peinador Vela puidese exercer nel os seus dotes de sedución a fin de conseguir a canción identificadora de Mondariz. Pero iso non debeu de desanimar ao médico empresario da nosa Montaña Máxica do «nihilismo terapéutico».

Peinador logrou que, morto Marcial del Adalid, a súa viúva, a poeta e novelista Fanny Garrido, seleccionase unha belísima melodía do Mestre con letra francesa, *La tour enchantée*, lle cambiase dita letra por outra en galego da autoría dela (da bela Fanny ou «Eulalia de Liáns»), poñéndolle á composición o título de «Mondariz». Logo, Peinador Vela xestionou co editor musical coruñés Canuto Berea a impresión da peza, e esta difundíuse.

O curioso é que se a música desta canción constitúe a reutilización dunha obra anterior con fins publicitarios, a nova letra ten todo o aspecto de estar aproveitada tamén e non escrita para o caso e de pé feito. Na primeira parte do poema, a voz poética de Fanny Garrido modúlase moi ben no ronsel da «Negra Sombra» rosaliana e presenta unha intensa experiencia de desolación e tristura profunda. Logo, coma un aditamento, Fanny apégalle ao corpo principal do poema unha sorte de apéndice no que se fala dunha fada moi amábel (o balneario?, o doutor Peinador?) e dun curruncho galego paradisíaco que é sen dúbida Mondariz xa que este topónimo campá de modo inconfundíbel no título. De maneira que xa as augas «minero-medicinales y bicarbo- natado-sódicas» de Mondariz dispuñan dun himno de grande calidade musical e poética. Por aquel tempo, Enrique Peinador Vela pedíalle, en galego, á máxima figura das nosas Letras, Manuel Curros Enríquez, facer en La Habana «todo canto poida para espaxelas e difundilas (as súas augas engarrafadas)». E seguro que o Rebelde lle participou no *marketing* gratuitamente!

Velequí o texto, en realidade belo e enigmático, que transcribo con algunha mínima corrección.

MONDARIZ. Cubriume unha sombra negra,/ Non sei por onde chegou./ Viroume os sentidos todos/ E secoume o corazón./ Botoume nos ollos cinsa,/ Xa non vin outra color./ Botoume na lingua feles,/ Xa non tiven máis sabor./ Nas orellas dúas nespras/ Zoadoras me botou./ Funme polo mundo adiante/ Cos meus laios de delor./ Pra de min mesma fuxire/ Na cidade me quedei./ Antre xente esmorecía,/ Ós meus campos me tornei./ Coa tormenta na cabeza,/ Nunca máis sosego achei./ Funme polo mundo adiante/ Cos meus laios outra vez. /Alcontrei unha alma amiga,/ Coa súa voz me consolei./ .../ Antre outeiros e penedos/ Que se estenden arredor,/ Agachada baixo as albres/ E cuberta de verdor,/ Acharás unha terríña,/ N'hai no mundo outra millor./ Alí pousa unha boa fada/ Que a goberna con amor./ E de froles cubre os campos/ E fartura dá ás sazós./ Enche os peitos de alegría/ E desperta os corazóns.

Fanny Garrido

Aviadores paralelos (28.07.2007)

56 Xorden no *Fondo dos Espellos* os rostros de dous nobres varóns: os aviadores Elixio Rodríguez (1910- 2007) e Peter Elstob (1915-2002), discípulos ambos dun certo Malraux. Vidas curiosamente paralelas. Chora estes días Galicia a morte do primeiro e lémbrese que Elixio foi protagonista dunha acción brillante que houbo de terminar en traxedia. Oficial de aviación, Elixio pasouse do Exército do Ar franquista ao republicano facendo aterrar o seu aparato en Gibraltar. Quixeron as mas fadas que o SIM encontrase entre as pertenzas de Elixio unha carta de Eugenio Montes, seu parente e fundador de Falange Española, na que se cantaban as louvanzas do noso amigo. Por suposto, aquel papel era un salvoconduto co que Montes pretendía protexer a vida de Elixio debido á militancia deste nas activísimas e radicais Mocidades Galeguistas de Bande, filiais das que en Celanova dirixía o triunvirato formado por Xosé Velo, Remixio G. Gándara (pai da novelista excelente Lola Gándara) e C.E. Ferreiro.

Acusado de espionaxe e quintacolumnismo, en zona republicana, Elixio Rodríguez foi sometido a consello de Guerra e ía ser fusilado cando, por medio dun suxeito que saía da cadea de Valencia, o noso aviador tivo ocasión de avisar a Castelao da situación en que se achaba. Este puxo a andar Lois Soto, quen alertou a Pasionaria de xeito que ela moveu as precisas testemuñas que responderon persoalmente e politicamente por Elixio e a súa lealdade republicana. Elixio saíu en liberdade e pasou o que quedaba de guerra ás ordes de Castelao, so servizo da «Solidaridade Galega Antifeixista» e, seica, nunha unidade de intendencia aérea. Elixio conta estas cousas no libro *Matádeo mañá* (Xerais, Vigo, 1994).

A primeira vez que entrou Elixio na España franquista desde o exilio atopeino en Vigo e camiño de Policarpo Sanz 22, ou sexa daquel despacho de Valentín Paz Andrade que era o destino obrigado de todos os republicanos e galeguistas que retornaban despois da Guerra Civil á Terra.

En canto a Peter Elstob, a cousa é que Nemesio Barxa conectou, a través do internacionalismo de xuristas demócratas, con Sean McBride que, á súa vez, moveu o PEN Internacional a fin de lle dar apoio a certo membro da UPG, con actividades tamén literarias, que, sobre 1969, e despois de ser condenado a prisión polo TOP, tiña sinalada a vista de apelación no Supremo de Madrid. O PEN designara como responsábel do *Writers in Prison Comitee* a Peter Elstob, quen se presentou en Madrid como observador solidario. Aquela mesma noite, e arredor dunha garrafa de whisky, Elstob contounos algo da súa azarosa participación na Guerra de España aos camaradas da UPG. Era nun cuarto do Bristol da Gran Vía.

Dado que tiña instrución de piloto na RAF, Elstob presentouse voluntario como aviador ao servizo da República na Guerra de España. Nos seus tempos libres, preparaba

notas para unha novela de guerra no Café de la Rambla, notas que acompañaba de croquis tomados da realidade dun aeroporto en Cataluña.

Detido polo SIM republicano, este acusouno de espionaxe ao servizo dos franquistas. Non lle valeu a Elstob alegar a súa condición de escritor no tempo no que varios autores de lingua inglesa como Evelyn Waugh ou Roy Campbell estaban moi activos ao servizo de Franco. Naturalmente, Elstob era un aviador tan leal coma Elixio. Preso no castelo de Montjuïc e a piques de ser fusilado, Elstob pediulle a un que saía en liberdade o favor de telefonarlle á súa moza, que estaba en Londres. Informada, Madora Leight Smith, activista do laborismo, presentouse en Barcelona cun cargamento de avais en favor de Peter, entre os cales o do buró político do partido comunista británico. Como no caso de Elixio, Elstob foi liberado e, ao igual ca o aviador de Bande, o londinense escribiu sobre o suceso un libro: *Spanish Prisoner* (1939). Logo, a vida de Elstob continuou moi activa: participou na II Guerra Mundial nunha unidade de tanques; foi empresario, autor teatral, novelista e tamén un respectado historiador militar de quen os peritos aprezan moi especialmente o seu estudo sobre a Lexión Cóndor. Grande antifeixista, Peter Elstob!

Cando despedíamos a Peter Elstob no aeroporto de Barajas, pasou por alí procedente de Londres e cargado de bolsas. Afonso Paz Andrade, que se uniu ao grupo da UPG nunha amena conversa arredor do británico. Este activista, pouco despois, viaxaría tamén a Nixeria para solidarizarse co preso, e logo Premio Nobel, Wole Soyinka. Si, ese mesmo Soyinka moitos anos máis tarde de emocionar o auditorio galego convocado polo noso PEN cun poema en yoruba do cal só se entendía a música e o nome de Sócrates. Ocorrido en Compostela, fago memoria.

Peter Elstob e Elixio Rodríguez nunca se encontraron na vida, sábeo ben Luís G. Tosar. O infortunio e as circunstancias da guerra ocasionaron que ambos aviadores e valentes demócratas pasasen por unhas circunstancias semellantes. Crin percibir que en ningún dos dous homes había resentimento nin aparecía esa sombra orwelliana que se abate sobre a fronte dalgúns memorialistas que fan do anticomunismo unha razón de existir.

Os nomes da Grande Torre (04.08.2007)

58 Un comunicante preguntame cal é o nome máis antigo dos usados para designar o faro que na Coruña é coñecido como Torre de Hércules ou de Breogán. A primeira mención deste monumento coído que é a que aparece na *Historia adversum paganos* do escritor galaicorromano de comezos do século V Paulo Orosio, quen lle servía de machaca ou documentalista a Agustín de Hipona e gozou de autoridade. Nesta obra, ao describir Hispania, Orosio dinos que no ángulo do vento Noroeste, onda Brigantia, cidade de Gallaecia, hai un faro moi alto que constitúe obra digna de mención e que pode servir para enxergar Britania, ou sexa a actual Grande Bretaña. Reteñan que o noso autor utiliza o nome *specula*, derivado de *specio*, ao que Ernout-Meillet atribúen o significado de «observatorio, eminencia». Menos divulgado áchase o paso no que Paulo Orosio, na mesma obra, dá conta de que, desde un determinado promontorio de Irlanda ou Hibernia sobre o río Shannon e a súa foz, tamén pode divisarse a cidade e *pharos* de Brigantia, sempre en Gallaecia. Co cal Paulo Orosio, galaico, faise eco das vellas navegacións entre a súa Terra e as hoxe ditas Illas Británicas.

Así, pois, diremos que o primeiro nome coñecido do máis famoso faro do mundo despois do de Alexandría é o da cidade galaica onda o cal foi erixido: Brigantia, que é topónimo celta que nos representa a palabra chave *briga* «fortificación nunha eminencia» e nos leva doadamente a Bergantiños, a Bretaña, a Britania, á diocese de Britonia e mesmo á freguesía realmente existente hoxe de Bretoña. Todo, mar por medio.

Logo vén o *Lebor Gabála Érenn*, que quer decer, en irlandés medio, «Libro da toma ou conquista de Irlanda». Consta nesta obra, feita de moitas refundicións superpostas, en conforme Eire ou Irlanda ten unha historia, sequer mítica, que xustifica a súa existencia e identidade. Os manuscritos do *Lebor Gabála Érenn* foron redixidos (Fernando Pereira González) entre os séculos XI e XV e considérase correcta a suposición de que podemos facer cear ao século VII as orixes da obra. E ben, neste libro fálase da Torre ou Faro ou Farol ou mesmo Facho do que agora nos ocupamos. Consta no *Lebor*, ou «libro», que Brath conquistara Hispania e que axiña seu fillo Breogán fun daba Brigantia e erixía alí unha Torre ou faro dita Tuir Breogain ou Torre de Breogán. Desde a Tuir, Ith, fillo de Breogán, deu vista Irlanda, Eire, Hibernia. Ith viaxou á Illa e alí foi asasinado polos reis dos Tuatha Dé Danann. Logo Irlanda sería conquerida definitivamente pola xente gaélica dos fillos de Gaed hel e Milidh que arribou alí desde onda nós e que non son outros que os actuais e verdadeiros irlandeses, poñamos por caso que do Sinn Féin. Como non amarmos os irlandeses!

O que quer decer que o segundo nome máis vello da nosa Torre é o de Tuir Breogán (ou Breogain, ou Bregon, ou Breguin, segundo as refeccións do *Lebor*). Os que saben disto sospeitan, como fai o doutor Pereira, que o nome de Breogán foi fabricado en

Irlanda sobre o nome da cidade galega de Brigantia da que fala Paulo Orosio mediante o procedemento que en retórica chamamos eponimia.

Pro tamén é verdade que, nun relato galegotatino do século XI que estudou Díaz y Díaz, conta en primeira persoa un tal Trezenzonio que el subiu á Torre e que de alí, por medio dun espello prodixioso, viu unha illa lonxe, no mar. Navegou até a illa e nela permaneceu un dilatado período fóra do normal transcurso do tempo, ou sexa na Eternidade. De xeito que, tamén desde a Torre de Brigantia, pode ser albiscado o Outro Mundo e este áchase preceptivamente situado ao Norte e alén mar. Observen agora que o autor utiliza a palabra *speculum* «espello» en lugar da *specula* «altura, observatorio», no que este *Fondo dos Espellos* recoñece un intento evidente de innovación científico-técnica no mito.

Finalmente, os cronistas medievais peninsulares do século XIII Rodrigo Ximénez de Rada e Afonso o Sabio presentaban, nas respectivas *De rebus Hispaniae* e *Estoria de España*, nada menos que Hércules como o encargado de pór orde na Hispania primitiva. Así, foi o heroe grego quen ergue a Torre, despois de matar o tirano Xerión e de o enterrar alí mesmo, e fundou unha nova cidade chamada Cruña, co cal se explicaba a desaparición do vello nome de Brigantia e a emerxencia do novo e actual, non menos celta que o primitivo.

Polo tanto, o nome de Torre de Hércules que hoxe parece dominar no uso corrente dos galegos é ben máis moderno que os de Torre de Brigantia ou Torre de Breogán.

O ollo largasío do faro da nosa Torre entraba polas fiestras da cadea da Coruña e vasoiraba cada pouco as celas orientadas ao Norte, especialmente a aglomeración colectiva que era coñecida co nome de Chaflán. Esta espectacular visita circular do feixe de luz faloulles a varias xeracións de presos da navegación ceibe e da liberdade da que estaban privados.

Breogán Cabeleira Florida (11.08.2007)

Contarei a estoria de Breogán tal como aparece no *Lebor Gabála Éréan* (*Libro da conquista de Irlanda*) que poñemos en relación coa *Historia adversum paganos* do galaicorromano Paulo Orosio. E fareino seguindo principalmente aquela tradución francesa que leron Murguía e Pondal, feita por Henri Lizeray e William O'Dwyer sobre unha versión refundida polo frade Michael O'Clery en 1631: *Leabar Gabála/Livre des Invasions*, Maison neuve Frères et Ch. Leclerc, París, 1884. O exemplar usado por Murguía encóntrase na Academia Galega e foime posto nas mans polo doutor X.L. Axeitos, a quen lle estou un mundo agradecido.

Brath conduciu os Gaels das Espadas Azuis até Hispania, onde lle naceu un fillo que foi chamado Breogán. Este, á morte do pai, converteuse en rei de todos os Gaels ou

sexa de toda a xente descendente de Gaeddeal ou Gaedhel o Verde. Logo, Breogán construíu a cidade de Brigantia, hoxe Coruña ou Cruña, e, na veciñanza desta, ergueu unha torre que foi coñecida como Torre de Breogán. Brigantia foi considerada «praza encantadora, pracenteira, lugar fortificado e baía deliciosa». Tivo Breogán varios fillos, entre os cales Bilé e Ith. Breogán foi coñecido como Cabeleira Florida e como Voz Forte. Morto Breogán, un seu neto chamado Golam viaxou a Escitia e, á volta, encontrou que Brigantia estaba tomada por outra xente. Expulsou os detentadores do país e os Gaels voltaron instalarse en Brigantia e por toda a Terra, que sería Gallaecia se lemos o *Lebor* á luz da obra do Paulo Orosio que, para esta cuestión, constitúe inequívoca fonte. Logo Scotá, esposa de Golam, deu a luz, dentro da Torre de Breogán, varios fillos, entre eles o bardo Amirgin e tamén Emear Donn e Ereamon. Golam, polo seu valor e intelixencia militar, deixou de se chamar Golam para se chamar Milead ou Milidh.

Morto Milead reinaron de consún Emear Donn e Ereamon (fillos de Milead, fillo de Bilé, fillo de Breogán, fillo de Brath). Con eles, en Brigantia, vivía un seu tío avó chamado Ith, fillo de Breogán, o cal era «erudito profundo». Estando Ith na Torre de Breogán, viu lonxe, no mar, unha bela illa. Breat, seu irmán, díxolle que non fixese caso, que era unha miraxe. Pro Ith non lle deu tino. Así que Ith embarcou en Brigantia co seu fillo Lugad e outros parentes. Ao chegaren a Irlanda, dirixíronse ás xentes na lingua scota ou gaélica, e foron comprendidos. En Irlanda estaban os Tuatha De Danan cos seus tres reis. Ith tivo a pésima idea de se inmiscuír nos asuntos internos dos Tuatha De Danan. Daquela, os tres reis pensaron que os Gaels de Ith, fillo de Breogán, querían apoderarse da súa illa. Nunha chaira, caeron sobre eles e malferiron Ith, que logrou embarcar e terminou morrendo no mar. Ao regresar a Brigantia, Lugad, fillo de Ith, co seu pai morto, todos clamaron vinganza. Os reis Emear Donn e Ereamon prepararon en Brigantia unha expedición para conquistar Irlanda. Os Gaels, descendentes de Breogán, foron en sesenta e cinco barcos a Irlanda para acabar cos Tuatha De Danan e os seus tres reis. Entre os comandantes de navío de Brigantia ía Lugad, fillo de Ith fillo de Breogán.

Resulta que os Gaels tomaron terra exactamente no punto de Irlanda desde o cal di Paulo Orosio que pode ser vista a Torre de Brigantia e a Gallaecia. Ou sexa, na foz do río Shannon ou Scena ou Seiné ou Scène. Non se soe reparar en que esta circunstancia do relato corrobora a dependencia que o *Lebor Gabála* presenta con respecto da *Historia adversum paganos* de Paulo Orosio, ilustre autor galaico. Véxase Fernando Pereira González.

A medida que os Gaels se internaban en Irlanda, íanlle poñendo novos nomes aos lugares. A mesma illa, en conxunto, foi chamada Erin, nome tomado dunha muller que lles fora benéfica naqueles episodios bélicos. As batallas contra os Tuatha De Danan foron terribes. Amirgin, o bardo de Brigantia, sentiu na loita que el e os seus eran grandes e poderosos e cantou: «Eu son o vento do mar, eu son as ondas, eu son o arruallo dos profundos; eu son unha aguia nas montañas; eu son a raiola do Sol».

Morreron moitos homes e moitas mulleres, entre elas Scota, aquela que adoitaba a parir os fillos dentro da Torre de Brigantia. E morreron os tres reis dos Tuatha De Danan; a saber: Mac Cuill, Mac Greniu e Mac Cect. E, así, os descendentes de Breogán que partiran de Brigantia, serían para sempre os habitantes de Irlanda.

61

Nazón de Breogán (18.08.2007)

O nacionalismo, ao se conformar canda o Rexurdimento no século XIX, incluíu entre as compoñentes da peculiaridade galega a condición de o noso pobo ser celta. Pro, desde o punto de vista político, ese celtismo desapareceu do ideario nacionalista de forma definitiva cando Castelao, despois dunha experiencia profunda de Frente Popular durante a Guerra Civil, definiu Galicia como nación seguindo a liña analítica de Stalin (*Sempre en Galiza*). Que o nacionalismo prescindise, como ideoloxema político, do celtismo, non quer decer que tal celtismo desaparecese do sentimento da maioranza dos galegos, que seguen a se considerar membros dunha comunidade de afinidades na que Galicia é nación familiar de Bretaña, Gales, Cornoalla, Man, Escocia, Irlanda; ou sexa: os actuais países –case todos sen estado e entusiastas da gaita– de lingua celta conservada até o presente ou perdida en tempos modernos. Iso si: nin hoxe nin no pasado ninguén sentiu eiquí ser parte constitutiva da herdanza en Galicia o universo galo, gálata, celtíbero nin calquera outro posíbel elemento celta continental. O celtismo nacionalista galego só se recoñece irmandado cos celtas das Illas Británicas e a Bretaña por eles colonizada. E é eiquí onde xorde a figura de Breogán como símbolo nacional popular de Galicia.

Seica foron Benito Vicetto e Manuel Murguía os introdutores do mito de Breogán no imaxinario nacional noso. Fixérono nos respectivos prefacios das súas historias de Galicia, que viron simultaneamente a luz en 1865. Daquela ningún dos dous coñecía os textos irlandeses que falan de Breogán, incluído o principal deles, que é o *Lebor Gabála Éréann*. Segundo Fernando Pereira González, Vicetto e Murguía só coñecerían Breogán indirectamente a través de dúas obras, hoxe raras: a *Iberia Phoenicia* de Joaquín Lorenzo Villanueva (1831) e a *Etruria Céltica* de William Bertrand (1842). Só despois de 1884 difundiríase entre os círculos galegos ilustrados a tradución francesa do *Lebor Gabála* feita por Henri Lazeray e William O'Dwyer, editada en París naquel mesmo ano. Probabelmente Pondal xa lera en 1890 esta tradución do *Lebor* ao francés e sen dúbida tamén Murguía, quen a utiliza no primeiro tomo da segunda edición da súa *Historia de Galicia* (1902). Unha tradución anónima de varios pasos do *Lebor Gabála* foi difundida na revista *Nós*, ano 1931.

Foi Eduardo Pondal, sen dúbida, no poema «Os Pinos» que habería de se converter en letra do Himno Galego, quen fixo de Breogán o símbolo identitario da patria galega. Cos materiais fornecidos polo *Lebor Gabála* aparece un antecesor celta dos gale-

gos que fora capaz de fundar Brigantia/Cruña e de edificar a Torre para a esculca e coñecemento do Mundo e que deixou unha descendencia que conquistou Irlanda e a deixou unida a nós por sempre. *Fogar, grei, nazón* de Breogán repítese todo ao longo do poema pondalio e en todas as súas estrofas cantábeis. Ao se difundir a letra do Himno Galego entre as multitudes, o nome de Breogán penetrou profundamente nas consciencias e na sentimentalidade colectiva e uniuse á vindicación nacional e á aspiración á redención final de Galicia.

Hoxe son moitas as entidades culturais, deportivas, mesmo comerciais, que, querendo enfatizar o seu galeguismo, adoptan o nome de Breogán. Cada vez en maior número son inscritos nos rexistros civís nenos co nome de Breogán. É verdade que o celtismo desapareceu da doutrina do nacionalismo galego, pro non o é menos que un celtismo cultural e un sentimento de afecto colectivo polos pobos dos Fisterres Atlánticos (con historias de opresión e dependencia semellantes á nosa) é hoxe moi forte, o que se proxecta na literatura e na música. E ben, a figura de Breogán, nesta situación, é xeralmente aceite como emblema público. Mesmo na actualidade, cando a ciencia lingüística discute sobre unha final celtificación prerromana de Galicia, diversa da celtíbera, e cando a difusión da teoría de Alinei sobre a continuidade neolítica comeza a ser considerada, a figura de Breogán –naturalmente, un soño político– está a vivir nun medio intelectual que lle resulta moi favorábel. En todo caso, Breogán constitúe hoxe un mito útil para a emancipación dos galegos secularmente colonizados e constrinxidos ao auto-odio. Breogán é a efíxie mesma do orgullo galego na hora en que escribo.

Observación transfronteiriza. Acabo de xirar visita a Pitões (para nós, Pitós) das Júnias, «a aldea máis alta de Portugal». Alí, naquel teito do mundo transmontano e barrosón, houbo un priorato que dependeu de Oseira até o liberalismo do século XIX. Dendesde Pitós óllanse moito ben os picoutos arraianos da Fontefría (Serra do Xurés) nos que hogano volven choutar ceibes as cabras galaicas. Vin que en Pitós abriron unha taberna chamada TERRA CELTA.

Na Barbaña de Ourense (25.08.2007)

«Tres cosas hay en Orense/ que no las hay en España:/ el Santo Cristo, la puente/ y La Burga hirviendo el agua». Así canta o vello dito en verso no que vostedes verificarán que non se di Las Burgas senón La Burga. Todos os vellos aborixes de Ourense nomeamos en singular o noso famoso manantial de augas quentes: A Burga. Tamén lle chamamos sempre en feminino ao pequeno río que por alí corre a deitar as augas no Miño: A Barbaña.

Adolfo Rego Pérez, ourensao algo maior ca min, escribeme, entre outras cousas, para insistir no xénero feminino do río menor de Ourense que, neste aspecto, parece irmadado con outros de Francia como La Loire (Loira e Loiro hai varios en Galicia)

e con algún de España como La Esgueva, coma a do Carballiño. Para min, os nomes da Burga, onde Ourense naceu segundo Cuevillas, e maila Barbaña, están necesariamente unidos. Entre outras cousas porque os seus nomes proveñen de raíces indoeuropeas que teñen que ver co abrollar, nacer, agurgullar, ferver, fluír das augas.

Curiosidade: en Caldas de Reis tamén hai unha fonte de auga quente chamada A Burga e un río pequeno que corre cara o grande (Umia) chamado Bermaña que é cá-seque coma decer Barbaña. As consideracións lingüísticas sobre estes casos darían para un libro: mágoa que eu non teña formación suficiente.

Supoño que, na prehistoria, a Burga de Ourense era unha lagoa de auga quente aproveitada para tratamentos curativos da pel e que, co paso do tempo, se formaron alí edificios balnearios e naceron cultos relixiosos e unha poboación. Aínda hoxe hai quen di que as augas da Burga nacen dos pés do Santo Cristo de Ourense, co cal este se converte na última metamorfose dun deus turnante.

**Rerrs/Reus* (Búa) cuxo nome en dativo, *Reve*, é ben coñecido dos arqueólogos e dos estudosos da teonimia prerromana galega. Eu aínda admirei onte unha ara dedicada a REVE LA- RAVCO, ao pe do Monte do Larouco, no concello arraiano de Baltar. A ara gárdase no interior dunha capela aberta ao culto católico e puiden comprobar que se encontra moi adornada con flores naturais e ben situada ao pé do altar. Pro non é deste **Reus Laraucus* do que quero tratar agora. Voltemos a Ourense.

Cando o século XX empardecía, apareceu unha ara, de época romana pro de fas-quía ben indíxena, nas inmediacións da Burga de Ourense. REVE ANABARAEGO, lese nela claramente e sempre en dativo. Ou sexa, que, na Burga, lle facían ofrenda a un deus **Reus* advocado como **Anabaraegus*. Se lle retiramos o morfema de pertenza *-egus*, que foi antes *ecus* e antes **-aiko-*, emblematicamente galaico, fica con certa seguridade o nome do núcleo de poboación que había de ser Ourense andados os séculos: Anabar/Anabara (Villar), Moralejo (J.J.) explicou moito ben as claves lingüísticas de Anabar. Primeiro **ana-* que viría dunha das raíces das que Krahe fai descender nomes paleuropeos de ríos: **en-*, **on-* (Ah ne, Ens, Anner, e o medio árabe Guadiana). E, ao carón, outra raíz ben coñecida **bher-* (Pokorny) que produce palabras (en todas as linguas indoeuropeas) relacionadas coas ideas de ferver, agurgullar, correr a auga (tamén a nosa Burga). Polo tanto, Anabar sería así como «nacemento e/ou corrente de auga». Certo que Auria e Ourense, para Bascuas e baseándose noutra raíz indoeuropea, viría significar case o mesmo.

Deciamos que antano o manancial da Burga formaba un lago quente que logo esco-rregaba cara baixo, cara o actual río da Barbaña que, seguramente, coñecería un tramo quente como é o do Río Caldo de Lobios. Así na Burga, chamada Barbaña tomaríanse baños salutíferos. Aínda hoxe aí os están os Baños do Outeiro e a Rúa do Baño. Por outra banda, o latín *balneum/balnea* pasou en vulgar de toda a Romanía, descartando Dacia, a ser *baneum/banea* (Meyer-Lübke); de onde *baño* e *bañar* galegos.

Pois ben, a miña hipótese é que o río da Barbaña foi antes chamado **Anabar banea* ou sexa «O baño ou baños de Anabar ou Anabara». Caído o *-n-* intervocálico por prescrición das leis fonéticas da nosa lingua e coa palatalización do *ny* ficaría a barbaña, hidrónimo que logo sería segmentado, por analoxía co artigo determinado feminino, como A Barbaña. Pro, insisto, non me fagan demasiado caso porque eu non lles son especialista.

Retrato do doutor Enrique Otero Sotelo (01.09.2007)

Na Rúa da Paz, pola De Vergara, ou Dos Zapateiros (Ourense), está a casa na que naceu e viviu Otero Pedrayo. Relembro esta morada como un espazo moi claro, se cadra porque, na traseira, había unha pequena galaría que daba aos cumes da marxe esquerda da Barbaña, onde os solpores soen ser moi rubios no horroroso verao que é normativo na miña cidade natal. Era un piso amoblado no século XIX con modestia e elegancia: nada semellante aos interiores burgueses de Ourense tal como aparecen en Álvarez de Nóvoa, sobrecargados de entredoses e de bibelós. A familia de Otero recibía nun salón-comedor que daba á rúa e no cal, entrando á esquerda e por cima do trincheiro ou chineiro, eu lembro vagamente certo retrato ao óleo, poida que da autoría dun Modesto Brocos. Representaba, non sei se con toga e a muceta amarela de Medicina, a figura xuvenil de Enrique Otero Sotelo, pai de don Ramón. herdada polos sobriños políticos deste a casa da Rúa da Paz e todo o que contiña de portas adentro, ignoramos no *Fondo dos Espellos* o paradeiro do retrato e Xulio Francisco Ogando xa non está no mundo para satisfacer a nosa curiosidade.

O que si que xa sabemos certo é que Enrique Otero Sotelo, alén de auxiliar o seu amigo Curros Enríquez no trazo en que este fora procesado, fixo uso da palabra moi elocuentemente no acto da chegada a Ourense da primeira locomotiva o 31 de marzo de 1881. O día no que se inaugurou o tren que aínda camiña a modiño e co breguexando pola beira do Miño, como na cántiga de Andrés Dobarro, falou Otero Sotelo e ben reflectía a súa intervención o corresponsal anónimo de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Alberto García Ferreiro?) do 8 de abril. Traduzo con aclaracións miñas entre parénteses e en letra cursiva:

Seguiu a este (*o avogado Fernández Cid*) o Sr. Enrique Otero, da Academia de Medicina, o cal expresou que o seu brinde tiña que ser algo serio, pois ansiaba a ocasión de facer constar o seu modo de pensar dunha maneira clara e explícita. En primeiro lugar e cumprido un deber de galantería, brindaba polo belo sexo, cuxa presenza naquel sitio era a demostración máis perfecta de que a muller non pode permanecer, a pesar de arcaicas preocupacións, indiferente aos adiantos do progreso. Logo brindou polo pobo, a cuxo traballo e sufrimento non só se debía o cumprimento do que naquel acto se solemnizaba, senón as maravillosas concepcións da Historia; da súa inmensa masa saíron os homes eminentes que guiaron a Humanidade e a elevaron dos grandes cataclismos a que estivo abocada. Brindou tamén polos homes de ciencia, que tanto sofren e que tan pouco son considerados; polo progreso,

pola liberdade na súa máis ampla significación e polos tribunais de xustiza (*referíase á Audiencia da Coruña*) que acaban de absolver un acusado a quen se perseguía como autor dun tomo de versos titulado *Aires da miña Terra*.

E prosigue o corresponsal:

65

A partir dese brinde xa se pode decer que os convidados comezaron a abandonar o local (*un pavillón «octógono»*). Desaloxárono en primeiro lugar o Ilmo. e Excmo. Sr. Bispo de Ourense (*Cesáreo Rodrigo, que denunciara e escomungara a Curros*), a autoridade xudicial (*a que procesara a Curros penalmente*) e outros moitos, conseguindo facer ouvir con dificultade a voz do señor Buján que trataba de nos congregar e reunir no nome dunha tolerancia e dunha liberdade que, pese a quen pese, han acabar por sentar definitivamente o seu imperio sobre a Terra.

Manuel Curros Enríquez, que estaba alí presente, debeu de se sentir feliz e, no número seguinte de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (18 de abril de 1881) publicaba o seu famoso poema titulado «Na chegada a Ourense da primeira locomotora», que, en certos aspectos conceptuais, semella un eco das palabras do médico de Trasalba de Amoeiro con casa na Rúa da Paz de Ourense.

O retrato, pois, do doutor Otero Sotelo, pai de Otero Pedrayo, era o dun intelectual dos que, a partir de 1854 e, desde logo, de 1868, xa se chamaban a eles mesmos máis demócratas ca liberais e dos que, na Restauración borbónica e caciquil, seguían, coma Curros, arelando a República.

Finalmente, un rogo para Vítor F. Freixanes, presidente da Fundación Otero Pedrayo: que se procure alí onde se encontrar, o retrato ao óleo do doutor Enrique Otero Sotelo e que se recupere para situalo nun lugar de honra da Casa Grande de Cima de Vila (Trasalba) onde temos idea de que nacera.

Editores vigueses (08.09.2007)

Vigo, a cidade na que escribo, é algo así como a capital editorial de Galicia. Botemos unha ollada ao pasado. Co pulo ideolóxico que lle imprimiu ás novas xeracións galegas aquel Bienio Progresista (1854-1856) que tanto impresionara Marx e Engels, o impresor Xohán Compañel e Manuel Murguía decidiron establecer en Vigo, onde residía o seu amigo Alexandre Chao, un xornal e unha editorial de carácter protonacionalista, democrático e avanzado. E fundan o xornal *La Oliva* (1856) que, perseguido pola reacción, pasará a se chamar *El Miño* (1857) para logo, en 1868, recobrar o nome inicial. Na Rúa Real, Compañel editou numerosos libros, de ciencia e de literatura, exentos ou como folletín do periódico. De entre todos destacamos agora, polo seu valor simbólico, *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1863), co cal se abre unha época. Veleiquí, pois, o nacemento da capitalidade editorial de Vigo.

Menos coñecido que o de Compañel é o caso de Eugenio Krapf, erudito hispanista de orixe suíza ou alemá, e tamén impresor, que viviu e traballou en Vigo entre 1895 e 1902. Este señor fixo edicións, con establecemento filolóxico de texto, valéndose en ocasións de tipos con marcas diacríticas paleográficas, de obras casteláns como *El diablo cojuelo*, *La Celestina*, o *El Conde Lucanor*, algúns con prólogos de Menéndez Pelayo ou de Bonilla y San Martín. Tiña previsto editar a lectura feita por Martínez Salazar da novela galega medieval coñecida como *Crónica Troiana*, tamén con prólogo de Menéndez Pelayo, pro non poido ser, e a obra viu a luz na *Biblioteca Gallega* da Coruña. O prólogo previsto, xulgo eu, foi parar ao interior dos *Orígenes de la novela* do erudito santanderino. Tamén Eugenio Krapf foi o editor do libro pro galego *Ares da raía* do poeta minhoto João Verde.

Moitos anos máis tarde, e sobre o ano 1943, veu parar a Vigo en calidade de desterrado político Marcial Lafuente Estefanía, coido que madrileño. Este entrou en contacto co dono da libraría e imprenta Barrientos, que nunca sei ben se tiña o seu local na Rúa de Elduayen ou na de Policapo Sanz, pois na maldita memoria se me mestura coa casa Tetilla, do mesmo ramo comercial. O caso é que Barrientos e Lafuente Estefanía crearon a Editorial Cíes e, dentro dela, a Colección Rodeo (ao mellor polos curros da Groba, moi á moda naquel tempo) dedicada á novela popular do Oeste. Marcial Lafuente Estefanía iniciou, polo tanto, en Vigo a súa carreira de autor de novelas do tipo e xénero no que só Fidel Prado e J.J. Mallorquí, ambos tamén republicanos condenados a escribir coma forzados, podían competir con el. Cando lle foi posíbel, M.L. Estefanía regresou a Madrid onde, xa separado do Barrientos, continuou coa editorial. Durante moitos anos, M.L. Estefanía veu pasar en Vigo e en Praia América a tempada de verán.

Coincidiron en Vigo, a finais dos corenta, Luís Viñas Cortegoso, pontevedrés pedagogo e bibliófilo de familia de impresores de Tui e X.M. Álvarez Blázquez. Fixéronse cunha parte do establecemento anticuario Almoneda, en Pi i Margall, fronte ao templo evanxélico de d. Edmundo Woodford e pouco antes da docería das Tres Luces. Fundaron a Editorial Monterrey, en memoria do primeiro libro impreso en Galicia, e funcionaron moi ben na especialidade do libro para bibliófilos galeguistas, sen esquecer os autores máis renovadores como ilustra o caso de Gonzalo R. Mourullo no 1954. Xa a soas, Xosé María, lanzou nos mesmos locais Edicións Castrelos (1964), dinámica empresa capaz de furar todos os teitos de tirada do libro galego, o cal mercé a esta editorial, comezou a ser verdadeiramente popular. Foi en 1951 cando comezaron a saír as publicacións da Editorial Galaxia, establecida en Reconquista 1-1ª, no corazón do que algúns chaman a City de Vigo. Galaxia, obra colectiva dun grupo de militantes do galeguismo político, tivo a súa sede en Vigo porque os seus socios fundadores consideraban que esta era a cidade chamada a liderar as novas formas de cultura que habían de rexenerar o País, ao que eles non soían chamar Nación. F.F. del Riego, un dos seus principais impulsores, residía eiquí, como Xaime

Illa Couto, Rufo Pérez e un plástico, Xohán Ledo, que é o definidor dunha nova imaxe visual do libro galego. E en Vigo continúa hoxe a producir libros a Editorial Galaxia. Mención moi e especial merece Edicións Xerais de Galicia, en plena forma produtiva nos nosos días, que irrompeu con enerxía e marcou época en 1979. Xerais, sucesivamente, foi dirixida por Xulián Maure, Luís Mariño, Vitor Freixanes e Manuel Bragado. No 1985 desatraca Ir Indo, da man do seu patrón Bieito Ledo Cabido, editorial capaz de cumprir o labor sen precedentes da *Enciclopedia Galega Universal*.

No universo cristián reviste unha enorme importancia a editorial SEPT, nada en Vigo, que capaz foi de editar a *Biblia* en galego. En Vigo traballa a redacción do semanario *A Nosa Terra*, que por parte, e como facía Compañel, edita libros cun criterio de extensión do coñecemento básico da realidade nacional galega. Pola súa parte, o vigués Carlos del Pulgar, coa súa Nova Galicia, debe de ser o editor que maior volume de libros galegos factura no comercio exterior. Tambre, filial de Edelvives, ten un interesante catálogo de libro infantil e xuvenil. Nigrá-Tea, con Gonzalo Allegue ao fronte, insiste de forma segura na liña dun libro de calidade e perfección formal. As Edicións do Cumio, que Carlos Blanco iniciara e agora dirixe Mascato, pode considerarse viguesa aínda que a súa sede radique no concello de Vilaboa. E, para completar o cadro, no que seguro que faltan elementos, digamos que Severino Cardeñoso constitúe un modelo de editor vocacional e individual admirábel, sempre en Vigo.

En suma, que se Vigo xera hoxe en día o 50 % da produción editorial de Galicia, esta cidade pode considerarse capital indiscutíbel do libro galego, aínda que as administracións municipais e boa parte dos vigueses ignoran esta realidade.

Marx *ab ovo* (22.09.2007)

Horacio aprobaba que Homero fixese arrincar a *Ilíada* da cólera de Aquiles e que non se remontase ao nacemento de Helena do mítico *ovo* de Leda, o que constituiría un error de estratexia literaria. Non obstante, moitos pensamos que as biografías das grandes personalidades históricas deben ser narradas *ab ovo*: desde as orixes familiares e sociais de quen é obxecto de estudo. Marx, cando tiña 17 anos, escribiu en Tréveris: «As nosas relacións na sociedade en certa medida xa comezaron a establecerse antes de estarmos en condicións de as determinar». Hoxe trataremos do *ovo* do que este Karl Marx naceu, na cidade de Tréveris que Goethe describira de xeito caricaturesco como infestada de centros relixiosos e residencias señoriais. Cidade dominada por un arcebispo elector entobado nun pazo barroco do peor gusto, Tréveris tiña tamén un ghetto no que a poboación xudía vivía segregada e enfouzada na alienación relixiosa e étnica sen posibilidades de expansión intelectual ceibe. Inda hoxe, na Praza do Mercado de Tréveris unha grosa cadea marca a entrada á antiga xudaría na que os antepasados de Marx foron rabinos famosos.

A Revolución Francesa que incorporou Tréveris en 1794, e Napoléon, posteriormente, abriron o ghetto da cidade e permitiron que os xudeos puidesen abandonalo e incorporarse á vida civil da comuna, tal como se fixo nas restantes xudarías atinxidas polas políticas revolucionarias. Así, o poder da aristocracia e da igrexa católica ficou suprimido e a sociedade de Tréveris, coma toda a incluída no universo republicano e bonapartista, resultou secularizada. A hexemonía pasou ao bloque burgués cunha simpática preponderancia das clases medias cultas, e o libre pensamento fíxose dominante ao tempo que a cidade se incorporaba á Confederación Renana. É aí cando o pai de Karl Marx, o avogado Heinrich, de familia levítica, abandona, coa súa esposa Henriette, a relixión xudía e muda a práctica desta por un deísmo e por un filosofismo humanitario e universalista. Fóra do ghetto.

Houbo en Tréveris, entre 1794 e 1815, un tempo de liberdade e bos negocios que lle permitiu prosperar ao avogado Marx. Pro o Congreso de Viena adxudicoulle Renania a Prusia. Non embargantes, o absolutismo, a represión, a recuperación dos privilexios das igrexas e da aristocracia foi atemperado polos prusianos nos territorios ao Oeste do Elba. Baixo o dominio de Prusia, Heinrich decidiu pregarse aos maus tempos e Batizouse, el e a súa familia: pro non no catolicismo maioritario en Tréveris, senón no protestantismo prusiano que era pouco seguido na cidade e que, ao seu xuízo, resultaría algo máis compatíbel que a fe de Roma co seu deísmo racionalista. De xeito que o neno Marx, nado en 1818, recibiu as augas do batismo so as abóbdas colosais da Aula Palatina do emperador Constantino que é onde os luteranos prusianos instalaran a súa catedral en Tréveris.

Na casa dos Marx non se debeu de tomar moi en serio esta finxida conversión de comenencia e o ambiente no que o neno Karl medrou seguiu a estar impregnado pola Ilustración e o libre pensamento. Como o rei Federico Guillerme III non foi capaz de abolir o *Gymnasium* ou Instituto, deulle o seu nome ao de Tréveris e o neno Marx frecuentouno e nel aprendeu dun profesorado moi ben cualificado no que destacaba o seu director Johan Hugo Wyttenbach, kantiano e sabio arqueólogo. E dado que Prusia quería tratar con suavidade a avanzada sociedade renana, destinou en Tréveris o Conselleiro barón Ludwig von Westphalen, un cultísimo Junker criptoliberal que, de contado, amistou co avogado Heinrich. Westphalen introduciu Karl Marx na literatura romántica, na indagación helénica (descubriríalle Demócrito) e no universo de Shakespeare ao tempo que consentía que a súa filla, Jenny, mantivese relacións e casase finalmente co brillante mozo destinado a dirixir co seu pensamento a transformación do Mundo.

Por outra banda, unha atmosfera cosmopolita arrodeaba aquel primeiro Karl Marx: a súa nai, Henriette Pressburg ou Pressburger, de familia de rabinos holandeses e húngaros, que xamais quixo repristinar en bo alemán o seu *Jüddisch*; a nai da súa noiva, de romántico nacemento na Escocia de Ossian; o seu pai, fascinado por Voltaire e lector incansábel en francés; todos eles foron influencias que levaron o rapaz

á vivencia da non pertenza convencional. En lugar de caer no desraizamento cosmopolita e frívolo, Marx accedeu á conciencia do internacionalismo a partir de aí e a un novo sentimento de Humanidade, máis fondo que o da Ilustración e de signo absolutamente novo.

A semana que vén a imaxe do Marx cativo volverá para se conformar no *Fondo dos Espellos*, se somos capaces de a convocar. Aquí en Galicia.

O laicismo e as viñas (29.09.2007)

Pasaba o neno Karl Marx po lo *Fondo dos Espellos*. El era, en Tréveris, educado no laicismo e no librepensamento. Seguindo os principios da Revolución, Napoléon permitiu a integración plena dos xudeos na comuna civil. Moitos habitantes da xudaría de Tréveris abandonaron esta ao tempo que se libaban das prácticas relixiosas mosaicas e adoptaban puntos de vista deístas e o filosofismo ilustrado. Tal caso foi o do matrimonio formado por Heinrich e Henriette Marx, pais do autor chamado a inverter o sentido da filosofía. É certo que, a partir de 1815, e estando Tréveris so a bota de Prusia, houbo presións sobre os xudeos emancipados para eles se integrasen nas igrexas cristiás ou ben regresaren ao ghetto. A primeira foi a vía escolleita por Heinrich e Henriette, que se batizaron e batizaron os seus fillos na igrexa reformada da Alemaña, aínda que só por razóns de supervivencia, máis ou menos como máis de trescentos anos atrás fora o caso da familia de Fernando de Rojas nun lugar da Mancha. Houbo outros xudeos, e outros Marx, que en Tréveris tomaron máis a serio a súa conversión, como fixo Jakob Marx (1803-1876), *Damkapitular* ou cóengo e teólogo católico cuxa cova no claustro da catedral me chamou moito a atención. A mentalidade laicista ex-xudea é o primeiro dos elementos constitutivos dos anos de formación (pedímoslle emprastadas as verbas a Goethe) de Karl Marx. Así foi incluído o filósofo inevitábel do noso tempo no cadro de honor das personalidades ateas con orixe familiar xudía que contribuíron a configurar o sentido da cultura contemporánea. Digamos só, alén de Marx, Freud ou Einstein.

A todo isto, a cidade católica e inmobilizada de Tréveris coñecera a Revolución uns corenta anos antes do nacemento de Marx. O arcebispo autocrático e príncipe e as cen congregacións e mosteiros e igrexas católicas que dominaban a cidade foran desposuídos dos seus tesouros e propiedades e a secularización e laicización fora completa en Tréveris. O espírito da Aufklärung ou Ilustración ao modo alemán converteuse en hexemónico. Xa Napoléon ordenara limpar de adherencias arquitectónicas medievais a Porta Nigra e Marx neno xogou nunha cidade na que a afección maioritaria da clase media era a das antigüidades e a das escavacións que facían renacer, so as películas infames dunha Idade Media desprezada, os gloriosos monumentos de Roma. Vexamos que Marx, que nacera en 1818 na Brückengasse (hoxe

Brückenstrasse núm. 10) medieval viviu desde os dous aos dezasete anos, en que quitou Tréveris, na Simeongasse (hoxe Siemeonstrasse núm. 8) onde coído que aínda abre as portas unha tenda de electrodomésticos cuxo propietario leva un apelido de traza moi xudea e local. Esta casa, na que Marx se criou, fora edificada sobre as propiedades secularizadas do mosteiro beneditino de San Simeón que a Revolución introducira no mercado de valores inmobiliarios.

Igualiño que Curros se formou na Celanova expropiada ao monacato católico, Marx abriuse ao mundo na Tréveris que fixera pasar ao dominio público, e convertera en mercadoría, as posesións non menos católicas das ordes relixiosas que naquelas latitudes viñan ditando secularmente a lei. De por parte, Tréveris, nos días de Marx neno e nos actuais, era un centro da cultura do viño. A totalidade das encostas do val do Mosela que arrodean a cidade están plantadas de baceiros e ordénanse en magníficos socalcos. As aldeas de onda Tréveris, coma a Kues de Nicolás de Cusa, son illas cercadas pola viña. Todas as grandes entidades de Tréveris posuían viñas e adegas e vendían o viño branco que aínda pode ser comprado hoxe nas boas redes de distribución do monovarietal *Riesling*, que sen razón ningunha Cunqueiro se entestaba en identificar co *albariño*. O mesmo Gymnasium ou Instituto comercializa hoxe o seu viño. Nas crónicas consta o día de 1834 no que Heinrich Marx e os seus amigos de Tréveris brindaron con viño do Mosela pola Liberdade e cantaron a Marsellesa con grave alarma das autoridades prusianas. Ocorrera no salón da sociedade Koliseum e algún día Xavier Castro escribirá unha prosa sobre a influencia do bon viño nas sociedades políticas decididas a impor o Principio Esperanza ou sexa as Luces da Liberdade en épocas sombrizas.

Karl Marx viviu entre persoas libres, laicas e bebedoras de viño na pequena cidade de Tréveris até os dezasete anos, que é cando parte cara ás universidades ao encontro da dimensión gloriosa do pensamento humano en movemento que Hegel é. O ovo do que Karl Marx procede e o que dará lugar á súa grandeza fora posto en Tréveris, Trier, sobre niño laico e coroadado de pámpanos.

Dona do corpo delgado? (06.10.2007)

Estase a discutir sobre a fotografía dunha moza esquelética que parece denunciar os terribles efectos da anorexia. Dise que esta doenza é propia do noso tempo e que o actual canon de beleza feminina descarnada é imposto polos antes chamados modistas ou modistos e hoxe deseñadores. Pro eu non coído que o prestixio da muller magra sexa exclusivo destes días de hoxe xa que o ídolo feminino da miña neñez era Greta Garbo e o da miña mocidade Audrey Hepburn co seu zapato plano e o seu pantalón colante en *Sabrina*. Por outra banda, observo que a anorexia é un pade-

cemento que aparece moito ben descrito polo fundador da literatura gastronómica europea: Anthelme Brillat-Savarín.

Conta este autor, na súa obra inmortal *Physiologie du Goût ou méditations de Gastronomie Transcendentale* (1816), a triste historia de Louise, unha súa amiga de mocidade. Bela e ben proporcionada, ela, sen dúbida, exercía unha forte atracción sobre Anthelme. En ocasión dun baile, Brillat-Savarín atopouna magra, devecida ou esperecida. Ela pediulle que tomasen asento durante dúas contradanzas pois que se sentía fatigada. Logo docemente Louise confesoulle a Anthelme o seu íntimo segredo: farta xa das bulras dalgunhas das súas amigas, que lle anunciaban que antes de dous anos estaría «tan gorda coma un San Cristovo», dicidiu adelgazar e, a tal efecto, deixou practicamente de comer e enviaba cada mañá un vaso de vinagre. Por causa de tal réxime, a amábel Louise perdeu a vida. En palabras de Brillat-Savarín «reducida ao estado horroroso que acompaña o marasmo, durmiuse para sempre cando contaba apenas dezaioito anos». Oito horas despois da súa morte, o cadáver transfigurouse e parecía irradiar unha beleza anxelical. Brillat-Savarín asegúranos que ese é un fenómeno natural posterior á morte que Lavanter describe no seu *Traité de la plysionomie*. Co cal eu penso que Brillat-Savarín debe de ser o autor da primeira descrición literaria (*Physilogie du Goût*, «Méditation XIII, De la Obésité») dun proceso psicolóxico que conduce á obsesión por conseguir un corpo delgado e á morte por fin. Non, a anorexia non pode ser un mal exclusivo da época na que vivimos. Anthelme Brillat-Savarín (1758-1826) levou ao máis alto grao de dignidade literaria os temas de gastronomía nunha época na que o cociñeiro francés Marie-Antoine Carême (1784-1833) sacaba a arte culinaria francesa do *bouilli* e do *rôti deveau* para a enriquecer coas suntuosidades dos prebes e dos *fondants* que dominarán os obradoiros da alta cociña internacional até datas moi recentes nas que, primeiro o alixeiramento dos compostos e logo unha concepción laboratorial e ideoloxicamente deconstrutiva, abriron unha etapa, a presente, de comida desprovista de calor festivo e incompatible co riso franco e a conversa de cualidade.

Brillat-Savarín, burgués de toga, foi fillo da tranquilidade reflexiva da provincia francesa que a Revolución abalou até a facer trousar e sangrar polas ouellas. Republicano, foi tachado de federalista e os xacobinos expropiáronlle unha viña en Belley, con dor do seu corazón. Logo, inamovíbel nos seus cárregos de maxistrado da *Cour de Cassation*, viu pasar moita auga polo Sena veciño do seu despacho e viviu o bonapartismo e a restauración absolutista, o último dos cales réximes soportou sen se entregar a el. Obrigado pola superioridade a asistir, estando acatarrado, a unha misa pola alma de Luis XVI na igrexa de San Denis, morreu de bronconeumonía e de contrariedade ético-política por consecuencia. Era sabio en ciencias e especialmente en Medicina, alén de no Dereito, que lle era propio. Coñecía as linguas clásicas e decíase del que falaba todas as modernas de Europa. Dotado de perspicacia psicolóxica parella á de Stendhal, Brillat-Savarín entra na alma das xentes que na súa obra trae

(nunca mellor dito) a colación. O estilo semella un pouco atrasado para o seu tempo e é debedor dun La Roche-Foucauld ou dun La Bruyère, mais xa cruzan as súas páxinas fúlminas románticas coma ocorre no caso do relato da rapariga anoréxica de que tratábamos. Un dos puntos fortes de Brillat-Savarín é o humor, o que ocasionou que a maioría dos escritores gastronómicos que o sucederon en Europa e en Galicia se sentisen inclinados a pór nos seus textos algún gran de sal pándigo ou divertido. Brillat-Savarin era de alta talla (nomeábano o «Tambor Maior da Corte de Casación»), grande cazador e monteiro, amigo da leria apacíbel, erudito enciclopedista e moi versado nas letras antigas e nas modernas de Francia e Inglaterra. Honoré de Balzac, sempre devoto da boa mesa, admirábao e escribiría despois da morte do gastrónomo o seu propio *Traité des excitants modernes*. Píntano os contemporáneos de colo alto e pantalóns frouxos, polo cal os *dandys* de París consideraban o seu aspecto particularmente provinciano.

Persistencia pagana (13.10.2007)

Na discusión que manteñen Mónica Pereira e Edmundo Domínguez sobre os nomes galegos dos días da semana e dos meses do ano, os dous teñen razón.

As formas normais en galego para os días da semana son: LUNS (ou LUS ou LUIS en certas zonas), MARTES, MÉRCORES, XOVES, VENRES, SÁBADO e DOMINGO, como aparecen nos almanaques (palabra de orixe exterior que debemos conservar por moi sonora). Son ben paganas e fóronnos impostas por Roma a nós e aos outros pobos da Romanía; e non só. Fagámoslle agora unha rápida visita filolóxica a estes nomes dos días da semana.

LUNS (LUS, LUIS) procede do latín *dies lunae* ou *dies lunis* «o día consagrado á Lúa». Acharemos no máis fondo da palabra a raíz indoeuropa **leuk-*«brillo», da que tamén saíu o latín *lux* «luz».

MARTES é resultado dun latino *dies Martis*, ou sexa o día dedicado a Marte. Este, *Mars*, *-tis*, era o deus romano da guerra que, co tempo, se asimilaría ao Ares dos gregos que nada ten que ver coa vila e ría de Ares; abofé.

MÉRCORES, de *dies Mercurii*, perpetúa o nome de Mercurio, deus romano seguramente de procedencia etrusca e protector do *merx* ou sexa do «mercado». Deberían saber ben os mercantilistas, os neoliberais e os neoconservadores; adoradores moteístas de Mercurio.

XOVES, de *dies Iovis*, é o día liminoso por excelencia («dos jueves hay en el año/ que relumbran como el Sol», adaxio castelán) pois é o que perpetúa hoxe a Iuppiter, o celestial patriarca dos deuses romanos.

VENRES é o *dies Veneris* ou día de Venus, a deusa do amor, dos praceres libidinosos e da vida: *alma Venus* (Lucrecio).

SÁBADO é día de nome introducido polos cristiáns. Vénnos do latín eclesiástico *sabbatum* que, a través do grego *sábbata*, deriva do hebreo *sahabbat* que quer decer «descanso». Parece que descanso prescrito pola lei antiga.

DOMINGO, tamén cristián, vén de *dominus*, orixinalmente «o amo da casa». Logo, o cristianismo, absorbendo a noción do grego *Kyrios*, converteu *Dominus* no nome de El Señor ou sexa de Deus. Así, *dies Dominicus* chegou a ser Domingo.

J. Pérez Ballesteros, no seu *Cancionero Popular Gallego* (1886), difundiu a idea, tirada da *Historia de los Heterodoxos Españoles* de Menéndez Pelayo, de que San Martiño de Dume, conselleiro áulico da monarquía sueva de Galicia, ordenara a abolición dos nomes paganos dos días da semana unificándoos case todos na palabra latina *feria* «día festivo» acompañada do ordinal correspondente, descontando SÁBADO e DOMINGO. Así, para unha parte da poboación galega, os nomes dos días da semana pasaron a ser SEGUNDA FEIRA, TERZA (ou TERCEIRA) FEIRA, CUARTA (ou CORTA) FEIRA, QUINTA FEIRA, e SESTA FEIRA, seguidas de SÁBADO e DOMINGO. Non parece ser moi certa a lenda de que foi Martiño Dumense o autor da serie das feiras galegas para os días da semana, pois Alfred Ernout advírtenos de que a iniciativa, mesmo allures fracasada, atinxiu a toda a Cristiandade.

En todo caso, o uso de *feiras* en lugar dos nomes paganos triunfou no Sul da Galicia histórica. Ao se esgallar o vello Reino, a serie das *feiras* fíxose exclusiva en Portugal, aínda que tamén se conservou en amplas áreas da actual Galicia administrativa, nas vixentes provincias de Pontevedra e Ourense. Durante o século XIX e XX as formas casteláns impuxéronse moito e fixeron tamén retroceder o uso da serie ordinal por *feiras*. O galego normativo restaurou os nomes xenuíños paganizantes e as *feiras* ficaron infelizmente marxinas aínda que faremos moi ben en loitar pola súa revaluación. En todo caso é tan galega e lexítima a nomenclatura de orixe pagana dos días da semana como a reformada por influencia cristiá na sucesión de cinco días chamados *feira*. No caso dos chamados en galego feira, nunca vin explicado por que unha palabra que en latín (*feria*) significaba «xornada na que se folga» pasou entre nós a nomear precisamente os días nos que se traballa.

Finalmente, unha observación faise precisa. En moitas zonas do Sudoeste de Galicia, os bons practicantes do galego nunca lle apoñen o artigo determinado aos días da semana da serie paganizante. Así dirán: «Viñeron de Pontevedra Martes». Encontro este uso moi enxebre e merecente de ser fomentado no ensino e medios de comunicación de masa.

Sábado que vén (así) pasarán polo *Fondo dos Espellos* os nomes que a lingua lles dá aos meses do ano.

Sempre paganos (20.10.2007)

74

Sábado pasado viamos que o cristianismo non conseguiu borrar os nomes paganos da semana, descontando SÁBADO e DOMINGO. Por moito que lle proese a San Martiño de Dume ou Dumio, conselleiro dos reis suevos nosos e, segundo fundamentada sospeita, axente político do Basileus de Bizancio, os nomes dos meses do ano seguiron a se referir en galego a divindades paganas ou a personalidades políticas, non menos paganas, en ambos casos de Roma, cando non á simple orde numérica que ocupa no vello cómputo latino; así até hoxe e parece que para sempre. Aproximémonos un chisco aos nomes que en galego lles damos aos meses do ano, por cumprimentar Mónica Pereira e Edmundo Domínguez.

XANEIRO, nome do primeiro mes do noso ano, provén do latín *Ianuarius (mensis)* ou sexa: o mes dedicado a Ianus. Esta entidade era un deus da pasaxe entre mundos e entre bairros romanos. Tiña dúas caras e, o templo del, dúas portas. Tamén era o deus dos principios das cousas e indíxena romano sen correspondencia no Panteón grego.

FEBREIRO ven dun latino *Februarius (mensis)*. Segundo Servio, Februus era un deus infernal, tamén puro romano. «Febreiriño corto/ cos seus vinteito,/ se dura máis catro/ non queda nin can nin gato»: veleiqué a raíz infernal de Februus. Dálle este inferior nome a un mes do mesmo xeito que o fai Ianus: «...*duos mensis Iano et Februus nominati sunt*».

MARZO é por veces chamado Marzal (ollo, Edmundo) de forma que eu reputo incorrecta e influída por algún dito ou adxectivo *marzal* referido ao mes en cuestión. Trátase do mes romano *Martius (mensis)* asociado a Mars ou Marte, deus da guerra que, no calendario vello romano, era o primeiro do ano. Tan potente era Marte que tamén lle deu nome ao noso día Martes da semana.

ABRIL é nome eufónico que procede do latín *Aprilis*, mes segundo do antigo calendario de Roma. Teño entendido que é un adxectivo substantivado e que popularmente, na Antigüidade, foi asociado a Venus porque Ela é realmente a responsábel de *aperire* ou abrir á vida toda cousa. Benveniste pensou que era nome etrusco, *apru*, que, á súa vez, fora tomado do grego Afró, hipocóristico ou familiar de Afrodita, co cal voltamos de novo a Venus. Se Abril é o mes de Venus non ten xeito que sexa o mes máis cruel, como T.S. Eliot pretendiera: «April is the cruellest month, breeding...»

MAIO, no latín *Maius (men sis)* recibe o nome da deusa Maia (romana e non grega, ollo), nai de Mercurio, filla de Fauno e esposa de Vulcano. Tal Maia tense por panitálica. O maio é en Galicia mes de celebracións paganas. Afonso X cantou, en galego, invencíbel as Maias.

XUÑO era en Roma o *Iunius (mensis)*. Esta luno foi unha deusa itálica que chegou a se identificar coa Hera grega, pero bah. É mes feminino porque luno inspiraba en Roma o espírito das mulleres, as cales soían xurar por esta deusa así: *Eiuno!*

XULLO recibiu o seu nome da *gens* Iulia. A seguir do asasinato político de Iulius Caesar ou Xulio César, houbo tal conmoción na Urbe que, como consecuencia da apoteose funeraria, a República mudou o nome do mes chamado *Quin(c)tilis* polo de *Iulius (mensis)*, de onde vén o noso xullo.

AGOSTO é nome de mes que remotamente procede do verbo *augeo* «medrar», que dará lugar, por vías que non son do caso, ao adxectivo *augustus* que levou como título principal o sobriño de César cando foi Emperador por excelencia.

SETEMBRO (SETEMBRE) inicia a serie dos nomes de meses que perpetúan o número de orde que tiñan no calendario romano vello; neste caso o número *septem* «sete» dará en *September (mensis)*. Logo vén OUTUBRO, número *octo* «oito» dos meses romanos, de *October (mensis)*. Segue NOVEMBRO, do número *novem* «nove» a que se refere *November (mensis)*. Finalmente, DECEMBRO, o mes décimo do antigo cómputo anual romano, de *December (mensis)*, clausura o noso ciclo anual con *decem* «dez».

Pro, atención: estes nomes dos meses que veñen directamente de Roma e do paganismo a nós recibiron, desde a Idade Media a agora, en Galicia segundos ou terceiros nomes que, sen borrar cos primeiros, os ligan co cristianismo e coa vida real do mundo agrario. Así XUÑO será tamén chamado MES DE SAN XOHÁN; XULLO será o MES DE SANTIAGO, DA SEITURA ou da SEGA; OUTUBRO recibirá, coma segundo, o nome da correspondente estación do ano, e será MES DO ou DE OUTONO; NOVEMBRO será tamén coñecido como MES DE NATAL ou DE NADAL (lembren que en Portugal, tradución do francés Papa Noël, existe a figura do Pai Natal).

É de notar que o bon uso do galego contemporáneo aconsella en ocasións que o nome do mes vaia acompañado do artigo, contracto ou non, determinado. Vexamos como exemplo esta tradución didáctica duns versos de Antonio Machado: «*Ao ulmeiro vello aberto polo lóstrego,/ a medias podrecido,/ coas marmañas do abril e o sol do maio/ renovos verdecentes lle saíron*».

Vilanova enigmática (27.10.2007)

76

Polo *Fondo dos Espellos* da casa pasan caras defuntas e consolídanse os perfís do enigma. Estamos en Vilanova dos Infantes e a noite abóuxanos coa pedrea infinita dun firmamento incendiado. Ireilles falando de tres misterios desta vila; a saber: do seu nome ou nomes, da hipotética comunidade xudía que poido albergar e da Virxe do Cristal. Enigmas de Vilanova dos Infantes!

Nas primeiras noticias, a poboación recibe en latín no nome de Villa Nova, coma tal no ano 916, cando o señor da terra, Gutier Méndez, lle pasa á súa muller Ilduara ou Aldara Eriz unha parte da casa común. Sabía ben o rei Sancho Ordóñez que eiquí tiñan eses magnates, pais de San Rosendo, a súa residencia, pois no documento de doazón de Vilar (logo Celanova) fala en 927 da «domui vestri Villenove». Ou sexa que Vilanova dos Infantes no século X era Vilanova sen máis.

Moitos anos despois, en pergamiños de 1358 e 1369 achados por Xosé Benito Reza e lidos por Ramón Lorenzo, vese, en galego dereito, que a poboación e couto señorial recibe o nome pomposo de O Castro de Vilanova das Infantes. Así se chamaba a vila na que agora escribo ocasionando que o repinique da Underwood ecoe polas pedras do castelo. Quen fosen ou deixasen de ser tales *infantes* femininas tense discutido. Non penso que se tratase de Ilduara/Aldara e a súa filla Adosinda, que por alí fundaran un convento sobre o 950. Hai quen fala dunhas fillas, recolleitas como freiras, de Afonso o Sabio. E aínda outras posibilidades.

O caso é que a vila cambia a lingua do seu nome e múdalle o sexo ás infantes na Idade Moderna, pasando a ser «Villanueva de los Infantes» nos documentos, que non na boca dos nosos devanceiros. Tamén é verdade que sabios coma o Padre Flórez escriben «Villanueva de las Infantas». O historiador non sabería que en galego e en castelán antigo *infante* era a forma única para ambos xéneros («... infantes son et de dias chicas...»: *Cantar de Mio Cid*). Así que, en 1837, desaparecida a denominación Castro para sempre e abolido o couto señorial, constitúese o *ayuntamiento* de «Villanueva de los Infantes» con sede na torre de menaxe do castelo.

O mau foi que na provincia de Ciudad Real, antiga Villa Real, creábase simultaneamente o *ayuntamiento* constitucional tamén de Villanueva de los Infantes, na vila famosa pola triste morte alí de don Francisco de Quevedo. Todo isto ocasionaba molestias administrativas, mercantís, cambiarias e no servizo de correos. Cousa que a xeración do meu avó aproveitou, e os veciños solicitaron a Madrid o troco de nome da nosa vila e concello. Resolveuse o expediente na Corte e os de Ciudad Real quedaron como estaban e están, e nosoutros pasamos a nos chamar, por Real Decreto, Vilanova de los Infantes ou Vilanova d'os Infantes, que houbo vacilación. Isto ocorreu por volta de 1916 polo que podemos decer que, o de Vilanova, é o primeiro caso de recuperación oficial dun topónimo galego deturpado pola castellanización colonialista.

Notas.

1. No concello de Guimarães existe unha freguesía chamada Vila Nova das Infantas na que se anuncia moito como *turismo de habitação* unha Quinta das Corujeiras. Na provincia española de Valladolid e na comarca dos Páramos de la Esgueva hai un pequeno e bonito pobo que recibe o nome de Villanueva de los Infantes. Non sei nada destas dúas poboacións.

2. O nome oficial aceptado polos veciños e oriundos da vila de que tratamos é Vilanova dos Infantes e aínda hai quen lembre a tradición popular dunha señora de eiquí que botou ao mundo sete meniños dun parto. A parroquia católica, que en tempo asumiu a capitalidade do arciprestado, leva o mesmo nome maila advocación de San Salvador, nunca usada na comunicación civil ordinaria. Con todo, hai amadores da historia e da tradición aos que lles gorentaría que o noso topónimo fose restaurado como «O Castro de Vilanova das Infantes», o que me resulta demasiado difícil de conseguir, aínda que desexábel.

77

Sinagogas imaxinarias (03.11.2007)

Falouse dunha poboación xudía en Vila nova dos Infantes. Non lonxe de alí, polas partes de Soutomel ou Fechas, documéntase por primeira vez a presenza de xudeos en Galicia (esquenzamos, de momento, as lápidas da Coruña). En documentos de 1042 e 1044 coméntase do señor Airas Oduáriz que lle prendeu ao conde Mendo Gundisálviz uns *seus hebreos*, os cales parece que andaban no trato do gado. Pois si, había, ao tempo, uns xudeos galegos que pertencían ao aguerrido Mendo Gundisálviz, con posesións no Val do Arnoia, pero para nada se nos di que tales hebreos vivisen ou tivesen nada que ver coa vila de Vilanova nin moito menos co convento de Celanova. Existe o relato de que en Vilanova perdurou un conxunto importante de xudeos como conversos e que, tras a grande expulsión, a comunidade chegou até os nosos días. Segundo tal, estes «cristiáns novos» constituirían familias que nunca se dedicaron a agricultura, que practicaron a endogamia, que habitaron sempre as rúas máis próximas ao castelo da vila e que se dedicaron a oficios que os obrigaban á ambulancia e á viaxe. Os de músico, artista de títeres e circo, panadeira, comerciante de tecidos e, sobre todo, zapateiro ou «mestre de obra prima» foron algúns oficios nos que destacaron estes veciños de Vilanova.

Xa na súa *Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia*, Pedro González de Ulloa (1777) dicía dos meus antepasados de Vilanova e dos outros moradores que eran «los más pobres y haraganes», debido (digo eu) a que non lles gustaría traballar a terra do conde nin as doutros fidalgos con casa na vila coma os Enríquez, os Feixóo e os Camba. O carácter especial destas xentes, aos ollos do tal Ulloa, faise evidente cando este di dos nosos que «son bien plantados y los más con poca raíz» ou, alternativamente, «gente bien plantada y mal podada». Tales bulras poderían ser interpretadas coma que estes veciños carecían das raíces antigas dos «cristiáns vellos» e non foran debidamente domesticados no catolicismo tridentino.

Eu sintome orgulloso de que a metade do meu sangue veña de xente que era como di o tiraboleiro cronista do conde de Monterrey.

78 A lenda, que chega aos nosos días, faise negra cando inclúe o elemento de que os de Vilanova temos rabo de marrao, detalle que nós aceptamos con moi bo humor. A este respecto eu podoo decerlles que unha miña bisavoa (panadeira e nai de zapateiros, naturalmente) levaba o alcume de Tía Rabina, alcume que a usuaria transmitiu á descendencia. Os de fóra, sobre todo os señoritos de medio pelo de Celanova, houbo un tempo no que nos obsequiaban, como insulto neste caso, co título de «sarracenos». En fin, todo o dito podería ser interpretado como indicios folclóricos de que as familias de Vilanova dos Infantes coma a miña paterna conservaron ao longo de catro séculos ou así unha comunidade de conversos que sufriría algún tipo de discriminación cultural. En todo caso, as mocedades das nosas familias nunca foron submisas e souberon facer pagar o seu atrevemento aos que usaban destas inxurias contra eles. A memoria oral repite, xeración tras xeración, a crónica épica dos «ataques» ou batallas campais entre os de Vilanova e os de Celanova, batallas nas que os nosos avós e tataravós sempre saíran airosos e houbo un día mítico no que chegaron a tomar, armados de fondas e subelas de zapateiro, a praza de Celanova mesma.

Outro conto, este de natureza máis ben erudita, é este. No camiño de Vilanova a Santa María, existe realmente un subterráneo con dúas entradas e de feitura regular, baixo o monte dos Pinabetes, que pertenceu á miña tía Candita, ao que chamamos sinxelamente As Covas e que foi escavado en época indefinida cun fin pouco claro. Por parte, tamén hai no Arrabaldo da vila e case ao pé da muralla, outro subterráneo que foi usado até hai pouco tempo como adega. Un respiradoiro, moi ben edificado en forma de garita no século XVIII, dá conta desta última utilidade e o subterráneo recibe o nome, enigmático e cristián, de San Bibián. Pois ben, esta outra lenda, completamente fantástica, fala de que, tanto As Covas como o San Bibián, eran sinagogas clandestinas nas que os conversos de Vilanova dos Infantes celebraban os seus ritos criptoxudaicos na Idade Moderna.

Polo tanto e en resumo: os atributos pexorativos e discriminatorios cos que se describiu tradicionalmente as familias urbanas de Vilanova dos Infantes non son suficientes para poder falar con seriedade dunha comunidade de xudeos conversos que sobrevivise desde 1492 e menos dunhas xentes que practicasen secretamente nese tempo os ritos hebreos. Pódese tratar, simplemente, da caracterización negativa que unha sociedade señorial e labrega fai dunha poboación artesá, non rural e, aínda que pobre, libre. Os valores campesiños non serían asumidos en Vilanova e esa disidencia de vida, actitudes culturais e una mentalidade moderna moi alpeiradora, ocasionarían a aparición da lenda do xudaísmo e das sinagogas subterráneas. E se a hipótese dunha poboación xudía pertinaz non pode ser considerada realmente, da existencia dunha xudaría ou ghetto organizado como tal en Vilanova dos Infantes non existe a menor proba.

A Virxe do Cristal (10.11.2007)

Estamos a falar dos enigmas que se concentran en Vilanova dos Infantes. Extramuros do burgo, encóntrase o campo comunal e o santuario no que é rendido culto á Nosa Señora do Cristal, que é un obxecto tan belo como misterioso; diferente a todas as imaxes marianas do Mundo. Só se pode admirar plenamente esta marabilla tendo na palma da mao e ela consiste nun volume ovoide de vidro transparente duns cinco ou seis centímetros no interior do cal loce unha figura plana de Santa María que amosa dous atavíos algo diferentes vista dun lado ou doutro. A boca dela sorri con bondade e certo chiste, e nas vellas familias de Vilanova sempre cada quen lle notou parecido cunha filla, cunha nai ou noiva. O pobo da vila consideramos a Virxe do Cristal un tesouro común e público e, sexan cales sexan as crenzas ou descrenzas dogmáticas dos individuos, todos aman esta imaxe singular e a levan no corazón. Ninguén sabe quen é o autor de tal obra de arte mínima nin cando nin onde foi fabricada, aínda que se sospeite dun obradoiro asiático.

Existe un relato oficial da aparición do Cristal que sitúa este acontecemento no século XVII e adóitase citar a autoridade do «bo Villafañe», que dixera Pondal. Tamén flúen narracións orais que eu teño ouvido moito contar. Todos coinciden en que a Virxe do Cristal caeu do ceo no campo ermo no que hoxe está o seu claro e luminoso santuario dezaoitesco e que unha nena que andaba co gado achouna e levoulla ao señor abade tras pasar pola mao dun labrego que terminou por chimpala ao chao debido a que lle pesaba na faltriqueira. Sentín eu decer que caíra dentro dunha pedra de «*escarabana*, que é como lle nós chamamos, á *sarabia*. Curros Enríquez, cuxa nai viña, por Enríquez e Nogueiras, dunha das familias pobres, artesás e libres de Vilanova, cantou ao seu xeito a lenda no famoso poema titulado *A Virxe do Cristal* e tamén se referiu a esta Señora en *El Maestro de Santiago*. Así fala Curros da Santa, esquencendo o seu luteranismo e o seu deísmo francomasónico:

Mirada dendes de lonxe,/ reloce coma un diamante,/ parece dalgún xigante/ ollo sin párpado, atrás;/
pero mirada de preto,/ suspende, ademira, espanta,/ vendo nela a imaxe santa/ da bendita Nai de Dios.

Versos estes elocuentes e dotados dunha espléndida énfase victorhuguesca.

Cada 15 de setembro celébrase a romaría do Cristal, que é o día central do ano de Vilanova dos Infantes. Sae daquela a Virxe en procesión dentro dun baldaquino con angarellas polas que puxan os ofrecidos vindos de lonxe. E a imaxe, que é miniatura, apenas se pode adiviñar inserida na súa custodia. É o intre no que Vilano va lle rende culto á súa Señora cunha danza cuxa orixe se perde no máis *Fondo dos Espellos* do tempo. Unha serie de pasos coa música de gaita e a coreografía fixadas pola tradición, vanse sucedendo, un deles de forma incesante durante toda a procesión. O vestido e adorno dos danzantes, con bandas e fitas e con flores de papel nos chapeos, aseméllase ao doutras danzas cerimoniais de Europa relacionadas con

ritos arcaicos de renovación da Natureza, entre as que citamos as *merry dances* británicas por irmos ben lonxe. Os que danzan, que até hai pouco eran só varóns, visten enaguas brancas de muller, o cal os emparenta co traxe da danza tradicional de Miranda do Douro que tan ben soubera preservar o Padre Mourinho. O curioso é que, coa evolución contemporánea dos roles dos sexos, agora danzan tamén mozas e mesmo hai anos nos que non figura danzante varón ningún. O efecto travestista, se cadra orixinado por algunha intención de sacrificio expiatorio, quedou case anulado pola mudanza dos costumes. Cal sexa a orixe da danza en honor da Virxe do Cristal é algo que ignoramos do mesmo modo que descoñecemos outros escuros segredos de Vilanova dos Infantes. Ollo; que a danza sexa gremial e dos zapateiros é hipótese que se nos veu á cabeza un día pero que non está para nada documentada.

Pómulos famosos: pé de foto (17.11.2007)



Estes que ven eiquí na fotografía, que xa non daguerrotipo, de 1884 son Rosalía (que coa Rosa se Alía) e a súa familia retratados por alguén cuxo nome eu ignoro, seguramente na horta da Matanza (Padrón, onda o tren). A partir de agora, xurdindo do *Fondo dos Espellos*, Rosalía será só Ela.

De pé é Murguía, cun case sorriso loiro (Manuel Antonio, moitos anos despois). A man do papá é agarimosamente apreixada polo fillo, Ovidio, que cos anos sería pintor de talento, morto antes da plenitude. Ovidio é agora un rapazolo guapo cuxa actitude é imaxe viva de que o complexo de Edipo non existe. Enigmática, coa mesma boca de Ela, figura tamén en pé, Alexandra, a maior da prole de Rosalía e don Manuel.

Sentadas están as fillas, coma envergoñadas polo retratista. Todas levan nomes nada católicos e moi literarios. A primeira pola esquerda é Gala, como a rusa que foi amada de Paul Éluard e de Dalí, digamos. Eu falei con Gala Martínez (Murguía) de Castro en Madrid, nun café de Ópera, 1958 exactamente; viñera do ganchete de Fernández Ferreiro. Logo, a que máis descarada olla para o obxectivo é Aura, unha roxa con cariña de lúa que se asemella moito ao pai e é xémea de Ovidio. Despois de Ela (con maiúscula) vén, moi linda e como tímida, cos ollos baixos e sen saber onde meter esas mans, Amara.

No centro da fotografía, porque é o centro natural da Patria, está Ela (Rosalía). Unha Ela que adopta actitude corporal que non ten nada a ver coa afectación pedante nin coas longas xíneas aristocráticas das que realmente procedía. Esta nosa Ela déixase retratar coas pernas estarricadas e aloumiña contra a saia un cadelo pitís ben orelludo, o cal mira para nós, listo, desde o *Fondo dos Espellos*. A cántiga, poida que da aurtoría de Ela, di: «*Eu teño un canciño,/ qué bunito é./ Baila a muiñeira/ na punta do pé*».

Como se chamaba este can non o souberon nunca nin Juan Naya, nin Caamaño Bournancell, nin Bouza Brey e Trillo Figueroa nolo dixeron. Ben; o vestido enteirizo de Ela ten o van alto. Non disimula un ventre comprido e márcalle o peito de xeito Primeiro Imperio; peito que percibimos moi ben proporcionado. Sen descote ningún, Ela, natural, fai emerxer á luz o propio rostro e olla cara nosoutros, a posteridade, cun ar canso e eu diría que feliz. Non se retrata con sombreiro, porque Ela é progresista ou sexa muller de espírito libre. Cáenlle sobre a fronte uns rulos deliberados e rebeldes. –«¿Quieres colocarme ese rizo sobre las narices?»– Hacia el centro de la frente, como la señora lo manda otras veces». Este é un diálogo de *El Caballero de las Botas Azules*.

Os ollos de Ela son pequeniños e amosan a evanescencia das famosas mulleres miopes. A boca é grande, sorrí franca e, dentro, negros, advíñanse os abismos e os succulentos segredos. Un repregue carnoso marca os pómulos de Ela. Pómulos que foron considerados signos de fealdade, mesmo estigma plebeio: mimá! Tamén eses pómulos inspiraron un treito sublime de Luís Pimentel. A face ancha, o queixo marcado, o nariz discreto, a inclinación atenta da cabeza, fan da imaxe de Ela un conxunto belísimo e inspirado pola intelixencia e a razón, alén de por o nume poético xeralmente aceite. Por riba do tempo, Ela chama por nós desde a fotografía.

En realidade, toda a familia nos está a decer que son xente liberada de modais afidalgados ou burgueses. Digamos; persoas fillas da Revolución Galega de 1846 e

protagonistas, por pouco tempo, da do 1868. Non se ofrecen ao retratista con cerimonia, senón como eles son decotío. Resistentes á Restauración, son pobres e non se visten de gala para o caso. Sabemos que Ela vai morrer dous escasos anos máis tarde de o fotógrafo darlle ao clic, o cal converte esta foto en algo esterrecente. Os conceptos de República, de Galicia, de Democracia, de Progreso, pululan na atmosfera fotográfica. Digo eu que estes son os Valores que nos transmiten (xa parezo eu Rouco Varela...) aqueles e aquelas que saen no retrato de familia de Rosalía de Castro.

A vida de Rosalía de Castro, ou sexa Ela, foi relatada, ao meu xuízo, unhas veces de xeito erudito extremo e, outras, en clave chafalleira. Se temos saúde, faremos aparecer eiquí en semanas seguintes aquela que Rosalía de Castro foi en vida.

A novela familiar de Rosalía de Castro (24.11.2007)

Desde mediados do século XX, as circunstancias do nacemento e infancia de Rosalía de Castro sempre foron relatadas dun xeito fixo e comunmente aceptado. Vexamos: Teresa de Castro Abadía, solteira, 29 anos. Páriu nunha casa emprestada do Camiño Novo, Compostela, unha nena o 24 de febreiro de 1837. Xosé Varela de Montes asistiu a Teresa neste parto. O mesmo médico e filósofo social embrulla a meniña e lévaa no colo do Camiño Novo ao Hospital (hoxe Hostal dos RRCC) no que había tamén inclusa. Batízan alí a naipela como María Rita Rosalía, filla de pais incógnitos. É madiña María Francisca Martínez, irmá ou enviada do pai da neófita. Por orde do pai, a María Francisca marcha coa meniña para a aldea de Ortoño, na cal a aleitoará a muller dun xastre para logo a familia paterna se facer cargo dela. Neste Ortoño, Rosalía medrará e se fará aldeá galega. O pai era Xosé Martínez Viojo, crego de baixo rango adscrito á colexiata de Santa María de Iria ou da Adina. Mantivera relacións con Teresa pro coa eximente de facer tal (con 39 anos) antes de cantar misa. Finalmente, e non se sabe cando, Teresa, arrependida, acepta a filla e dálle o seu apelido. Nai e filla aparecen xuntas en Compostela no ano 1853, tendo Rosalía 16 anos. Así é como, aproximadamente, R. Carballo Calero nos conta as orixes de Rosalía de Castro.

Pro, examinada a historia cunha ollada crítica, vemos que non existen probas de que o doutor Varela de Montes intervise no nacemento da meniña para nada. Que o crego que a batizou se apelidase Varela Montero puidera estar na orixe do conto. Non hai fonte ningunha sería que diga que Xosé Martínez Viojo fose o pai de Rosalía, e menos que tivese a simple condición de seminarista no intre de a enxendrar. Se é verdadeiro o principio *«pater semper incertus est»*, como moi a propósito relembra Freud, neste caso resulta especialmente xusto. María Francisca Martínez nin era irmá do crego Martínez nin enviada deste, senón a criada da *certissima* nai. Despois desta morrer,

María Francisca seguiu até o fin dos seus días con Rosalía e con Murguía e debeu de ser unha especie de segunda nai para a nosa autora, como se ten dito. Non é certo que Teresa se desentendese inicialmente da súa filla, pois tomou disposicións para que ela fose rexistrada e confiada a unha descoñecida (para nós) ama de cría, que ben poido ser de Ortoño, que non é lonxe da aldea nativa de María Francisca (Campo). Sábese, seguro, por Álvarez Ruiz de Ojeda, que Rosalía vivía feliz coa súa nai e con María Francisca en Padrón no ano 1842. Ou sexa, desde os cinco anos e non hai ningunha sospeita razoábel de que non estivesen xuntas desde o final da lactancia e de que, durante ela, a nai non tivese contacto coa filla.

Por que tanta mixtificación e tan infundados relatos cobran na bibliografía máis respectada a aparencia de verdades? A resposta é que Lois Tobío Fernández, home serio, lles transmitiu todos os elementos infundados da estoria aos seus amigos e irmáns Fermín Bouza-Brey, X. Filgueira Valverde e outros, sábese que no ano 1923. Como máxima autoridade, Tobío invocaba o relato da súa tía avoa Minia Martínez Tobío, da familia do Martínez Viojo. Todo parece indicar que, baseándose nalgunha circunstancia que ignoro, quizais a de ter sido algunha muller da familia a verdadeira ama de cría de Rosalía en Ortoño, alguén dos Martínez de que falamos fabulou o conto da paternidade do crego da casa e da maldade da señorita De Castro que quixera desfacerse da filliña. Trátase, aparentemente, dunha fantasía de grandeza moi semellante á do «antepasado fidalgo ou ilustre», tan común, que podería ser analizada, coma outras do mesmo xénero, mediante unha socialización da *Familie-roman der Neurotiker* ou novela de familia do individuo neurótico de que tratou Freud en 1908.

Lois Tobío sucumbiu seguramente á fascinación da novela e convenceu da súa veracidade, baixo palabra de honor, á xeración intelectual de 1925, que peregrinou precisamente a Ortoño e non a Padrón, poñamos por caso, para o acto fundacional do Seminario de Estudos Galegos facendo tal en memoria de Rosalía de Castro. Outra explicación non me dá vido á mente.

A vida de Rosalía de Castro, da que se ocuparon autores contemporáneos dela e nosos, alén de amosar pavorosos buracos de descoñecemento, áchase embazada, como quixemos advertir, pola mitificación e polas fantasías escritas e de transmisión oral. Nos nosos días, as brillantes investigacións de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda supoñen avances substanciais a respecto dos datos, e dos ensoños, aportados por anteriores eruditos que se ocuparon da vida da nosa autora máxima. Estamos á espera de que alguén con talento nos regale con esa biografía de Rosalía de Castro que o século XXI está a requirir.

Sol Negro, Negra Sombra (01.12.2007)

84 Certo xornalista de *El Pueblo Gallego* pediulle un día a Otero Pedrayo: «Defínase, Don Ramón». Para gozo de Carballo Calero, respondeu o polígrafo de Trasalba cuns versos famosos de Gérard de Nerval que eu ouso pór así en galego:

Eu son o tebegoso, o viúvo, o inconstolado / Príncipe de Aquitania que xaz na torre esquiva. / Morreu a miña estrela; constelado, o laúde / Ostenta aquel Sol Negro que din Malenconía.

As coincidencias entre Gérard de Nerval (Gérard Labrunic, 1808-1853) e Galicia son xurdias e fannos acordantes dun conto de Hoffman. «A cadea dos Destinos», titúlase este, e nel se menciona o misterioso «cordón vermello» que vai fiado en todos os cabos da mariña inglesa e que Goethe aproveitara para imaxinar as casualidades e coincidencias da vida. Todo pende dun fío vermello que nos leva, aí!

Un modesto monumento a Gérard de Nerval foi erixido non hai demasiados anos nos «jardinillos» (Ourense, Otero) parisiños de onda a Tour-Saint-Jacques («la tour abolie»), que está medio arruinada. No curuto desta torre álzase, centro de París, a estatua de Santiago peregrino que sinala (chapeo e caxato) o camiño a Galicia, a Compostela. Víctor Hugo, que se vira a si mesmo coma un «viúvo» sobre o cal cae a tarde, debuxou unha fantástica «torre» de Compostela e poetizou Don García, morto na «torre» maldita do Castelo de Luna. Manuel Outeiriño (Ourense, Espolón, Otero) escribiu unha potente paráfrase do soneto de Nerval. Eduardo Pondal, pola súa parte, aproximouse ao *Sol Negro* de Gérard de Nerval (os nomes dos dous poetas riman e se coaliteran) ao escribir estoutro oxímoron: «E cun *escuro lóstrego* na frente / vai o sublime e vago». A citada igrexa parisiña de Santiago fora mandada edificar polo alquimista Nicolas Flamel, figura que foi levada ás letras galegas por Daniel Cortezón, o autor teatral que o teatro galego ignora.

No mesmo soneto de Nerval que citaba Don Ramón, titulado, en castelán, «El Desdichado», o autor fala de que a súa flor favorita é a rosa que se xunta áo follaxe na parreira ou lata da vide: «La fleur qui plaise tant à mon coeur désolé/ Et la treille où le pampre á la *rose s'allie*». É moi claro o nome en cifra de Rosalie. Veleiqué un ensaio de tradución ao idioma propio de Galicia: «A flor que tanto amou o meu cor desolado. / E as latas nas que o pámpano coa *rosa se alía*».

No interior da súa novela *Aurélia* (1853), Gérard de Narval describe unha experiencia mística na que o narrador ve unha muller belísima que sostén polo talo unha *rosa* para logo a dona desaparecer en levitación vibrátil na totalidade do xardín e das nubes. En Nerval, sempre a *rosa*. Ou ben a *Rosalía* dela derivada.

Achamos, pois, «Rosa mystica» seguida da «Turrís davidica» das Letanías Lauretanas aliadas no *Fondo dos Espellos* do soneto de Nerval. E tamén o latado ou parra

que un día evocou Rosalía de Castro introducindo na estampa as «albariñas» uvas propias das orelas do Sar.

Julia Kristeva, no seu comentario a «El Desdichado», advirte un criptograma en «á la rose s`allie, pro non sigue ben a pista. Se a moza espelida que veu do Leste fose capaz de chegar ao final, obtería o premio de descubrir Rosalía de Castro. Como non fixo tal, a nosa poeta seguiu a ser invisíbel en París e o libro de Kristeva sobre depresión e malenconía que leva o título acertadísimo de *Soleil Noir* non chegou a levar o aínda máis revelador de *Negra Sombra*. E Julia non saberá nunca que nós a coñecemos a ela moi ben.

Galicia, Compostela, a torre na que un Don García se acha confinado, as latas (*lattes*, en francés tamén) da conca do Ulla, o nome de Rosalía en clave esotérica e outras coincidencias misteriosas parecen conectar a obra de Gérard de Nerval con nosoutros.

Por moi diversos sinais, viñemos ver no *Fondo dos Espellos* que Gérard de Nerval, o verdadeiro romántico de Francia segundo Kléber Haedens, foi tamén o pai verdadeiro de Rosalía de Castro. Na próxima entrega trataremos de lles explicar as particularidades do caso.

«E a lata na que o pámpano coa rosa se alía» (08.12.2007)

En 1836 Gérard de Nerval foi despedido en París pola súa amante a actriz Jenny Colon (coma os Colón de Pontevedra), que decidira casar cun burgués. «Desdichado», o poeta falou cos fraternais cos que compartillaba a visión do mundo Rosacruz. Estes recomendáronlle coma consolo unha visita a Compostela pois presumían que certos segredos de alquimia poderían ser descifrados nesta cidade. Nerval andou o camiño de París a Astorga en coche e aló sentiuse tentado de dar a volta como antes fixera Napoléon. Pro, valente, seguiu en cabalos de posta deica Compostela. Dúas veces máis estivo a piques de se virar: unha na Cruz de Ferro, que non é Rosacruz, e outra no Cebreiro.

Axiña entrou en contacto cos Rosacruz de Compostela, que lle abriron as portas e lle fixeron coñecer persoas de trato agradábel. Nerval, políglota, falaba o seu pouco de castelán e, na Galiza do tempo, o francés gozaba do estatuto de lingua superior e coñecida. Entendeuse ben o poeta con Teresa de Castro Abadía cando esta muller, maior en idade e máis alta corporalmente ca Gérard, lle foi presentada nun serán compostelán á luz dos candieiros. Os ollos de Nerval cruzáronse cos da De Castro e esta transformouse para el nunha segunda encarnación de Jenny Colon. Era xuño de 1836; Gérard e Teresa convertéronse velozmente en amantes.

Convidado polo cuñado e a irmá de Teresa ás Torres da Hermida, Lestrove, Gérard de Nerval ficou fascinado polo esteiro do Ulla. El, cuxa nenez estivera marcada pola severidade dos boscos e das leiras do Valois, percibiu aquela veiga e braña como algo que tiña que ver cos lonxes da pintura flaminga. Nas Torres da Hermida, ou da Durmida, Teresa e Gérard pasaron horas efervescentes en interiores alumeados por candelaxas de igrexa; horas furtivas e felices nas que os travesaños da cama vella renxían ao compás do arfar da curuxa. Polas tardes, ela cantaba, acompañadas ao laúde, canzonetas do tempo da Francesada que divertían e alporizaban a un tempo o poeta romántico: «Laurel inmortal al gran Palafox, / Gloria de España, de Francia terror...»

Na Hermida, por tras do pazo, había unhas latas ou latados ou *treilles* ou parras de uva albariña, naquel xuño follosas. Polos bacelos gaveaban as roseiras e Gérard viu, alouleando, como Teresa empuñaba a rosa de Damasco polo talo aliviándose das espiñas cun pano sedán. Os pámpanos, a luz, a rosa incendiada, a face de ollos escuros da muller Castro, fixeron que o mundo lle dese a volta a Gérard. Teresa foi entón o Eterno Feminino (antes de Espronceda) do *Fausto* que el xa traducira e Jenny Colon confundíuse coa presente e coas anteriores amantes de Gérard de Nerval. Todas elas foron na Hermida a mesma para o poeta que era Rosacruz e para quen a *rosa mystica* significaba a totalidade do Universo.

- Se eu tivese unha filla chamaríalle Rosalía –dixo Gérard de Nerval na Hermida, Lestrove, Dodro.
- Rosalía? –inquiriu curiosa e sorrinte Teresa de Castro Abadía.
- No cuarto dunha cortesana, en Palermo, vin unha estampa de Santa Rosalía que me namorou –explicou Nerval reservando a verdade completa porque era segredo Rosacruz.
- Perdido! –riu Teresa erguendo o leque con aceno reprobatorio.

Sen trazas dos segredos alquímicos e a seguir dun acceso de misantropía nervosa, Nerval deixou precipitadamente os Rosacruz de Compostela, a hospitalidade en Lestrove dos Hermida e os amorosos combates con Teresa de Castro nas noites estrelecidas («ma seule étoile est morte») de Xuño. Regresou a París e, no Cebreiro, na Cruz de Ferro e en Astorga, Gérard sentiu tentacións de percorrer á inversa o camiño. Prosegiu, así e todo, e, nas gándaras que mediaban entre Baiona e Bordeos, a inmensidade de toxo e lagoas e os novos piñeirais encolleulle o ánimo e o fixo naufragar máis e máis na señardade.

Moitos anos despois, en 1853, Gérard de Nerval, entre crises paliadas nos frenopáticos dos doutores Dubois e Blanche, escribiu e editou o núcleo principal da súa obra. Foi entón cando, por intermedio da rede Rosacruz, recibiu unha carta cursada en Compostela por Teresa de Castro: «Tes unha filla, chámase Rosalía e é mellor actriz

ca Jenny Colon». Entolecido, aluarado, entrou o poeta á fondura porca e múltiple da vila de París e escribiu alí «El Desdichado», con título na lingua na que a medias falara con Teresa. Neste poema, Nerval cifra o nome da súa filla nunha clave que só Teresa, os Rosacruz e el recoñecerían: *où le pampre á la rose s'allie*, «onde o pámpano á rosa se alía». A continuación redactou as páxinas de *Aurélia*, noveliña na que evoca Teresa cortando unha rosa mística e astral no xardín da Hermida. O 25 de xaneiro de 1855 o máis romántico dos autores franceses e pai de quen estivo dotada da máis alta voz literaria de Galicia suicidábase en París.

Certamente constitúe unha invención esta na que eu identifico Gérard de Nerval coma o pai de Rosalía de Castro. Non menor fantasía foi atribuír a paternidade da nosa autora a un crego chamado Xosé Martínez Viojo. José Antonio Durán ten cousas que decer a este respecto.

Israelitas (15.12.2007)

Temos falado eiquí da orixe xudía, nunca probada, de certas familias de Vilanova dos Infantes, incluída a miña. No ronsel desta idea escíbeme Lucía Pereira Espinosa desde A Coruña para saber a miña opinión sobre dúas cuestións. Primeira: que é o que significa ser xudeu ou xudía. Segunda: se é que existen comunidades sepharditas de orixe galega que conserven a nosa lingua. Non me sinto capacitado para responder a estas difíciles preguntas, mais intentareino con atrevemento temerario.

Serán xudeus, hebreus, israelitas, aqueles que proveñen de comunidades predominantemente urbanas que se estenderon por Europa, N. de África e Oriente Próximo desde a Idade Antiga e que tiñan como signo identitario a relixión étnica e o relato nacional que se cifra no que nós chamamos *Pentateuco* e eles *Torah* e o hebreu como lingua sagrada e de cultura. A respecto do hebreu, os xudeus, segundo o grande relato, desde os días do Cativerio de Babilonia, deixaron de falalo para asumiren diversas linguas do mundo, ás veces adaptándoas ás súas peculiaridades culturais. Se a lingua hebrea era a da relixión e do culto na sinagoga nos días de Xesús, Xosé e María, poño por caso, eles non a falaban e si a aramea en cambio. Tamén non falaba hebreu Flavio Iosefo.

Na Idade Moderna, as comunidades xudías, do Mediterráneo Oriental principalmente, construíron unha identidade sobre a lingua castelá evoluída de modo peculiar, chamada por eles *djudió* ou *ladino*, que é coñecido tamén como *xudeocastelán*. Estas comunidades foron chamadas sepharditas porque procedían de Sepharad, ou sexa da Península Ibérica, de onde foron expulsadas polas monarquías crueis e católicas do absolutismo nacente en España e Portugal a fins do século XV. «Hay una tierra al Oeste/ que nunca puedo olvidar./ Hay una tierra al Oeste:/ Es mi dulce Sepharad».

Un grande continxente de xudeus vivía nos ghettos ou xudarías do Centro e Leste de Europa e alí foron fraguando unha outra identidade que tiña como lingua o *Jüddisch* ou *yiddish*, palabra que, como o *djudió* sephardita, significa «xudeu». Este *Jüddisch* é alemán transformado nas comunidades de que falamos e que son as chamadas *askenazis*. Por parte, ao longo do tempo fóronse conformando outras culturas e sociedades xudías de lingua árabe, amhárica (en Etiopía) e máis, das que só temos moi vaga referencia no *Fondo dos Espellos*.

Os universos sephardita e askenazí son moi diferentes e semellan ter só en común a referencia á *Torah* e ao *Talmude*. O sionismo xorde da cultura askenazí a fins do século XIX e propónse o obxectivo heroeco de resucitar o hebreu como lingua oral e viva e fundar en Palestina, mediante unha sorte de Reconquista, un Estado Xudeu que necesariamente tería que desprazar a poboación árabe autóctona. Tal obxectivo cumpriuse ao termo da II Guerra Mundial e eu observei moi poucas personalidades sepharditas na nomenclatura política do Estado de Israel. Pro, cando nos preguntamos por quen é realmente xudeu, os problemas son moitos e penso que irresolúbeis. Serán verdadeiros xudeus os sionistas laicistas para os que a relixión é só unha coñeñente histórica e nacional? Eles din que si. Pro, podemos considerar xudeus os sepharditas Francisco Sánchez, filósofo escéptico extremo do século XVI, ou Baruch Spinoza, xenio do século XVII que teorizou o panteísmo? Diríamos que era xudeo o descrido e falsamente converso Fernando de Rojas, autor de *La Celestina*, ou o heterodoxo para os católicos Frei Luis de León? Poderíamos chamar xudeus a Karl Marx, Albert Einstein, Sigmund Freud, Leon Trotski ou mesmo Woody Allen ou Bob Dylan por moito que proviñesen de familias de boa torqueira askenazí? Marx pensaba que non, e aborrecía o modo de vida xudaico en canto que o anti-xudeu Vicente Risco, e outros que forman estúpida lexión, pensaban e pensan que xentes como estas conspiraban e conspiran no nome da mentira dos «Protocolos de Sión» para minar, disolver e destruír a civilización cristiá e demais fantasías. E o que aínda é máis difícil de precisar: era xudeu Saulo ou Paulos de Tarso, que arrincou a idea étnica do Deus privativo de Israel da sinagoga e chamou a todos os xentís, con éxito, a asumila ao tempo que fundaba o Cristianismo?

Lectura recomendada: *Reflexións sobre a cuestión xudía* de J.P. Sartre. En próximas entregas seguirán pasando israelitas polo *Fondo dos Espellos*. Especialmente falaremos da nosa lingua no mundo da diáspora sephardita.

A lingua dos xudeus de Galicia (29.12.2007)

Os xudeus de Galicia falaban a lingua das cidades e vilas nas que moraban, ou sexa a galega. Os nomes persoais dos varóns eran bíblicos (Isaque, David, Abraham) pro eles tiñan a atención de nomear as súas mulleres de xeito galego e meliorativo: Cla-

ra, Rica, Ouro, Alegría. En canto aos nomes de familia e alcumes, parece que na súa maioría eran galegos (Méndez, Pereira, Espiñosa, Sánchez). Certo que Pérez, moi numeroso entre xudeus, tamén pode ter unha procedencia hebrea coincidente co patronímico galego Peretz. Podían levar os nosos xudeus apelidos hebreus ou de escura fasquía semítica (escura para min); así: Cohén, Benveniste (coma o lingüista), Mardochai (V. Risco dicía ser este o verdadeiro apelido de Marx), Calvasan. Chaman a atención, polo carácter hebreu deliberado, os nomes de Ioseph Ibn Hayyim e de Moisés Ibn Zabarah, iluminado e calígrafo, respectivamente, da *Torah* ou *Biblia* de Kennicott, ambos os dous artistas coruñeses, que fan ostentación da súa veciñanza galega.

Seguiron falando galego os xudeus dispersados e expulsos de fins de século XV? –pregúntame Lucía Pereira Espinosa. Voulle responder cunha hipótese. Logo do degredo de expulsión lanzado pola intolerancia dos ben chamados Reis Católicos en 1492, é fama que a maioría dos xudeus de Galicia pasaron a Portugal. Gozarían do beneficio dunha rede social de apoio nas xudarías daquel reino. Pro, poucos anos despois (1496-1497), o rei don Manoel ordenou a conversión obrigatoria ou, alternativamente, o exilio de todos os hebreus de Portugal.

Penso eu que os conversos e cristiáns novos que quedaron en Galicia fóronse confundindo co resto da poboación e non parece que existisen verdadeiros núcleos cripto-xudaicos. Con todo, sabemos que un acusado de xudaísmo foi queimado en auto de fe que se celebrou na Praza Maior de Madrid a fins do século XVII e presidido por Carlos II. Esta vítima levaba o apelido, moi galego, de Carballo. O continxente de xudeus galegos, portugueses e cataláns que se asentou no Mediterráneo Oriental foi absorbido lingüisticamente polo continxente maioritario dos xudeus que falaban o castelán. E conformouse de tal modo a lingua e a cultura sephardita: sobre a base dunha preponderancia castelá. Reproduciuse nesta Diáspora, pois, o fenómeno da hexemonía e dominación castelá na Península Ibérica sobre as linguas galega e catalá, e, aínda despois, da portuguesa. Entendo que houbo unha porción de xudeus galegos e portugueses que arraizaron nos Países Baixos. Nese asentamento, a lingua dos xudeos galegos e portugueses reunificouse. Pasárase, así, a unha sorte de novo galego-portugués, neste caso sephardita. Tal lingua foi usada polas familias de ascendencia galega e portuguesa nos Países Baixos até a Idade Contemporánea moi avanzada. Documentos en lingua sephardita galego-portuguesa consérvanse en arquivos de Amsterdam, teño entendido. O sephardita galego-portugués utilizouse como lingua oral e escrita nos Países Baixos deica a segunda metade do século XIX ou aínda máis adiante. Supoño que por eses tempos as nosas comunidades xudías dos Países Baixos se achegarían ao asquenazismo e adoptarían como lingua propia o neerlandés. Non coñezo estudos nos que se elucide o elemento galego deste galego-portugués dos Países Baixos nin que falen do elemento galego presente no xudeo castelán sephardita.

E ben, tanto na Europa Occidental coma na Oriental e no N. de África, perdida a lingua galega ou non, os sepharditas de orixe galega mantiveron moitos dos seus apelidos até os nosos días, aínda que sexa nalgúns casos é difícil diferenciar o que é galego de aquilo que é portugués. En Galicia estamos moi orgullosos da posíbel orixe galega de certos sepharditas. Por exemplo: Francisco Sánchez, teorizador extremo do escepticismo no século XVI; Baruch Spinoza (Españosa, supoño, na orixe), filósofo revolucionario e único no século XVII; Pierre Mendès-France, o político perfecto do radicalismo pequeno burgués.

Observación

Hoxe os cursidosos da historia dos xudeus en Galicia poden aproveitarse da lectura dunha obra moito documentada e compendiosa de Gloria de Antonio Rubio: *Los judíos en Galicia* (Fundación Barrié, A Coruña 2006). Gustaríanos precisar que os hebreus que aparecen mencionados en dous documentos do ano 1044 que se inclúen no *Tombo de Celanova*, sendo os primeiros de tal nación que figuran localizados en Galicia, non viviron, segundo a información que chegou a nós, en Celanova. Vagamente aparecen localizados (nin sequera fixados) no val do Arnoia e nas proximidades das aldeas de Fechas e Soutomel, co mo dependentes dun feudal e para nada do abade de Celanova. En 1044 Celanova non era un núcleo urbano, senón só un convento. En todo caso, a vila de Allariz atópase a uns 12 quilómetros do teatro dos acontecementos nos que se mencionan estes primeiros xudeus advertidos na documentación galega. E Allariz si que tivo xudaría ben poboada e documentada anos máis tarde.

Capítulo 02

No Fondo dos Espellos

ARTIGOS: 2008

91

Fedor xudaico (05.01.2008)

Eiquí, no *Fondo dos Espellos*, non falamos de *antisemitismo* senón de *antixudaísmo*. Non só os xudeus son semitas de cultura e lingua; os árabes (e, polo tanto, os palestinos) tamén son semitas. Iso si, Galicia non parece ter producido no seu seo nunca verdadeiros movementos antixudeus. E menos a tradición cultural e política do noso nacionalismo, sempre aberta a toda a pluralidade cultural do xénero humano e ao internacionalismo.

Chámame, si, a atención o silencio que acostuma gardarse sobre a represión franquista contra as familias Zsbarski, Kupper e Dainoff, de Pontevedra, Vigo e Ourense, cuxos membros sufriron prisión, morte por fusilamento ou dispersión en 1936. Eles eran xudeus non relixiosos, de esquerda na maioría e orixinarios de Rusia que exercían coma dentistas na nosa Terra e nela seguiron a sorte do republicanismo masacrado. O mito dun Franco «protector de xudeus», fabricado interesadamente por asociacións xudías españolas privilexiadas, véñse abaixo ao examinarmos casos coma estes de que tratamos.

O franquismo era antixudeu e érao porque o nacionalcatolicismo constituía o espíñazo ideolóxico do Réxime. Vicente Risco foi o máis contumaz intelectual antixudeu de Galicia; pro foino despois de renunciar ao galeguismo e só a partir do intre no que el se fixo doutrinario e propagandista espontáneo do nacionalismo católico español. Os sentimentos antixudeus aparecen intensamente expostos na súa ampla obra en castelán posterior a 1936. Risco revela de forma monográfica este aspecto da súa ideoloxía no libro *Historia de los judíos hasta la destrucción del Templo*, publicado en 1944 ao mesmo tempo que tiñan lugar as gravísimas persecucións do nazifeixismo

contra as poboacións xudías de Europa; e en *Historia de los judíos*, de 1956, ano no cal o mundo civilizado coñecía xa os pormenores do horror. Ambas edicións, *co nihil obstat* da autoridade eclesiástica católica.

- 92 Vicente Risco daba por certo que os xudeus na Baixa Idade Media secuestraban nenos cristiáns (Ricardo de Pontoise, Dominguito del Val, ou «El Santo Niño de la Guardia») para lles inflixir nos tenros corpos os tormentos da paixón de Xesús e face-los morrer Venres Santo, crucificados na sinagoga. Aseguraba Risco que os xudeus delátanse pola súa expresión inqueda e a miúdo receosa e dolorosa; pola marcha tímida, torpe ou sinuosa; pola xesticulación vulgar ou excesiva; pola escasa forza muscular e mais pola súa predisposición ás doenzas cutáneas e nervosas, á demencia e ao suicidio. O temperamento xudeu é, para Risco, bilioso e hepático, o que se reflectirá nun ollar profundo e triste. Os xudeus teñen, di Risco, grande tendencia á proliferación pilosa, especialmente en cabelo e barba. Inda máis, o xudeu, para o ourensán, é humilde, covarde, enganoso, cheo de dobrez, láia-se decote, perde a dignidade nas desgrazas. Por suposto, e en termos nietzscheanos, a súa psicoloxía é a do «resentido». Vicente Risco, desde logo, concorda cos alemáns (cos seus alemáns) en que o individuo xudeu desprende un *fedor* ou mau cheiro especial: o *foetor iudaicus*. Isto polo que se refere aos xudeus tradicionais.

Os xudeus laicos, ateos ou non relixiosos, son os piores e, coincidindo coa súa alma xémea Giovanni Papini, Risco pensa que estes están dedicados permanentemente a pór en dúbida a verdade, emporcar o puro, facer vacilar o sólido, insultar o que é respectado. Neste sentido, a lista de Papini/Risco resulta impresionante: Heine, Marx, Lombroso, Bergson, Freud, Lassalle, Einstein, Bernstein, Adler, Liebnecht, Rosa Luxemburg, Trotski, Iliá Ehrenburg, Sinclair Lewis, Léon Blum... Como ven, á lista de Risco/Papini fáltanlle os grandes elementos «disolventes» sefardistas: Spinoza e Francisco Sánchez. O universo sephardita segue a ser inferior até para os antixudeos galegos.

Finalmente, Vicente Risco acreditaba, coma os hitlerianos, na superioridade dos pobos indoxermánicos (el di, bíblico, «razas xaféticas») chamados a dirixir a Humanidade, co cal este católico incorre no esquencemento («freudiano», diríamos) do feito de que Deus precisamente ordenou que Cristo nacesse xudeu e se manifestase perante o mundo coma circunciso.

Na realidade, barbaridades coma as recolectadas non eran orixinais de Vicente Risco nin de Giovanni Papini: formaban parte dun certo pensamento euroamericano de baixa categoría que os xuízos de Nurenberg a mandaron para os faiados da Historia, aínda sen os faceren desaparecer por completo.

Saúdo a un novo insecto en medio escuro (12.01.2008)

Os entomólogos Francisco Novoa Docet, da Universidade Compostelá, e Andrés Baselga, do Museo de Historia Natural de Madrid, acaban de identificar unha nova especie de insecto que levará por sempre os meus apelidos incorporados ao nome científico: *Hesperotyphlus mendezferrini*. A descrición, a carón da de outra especie tamén nova, figura xa nos *Annales of the Entomological Society of America* (Vol.100, núm.4). Este cronista, inveterado observador e cazador de insectos, dálle as máis rendidas grazas aos investigadores que se lembraron del. Imaxino a inmensa satisfacción que sentiría o noso grande naturalista Víctor López Seoane cando importantes colegas nomeaban co seu apelido novas especies coma a *Vipera seoanei* ou o *Dorcanion seoanei*.

93

O *Hesperotyphlus mendezferrini* Novoa & Baselga pertence aos *Coleoptera*, orde de insectos ao que lle corresponde o honor de ter sido así designado polo mesmo Aristóteles, pai da Entomoloxía. É da familia dos *Staphylinidae*, un modelo orgánico de grande éxito na Natureza. Vexamos: se no mundo eran coñecidas a mediados do século XX unhas 300.000 especies de insectos *Coleopterae*, 20.000 destas especies eran *Staphylinidae*. Hoxe son moitas máis as especies identificadas pero a proporción xulgo que será a mesma. Os insectos *Staphylinidae* teñen como característica unha redución extrema dos élitros que nos permite a visión plena do abdome. Aínda o *H. mendezferrini* forma parte da subfamilia *Leptotyphlinae*, pro non nos imos deter nesta cuestión.

O *H. mendezferrini* vive no sobosco ou chan de follato e humus que se forma nas fragas caducifolias (*Quercus pyrenaica Willdenow* e *Quercus faginea Lamarck*). Ao longo dos tempos, esta especie foi adaptándose a un medio edáfico escuro, o que lle conferiu caracteres que son habituais nos animais trogloditas ou subterráneos: non ten ollos, é áptero, os ocelos están atrofiados, a súa cor castaña clara amosa tendencia á depigmentación. O *H. mendezferrini* é tan pequeno (1,1–1,3 mm) que se sitúa no límite inferior do tamaño posíbel dos insectos. Isto obriga a que só poda ser examinado na súa morfoloxía exterior e interior coa axuda do microscopio e dificulta, supoño, a súa observación en liberdade ou en cativeiro no terrario. Coido que o insecto só percibe o mundo exterior mediante os sentidos do tacto e do gusto. É agora cando lembro aquela consideración, en exceso doutrinal e antropocéntrica, do vello mestre darwinista Odón de Buen: as especies que non loitan pola existencia, ou de vida fácil, son degradadas pola Natureza; perden beleza e atrófianselle os órganos inactivos.

De todos modos, é tan valioso para a biosfera cego, pálido, cobreguexante, diminuto e áptero *H. mendezferrini* como poida selo o tigre ou a águia imperial. Para a ollada do naturalista todas as especies de seres vivos deben gozar o mesmo respecto, a non

ser que sexan inimigas da nosa. O *Hesperotyphlus mendezferrini* Novoa & Baselga foi descuberto no Parque Natural de Los Arribes del Duero (provincias españolas de Zamora e Salamanca) e investigado entre 1999 e 2005. O proceso de publicación e aceptación como nova especie acaba de culminar. Quen teña curiosidade poderá encontrar depositado un individuo macho e outro femia no Museo Nacional de Historia Natural de Madrid co número de catálogo 9656 (en Galicia non existe, nin parece que vaia existir, Museo Nacional de Historia Natural ningún).

Fado (19.01.2008)

O fado debeu de nacer en Lisboa en días sucesivos á francesada. Conformaríase entre as clases ínfimas nos anos vinte e trinta do século XIX. Creárono homes e mulleres das marxinalidades, e a estes o fado éralles un veneno «p'ra lhes matar as tristesças». Tabernas, baiucas, casas de chicas do bairro da Mouraria disque foron os sitios da nacemento do fado. Pro, tamén foron fogares nativos do fado as *hortas* ou vendas das aforas no verán e mailas *esperas do gado*. As xentes ían de noite ao Campo Pequeno por veren chegar os touros que viñan acompañados do aturuxar dos campinos para a corrida. Alí o lisboeta pándigo pasaba a noite a beber, a cantar e a *bater* o fado. Á espera dos touros, dos toiros, dos bois, do gado.

Coido que o fado, como danza xa desapareceu, mesmo que Pilocho teña no repertorio un fado *batido*, ou bailábel, que o Romaní recolleu en Noia e que se intitula «O sancristán de Coímbra». No centro púñase unha muller e arredor dela *batían* ou bailaban un ou máis homes ao ritmo do fado, dándolle a ela na cadeira e deseñando movementos lúbricos. Eu nunca vin bater o fado.

A sociedade fadista fardaba así nos trinta e nos corenta do século XIX: eles casaco estrito, calciñas estreitas dickensianas, boné militaroides de visera charolada, peito e brazos pintigados de tatuaxes, navalla pronta na alxibeira; elas, de saia curta e voada, chal cruzado, brincos, tamanquiña baixa á moda do Porto e todo un lindo ar de peixeira alegre ou maruxa. Axiña, os baixos fondos da Mouraria fóronse unir (via mozos de estábulos) a unha nobreza de má vida. A unanimidade da memoria fixo da María Severa, filla da Barbuda, a figura fundacional do fado e, no *Fondo dos Espellos*, ela, que morreu sobre 1850, estará unida sempre co Marqués de Vimioso, liberal, cantador el mesmo, argallante maiúsculo, cabaleiro en praza de puño seguro en sorte de roxóns. Lisboa antiga! Así o fado entrou nos «salões doirados», coma o que hoxe gozamos no restaurante Tavares de que tanto gosta o Quin Troncoso. No ventre d'Os *Maias*, Eça de Queiroz, antitaurino cabal, crítica con acedume os maus costumes fadistas da boa sociedade formada por aqueles inúteis lisboetas que, andando o tempo, Proust había de transmutar en inúteis parisinos literarios.

A Maria Severa da Mouraria marcou o nacemento do fado como arte unida por sempre xamais ao acompañamento da guitarra e da viola (ollo cos falsos amigos léxicos, españois) pois só a conxunción destes instrumentos coa voz humana pode producir o ondular infinito da melodía esgazadora do grande fado.

Evoluíu o fado mentres o século XIX morría. Desaparecía o fado à desgarrada ou *ao desafío* que xa non *atiram* os fadistas de hoxe. Despois da Severa, a reminiscencia lisboeta échese cos ecos fantasmais de cantadores famosos que viven só nos faiados dos recordos. O Calcinhas, distinto poeta ateo: «Não existe a Divindade/ Nas regiões siderais./ Nelas só vé a ciencia/ Materia e nada mais». Ou aquela Custódia que estaba na boca de toda a xente, xente finisecular que celebraba a voz do José Augusto en ocasión carnavalesca do «enterro do bacalhau» no Terreiro do Paço. Lindo nome, o da fadista Borboleta, puta coma a preta Cartuxa e a extravagante María José do Galvão, sempre fardada de home. O Hilário, precursor do Zeca Afonso. En canto á Cacilda Romero, que atinxiu de voz avinagrada o século XX, hai quen di que ela fose galega. E a recordación de José Maria dos Anjos segue enteira nunha Lisboa que considera este zapateiro da Alfama a guitarra mellor de todos os días do fado.

O xornalista de ben cortada pluma José Pinto de Carvalho (Tinop) deu á luz en 1903 unha *Historia do Fado* que aló nese ano se detén (hoxe nas Edições Dom Quixote). Mal visto polos intelectuais portugueses, o fado segue a nos conmoer hoxe pro non ten sido debidamente historiado á luz da musicoloxía e á luz da socioloxía. Nós estamos dentro do fado, participamos nel. Pro a intelixencia portuguesa acostuma torcerlle o bico, así a da dereita coma a de nosoutros.

Ora si, a miña xeración galega sabe que houbo un tempo no que Amália Rodrigues entrou no fado coma un meteoro e a súa voz e o seu talento, especialmente destragado cando decidiu chapurrar o Porompompero, marcou por sempre e modificou o universo do fado. «De Maria Severa a Amália Rodrigues» podería titularse a historia xeral do fado que aínda non existe e que sen dúbida podería pór en pé o Joaquim Pais de Brito. A figura de Mariza, cantadora poderosa da que eu teño escrito, áchase estes días de actualidade debido a un filme, *Fado*, de Carlos Saura, que ten os españois de Madrid desconcertados: sempre alí lles falta o mar.

Fado, monarquía, touros (26.01.2008)

Un día da década de oitenta levei, en Lisboa, a Moncha, Sonsoles e Enrique Cerviño á Taverna do Rei, unha baiuca de fados sita onda o Arco da Porta do Mar, no mesmo basamento da Alfama. Naquel local modesto soían coincidir novas promesas do xénero con algunha antiga gloria que a Era Amália deixara nas gaviolas da estrada real.

Por aquel tempo, logo de botados os fechos ás casas de fado, un podía agatuñar Alfama arriba e petar en portas de tendas medias abertas dentro das cales voces e guitarrada soaban somnolentas en despedida saudosa da xornada. Os cantadores e músicos corrían alí o fado para eles mesmos por distanciaren a hora do encerramento en si, talvez do medo.

Toda Lisboa é lembranza insana dun pasado lívido. A cidade convoca sempre o malestar de ánimo. Escoliten Cesário Verde: «Nas nossas ruas, ao anoitecer,/ Há tal soturnidade, há tal melancolia/ Que as sombras, o bulíicio, o Tejo, a maresia,/ Despertamme un desejo absurdo de sofrer». De xeito que Sonsoles, Moncha, Cerviño e mais eu fracasamos no intento de cearmos no «salão doirado» do Tavares, tan do gosto do Quin G. Trancoso, e tivemos que nos contentar coa mediocridade da Brasileira. Logo, entre Rossio e a Figueira, polos lados da Ópera, gustamos dunhas *ganjinhas* nalgún dos botequíns cotrosos que fundaran a fins do XIX os galegos do carbón a domicilio. A falta de *tipoia*, requerimos o servizo do taxi verdinegro do que sempre os galegos e arraianos sentiremos a falta, na parte de aquí, da fronteira.

Na Taverna do Rei fóronse sucedendo a fadista mozota, o fadista hispanófilo e castripista, algunha figura triste de capiña académica que pretendía perpetuar a figura do tuno que inventara antano o doutor Hilário, precursor do primitivo José Afonso. Ora ben, no medio de rumor de conversas pouco atentas nas mesas e avanzada unha noite máis ben morna, fíxose presente na pista o corpo miúdo dunha muller de por aí setenta e tal anos, mirradiña, belos ollos pretos, cara sorridente en cuxo tinte se adiviñaban escorrentíos de sangue timorense. Natália dos Anjos, foi anunciada.

Produciuse un silencio estraño. O ir e vir da cordaxe da guitarra era lento, rítmico, coa viola a marcar duro os tempos narrativos da cantiga. A voz da cantadeira fíxose firme, grave, desalentada, mais mantíñase belixerante e ía arriba animosa nas glosas e variacións melódicas dos versos enfatizados e repetidos. Natália dos Anjos cantaba o fado do *Embuçado*. Cada noite –recitaba a letra–, despois das touradas, reuníase no «salão doirado» un serán de grandes señores para ouviren os fados. Cada noite acudía alí, como fuxido dun folletín francés, un embozado misterioso que xamais amosaba a cara. Non era o Cabaleiro das Botas Azuis nin o Conde de Montecristo, non. Toda a alta sociedade estaba intrigada por aquela presenza. Até que un día o *embuçado* descubriuse, momento no cal, na Taverna do Rei (precisamente) a guitarra trinou atormentada, a viola desceu ás profundidades da alma e a voz da Natália converteuse en desgarrón afectivo (Dámaso) ou patético na apoteose final e todos soubemos que o da cara tapada «era El Rei de Portugal» e que, como desenlace, «houve beijamãos real/ E despois cantou-se o fado».

A Taverna entón foi escenario dun tumulto. Todos choraban e proferíanse vítores de pé, nunha especie de homenaxe ao fado antigo dos días canallas do conde de ou do Vimioso, do conde de Castello Melhor, do Marqués de Anadia. Enrique, Sonso-

les, Moncha e eu asistimos a un inagardado acontecemento tradicionalista e monárquico debido á maxia poética da fadista anciá que nos transportou o sentido. E aqueles populares entusiastas, soñadores absurdos dun pasado que non era o seu, ao bateren as palmas escindían da memoria, por exemplo, as mulleres da colla de antano, descargadoras no molle, de brazos hercúleos, nada en absoluto fadistas nin parásitas da nobreza para sita que tamén Cesário cantou así de lisboeta e socialrealista: «Descalças! Nas descargas de carvão,/ Desde a manhã à noite, a bordo das fragatas;/ E apinhanse num bairro a onde miam gatas,/ E o peixe podre gera os focos de infeccão!» (1880).

A aquelas rúas da pobreza saímos logo por estarricar as pernas. No interior de tendas de porta achegada soaban os fados avinagrados do mencer. Lisboa eterna!

O fado e nós (02.02.2008)

A María do Ceo, grande artista galegoportuguesa do fado contemporáneo.

Este cronista, de neno, soía ser chamado Zuzé (con dous eses sonoros) pola súa tía Maruxa González que, natural de Oímbra e antiga alumna das monxas de Chaves, tiraba moito ao portugués. Daquela en Ourense vendíase moito o xornal *O Século* de Lisboa, con titulares vermellos coma os do *Faro de Vigo*, por o primeiro ser aliadófilo. Ás noites, naqueles anos corenta, soaba sempre onda nos outros Radio Club Portugués, e moi especialmente o seu programa «Fados e Guitarradas». Todos sabiamos fragmentos de fado e de marchiñas. A mentada tía Maruxa movíase pola casa cantaruxando a miúdo «O fado do trinta e um»; rúa de Reza, Ourense.

Sempre existiu en Galicia unha corrente prolisboeta fadista, á marxe e fóra do ideoloxema lusófilo inherente a todo o nacionalismo galego. Do fado disertou en *ABC*, na segunda metade do século XX, González Alegre en artigos memorábeis. Eu lembro Celso Emilio e Xohana Torres coma ilustres cantadores de fado. Como sei das afeccións fadistas de Baixeras, Forcadela e outros escritores galegos actuais. Grande erudito e bon cantador de fado é Emilio de Gregorio, e X. Ramón Pena dispón dun bon repertorio do xénero na memoria, que canta e soe acompañar tanxendo a que en España é chamada «guitarra».

En canto a Torrente Ballester, a súa devoción polo fado resplendece en *La Saga Fuga de J. B.*, en *Filomeno a su pesar* e noutros libros. E postos a facer memoria, eu téño-me encontrado varias veces no *Tipoia da Alta* con María do Carmen Kruckenberg, carísima amiga.

Xa Tinop (1903) situaba a «muinteira» entre as músicas centrífugas populares e contrarias en esencia ao fado centrípeto. E no mundo fadista dos baixos fondos de

Lisboa este historiador e xornalista sitúa moito individuo galego no século XIX, cando os nosos emigraban alí coma augadores ou mozos de corda, antes do *boom* dos establecementos do carbón e da hostalaría que se produciu máis tarde. Coma cando o Chico Galeguinho matou a coitelada o valente Pau Real na taberna de Balbina, rua da Atalaia, onde se deflagraban os grandes descantes de fado contra 1860. O Chico Galeguinho é fama que eludiu a xustiza, que tivo o valor de regresar a Lisboa enrolado nun buque de guerra norteamericano e que mesmo se oufanou deixándose ver pola casa de pasto do Mosqueira, tamén galego notorio. Por aquelas alturas do meo século do XIX era meretriz fadista na Mouraria a alcumada Bayona, procedente do noso porto miñorano, a cal muller foi degolada e morta pola súa colega Maria da Silva a causa de ambas desputárense un cabo da Guarda Municipal. A presenza dos galegos no baixo mundo fadista é constante na Lisboa do XIX.

E el quen sería o compatriota que sae nesta cantiga do Josezinho da Alfama e que di así?: «Senhores, morreu o galego/
Que tinha posto uma quitanda,/ Foi pr' o Alto de São João/
Levado por uma gâmbia». Menos sabemos daquel outro «galego finório» que lle reventou unha das súas famosas bulras ao Conde do Vimioso, querido aristocrático daquela Severa nai do fado doutras eras.

Mercoulle o Conde unhas mulas vellas ao Patriarca de Lisboa e, por rir, o nobreciño pándigo quíxolle vender ao primitivo dono as mesmas mulas ruíns despois de as maquillar e tosquiar moito ben. Foi o mozo da cabalariza do prelado, galego de nación, quen deu o aviso nunha lingua galega que é así reproducida polo Pinto de Carvalho (Tinop): «Baía, que elas xon as mesmas!».

É, con todo, sona de que o fado entra no século XX tendo na máis alta xerarquía a voz e o estilo da fadista Cacilda Romero, que moitos consideran de orixe galega ou de orixe galega pasada polo Brasil. «Da Cacilda o canto belo/
Nem todos têm escutado,/ Quem a Cacilda nunca ouviu,/ Nunca ouviu cantar o fado». As testemuñas da época falan da súa vocalización «volumosa» e de que a Romero se acompañaba a ela propia co banza, que é coma o pobo chamaba a guitarra portuguesa, e ás veces tamén á viola. Hai noticias, neste caso moi escuras, dun ghichiño procedente de Nogueira de Ramuín que foi amigo e socio da Cacilda cara 1900 e que mesmo gozou dunha razoábel sona de tocador e cantador: parece que era ben coñecido nos lados da Mouraria como Zezinho das Panelas, pois disque traballou un tempo na estañazón de potas de cociña, que non por outro achaque ningún. Seguro que o Zezinho de Luínta (ao pé de Ourense) ben sabía falar o barallete dos ambulantes da súa Terra.

A canción tipo *baião* que Amália Rodrigues interpreta co título de «Barco Negro» na película *Mãe Preta* coñeceu un enorme éxito privado en medios literarios galegos, de modo que Afonso Álvarez Cáccamo, no piano do «De Catro a Catro» vigués, popularizou o seu encanto a través da interpretación que el, noite tras noite, facía a volta de 1985. Logo despois, Xosé M. Álvarez Cáccamo, seu irmán, publicou co título de *De*

mañán que medo, tomado daquela canción única de Amália Rodrigues, un texto que representa unha altísima cimeira da poesía galega do noso tempo. Ou sexa: o fado e nós.

99

Retorno dos deuses mortos (09.02.2008)

Marcial Valladares, en *Maxina ou a filla espúrea* (1880) pintaba unha comparsa de entroido en Compostela. Nas aforas da cidade, no Castiñeiríño, tiña lugar ao mesmo tempo a escenificación carnavalesca dos xenerais se que Valladares, señor de clase alta, tivese ollos para a ver. Tívoos si, en *As Aventuras de Alberte Quiñoi*, Manuel García Barros, quen describe moi ben o cerimonial ecuestre do chamado «entroido da Ulla».

Entre Marcial Valladares e García Barros, dous entroidos diferentes: o burgués contemporáneo e o ancestral. Porque o entroido galego é de difícil comprensión e nel conviven diversos estratos, modalidades e supervivencias: o exotismo, o medievalismo, o «gusto» pequeno burgués, crúzanse e se entrecruzan pois considérase que o Carnaval é o tempo da Fantasía e da Ficción. Pro hai algo máis profundo e máis inquedaante –e mesmo pavoroso– no entroido de Galicia.

Creo en que os poderes eclesiásticos, ao non conseguir facelos desaparecer, meteron nos días de tolerancia do entroido os nosos vellos deuses paganos, permitíndolles unha sorte de resurrección formal co fin de os degradar ao nivel das máscaras da trangalla. Vicente Risco, lector de Frobenius, pensou que os peliqueiros e cigarróns da Terra de Barancellle ou Val de Támea constituían unha supervivencia das «sociedades de máscaras», que aínda existen entre os Doghon africanos, mediante as cales os grupos dominantes da prehistoria se impuñan, polo terror a tribo; igual que o KKK pretendeu facer no século XX nun movemento atávico e repugnante. Pro a min paréceme que, por exemplo, o *peliqueiro* de Laza (o que eu estudei con maior atención) é a figura dun deus. A súa farda inmutábel, os movementos sempre idénticos a eles mesmos, o deseño da carauta nunca personalizado salvo no animal salvaxe que debe estar pintado na mitra forzosamente, a pelica que lle dá nome á figura, alén das chocas que emiten os sons do outro mundo, todo configura a presenza resurecta dun deus. Por parte, o *peliqueiro* non fala porque a lingua dese deus, coma o seu mesmo nome, está morta desde hai moitos, moitos séculos. Mentres o entroido xira e muda vertixinosamente, o *peliqueiro* sobreviviu intacto dos abismos do pasado e tende a perpetuarse para sempre nas tebras do futuro; o mesmo que lle ocorre ao *boteiro* de Viana, á *pantalla* de Xinzo, ao *felo* de Maceda e a outros.

(Cómpre lembrar que, sobre o *felo*, Emilio Araúxo promoveu todo un movemento poético, gráfico e de pensamento, no que participan dúcias de escritores e artistas de

Galicia, Francia e outros lugares do mundo e cuxos libros e fascículos ven a luz nas edicións de *Amastrangallar*, Lalín).

100 Mais tamén baixaron estes días ao Mundo deuses vellos sen carauta e dotados de palabra. Eles móvense pola Ulla, e por un espazo maior que en tempos aínda o foi máis. Estes deuses veñen montados en cabalos ben mantidos e ricos de atavío. Concédeselles categoría de *xeneral* ou de *correo* e o seu porte, toucado e vestimenta aparatosos son os propios de deuses da guerra e do dominio. Teñen si, voz, pero ela fala en castelán porque se trata de seres Superiores. Lanzan vitorios (ou *fadas* de benzón inapelábel) polo cal reciben dos crentes ofrendas en forma de diñeiro. Teñen que ver cos territorios e cos cruzamentos de camiños, e disputan en batallas incruentas e orais que os fieis siguen, de lonxe, con respecto e unción.

Igual ca os *xenerais*, non levan máscaras as *madamas* e os *galáns* dos Cobres, na base xeográfica do Morrazo. A divindade destas figuras amósase nunha roupaxe absolutamente celeste e sobrenatural. Chapeos multicolores de grande aparato, brillos, tecidos maravillosos, colares, dices, brincos, beleza nos rostros e harmonía nos movementos. Estes deuses de ambos sexos son aparicións do Alén e emocionan o pobo que os olla con inocencia.

Madamas e *galáns* representan un prototipo visíbel tamén noutras terras de Europa e, entre nós, podemos decer que forman parte das entidades divinas que a Igrexa Católica relegou ao entroido grotesco do Medioevo para as degradar: non tivo éxito. Nunca entraron na teorización de Bakhtin.

Con Bouza Brey acreditamos en que estas personaxes do noso entroido son de procedencia prehistórica. A imaxinación podería evocar no *peliqueiro* que se dispara en trance pola rúa de Laza a sombra pertinaz de Laraucus (levo ao nominativo o dativo das inscricións) en canto que Revus, ou o que queira que fose Croudintondadigos e pode vivir nas estampas ecuestre da Ulla, e o Bandua Veigebraegus das lamas da Limia merece estar estes días estoupando as vinchas polas rúas de Xinzo como pantalla eternal. A madama parada e preparada deica o portento alucinatorio debe de ser mesmamente a nosa máis poderosa deidade feminina, Nabia, neste caso emparellada co Berobreus que ten santuario na Fin do Mundo que está no Facho de Donón.

O entroido de Galicia é complexo e máis difícil de comprender do que parece. Nel conviven sen se mesturar os deuses prehistóricos, o carnaval da Idade Media que se manifesta na gula brutal ou nas escenificacións do «mundo ao revés», a festa burgesa de bailes de disfraces e comparsas caprichosas, o influxo do máis famoso entroido do mundo que é o do Rio de Janeiro, home non. E máis cousas seguramente.

Soto con Castelao
(16.02.2008)



101

Na foto, vese Soto con Castelao, recibidos na Habana por unha multitude. Ían dos EEUU a Cuba pra proseguiren a súa campaña de propaganda en favor da República en guerra contra o franquismo e o nazifascismo. Corría o mes de Santos e Defuntos de 1938; mormente o mes dos segundos. Non me importa confesar que uns meses antes nacera eu, en Ourense.

Castelao é o centro de atracción da foto. Xa non leva chambergos modernista e ten a cabeza cuberta por aquela pucha que será insignia do *maquisard* francés e do *foucellas* orgánico galego. Este Castelao de 54 anos ten o pito entre os labios e procura coa man de longuísimos dedos a caixa dos mistos, moi cinematográfico. Logo a vista vai caír no rostro sorridente do primeiro plano: Lois Soto Fernández coa cabeleira revolta e un certo ar James Dean. Entre a de Castelao e a de Soto, a facia dunha correlixionaria de nariz aguilino que semella feliz, inmensamente feliz por telos a eles alí, na Habana. Todos, comunistas e galeguistas, pousan compracidos sen saberen que as súas efixies serán perpetuadas pola foto. Aló na cima, subido a algo, destaca un mozo, coa a grabata frouxa e as mans nas cadeiras, que mesmo parece ser Sean Penn. Tamén en 1938 publicaba Sartre *La Nausée*. No terríbel ano de 1938 sélase unha alianza estreita entre Lois Soto e Castelao; alianza que se cadra se inicie á volta da viaxe de Castelao á URSS, da que cantou louvanzas desde o seu punto de vista, ou a raíz da creación da «Solidaridade Galega Antifeixista» en Valencia. O caso é que

o membro do PCE destacado e o líder do PG foron enviados a América para faceren propaganda en favor da República en guerra contra o franquismo e o feixismo internacional. Nas súas actividades públicas nos EEUU colleitaron éxitos e moveron vontades. Logo, en novembro, continuaron a campaña en Cuba.

Nesta foto aparece un Castelao destinado a morrer uns nove anos despois sen ceder o liderado nacionalista e un Soto que había de vivir o bastante coma para impulsar o nacemento da UPG e da súa corrección independentista o PGP. Poucos meses antes da foto, Castelao descubrira, vía Soto, os escritos de Stalin sobre a cuestión nacional, en Nova York. Así, a argumentación de Stalin converteuse en pedra angular de *Sempre en Galiza*. Moitos hoxe gostarían de expurgar estas páxinas da obra do rianxeiro e serían felices de poder borrar o rostro amábel de Lois Soto das fotografías nas que acompaña Castelao. Moitos anos despois, nos setenta, os xoves dirixentes da UPG na clandestinidade resistente editaron *O marxismo e o problema nacional*, de Stalin, e Lois Soto (de tendencia políticas máis ben iugoslava) emocionouse. «Unha nación non é unha comunidade racial ou tribal, senón unha comunidade de homes formada historicamente», que así iniciaba Stalin aquel discurso que, a través de Lois Soto, ía ter repercusión política en todo o nacionalismo galego posterior a 1938.

Entre o Castelao galeguista e católico e o Soto internacionalista e ateo estableceu-se unha conexión que, alén de cordial e afectiva, representou a confluencia entre marxismo e nacionalismo galego. Se Soto e Castelao non estivesen tan próximos en 1938 como aparecen na fotografía non habería hoxe, poño por caso, nin CUT nin CIG nin FPG nin o que reste de UPG nin BNG nin bipartido na Xunta, nin «Galiza non se vende», nin Castrelo de Miño nin a Folga do 72 tal como foi nin o 68 compostelán con Voces Ceibes. E o que digo é verdade, saíbano ou non o queiran saber os participes e axentes de todos estes movementos contemporáneos da Galicia que está viva e produce tamén arte e literatura e pensamento non impostos pola Metrópole.

Nunca dirás versus Arizona (23.02.2008)

Corrixinlle a uns alumnos, por incorrecto e *latinglish*, o emprego de *versus* e *campus*. Pedíronme unha explicación, que agora lles dou. Existe en latín un verbo *verto* (ou *vorto*), *-is*, *-ti*, *-sum*, *-ere* «dar volta» en sentido propio e figurado. Desde o máis *Fondo dos Espellos* do tempo este verbo foi producindo unha fartura abraiante de derivados latinos e de descendentes románicos. Entre eles, *versus/versum* como partícula invariábel do participio co valor de «en dirección a» en castelán *hacia*, en francés *vers* (etimolóxico). Á súa vez, este *versus* xerou un adverbio e preposición *adversus/adversum* «contra». Así escribiu o galego Paulo Orosio a súa *Historia adversus paganos*: contra os paganos, pois.

Houbo un intre no que a práctica xudicial anglosaxona deu en utilizar *versus* co significado de «contra» que non ten para nada en latín. Supoño eu que, de tanto mangrear a palabra en estrados, os xuíces e avogados británicos fixeron unha aférese economicista e chimpáronlle a parte de diante a *adversus*, que ficou en *versus*. Lembren un filme que fixo certo ruído: *Kramer versus Kramer*, ben traducido –esta vez– en España como *Kramer contra Kramer*. Co sentido de «contra», o latinismo tan deteriorado como británico *versus* saltou ao mundo do cine e da tv e dos deportes de forma que por todas partes vemos e ouvimos que un certo equipo se enfronta *versus* outro equipo que sexa. É costume inglesa e norteamericana abreviar ese *versus* espurio como *v.* ou como *vs.*

Non haberá moito máis de trinta anos que se xeneralizou na Península Ibérica e resto da Romanía o uso deste *versus*, por consideralo os *snoobs* probabelmente máis de elite (acento no «i») ou máis distinguido que *contra*, preposición latina de pura e enxebre torqueira. É entón cando Cela publica unha extraordinaria novela experimental, desprezada polos españois, co título de *Cristo versus Arizona* (1988). Penso que nas nosas linguas románicas nunca debería usarse *versus* en lugar de *contra* ou dos seus equivalentes.

Pro este pseudo-latinismo tomado do inglés vía USA non é o único do xénero que se nos impón. Ao conxunto, nós chamámoslle *latinglish* cun neoloxismo non moi orixinal; disimulen.

Por exemplo, se en inglés a verba latina *campus* (eles fan un plural hilarante e bárbaro: *campuses*) veu significar non o que significou sempre senón «conxunto de propiedades dunha Universidade», este uso nunca pasara ás linguas do Continente Europeo. Orabén, popularizada a raíz dos movementos estudiantís do *campus* de Berkeley, a palabra púxose naturalmente de moda en Galicia. No Santiago do sesenta e oito, os rapaces revoltados coidaron, polas reportaxes, que *campus* quería decer en California «sitio con herba e árbores pertencente a unha Universidade» e déronlle ese nome á zona axardinada que vai da Ferradura ás Residencias. Algún tempo despois, cando a creación dos Colexios Universitarios, reitores e políticos puxéronse a falar do *campus* de Vigo ou Coruña, en lugar de falaren coma os franceses e portugueses de *polo*. Pensaban os reitores, os políticos e os xornalistas que *campus* era algo así como «centro universitario de carácter secundario»; erroneamente.

Ben, usar *campus* como «campo ou xardín dunha Universidade» representa unha simpática innovación coloquial e popular de base. Que as máis altas autoridades académicas empreguen o neoloxismo bárbaro inglés (vía USA) co sentido de «centro universitario deslocalizado da sede principal» resúltame bastante sorprendente. Anos despois, aínda a terminoloxía do Imperio presionou máis sobre a nosa Universidade Compostelá e esta pasou a chamarse USC (copiando pola plantilla UCLA) e alguén tamén botou man do *latinglish* ao lle decer «nai frutífera» segundo o modelo do latín

anglosaxón: *alma mater*. O *latinglish* invádenos a medida que o verdadeiro latín se retira do ensino nesta Idade de Ferro.

104 **Recentes, inúteis, groseiros anglicismos (01.03.2008)**

Antes, unha *axencia* era un negocio particular onde lle arranxaban a un a papelada pública. Hoxe as oficinas públicas de Facenda chámase *Axencia Tributaria*. A palabra *axencia* é de orixe latina (de *ago*) pero o uso inglés de *agency* acaba de desprazar o significado corrente galego. *Latinglish* é o continxente de léxico inglés de orixe latina que se introduce de contrabando nas linguas románicas, modificando significados ou innovando significantes: pesia á aparencia, esas palabras constitúen verdadeiros anglicismos. Xa comentamos *campus* e *versus*. Chamemos agora a atención sobre esta *axencia* que non procede do latín senón de inglés dos EEUU e que ten como modelo de prestixio a CIA (Central Intelligence Agency). O uso de *intelixencia* como «espionaxe» é tamén *latinglish*.

O inglés, lingua xermánica, posúe moito léxico latino, sexa aportado polo francés dos normandos sexa tomado pola cultura renacentista e en xeral pola Idade Moderna directamente da lingua clásica do Lacio. Asimilados polo inglés, estes latinismos cobraron matices e significados propios e por veces diferentes dos usuais nas linguas románicas. O traspase deses latinismos aos nosos sistemas lingüísticos é un proceso de colonización cultural. Iso si, a principal vía de introdución do *latinglish* na nosa lingua e linguas irmás é o cine e a televisión traducidos (*dobraxa*: *dubbing* do antigo francés e palabra latina) por maus profesionais. Vexamos algúns casos de *latinglish* moi usados entre nosoutros.

O latinismo inglés *emergency* está a desprazar como *emerxencia* o autóctono *urxencia*, o que obrigou Joan Corominas a ser duro e a calificar esta introdución no castelán de «reciente, inútil y grosero anglicismo». Máis groseiro é usar *gladiator* en vez de *gladiador* e mesmo pronunciar a palabra algo así como «gladieitor». O inglés posúe *replica* (sen til), palabra latina introducida vía Italia, co sentido de «reproducción», e xa todos nos esquezemos de *copia* e nos pomos a falar en *réplicas* de esculturas e cousas así. Simultaneamente, o inglés *copy* (do Latín Medieval) anda a desprazar *exemplar* no universo da edición de libros mesmamente. A Psicoloxía fala de *suxestión* para se referir ao acto de influír sobre a vontade dun suxeito feble; pro agora, basados no latinismo inglés *suggestion*, son moitos os que lle dan á palabra o significado que antano tiña *suxerencia*. *Executivo* co valor de «alto empregado» foi moi rendedoiro hai uns anos (carpins, maletín, clase de avión...) pro vai en decadencia, aínda que o latinismo inglés *exclusive*, seu parello, goza de boa saúde no universo románico: hoxe é *exclusivo*, xa non «o único ou o propio de algo», senón máis ben «o privilexiado socialmente, minoritario, elitista e á moda» (non en van o latín *excludere*

pode querer decer o acto de lle «fechar a porta a un inferior»). En tempos, área era só unha medida de superficie ou, en xeometría, a medida de espazo comprendido dentro dun perímetro. Hoxe, debido ao uso do latinismo inglés *área*, isto significa calquera territorio destinado a calquera cousa. En canto a *implementar*, verbo en verdade horroroso, non significa case nada máis que «facer, pór en práctica» no galego e linguas veciñas nos días de hoxe; naturalmente procede dun latinismo do inglés, *to implement*. Para nada está tomado o recentemente difundido *implementar* de ningún derivado do remoto latín *plere* «encher».

Centos de palabras *latinglish* invaden as nosas linguas pola calada como fan algúns extraterrestres nas películas de ciencia ficción (*science fiction*). Non mais onte, entrou *obituary*, latinismo inglés; periódicos presumidos substituíron as tradicionais «notas necrolóxicas» por *obituario*. En canto ao adxectivo *errático*, é obviamente transposición automática do latinismo inglés *erratic* que veu ocupar o lugar, seguindo a práctica do cuco femia, dos nosos *inestábel*, *errabundo*, *vago*, ou, vía informática, *erróneo*.

Na semana que vén continuaremos comentando o léxico *latinglish* que nos vai penetrando sen facer ruído e ao amparo da noite cultural que nos cobre e na cal xa non brilla a lanterna dos Estudos Clásicos.

Erasmus, arma letal (08.03.2008)

Faciamos aparecer no *Fondo dos Espellos*, insidiosas, as palabras de orixe latina pero finalmente inglesas que mediatizan as nosas linguas románicas. Poñamos por caso o adxectivo *letal* «relativo á morte». Procedente de *letum*, *-i*, latín arcaico, logo se formou un *letalis* calcado sobre *mortalis* (segundo Ernout o *th* que lle poñen algúns é por asociación helenizante). Como cultismo, *letal* entrou en todas as linguas poéticas de Occidente no século XVI, para logo esmorecer e desaparecer. Vexan Calderón en castelán: «Alguien por lo lethal otro sentido/ ha de llamar el Rio del Olvido». De tal desuso, o adxectivo foi resucitado en datas moi recentes debido á súa presenza no cine norteamericano dobrado, pois en inglés *lethal* é voz vulgar e ben solicitada polos falantes. Especialmente a película *Lethal weapon* (vaia redundancia) contribuíu a que as masas, condicionadas polo *latinglish*, fosen deixando de decer os nosos *mortífero* e *mortal* para empregar o «prestixioso» adxectivo que viña do Imperio.

Certo, a terminoloxía militar cinematográfica está inzada de léxico *latinglish*. Por exemplo o inglés de procedencia latina *to abort* «interromper unha acción bélica ou policiaca» invadiu as nosas linguas, onde non tiña tal sentido, e estes días lin na prensa galega algo tan curioso como abortar como isto: «A Guarda Civil abortou un desembarco de droga na Arousa». Outros exemplos poderían ser eiquí aducidos de *latinglish* militar.

Vía películas e series de tv do xénero de policías ou de avogados, o *latinglish* esténdese e popularízase. Así o verbo latino *testificari* deu no inglés *to testify* e en galego mau *testificar*, que case borrou por completo a forma normal entre nós que é simplemente *declarar*. Hoxe todo o mundo acepta *convicto* (inglés *convict*, do latín) «preso» e as cadeas ou prisións son chamadas *penitenciarias* polo inglés *penitentiary* (do latín medieval). Que *evidencia* (inglés *evidency*, latinismo) está a substituír no cine a *proba* é cousa «evidente» aínda que me parece triste que nos propios tribunais e na propia policía dos países románicos se ceda a esta imposición do *latinglish*.

Se imos ao ensino, vemos unha submisión da Europa continental ao imperio, sen excluír a Universidade. O nome mesmo de Erasmo de Rotterdam, que así foi sempre chamado en Iberia e en Italia, mentres en Francia era Érasme, xa lle dá nome a unhas bolsas europeas como Erasmus, en plan *latinglish* que non por latinismo dereito. A extinción de ilustrísima palabra *seminario*, carimbada na Universidade alemá, é un exemplo do colonialismo norteamericano porque foi substituída por algo tan trapalleiro como *taller* ou ser mesmo *obradoiro* (inglés *workshop*). Neste caso a palabra de orixe latina (*seminarius* «alcouve», en sentido figurado) é abolida por orde do imperio e substituída por un calco mimético e servil do inglés. En canto ao novo discurso pedagóxico, el resulta unha fonte inesgotábel de barbarismo do xénero *latinglish*.

Algo tan aparentemente noso coma é a *excelencia* xa non o é tanto, pois a comunidade universitaria botou man de *excellence* e hoxe todo o mundo usa o termo á norteamericana. Os nosos profesores xubilados con certos vincallos académicos son *émeritos*, non porque en Roma lle chamasen *emeritus* ao soldado licenciado que cobraba, senón porque na universidade anglosaxona existe o nome e a categoría de *emeritus*, e abonda. Xa hai anos que *fiction* («narración») pasou con naturalidade do inglés ás nosas linguaxes crítico-académicas, e mesmo se popularizou no caso da *ciencia ficción*, calco da *science fiction*, polo cal podemos decer que esta palabra é a decana das de carácter *latinglish* que nos infectan.

E aos renovadores pedagóxicos, desde Villar Palasí ao día de hoxe, debémoslles barbarismos anglosaxóns, de aparencia latina enganosa en grande cantidade. Digamos apenas a palabra chave da ideoloxía pedagóxica dominante, cal é *curriculum*, co significado do que antes chamabamos sen problemas «programa, plan de estudos, carreira», anglicismo de xenealoxía protestante, que soe andar acompañado do ridículo adxectivo *curricular*.

O primeiro paso para evitar o *latinglish* é dármonos conta de que existe e nos penetra. Até tal extremo que a palabra *latinglish* máis espallada é precisamente *latin*, que xa non significa só en inglés «referido ao Lacio ou a Roma, lingua latina» senón sobre todo «hispanoamericano» ou mesmo «racialmente mestizo e de lingua castelá». Pois ben, é moita a xente que hoxe utiliza o adxectivo *latino* entre nosoutros co sentido *latinglish*. Este é o rigor co cal o Imperio ordena: Elio Antonio de Nebrija.

Gloria a Babel (15.03.2008)

Non hai posíbel pensamento racional fóra da lingua, por iso é difícil falar de lingua. A maioría das persoas estarían dispostas a admitir que a lingua é o que mellor caracteriza á especie humana. A lingua con primeira e segunda articulación (Martinet), naturalmente e ordenada sintacticamente consonte á práctica da predicación. Mais pouca xente estaría disposta a admitir que esa unidade básica só se manifesta en forma de multitude de linguas diferentes entre elas. Universais lingüísticos (morfemas, lexemas, categorías, fonemas en oposición, significado e significante) son diferentes en cada lingua humana. O cal ocasiona que estas non servan para os humanos entendérense entre eles a non ser que os interlocutores teñan en común o coñecemento dalgunha lingua determinada. Neste sentido, a *lingua humana* só se realiza en canto que pluralidade, en canto que *linguas humanas*. E así é, así foi e así será sempre. Por parte, estas linguas non están fixas senón que se moven en procesos que van do individual ao colectivo e viceversa, de xeito que a mudanza lingüística é constante e permanente.

107

No *Fondo dos Espellos* percibimos a tendencia ancestral a odiar o multilingüismo e a consideralo un mal. Na etnia primitiva, o estranxeiro non é humano e a súa lingua tamén non o será. Os imperios, aproveitándose deste sentimento, impuxeron e impoñen as súas linguas facéndolle crer aos sometidos que eles son inferiores e que as súas linguas tamén o son. Difusamente, vénnos do pasado máis recuado o sentimento de que o multilingüismo é un mal: a maldición de Babel. Na Idade Contemporánea moitos identificaron determinadas linguas imperiais (francés, castelán, inglés) como as propias do Progreso e mesmo houbo quen, desligándose de proxectos imperialistas, inventou idiomas universais (volapük, esperanto) de carácter artificial.

As linguas esmorecen e poden «morrer»; transfórmanse e mudan sempre. Moitos coidan que, «morta» unha lingua, ela morta está, aplicándolle unha condición biolóxica que a lingua non tén e que os gramáticos positivistas quixeron insuflarlle. O latín estará vivo en canto haxa latinistas no mundo que o estuden e lean a súa (nosa) literatura. O hebreu extinguido, na boca dos xudeus, pero viva no seu culto e no seu Libro, puido «resucitar» como lingua viva e útil cando o sionismo creou o estado de Israel. A revitalización dunha lingua «moribunda», como era o vasco, é un fenómeno feliz ao cal hoxe asistimos polo menos nas tres provincias do Euskadi autonómico.

Actualmente consideramos todas as linguas iguais en valores e posibilidades de comunicación. A calquera lingua tribal de Nova Guiné podería traducirse Aristóteles e en alemán moderno é susceptíbel de ser verquido un conto mítico da oralidade bosquimana.

Hoxe o inimigo do multilingüismo é un individuo arcaico, primitivo. O humano contemporáneo sente que a pluralidade cultural está unida á lingüística e que o mal vén

da imposición dunha cultura e dunha lingua imperial sobre outras inferiorizadas. A mentalidade contemporánea, o mesmo que sabe defender a biodiversidade, defende como un ben o multiculturalismo e o multilingüismo. A *glotofaxia* (Calvet) ou devoción dunha lingua por outra está a ter a mesma valoración política e ética que a antropofaxia. Babel, coma má, só pervive nas mentes arcaicas arrastradas por unha inercia prehistórica. No territorio español (e no galego) son innumerábeis as subxectividadeas cavernícolas que consideran unha maldición para España a revitalización do noso e dos idiomas do País Vasco e Países Cataláns. Son moitas as individualidades primitivas que consideran o castelán superior ás outras linguas faladas na Iberia.

Unha lingua non é só un sistema de signos (Saussure) que serve utilitariamente para a comunicación nocional. Digamos que o inglés non é só unha lingua imprescindible para practicar a enxeñaría financeira nas computadoradoras senón que tamén é a lingua na que se expresa Shakespeare e que fai posíbel a existencia, única no mundo, dos *Four Quartets* de Eliot. Cada lingua é unha construción colectiva de infinitas posibilidades comunicativas que constitúe unha fiestra desde a que se ve o mundo de forma diversa e propia. Cada lingua comporta unha cultura e a eliminación dunha lingua é, etimoloxicamente, un xenocidio porque con ela se extingue un pobo.

Castelao, nunha fúlgura imaxinaria, puxo diante dos nosos ollos a destrución do Pórtico da Gloria e a destrución da lingua galega. Se me desen a escoller, eu ben sei que escollería.

Multilingüismo sempre (29.03.2008)

A Península Ibérica anterior á dominación dos romanos era multilingüe e multicultural. Falábanse nela linguas indoeuropeas coma o celtíbero das Mesetas, o lusitano do Portugal central de hoxe, ou o idioma dos nosos antepasados dos castros da Gallaecia. Logo estaban as linguas e culturas non indoeuropeas, coma o íbero do Leste peninsular, que chegaba ao Ródano, lingua que delectreamos moito ben nas inscricións pero da cal non entendemos nada. E tamén non era nin indoeuropeo nin comprensíbel para nós a lingua dos turdetanos ou tarsesios que florecían nos actuais Algarve e sudoeste andaluz. Por parte, aínda estaban os eternos vascos a unha e outra banda dos Pireneus. Ou sexa que a Hispania prerromana constituía un verdadeiro mosaico de linguas e culturas da máis varia xenealoxía.

Logo da romanización houbo un pouco de tempo no que toda Hispania, a excepción de Vasconia, falou a mesma lingua, ou sexa, o latín máis ou menos vulgar.

Coa súa independencia, Portugal salvou a lingua propia. Houbo un tempo no cal unha boa parte de Europa, coma tal, da Dacia podía manter unha leria con toda tran-

quilidade cun analfabeto de onda o Faro de Brigantia, ou sexa A Coruña. Tal unidade lingüística durou, en termos históricos, o tempo dun suspiro.

Coa ruína do Imperio Romano e as invasións bárbaras (a nós viñeron os suevos e Hermerico, a fundar a Gallaecia Nova) nos séculos V-VI, o latín de Hispania, e non só, fragmentouse en dialectos cuxas diferenzas habían de ser ir afondando máis e máis. Chegaron os árabes e houbo unha longa, secular colonización do Centro e Sul da Península dos montañeses do Norte, expansión militar e colonizadora que soe chamarse Reconquista. A unidade lingüística pulverízase e, se practicásemos un corte metodolóxico na primeira metade do século XIII, veríamos que, na Península Ibérica, funcionaban tantas linguas como as que imos enumerar.

O latín seguía a ser a lingua superior, escrita e de cultura dos territorios cristiáns, pro agroman as linguas románicas que prevalecerán con forza (galego, castelán e catalán) ou con menos forza (leonés e aragonés) ou que se extinguirán como foi o caso dos dialectos mozárabes, ditos por lles chamar algo. Fálase e escíbese o árabe, fálase (logo, extínguese) o berber e escíbese pero non se fala o hebreu. De novo, o mosaico multilingüe ibérico.

Eo tempo, a avidez glotofáxica, «devoradora de linguas», do castelán, consecuencia do belicismo que parece ser o signo nacional do pobo que creou tal lingua, fixo desaparecer da Península o árabe e marxinou o aragonés e o asturleonés. Mediati-zou fortemente o catalán e o galego, e mesmo erosionou e atacou o portugués desde o século XV. Esgotada a Reconquista, o imperialismo castelán lanzouse á América e, alí, a lingua hexemónica continuou a función imperial que lle asignara Nebrija sempre unida á imposición relixiosa e á aniquilación cultural. Como sempre, o vasco resistiu aínda que retrocedendo fronte o castelán e fronte o francés.

Coa restauración da súa independencia Portugal salvou a lingua propia da absorción castelá no século XVII. No resto da Península, chamada xa España, non houbo máis lingua ca o castelán no dominio oficial e todas as outras linguas faladas foron condenadas á marxinalidade e orientadas á desaparición ao longo das Idades Moderna e Contemporánea, incluíndo naturalmente a nosa lingua. Só a partir da morte de Franco e da instauración do actual rexime político monárquico, foi posíbel que o galego, o catalán e o vasco fosen recoñecidos, como idiomas co-oficiais nas autonomías respectivas, pero non en todos os seus territorios como iremos vendo. Tamén examinaremos no *Fondo dos Espellos* o caso doutras linguas de España que non están recoñecidas coma co-oficiais alí onde se falan desde sempre.

Galego e portugués (05.04.2008)

110

Nunha súa simplificación xenial, Vicens Vives caracterizou a Reconquista coma a apropiación dos montañeses do N. da Península Ibérica do Sul dominado polos árabes (anos 711-1492). Desde o punto de vista lingüístico a Reconquista sería a expansión do galego cara o Sul pola franxa que chamamos Portugal, do Castelán polas Mesetas, Andalucía, Estremadura e Murcia e Aragón e do catalán por Valencia e as Illas Baleares. Case podíamos decer que toda a Península ao Sul do Douro e do Ebro é Neorromania, ou sexa terra na que as linguas románicas non se formaron e á que foron trasplantadas desde outro lugar.

O máis occidental dos romances ibéricos é o noso, que se formou coa ruptura e desaparición do Imperio Romano no reino de Gallaecia, inicialmente creado polos Suevos. No século XII, a porción de Galicia comprendida entre o Miño e o Mondego constituíuse en Reino de Portugal, que seguiu estendéndose cara o Sul até o Algarve. Andando o tempo, a Galicia do Norte e Portugal foron facendo diverxer a súa lingua e deron lugar aos actuais galego e portugués.

O galego, fortemente presionado polo imperialismo castelán, continuou a ser a lingua propia e hoxe cooficial da actual Galicia Administrativa (catro provincias e autonomía) pero tamén é a lingua propia doutros territorios de Asturias, León e Zamora nos que carece de recoñecemento oficial. Entre os ríos Eo e Navia, o galego é a lingua antiga e propia dos concellos asturianos de Boal, Castropol, Coaña, Eilao, El Franco, Grandas de Salime, Pezós, San Martín de Oscos, Santalla de Oscos, Santiso de Abres, Tapia de Casarego, Taramundi, Vilanova de Oscos e A Veiga («Vegadeo»). É predominantemente galego o concello asturiano de Ibia e parcialmente son os de Navia, Allande e Villaión. Son de lingua galega en León os concellos de Balboa, Barxas, Borrés, Cacabelos, Candín, Carucedo, Corullón, Oencia, Ponte de Domingos Flores, Sobrado, Trabadelo, Viladecais, Vilafranca, Veiga de Espiñaredo, A Veiga de Valcarce. Noutros concellos leoneses o galego consérvase en parte: Arganza, Carracedelo, Camponaraia, Fabeiro, Peranzais, Prioranza e Ponferrada. Hai concellos de Zamora galegófonos: Lubián, Pías, Porto e Hermisende, aos que compre sumar a freguesía de Calabor, do concello de Pedralba de la Pradera. Na provincia de Cáceres, coma unha illa, florece a lingua galega nos municipios d'As Ellas («Eljas»), San Martín de Trebello («Trevejo») e Valverde do Fresno.

Portugal sería, como Islandia é, un país monolingüe se non fose porque en Miranda do Douro e Mirandela (outro caso é Rionor ou Riodonor) a lingua propia é o leonés, hoxe recoñecido como *mirandés* pola República veciña. Pro a lingua portuguesa reborda as fronteiras do País e falase ou falouse até hai pouco tempo, porque se acha en proceso de extinción, nas localidades de A Bouça e Alamedilha (Salamanca), Ferreira de Alcántara e Cedilho (Cáceres) e Olivença (Badallouce). Ao revés da vita-

lidade que amosa o galego de Cáceres, o portugués de Salamanca e Estremadura esmorece sen que as autoridades de Lisboa teñan un xesto de amparo e sen que a autonomía estremeña ou castelá tome esta extinción en conta. Trátase de xentes que consideran que Babel é unha maldición e, o multilingüismo, o mal.

111

O galego é a única lingua, xunto co aragonés do que falaremos, que é falada exclusivamente dentro do territorio do Estado español, o cal debería estimular os máis coriáceos españolistas cun especial amor, pero isto non ocorre para nada. Polo contrario, o portugués expándese polas inmensidades do Brasil, continúa nas antigas colonias e aínda deu lugar a curiosidades coma os crioulos de Curaçao, Annobón, Cabo Verde e así. Os límites lingüísticos entre o galego e o portugués son abondo ríxidos, como sabemos os arraianos dunha e doutra parte, non en van se trata de máis vella fronteira política de Europa. Non hai grandes diferencias dialectais internas nin no galego nin no portugués. O pretendido portuguesismo da fala arcaizante raiota de Lobios e Entrimo ou o «galego» do Crasto Laboreiro son respectivamente galego e portugués.

O número de falantes dunha lingua sempre é difícil de precisar pois a apreciación está condicionada por intereses políticos e ideolóxicos. Podemos decer, non obstante, que o galego é falado hoxe polo 70 % dos 2.700.000 habitantes da Galicia Administrativa, máis por 75.000 persoas das zonas galegófonas de Asturias, Castela-León e Estremadura, ás que habería que sumar os galegos da diáspora. Uns 200 millóns de individuos teñen o portugués como lingua oficial do seu estado e, naturalmente, tamén falan a súa lingua as colonias de emigrantes portugueses espallados polo mundo. O libro do profesor Xosé-Henrique Costas que leva por título *Guía das linguas de Europa* ofrécenos estes e outros moitos datos de interese para a apreciación dos temas dos cales estamos a tratar.

Leonés e castelán: os romances centrais (12.04.2008)

Dado que a ONU e as zonas máis civilizadas do Planeta están a celebrar o Ano Internacional das Linguas e se está a producir un interesante debate a propósito da defensa das que están en perigo de morte, seguiremos no *Fondo dos Espellos* a tratar de como se fala na Península Hispánica.

A lingua asturleonese ou leonesa esténdese desde Asturias ás ribeiras do Alto Douro, co que ten parlantes españois e portugueses. É a propia das rexións central e oriental das Asturias, prolongándose na Cantabria. Por alí recibe o nome, para algúns despectivo, de *bable* e o máis recente e meliorativo de *asturiano*. Segundo algunhas fontes, uns 450.000 asturianos falan, máis ou menos contaminada de vulgarismo castelán, a súa lingua. Con todo, as autoridades de Asturias non parecen dispostas a declarar

a lingua propia (e menos o galego de Eo-Navia) como co-oficial da súa autonomía nunha pertinaz actitude de auto-odio españolista.

112 Cara o Sul, o leonés esmorece ou extínguese velozmente, cousa evidente nas terras de Babia e Llaciana, da Cabreira e da Seabra (ou sexa Sanabria, que nunca foi de lingua galega pesia a insistencia de algúns que confonden os territorios). Segundo Xosé-Henrique Costas e as fontes dialectolóxicas, as bolsas de lingua leonesa en Salamanca desapareceron no século XX e o sayagués é só unha lembranza histórico-literaria.

Pro aínda máis ao Sul, son leonesas as falas de Miranda do Douro e Sendim de Miranda (territorio portugués) que aló reciben o nome de *mirandés*. Convén ter presente que o mirandés, igual co asturiano, é cultivado literariamente e mesmo vive un período de esplendor como lingua escrita. Falan mirandés unhas 10.000 ou 15.000 persoas e a lingua goza de recoñecemento oficial por parte da República Portuguesa. No pasado foi estudado o mirandés por Leite de Vasconcellos, quen consideraba tal lingua como co-dialecto do portugués.

En canto ao castelán, tamén chamado, algo pomposamente, *español*, diremos que el está constituído coma o único idioma oficial de todo o territorio do Estado español e de moitas repúblicas de América. Tamén naquel continente se conserva en territorios que os EE UU lle pillaron a España e a México, o que sempre me fai acordante do señorito de la Vega (El Zorro) e de D. César de Echagüe (El Coyote). O castelán extinguiuse, practicamente, en Filipinas e totalmente na Illa de Guam, e retrocede fronte á francofonía e ao *fang* e o *bubina* antiga Guinea Ecuatorial. A cifra de 400.000.000 de falantes que se dá para o castelán é inflada, pois habería que restarnos aos que vivimos noutra lingua diferente en España e aos utentes de linguas indíxenas en América (só 8.000.000 en México, por exemplo). Con todo, non podemos esquecer a pervivencia do sefardí ou xudeocastelán, aínda no punto final da extinción.

O castelán é lingua orixinaria do vello condado de Castela, e estivo influída na súa formación polo vasco (Menéndez Pidal). Foi estendéndose ao Sur do Douro na Reconquista e fixo desaparecer os mozárabes e o árabe, abouhou até a cuase extinción o asturleonés e o navarro-aragonés, mediatizou e castigou con dureza o galego, o vasco e o catalán. A política lingüística dominante en España continúa nesta liña imperialista e glotofáxica, aínda que fortemente resistida hoxe polas prácticas lingüísticas nacionais de galegos, vascos e cataláns principalmente.

Polo Sul da Península, o castelán diversificouse en falas dialectais como son as súas variedades da Mancha, Estremadura, Andalucía e Murcia, alén das das Illas Canarias e América. Con todo, existe unha tradición científica que considera que determinados fenómenos dialectais de Estremadura e Andalucía (espandidos a América, como se mira no nome de Martín Fierro evidentemente) son de torgueira asturleonese.

No Estado español, só en Galicia, Euskadi, Navarra, Cataluña, Valencia e Illas Baleares o castelán ten que convivir en termos de co-oficialidade coas linguas propias correspondentes: galego, vasco e catalán.

Apoloxía do terrorismo (19.04.2008)

Hoxe pasan pola tele argumentos e estorias impensábeis hai algún tempo. Non me refiro á serie *L.* (belísimaslésbicas de clase media/alta norteamericana) xa que a homosexualidade está a ser socialmente admitida por todos e todas. Falo de como se conta en *Big Love* a cotidiandade dun matrimonio plural ou sexa poligámico en ambientes, tamén acomodados, do mormonismo conservador en USA. E que decer da serie *Ladrón* cuxo protagonista é un *home do ferro* (reventador de propiedades) preto, encantador, bo, alén de padraño amantísimo dunha adolescente branca? Vese que o apos-modernismo ético vai lexitimando o antano inceptábel e debemos estar preparados para asistir no televexo á escenificación dos máis rigurosos tabús nun futuro non moi lonxano. O incesto, moi probabelmente, está á porta.

Pro nada me sorprende máis do novo espírito de tolerancia (sempre parcial, sempre con truco) do que esa apoloxía da violencia revolucionaria antifascista (dígoos eu así) que é tema central da película *V. for Vendetta* magnificamente dirixida por James MacTague (James McTeigue) no 2005 ou sexa en tempos de furor *anti-terrorista*. Estes días non sae da tv.

Creada a estoria por Alan Moore e convertida en chiste (cómic) por el e David Lloyd, conta as andadas dun revolucionario individual extremadamente simpático e violento. Para min a versión cinematográfica de *V. de Vendetta* está mellor narrada que o cómic, ao cal contribúe o talento e a beleza de Natalie Portman sen dúbida. Falaremos pois, no *Fondo dos Espellos*, máis ben do film de McTeigue ca do chiste en dez fascículos de Moore/Lloyd.

Inglaterra (non se di eiquí UK) vive unha ditadura fascista que os súbditos acatan comodamente sentados perante a televisión. Un ditador civil goberna apoiado, igual que fixera Oliveira Salazar, nunha policía política que se me fai acordante da BP-S franquista da derradeira etapa (días das mortes de Reboiras, Baena, Sánchez-Bravo...). E aí o está *V.*, un figurón do xénero «home enmascarado» que usa a carauta de Guy Fawkes (moi parecida á das pantallas de Xinzo), o conspirador de 1605. *V.* vai vestido de puritano inglés do século XVII e está dotado dunha mestría sobrenatural no combate corpo a corpo; grazas ao cal mata como lle peta da gana os membros daquel réxime oprobioso, especialmente os que o castigaron a el.

Ademais de exercer a máis dura violencia (con uve) política antifascista, *V.* é un refinado coleccionista que vive nun subterráneo embelecido por obras de arte e por

libros valiosísimos, todo naturalmente expropiado ao inimigo. A conversa de V. constitúe un «mosaico de citas» (Kristeva) nas que predominan as de literatura inglesa onde esbara algún latín que pode ser incorrecto na pronuncia e na escrita, o que adoita delatar o *snob*, mormente se o *snob* é británico. V., émulo de Perec, procura usar sempre palabras nas que se conteña a letra *uve*.

Logo dunha cadea de axustizamentos, o heroe ocupa a tv (con uve) e anuncia a revolución (con uve) para dentro dun ano. Pro retén no seu pazo clandestino unha mociña á que educa, seduce e manipula, usando da mentira e da tortura, nunha especie de sádica revisión de *A Bela e a Besta* de Jean Cocteau. Por fin, as masas ocupan a rúa cos felos de Fawkes e V. fai voar as Casas do Parlamento Británico. Este edificio, produto do pseudotradicionalismo vitoriano (con uve) inventado por Disraeli, estoupa desde o Big Ben aos rente-do-chao, e todo é seguido por unha vistosa sesión de fogo de artificio voador que dá pintado unha V sobre o ceo de Londres. Cae o fascismo, gaña o pobo, Inglaterra «realmente» prevalece e morre V. porque a súa morte é necesaria para fechar a narración heroicamente e coma un vikingo (con uve).

En todo momento, V. defende con argumentos orais e accións directas a licitude da violencia antifascista, o que por veces nos fai acordantes dos simpáticos teólogos españois contrarreformistas que aceptaban, non só a guerra xusta e a pena de morte, senón tamén, e moi precisamente, o tiranicidio. Con todo, ao non aparecer en *V. de Vendetta* a clase obreira organizada en partido, e visualizada e ligada á acción armada nin tampouco referencia de loita ningunha de liberación nacional (mesmo un dos policías «político-sociais» é irlandés), o relato resulta asimilábel e non nos fai temer cualquera orde dun Garzón, un Grande-Marlaska ou un Conde-Pumpido contra a novela gráfica, contra a película ou contra os ideólogos intelectuais destes produtos de cultura de masa. Novela gráfica e película que, nembargantes, constitúe unha defensa da loita armada en toda regra, o cal non pode menos que me sorprender profundamente.

Introdución ás Linguas Orientais (26.04.2008)

No Leste do actual e incómodo Estado español, alén do vasco, do que non falaremos hoxe, fálanse, para horror dos fanáticos anti-Babel, as seguintes linguas románicas: o aragonés, o catalán e o aranés occitano.

Non hai que trabucar o aragonés coas maneiras casticistas que os maños ou *aragoneses de sainete* parlen, coa súa característica tonicidade fluctuante (de substracto precisamente vasco, din os que saben) nin coa colección de ocorrencias que os maiores da tribo soemos asociar con Paco Martínez Soria, tan grato actor. Ese aragonesismo de «chascarrillo» éelles un castelán vulgar e nada ten que ver co *ara-*

gonés do que estamos a tratar e que é unha lingua que provén directamente do latín, que tivo unha certa presenza escrita na Idade Media e que hogano falan (segundo X-H. Costas) unhas 15.000 persoas nos vales pirenaicos da provincia española de Huesca. O aragonés carece de oficialidade ningunha, por moito que a Chunta Aragonesista e moitos movementos cívicos pidan un status digno para o seu romance. A *fabla* ou idioma aragonés está á espera de que o complexo de inferioridade do antigo Reino de Aragón deixe de allearse na Virxe do Pilar e se converta en coñecemento da propia identidade real. Sostida por entidades privadas ou públicas de natureza inferior á Autonomía, a *fabla* aragonesa áchase actualmente nun intre de cultivo artístico crecente e nela florece unha literatura, que eu coñeza, brillante, como é a que escribe Chusé Raúl Usón, e hai máis. O aragonés no Leste da Península Ibérica, e o asturleonés no Oeste, son as linguas románicas que desde máis cedo sufriron o imperialismo lingüístico de Castela, e o seguen a padecer hoxe.

Hoxe, o aragonés, coma o asturleonés, é unha lingua da que nos medios dominantes do Estado español non se trata. A fobia primitiva contra o multilingüismo cébase especialmente no aragonés nos medios de comunicación de España: o silencio é neste caso a arma anti-Babel. O aragonés e mailo galego sonlles as únicas linguas «españolas» faladas só no territorio de España e parece que lles doe.

En canto ao catalán, é lingua que se fala no territorio español, para pena de moitos españolistas, e é co-oficial nas autonomías de Valencia, Baleares e Cataluña; home non! Aínda que tamén se fala, sen recoñecemento público, no Rosellón e na Cerdeña so administración francesa. O catalán é a única lingua oficial de Andorra, con rexistro protocolario na ONU. Nunha franxa oriental de Aragón (Fraga, Tamarit...) o catalán é lingua propia pro non recoñecida. Tamén non o é na cidade sarda de L'Alguer (Alghero), aquel niño de mascatos corsarios que gosta de ser chamado a Pequena Barcelona, onde moitas familias insisten en falar catalán contra *tramuntanna* e *mistral*. Calcúlase que os catalanófonos (Costas) deben de ser sete millóns de humanos. A literatura catalá é unha das espléndidas da Romania, mesmamente comparábel á nosa.

Ocupémonos agora do aranés, unha rareza para algúns. Fálado no Val de Arán, áchase incluído na autonomía catalá e pertence ao occitano. O occitano é a lingua histórica do Sul de Francia e de certos territorios de Italia. Foi a lingua lírica europea por excelencia no século XII e, no XX, Frederic Mistral recibiu o Nobel de Literatura pola súa obra en provenzal (occitano). O occitano, pesia á enorme difusión xeográfica e á súa inconmensurable dimensión histórico-literaria, só goza de carácter co-oficial, e de plenos dereitos lingüísticos os seus falantes, en territorios de Estado español, pro precisamente porque o Val de Arán se encontra en Cataluña. Nin as autonomías asturiana, castelá-leonesa e extremeña protexen o asturleonés, o galego e o portugués nin a autonomía de Aragón fai o propio coa lingua aragonesa. Pro a Generalitat de Catalunya recoñece no aranés, que é occitano, unha lingua diferente do catalán que

debe ser defendida por Cataluña. Veleiqué un exemplo de actitude multilingüística e civilizada que Aragón, Asturias, Castela-León e Estremadura –por non decer España e os españois– deberían imitar para mellor se situar na mentalidade contemporánea. Usan o aranés 3.800 persoas e a súa desaparición non está prevista mercé á cultura política dos nacionalistas e da esquerda que conforman o bloque no mini poder autonómico de Cataluña (Poulantzas, con licenza).

O vasco e os outros (03.05.2008)

Terminamos o noso percorrido pola Península Hispánica multilingüe co basco, vasco ou euskera, que é o idioma propio dunha nación que se encontra baixo a administración dos estados español e francés. O vasco é a lingua ancestral dos habitantes dos territorios históricos (utilizo os exónimos galegos), de Álava, Biscaia, Guipúscoa, Navarra, Baixa Navarra, Laburdi e Zuberoa. As tres primeiras provincias constitúen a autonomía dentro do Estado español que leva o nome de Euskadi, aínda que Euskadi tamén é chamada a totalidade do País Vasco ou Euskalherria. Navarra é unha segunda autonomía vasca no Estado español. Os restantes territorios vascos, os tres derradeiros na miña lista, carecen de calquera organización política e encóntrase baixo o Estado francés: acostuman ser chamados Iparralde ou Euskadi Norte.

O vasco é a única lingua prehistórica e anterior á romanización das que se falan na Península. Carece de filiación con calquera outra lingua ou grupo de linguas no mundo. Segundo X.H. Costas e a súa *Guía das linguas de Europa*, falan vasco unhas 500.000 persoas e o seu coñecemento e uso social crece nos territorios da chamada autonomía de Euskadi, debido a unha boa política lingüística dos seus gobernantes e á presión popular dun nacionalismo e unha esquerda moi activos. En Navarra a política lingüística é diferente e a recuperación da lingua non tan frutífera. En Baixa Navarra, Laburdi e Zuberoa (Francia) a condición vasca é institucionalmente inexistente e non hai política lingüística favorábel ao idioma.

Parece ser que a literatura vasca se acha na súa Idade Áurea. Cultívanse todos os xéneros literarios e en vasco, mesmamente, escribe nos nosos días un autor, Bernardo Atchaga, que é traducido ás grandes linguas dominantes do mundo literario, que son a francesa, a alemá e a inglesa, alén de ao castelán. As principais obras literarias da literatura universal foron traducidas ao vasco. De Galicia, ao vasco están traducidos Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Rosalía, Celso Emilio Ferreiro e un bo número de escritores contemporáneos e vivos (ao revés non se pode decer o mesmo). A Academia da Lingua Vasca funciona con efectividade e foi establecido un estándar de lingua común que superou practicamente as fondas divisións dialectais que existen naquela lingua e facilitou o seu uso administrativo público en todos os niveis da vida social, sobre todo no ensino. Pro o multilingüismo da Península Ibérica non se esgota

co galego, o portugués, o asturleonés, o castelán, o vasco, o occitano (aranés) e o catalán. Non podemos esquecer a lingua dos xitanos ou ciganos que están detectados documentalmente entre nós desde o século XIV. Aínda que castelanizados ou portuguesizados en xeral, tamén existen uns *moinantes* específicos nosos e de lingua galega. Aínda así, todos os xitanos conservan un continxente léxico enorme, algúns morfemas e un estilo tonemático que son os da súa lingua, dita *romaní* en feminino e *romanó* en masculino, porque eles son a nación dos *Rom*. Tamén a lingua dos xitanos asentados de antigo nos territorios españois, portugués e occitano pode ser chamada *caló* que significa «negro» e «xitano ou cigano da Península Ibérica e Occitania». O romanó é unha lingua indoeuropea e indostánica de orixe.

Certo que non podemos considerar o inglés de Gibraltar neste artigo por non ser unha lingua orixinaria do enclave onde é oficial. Máis «español» é o árabe que se fala en Ceuta, entre outras cousas polos moitos séculos nos que esta lingua semítica floreceu en vastísimos territorios da Península Ibérica. O *amazige*, ou *bérber*, é a lingua propia do enclave español no N. de África que é Melilla. O bérber, que está a vivir un período de grande vigor literario, sobre todo na Kabilya alxeriana, ten mesmo alfabeto propio e antigo. Historicamente submetido o bérber polo imperialismo relixioso e político árabe, soubo resistir até os nosos días con orgullo e na nosa memoria está Abd el-Krim, o líder do Rif, que resistiu en lingua tamazigh contra o imperialismo español e que nunca quixo recoñecer a autoridade do sultán, hoxe Rei, de Marrocos.

Quedamos, pois, en que o castelán é a lingua dominante e oficial en todo o Reino de España igual que o portugués é o propio na República Portuguesa. Somentes, de todas as linguas examinadas, teñen en España condición de co-oficiais nalgunhas autonomías o galego, o vasco, o catalán e o occitano (aranés). E recoñecido, pro non co-oficial plenamente, o asturleonés (mirándes) en Portugal.

A influencia vasca (10.05.2008)

Recibimos no *Fondo dos Espellos* catro cartas nas cales se suscitan cuestións a propósito da lingua vasca. Non, xa ninguén acredita nas vetustas teses do *vascoiberismo* que pretendían que toda a Península era de lingua vasca antes da romanización. Falouse vasco desde a prehistoria por riba e por baixo dos Pireneos e no macizo de Euskadi, onde hoxe aínda está vivo. Ora ben: o territorio vasco foi moito maior que hoxe no pasado. Mentras toda a veciñanza se latinizaba, un núcleo granítico de leais e pertinaces (os actuais vascos) mantiveron o euskera. O curioso é que esta lingua sen filiación nin familiares no mundo exerceu sobre as dos seus veciños, e non tan veciños, unha influencia notábel.

É comunmente aceptada a tese de Menéndez Pidal que considera o sustrato vasco determinante para a formación do castelán. Os casteláns, na súa orixe, serían vascos romanizados, por iso determinadas tendencias da vella lingua pasaron á lingua adquirida. O mesmo tense dito do gascón, que é a forma dialectal occitana de Occidente. Tanto o gascón coma o castelán perderon ou transformaron en aspiración o *f-* inicial do latín e iso ten sido interpretado como influencia vasca de sustrato. Así casteláns coma gascóns conviviron moi próximos ou mesmo cohabitaron terras comúns cos vascos, coma La Rioja, o que daría lugar a influencias mutuas e a procesos dilatados de desvasquización. Da influencia do vasco na formación do aragónes tamén se ten falado, aínda que esta «fabla» conserva o *f-* inicial do latín. Todo o mundo, descontando a «Unión del Pueblo Navarro», sabe que Navarra foi un importante reino vasco na Idade Media, e influínte alén e aquén dos Pireneos, especialmente con Sancho III (1000-1035) pro tamén antes e despois. Debido a este prestixio, por exemplo, en Galicia, os nosos antepasados deixaron de falar da man *seestra* para substituír esta pola *esquerda*, palabra vasca que tamén atinxiu Cataluña e Castela por algunha razón aínda no explicada. Igualmente, na Alta Idade Media, por influencia vasco-navarra segundo Rafael Lapesa, puxéronse de moda en Galicia, e non só, nomes persoais vascos como Vasco/Vasquez, García (chamouse así o máis desventurado dos nosos reis), Xemena, Ordoño, Oveco/Ovéquiz (chamouse así o valente valedor de Don García). Que os nomes vascos da brillante aristocracia e realeza navarra exerceran influencia na onomástica persoal de toda a Península non resulta estraño.

Máis difícil de entender é por que no século XX se puxeron de moda en Galicia os hipocorísticos e os nomes persoais vascos. Podería pensarse que Moncho /Moncha tivese tanta aceptación a causa da novela do vascofrancés Pierre Loti titulada *Ramuntcho*, pero ninguén se explica o por que da multiplicación en Galicia, especialmente pro non só, das Aránzaru/Arancha, das Iziar, das Begoña e demais advocacións euskéricas de Santa María cando é que eiquí case ninguén lle pon a ningunha naipela Franqueira, Barca, Corpiño (non podería ser) ou Peneda. Un conselleiro da Xunta de Galicia é tratado na intimidade de Patchi e determinado director de museu galego é un galego chamado Iñaki (teño entendido que hai reintegracionistas Inhaki). Inscríbense nos rexistros civís de Galicia nenos Gorka e nenos Iker. O cal quer decer que nos nosos días existe unha moda vasquista na onomástica persoal que, como na Idade Media, atinxe outras zonas da Península Ibérica (aínda non Portugal e de ningunha maneira Cataluña) e que, se ben descoñecemos a causa, deberíamos asociar á inseguridade identitaria de certos galegos que prefiren parecer calquera cousa menos galegos. Dado que os apelidos non están sometidos á invencións ou gusto individual, vemos que hoxe existen en Galicia persoas con nome de pía ou hipocorístico vasco e apelidos galegos. Nas familias de emigrantes galegos en Euskadi ocorre tamén isto e é doa do atopar persoas chamadas Koldo Regueira ou Arantcha Pais, poño por caso. Sendo tan poucos e tan peculiares, os vascos e a súa lingua exercen sobre nosoutros unha extraña e secular fascinación.

O Río (24.05.2008)

Agora é o Miño ao seu paso polos arrabaldes de Ourense. En Galicia os ríos non cruzan por onda a xente. Unha catedral ao pé do río, coma a de París, sería eiquí cousa 119
imposíbel, por moito que sexamos, segundo Cunqueiro, o País dos Mil Ríos. Falamos do Miño, o río primeiro de Galicia segundo o canon establecido. Pai Miño (aínda que haxa un Padre Duero en Machado) e Pastor de Ríos.

Teño ouvido discutir moito sobre o lugar de nacemento dalgúns ríos. A procura das fontes do Nilo fixo correr tinta e aventuras aos exploradores. Mestres sen o salacot de Livingstone e libros de texto foron contando distintas estorias a propósito das fontes do Miño.

Primeiro, como lembra Julio López Cid, tiñamos que recitalle á señorita isto: «El Miño nace en Fuente Miña, provincia de Lugo. Pasa por Lugo, Orense y Tuy y desemboca en el Atlántico entre La Guardia y Camiña». Máis tarde, o noso profesor universitario de Xeografía, Otero Pedrayo, xa nos mudaba Fuente Miña por Fonmiñá, aló no ventre do silencio. Daquela cundía a lenda de que a familia de F.J. Río Barja era a propietaria da lagoa da Fonmiñá, se cadra polo cal o precitado Otero sempre lle chamaba ao xoven xeógrafo *Del Río Barja*. Pior era no Colexio León XIII de Vilagarcía da Arousa, ou de Area Longa, onde o seu director, señor Garrido, insistía en que o Miño nacía perto da aldea de Don Aquilino Iglesia Alvariño, un tempo profesor do centro. Isto era excesivo.

Logo invadiunos o horror ao lermos no dicionario enciclopédico portugués *Lello Universal* (O Porto, 1972): «Minho. Rio da Espanha e de Portugal que nasce nas Astúrias e desagua no Atlántico em Caminha». Tan disparatado exercicio de ilusionismo levou o Manuel Vilanova, poeta de Barbantes, a exclamar facendo transtextualidade con Torrente Ballester: «Veciños, roubáronnos o Miño!».

Sendo xa maiores e mercé ao maxisterio do citado Río Barja, soubemos que o Miño onde nacía era no Pedregal de Irimia, Serra de Meira, coa mesma certeza que un día o Mundo soubo que o Nilo nacía no Lago Vitoria e non nas Asturias (aínda o meu amigo Orocel insiste en que debe decerse Irima). Moito poden osmar no hidrónimo Irimia os indoeuropeístas da liña de Krahe, e o doutor Bascuas abonda nisto, e ben. É bonito ver que Irimia xa se converteu en nome de muller galega e que existe unha revista de pensamento cristián tamén chamada así.

Ollen que, como a Fonmiñá cae no concello da Pastoriza, pois cóntanme que o alcalde fixo obras para desviar as fontes do Miño e para que estas foran forzadamente do seu municipio e quitárllelas aos de Meira. Unha comedia! Das fontes do Limia nin falemos; seguen sendo misteriosas.

Os portugueses, que non gostan de compartir connosco a Historia, tamén non gozan partillando a Xeografía. De modo que o Río Miño non é moi frecuentado nin citado nas súas letras nacionais. Cando se di Minho en Portugal estase a falar mormente dunha provincia, capital en Braga. Para eles, pois, o Minho é principalmente unha rexión linda, agalegada, primitiva e remota na que a xente non pronuncia o uve e onde non so aprezadas as touradas. Esta provincia aparece así descrita n'*O Minho Pitoresco* (1888) do J. Augusto Vieira e na preciosísima novela que, co título d'*A brasileira de Prazins*, publicou en 1883 Camilo Castelo Branco. Alén de moitos outros libros (Júlio Dinis, António da Costa, Paganino).

É curioso que, cando Portugal fala no *Alto* Minho, está a se referir ás partes súas máis próximas pola esquerda á corrente fluvial. Isto é, á orella que se encontra xusto por fronte á bisbarra galega que nós chamamos *Baixo* Miño e que vai de Tui a Camposancos. Sempre a nomenclatura dos ríos foi conflictiva e máxime neste caso, debido a que o Miño, a partir do desaugadoiro do seu afluente o Barxas ou Troncoso, marca unha fronteira política que é a máis antiga de Europa ou así.

Río Miño (31.05.2008)

Recibimos cartas sobre asuntos relacionados co Miño. Da fartura deste río en materia de peixes e pesca tense escrito moito e ben, desde o licenciado Feixóo de Araúxo deica Eliseo Alonso, bon prosador de Goián. Os meus amigos ribeiregos coinciden en que tal riqueza vai a menos e que a profisión de pescador decae, aínda que menos na banda portuguesa.

Descoñezo eu o río antes de Lugo, pro rendílle homenaxe á súa beleza xuvenil incomparábel o día en que acompañamos o Manuel María até a cova en Outeiro de Rei. Nas partes altas, o Miño será río de peixes, escalos, anguías, bogas, troitas, mesmo de troitas sabias e descomunais nos pegos sen fondo. Antano subirían máis arriba de Francelos os sables ou as sabelas, eses grandes peixes espiñentos que están saborosos en salpicón. Como ao salmón do Miño, ao sable perxudicouno o cantilado das presas hidroeléctricas contra as que loitou tantísimo a esquerda nacionalista antes do ecoloxismo neorromántico ter aparecido no mundo. Seguramente tamén os encoros afectaron á distribución da anguía cativa polos mil ríos do País a partir do pai de moitos deles que é o Miño. Coido que a pesca sen restricións do meixón no Baixo Miño é unha actividade nociva.

Si, negativos para a vida nas augas do Miño son os desaugadoiros urbanos e industriais que se veñen sumar á acción nefasta das barraxes. Aqueles que saben reclaman pasos e escaladas nas presas para os peixes e esixen un control permanente das augas que se verten no Miño e nos seus afluentes. Era a loita de Eliseo Alonso!

Recibín unha carta moi interesante sobre flora e agricultura nas ribeiras do Miño. Eu estou persuadido de que a do Miño e os seus afluentes constitúen a bacía vitivinícola máis importante de Galicia e unha das grandes de Europa. Vexo viñas desde Francos (Guntín) e Portomarín deica O Rosal e Vila Nova de Cerveira (e máis, con certeza). Digo isto deixando a unha banda o Sil. No plan botánico, a min gústame observar o sobreiro abundante e espontáneo no val do Miño que vai dos Peares (como mínimo) á Guarda e a Caminha; sobreiro que nunca anda lonxe do érbedo coas súas bagas intoxicadoras de alegría. Outros interpélanme sobre as augas quentes. Non sabería eu responder pro, por algunha razón que ignoro, onda o Miño multiplícanse as burgas ou caldas ou gorgullóns de augas quentes. O fenómeno comeza en Lugo e segue en Ourense para proseguir polo Peso e por Caldelas de Tui. A verdade é que o val do Miño desprende, desde Ourense á súa foz, unha calor estival insoportábel que pode levarnos a soñar en poderosas correntes subterráneas de auga quente. En Ourense os vellos dicían que a auga da Burga nace aos pés do Santo Cristo, ao cal os nenos racionalistas doutras eras respotabamos orgullosos que non, que o que pasa é que a cidade está edificada sobre un volcán. Outro lector asegúrame que o val do Miño é zona de terremotos fáciles: aí nin entro.

En canto á etimoloxía do nome do río Miño direi que non debemos aceptar a de San Isidoro: «*Minius fluuius Galliciae nomen a colore pigmento sumsit*» (escribe Isidoro Galliciae e non Gallaeciae). Ou sexa que o río chamaríase como se chama debido a estar colorado de minio ou vermellón. Eu nacín á beira do Miño e vivín sempre perto del: nunca lle mirei tal pigmentación. Schulten advertía que en Etruria hai un río Minio, o cal non quer decer que o nome do noso río sexa etrusco nin farrapos de gaita. Julius Pokorny, no seu dicionario «indoxermánico» (ou sexa, indoeuropeo) establece unha raíz con idea de «viaxar, mudar, cambiar» que, como se se tratase dunha ilustración do pensamento de Heráclito, deu lugar a unha serie de nomes de ríos de Europa: Mein ou Meno (Alemaña); Moín (Irlanda); Mien, Mianka, Minia, Minina (Poloña). Entre eles Pokorny cita o noso Miño (podía meter tamén o Miñor) en tanto que río precisamente galego. Polo tanto o *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch* é a única grande obra de lingüística indoeuropea na que Galicia se fai visíbel. E non hai que esquencer a satisfacción con que Pokorny celebrou nos anos cincuenta do pasado século a aparición do seu *Cancioneiro da Poesía Céltica* traducido ao galego por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. Estamos mesmo a sospeitar que o catálogo dos ríos familiares do Miño na súa raíz feito por Pokorny poido ser a faísca que espertase en Krahe a hipótese dos *antigos europeos* que se fundamenta en semellanzas na hidronimia e que foi aplicada a Galicia por E. Bascuas.

Naturalmente o tema do Río Miño non fica esgotado. Como dicía o mentado Cilistro Fernández de la Vega, «quen fica esgotado hoxe é o autor».

O Che na ialma (07.06.2008)

122

Vino na primavera de 1960. O Che e outros uniformados en verde oliveira admiraban «Los portadores de la antorcha», escultura da señora Huntington que se impón fronte á Facultade de Medicina, Cidade Universitaria de Madrid. Despois a prensa sacaba reportaxes do Che e dos seus nos touros, todos con grandes xarutos atravesados na dentamía. Coido que, naquel San Isidro, o Che coincidira en Madrid con Orson Welles, con Hemingway e con Ava Gardner.

Cando o Che se uniu aos discípulos indómitos de Chibás (Partido Ortodoxo Auténtico) que, comandados por Fidel Castro, preparaban en México o asalto ao poder fascista cubano, el facía fotografías polo Zócalo. Ao se integrar no Movimiento 26 de Julio tamén Che Guevara recibiu protección dalgúns galegos en México como Lois Soto ou Sousa Hermida. Certamente foi este último o que máis axudou a Fidel, ao Che e aos seus compañeiros na preparación do *Gramma* e do desembarco en Cuba. Estes comunistas galegos brillantemente independentes foron conminados polo seu partido (PCE, sede: Calle Versalles) para non auxiliaren aquilo que o PSP de Cuba (comunista oficial e prosoviético esclerotizado) chamaba «movimiento de aventureros pequeñoburgueses». Daquela, un banquete en México DF convocado por Soto, Velo, Sousa e outros (hai carteis) e destinado a arrepañar apoio económico para o Movimiento 26 de Julio tivo que ser suspendido por orden terminante do carrillismo. Pouco despois, con Fidel e o Che xa nas serras cubanas, o exiliado Nicolás Guillén (PSP) bulrouse moito de Luís Seoane en Bos Aires porque este andaba a colocar bonos de axuda ao Movimiento 26 de Julio. Naturalmente, para o poeta da negritude cubana o Che e Fidel formaban parte dun grupúsculo de «aventureros pequeñoburgueses».

O caso é que o PSP, despois da conspiración de Aníbal Escalante contra o castrismo e en favor do revisionismo rampante (Suslov) da URSS, ou desapareceu do mundo (e mesmo en Miami) ou se integrou con sinceridade no novo Partido Comunista Cubano, cousa que fixeron Blas Roca, Carlos Rafael Rodríguez, Alejo Carpentier, Raul Roa ou aquel Nicolás Guillén que tantas samborcadas ceibara pola boca en Bos Aires. O PCE disolveuse coma un terrón de zucre na limoada juancarlista e a URSS afundiuse con estrépito, pro o grupello dos «aventureros pequeñoburgueses» fixo que a Revolución prevalecese en Cuba até o día de hoxe. En Galicia aínda hai xente comunista.

Coido que foi o poeta malagueño Rafael Ballesteros o que escribiu que as obras completas de Che Guevara collían nun *librito* de papel de fumar marca Abadie e aínda lle sobaban follas despois da vermella de advertencia. Con todo, ao tratar do incentivo económico no estado socialista, Che apuntaba á de gradación da ética revolucionaria e abre unha posibilidade de interpretación da ruína soviética («desastre escuro», vaian onda Francisco Sampedro). A estratexia global de abrir dous, tres, moitos Viet Nam, proposta polo Che Guevara, mesmo foi plaxiada pola CIA e o imperialismo

para encerrar o nacionalismo reaccionario e conducir Iugoslavia ao caos e ao nada. O pensamento do Che era forte e escribía con rigor e precisión.

Vén o Che ao *Fondo dos Espellos* porque el, Ernesto Guevara de la Serna, nacera en Arxentina o ano 1928 e este compriría oitenta, dez máis ca o cronista que o encontrou unha ocasión en Madrid contemplando un monumento hispanista con ollos seguramente bolivarianos. Espero que o que se escriba nesta feita sobre o Che deite luz sobre zonas pouco coñecidas da súa vida, pensamento e acción. Coma tal, a discusión na dirección do PCC na que el se enfrentou duramente a Raúl Castro e a outros antes de marchar de Cuba. Eu gustaría de saber detalles da presenza do Che a carón de Mulele, o sucesor do asasinado Patrice Lumumba, no Congo, o que nos levaría a un tema de política contemporánea de grande importancia. Refírome ás tropas cubanas en Angola que derrotaron o exército fascista e racista de Pretoria e crearon as condicións que fixeron posíbel a liberación de Nelson Mandela e a transformación de Sudáfrica nunha república multinacional democrática. Se cadra é hora de decer que tal acontecemento foi unha vitoria do Che despois de morto.

Desta e doutras cousas poderíamos falar a propósito do octoxésimo aniversario de nacemento do Che Guevara. Pro nin este é o sitio nin eu son a persoa adecuada para facer tal.

O Che en verso (14.06.2008)

Inmediatamente despois de ser morto Ernesto Guevara de la Serna en 1967, chegou ao Café Gran Vía de Vigo alguén cunha carta de Cuba. Nela dábase noticia da constitución dun comité cuxo fin era perpetuar a memoria do Che como exemplo de Guerrilleiro Heroico. A circular estaba asinada polo secretario ou presidente do comité, comandante Osmany Cienfuegos. Pedían que xa lles remitísemos material artístico e poemas con destino a un libro de homenaxe. Polas canles da UPG circulou a misiva, que se acatou coma unha consigna. Seguramente tamén circulou polas estancias doutras organizacións clandestinas de aquí e de Hispanoamérica, e non só. Axiña saíu como resultado o libro *Poemas al Che*, La Habana, 1969, Año del Esfuerzo Decisivo. Trátase dun volume ben nutrido no que poetas da Península Ibérica e de América se laian e carpen pola morte do Che, con diversa fortuna. Manuel María, Lueiro Rey, Celso Emilio Ferreiro, Carlos Casares e outro máis foron os autores galegos seleccionados polo editor (Fornet). Pro a arribada a Cuba de poemas ao Che escritos no Estado español fora masiva e moitos ficaron fóra da colectánea.

De xeito que, cos excedentes, habilitouse o periódico cubano-español *España Republicana* para editar os textos que non viran a luz no libro de Fornet en compañía dos que si que saíran. A primeira edición fíxose en forma de folletón da revista co título

de *Homenaje al Che* traducido a todas as linguas de España e foi publicado en 1970. Luís Seoane e Díaz Pardo contribuíron a realzar a humilde edición con senllos deseños. Alén dos que xa publicaran en *Poemas al Che* aparecen en *Homenaje al Che* os seguintes poetas galegos: Eliseo Alonso, Álvarez Torneiro, Costa Clavell, Neira Vilas, Novoneyra, Manuel Rodríguez e Farruco Sesto Novás.

Eu estoulles convencido de que os poetas tiveron moita importancia no proceso de fixación, e aínda de mitificación, da figura do Che; tanto ou máis ca os fotógrafos (Korda, «O Fotógrafo»), os deseñadores e os artistas plásticos en xeral. Tamén penso que o comité do PCC de 1967 (o de Osmany Cienfuegos) colleitou o seu primeiro éxito no terreo da propaganda (ou *agitprop*) cos libros *Poemas al Che* e *Homenaje al Che* de 1969 e 1970 respectivamente. Chega agora ao *Fondo dos Espellos* o libro *Che in verse*, colección de poemas e cancións ao Che reunida por Gavin O'Toole e Georgina Jiménez. Está editado no Reino Unido por Aflama Books en 2007, e impreso polas artes gráficas Guangzhou Henyuan, China. Son textos escritos orixinalmente en moitas linguas do mundo e postos todos en inglés, a excepción do mellor de todos, de Ferlinghetti, que queda sen lle tocaren nunha especie de «chabacano» hispanoamericano. Trátase da iniciativa duns profesores británicos e xa non dun acto dimanado da vontade política do PCC.

Merece a pena achegarse a *Che in verse*: nel contéñense 134 dos mellores poemas e cancións dedicados ao revolucionario, escritos por vivos e xa mortos desde 1967 a hoxe. Entre os autores encóntranse compañeiros do Che, activistas dos dereitos gay, un ministro de Cultura do Brasil (poideron meter o de Venezuela) ou un preso de conciencia cubano que languidece (din os editores) na cadea norteamericana coñecida como «Alcatraz of the Rockies». Figura aquí un texto do cisterciense Thomas Merton, pro podía aparecer tamén outro de Ernesto Cardenal, monxe el mesmo. Lemos un espléndido poema de Derek Walcott e un de Pablo Neruda, ambos premios Nobel que honran coa súa presenza a publicación, pro non entendemos como os editores deixaron fóra a contribución de Vicente Aleixandre, non menos Nobel. Entre os belos versos do libro áchanse os de Jorge de Sena, Sophia de Mello Andresen e Eugénio de Andrade, que non adoitan figurar entre os neorealistas do comunismo literario portugués. Só un poema en galego orixinal foi posto aquí en inglés. Ningún vasco, ningún catalán se deixan ver, aínda que si moitedume de británicos (un escocés e un galés) e norteamericanos. Entre estes últimos, Allen Ginsberg coa súa estremecente «Elegy to Ché Guevara». E por cima de todo, o mellor poema dos 134, que para este cronista é o xa citado de Lawrence Ferlinghetti que leva o título (traduzo) de «O pensamento do Che Chevara o día despois da súa morte». O de Ferlinghetti é un escándalo formulado nunha especie de lingua castelá mestiza polo estilo da do *Tirano Banderas* de Valle-Inclán (vostedes poderán lelo, se gustan, no próximo número d'*A Trabe de Ouro*).

Denominación da Patria (21.06.2008)

Recibimos varias consultas a respecto do nome de Galicia ou Galiza. Trataremos de lles dar resposta axeitada.

125

PODE UN PAÍS TER MÁIS DUN NOME?

Poderá, mesmamente se se usa unha ou outra lingua: Suíza ten tantos como idiomas oficiais (catro) mais un en latín, e por cima os que lle damos os estranxeiros nas nosas falas. Eu entendo que Galiza/Galicia son dúas formas do mesmo nome. O cal procede do que nos puxeron os romanos: Callaecia/Gallaecia (a segunda forma prevaleceu por nos miraren semellantes aos da Galia; din algúns). Logo, o nome transformouse, pro non moito e sempre como semicultismo (xa San Isidoro escribía Gallicia), en Galicia/Galiza. E aínda están os exónimos, ou sexa, o modo que teñen de lle chamar ao País os franceses (La Galice) ou os italianos (Gallizia, Galizia). Todas son formas evoluídas do topónimo orixinal Gallaecia/Callaecia que, segundo teño entendido, se formou a partir da xente ou tribo dos *Callaici*, a cal parece que paraba polos la dos de Braga. É nome ben asentado: foi o dunha provincia romana, o dun reino e, hoxe, o dunha simple autonomía española. É o nome dunha nación sen estado propio.

QUE É MÁIS GALEGO, GALICIA OU GALIZA?

Galiza é a forma que aparece nos documentos medievais en galego. Pro non se pronunciaba como nós o facemos (con ou sen seseo) nin tampoco como pronuncian Galiza os portugueses (cun ese sonoro que case non existe entre nosoutros). Na *Idade Media*, o zeta de Galicia ouvíase, cunha consoante extinguida, algo así como «Galidsa». Logo, impúxose Galicia na fala oral e na escrita refundada por ese noso pai intelectual que foi Sarmiento. Moito máis tarde, a forma Galiza foi reintroducida por vía culta e literaria. Tanto Galicia coma Galiza son formas inequivocamente galegas.

E non se pense que Galicia é a forma propiamente castelá de lle chamar ao noso País, ca! A primitiva forma castelán é Gallizia (pronunciada aproximadamente «Gallidsia»), que ía asociada ao xentilicio *gallego/-a*, e así aparece mesmo no *Cantar de Mio Cid*. Máis tarde, a forma Galicia, tomada do galego, impúxose no castelán moderno. Polo tanto, na lingua castelá, Galicia é un galeguismo (non así *gallego, -a*).

É CORRECTO USAR «A GALIZA» CON ARTIGO?

Coido que non señor. Os portugueses teñen por regra deceren *A Galiza* e *A Espanha* (nunca «O Portugal»), pro esa é unha práctica afrancesada que puxera en circulación a sociedade galicista dos días do Marqués de Pombal, de seu apelido Carvalho. Re-

paren en que Castelao escribiu *As Cruces de Pedra na Galiza*, mais tamén *Sempre en Galiza* (sen artigo) e, por parte, *Atila en Galicia* e *Galicia Mártir*.

126 **E LOGO, SERÁ MÁIS RADICAL OU MÁIS INDEPENDENTISTA GALIZA CA GALICIA?**

En principio, non; aínda que a intención política pode encher unha e outra forma con este ou aquel contido. En tempos de Franco, Euskadi era o nome nacionalista do País Vasco e Euskalherria o usado polos carlistas e o tolerado polo Réxime: hoxe a esquerda «abertzale» prefere a segunda forma, inclusive os seguidores de «Euskadi ta Askatasuna» (ETA). Por eiquí, os membros do BNG oufánanse de Galiza coma dunha súa insignia, do mesmo xeito que até hai pouco consideraban a estrela na bandeira. Igualmente os movementos lusitanistas que negan o galego como lingua independente e previa ao portugués, preferen «A Galiza», o que non quer decer que moitos independentistas non usen Galicia ou as dúas formas indistintamente. É verdade (triste, abofé) que o racismo de Caritel faga pintadas contra os xitanos con cruces gamadas alemás unidas ao nome de Galiza. Outros nazifeixistas, os de «Residencia Ariana», insisten en Galiza, e mesmo Gallaecia, para pedir nos seus eslogans pureza racial e expulsión dos estranxeiros (non dos de Madrid, digamos). Os tamén xenóforos galeguistas de Vilaboa non frecuentan nin Galiza nin Galicia. Apenas pintan nas paredes de Paredes: «Fóra os mouros de Vilaboa». Que tropa!

GOZA DE AUTORIDADE A ACADEMIA GALEGA PARA DECIDIR O NOME DO PAÍS?

Segundo a Lei, a nosa Academia, coma a Francesa en Francia, é quen prescribe con rango de Lei as normas ortográficas, morfolóxicas e outras para o uso do idioma galego. Nas normas vixentes, a Academia da Rúa das Tabernas da Coruña recoñece (é natural) Galiza como forma histórica e, nun ditame solicitado pola Consellaría de Cultura, fai acordante á Xunta de que Galicia é a forma oficial do nome da Patria.

O curro das mortes (28.06.2008)

O cabalo de raza galega sobreviviu até non hai moitos anos pro na actualidade deg-rádase na mesturanza e no cruzamento. Tamén é verdade que a regulación no *Diario Oficial de Galicia* da PRG (Pura Raza Galega), coas súas características precisas e a fundación do libro de rexistro oficial, abriu unha nova era de esixencia e de determinación morfolóxica. En paralelo, a recuperación da doma dita *andadura* ou *marcha* (Nós, *andadura*, por Joaquín G. Troncoso) repercutiu colateralmente na revaloración do PRG ao tempo que se facía renacer o vello ar (a *amblure* de Carlomagno) que subsiste en Galicia e en Islandia principalmente.

Milleiros de cabalos basicamente galegos, aínda que cada vez máis cruzados, viven ceibes na inmensidade dos nosos montes e constitúen unha fermosa realidade e un tesouro de vida. País ningún de Europa e tal vez do mundo posúe número tan alto de cabalos en liberdade. A mesma raza de cabalo prolifera nos montes da Asturias Eo-naviega e nas rexións portuguesas do Minho e Trás-os-Montes. En Portugal o cabalo galego chámase *garrano* (en Lobios tamén) do mesmo modo que a vaca galega recibe o nome de *minhota*. O noso cabalo vive nun réxime de pastoreo arcaico cuxo acto central e simbólico é o *curro*. Nós non decimos «rapa das bestas» entre outras cousas porque a expresión foi lanzada polo etnógrafo e asasino famoso Víctor Lis Quiben nun seu opúsculo sobre o curro de Sabucedo.

Curro é o cerco de madeira ou pedra a onde se levan as bestas. *Acurrar* é un verbo que significa o acto de conducir a grea ao curro. No curro sepáranse os poldros das nais para seren marcados co ferro do propietario e cóllense a lazo as cabezas de gado por as desinsectar ou raparlles as crinas, que non sei se seguen tendo saída económica. Tamén se separan exemplares para vender, xeralmente destinados a carne. Galicia é a zona de Península que máis carne de cabalo exporta, e de altísima cualidade. Na *Guía dos Curros de Galicia* (Xerais) menciónanse 63, pro hai máis. Existen curros segredos, mesmo só familiares, e hai curros que se transformaron en espectáculo que atrae milleiros de entusiastas en toda Galicia. As San Lucas de Mondoñedo funcionan coma un curro, sen confesalo nunca.

Eiquí, no Sul, son famosos os curros dos Montes da Groba, hoxe ameazados pola peste capitalista das eólicas da Xunta. Este ano, o concello de Gondomar (moitas grazas!) axuda os gandeiros e promove os seus curros de San Cibrán (ou Pinzás, ou A Portavedra), de Morgadáns e do Galiñeiro (este último recolle as bestas que habitan o territorio municipal de Vigo, a primeira urbe de Galicia).

Os cabalos do monte son odiados desde o fondo da alma e desde a última torgueira da reminiscencia por determinados aldeáns da Gallaecia que miran neles a imaxe dun pasado ruín e vergoñento. Combaten o cabalo solto con todas as armas da mentira e da propaganda. Acusan os cabalos de lles acabar cos cultivos (mesmo alí onde a agricultura xa non existe), de impedir a repoboación forestal e de se atravesar nas estradas entre outras malignidades que nos remontan a antagonismos neolíticos. En todos os nosos montes coñecemos episodios de atentados contra cabalos. Non pasa un mes sen unha protesta pola presenza de cabalos bravos na Cidade Universitaria de Vigo, presenza que é soaz para a comunidade académica, que fascina os profesores e alumnos visitantes e que converte a de Vigo nunha universidade única e vistosamente ecoloxista.

O pasado 2 de xuño produciuse a masacre de cabalos que poden ver na parte gráfica deste *Fondo dos Espellos* no Faro de Vigo. Ocorreu na Área Protegida do Corno do Bico, concello de Paredes de Coura, na orela portuguesa do Río Miño. Unha patrulla de desalmados acurrou as bestas e as concentrou. Fixéronlle o cordón e disparáron-

lles con escopetas cargadas de balote ou zagalote de caza maior. Mataron máis de dez animais, e outros ficaron feridos. Un poldro orfo foi atinxido nas mans e non sabemos se é vivo ou morto. Outras bestas fuxiron co chumbo no corpo. Os periódicos locais, *O Valenciano* (Valença) e *O Coura* (Paredes,) deron conta do curro das mortes e os grandes media do Porto e de Lisboa informaron e pediron xustiza.

E non se pense que tal salvaxada é cousa allea a nós. Nos montes de Galicia son frecuentes os atentados a morte contra bestas ceibes. Na Curota e na Barbanza, en xeral é corrente enforcar os cabalos con lazos. Na Serra da Loba e na Cova da Serpe tenden láminas afiadas de aceiro entre os piñeiros para que os animais sufran cortes profundos e morran por alí desangrados.

Eduardo en familia (05.07.2008)



Trátase de Eduardo Blanco Amor, pedra fundamental do XX literario galego. Está nesta foto (circa 1908) coa súa familia. No centro, a nai: Aurora Amor Fernández, bela muller, espírito arelante de beleza, loitadora. Filla da clase obreira de Ourense, dedi-

couse á pasamanería, á costura e creou efectistas vestidos de primeira comuñón («monísimo, caprichosísimo») e disfraces de antroido para os nenos das camadas, caricaturizadas filisteas por Risco n' *O Porco de Pé*. Pro, mormente, Aurora pasaría á lenda da cidade como artesá de flores de papel de extraordinaria orixinalidade. Por iso foi coñecida sempre como «A Florista». É agora cando debemos lembrar que, en Brassens, «les fleurs en papier des chapeaux», xuntamente coas flores de pedra dos mausoleos, simbolizan a verdadeira constancia dos afectos; non as flores (notoriamente, as rosas) reais e destinadas á decadencia temporal.

Aurora a Florista foi admirada pola burguesía ourensá, e tamén envexada por ela. A súa prole preséntase ao fotógrafo envolveita en primores e ornato que contrastan coa roupa negra de viuva, sen alfaia ningunha, de Aurora.

De esquerda a dereita, pousa, con cariña de rapaz traste, Camilo, que habería de ser coñecido como grande troubleante bailador de tango, java, pericón e muñeira en Montevideo. Logo, vén o irmán máis grande, Castor. De quen ouvin decer que fixo carreira militar como garda de *corps* no palacio real de Madrid e que foi perseguido duramente polo franquismo: vivía nas partes altas de Ourense contra o cuartel de San Francisco. A irmá maior, Julia, revélase preparadísima coa súa flor de papel nun peiteado impecábel seguramente reforzado con recheo de crepé. Se vostedes se fixan na imaxe de Julia, repararán en que semella unha figura de cera e pensarán que ela puido ser o modelo remoto da boneca xigante que os troubleantes d' *A Esmorga* encontran no interior da casa dun misterioso decadentista de Auria. Todos os mencionados apelídanse Bóveda por seren fillos do primeiro marido de Aurora: Ramón Bóveda.

Para a meniña loira de zapato branco e medias pretas fabricou Aurora un chapirote estrambótico no cal tamén campan as flores de papel: é Eleniña, apelidada xa Blanco Amor, coma Eduardo, por seren ambos fillos de Víctor Blanco, segundo marido da Florista e barbeiro de oficio como se contaba na Auria dos meus días cachorros. Vexan como o neno Eduardo apoia un antebrazo no muslo da mamá, a cal tamén o roza a el cunha man na que loce o anel de casada. Entre os retratados, Eduardo é o único que establece contacto físico con Aurora. Eduardo fita o obxectivo cunha sorte de desafío no que adiviñamos curiosidade e perspicacia.

Un inicio de sorriso anuncia o xesto inconfundíbel que coñecemos no Eduardo adulto cando el marcaba as distancias co mundo e nos escrutaba a todos tratando de adiviñar segredos e intencións. Veleiquí Blanco Amor meniño, educado entre labores femenís que, sendo vello, asegurou un día en Vigo que os riscos da súa escrita foron gravados nel a fogo por unha nai artista e minuciosa nos días da primeira infancia. E hai un Blanco Amor que escribe coma quen fai flores de papel.

Estamos perante un retrato de muller traballadora que viste os seus fillos coma príncipes e princesas para os deixar inmovilizados para sempre no futuro. Todo un estilo

artesán e proletario peculiar da cidade de Ourense vive nos portes e na indumentaria espectacular. Os meniños Bóveda, medios irmáns de Eduardo, son primos doutros Bóveda (coido) coma o poeta Xavier Bóveda ou aquel Alexandro Bóveda destinado a escribir e rubricar con sangue un sombrío capítulo da Historia de Galicia. Todos eles Amor, este apelido está unido á historia do movemento obreiro de Ourense e a individualidades intelectuais librepensadoras desta cidade levítica. Os biógrafos de Eduardo Blanco Amor falan sempre da súa actitude de dandy, que eu non nego. Como poden percibir na foto, a tendencia virfalle a Blanco Amor desde lonxe. Ora ben, por baixo da estética da fineza e futilidade das flores de papel, Eduardo Blanco Amor acochaba unha potencia radical que o levou, como escritor, a crear universos (sempre en Ourense) horrendos e xeniais nos que a condición humana, igual que na mellor literatura da Europa e da América do seu tempo, aparece posta a proba e no seu límite. É entón cando a muller poderosa e valente que foi a Florista dá os seus froitos educativos: no Blanco Amor maduro. Por iso Aurora púsalle a man ao neno no braciño, nesta foto.

Estou seguro de que, cando o retratista destapou o obxectivo, no seu estudo entraron as badaladas da catedral e de que elas se perpetúan coma unha presenza invisíbel no interior desta fotografía inqueda, sobre todo nun certo tremor que percibimos na perrera de Eduardo.

O galego nas Illas Canarias (12.07.2008)

Xa Pondal falaba do africanismo das xentís anturiñas que Curros metera no seu poema fundador. Eran tempos nos que G.A. Bécquer facía das anduriñas o paxaro simbólico do após Romantismo. Moitos anos máis tarde, na illa de Tenerife, eu ouvín como un mozo camponés de La Encarnación falaba das *andoriñas* descoñecendo o nome castelán de golondrinas. A anduriña tinerfeña abriume os ollos a unha realidade na que habería eu de profundizar durante anos: a lingua galega encóntrase fortemente entalada na fala do bon pobo das Illas Canarias.

Descobría daquela eu un arquiipiélago inesquencíbel e un pobo ledó, humorista, sabio, sufridor, que empedraba as súas falas hispánicas meriodionais con centos de palabras que eu identificaba, na soleira dos anos sesenta, como galegas, inexplicabelmente galegas. Veleiqué unhas amósegas.

Abanar é o que nós decemos *abanear* ou *abalar*. *Abicar* é «por o bico dunha xerra para abaixo». o *avesío* galego do que era tan gustante o Novoneyra, é *avisero* en Canarias. O Bochechón de Cangas do Morrazo vería o seu alcume ben celebrado nas Illas, onde *abochechar* é «engordar o corpo, formar *bochechas*». Alí hai, pois, galeguismos de *abondo*, e así din eles coma nós. Como na nosa Terra, na deles *abrollar*

é «saír as plandas da terra» e *aboyar* «flotar» (canarios e galegos por veces andamos *aboyados* ou *aboiados*). Coma en Galicia, nas Illas medran *acebiños* ou sexa «acivros» e, se alguén quer facer xogos de intelixencia, para iso están as *adiviñas*. Seguro que parte da fala canaria descansa sobre *alicerces* galegos. Sen ir máis lonxe, *alto* pode ser alí o «mar», coma nos nosos Cancioneiros do século XIII. E, cando hai doenzas masivas, estas reciben o nome de *andacios*. O mítico e noso *arco da vella* loce en Canarias como *arcolavieja*. Créanme: o mar que fosforece en Marín como *ardentía* faíno co mesmo nome en El Puerto de la Cruz, o que a algún lle pode producir *arrepío*. Por certo que cando non queremos ser precisos co significado dunha acción decimos *aquelar*, en plan comodín, verbo que os canarios castrapean como *aquellar*, igual que facía a miña nai ao falar castelán. E tamén eles *rendan*, coma os do Ribeiro, as viñas e segan a herba *a rente* o chan. Falando en viñas, as uvas, como en Galicia, son *bagos* e, logo de pisadas, *bagazo* ou *bagullo*. O estómago é o *bandullo* para moitos galegos e canarios.

Os lepidópteros de Canarias son *borboletas*. No fogar canario prodúcese tanto *borrallo* coma no Fogar de Breogán. Os choscos de aló son *besgos*, os orificios *buracos* e, igual ca en Fisterra, certos botes bicudos chámanse *bucetas*. Un croio pode en Galicia ser *callau*, e en Canarias tamén pode. E o verbo celtogalego *cambar* «curvar» é de uso corrente no arquipélago que fora bérbere, onde tamén hai mazás *camoesas*, os bois xúnguense coa *canga* e a veciñanza entoa *cantigas*. Tan galegos son os canarios que para eles o núcleo da *mazaroca* é o *carozo*, a casca da semente o *casulo* e a leña queimada *chamizo*. Os zapatos vellos son chamados *chancas*, coma en Celanova os zocos.

O fedor recibe o nome de *cheiro* e as herbillas o de *chícharos*. A palla centea é o *colmo*, a coruxa a *coruja* e as articulacións das falanxes *cotobelos*. É en Canarias *desajeitado* o que carece de *jeito*, xa vostedes saben. *Debullar* é «tirar a casaca» e *desgrelear* facer idem cos *grelos* ou xermolos das patacas. Os cristais *embazan* e os animais *embostan* ou sexa emporcan o chan coa súa *bosta*. Ás veces os humanos das Canarias senten *engullo*, que non é «noxo» senón «amargor da alma». E se atan algo con *liña* din que *enliñan*. *Enlatar* é «trenzar varas» e facer *latas* ou parrados igual que se fai e di na Terra de Iria. «Enguruñar» é «encoller o corpo», *escarranchar* «abrir as pernas» e *esmorecer* «perder a forza». Un *espicho* é un «ferro agudo», un esteo un «poste» e un *farrapo* un «xirón de tecido». Un *fecho* é o que sirve para fechar e un *feje* é un «feixe» e un *foguete* o que se estoura nas festas. *Fol* significa o mesmo que entre nós e a *folía* é a cántiga canaria que leva case o mesmo nome que a Foliada de Tenorio famosa. *Funil* é o aparello de encher as garrafas que deu nome a unha coñecida pasaxe de Redondela. *Furna* é unha cova nas pedras e, por se fose pouco, a *gemela* é unha barca tipo gamela e o *gorás* un peixe que en Galicia podemos chamar *vuraz* (ou *pancho*).

Detéñome aquí, na letra *g* do particular vocabulario galego-canario que eu comecei a elaborar nos primeiros anos sesenta.

O volume de palabras galegas na fala canaria é inmenso, e o referido só constitúe unha mostra. Os problemas teóricos e interpretativos que tal abundancia de galeguismos suscita son moitos e moi difíceis de resolver. Seguiremos tratando do tema en semanas vindeiras.

A lingua das andoriñas (19.07.2008)

Viamos pasar polo *Fondo dos Espellos* bandos de palabras galegas na fala castelá das Illas Canarias. Sempre estes galeguismos nos sorprenden e nos obrigan a procurar difíceis interpretacións. Botémoslles unha ollada a algúns novos exemplos.

A semellanza entre *gurancho* «baiuca, habitación cativa» e o *furancho* da Ría de Vigo onde se despacha viño da casa é ben curiosa, a non ser que por tras estea *guro* ou *goro*, un indixenismo canario que significa «cortello». Os dedos que en galego chamamos *furabolos*, *cachapiollos* e *minguiño* son nas Canarias *hurabollos*, *matapiojos* e *mendiño*. Abraia saber que os canarios usan o arabismo *jabardo* (galego *xabardo*) para designar un tipo determinado de enxamio ao tempo que a abella femia fértil é tanto *mestra* entre os nosos apicultores coma entre os das Illas. O seu *jabre* é o noso *xabre*. *Arear* e *lañar* dicimos nas Rías Baixas, e non só, para a acción de abrir un peixe e salgalo, igualiño que aló embaixo. A *lagareta* de prensar o bagazo no Morrazo leva o mesmo nome en Canarias.

Unha venerábel verba galega, *laxe*, goza de moi boa saúde baixo forma de *laja* nas illas da costa africá ao tempo que a nosa *lama* soa por alí. Os cans canarios *lamben* coma os nosos. Á *liña* péscase naquel mar e o *liñón* é unha baraza grosa (tamén se chamaba así a corda usada no Miño, por Ribadavia, para turrar (dos barcos desde terra). Unha bela palabra galega, *marusía*, xira aló levemente modificada en *marasía*. O xermanismo galego *marco* «pedra que sinala os límites», é ben coñecido nas Canarias. Sobre o alto mar canario voa o rei das nosas aves mariñas, o *mascato*, e bolen as *pardelas* comestíbeis. As *medas*, o *milllo* coas as súas *mazarocas* e os *mollos* constitúen palabras e cousas do universo agrario das Canarias que tal vez levaron aló xuntas uns nosos coterráneos na primeira colonización das Illas. *Murriñento* (un tempo de poalla ou gris), *morno* «aplacado» e *murcho* «decaído» son usos canarios de palabras galegas que evocan unha atmósfera atlántica, misteriosa e saudosista. *Panasco* «herba verde», é voz moi típica do Val Miñor e do Baixo Miño que rexe tamén nas falas canarias. *Pandullo* é unha palabra que mariñeiros galegos e canarios comparten para designar unha pedra coa que se bate o mar por axotar os peixes. E se a un *ghichiño* de Vigo ou a un *nacho* de Ferrol que anda sempre a pedir chamamos

pidichón, os canarios fan o mesmo. Debido ao clima, ás veces en Canarias a xente séntese dominada pola *preguiza*, e eles usan a mesma palabra que a nosa en ocasión das grandes sestras.

Os mamíferos mariños que chamamos aquí *arroaz* e *toniña* son coñecidos como *ruaz* y *tonina* polos canarios máis marítimos. E o *surdir* «emerxer» é tan propio daquelas augas meridionais como das nosas galaicas, aínda que tamén no Atlántico canario pode un *mergullar*. Impresiona que os canarios enxebres manexen a fórmula interrogativa *ulo?/ula?* con máis habelencia que algúns escritores galegos. Podiamos seguir enchendo folios con galeguismos de Canarias, mais non penso fatigar máis os sofridos lectores que deron chegado a este punto. Beizón pola paciencia.

Quixera, nembargantes, advertir da existencia dun conxunto de anglicismos comúns a galegos e canarios que seguramente son modernos e propios das *slangs* mariñeiras. En Canarias e en Galicia fálase de *piche* (inglés *pitch*), de *bichicoma* (inglés *beachcomber*), de *paipa* (inglés *pipe*), de *matalote* (galicismo inglés *matelot*, *matlo* ou *matlow* «mariñeiro»). Este grupo de palabras estaría alimentado polo intercambio lingüístico que se urde ao fío das modernas actividades pesqueiras dos galegos e dos canarios na inmensa praia que o despotismo marroquino lle usurpou ao pobo saharahuí. Se isto fose certo, a penetración galega na fala canaria e a viceversa sería tamén un feito propio dos nosos días. Gloriosa interferencia!

Igualmente pode ser considerada galeguismo algunha peculiaridade semántica da fala canaria, como a confusión entre *sacar* e *quitar* ou o uso de *ruín* co significado de «miserábel, cativo». O impersonal con *hay* en lugar de con *hace* achega a fala canaria ao galego: *hay mucho tiempo*, *hai moito tempo*. O sufixo intensificador *ento* pode usarse en Canarias sen diptongación: *babujento* «babuxento, baboso», *banballento* «grande e mal feito, langrán». A lingua das Canarias descoñece a forma do pretérito perfecto de indicativo castelán, e outras compostas.

Seguramente o galego constitúe o meirande continxente de léxico que unha lingua diferente do castelán teña aportado á fala das Canarias. Orabén, moitos intérpretes do fenómeno tenden a pensar que se trate de portuguesismo e non de galeguismo, o que nós non aceptamos no *Fondo dos Espellos*. Na próxima entrega trataremos no asunto.

«Eu canto o peito ilustre Lusitano» (02.08.2008)

Fóronnos aparecendo estas semanas atrás montes e moreas de verbas e particularidades morfolóxicas galegas na fala das Illas Canarias. É vocabulario de carácter xeral e nótanse concentracións de galeguismo na designación de fenómenos atmosféricos húmidos, na pesca ou na agricultura do millo (chamado alí así, oh!), dos cereais e da viña (non na das bananas nin da cana doce) poñamos por caso. A escola

española de filoloxía (Lapesa, Zamora Vicente) nun principio valorou nesta abundancia, con prudencia e ambigüidade, os «occidentalismos», «portuguesismos», «galeguismos» ou, pola breve, ás «palabras de orixe galego- portuguesa».

- 134 Digamos que a citada escola botaba man do concepto «occidentalismo» para designar palabras que, no que eles chamaban «español» con insistencia, procedesen de sitios tan diferentes coma a área do leonés e as do galego e do portugués xa esgallados. Por exemplo: Dámaso Alonso escribe que a palabra *fonte* en San Juan de la Cruz constitúe un «occidentalismo»; manda truco.

En canario dise *colmo* e non *cuelmo*, co que quero ilustrar o feito de que no castelán das Illas non existe influencia leonesa. E dado que no século XV (o da conquista total das Canarias) o laño que separa o galego do portugués afonda definitivamente, resulta urxente establecer se o «vocabulario das andoriñas» en fala canaria é galego, como nós pensamos que é, ou é portugués. Todos sabemos en Galicia que o *presunto* e o *xamón*, así coma o *frango* e o *polo*, marcan unha fronteira léxica, pro tamén sabemos que distinguir entre portugués e galego no mundo das palabras, é labor extremadamente difícil e aventurado.

Parece, con todo, que os máis dos lexicógrafos canarios actuais (de Pérez Vidal a Marcial Morera, por simplificarmos) non dubidan en interpretar o continxente de galeguismos presente na fala canaria como portuguesismos. E así, cando os dicionarios xerais portugueses non lles fornecen as respostas esperadas, eles botan man dos galegos, nos cales milagreiramente aparece moito do que se procuraba. Non semella que isto os compraza, xa que, daquela, algúns optan por forzar a realidade e negar a existencia da lingua galega mesma. Un filólogo xa citado, Marcial Morera (algún seu antepasado sería Moreira, supoño), escribe isto: *caldo*, «del español de Galicia *caldo*». Ou isto outro: *colmo*, do «gallegoportugués», e cita a autoridade do noso Eladio Rodríguez. Ou mesmo aínda: *jabre*, «del gallegoportugués *xabre*», e invoca Ríos Panisse que fala de gallegoportugués tanto coma Don Eladio, ou sexa nada. De *ulo*? Morera asegura ser un «occidentalismo». Outros falan no «portugués de Galicia» coma orixe de diversas verbas canarias. En suma: para a *doxa* dominante, en determinado discurso filolóxico (ou ideolóxico) actual, o galego debe ser ocultado a fin de deixar lucir a hipótese lusista para a fala canaria, máis prestixiosa sen dúbida. Non en van na fala canaria existe *gallego* co significado despectivo (castelán e portugués) de «cobarde, suxo, baixo, incivil».

«Eu canto o peito illustre Lusitano/ A quem Neptuno e Marte obedeceram» - que enfatizara Camões.

Vexamos o que aparece no *Fondo dos Espellos*.

A fala das Canarias é un castelán meridional de base andaluza que inclúe no seu vocabulario un inxente volume de voces galegas levadas aló embaixo maioritariamente por galegos, e ás cales seguramente se suman algunhas portuguesas: dialectalis-

mos das Illas da Madeira que sempre coas Canarias se relacionaran. O galeguismo debería provir da primeira colonización do arquipiélagos iniciada en tempos de Enrique III e continuada no dos ben chamados Reis Católicos. Os portugueses asentados nas Canarias nos séculos XVI e XVII, que adoitan ser moi citados polos filólogos lusistas, non puideron actuar grande cousa como axentes enérxicos dunha invasión lingüística tan fonda de léxico alleo polo feito de que, naquelas centurias, a poboación portuguesa desangrábbase nas propias áreas de expansión imperial repartidas en catro continentes e máis porque precisamente entón a lingua portuguesa perdía prestixio e as elites de todo tipo vivían un proceso esmagador de castelanzación.

Todo nos leva a pensar que o galeguismo das Canarias vén da primeira colonización. Debeu de haber moitos e moi influíntes colonos galegos que vivirían en choupanas colmadas coma as que poden ser vistas na ilustración deste artigo. Pro as Canarias foron poboadas mormente por andaluces occidentais e a lingua destes áchase algo intervida de galeguismos tamén. Non esquezamos que a taifa de Sevilla, coma a de Badallouce, era tributaria do Reino de Galicia e destinada á dominación plena das camadas feudais galegas nos plans de Reconquista desde Fernando I.

Moi máis tarde, por exemplo, no proceso de apropiación brutal da Andalucía do Oeste, Afonso X escribiu, precisamente en galego, as cantigas de propaganda colonizadora dedicadas a esa Santa María do Porto que non é outra que El Puerto de Santa María (X. Ramón Pena). Algúns galeguismos das Canarias poderían ter sido levados alí por poboadores da Andalucía Occidental.

Por se a cousa non fose suficientemente complicada, aínda cabería ter en conta os galeguismos, léxicos e morfolóxicos, da fala de Canarias que foron transferidos a Hispanoamérica e que aínda aló viven vizosamente nos nosos días.

La gloria de los niños **(09.08.2008)**

Unha novela chega ao *Fondo dos Espellos* para alí agocharse para sempre. Trátase da titulada como este artigo e o autor é Luis Mateo Díez a quen eu nunca vin cos ollos da cara pro a quen leo desde que el era poeta revelado na revista *Claraboya* dos anos sesenta. Alumea nesta hora como narrador Luis Mateo Díez acompañado, en fiandón prodixioso, doutros contadores de estórias, grandes e coma el leoneses. Pola cidade de León produciuse o xogo barbarísimo da *Ponte aérea Compostela Sacromonte* e aló goberna, en crepúsculos violentos, o sol negro Gamoneda.

Veleiqué unha novela situada en espazo imaxinario, coma Celama ou Yoknapatapha (non estou seguro da grafía), que neste caso é o bairro dos derrubamentos, ou sexa Larmina, o cal pertence á cidade de Borenes: dominada pola humidade e pola néboa que bafexan os ríos ou regueiros Urgo e Nega. Ao lonxe, o pito dos comboios

familiares: «el Hullero», «el Astur» (calquera de nós metería na novela «o Changai» tranquilamente). En Borenes móvense persoas de onomástica distanciadora (Rovira, Comba, Enero) por desmontes e rúas maltratadas pola contenda que o lector será incitado a relacionar co «Plan de Regiones Devastadas». Todo se acha suspendido nun ambiente irreal aínda que todo se religa coa nosa historia máis lacerante. Do mesmo xeito que en Kafka está a alienación política levada ao absurdo polo Estado burgués onde queira que este esmague as subxectividades, en *La gloria de los niños* amósase a desfeita dos pobos republicanos de España sen facela evidente, co cal a doutrina de Lukács é esfarelada coma o foron as casas do bairro nativo de Pulgar.

O romance iníciase coa visita do meniño Pulgar (protagonista) ao pai moribundo no Hospital de Misericordia, ámbito de pesadelo. Pídelle, o pai ao fillo, que vaia en procura dos seus tres irmanciños orfos de nai e dispersados. Que vexa se eles se encontran ben. Capítulo a capítulo, Pulgar atravesa a brétema e os ensoños en diversas aventuras que lle sobreveñen no cumprimento da súa Misión: «Soy de Larmina y busco a mis hermanos» –será o motivo condutor da novela. Ao final (eu non debería mencionar isto) Pulgar encontrárase a el mesmo, como acontece noutros relatos famosos. Ao longo do texto sucédense os desvíos, os fracasos, os sucesos estraños e a intervención de axudantes cheos de bondade ou tocados de tolemia. Ábrese e féchase o conto con dous capítulos maxistrais que individuo ningún da miña xeración podería ler sen ficar ferido no centro da alma. Ou sen ver renacer o Pulgar que un día el foi.

Dun sitio a outro, Pulgar encóntrase coa dor e a necesidade, por veces aliviadas con notas de humor que diríamos cervantino (do *Lazarillo* só hai unha cita, ben divertida). Mol, coma algo inmundo, para sobre as andadas de Pulgar e sobre Borenes ruinoso algo que os lectores estamos chamados a lle pór un nome. Eu póño lle franquismo.

Luis Mateo Díaz modula eiquí unha lingua en clave elevada, con tendencia á abstracción mesmo enfática, nos pasos da novela nos que a voz narrativa conta con acompañamento de pinturas intensísimas e breves. Lingua prócer, daquela, destinada a contrastar coa defalencia das cousas e persoas que esa mesma lingua fai vivir diante nosa. Logo, no diálogo introdúcese brillantemente unha vulgaridade vivaz que moito agradecemos. Mesmo a linguaxe corporal dun can que non ladra ocupa lugar relevante na novela, coma tamén o mutismo de dous meniños xémeos (Nino e Vero) separados a raíz dos derrubamentos. Digo eu que, como parte dos valores literarios que acumula, *La gloria de los niños* representa unha lección de uso da lingua castelá que os seus afoutos e iracundos defensores de hogano deberían agradecer coma eu, lector instalado nunha lingua veciña, agradezo de vez.

La gloria de los niños fixo renacer en min a presenza de nenos coma Pulgar, Ninfa, Nino e Vero, que coñecín hai anos coma area e que eu levaba seguramente enquistados na sombra da reminiscencia, colindantes co esquecemento. Hoxe aqueles nenos estarán mortos ou ben serán anciáns perseguidos polas terribes memorias.

Prometo sacar eses nenos do *Fondo dos Espellos* e expoñelos á luz que abrolla do romance de Luis Mateo Díez.

137

A infancia transeúnte (16.08.2008)

Eu abrira a porta da casa e unha nena máis alta ca min inclinábase para me falar con mando. Vestía bata ás pintiñas e calzaba unhas sandalias brancas que foran miñas. Era filla dun conmutado da pena de morte que combatera co Exército de Euskadi e que se achaba preso en Burgos. A familia procedía de Terrachán (Entrimo) e aquela nena, coa súa avoa, viñera refuxiarse a Ourense. Vivían arrendadas nun soto sen luz do camiño de Portocarreiro, propiedade dun tal señor Buenaventura, e as xentes da veciñanza, coma a miña nai, axudábanas. A avoa falaba seguido coa miña nai e eu escoitaba como ela contaba unha e outra vez estorias do País Vasco que me interesaban moito. Logo arranxáronselles algo as cousas en Bilbao e aló elas regresaron. A nena, pois, viña despedirse da miña nai.

Ben separados dos nenos de familias acomodadas que non saen no *Fondo dos Espellos*, no Ourense de despois da guerra movíanse bandas activísimas de rapaces populares e simpáticos, que acostumaban learse en batallas a cantazos, por nós ditas «cantinas». Destacaban os exércitos das rúas e bairros do Centro-Leste da cidade. Daquela eu sentía coma propias as gavillas dos meniños da Barbaña cos cales soía coincidir moito na Barronca, un espazo de liberdade salvaxe para todos. Entre os nenos da Barbaña, eu lembrareime sempre do Suso, que vivía cos pais nunhas casopas da Fonte do Bispo onde criaban marraos. O Suso gustaba de cubrir a cabeza cunha máscara de punto e de imitar o Cobra, o Hombre («El Hombre Enmascarado»), o Zorro e demais heroes de cara tapada que saían nos «chistes» e nas películas por xornadas do Losada en sesión infantil. O Suso afogou incomprendiblemente no río da Barbaña, ao pé dunha mata de canas e en meo metro ou así de auga.

Estes rapaces de bairro non tiñan a cariña de neno rico disfrazado que loce Jackie Coogan no filme de Charlot. Unha certa semellanza con eles, podería percibirse hoxe nos *Golfos* de Lauro Olmo que tanto gorentaban a C.J. Cela, quen llos publicou con honores en *Papeles de Son Armadáns*. Pro, sobre cousa ningunha, tiñan claros precedentes literarios nos «graxos» ourensanos pintados por Heraclio Pérez Placer e Álvarez de Nóvoa nas fins de século XIX e por Eduardo Blanco Amor nas páxinas d'Os *Biosbardos* no XX.

Daquela, algún dos rapaces maiores das bandas de bairro de Ourense foi recrutado pola guerrilla antifranquista (falábase dun aprendiz de vernizador na ebanistería do Barbosa da Rúa do Reza) e alí loitou e se cadra morreu. Estes que digo eran os rapaces que eu coñecía e admiraba tal e como eles admiraban as fazañas míticas dun Manaicas cuxa oración fúnebre fixo non hai moito Julio López Cid.

Pro no Ourense dos anos corenta circulaban outros nenos que a lectura de *La gloria de los niños* me fai memorizar. Eran nenos solitarios, furtivos, vestidos de xeito farrapento aínda que se notaban aseados, limpos e ben peiteados con auga e raia ao lado. Eran nenos nimbados dunha aura de dignidade rara que vivían en chopanas, pendellos, cortes, con familiares invisíbeis, ou ben sós, como tal na zona do Couto. Eran nenos diferentes que falaban castelán. Os máis pequenos acudían aos comedores do Auxilio Social, onda os Jardinillos de Concepción Arenal (vexan a coincidencia). Eran nenos transeúntes, que ían e viñan dalgures desprazados pola guerra, en procura de algo. Nenos que, coma a meniña vasca que veu despedirse da miña nai ao primeiro desta estoria, non arraizaron en Ourense. Non tiñan amigos. Eran todos o Pulgar de Luis Mateo Díez e parecían andar en cumprimento dalgunha misión descoñecida. Eran nenos errantes e posibelmente fillos de pais presos ou fuxidos ou fusilados que no seu camiñar encontraban axudantes bondadosos e se vían envoltos en aventuras sen nome no proceso das súas pesquisas.

Un día, baixo a grande acacia de bolas que medraba nuns desmontes, onda a fachada Leste da Prisión Provincial de Ourense, achábame eu só, descansando. Apareceu un neno de cachola rapada e roupa herdada ou para as medras, que non reparou en min. O neno berrou unha contraseña gutural (*he, he, heo*) e, entre os ferros dunha das grandes fiestras da cadea, percibiuse a cabeza dun home que fixo un rápido aceno coa man en dirección ao neno para eixiña se recoller no interior da súa cela ou aglomeración, coma se o individuo temese ser sorprendido por algún funcionario de uniforme verde dos que soían verse na porta do cárcere ou por algunha das sentinelas con casco de aceiro que velaban desde as goritas das esquinas do edificio murallado. O neno distinto, despois de saudar o preso e de ver correspondido por el o seu saúdo, botouse a correr velozmente cara o Xardín do Posío, antes chamado Pousío. Daquela eu estiven certo de que os actores do diálogo sen verbas articuladas eran pai e fillo, vencidos ambos.

A Santa Infancia (23.08.2008)

De neno, en Ourense, andei no colexio das monxas da Rúa de Santo Domingos, que eran aquelas que levaban na testa unha aparatosa gaivota de tecido almidonado. So a dirección de sor Sabina recibín unha raquíca instrución científica e un vigoroso endoutramento nacionalcatólico. En aulas máis desleixadas ca as nosas concentrábanse os meniños gratuítos, de mandilón a raías, que nos facía acordante do uniforme dos presos nos tebeos que daquela chamabamos «chistes». Os de pago vestiamos mandilón tan immaculado coma a touca das freiras.

Sor Sabina prescribiunos *El Libro de España* para as lecturas, e foron mercar á do Resvié, que era unha librería xa existente en Ourense no ano 1867. O libro, asinado

por «Edelvives», que eu manexei debeu de ver a luz sobre 1945, aínda que sabemos de edicións moi anteriores. Conta as aventuras de Antonio e Gonzalo, dous meniños orfos que, en procura da súa avoa, corren por boa parte de España. O pai, militar falanxista, morrera no Cuartel de la Montaña e a nai fórase do mundo de xeito natural e sen intermediación dos roxos. *La gloria de los niños* de Luis Mateo Díez fíxome recuperar a memoria de *El Libro de España*: orfos e guerra, eis a combinación destinada a conmové. Así que Antonio e Gonzalo, en constante errancia, constitúen o pretexto para elaborar un discurso destinado á construción, desde a infancia, dunha mentalidade política. Os nenos incesantemente vagan por España igual que Pulgar facía polos bairros atribulados de Borenes, no texto de Mateo Díez. O autor aproveita os azarosos desprazamentos para narrar vidas de santos e de capitáns, describir monumentos relixiosos e transmitir rudimentos de xeografía económica en tempos de autarquía. *El Libro de España* era, sobre todo, un manual de formación ideolóxica franquista condensada nestes aspectos principais: España como entidade superior; catolicismo entendido non como universalismo senón como nota constitutiva de patria española; a Falange, xa unificada co Requeté, en tanto que partido único ao que lle debemos obediencia; Franco, Caudillo invicto que nos guía e recibe o amor de todos os españois, e en especial o dos cativos.

A algúns alumnos de sor Sabina decepcionounos o feito de que Gonzalo e Antonio non visitasen nas súas andadas nin Ourense (eu tamén botei en falla Vilanova dos Infantes) nin Vigo. Pro foi un xesto do meu pai o que me situou definitivamente lonxe de *El Libro de España*. Despois de el lelo, díxome, cun certo sorriso, que se trataba apenas dunha imitación de *Le tour de France par deux enfants*. E puxo sobre a mesa de comedor da nosa cada da Rúa de Reza un exemplar deste libro francés, exemplar que teño agora ao alcance da man na miña actual mesa de traballo en Vigo. Certamente, eu non habería de ler *Le tour* senón moitos anos despois e nos derradeiros cursos de bacharelato. Hoxe, a carón da obra francesa, descansa tamén *El Libro de España* porque o pedagogo Trino Sotelo tivo a bondade de mo emprestar para eu confeccionar estas notas. Teño que ver no *Fondo dos Espellos* por que perdín *El Libro de España* e por que conservei durante tantos anos *Le tour de France par deux enfants*.

O libro de lecturas que me entregara o meu pai, segundo fun sabendo, era da autoría dunha muller, Augustine Fouillée, que asinou a obra como G. Bruno en memoria do filósofo queimado pola Inquisición. Foi editado *Le tour* en 1877 e tivo universal aceptación nas escolas nacionais francesas até que, nos anos cincuenta do século XX, a súa mensaxe envelleceu e extinguiuse para se converter nunha curiosidade de época que, coma tal, segue a reeditarse. O exemplar que eu posúo, de 1920, forma parte da edición número 385 (case nin sei compor o ordinal en galego).

A estoria básica de *Le tour* é a de dous irmanciños alsacianos, André e Julien, que, despois do seu país ser anexionado polos prusianos, lle xuran ao proxenitor no leito

de morte (a nai xa falecera) que eles serían franceses e que eles vivirían sempre en Francia. Na absoluta pobreza, os rapaces deixan a cidade natal de Phalsbourg e percoren o chamado polos maus xornalistas Hexágono en procura de familiares, co cal os lectores aprendemos moita xeografía e historia de Francia. Como os orfos de *El libro de España*, os de *Le tour* reciben información enciclopédica na liña pedagóxica, hoxe extinta, das «leccións de cousas». Os xoves son instruídos nos principios do civismo e da ética racionalista. Logo, os dous irmáns e o seu tío Fritz, beneficiados insospeitadamente pola fortuna, adquiren a condición de franceses e van instalarse en La Grande Lande, no mesmo corazón de Francia, para aló pasar o resto dos seus días dedicados ao máis nobre oficio que poida exercer un home e un francés; o da Agricultura.

A ideoloxía que transpira o libro de G. Bruno é a do republicanismo interclasista e laico. Nin a relixión nin o simple nome de Deus aparecen nesta obra educativa. Porén, ningún lector relixioso sabería sentirse ofendido pola menor proposición sectaria ou tendenciosa. O espírito centralista da III República, así mesmo, constitúe un elemento fundamental dun libro no que beberon moitas xeracións de franceses na escola pública. As camadas populares e os traballadores son aquí tratados con respecto e mesmo cunha sorte de predilección enfatizada. O principio de tolerancia está presente e faise notar no tratamento que a autora fai da Alemaña, no que non se advirte nin resentimento nin revanchismo patriótico. En fin, o estilo de G. Bruno revélase en *Le tour de France par deux enfants* vivo nas descrições, suxerente na presentación dos afectos, preciso na enunciación didáctica dos datos, lapidario na formulación dos principios morais e da definición nacional, e republicano. Tiña razón meu pai: *El Libro de España* é unha pobre imitación de *Le tour de France par deux enfants*.

Corazóns de ouro (06.09.2008)

Despois de eu pasar polas monxas de San Domingos, onde me facían ler *El Libro de España*, fun transferido pola familia ás mans de Mercedes de Gracia para preparar o exame de ingreso no instituto ourensano do Posío ou Pousío. Digamos que Mercedes exercía a docencia na súa propia vivenda da Rúa da Paz ou Dos Zapateiros, poucas casas máis adiante da natal de Otero Pedrayo.

Mercedes de Gracia tiña habilitado como aula de pasantía un vasto salón daquel seu domicilio. Obrigábanos aos nenos a tratala de «tú» e a lle chamarmos Profe. Á entrada e á saída (sen rezos) das leccións había que cumprimentala cun bico na fronte. Soía ela facer grandes soliloquios para todos nós e mesmo nos lía as cartas que lle enviaba o seu fillo único, que traballaba como galán secundario en filmes de Toni Román tipo *Los últimos de Filipinas*. O marido da Profe, un coñecido empregado da Facenda, ocupación ben ourensá, aparecía por veces na sala e nos recreaba facendo

imitacións das voces dos animais, até que ela o mandaba vía para o Liceo. As nenas podían ir ao cuarto de baño da casa pro os nenos tiñamos que mexar nunha lata ferruxenta de aceite La Giralda que había por tras da porta da cociña. Alí non se practicaban castigos corporais aínda que a Profe, incomodada, ás veces lle mandaba a algún polo ar a variña coa que adoitaba xogar entre os dedos. Nunca lle certaba ao destinatario. A min castigoume varias veces a facer os quebrados no balcón, e eu pasábao entón moi ben espiando o movemento das xentes polo Eirociño, chamado tamén pomposamente Plazuela del Cid. A Profe, muller moi grosa, igual ca o Nero Wolfe das novelas policiacas de Rex Stout, case nunca se erguía da súa butaca e non saía xamais da casa. Soía merendar un vaso de leite quente e unhas «lengüetas» de biscoito cuberto de zucre que a criada ou algún neno maior lle ía buscar á pastelería de enfronte, moi bonita e pequena, que aínda existe co nome de La Tropical. Desde esta altura da miña vida, xulgo que os métodos pedagóxicos da Profe constituían unha aplicación apacíbel e doméstica das ideas da «Instituto Escuela» da ILE. Eu podo decer que fun feliz na escoliña da Profe e que aprobei o exame de Ingreso folgadoamente.

A Profe, en fin, prescribume, coma aos outros pícaros, o libro de lectura *Corazón* de Edmondo de Amicis (a primeira edición é de 1886) que veu substituír para o meu gozo *El Libro de España* de Sor Sabina. Acabo de rler esta obra en versión orixinal a fin de confeccionar a presente bagatela autobiográfica. O *Corazón*, malquistado aínda que tolerado polo réxime, era daquela (anos corenta) o libro de lectura dos colexios privados que mantiñan, calada e valentemente, valores republicanos (o Estudio de Jimena Menéndez-Pidal en Madrid, o Sueiro e a Profe en Ourense) e tamén dalgunhas escolas públicas onde había mestres supervivintes e teimosos. *Corazón* é un libro belísimo no que os protagonistas son rapaces da primeira xeración da Italia unificada que asisten a unha escola municipal. Eles son vistos a través, principalmente, do diario dun chamado Enrico. O autor de *Corazón* revélase incisivo nas descrições múltiples e nos rexistros narrativos e no léxico, sedutor na florescencia dos matices, patético na mostración dos afectos e paixóns, así os nobres (dominantes, xaora) coma os mesquiños, apodóctico no establecemento dos grandes ideais. A palabra *cuore* repítese na metade das páxinas de *Cuore* e molla todo co seu sentido profundo, no cal rexe a severidade da ética patriótica, laica e racionalista, e mais unha sentimentalidade alta que domina o lector. Sei decer que *Corazón* foi un dos libros que máis intensamente influíron sobre a miña persoa así na formación literaria como na fundamentación da conciencia moral.

E ben, entremedias do discurso principal, en *Corazón* insírese un «conto mensual» que o mestre de ficción lle ofrece por escrito aos seus alumnos non menos fictivos. Entre estes contos inclúese o titulado «Dos Apeninos aos Andes». Ten como argumento a estoria de Marco, un cativo xenovés que viaxa até Tucumán, Arxentina, para se encontrar, tras mil durísimas experiencias, coa súa cara nai alí emigrada. Esplen-

didadamente narrado, este conto veume bruscamente ao corazón e ás partes máis secretas da memoria afectiva ao ler a novela *La gloria de los niños* de Luis Mateo Díez, a quen lle estou moi agradecido.

142

A arrogancia dos eunucos (13.09.2008)

Escribiu George Steiner: «Se o crítico fita para tras ve a sombra dun eunuco. Quen desexaría ser un eunuco podendo ser un escritor?» Falso: Kant non é un eunuco; *Kritik der politische Oekonomie*, ou sexa *O Capital*, non é obra dun eunuco. Seguro que Steiner fala só da crítica literaria. Daquela, o poema de Lucrecio non é un comentario de texto, isto si, formulado en versos inmorredoiros? Poden as súas palabras únicas («...*alma Venus, caeli subter labentia signa...*, e nese plan) ser consideradas obra dun eunuco? Non, o crítico de literatura non é un eunuco que só sirva de intermediario entre o autor olímpico e as masas dos lectores en estado de ignorancia e confusión. Se cadra Steiner fale de eunucos para captar a benevolencia dun público algo canso das mil metamorfoses terminolóxicas da *Literaturwissenschaft* ou ciencia literaria no discurso dos cento cincuenta últimos anos. Consígueo, e somos moitos os gratificados polas interesantísimas lerias deste comentarista. Certo, a disertación de Steiner móvese no eido do que Goethe chamara «literatura mundial», ou sexa case só alemá, francesa, inglesa, italiana, sobre un fondo de mármores helénicos.

Alguén faime observante de que o eurocentrismo de Steiner non está completo. Hai nel pouca Idade Media. Non lle interesan demasiado o Rei Artur ou Marie de France; nin Guilhem de Peiteus nin os Minnesänger; faltan os lobos grises da épica rusa e Petrarca non é nin o xirón dun vento de seda. Non nos estraña que o poema yoruba de Soyinka ou o «escuro lóstrego» de Pondal ou a morte de Mireio non teñan sitio nos textos de Steiner. Aínda así, a prosa del, de adxectivación vitoriana, é brillante, sedutora e dotada de *eloquence* (palabra chave no autor). Steiner insinúa a transgresión pro regresa sempre á orde regular e ao repertorio hexemónico contemporáneo. Todo é visto desde o Centro. Insinúa a disidencia para se deter axiña á beira do abismo. Os espazos particulares deste excelente *littérateur* son os do salón dun Titanic cosmopolita a punto de bater contra a montaña de xelo que o mandará pro inferno. Iluso, fastuoso, desamarrado do mundo dos homes e mulleres verdadeiros, o trasatlántico navega a toda máquina. Hai algo en Steiner que fai sentir cómodo, sabio e selecto ao seu lector de clase media

E ben, este Steiner do que falamos expuso, en diálogo con Juan Cruz, un condensado da ideoloxía dominante e soubo aloumiñar os máis baixos resentementos dos circuítos da ira que conforman o nacionalismo españolista de hoxe. Neste diálogo, Steiner decidiu falar en necio e, en terra de lobos, ouvear coma eles (*mit den Wölfen heulen*). Así falou Steiner (*El País Semanal* de aí atrás). Primeiro: «ETA mata» porque o idioma

vasco é «raro» e aos seus falantes cústalle caro aceptar o mundo exterior. Segundo: «me han dicho que hay una universidad en España en la que es obligatorio hablar gallego» (aquí Steiner refírese ao programa plurilingüe da Facultade de Química de Vigo, segundo o cal a docencia terá como linguas usuais o inglés, o galego e o castelán). Cando o entrevistador cita Cataluña para explicar Galicia, consegue provocar a seguinte resposta do entrevistado: «Pero no me compare usted el catalán con el gallego, ¿por qué debe ser obligatorio en una universidad?». E prosegue Steiner, agora si proxectando a sombra dun eunuco: «...vamos a seguir dividiéndonos en pequeños grupos regionales y esto despierta el odio étnico», e todas esas cousas. Finalmente direilles que, no curso do diálogo ou entrevista, Steiner cita Borges, Lorca, Vargas Llosa (por diante de García Márquez) e outros autores de lingua castelá. O ánimo de agradar resulta, mesmo, untuoso.

Polo que se mira, Steiner despreza a lingua e a cultura galega pro ten en alta estimación as correspondentes castelá (en primeiro lugar) e catalá (nun honroso segundo plano). Daquela eu collo un libro de Steiner dos traducidos ao castelán: *Lenguaje y Silencio*. Vou procurar nas súas páxinas o que di de España e da súa literatura, e tamén de Cataluña e da súa. Que atopo?

No elenco de 2.500 entradas do índice onomástico e temático da obra non figura ningunha na que se lea «español» ou «castellano» (aparecen outras moitas linguas, incluída a aramea). Cervantes é traído a conto catro veces para decer trivialidades. De San Juan de la Cruz (unha vez) ignora o *Cántico*. Un Neruda sen grandeza deixa ver o nariz dúas veces. Nunha única ocasión o autor cita Lorca para explicarnos estupidamente, que no caso do seu asasinato seguramente houbo «un elemento de venganza personal». Non penso que a Steiner lle agradase ler que no exterminio dos seus achegados e familiares a mans dos nazis se puidese sospeitar un «elemento de venganza personal». No libro non hai *Celestina*, nin Juan Ramón, nin Góngora, nin Quevedo, nin Valle-Inclán, nin críticos españois. Cataluña non existe, coma tamén non Galicia, en *Language and Silence*. Noutros libros de Steiner, por aí. A pesar de todo isto, as almas subalternas do nacionalismo político-cultural español concedéronlle o premio Príncipe de Asturias a este autor que desama España máis ca ningún independentista galego, vasco ou catalán. Para comprendermos a entrevista de *El País* procuraremos nela «la race, le milieu, le moment», tal como prescribía mestre Taine no guión positivista do comentario de texto. Dado que non acredito na *raza* como factor determinante da literatura (non sei Steiner) pasarei o punto por cima. Se formos ao *medio*, veremos que as palabras do crítico son moduladas no interior da atmósfera mefítica que se respira no Madrid do «Manifiesto por la lengua común». En canto ao *momento*, vexamos que Steiner dixo o que dixo no contexto do lanzamento ao mercado dun seu libro en traducións ao castelán e... ao catalán. Nada persoal; só se trataba de negocios.

Esquencíame de comentar que no diálogo ou entrevista que suscitou o noso malestar e provocou turbulencias no *Fondo dos Espellos*, de boca de Steiner saen estas verbas: «Normalmente la mujer simula tener un orgasmo al mismo tiempo que el hombre» «¡Miau!», soían exclamar os personaxes das novelas en castelán no século XIX das que Steiner nunca se ocupou.

Cacos da Ribeira (20.09.2008)



Pinturas orixinais de Ernesto Bao. «Peixe de altura» (esquerda) e «Boa calada» (debaixo). Cortesía de Casa Gazpara.

A lectura de *La Gloria de los Niños*, novela de Luis Mateo Díez, obrigoume a forzar no *Fondo dos Espellos* deica extraer de alí a acordanza de nenos desventurados que se me cruzaron nos días de a posguerra. Vexamos «O Vals da nena pobre», poema de Luís Pimentel.

Evoco agora os rapaces que, en Vigo, de alparagatas de goma e canelas áxiles, viaxaban atrevidos no tope dos tranvías. Naquel tempo, ao Berbés todo o mundo lle dicía A Ribeira e *RIBERA* lucía, en excelente castrapo, na liña correspondente dos citados tranvías. As familias mariñeiras do Vigo vello, coma as de Bouzas e outras vilas da Rías, abandonaban a casiña levantada sobre un penedo polos antepasados e dispersábanse en dirección a Huelva e Cádiz, a un Euskadi que non podía decer o seu nome, ás Canarias. Atrás, por riba e por baixo de Poboadores, quedaban as presenzas pálidas dos moitos mariñeiros de Vigo que foron fusilados.

No cimo da sociedade mariñeira estaban, e están, os *amos*, logo chamados *armadores*, e, no baixo, o sofrido e maltrata do Lázaro Mariñeiro que poetizara Bernardino Graña. Na base da pirámide social mariñeira, encontrábase o bichicoma (do inglés

beachcomber) ou *raqueiro* (do inglés *racker*). En Vigo, os máis baixos da sociedade mariñeira soían recibir no meu tempo infantil o nome de «cacos da Ribeira». Fillos das familias máis probresíñas buligaban os cacos nas noites e madrugadas de trafego polos peiraos, entre caixotes, patelas, carros, camionetas, trens, movemento de mulleres, intermediarios e mariñeiros, a rondar os corros nos que se subastaban as mareas. Na Ribeira de entón, coma na de hoxe, o idioma galego florecía e era dominante. Vestidos de farrapos, con frecuencia descalzos, os caquiños da Ribeira eran famosos expertos en roubar peixes das descargas e das puxas. A súa ferramenta de oficio era un aramio groso cun cabo curvo a xeito de gancho e, no outro, unha arandela para asir. O caco achegábase ao peixe, apañaba este co gancho e saía correndo a cen. Noutros portos pesqueiros de Galicia había tamén bichicomas que facían o propio. Supoño que lembraredes a cántiga que, a partir dunha memorábel comparsa de antroido, pasou ao depósito común do folklore galego de tasca mariñeira: «Catro rapaces da Puebla/ pescaron un rodaballo...» Eran tempos nos que non había «lubinas» senón só robalos e robalizas e aínda a pescada non chegara a se metamorfosear en «merluza» nin as xoubas en «sardinillas». Ás veces, a boa xente do Mosquito consolaba a fame dos caquiños con bocadillos de alcrique.

Logo, os cacos da Ribeira medraban, entraban ao alcol nas grandes cuncas de viño mau e nas sotís copiñas de bebida branca dos quioscos ou das tabernas famosas, coma a do Bicos (pai de Leri) na Anguila, coñecían as cadeas de España e morrían novos. Xa non quedará ningún daqueles que eu coñecín como meniños probes da Ribeira.

Pois ben, se visitades hoxe Casa Gazpara, na Praza da Princesa de Vigo, (excelentísimos callos entre outros pratos de confianza) podedes admirar nas paredes unha serie de pinturas, orixinais de Ernesto Bao, nas que están fixadas para sempre caricaturas conmovedoras de cacos da Ribeira. Delas, eu destacaría dúas, que son as que se reproducen nesta páxina. Nunha, un caquiño corre co seu xurelo enganchado e un zapato dun pai e outro doutro, a pucha polo ar e a almadreña dunha pescantina que lle atina na cachola (título: «Peixe de Altura»). Outro fresco representa un meniño de pantalón curto, descalzo, coa gorra rota e chaqueta enorme, que sorrí feliz amosando o botín dos seus humildes furtos enrestrado no mesmo gancho, agora en forma de aro (título: «Boa Calada»).

No *Fondo dos Espellos* pedimos que, en territorios do que aínda resta da Ribeira do Berbés, Vigo erga unha estatua, inspirada nas pinturas de Bao, que perpetúe a memoria dos bichicomas de antano.

O Vigo de Antón Beiras (27.09.2008)

146

Morreu Mauricio Kagel, músico contemporáneo aínda que emocional, e nas cavernas da memoria fluctúame agora Henrique H. Macías. Dicía Kagel que a súa música proviña dun sistema de cavernas de memoria persoal; unhas cegas e seladas, arexadas outras e conectadas todas entre elas. Recibín un envelope de Manuel Sánchez Salorio quen, desde A Coruña, me envía a que vai ser a súa colaboración nun libro que se prepara sobre o oculista Antón Beiras García. Lendo o brillante e moi ameno artigo de Sanchez Salorio noto que, nas cavernas da miña memoria, se levantan furiosos ventos; digamos que ventos xélidos porque son feitos da substancia da morte. E as bocas das cavernas arrotan a memoria do Vigo de Beiras; do que se formou á volta de 1965 e foi un núcleo de renovación ideolóxica da Resistencia que, durante os dez anos que van até 1975, acentuou a intensidade e a complexidade do combate anti-franquista en Galicia. Procurarei escribir moi pouco nomes propios de persoas hoxe.

Daquela, os galeguistas abrían as portas da Biblioteca Penzol e puñan este tesouro ao alcance do pobo ao tempo que tal espacio, mercé á comprensión de Paco del Riego, se convertía nun lugar de encontro e de conspiración. Os primeiros números de *Terra e Tempo*, órgano da UPG, corrían ledos coma un regueiro e as arañeiras do novo partido ían sendo tecidas. En López de Neira funcionaría, con pinturas de Lodeiro e de Sevillano nas paredes, a Asociación Cultural de Vigo (ACV), plataforma á luz e á intemperie de todo o nacionalismo de esquerda, incluída a UPG. Da ACV saíra o programa radiofónico *Raíz e Tempo*, por xenerosidade de *La Voz de Vigo*, cadea do «Movimiento», verdadeiramente innovador na historia da radiodifusión en lingua galega. Desde a ACV xurdía no mundo o TPG que representou teatro contemporáneo en galego fóra das aulas e dos circuitos «de arte e ensaio», escomezando con *A raposa e as uvas* de Guilherme de Figueiredo, e houbo continuidade con Sartre a detonar no García Barbón coma unha bomba de compromiso e de razón.

O galeguismo católico máis após-conciliar fomentaba as misas en galego. Paz Andrade mantíña a revista *Industrias Pesqueras*, ligada á FAO e aos organismos internacionais sen pasar pola alfândega do Réxime. O PCE renovábase en clandestinidade e estendíase entre as clases medias e o proletariado de fábrica. O espazo de legalidade do PCE era, mormente, o Cine Club Vigo e, nos seus de bates, exercíase severamente a crítica social e política. Naquela década de 1965 a 1975, caprichosa sección coma todas as décadas incluídas as de Tito Livio, actuaba en política a Liga Democrática. Procurábase sen éxito a constitución dun Club de Amigos da UNESCO con carácter naturalmente antifascistas e a Brigada Político-Social espiaba, detiña, maltratava e enviaba militantes ao TOP de Madrid e ás cadeas, por veces de xeito masivo (1972).

Arredor de 1965 Antón Beiras ideou un aparato, chamado «sinoptóforo» ou «vigoscopio», destinado a corrixir o estrabismo. O entusiasmo de Beiras era unha enxurrada

contaxiosa e eu mesmo cheguei a ler os fundamentos teóricos nos que se sustiña o invento, que eran os do sistema reflexolóxico de Pávlov aplicado á visión humana polo polonés Starkievicz. Antón Beiras, daquela, coma Starkievicz (coido que se escribe así), era comunista do carrillismo aínda que o noso oculista procedía das Mocidades de Pepe Velo. Así que o inventor amigo foi capaz de conseguir apoios entre persoas tan diversas coma o xove e brillante catedrático de oftalmoloxía Manuel Sánchez Salorio ou, por exemplo, o mariño de guerra, doutor enxeñeiro e profesor da ETEA, Martín Caloto, quen chegou a pronunciar de uniforme unha conferencia sobre o vigoscopio na ACV, o que ocasionou o desconcerto do SIM e da BPS moi seguramente.

En fin, que eu estou desexando ler o libro de homenaxe ao doutor Beiras García con quen vivimos, arredor de 1965, horas de actividade, riscos e esperanza en Vigo. Sempre lembrarei Beiras na cociña da súa casa entregándome o orixinal da derradeira carta de Víctor Casas, ou a falar de Xohán XXIII ou, no cámping de Pedra Rubia, ensarillando fronte ao alto mar o seu discurso sobre o vigoscopio. Logo, Beiras contraeu unha doenza incurábel e aló lle demos terra en Pereiró. Rufo Pérez González encargou unha bandeira galega nun comercio das Travesas e, con Roberto Dopazo, fíxolle entrega dela á familia. Esta bandeira serviu para empanar Antón Beiras e envolteito nela sempre nos quedará no *Fondo dos Espellos* o corpo diminuído daquel claro e ilusionado varón.

«...ha de helarte el corazón» (04.10.2008)

Eíquí temos falado de dous libros de lectura que foron usados nas escolas galegas: *El Libro de España*, de Edelvives, apoloxético do franquismo, e *Corazón*, de Edmondo de Amicis, do cal emana o ideario cívico e laicista que animara a revolución italiana aínda que non como Mazzini a desexaba. Eu tiven que ler ambos libros en alta voz sendo neno: non gustei do primeiro e o segundo ficou para sempre no máis arcaico e críptico da miña conciencia. Acabamos de recibir valiosas informacións que nos obrigan a voltar sobre estes dous libros educativos.

Antón Capelán, desde Mesoiro (Coruña), tivo a bondade de me enviar o texto da convocatoria que a «Junta Técnica del Estado» (21 Setembro 1937) fixo dun concurso público que habería elixir un manual ideolóxico franquista co título de *Libro de España*. No preámbulo da Orde rezan conceptos así:

Las Escuelas de la Nueva España han de ser continuación ideal de las trincheras de hoy; han de recoger su espíritu exaltado y juvenil y han de prolongar en el futuro esta guerra de ahora, en la que combaten poderes siempre permanentes y vigilantes como el Mal mismo.

Non sei se o libro que se proxectaba en 1937 chegaría a ser editado e introducido nas escolas. En todo caso, non se trata do titulado *El Libro de España*, de Edelvives, do cal falamos nesta sección hai semanas. Debemos reparar en que este (o de Edelvives) xa existía con tal nome e estivera nas aulas durante a Ditadura de Primo de Rivera polo menos desde 1928, aínda que con posterioridade adaptase a súa temática ao nacionalcatolicismo da época de Franco.

Á súa vez, Victoria Iglesias López permitiunos, amabelmente, examinar o exemplar de *Corazón* que a mestra Giralda Feijóo lle prescribira sobre 1928 en Carballo Veral (concello de Coles) ao seu pai Antonio Iglesias Fiúza. Este señor quizais lembre as sesións de lectura dos nenos do seu tempo, coa obra de Amicis na man, en tardes longas de chuvia invernal coma as que Antonio Machado evoca nuns versos famosos. Todo parece indicarnos que *Corazón* foi, durante moitos anos, un libro moi apreciado polo maxisterio e, a súa influencia na formación de varias xeracións de meniños, moi intensa en Galicia e en España.

No exemplar de *Corazón* que me amostra Victoria consta (no que eu tiña, non) o nome do seu traductor do italiano: Hermenegildo Giner de los Ríos. Este intelectual, que viviu entre 1847 e 1923, foi unha importante figura da segunda xeración krausista, tradutor tamén da *Estética* de Hegel e tratadista de teoría da literatura e das artes así como, seguramente, o introdutor en España dos estudos de literatura comparada. Sempre nos círculos da Institución Libre de Enseñanza, Don Hermenegildo anda hogano algo esquencido polos pedagogos da centralidade madrileña debido a dúas razóns. Unha, porque boa parte da súa actividade orgánica e intelectual tivo como escenario Barcelona. Outra, porque a personalidade do primeiro Giner de los Ríos, Don Francisco, ensombreceu non pouco a súa propia.

Hermenegildo Giner de los Ríos seica conseguira unha cadeira na Universidade Compostelá que non chegou a desempeñar. En todo caso, semella que foi mentor de Josep Pijoan, o enlace entre o nacionalismo catalán e a ILE, da mesma maneira que Xohán Vicente Viqueira, tutelado polo seu tío Manuel Bartolomé Cossío, estaba chamado a ser o lazo de unión entre o nacionalismo galego e a mesma ILE (a morte levouno moi cedo para mal de Galicia e da esquerda intelectual e política).

Como parece evidente, o espírito do *Cuore* de Amicis era grato á ILE, a cal estimulaba a utilización desta obra como libro de lectura en grupo e en alta voz na escola. Nos anos corenta do século XX existían centros de ensino coma o da Profe de Ourense cuxo modo de resistir a ideoloxía dominante era a frecuentación do *Corazón*. Antes citabamos Machado, fillo ilustre da ILE, e agora lembrámonos del para confesar que, sendo nós nenos, tivemos ocasión de ler nas clases dous libros que representan as «dos Españas»: *El Libro de España* e *Corazón*, por moito que este último fose escrito por un autor italiano para a rapazada da Italia unificada. É verdade que, como pensaba Hermenegildo Giner de los Ríos, os grandes principios éticos racionalistas pertencen ao patrimonio común da Humanidade.

Rutherford nas Tabernas (11.10.2008)

Pasado sábado catro do Outono resoaron verbas intelixentes e brillaron conceptos novos do trinque no salón da Academia Galega que abre as súas portas á Rúa das Tabernas da antiga Brigantia ou sexa a Coruña de hoxe. John Rutherford leu o seu discurso de ingreso no Instituto en calidade de Académico de Honra e Antón Santamarina deulle resposta cumprida e complementar. Versaba a lección deste mestre de Oxford sobre tema tan ambiguo, difícil de resolución e inqueda como é o do riso e o sorriso humanos. Como ancoraxe da súa argumentación, Rutherford botou man (homenaxe certa ao pensamento que se expresa en lingua galega) das ideas sobre o humor e a comicidade que Celestino Fernández de la Vega tan divertida e lucidamente defendera no seu libro famoso. Como o discurso corría impregnado de graza e de amabilidade que amolecían discretamente a ousadía das teses, e dado que a resposta de Santamarina beillaba a ribeirana no mesmo bico do pé, pois resulta que os académicos e académicas así coma o público que enchía o salón das Tabernas diron en sorrir en varios intres co sorriso aberto, carnal e pillabán do profeta Daniel no Pórtico da Gloria.

149

Sostén Rutherford (lean o libriño, xa está impreso) que a figura do Daniel do Pórtico da Gloria é cousa excepcional. E sería, entre varias razóns, porque nela loce o primeiro sorriso da estatutaria medieval europea, descontando os estereotipos dos «Kouroi» gregos arcaicos e das enigmáticas terracotas dos etruscos. Certo que o Daniel de Ourense debe ser considerado unha imitación do compostelán; valiosísima, pro secundaria.

Agora relembro que, sendo rapaz, sentín contar a vella estoria segundo a cal o Daniel de Mateu sorrí con malicia da abundancia dos peitos de Esther ou da Raíña de Saba ou de Dona Orraca, escultura que cai por fronte no Pórtico, e que un arcebismo tería ordenado de rebaixar pudicamente de volume. Rutherford recolleu a lenda nunha última versión: foi o mesmo Franco quen mandou rebaixar a espeteira da madama exuberante.

Pro ollo; Rutherford advirte da posibilidade de que o sorriso ou sorrisón de Daniel non sexa o do mozo touriño ou o do drudo erotizado da tradición popular senón o do impotente desexoso. No mesmo *Libro de Daniel da Biblia* nace unha tradición de desenvolvemento bizantino, segundo a cal este profeta era un eunuco. É neste paso da disertación cando lembramos que, os nosos bisavós, á arte románica chamábanlle «bizantina», e non desprovistos de razón por certo.

Pro o vórtice da tormenta mansa que Rutherford desencadeou nas Tabernas foi o seguinte. Se en latín *subrideo* tiña o significado de «riso malicioso e disimulado», a dimensión bela e positiva do sorrir entra na literatura polo *Cantar del Mio Cid*.

Neste poema, o heroe épico convértese en home coma nós mediante o sorriso, que é unha manifestación de bon corazón e de humanidade no semblante. «El Campeador fermoso sorrisaba» –di o autor do poema que consideramos hoxe ser Per Abbat e non outra persoa ou persoas. Para Rutherford constitúe unha hipótese plausíbel (dacordo) que o autor do *Poema del Cid* fixese a peregrinaxe a Compostela e que alí ficase marabillado polo sorriso de Daniel. Ao compór o seu cantar, Pero poñeríalle ao seu heroe tal sorriso (e tamén a Afonso VI o Felón, e é mágoa). Se isto fose certo, que merecía selo, o Mestre Mateu sería o autor do primeiro sorriso estatuario medieval e tamén, indirectamente, do primeiro sorriso literario de Europa. Sorriso, o do profeta compostelán Daniel, que é carnoso, cuase insinúa a dentamia, está enchoupado de intelixencia e, sendo «transitivo», suxírelle a cada un dos espectadores algo diferente e relacionado coa súa propia memoria individual.

Na reminiscencia de Rosalía ocupaba o sorriso de Daniel un espazo privilexiado que ela deixou pasar a uns versos que Rutherford, madialeva, recitou na Academia que presidira Murguía. Na miña memoranza particular vai sempre o sorriso de Daniel tal e como se conta en *La Casa de la Troya*, relato sentimental que escribira un segundo primo de Rosalía e no que tamén aparece Eça de Queiroz presentado como escritor galego. E o humor de Eça é dun xénero por veces feroz que anuncia Valle-Inclán e que podemos relacionar cos dentes que se adiviñan no fondo da boca de Daniel. E así fomos indo dun sorriso a outro sorriso mercé ao sabio didactismo que Rutherford despregou na Rúa das Tabernas da Coruña.

Eu coido que se lle pintásemos uns lentes redondos e republicanos a unha foto do Daniel do Pórtico habíanos quedar moito ben recoñecíbel unha caricatura do Caste-lao mozo.

«Lingua proletaria do meu pobo» (18.10.2008)

John Rutherford (Universidade de Oxford) é o primeiro hispanista de lingua inglesa que soubo respectar e quixo coñecer plenamente o idioma galego, até o extremo de el mesmo se sentir tan británico coma connacional noso. O seu recente discurso de ingreso na Academia Galega foi respondido por Antón Santamarina (Universidade compostelá). Referíase Santamarina aos hispanistas anteriores a Rutherford con graza e erudición.

Acerta Santamarina ao decer que para os hispanistas alleos, británicos ou de allures, Galicia máis ben non existe: «...atráenlles a Reconquista, as ordes militares, os místicos, Cervantes, Lorca, Velázquez, o cigano errante (isto vai por Walter Starkie, aínda que era irlandés), o fenómeno anarquista e a cidade de Granada, e en xeral, o labirinto español, incluído Franco, pero non por ser galego (afortunadamente)».

Nun coñecido manual de lingüística románica de 1960, W. Elcock di que «o galego dexenerou nun status de *patois* que aínda se fala moito e é cultivado literalmente por entusiastas locais». Este que lles escribe no *Fondo dos Espellos*, en canto que *local entusiast*, verifica que a sentença de Elcock segue a dictar norma nos dicionarios *Oxford* vixentes, o que non deixa de sinalar co dedo furabolos o profesor Santamarina. Se formos a outro dicionario, o español–inglés de Colin Smith, moi usado en medios escolares de iniciación, veremos que so a voz *Gallego/Galician* dise que o que nós falamos é un *dialect*. Non nos debe, pois, chamar a atención que o mesmo Colin Smith consigne na garda da súa tradución ao inglés de *Merlín e Familia* que ela está feita desde o español e non desde o galego: *From Spanish*.

Na moito prezada *The New Encyclopaedia Britannica*, despois da entrada apodíctica, somos instruídos así: a nosa lingua para eles é «un dialecto portugués falado no Noroeste de España, a miúdo considerado incorrectamente dialecto do español». Tamén na *Britannica* lemos, con horror, que «os tres grandes dialectos do portugués son o portugués do Norte, ou galego, o portugués central, o portugués do Sul e o portugués insular (no que se inclúe o brasileiro e o madeirés)». Por certo, este zarbulllo ou chafallada conceptual semella mesmamente ser o alimento anímico da «academia galega da lingua portuguesa» que, co apoio da Xunta, acaba de ser constituída nesta nación desventurada. Tamén é verdade que o estereotipo se modificou levemente no útil e conciso *Collins Dictionary of the English Language* dirixido por Patrick Hanks (2ª edición, 1986). Alí, a seguir da entrada *Galician* lemos isto: «Lingua románica ou *dialecto* da Galicia española, ás veces considerado como un dialecto do español aínda que historicamente está máis relacionado co portugués». Este mesmo *Collins*, baixo a voz *Galicia*, reza: «Rexión autónoma e antigo reino do NW de España situado na Baía de Biscaia e no Atlántico». Aínda que non moi ben, aparecemos sucintamente situados no mapa e na Historia.

En resumo, para a opinión media das persoas de lingua inglesa, o galego é mormente un dialecto do portugués (certamente non do español) e un *patois* (ou fala iletrada de peiláns) só cultivado literariamente por certos entusiastas locais, aínda que parece abrirse paso a posibilidade, apuntada polo *Collins* de Patrick Hanks, de que non se trata dun dialecto senón dunha lingua (*language*) como poida ser o mesmo inglés.

John Rutherford dixo eses días atrás na Coruña que seguramente o autor do *Cantar del Mio Cid* lle pediu emprestado o sorriso ao Daniel do Pórtico da Gloria para llo transferir ao seu heroe: «el Campeador feroso sonrisaua...». E ben, eu suxiro agora que a tímida mudanza na consideración británica do galego que aparece no citado *Collins Dictionary* sexa froito do labor teimudo e suasorio do doutor Rutherford no seu despacho e Centro de Estudos Galegos do The Queen's College de Oxford en favor da dignificación do noso idioma.

O certo é que, canda Rutherford e sobre todo despois de Rutherford, son varios os hispanistas británicos que na actualidade están a modificar a arcaica e impropia idea

de que o idioma galego se viña tendo nos dominios culturais de lingua inglesa. Estes son Mackenzi, Derek Flitter, Kristy Hooper, Kerry Mackevitt, Craig Patterson, segundo foron nomeados no discurso académico de Antón Santamarina.

Nota. O título deste *Fondo dos Espellos* está tomado dun verso de Celso Emilio Ferreiro.

A arte de fumar por paipa (25.10.2008)

Así, *paipa*, dicíase nas vilas mariñeiras da ría de Vigo nos meus días de mozo, como se decía tamén nas Canarias, illas nas que os paisanos e paisanas fumaban nunhas cativas e paveras paipas autóctonas con capuchón de lata. Manuel Antonio, fumador de paipa coma o seu veciño Rafael Dieste, coñeceu o anglicismo popular despois de publicar *De Catro a Catro* e axiña o incorporou naqueles seus novos poemas cuxos orixinais se encontran hoxe desaparecidos. A outra palabra para lle chamar en galego ao chirimbolo de fumar tabaco é *cachimba*.

— As mulleres soen confiar nos homes que fuman por paipa.

Esas eran as palabras dun publicitario interpretado por Clark Gable en *Mercadores de ilusións*, película de 1947. A muller que debía ser seducida polo fumador de paipa estaba encarnada por Deborah Kerr naquel seu rol fixo de inxenua hipersensíbel que termina beixando coma unha fera. O que podía levarnos a *Mogambo* pero nos leva ás *Minas do Rei Salomón*, esa fita inborrábel na cal o fumador era mesmamente Stewart Granger no papel dun Alan Quatermans que introducía a paipa nas dobras do chaleque destinadas a gardar os cartuchos de cazar elefantes. Nas *Minas do Rei Salomón*, un filme grandioso sobre unha novela memorábel, Stewart Granger terminaba, home non, fundíndose en ósculos de fogo coa cita da Deborah Kerr.

Digamos que no cine da nosa adolescencia e mocidade, a paipa estaba entre as mans e os dentes de cazadores de África, profesores universitarios con chaqueta de *tweed*, psicanalistas que non pensaban ao respecto en símbolo fálico ningún, mariñeiros e capitáns intrépidos, artistas e escritores, obrigadamente se estes eran guionistas de Hollywood. No eido da banda deseñada impresionáranos moito a paipa de Rip Kirby, detective creado polo lapis de Alex Raymond e coñecido en España grazas ao *Gran Chicos*. O Rip Kirby de Alex Raymond fixo que nos distanciásemos para sempre do probe de Roberto Alcázar de Viñó, Editorial Valenciana. E dado que André Gide fixera escándalo falando ben das novelas policíacas de Georges Simenon, aínda se concentrou maior prestixio na paipa porque esta fumegaba na imaxe real do autor belga e na daquel seu personaxe, o inspector Maigret, que quedaba moito ben nos ecráns interpretado por Jean Gabin.

Con todo, outro George, neste caso Brassens, é o que foi capaz de se confundires con Manuel Antonio por cima do espazo e do tempo nunha aperta imposíbel na que tatearon as paipas co ademán poliglota das bandeiras. «J'ai des pip's d'écume,/ Ornées de fleurons,/ De ces pip's qu'on fume,/ En levant le front...» Falaba Brassens desas tristes paipas de espuma floreada que os pedantes fuman engarabitando a testa. Celso Emilio Ferreiro, fumador de paipa en varias épocas da súa vida, deume leccións prácticas en tema tan encerellado e antipático como é o da limpeza das paipas e regaloume *El arte de fumar en pipa*, un libríño que xa non teño e do que non conservo máis ca uns vagos recordos. Todo aquel que en Vigo fumase por paipa nos anos cincuenta e sesenta gozaba do privilexio de poder adquirir (a 50 ptas.) latas redondas do mellor tabaco do mundo, o Capstan, naquel marabilloso zoco ou azougue de contrabandos miúdos que foi a Pedra. Saber cargar ben a cazola con Capstan e conseguir que tirase adecuadamente, era o un doutoramento para os que se iniciaban na arte de fumar por paipa.

- E ti por que fumas por paipa coma os vellos? –dixérame un día Maruxa de Coia en Jardín Park cunha interrogación que tivo a virtude de me abaixar os fumes todos da arrogancia xuvenil. Magnus Jensen e Clara Silva, que están en Ourense, lembráronse ben da colonial mixture, tabaco para paipa que mercabamos por onzas a granel na baiúca do indio en High Street, Oxford, nos días nos que cruzabamos o ecuador do século pasado. Ao final da rúa, en Saint Gilles, J.R.R. Tolkien e os seus contertulios do Child and Eagle facían fumegar as paipas baixo os mesmos teitos de trabes anegrazadas que nos cubrían a nosoutros e bebían da mesma cerveza amargue da que nós bebíamos.

Coido que Harold Wilson foi o derradeiro político británico cuxa imaxe pública era inseparábel da paipa. Hoxe ninguén sabería asociar o riso de boneco asasino que se eterniza na boca de Tony Blair cunha boa paipa de urce de Escocia. A miña estanqueira da Avenida das Camelias asegúrame que na actualidade cuase que ninguén fuma por paipa en Vigo. O após-modernismo acabou para sempre co prestixio das paipas no mundo e coa chamada destas ao pensamento para a acción.

Fillos da Revolución (01.11.2008)

Hai hoxe cento cincuenta anos que Rosalía de Castro celebraba en Madrid o seu matrimonio con Manuel Martínez Murguía. Ela tiña vinte e un anos de idade e o noivo era un mozote de vinte e cinco. Como eu só son cen anos máis novo ca a autora de *Follas Novas* encóntrome máis próximo a aquel acontecemento do que a maioría dos meus posíbeis lectores. Un estudo de X.L. Axeitos na Revista de *Estudios Rosalianos* levantou o testro da pota onde me ferven os caldos da memoria e esta fumegou de vez.

O Madrid e 1858 no que asinaba o seu contrato matrimonial estas dúas grandes figuras da nosa cultura era o da política moderantista mediante a cal os grandes oligarcas dos negocios unidos á Igrexa Católica e aos militares da Unión Liberal («Viva mi dueño», por Valle-Inclán) recuperaran o poder despois do período revolucionario en 1854-1856. Karl Marx, en Londres, mobilizara a súa temíbel maquinaria analítica a raíz dos sucesos desencadeados en 1854 e publicara no *New York Daily Tribune* a serie (non culminada) de artigos que coñecemos co título de *Revolutionary Spain*. Explicaba Marx os procesos revolucionarios da España e chamaba a atención, entre outras cousas, sobre a importancia, cada vez maior, do proletariado e clases populares nos movementos de 1820, 1834, e naturalmente, de 1854.

Murguía, que non sei se chegou a ler os artigos do *N.Y. Daily Tribune*, concorda con Marx ao enfatizar a presenza obreira na revolución de 1854 de Galicia, e moi especialmente no acontecemento final desta, gravado para sempre na Historia co nome de Banquete de Conxo. Ou Banquete Democrático de Conxo porque os asistentes eran protonacionalistas, xa nin do Partido Liberal nin do Progresista, senón do Democrático. Escribe sobre o asunto o Patriarca anos máis tarde (1915):

Realizose entonces el milagro de que en aquella ciudad muerta (Compostela), y a la voz de dos niños (Pondal e Aurelio Aguirre), se levantase el proletariado, eterno Lázaro, que rompiendo las losas del sepulcro y despojándose de su blanca mortaja, respiraba así con todos sus pulmones el aire de la libertad....

Manuel Murguía foi o guía político e intelectual dunha xeración por el mesmo chamada dos Precusores, que dotou de conciencia a nación galega, e cuxos membros naceran coma el (1833) na década dos anos trinta do século XIX: Rosalía (1837), Aguirre (1833), Serafín Avendaño (1838), Víctor López Seoane (1834), Pondal (1834), así como Alexandro Chao, Xohán Compañel ou Salustio Alvarado. Todo eles sentiran falar, de nenos, de 1820 e dos heroes galegos do liberalismo e tamén de rapaces foron testemuñas dos sucesos de 1846 dos que nace o nacionalismo contemporáneo e que Karl Marx non tivo en conta. Foi, en efecto, a revolución de 1854-1856 aquela na que estes Precusores participaron, mesmo coas armas na man algúns, sendo mozos e a que lles marcou a alma para sempre, moito máis (di literalmente Murguía) que a Gloriosa de 1868.

Igualiño ca no cadro de Delacroix, proletarios en camisa, intelectuais con fraque azul ou verde e meniños, armados con pistolas Lefauchaux e espingardas de martelo, tomaron os concellos e centros de poder en Galicia en 1854, aproveitándose da Vicalvarada de O'Donnell e convertendo, unha vez máis, un pronunciamento español nunha revolución galega. As Xuntas de Armamento de Galicia desempeñaron un tempo a función de células vivas de poder popular nas que o proletariado tivo un papel moi importante. A xeración dos precusores, a dos Fillos e Fillas da Revolución do 46, actuou no bienio 1854-1856 de xeito consciente e colectivo en actos xeracionais (Petersen, si) que o definirán como grupo para toda a vida. Un destes actos foi

o Banquete de Conxo que congregou un continxente de obreiros de oficios diversos e de intelectuais principalmente mozos. Como en 1856 había liberdades suficientes, o acto puido celebrarse pro, como a reacción amosaba xa os seus dentes, tamén se produciu unha seria ameaza de represión e violencia de Estado. A outra empresa xeracional foi o glorioso xornal *La Oliva*, editado en Vigo por Xohán Compañel e Alexandro Chao, que as forzas reaccionarias facharon cando o Bienio Liberal deu paso ao que eufemisticamente se chamou Moderantismo. A estrela que alumaba de lonxe estes Fillos da Revolución era italiana e tricolor, chamábase Mazzini ou Garibaldi e tiña substancia carbonaria.

Certamente, unha vez cegada a posibilidade revolucionaria, os Precursores, xeración central da Historia Contemporánea de Galicia, consagrouse á cultura e á literatura, o que finalmente serviu para alicerzar como dixemos a nosa conciencia de Nación sobre bases necesariamente democráticas. Está visto que o Grande Arquitecto do Universo en que acreditaban, deístas, os máis destes homes e, sen dúbida, a Muller que os acompañaba en cabeza, pode escribir dereito con liñas tortas.

Un casamento pouco convencional (08.11.2008)

Hai cento cincuenta anos (diciamos) casaban en Madrid Rosalía e Murguía. Un estudo de X.L. Axeitos en *Cuadernos de Estudios Rosalianos* fai que o acontecemento emerxa do *Fondo dos Espellos*.

O caso é que Manuel Murguía quixera dedicarse á vida literaria e alonxouse da autoridade paterna para ir radicar en Madrid (1853). Rosalía fixo algo semellante e fixou, en 1856, a residencia tamén en Madrid e, segundo soe a decerse, na casa moi respectábel da súa curmá Carme García-Lugín de Castro, quen habería de ser nai do autor de *La Casa de la Troya* conforme nos lembrou recentemente Manuel Orío. Este domicilio madrileño e casa de Carme foi sempre situado na Calle de la Ballesta (unhas veces, nun baixo e, outras, nun piso). Hai quen di que Rosalía coñeceu Murguía nun serán da García-Lugín; outros apuntan a que o contacto entre os incipientes autores foi propiciado por un tal Elías Díaz Bernárdez que, co tempo, habería de dirixir a Fábrica de Tabacos da Coruña. O caso é que o namoro se desencadeou, e culminou o 10 de outubro de 1858, tendo ela vinte e un anos e el vinte e cinco, co seu casamento na parroquia de San Idefonso de Madrid.

A viaxe de Galicia a Madrid naquel tempo era penosa e perigosa para unha rapariga soa como Rosalía. En territorio galego, a ruta facíase a pé ou en cabalaría, xeralmente baixo a protección dos arrieiros maragatos pois o camiño real non permitía outros medios de transporte. Non había liña ferroviaria e a dilixencia, ou calquera carruaxe de radios, só podía tomarse en Vilafranca do Bierzo. Certamente, pois, resulta sorprendente a viaxe desta moza de dezanove anos a Madrid sen ningún tipo de acom-

pañamento familiar que eu saiba. As circunstancias da súa voda con Murguía, coma as da viaxe, revelan un ánimo independente, non convencional e arriscado. Falemos de tal casamento.

- 156 Por que os namorados non fixeron a viaxe inversa a Compostela para casaren segundo as regras e os bons costumes? Por que celebraron a cerimonia da súa unión en Madrid e á marxe das súas familias? Podería argüirse que Murguía estaba rifado co seu pai pro sabemos que Rosalía tiña unha excelente relación coa súa nai e cos seus tíos e curmáns, especialmente cos de Letrove. O caso é que a voda en San Ildefonso non tivo nada de sonada e careceu de calquera cerimonia que excedese os mínimos requisitos canónicos. Nin sequera o párroco oficiou o acto: fíxoo un capelán («teniente cura») e na pobre acta que este labrou non figuran como «padrinos testigos» nin familiares nin amigos. Lugín, ningún, Castro ningún, Martínez ningún, Hermida ningún. Nin tan sequera muller ningunha como madriña. Os «padriños testigos» foron uns descoñecidos chamados Cándido Luares e Manuel Menéndez, este «dependiente» ou criado ou sancristán da freguesía. Murguía e Rosalía casan cando e como lles peta da gana, á marxe das familias respectivas e contra toda convención social.

Rosalía chegou a Madrid en abril de 1856 e debeu entrar axiña en contacto con Murguía, que aló brillaba como escritor e xornalista desde 1853. Frecuentaría ela con Murguía, o Antigo Café de Levante, moi aprezado polas elites galegas, que nós coñecemos na súa derradeira etapa como lugar de encontro de gandeiros manchegos dotado dunha magnífica sala de billares no piso alto. Os irmáns Avendaño, amigos de familia opulenta, con casa na Barxa de Vigo, sábese que foron protectores xenerosos. Da relación con G. A. Bécquer só coñecemos conxecturas e mesmo sospeitamos que a Rosalía e a Murguía non lle agradaría a venalidade e a falta de principios do poeta andaluz en días de dura polémica política. Iso si, no período de noivado, ela era tan entusiasta de Heine (revolucionario e amigo de Marx, e non só fabricante de «suspirillos germánicos») que os seus amigos de Madrid lle puxeron o alcume de *Lieder*, por veces co plural reduplicado en romance «Lieders». E non penso que Rosalía precisase da axuda da tradución de Augusto Ferrán ao castelán para ler Heine en francés. Pode ser que Eduardo Chao introducise os xoves namorados nos círculos do krausismo e mesmo inclusivamente na clandestinidade incendiada da Carbonaría á que pertenceu Xosé Hermida de Castro, curmán de Rosalía. A redacción de *La Iberia* sería o centro neuráxico do mundo social que a parella Rosalía/Murguía habitaba.

Desde abril do 1856 a outubro de 1858, Rosalía viviu solteira en Madrid e suponse (só se supón) que so o teito e a autoridade dos García-Lugín cuxa residencia sempre se sitúa (sen certeza) no citado piso da Calle de la Ballesta. Ao ano seguinte da voda, Rosalía dá a luz a súa primoxénita Alexandra en Compostela e o seu home figura como director de *Diario de la Coruña*. Volverán a Madrid, pro aquela etapa do seu noivado e inicios do matrimonio féchase. Virán outras residencias e outras actividades, entre elas criar moitos fillos e facer rexurdir unha Nación do Fondo do sepulcro e dos Espellos.

**Mil novecientos cincuenta e oito
(15.11.2008)**



157

Fonte: Arquivo da Real Academia Galega

Ollai a foto: á esquerda Caamaño Bournacell, biógrafo da Rosalía cuxa filla, Gala, sorrí collida a el de ganchete. A muller de Otero Pedrayo, Fita, destaca por tras. Xosé Fernández Ferreiro, co ben cortado traxe gris Marengo, parece abrir paso á comitiva. Ou ao futuro, non en van el é o único supervivinte dos retratados. Loce feliz, á dereita, un varón de nome pomposo e alma sinxela: Xosé Ramón e Fernández-Oxea, en literatura Ben Cho Shey. De Xohán Naya só percibimos a parte alta da cabeza e os ollos.

Todos os habitantes da foto están entrando pola porta do Centro Galego de Madrid, daquela albergado na Calle de San Quintín (Plaza de Oriente). É o día 10 de Outubro de 1958 e moitas persoas prorrumpirán nun aplauso ao Gala Martínez de Castro cruzar a soleira daquela porta segundos despois de que o fotógrafo fixese clic. As persoas da foto están a punto de ocupar os asentos do salón do Centro para asistir a unha velada sobre o casamento de Rosalía con Murguía ocorrido tal día coma aquel un cento de anos atrás.

No acto, os oradores falaron moito de Rosalía e pouco de Murguía. Dámaso Alonso cantou unha linda palinodia do xénero das que el lle apoñía a Don Marcelino. O filólogo proclamou que Bécquer e Rosalía («à la rose se allie...»: Nerval) xa non fan de par no cumio da poesía española do século XIX. Para Dámaso, frenético naquela ocasión, Rosalía elevábase por cima de todos os seus contemporáneos. José Luis Varela estivo moi formalista e comedido («un frixidaire» comentara Ben Cho Shey) e expuso con elegancia. Non lembro nada da intervención de Otero Pedrayo, cousa ben curiosa. O que si que lembro son as palabras de Manuel Fraga Iribarne, que naquel tempo era teórico do nacional-sindicalismo e director do Instituto de Estudios Políticos.

Falou algo así, o que habería de ser presidente da Xunta: «Como aquí cada uno viene a decir lo que le conviene, yo sostengo que gracias a otro gran gallego, el Caudillo, hoy no hay en Galicia tantas *viudas de vivos* como había en los tiempos de Rosalía de Castro». Indignado por estas palabras, Bautista Álvarez, de Brais Pinto, púxose de pé e abandonou o salón do Centro Galego seguido dun grupo de persoas. Anos máis tarde, Bautista Álvarez, xa dirixente da primeira UPG, vendía libros por militancia na caseta de Galaxia da feira do libro de Madrid. Fraga Iribarne, xa ministro de Franco, saudou alí os galegos e chantoulle a ollada ao antigo membro de Brais Pinto: «Coído que nos coñecemos» –díxolle moi serio. Bautista Álvarez, segundo me contaron, mantívose firme aínda que tratou de levar a conversa ao terreo da edición en galego e do número de rexistro editorial que Fraga Iribarne sempre lle negou a Galaxia.

O día 12, como relata moi ben X.L. Axeitos na súa crónica da *Revista de Estudos Rosalíanos*, estivemos na Calle de la Ballesta, onde me encontro agora cincuenta anos despois, para descubrir unha lápida na casa na que, segundo din, viviu Rosalía baixo a protección da súa prima Carmiña García-Lugín e Castro. Dese domicilio saíra ela para casar con Murguía o 10 de outubro de 1858.

A Ballesta era, no 1958, unha rúa humilde e pouco limpa. Puxérase de moda a zona, con locais moi acolledores do tipo *Tú y yo*, onde se bebía gin-fizz e cuba-libre e se beillaba en pistas minúsculas. Por alí andaba a primeira pizzería de Madrid e o mítico *Whisky à gogo*, que continuaba a tradición capitalina do *Bakanik* que frecuentaran na República os intelectuais comunistas. Na paisaxe urbana destacaban os restaurantes económicos de donos seabreses, como o *Copatisán*, *La Casa de Todos* e o *Pagasarri* que me recorda Francisco Pablos. A comisaría de Centro, onde servía un policía galeguista apelidado Bóveda, aseguraba a tranquilidade da zona, que nos anos sesenta se degradou e foi invadida pola prostitución baixa e logo pola droga tamén a gogo. A placa da voda segue na Ballesta e eu, agora si, lembro ben o discurso de Otero Pedrayo no que o meu mestre verqueu a caneiro cheo, diría o Tosar, os seus coñecementos sobre Madrid e sobre historia política de Galicia. Como non, Otero Pedrayo citou Castelao eiquí, en Ballesta, e o público premiou esta mención cun aplauso galego e republicano. Otero Pedrayo falou valentemente e falou de Murguía.

Estas xornadas de outubro do 1958 súmanse a outros actos político-culturais de masa da mesma época e que tiveron como centro e como pretexto Curros en Celanova, Rosalía e Cabanillas en Padrón, tamén Cabanillas en Cambados. Todo este proceso de concentracións patrióticas e antifranquistas habería de culminar no banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro no Hotel Miño de Ourense no que a oposición nacionalista e de esquerda saíu do xilo e desafiou con palabras e a cara descuberta o poder ominoso do franquismo

Indumentaria dos gaiteiros (22.11.2008)

A gaita é emblema nacional e a vestimenta do gaiteiro ten algo de intocábel. Desde o *Coloquio* do Padre Sarmiento (1746) polo menos, séntese que a gaita e a zanfoña son os instrumentos musicais que definen a Galicia. A gaita desaparece polo Sul en canto pasamos o Miño, abafada que foi polo touporroutou dos Zés Pereiras e desprazada pola do vira mais concertinas. Polo Leste, nas actuais provincias de León, Zamora e Asturias, a gaita galega continúa soando onde soa a lingua nosa. E mais na leonesa Miranda do Douro.

O uniforme do gaiteiro galego sempre se asociou co vestido de festa dos labregos tal como ficara formalizado na pintura de Dionisio Fierros. Chaqueta, chaleque, fai xa, calzón curto de cuxo peto sobresaí un pano de seda. Elemento fixo é a alta, por veces aparatosa, monteira. Dito en palabras do altísimo poeta: «Calzón curto, alta monteira,/ Verde faixa, albo chaleque,/ E o pano na faltriqueira...» Eu podo dar testemuña de como ían vestidos os gaiteiros do século XX.

Os gaiteiros daquela sempre actuaban coa cabeza cuberta cunha monteira. A monteira baixa e remontada con orelleiras suxeitas cun tarabaliño nunca fixo parte da indumentaria dos gaiteiros. Houbo quen aventurou a idea de a monteira ser de orixe napoleónica ou un derivado do tricornio do século XVIII imposto por Esquilache. Non é así porque, nun manuscrito que gardan as donas clarisas de Tui (*Forma de dar el hábito y recibir la profesión de las monjas...*) escrito ou copiado por un Francisco de Caldas no ano 1569 loce, o belísimo debuxo dun gaiteiro ben dotado de monteira non alta senón altísima tal e como o lector pode ver na ilustración. Iglesias Almeida ten estudado este interesante gaiteiro.

Un gaiteiro podía ir de chaqueta curta, aínda que os máis se apresentaban en mangas de camisola e abrigados, mesmo no inverno caral, só cun chileque e este mesmo con frecuencia desabotoado. Si que era de regra o uso da faixa de cor, verde, como dicía Curros do seu gaiteiro de Penalta, ou, noutros casos, vermella.

Se se fixan, verán que o poderoso gaiteiro do século XVI que figura no manuscrito de Tui usa uns calzóns, moi amplos e posibelmente de liño, semellantes aos pololos cos

que facían deporte as mozas da miña xeración nos campamentos do Servicio Social. Tamén o tudense usa unhas calzas vermellas e abriga o seu tronco cun xubón que se asemella moito a unha chaqueta curta. A indumentaria do gaitero dos séculos XIX e XX xa aparece, pois, nos seus elementos esenciais, nesta ilustración do XVI.

Os calzóns, naturalmente, teñen que ser curtos como o son, se ben frouxos, os do vello gaitero de Tui. Hai fotos de gaiteros con medias á vista pero, coma na pintura de Fierros, as polainas de xéneros acabaron por se impor, ás veces cun pompón sobre o calzado. Parece que os gaiteros do N. gostaban de someter as cirolas nas polainas en canto que os do S. preferían levar estas voantes. Foi fama que os gaiteros mellor vestidos de Galicia eran os do Coro Toxos e Froles e máis os do Cántigas e Agarimos. Eu ouvín e vin o concerto dos Chieftains en Tokio e, acompañando estes irlandeses, Carlos Núñez, vestido de gaitero legal desde a monteira ás polainas, era enfocado por todas as luces daquel inmenso auditorio en cada un dos seus sós: enorgullecínome ao velo así fardado e ao sentilo tocar tan ben. «Axeitame a polainiña, axeitame a polainá» –que contaba Faustino Santalices.

A moda dos gaiteros con saias procede da Deputación de Ourense e estendeuse a outras agrupacións, incluso de fóra de Galicia. No século pasado as únicas saias asociadas á gaita eran as das raparigas que integraban a inesquencíbel banda feminina de Ribadeo. Trátase dunha imitación das bandas militares escocesas do exército británico.

E coído que foi o coronel franquista Barja de Quiroga, que mandaba as unidades chamadas de «Mariscos» na Guerra de España, quen introduciu gaitas galegas nas bandas militares, e con moito éxito. Logo esta tendencia ampliouse tamén ás bandas de música municipais e populares. Asociado a este feito debe situarse o modelo de gaita galega corada co amarelo e o vermello da bandeira monárquica que repuxera Franco. Eu nunca gostei destes gaiteros vestidos de soldados ou vestidos de músicos civís. A este respecto cómpre decer que nos anos corenta do pasado século teño visto en Ourense, e co maior desagrado, grupos de gaitas con clarinetes e outros instrumentos incorporados e cos músicos uniformados como os das bandas ordinarias, incluída a gorra de prato con pala en substitución da monteira.

Na actualidade e debido á desregularización cultural e á mentalidade posmodernista, hai infinidade de grupos de gaiteros que, chamándose tradicionais, van vestidos de pantalón longo e cubertos con chapeo de feltro, ás veces tamén calzados con tamancas, samancas, chancas ou zocos. En tempos pasados só algúns gaiteros da Galicia Lucense ou Mindoniense calzaban galochos, como pode verse no simpático debuxiño do repertorio ou almanaque *O gaitero de Lugo* de publicación infelizmente interrompida hai uns anos.

Ocaso e abrente da gaita galega (29.11.2008)

Diciamos que a gaita é sentida como un signo da identidade galega xa no *Coloquio* do P. Sarmiento, opúsculo escrito polo ano 1746. O feito de a gaita ser en Escocia un emblema non menos nacional que entre nós contribuíu a robustecer o celtismo popular como ideoloxema componente de certo nacionalismo galego.

161

Os grupos tradicionais e puros integrados canonicamente por unha ou dúas gaitas, un bombo e un redobante entraron en crise nos anos trinta e corenta do século XX. O seu purismo, máis e máis, reducíase a algúns músicos míticos coma os Soutelo, e o grande refuxio deles eran os coros galegos aínda que a función destes fose basicamente vocal. Na Terra de Celanova, onde Curros situara un dos sonados gaiteiros literarios cal é o de Penalta, só había na miña infancia un: o gaiteiro da Gandarela, un tipo roxo do pelo e simpático que emigrou a Venezuela co seu instrumento. Para facer a procesión da Virxe do Cristal, e ao non poder contar con gaiteiro ningún, os meus veciños houberon de tocar a danza, con dor de corazón, co clarinete. Hoxe, felizmente, os toques da danza de Vilanova dos Infantes son interpretados por un clarinetista profesional, si, pero que para a ocasión se fai gaiteiro: meu primo Paulino, acompañado de dous percusionistas de luxo que son o Rinrín no redobante e o Dardo ao bombo. Eles son a imaxe da permanencia.

Quero decer que houbo un tempo negro no que desaparecían os gaiteiros en Galicia. Era o tempo no que os arqueólogos e os etnógrafos abandonaban o nome de Galicia para adoptar o de Noroeste Hispánico e as empresas deixaban de ser «de Galicia» para, a imitación da monopolística de Barrié de la Maza, terminar todas en NOSA: «Papatín patatán del Noroeste Sociedad Anónima». Seguindo unha tendencia de anteguerra, as bandas de música, sempre tan zarzuelistas, impúñanse nos corenta e cincuenta nas festas e romarías e alí foron consideradas a clase musical alta até que as orquestras as fixeron recuar.

A gaita, a gaitiña, foi reducida aos días festivos menores e considerada inferior. Sobre 1954 eu asistín en Salcedo (Pontevedra) a unha grande apupada por parte da mocidade cando os gaiteiros subiron ao palco en lugar dunha banda de música. Os gaiteiros só eran buscados para festas ínfimas ou para procesións con marchas rituais, como é a famosa do Corpus de Pontevedra.

O gaiteiro marxinal, de taberna e toldo de romaría, que competía co acordeonista, mantívose durante moito tempo aínda. Na noite do fogo do Apóstolo era habitual das esmorgas nocturnas dos que, vindos de lonxes vilas e aldeas, velaban e se embebedaban.

Foron os anos sesenta os da Resurrección da gaita. Tendo como santuarios os Coros, naceron novas agrupacións deste tipo como, por exemplo, «Lembranzas Gale-

gas» e «Flores Mareliñas» no entorno no que eu vivo. Entidades privadas, coma o Colexio Fingoi de Lugo, diron en dar leccións de gaita. Fora da Galicia Administrativa, no Bierzo e na Terra Eonaviega, a gaita galega era estudada e recuperada polos mozos. Os movementos estudiantís de Compostela no 68 tiveron os seus gaiteiros. En Ribadeo naceu e floriu unha banda de gaitas feminina, pois neste tempo tamén as mozas se convertían en «meniñas gaiteras» (Rosalía) deixando atrás para sempre o machismo, mesmo mítico, do oficio. En Vigo celebrouse, para ser interrompido por razóns políticas, o Festival do Mundo Celta. Nel tiveron moito éxito as cornamusas (ai, de influencia escocesa) dos *bagad* que Cunqueiro fora contratar a Bretaña. Naquel país celta, Cunqueiro tivo unha entrevista co musicólogo Patrick Monjarret, quen, anos máis tarde, habería de facer varias viaxes a Galicia.

Nacía así o proceso, de raíz ideolóxica celtista, da influencia de Irlanda e das Bretañas sobre a música galega e sobre a nosa gaita, o que sería moi fructífero e arrequecedor. Apareceron novos grupos tradicionais como «Muxicas». Logo comezaron a ouvirse soar gaitas en algúns enterros. E chegamos ao día de hoxe no que hai máis persoas en Galicia que saben, mal ou ben, tocar a gaita do que houbera nunca na nosa historia. Curiosamente, este auxe da gaita vai a compañado dun auxe da música galega instrumental, moi mestizada coa irlandesa mormente, e dun grande retroceso da canción, tanto da coral como da individual. Nunca tanto soou a gaita en Galicia e nunca tan pouco se ouviu cantar en galego. Mesmo hai, na era da gaita na que vivimos, certos cantantes que aportuguesan as súas voces e lusitanizan afectadamente a dicción do seu galego. Finalmente, Fraga Iribarne cumpriu o seu soño de encher de gaiteiros o Obradoiro. Pro estas gaitas presidenciais eran máis ben herdeiras das da «Legión Gallega» do coronel franquista Barja de Quiroga.

**Malia o dente que come a semente
(06.12.2008)**



163

Hai moitos anos estivemos en Ar Orient, ou sexa Lorient, Bretaña, para asistir ao seu Festival de música celta. No estadio municipal ondeaban as bandeiras de Escocia, Gales, Man, Cornoalla, Irlanda, Bretaña e Galicia sen que ninguén tivese alí medo de romper o Reino Unido (xa o rachara o Sinn Féin ao facer nacer Eire) nin Francia nin moito menos España. Unha noite houbo pasacorredoiras ou ruada e alá fomos atrás dunha banda de gaitas escocesas por toda a cidade. As gaitas e a percusión eran arrebatadoras e sentimos que con todo aquel aparato musical calquera era capaz de ir desembarcar en calquera país que sexa para conquistalo como fose. O único de raro que tiña aquela banda escocesa era que viña de Dublín. Tratábase pois dunha banda de gaitas escocesas que non era escocesa senón irlandesa. Ou sexa: unha imitación.

En realidade as bandas de gaita escocesas son creación dos ingleses dominadores que organizaron militarmente os habitantes das Terras Altas de Escocia do mesmo modo que formaron unidades militares coloniais como poideron ser os lanceiros bengalís. Pro as marchas militares tocadas por estes gaiteiros nados para colonizar e estender o imperio británico seduciron os colonizados. Músicas como «I lo'e nae a laddie» ou «The Smith O'Chilliechassie» extendéronse polos cinco continentes e conmovéron a milleiros de persoas indíxenas. De forma que moitas xentes asumiron as bandas de gaitas militares dos Highlanders como cousa propia.

Nos tempos de Lawrance de Arabia e de Glubb Pasha as gaitas escocesas introducíronse en Irak e noutros lugares do próximo Oriente de maneira que o folklore pales-

tino actual, aínda o máis nacionalista, ten a gaita escocesa incorporada. Do mesmo modo a gaita escocesa é considerada como algo natural na India e no seu inimigo o Pakistan. A Grande Bretaña retirouse de Irlanda (descontando unha porción do Ulster) pero as súas gaitas escocesas seguiron a sonar na nova república independente. Eu teño visto enterros de voluntarios do IRA nos que, tras do morto, figuraba un gaiteiro con gaita escocesa e non un con gaita irlandesa.

Os gaiteiros militares escoceses foron imitados por pura fascinación. É o caso dos grupos bretóns que deixaron de lado o *binjou* ou gaita propia para desfilar marcialmente con tambores e cornamusas escocesas. Hai que decer que estas imitacións bretonas das bandas escocesas de gaitas gustaron moito en Vigo nos primeiros anos sesenta e moitos lle aplaudiamos cando marchaban marcialmente pola Porta do Sol e en Castrelos cando o Festival do Mundo Celta cando aínda non fora prohibido polo Gobernador Civil da Provincia de Pontevedra. Tanto foi imitada a gaita escocesa no mundo que ultimamente é corrente vermos películas nas que un policía de Nova York é enterrado con honores ao son dunha gaita e dunha melodía fúnebre escocesa.


Desa fascinación parte o fenómeno cultural e social das bandas de gaitas de inspiración militar que Victorino Núñez e mestre Foxo inventaron na Deputación de Ourense. O tipo de gaita e de percusión, fantasía dun vestido con saia para os varóns, a presenza dun sarxento con mazo, a formalidade reximental dos desfiles, fan, da Real (ou Royal) banda de gaiteiros da deputación cuxa sede radica na miña cidade natal, un modelo que fixo verdadeiro furor. Esta banda de inspiración escocesa de Ourense foi velozmente copiada en moitos outros lugares de Galicia, mesmo de fóra de Galicia, o que deu lugar a que os gaiteiros tradicionais ou que se consideraban enxebres lles declarasen a guerra aos gaiteiros das bandas pro-escocesas, por outra banda (sic) moi protexidas polo poder do PP e moi oficialistas. Un episodio famoso desta guerra das gaitas foi aquel no que case todos os asistentes a un importantes partido de fútbol en Balaídos asubieron, apuparon ou abouxaron masivamente a Real Banda de cornamusas da deputación de Ourense. Cando o Día das Letras Galegas, dedicado a Sarmiento, se celebrou en Vilafranca do Bierzo, eu comprobei que os meus amigos da Escola de Gaitas de alí estaban moi incomodados pola participación da banda de tipo ourensano-escocés do concello de Ponferrada. A banda ourensá-escocesa colonizou tamén Asturias central ou oventese e outros territorios.

A min non me molesta que por veces Carlos Núñez toque (moi ben) cunha fruta rara que non é o freixolé galego nin que os de Milladoiro lle dean unha especie de adufe ou pandeiro cun garabato do tipo dos que teño visto nas miñas viaxes por Irlanda. Por iso tamén non me escandalizo pola moda das bandas de gaitas influídas polas dos reximentos británicos de Highlanders escoceses. O que si que me fai pensar esta guerra das gaitas é no feito de que para que haxa mestizaxes, fusiões, influencias musicais entre Galicia e o chamado Mundo Céltico pola nosa vella mitoloxía naciona-

lista, ten que existir en primeiro lugar unha música galega enxebre e para que a nosa gaita se diversifique e evolúa ten que existir unha gaita galega autodeterminada en primeiro lugar. Sei que no mercado existe unha gaita galega autodeterminada en primeiro lugar. Sei que no mercado existe un produto que se factura como «folk céltico» pero nós debemos ir en contra de tal mercadería opoñéndolle a marca da música galega nacional-popular. Aínda que sexamos do jazz e do rock e de calquera música popular e de Macías e de Viaño e de dodecafónica e de electroacústica e de Haendel e de Bach e dos folklores musicais infinitos do planeta Terra temos que gardar, co respecto que merece, a integridade das nosas cántigas e agarimos e gaitas e cousas musicais propias porque somos os únicos donos delas que existen. E malia o dente que come a semente.

Ese debuxiño que reproducimos é o da portada do *Gaiteiro de Lugo*, almanaque popular que coído que desapareceu do mercado. No mundo enteiro non hai outro gaiteiro coma el.

As galas do gaiteiro (13.12.2008)



O grupo de gaiteiros que reproducimos encóntrase pintado a cores na parede dunha casa de pedra con porta á vella estrada de Redondela a Pontevedra. Houbo en tempos alí unha tenda ou venda chamada La Flor de Cesantes por acharse no territorio da freguesía de tal nome. Os actuais donos da casa manteñen as tres figuriñas e o nome da tenda moi ben conservados na súa liña e policromía. A pintura debe de ser de finais do século XIX.

O vestido dos gaiteiros é o tradicional, que nos nosos días usan xa poucas agrupacións. Non levan chaqueta e si chaleque, faixa e polainas coas cirolas por fóra. Merece unha atención especial o modelo de monteira que locen as tres figuras de Cesantes.

A copa é cónica, alta e remata nun pompón ou borla. A monteira amosa unhas abas dobradas para arriba. Copa, pompón e abas relacionan estes músicos co gaiteiro debuxado nun manuscrito tudense de 1569. Ou sexa, que desde século XVI aos finais do XIX, e quizais antes e despois, os gaiteiros desta parte Sul de Galicia gastaron unha monteira semellante. Tal aba ou ala da monteira dos componentes do grupo de La Flor de Cesantes podía baixarse e formaba unhas orelleras moi boas contra a friaxe. O gaiteiro de Tui ten estas orelleras abaixadas e amolladas baixo o queixo por un cordón ou barbaqueixo. Sen dúbida, estes gorros con orelleras foron de moito uso na Idade Media e vense en representacións de labregos e tamén nas cabezas de cregos e mesmo de papas daquela época. O que sabemos, pola aparición de cadáveres momificados en xacementos de turba de distintos lugares de Europa, é que os homes da prehistoria tamén se cobrían a cabeza, as orellas e as fazulas con gorros ou puchos deste tipo. Co cal a antiguidade de tal caste de monteira galega nos leva á noite dos tempos. Falabamos da borla ou pompón no curuto da copa cónica: pode verse igualmente tanto na cabeza dos gaiteiros de Cesantes de fins do século XIX coma no gaiteiro das monxas de Tui do século XVI.

O grupo constitúe a unidade instrumental mínima propia do xénero. Unha soa gaita, que parece do modelo das redondas, aparece dotada dun roncón e dun ronquillo máis ben grande. É curioso que o ronco secundario non cai para abaixo senón que sobe erecto como os das gaitas escocesas.

O gaiteiro, como manda o vello ritual non escrito, sitúase no meo, como máis principal. Á súa dereita vai o bombeiro que bate cunha baqueta tradicional e nada semellante á que usan as bandas de tipo ourensán. O bombeiro pon a man libre sobre o instrumento. Á esquerda, coas baquetas en movemento que o pintor soubo captar, está o tamborileiro tocando no seu redoblante longo e da mellor xínea autóctona. Os tres músicos están ergueitos, pero non ríxidos. Un olla de fronte e dous para unha banda. Non se moven nin pegan chispas coma a excelente gaiteira terremoto Pato, nin fan a figura de quen enviou un estadullo ou fungueiro coma os gaiteiros das bandas da liña Foxo.

Eu sospeito que o artista anónimo que pintou esa preciosidade de La Flor de Cesantes pretendeu pintar un gaiteiro, un bombeiro e un tamborileiro concretos e reais. Malia que non saibamos o nome deste trío! O rostro de cada dun dos compoñentes do grupo está individualizado con liñas moi limpas e os ollos deles miran con agudeza e intensidade desde o *Fondo dos Espellos*. Son a imaxe mesma da permanencia, os gaiteiros de Cesantes. Ollando estas bonitas e limpas figuras eu lembro, si, os versos de antano nos que sementa a condición sedutora dos repoludos gaiteiros dalgún

tempo. Pro sobre todo recordo o «gueiteiro» de Penalta que aledou as festas das montañas que arrodean Vilanova dos Infantes nos tempos dos meus trasavós e que o xenio celanovés de Curros Enríquez deixou fixado para sempre coma un prototipo inalterábel:

Den desde o Leres lixeiro/ ás veigas que o Miño esmalta/ non houbo no mundo enteiro/ máis arrogante gueiteiro/ que o gueiteiro de Penalta./ Sempre retorcendo o bozo,/ erguida sempre a cabeza,/ daba de miralo gozo:/ era un mociño, que mozo!/
Era unha peza, que peza! Despois do tempo pasado,/ pasado para non volver,/ coma un profeta inspirado,/ inda mo parece ver/ na festa do San Trocado./ Calzón curto, alta moneira,/ verde faixa, albo chaleque,/ e o pano na faltriqueira,/ sempre na gaita par-leira/ levaba dourado fleque./.../ Xentil, aposto, arrogante,/ en cada nota o gueiteiro/ ceibaba un limpo diamante/ que logo no redoblante/ pulía o tamburileiro...

No mural de Cesantes, Redondela, os gaiteiros do tempo pasado figuran inmovilizados para sempre. Curros inmortalizou a personalidade do gaiteiro nos seus versos. Gaiteiros e gaiteras vivos perpetúan hoxe de cara o futuro este instrumento que é un dos símbolos de Galicia que ninguén discute.

Homenaxe a Cabanillas (20.12.2008)



O grupo Brais Pinto no Centro Gallego de Madrid. 1959

Era o catorce de Nadal de 1959. Acababa de morrer en Cambados Ramón Cabanillas e, en Madrid, o grupo Brais Pinto, tan alonxado esteticamente do poeta do Salnés, quíxolle render unha homenaxe. Brais Pinto saudaba en Cabanillas a Política e a presenza poética de Galicia como Nación. Tamén se percibía moi claro o monolingüismo galego de Cabanillas nunha época na que dominaba o bilingüismo literario que Brais Pinto detestaba. É así que Brais Pinto conseguíulle facer un acto fúnebre de

honra a Cabanillas no Centro Gallego de Madrid, Plaza Oriente. E aí os estamos na foto, aquel día.

De esquerda a dereita, e comezando polos que están sentados, o primeiro é X. Fernández Ferreiro que sostén coas mans un xeonllo e un leve sorriso nos beizos. Sígueo Reimundo Patiño, coa ollada algo así como perdida nos magmas da memoria. No centro da foto, o líder de Brais Pinto, César Arias «Louxadela», ten unha expresión feliz porque o acto resultara moi ben. Cos folios dos poemas que el lera na man, vese Ramón Lorenzo, tamén moi contento, como contento semella o noso vello amigo e enlace co Partido Galeguista «Ben-Cho-Shey», que parece recuperarse dos horrores franquistas na compañía daquela mocidade radical. O derradeiro sentado, pola dereita, é Herminio Barreiro; con camisa e grabata escuras amosa un certo ar de voluntario irlandés das Brigadas Internacionais.

O primeiro de pé e de perfil, ese era eu; con barba crecida porque estaba a piques de producirse en Cuba o triunfo dos revolucionarios; isto se cadra. O segundo da segunda liña é Bernardino Graña, co aspecto de pillabán que por veces adopta; estou seguro de que a súa expresión está a celebrar algo fora do normal. Un pouco domeada cara adiante, a única faciana con bigote, que é a dun Bautista Álvarez moi sereo e cinematográfico. Un pouco arrediado, Alexandre Cribeiro, serio, parece que estivese a mirar para min pero na realidade pensa no seu pai recentemente falecido e amigo de Cabanillas.

Na parede, fixado cuns chinchos, entre Bautista e Cribeiro, verán un cartel no que se percibe un estraño rostro tal vez de muller. Trátase dunha litografía feita por Reimundo Patiño para a ocasión nos tórculos de Dimitri Perdikidis e axudado por Repila, artesán e mestre gravador, madrileño de filiación comunista. Na base do cadro hai unha lenda que reza, en letras de deseño epigráfico: HOMENAXE A RAMÓN CABANILLAS DE BRAIS PINTO/ XIV-XII MXCLIX. Na simboloxía do Patiño da época (aínda artista figurativo) aquel rostro terrenal e enigmático significa a Patria. As letras medievalizantes constitúen unha lembranza críptica de Castelao.

Léronse textos de Cabanillas aquel día, mormente escolmados de *Da Terra asoballada*. Logo cada un dos retratados pronunciou o seu discurso ou leu os seus propios textos poéticos, inmensamente distanciados desde o punto de vista estilístico dos do poeta ao cal se lle facía funeral xa non digo laico senón precisamente ateo. Brais Pinto, en rigor, tiña tan pouco que ver poeticamente con Cabanillas como pouco que ver tiñan os poetas españois do 1927 con Góngora. Cabanillas era, para Brais Pinto, máis ca nada unha bandeira e un símbolo nacionalista popular. Por parte, Cabanillas, como lembrou naquela ocasión Xosé Ramón e Fernández-Oxea/«Ben-Cho-Shey», durante moitos anos de residencia en Madrid foi unha presenza que nunca deixou de influír e de lembrarlle aos galegos exiliados naquela Corte o que somos. Lembráballo tamén cando Madrid non era Corte senón símbolo de lealdade republicana nas horas do «no

pasarán». Ana Acuña investiga a actividade cultural e política galega na capital de España: veleiquí un capítulo, se ben insignificante para a xeneralidade das persoas, memorábel para os que aparecen na fotografía. Eles foron deica o día de hoxe, ou até a hora da súa morte no caso dos finados, constantes e fieis ao espírito patriano de Cabanillas e a unha forma de ser nacionalista que representa as clases populares no frontispicio da propia emblemática individual. Ao longo dos anos, «Ben-Cho-Sei» poido ver como estes mozos da foto se foron convertindo en novelistas, dramaturgos, poetas, activistas e políticos, filólogos, historiadores, ensaístas, artistas. Se eses mozos de Brais Pinto non se axuntasen un día en Madrid para lle render homenaxe a Ramón Cabanillas posibelmente a cultura artístico-literaria e a expansión da esquerda nacionalista en Galicia non se produciría do modo que se produciu e se continúa producindo: en forma de espiral ascendente.

Caroi (27.12.2008)

Editado pola Xunta de Galicia caeu no *Fondo dos Espellos* un libro belo, sabio e leal. Titúlase *Caroianos: unha viaxe pola nosa historia rural* e aparece asinado por Xosé Fortes e Germán Fortes. Aínda unhas fotografías moi poderosas de Sergio Portela e dun dos citados Fortes animan a percepción do libro, deseñado por Eloi Lozano. Por parte, Marcial Gondar e César Portela apórtanlle a esta obra uns capítulos nos que brillan as luces destes dous amigos en materias nas que son ben competentes: a antropoloxía cultural e a arquitectura.

Un día Fermín Bouza Brey díxome que cada parroquia de Galicia debería ser estudada por equipos de xeógrafos, lingüistas, etnógrafos, naturalistas, prehistoriadores, historiadores... Vista Galicia como un «grande complexo agrario», cada unha das súas parroquias, incluídas as urbanizadas, representa unha célula básica que é preciso coñecer en profundidade. Era aquel o plan do Seminario de Estudos Galegos que o franquismo desvirtuou co sangue e coa violencia mediantes. En certa maneira, a análise de Fortes e Fortes e mailos seus convidados inscribítese naquel lonxano e frustrado programa nacionalista. Os autores apresetannos a parroquia de Caroi, as xentes e as vidas, a ocupación do territorio e a natureza intervida e domeada polo traballo que Otero Pedrayo chamaba «paisaxe», a historia minuciosamente seguida a través da documentación de Oseira e do cadastro do Marqués de Ensenada até os nosos días nos que a memoria persoal e familiar dos autores irrompe no impresionante relato de protagonista colectivo. Aparece agora Caroi no mundo e convértese en vía iluminativa da historia e da xeografía de Galicia. Ogalla que sirva de exemplo e as mil fregresías que seguen a existir en Galicia teñan un, dous, moitos Fortes que as estuden coa paixón e o rigor con que foi analizada e sistematizada a sociedade dos humanos de Caroi.

Alguén me preguntou pola etimoloxía de Caroi. Non podo responder con certeza porque, en materia onomástica, eu son apenas un amator. Desde logo, Caroi forma parte dun conxunto de topónimos galegos que terminan en *oi/ui*, ben coñecidos todos e moitos convertidos en apelidos: Cabrui (onde naceu Foucellas), Raxoi, Campoi, Fingoi, e ben deles máis. Seguramente son *antropotónimos*, ou sexa; nomes de lugar que proceden do nome persoal dun antigo posesor ou señor ou propietario en xenitivo latino que iría unido ao nome en nominativo Villa ou a algún sinónimo. Outros antropotónimos non terminan en *-oi/-ui*, e son ben coñecidos: Allariz, Guitiriz, Caride, Goián. Un destes topónimos conteñen un nome persoal latino, como Marín, e outros xermánico, como Gondomar. Sobre Caroi podíamos aventurar a seguinte aproximación etimolóxica.

Partindo dunha (Villa) Caroli ou Karoli, establécese a hipótese de que se trate dun fundo ou vila ou propiedade, que en tempos neboentos e non documentados posuía un tal Cárolus ou Károlus que levaba un nome de varón xermánico moi apreciado polos francos. Francos que, dito sexa de paso, exerceron sobre a Galicia suévica unha grande influencia política e cultural (poderán ver o caso de Martiño de Dume e Venancio Fortunato cando aparezan ambos no *Fondo dos Espellos*). As dificultades para aceptar este étimo son dúas: a primeira radica na mudanza do acento, de Károlus a Karolus, non insalvável; na rareza ou inexistencia de Carolus ou Karolus na documentación medieval de Galicia radica a segunda. Con todo, convén lembrar que existe, polo menos, outro Caroi, neste caso onda a Armenteira, municipio de Meis. Quen fora este tal Karolus fundador de Caroi resultará tan difícil de saber como quen foi o Witericus quen fundou Guitiriz ou o Aliaricus que fundou Allariz –por pór apenas uns poucos dos mil casos de posesores cuxos nomes ficaron fosilizados na toponimia e cuxa entidade histórica nos é descoñecida.

Caroi é hoxe unha freguesía, dividida en algúns rueiros e lugares, do concello e Terra de Cotobade. Dalí saíron potentes xíneas de canteiros ou pedreiros (*arghin*as ou *arguin*as na súa xerga de oficio), por iso as casas, os alboios, os muros e os canastros ou hórreos de Caroi son tan fermosos. Nacen aló augas que dan lugar a ríos famosos, coma o Almofrei que verte no Leres nas Pontes de Bora, ou o Verdugo (o de «Verduxo» contitúe unha lenda urbana galeguista) que é a corrente fluvial máis importante das que desaugan na ría de Vigo. Os cumios do monte do Seixo están coroados de penedos espectaculares arredor dos mil metros de altitude. En realidade, o libro de Fortes e Fortes ten a virtude de esixirnos que viaxemos a Cotobade para visitarmos fisicamente Caroi.

Cotobade, a terra nutricia de Nélica Piñón.

Capítulo 03

No Fondo dos Espellos

ARTIGOS: 2009

171

De Gallaecia a Galicia (03.01.2009)

Xorde á luz, desde o máis *Fondo dos Espellos*, Martiño de Dume, fundador de Galicia. Ou Martiño Dumiese ou Bracarense.

Despois dunha serie de reis suevos nugallaos ou perguiceiros (ao estilo cultivado polos francos), viñeron para Galicia uns anos de gloria e resistencia á dominación dos visigodos de España. Este período coincide cos reinados de Teodomiro (559-570) e do seu fillo Miro (570-583), pro todo nos fai pensar que a personalidade política dominante na Galicia de entón era a de Martiño de Dume.

De Martiño sempre se creu que procedese da Panonia e do universo bizantino de lingua grega. Nicandro Ares introduce a razoada suposición de que a patria deste escritor e home público fose a Panóias que chegaría a ser hogano a Vila Real portuguesa. Pola miña banda, eu aviso de que hai un lugar chamado Panoia no concello da Ponte Deva, actual provincia de Ourense. En todo caso Martiño era bispo non diocesano de Dume ou Dumius. Digamos que Dume é o bispado imaxinario e ideal que aínda Rosendo Gutiérrez, coñecido como San Rosendo, vindicaba como simbólico e lexitimador do seu inmenso poder político e económico cincocentos anos máis tarde da morte de Martiño. Este tamén chegou a ser bispo metropolitano da Braga realmente existente. Escritor brillante, ninguén coma Otero Pedrayo, na vertente súa de crítico literario infalíbel, soubo penetrar ao interno do estilo de Martiño de Dume na liña proposta por Leo Spitzer. Timonel da nau do reino suevo de Galicia, Martiño foi o definidor estratéxico da política de alianza dos galegos cos francos e cos bizantinos.

Martiño, nos seus escritos, muda o nome do noso País, que xa non será máis Gallaecia nin Gallaetia. A partir del, a nosa terra vai ser chamada Galicia, e así escribirá

o máis importante poeta do derradeiro crepúsculo da latinidade, que foi Venancio Fortunato, e así escribirá máis tarde Isidoro de Sevilla.

172 Cando Teodomiro é proclamado rei de Galicia (559), a fusión entre as oligarquías galaico-romana e sueva parece acharse consumada. Daquela, o modelo político do confisionalismo católico de Estado (Constantino, Teodosio, Xustiniano) é adoptado en Galicia por Teodomiro co apoio de Martiño de Dume. Ao rachar co arrianismo, que constituía un signo de submisión aos visigodos de España, Teodomiro opta pola independencia do seu reino. Por parte, o catolicismo oficial servíralle para cohesionar a clase feudal nacente nunha Galicia ideoloxicamente plural, na que o paganismo sobrevivente, o priscilianismo moi vivo aínda e o arrianismo ou arianismo do partido provisigodo, podían ser considerados elementos disgregadores. Finalmente, o catolicismo foi, para Teodomiro e para Miro, a opción política internacional que posibilitaba a alianza cos francos merovingios e co Imperio de Oriente. Formando parte desta alianza de grande alcance, Galicia poido resistir durante un tempo os intentos asimilacionistas de Leovixildo e dos visigodos españois e preservar a independencia da nación emerxente.

A figura do fillo de Teodomiro, dito Miro ou Mirón (570-583), reviste unha sombría grandeza e merecía un grande dramaturgo de inspiración romántica que a inmortalizase. Culto, e seguramente educado por Martiño de Dume, á morte do seu pai continúa con resolución apolítica del. Audaz, Miro viaxou a Vasconia para tratar directamente cos amigos francos. Intervén tacticamente na disidencia interior dos visigodos apoiando e alentando Hermenexildo contra seu pai Leovixildo. Mantén especiais relacións co rei franco de Borgoña, Gontrán, fillo de Clotario I. Morto Xustiniano, Miro acata e recoñece a autoridade máxima do emperador Mauricio en Constantinopla. Velaí os derradeiros esforzos militares e diplomáticos para manter a independencia do reino de Galicia, o cal fora o primeiro de Europa en constituírse nos días da ruína do Imperio de Occidente (ano 412). E os acontecementos precipítanse cando, no 580, morre Martiño de Dume e, tres anos máis tarde, Miro resulta militarmente derrotado por Leovixildo e morre tamén. Logo dun terríbel lapso de confusión e caos, no ano 585, os visigodos de España mandados por Leovixildo anexionan Galicia. Tras de cento e setenta e tres anos de independencia, o reino de Galicia, fundado polo patriarca Hermerico, deixa de existir con carácter independente aínda que os historiadores opinan que conservou unha ampla autonomía. A presenza aquí de activas fábricas de moeda, coma poido ser a de Tui, así o demostra.

Seguirá pasando Martiño o Dumense polo *Fondo dos Espellos*.

Ocaso da Galicia sueva (10.01.2009)



173

Pasa polo *Fondo dos Espellos* a sombra de Martiño Dumense ou De Dume ou De Braga. El constitúe unha pedra moi importante dos alicerces de Galicia. Na ilustración que vostedes vén, é imaxinado polo miniaturista medieval coas grandes olleiras que a tópica asocia ao moito estudo. Aмосa na man esquerda un rolo cos seus escritos.

Martiño exerceu o poder en cualidade de mordomo do Pazo, ao estilo franco, e de conselleiro político dos dous derradeiros (e grandes) reis da Galicia suévia: Teodomiro (559-570) e Miro (570-583). As luces daquel brillante ocaso do primeiro reino de Galicia aínda se perciben apegados ás pedras de San Froitoso de Montelios (Dume, Braga) cuxa visita recomendo ao lector.

Martiño sérvese da ortodoxia católica como instrumento de Estado. El encontrou unha Galicia na que as crenzas eran diversas. Había eiquí un paganismo popular (aínda o hai, madialeva) de substrato indíxena e romanizado, e mais un paganismo suevo no que sobrevivía o panteón xermánico. Eran moitas as comunidades cristiás que mantiñan, alapeante, a memoria de Prisciliano, de Latroniano (máximo poeta) e dos compañeiros e compañeiras que sufriran martirio ou persecución douscentos anos atrás. Outra igrexa herética, a arriana ou ariana, manteríase entre os notábeis que posibelmente conspiraban en favor do Visigodo. Un reino de Galicia sólido debería rexer mediante unha ideoloxía única que superase a desorde e o pluralismo. Eis o labor de Martiño Dumense.

Sabemos que nin Teodomiro nin Miro levaron a cabo persecucións relixiosas. Pro coñecemos os escritos de Martiño (os que amosa no rolo a imaxe) dedicados a robustecer a unidade na crenza oficial católica. El non combate, certo, o priscilianismo e pensamos que, nesta abstención, contaría a predilección que o seu modelo, San

Martiño de Tours, sentira por Prisciliano, cuxa morte chorou. En canto ao arrianismo, o feito de esta ser a relixión do poder visigodo español mereceríalle unha antipatía que Martiño de Dume resolveu mediante o silencio hostil. En efecto, todas as enerxías intelectuais de Martiño concentráronse no tratado *De correctione rusticorum* («Corrección dos campesiños»). Non trata esta obra, secomasí, de superstición ou va observanza, senón de algo peor. Describe Martiño a rebelión dos anxos contra Deus e a conversión dos espíritos puros e soberbios en demos, pasaxe esta que Otero Pedrayo ten o acerto de comparar con Milton salvas todas as distancias de época, que neste caso son mesmamente distancias cósmicas. Para Martiño, as deidades pagás serán, polo tanto, demos exiliados do Paradiso. E, o que foi o rústico galego, ao lles render culto entrégase á adoración de Satán ou Lucifer e ás súas hostes. Reprende os que chaman os días da semana con nomes de deuses paganos pro non se decata, infeliz, de que el leva, como Martinus o mesmo nome de Marte que o día Martes. Que fose a admonición de Martiño Dumiense a causa da instauración dos días da semana nomeados como feiras numéricas, mais o Sábado e o Domingo, é algo que nunca foi demostrado. Agardo, a este respecto, unha documentación de Carlos García Martínez.

Parece que a unificación de suevos e galegorromanos nunha única clase dominante estaba xa consumada nos días de Martiño de Dume e dos reis Teodomiro e Miro que el aconsellaba. E ben, a moral católica serviulle ao bispo non territorial de Dume, e efectivo metropolitano de Braga, para forxar un modelo educativo que moldease aquela clase dominante e a fíxese forte. A figura do cabaleiro feudal case se albisca nos tratados morais de Martiño, algún dedicado ao xoven Miro. Otero, intérprete de Martiño, dubida de se bebe en Séneca ou repite *topoi* estoicos. En todo caso, vemos que o moralista Martiño instrúe a aristocracia unicamente naquelas virtudes que lles sirvan para exercer o poder e reprobá só os vicios que poidan enfeblecer o seu mando. As virtudes serán a magnamidade, a humildade, a xustiza, a continencia. A xactancia, que no imaxinario historicista sempre figura unida ao carácter dos pobos xermánicos, é vista coma un perigo. O riso inmoderado, tamén moi bárbaro e simpático na novela histórica, degrada o varón, ou o barón, perando os seus inferiores. A soberbia é un pecado, como o é a ira. O ideal estoico do sabio debe inspirar a vida dos señores e conseguir a aceptación do pobo sen chamar moito (ollo) a atención del. De tal xeito, o moralismo estoico cristianizado (e católico) é posto ao servizo da elite que sustentaba a monarquía de Galicia.

Porparte, Martiño ampárase do catolicismo para artellar unha política europea de longo alcance que garantise a independencia de Galicia. Xa que o inimigo que ameazaba o noso reino era o Visigodo español de relixión arriana, o catolicismo proporcionaríalle a este Martiño «ravennata» a oportunidade de aliar Galicia cos francos, cos bizantinos e, aínda, cos disidentes visigodos de Hermenexildo que tamén usaban dese catolicismo como arma política.

Despois de morto Martiño de Dume produciouse a desfeita. Leovixildo, rei visigodo de España, venceu o seu fillo rebelde Hermenexildo, aliado de Galicia. Tamén venceu Miro, rei de Galicia. Os bizantinos foron expulsados da Península Ibérica. Galicia perdeu a súa independencia tras dun período caótico e confuso no que se sente o fedor da morte e o fume negro que bafexa nos relatos dos derradeiros días de Artur. A Igrexa Católica fixo santos Martiño Dumiense, o seu dilectísimo Venancio Fortunato, o amigo franco Gontrán de Burgundia e mesmo o Isidoro de Sevilla que máis tarde contaría esta historia. Pro aos galegos non nos serviu de consolación tanta santidad.

Das Hermeriklied **(17.01.2009)**

Pasa polo *Fondo dos Espellos* Hermerico, fundador de Galicia. Coñecemos sobre el algúns datos certos e podemos imaxinar outros verosímeis.

Era mozo Hermerico cando o ergueron sobre o escudo como rei dos Suevos que vivían nas ribeiras do Danubio. Logo de se safar das hordas de Atila, o rei xuvenil puxo en marcha o seu pobo e dirixiuse cara Occidente en procura dunha terra que o acollese lonxe da ameaza dos Hunos. Integrando homes, mulleres, nenos, anciáns, tesouro, carros, gado, os Suevos achábanse, a noite de fin do ano 406, onda o Rhin, e Hermerico fixo que pasasen o río de Lorelai aproveitando que este estaba conxelado. Entraron os Suevos na Galia, pola cal se bandearon uns tres anos. Parece que na Armórica ordenaron de pasar á Grande Bretaña. Sempre so o mando de Hermerico, renunciaron ao proxecto e dirixíronse ao Sul, seguramente a través das ermas gándaras e toxais de Aquitania.

Entraron a predar a Península Ibérica ao tempo que facían o propio os Alanos e os Vándalos. Decidiron repartirse a Hispania entre eles. Non se sabe se foi mediante o óso verdugo dun carneiro ou uns dados primitivos que se revelou o Destino. O caso é que aos Suevos lles tocou a provincia Gallaecia e aquí trouxo Hermerico o seu pobo, no ano 411 ou 412. Supoño que entrarían polo Sul atravesando o Douro, como é e foi sempre o máis doado e natural camiño.

En tempos de Augusto, aquí fora constituída unha Transduriana Provincia que despois recibiu o nome de Gallaecia. Aquí asentou o pobo suevo e aquí decidiu ficar por sempre xa que a nosa lle pareceu a Terra de Promisión. E este asentamento oficial romano foille a Hermerico e á súa xente recoñecido polo emperador Honorio. O que significa que o primeiro reino europeo que se constitúe a partir da crise das invasións bárbaras é o de Galicia. Isto explica que o resto das provincias hispánicas (Bética, Lusitania, Tarraconense) perdesen o seu nome no transcurso dun suspiro. O reino de Gallaecia foi creado por Hermerico nun tempo no que os de Asturias e León, Aragón,

Castela, Portugal nin sequera se presentían. Tardarían estes centos de anos en aflorar á luz da Historia.

176 Hermerico morreu en 441 e aquela súa xesta, ou longa marcha, na que conduciu a súa xente desde a actual Eslovaquia a Galicia sería suxeito de cantares épicos, aí!, perdidos. Estamos autorizados a soñar que os feitos heroicos de Hermerico darían lugar, nun primeiro intre, a poemas breves que, en segunda fase, foron unificados en unidades narrativas superiores.

Esta hipótese podía cobrar forma de ficción novelesca na que unha escritora contemporánea alemá e galega realmente existente, Ursula Heinze, achase o manuscrito dun *Hermerikslied* ou *Cantar de Hermerico*. Naquel poema figuraría o rei dos Hunos vencido polo heroe que se adornaba coas virtudes da prudencia, da astucia e do valor. Relataríanse treizóns seguidas de vinganzas nas que o sangue fumegaba e corría a regos no espazo da Sala ou Saa xermánica. No *Cantar* habería aneis e minas de ouro. Xogaríase un rol importante aquela muller meiga, de nome Ganna, da que teñen falado as fontes históricas. Mesmamente Ernst Förstemann (1900) sitúa, no fondal dalgúns topónimos galegos coma Ganoi, a raíz xermánica *gan-* «bruxaría». Habería anaos e, nas batallas infinitas, serían brandidos os machados e martelos tanto ou máis que as espadas, e todas as armas terían nome propio porque todas tiñan alma. O primeiro dos deuses, Wotan, protexería Hermerico e non habían de estar ausentes as doncelas guerreiras. Suponse que Hermerico sobreviviu a tanto perigo por se achar dotado de invulnerabilidade prodixiosa. Así sería porque, ao contrario do que lle ocorrera a Siegfried, a Hermerico ninguén lle atopou o punto do corpo no que un treidor conseguise espetar a súa arma, e o rei tivo a ventura de morrer vello. Nos símiles épicos habería lobos grises, o salmón, a fúíña e un sol nacente para poetizar o valor das mesnadas, a lixeireza dos movementos, a cobardía e a lealdade –dito sexa respectivamente.

Nada deste hipotético *Hermerikslied* sobreviviu nos nosos días e, a novela que Ursula Heinze vai protagonizar, nunca foi escrita. Pro si que o nome de Hermerico, ou dalgún señor chamado coma el, aínda hogano permanece. Segundo Joseph M. Piel e Dieter Kremer, varios topónimos (e apelidos) galegos como Armariz ou Esmoriz perpetúan en Galicia e Norte de Portugal o nome de Hermerico. O reino de Galicia fundado por Hermerico durou uns 175 anos e perdeu a independencia no 585. Baixo o poder de Hermerico e dos seus sucesores, as aristocracias de orixe galego-romana e sueva converxeron nunha única clase dominante (ou bloque: Poulanzas) que constituíu o primeiro feudalismo e propiciou a transformación do latín vulgar da Gallaecia no galego no que eu estou agora a escribir esta bagatela.

«Gallicia, plaude»: apláudelle, Galicia, a Hermerico, digo eu pedíndolle emprestado o imperativo ao eloxio que Venancio Fortunato fixera daquel Martiño Dumiense do que tratábamós na semana pasada. Institución ningunha nin rúa ningunha leva hoxe o nome de Hermerico en Galicia.

Lugrís centenario (24.01.2009)



177

Pasou polo *Fondo* de todos os *Espellos* de Galicia Urbano Lugrís (1908-1973) en ocasión do centésimo aniversario da súa nacencia. Houbo no Museo de Castrelos (Vigo) unha linda exposición a base de espellos interconectados que suscitan pasadizos de sombra entre o pintor e os seus referentes. Foise alá o ano de Lugrís sen se me realizar o soño dunha mostra colectiva na que estivese o seu «Cuarto do Piloto Retirado» acompañado doutros óleos: de Salvador Dalí, de Yves Tanguy, de Giorgio di Chirico, de René Magritte.

Véñenme á memoria as pinturas murais de Lugrís que educaron a nosa primeira mocidade. Primeiro, a de Grímpola, Vigo. Logo, a do América (Nova Galicia) en Compostela.

Contan que Lugrís, de boa torgueira republicana, masónica e nacionalista, accedeu a pintar as paredes da cofradía franquista de Malpica. Para a inauguración puxéranlle o uniforme de Falange (con correaxas) dun mangallón dalí que tiña vacas. Franco foi ao acto e Lugrís anestesiouse para tal transo tomándose algo. A Franco gustoulle aquela obra e felicitou o pintor. «¿De dónde eres?» –preguntou. Ao que Lugrís respondeu cunha mentira e cun sarcasmo: «Soy de El Ferrol de Vuestra Excelencia». Ouvín contar esta barbaridade moitas veces, unha das cales ao mesmo Lugrís.

Disque Franco en Malpica, visiblemente compracido, rosmou coa vociña atiplada que soía: «A este muchacho hay que darle trabajo». Interpretouse coma un *diktat* do déspota e, efectivamente, a Lugrís chovéronlle os encargos. Blas Piñar chamou-no para dignificar o Instituto de Cultura Hispánica, santuario franquista do que logo sería capelán Fraga Iribarne. Os vascoespañóis da Trasatlántica contratárono para

decorar o comedor de primeira dalgúns dos seus buques con nome de Nosa Señora. Cesáreo González, falanxista vigués de primeira hora, quixo frescos de Lugrís no seu Hotel Moderno ou Gran Hotel de Policarpo Sanz con Carral (por onde fora o ame-trallamento do 20 de Xullo de 1936). O propio Caudillo mandou que levase tamén a arte naval de Lugrís no salón comedor. O caso é que tanto colaboracionismo e tanto éxito lle infectou a Lugrís a alma até o extremo de que, dominado polo sentimento de culpa, se disparatou en xesto de *grand gignol*, prorrompeu en ocorrencias xeniais e estreitou os seus contactos coa bebida. Pro nunca caeu na negación dos seus sentimentos e lealdades políticas profundas. As figuras paterna e a do seu patriño Tettamancy, se cadra tamén o sabre de Solís que este custodiaba na casa, fóronlle sempre severas sombras admonitorias. Axiña, o mozo Avilés de Taramancos cruzaría a súa vida coa vida de Lugrís.

O artista cortou un día os fíos que o unían ao aparello do Réxime. Ao tempo, arre-quecía o seu propio universo literario na valiosísima revista *Atlántida* (1954- 1956) da Coruña. Entre esta cidade e a de Vigo, foi tecendo un fermoso pano de poesía e de plástica. O discurso literario de Lugrís en castelán, en galego e en castelán mestizo de galego, cun pé na mítica nacional e outro nas augas toldadas do inconsciente, nunca deixou de ser discurso nacionalista. Olivia Rodríguez, filla de Mariano Tudela, amigo do noso artista, sacou a luz en Alvarelos, co título de *La balada de los mares del Norte*, case todo o que do Lugrís literario se coñece. Coincido co que Olivia Rodríguez Tudela expón nun prólogo moi belo. Pensamos que o popularismo, o soño céltico e o clasicismo da forma que serve de continente aos licores do surrealismo constitúen dimensións do poema de Lugrís que complementan a percepción que facemos da súa pintura.

Fora de *Balada de los mares del Norte* ficaron algúns poemas ou prosas de Lugrís, inéditas unhas e impresas, pro extravagantes, as outras. Seguramente Olivia irá es-pigándoas en canto apareceren após da seitura e incorporáraas á gabela completa. O amigo M.A. Seixas está resgatando n'A *Trabe de Ouro* un soneto de Lugrís a Luís Seoane ao tempo que o amigo Corpas, de Vigo, tivo a xentileza de nos facer chegar ao *Fondo dos Espellos* o debuxo de 1965 que reproducimos acompañado das ver-bas que cantan así de patrianas, de republicanas, de lorquianas, de autobiográficas saudosas:

Ai, como ouvean á Terra ista noite os cans da lúa. /Polo mesmo bosco, ou vento, como o teu salouco brúa.../ E a lúa acadarma mortos na noite senlleira e núa:/mortos que o corisco arrastra na noite sono-ra e crúa. /Polo vougo bosco mesto a miña ialma e a túa./ A miña de escuro, escuro, a túa de luz de lúa.

Do primeiro reino de Galicia (31.01.2009)

En tempos de Augusto estas terras, foron chamadas provincia Transduriana: a que está alén do Douro. Logo recibiría oficialmente o nome de Gallaecia, que xa circulaba no mundo, tomado da tribo dos Gallaicos ou Gallaecos, oficialmente Braga. A escolla do nome poido ser favorecida pola fasquía daqueles nosos antergos que, aos romanos, lles lembraría a dos Galos ou Celtas. Os torques de ouro que chegaron até os nosos museos e que figuran representados no pescozo dos guerreiros das estatuas castrexas favorecen esta suposición.

179

Após da romanización dos Gallaicos ou Callaicos, o NW peninsular, ou sexa Gallaecia, viuse invadido polos Suevos que, procedentes do Danubio, aquí se apousetaron por sempre xamais. Daqueles Gallaicos romanizados e daqueles Suevos descendemos nosoutros, os galegos actuais.

No ano 411 ou 412 os Suevos afincaron na provincia Gallaecia. Este asentamento foilles recoñecido polo emperador Honorio de xeito que Reino de Gallaecia ou de Galicia é o máis antigo dos que en Europa se fundaron sobre a ruína do Imperio Romano. Isto explica que os nomes das outras provincias hispánicas (Tarraconense, Bética, Lusitania) desaparecesen por completo, como desapareceu o da Galia, en canto que o de Gallaecia perdura como Galicia/Galiza até os nosos días e segue a designar unha entidade territorial, cultural e nacional viva. Por exemplo, eu estou a escribir e vostede está a ler agora en galego.

Fúndase o reino de Galicia no século V e nunca menos de catrocentos anos tardarán en constituírse os outros reinos medievais con novos nomes: Asturias/Oviedo/León, Castela, Aragón/Cataluña, Navarra e Portugal. Engadamos que Euskadi, como nome dun país e nación, é unha creación de Sabino Arana feita a fins do século XIX.

Existe unha continuidade entre a Gallaecia dos castros e a Galicia actual que pasa por un período de formación que se corresponde co reino suevo. Este creou as condicións para que evoluíse, por fragmentación do tronco primitivo, o latín vulgar e pasase a ser a lingua galega. De xeito que o primeiro reino de Galicia durou desde 411 ou 412 ao 585, ano no que os Visigodos de España o anexionaron pola forza das armas. Aínda así, Galicia, seguramente, mantivo a súa personalidade deica a invasión árabe do 711, que aquí apenas foi sentida, e prolongouse, con carácter de reino, a través dos séculos. Galicia recibe oficialmente o nome de «nacionalidade histórica» no intre no que estou a escribir o que vexo no *Fondo dos Espellos*.

A monarquía sueva de Galicia era a forma que cobrou o poder dunha clase aristocrática integrada por posesores de estirpe galegorromana e outros de orixe sueva que souberon facer confluír os seus intereses. A súa economía era agraria e baseábase na servidume e nunha escravitude diminuída. Pro tamén se achaba fortemente monetarizada. Varias fábricas de moeda traballaban neste noso primeiro reino, e eses

troqueis seguiron producindo despois da conquista dos Visigodos. A sociedade non era só rural. Había cidades no reino: Braga, en primeiro lugar, a capital. Nela encontraríase o Tesouro, alicerce tanto económico como simbólico no que se asentaba a orde monárquica e señorial. Tamén florían Ourense, Lugo, Tui e outras cidades. Compostela existía e a súa poboación non era fraca a xulgar pola chea de sarte-gos de época sueva que se acumulan so os solos da súa catedral, o cal contradí a fábula xacobeá. A cultura literaria e teolóxica continuou en época sueva a tradición de Exeria, de Prisciliano, de Latroniano e da importancia de tal cultura fala Venancio Fortunato cando canta as excelencias do seu amigo Martiño Dumiense. O modo de produción feudal nace e impónse sobre o territorio da Galicia sueva e haberá de prolongarse, con múltiples transformacións e supervivencias, até o acceso ao poder da burguesía no século XIX. En fin, no tempo da monarquía sueva, o vello nome de Gallaecia (que tamén fora Gallaetia) transformouse en Gallicia achegándose así ao actual da nosa nación. Gallicia, e non Gallaecia, escriben xa Martiño de Dume ou de Braga (518-c.557), o poeta da Galia Venancio Fortunato (c.530-c.600) e Isidoro de Sevilla (c.560-636), este derradeiro historiador do reino suevo de noso.

Os nomes do mar de Turonio (07.02.2009)

Turonio foi unha Terra feudal. Límites: N., a ría de Vigo e o río Verdugo. S., o río Miño. L., os picoutos de Fornelos, o planalto da Fonte Fría e a serra da Paradanta. W., o Atlántico. «Alá u nasque la Toronha», que escribira en provenzal un noso trobeiro. De tal territorio só restan os vestixios onomásticos de Torroña, onde é o curro famoso, e de Troña, castro galaico. Hoxe a cidade de Vigo é a capital da non recoñecida Terra de Turonio, aínda que Tui manteña a ligazón simbólica co máis remoto pasado urbano

O neoloxismo *talasonimia* móntase sobre o grego *thálassos*, que é o «mar». Fala o palabrón, pois, dos nomes dos lugares mariños. Un arrecendo a Urbano Lugrís ou un perfume étnico e surrealista á maneira de Ulysses Fingal despréndese da palabra *talasonimia* e despedantízaa.

Xerardo Sacau, nos seus tres volumes titulados *Os nomes da ría de Vigo* (CEV 2000, 2004, 2007) introduce o adxectivo *beiramariño* para se referir á onomástica costeira de Turonio. No ano pasado Xosé Lois Vilar intensificou o estudo da nosa talasonimia nun libro excitante que titulou así: *Talasonimia da costa sur de Galicia* (IEM). Sacau formula hipóteses etimolóxicas e cobre a parte marítima da Terra de Turonio, aínda que sen propósito de exhaustividade. Vilar non se aventura na etimoloxía pro usa das fontes orais así como esgota a cartografía e leva adiante unha ceifa totalizadora dos nomes marítimos dos concellos da Guarda, Oia, Baiona e Nigrán. Agardamos que o traballo de Vilar chegue a completar a costa de Turonio coa talasonimia das fregue-

sías históricas restantes. Que son Saiáns, San Miguel de Oia, Coruxo, Navia, Alcabre, Coia (coas Cíes), Santa María de Vigo, Santiago de Vigo, Teis, Chapela, Redondela, Cesantes e Arcade, por onde, acadamos a liña do Verdugo/Oitavén que fecha a fronteira de Turonio polo N. Logo, o modelo de Vilar tería que se aplicar a toda a costa de Galicia.

Porque o libro de Xosé Lois Vilar constitúe un modelo metodolóxico. Explora a fondo as fontes. Afloran case todos os nomes do mar obxecto de estudo. Pro os nomes marítimos son unhas veces sólidos, xenéricos e referidos a mostrativos (cabezo, laxe, con, punta) e outras proceden dunha locución adverbial común (*a freu* «aprodado, enfilado»). Poden designar espazos invisíbeis (laño...) e é entón cando o ollo do mariño os fixa mediante uns eixos de coordenadas e abscisas baseados en marcas toponímicas visuais. Os nomes do mar, en certos casos, non son antigos nin serán permanentes: poden acharse en mutación e o sentido do humor, ou o gusto pola expresividade, condiciónannos. O pesco (no Sul dicimos mariñeiro) habitante dun punto ou doutro da ría pode denominar de forma distinta un accidente xeográfico evidente ou unha mesma paraxe submariña fantasmal, e eses nomes non terán nada que ver cos nomes que figuran nas cartas. Os barcos afundidos pasan os seus nomes, que figuraban nas proas ou popas, a nomes de lugar até que naufragaban outros barcos cuxos nomes substitúen romanticamente os anteriores no universo talasonímico.

Os mariñeiros nosos tamén puxeron nomes galegos nos mares do Sul (Portugal) e no Grand Sole ou costa occidental de Irlanda que Valentín Paz Andrade quixo mudar en Mar Céltico. Alí as illas de Aran son As Arráns, a de Torey é Toralla, unha praia limpa é o Mar das Galiñas pola abundancia de pardelas, outra cunha forma determinada é Cona de Vella, e a que ten pedregullo treidor dise Mar do Sindicato (polo Vertical franquista). Algún día haberá que ir á recolleita da colonización talasonímica que fixeron os nautas galegos por todo o Mundo.

Xosé Lois Vilar fixa para sempre a toponimia marítima da zona focada por el, e mais razoa e teoriza. Espléndidas fotografías engaden valor ao seu libro. Pro, alén disto, a obra inclúe unha alfaia: o Caderno de Marcas de Selegante.

Moitos patróns levan libretas nas que anotan con palabras e con debuxos as marcas visuais que poden, por posición do barco, situar con precisión un punto submariño útil para a pesca.

Estas anotacións, polo seu valor económico, soen ser secretas e consideradas patrimonio da experiencia do autor. Antonio Selegante Pérez (1916- 2005) foi un patrón de Baiona que lle entregou os seus cadernos a Xosé Lois Vilar consciente de que contiñan unha riqueza cultural que el quixo compartir co pobo galego a través da súa publicación. O Caderno de Marcas de Selegante foi incorporado por Vilar ao seu libro, o cal representa un acontecemento moi importante para a nosa cultura. Na súa

extrema simplicidade funcional, Selegante fálanos dos fondos mariños e da paisaxe visíbel con conmovedora elocuencia. E escribe en idioma galego.

182

Chan da Parafita (14.02.2009)

Polo ano 1745 o Padre Sarmiento escribiu o poema galego titulado *Coloquio en mil catrocentas coplas galegas*, que axiña correu en copias manuscritas. Lonxe de constituir só un exercicio práctico de vocabulario, o *Coloquio* representa a obra fundacional da literatura galega contemporánea. Nel elabórase un modelo de lingua literaria conscientemente diferenciada da castelá e da portuguesa. Tamén no *Coloquio* están os alicerces da ortografía galega actualmente oficial (con xes, con eñe e dobre ele).

Elementos que sempre foron considerados constituíntes da literatura galega aparecen conxugados no *Coloquio*. As personaxes actuantes son populares e, entre elas, destacan as figuras femininas pola súa agudeza de inxenio, desenvoltura e liberdade de actuación social. Naturalmente, esta sorte de feminismo nacional-popular está a converter Sarmiento nun anuncio de Rosalía. A gaita irrompe no *Coloquio* como instrumento musical que simboliza Galicia. O fenómeno relixioso é descoñecido no poema, polo que nel se funda a preponderancia laicista da nosa literatura. A bulra anti-borbónica está a insinuar algo así coma o Valle-Inclán máis feroz. Finalmente, a paisaxe, dimensión que algúns consideran central na nosa arte e na nosa literatura, amósase no *Coloquio*, mesmo que sexa tinguida de didactismo xeográfico e lexicográfico.

Estamos á espera dunha mente iluminada que reconstrúa a historia da literatura galega contemporánea. Estou seguro de que, cando esta revisión de produza, a data da fundación do noso Rexurdimento será a de 1745, ano aproximado da escrita do *Coloquio* polo Padre Sarmiento. *Coloquio* que arrinca así (a lectura boa é a de X.L. Axeitos):

No chan que en Morrazo/ chaman os galegos/ Chan da Parafita/ que chega hasta o ceo,/ que está no camiño/ que vai ao Ribeiro/ dendes Pontevedra,/ a vila do Reino,/ a unha legoiña/ camiño dereito,/ fai conta que sigues/ o rumbo sulesto,/ se sube en relanzo/ por todo o vieiro/ sin muita fadiga/ nin muito tormento./ Axiña se chega/ ao chan que dixemos/ e mais é ben ancho/ todo o seu terreo./ Alí corren lebres/ e corren coellos/ os homes nas festas,/ dempois van vendelos./ Dalí, daquel chan/ tan alto en extremo,/ se ve toda a vila/ cos seus arrodeos./ Se ve o mar bravo,/ se ver o mar quedo/ de Ons e do Tambo,/ as illas ao lexos./ Se ve Portonovo/ e xunto San Xenxo,/ Marín e Combarro,/ Lourido e Campelo./ Se ve o Castrove/ e mais Montecelo,/ tamén San Cibrán/ e mais o Castelo. Do Norte está posto/ o lindo convento/ dos frades de Lérez/ que está nun outeiro./ Alí donde sempre/ van muitos romeiros/ ao San Benitiño,/ santiño ben feito./ Tamén daquel chan/ se ven, que están preto,/ os ollos da Ponte/ co Burgo pequeno./ Morrazo, se fora/ máis chan seu terreo,/ se vira de frente/ case todo enteiro./ Por fin os navíos/ e barcos dos pescos/ se ven navegare,/ e máis se están quedos./ Os ollos se farten con tanto recreo/ de terra, de verde,/ de mar e de ceo...

Onde podemos situar esta miragaia que Sarmiento transmutou en vívida e sinxela poesía?

E ben, a Chan da Parafita está nos montes de Marcón (Pontevedra) ao pé do curuto da Fracha (uns 800 m.). A chan encóntrase cabo dun monolito natural que coído que hoxe chaman Pedra Longa e que Sarmiento coñece por Parafita. Na actualidade, o lugar está arranxado para merendeiro pro non ofrece ningún tipo de indicación escrita. Desde a eminencia que recibe o nome de Outeiro do Navío, pódense enxergar, máis ou menos, os lugares que Sarmiento cita. Noutro texto, este en prosa, o noso frade bercián e pontevedrés volve ocuparse da Chan da Parafita.

Para chegar aló recomendo a seguinte rota. Coller a estrada de Pontevedra a Pontecaldelas e desviarse, por Pintos, á dereita deica a zona industrial do Campiño. Logo, rubir polo camiño da Fracha en dirección SW. Deseguida verán a poderosa Parafita e unha pequena chan co citado merendeiro. Alí, o ano 2002, o concello plantou uns carballos en memoria de Sarmiento. Non lles será difícil localizar o Outeiro do Navío. Que gocen da paisaxe!

Propoñemos agora que a freguesía de Marcón e a cidade de Pontevedra ergan na Chan da Parafita un monumento no que se lea:

CHAN A PARAFITA

AQUÍ FORON FUNDADAS AS LETRAS GALEGAS CONTEMPORÁNEAS

A lingua do crego Manoel Marques (21.02.2009)

Sempre se soubo que na lingua das Canarias vive un enorme continxente léxico de procedencia galega ou portuguesa. A medida que os estudos dialectolóxicos avanzaban, os especialistas ían desbotando a hipótese galega e asegurando a orixe portuguesa de tales voces. Eu insistín neste *Fondo dos Espellos* (12.07.2008, 19.07.2008 e 02.08.2008) na necesidade de considerar especificamente galegas moitas das verbas da que poderíamos chamar «lingua das andoriñas». Realmente, disterar entre léxico galego e léxico portugués neste caso non é cousa doada.

Así as cousas, Pedro Hilario Pérez Hernández e Sara Feijóo Soto, meus amigos, actuaron como colaboradores desinteresados, xunto co irmán do primeiro, o Arquiteiro diocesano de Tenerife, e fixéronme chegar as fotocopias duns documentos canarios do século XVI ben sorprendentes.

Son eles actas de batismo procedentes da igrexa de Nuestra Señora de la Luz e Santo Antonio, da illa de La Palma. O párroco que as labra e asina chámase Manoel Marques e as datas correspóndense aos anos 1595 e 1596. Aínda que eu son un pésimo paleógrafo, atrévome a transcribir os textos con algunha segmentación, o

desenvolvemento de abreviaturas e a sistematización de maiúsculas. Veleiqué estas amósegas de contaminación lingüística.

184

I

Em nos cinco dias do mes de março da era de 1595 baptizei eu Manuel Marques cura de la Yglesia de N.S. de la Luz y S. Antonio a Beatriz hija de Bernaldo Alvarez y de su muger Francisca Gonzalez padrinos furao Balthezar Hernandes y madrina Luzia Fernandes y por verdad lo firmo en era ut supra. MANOEL MARQUES.

II

En 20 de Janero de 96 anos baptize a Hernando hijo de Blas Hernandes y de su muger Maria Alvares fueram padrinos Thomé Hernandes y Catherina Roíz. MANOEL MARQUES.

III

(...) dias do mes de junio da era de 1595 baptizei a Maria hija de Bartholome Peres y de su muger Francisca Marim fueram padrinos Miguel Sanches y madrina Maria Peres y por verdad lo firmo de mi nombre. MANOEL MARQUES.

IV

Em nos vinte e seis dias do mes de novembro da era de mil e quinhentos e noventa e cinco bati-zei eu Manoel Marques sacerdote de misa a Melchor f(ilh)o de Francisco Roíz e Beatriz Hernandes fueram padrinhos Leonel Mendes e Catherina Mendes e por verdade o firmo era ut supra. MANOEL MARQUES.

V

Em nos dezanove do mesmo mes e ano batizei a Ysabel f(ilh)a de Luis Roíz e de sua molher Maria Mendes fueram padrinhos Francisco Roíz e Catherina Dias e por verdade o firmo dia era ut supra. MANOEL MARQUES.

VI

Em 20 de Janero de 96 anos batize a Hernando hijo de Blas Hernandez e de su muger Maria Alvarez e fueram padrinos Thomas Fernandez y Catherina Roíz. MANOEL MARQUES.

Vemos, pois, que na década final do século XVI, o Padre Manoel Marques, cura párroco de Nuestra Señora de la Luz, na illa de La Palma, escribía nunha lingua mesturada de portugués e castelán as actas de batismo que o Concilio de Trento prescribira. Estes documentos evidencian a existencia dunha freguesía, e dun seu rector, de lingua portuguesa arraizada en La Palma. O que nos levaría a supor que comunidades lusófonas coma esta vivisen tamén noutros lugares desta illa e doutras do mesmo arquipiélagos.

Con todo, tal colonización portuguesa das Canarias non explica a totalidade do léxico do tipo do que estamos a tratar. Vexo no vocabulario de Marcial Morera, que explorei a fondo, palabras que existen en galego e que dificilmente poderían atoparse no

portugués. Estes galeguismos non sospeitosos puideron entrar no canario por dúas vías. Unha, debido á colonización primitiva das illas por xentes de Andalucía Occidental, onde o léxico de orixe galego ten xa chamado a atención dalgúns lexicógrafos.

Outra vía de penetración de vocabulario distintamente galego sería a dos mariñeiros e amos de barco das nosas rías que en tempos recentes tiveron asentamento en Las Palmas e alí conviven con mariñeiros canarios do banco sahariano.

Para min, con todo, os problemas filolóxicos e interrogantes históricos que suscita a presenza dun grande número de palabras portuguesas e galegas na fala dos canarios (o meirande continxen léxico nela despois do de orixe castelá) áchanse moi lonxe de estaren suficientemente clarexados.

Tristán e Iseu en Galicia (28.02.2009)

De todas as estorias de amor que corren o mundo ningunha tan intensa, amargue e conmovente coma a de Tristán e Iseu. Procede ela do *Fondo* anónimo *dos Espellos* celtas de Bretaña e, en resumo, trata do seguinte:

Tristán é sobriño (ou fillo) do rei Marc'h de Cornoalla. Por encomenda deste vai a Irlanda en barco para traer custodiada Iseu a *Loira*, coa que o rei vai casar. Durante a viaxe Tristán e Iseu beben, por erro, un filtro máxico e caen na morados perdidamente. Marc'h casa con Iseu pro, informado dos amores con Tristán, manda este degredado da súa esposa á Pequena Bretaña. Alí, Tristán casa cunha doncela tamén chamada Iseu, e apelada a *das brancas mans*. Casa con ela porque levaba o mesmo nome da súa amada.

Ferido gravemente por unha arma envelenada, Tristán envía o seu cuñado Kaerden a Cornoalla para que lle traia Iseu a *Loira* para vela antes de morrer. Conviñeron en que, se podía trager Iseu desde Cornoalla, a súa nave despregaría unha vela branca; se non o lograba, a vela sería negra. Sabedora do caso, Iseu a *das brancas mans* viu onda a costa a vela branca que indicaba a presenza de Iseu a *Loira*. «Vexo unha vela preta»-mentiulle a Tristán a súa muller, dominada polo ciumes. E Tristán morreu de pena. Ao chegar pé do corpo do ben amado, Iseu a *Loira* déitase ao seu carón e tamén se deixa morrer.

O conto de Tristán e Iseu estendeuse na Europa da Idade Media, a partir das orixes célticas, pola literatura latina, polas romances, pola alemá e por outras. Coñecemos fragmentos dos relatos franceses do século XII, coma os do Bérout e Thomas, que tratan do tema de Tristán e Iseu. Ao meu xuízo, é un poemiña da enigmática Marie de France titulado *Lai de Chevrefoil* o que, coa súa equilibrada proporción épico-lírica constitúe, a obra máis fermosa da materia de Tristán.

A materia de Tristán é ben coñecida na literatura galega da Idade Media. Alfonso X (1221-1284), nunha cántiga profana, declara ser el un namorado tan infeliz como foran Paris (o de Helena de Troia) e Tristán:

186

... que nunca eu ssen cuydado
eu viverey, ca já Paris
d' amor non foy tam coitado
nen Tristam

O neto de Afonso, Denis (1261-1325), tamén compara o seu mal de amores co de Tristán noutra cántiga de amor:

... e mui namorado
Tristam sei bem que non amou Iseu
Quant' eu vos amos: esto certo sei eu

Naquel mesmo século XIII de Afonso e Denis, o alemán Gottfried von Strassburg compuxo un poderoso relato en verso sobre Tristán e Iseu que fascinou moito máis tarde R. Wagner, o cal quixo emulalo en forma de ópera.

A triste estoria divúlgase máis e máis a partir do romance anónimo francés coñecido como *Tristan en prose* (1225 a 1235). Menos dun século despois, esta obra será verquida ao galego ou portugués como *Livro de Tristan*, do que coñecemos dous fragmentos editados por J.L. Pensado Tomé.

Finalmente, no outono da Idade Media e na primavera da Moderna, o nome de Tristán faise popular e moitos pais impoñenllo os seus fillos. Agora lémbrome daquel Tristán de Montenegro, enterrado en San Domingos, que morreu por arma de fogo na tomada de Pontevedra aos Irmandiños.

Isto que escribín é un resumo mínimo do que soe decerse a propósito da repercusión en Galicia da materia de Tristán. Non hai moitos anos, as interpretacións feitas por Serafín Moralejo dun releve románico do antigo portal N. da Catedral de Santiago fíxonos concibir esperanzas sobre a posíbel aparición doutros testemuños temperaos da lenda de Tristán entre nós. Estas esperanzas víronse cumpridas. Un recentísimo artigo do celtista bretón Herve Bihan (*A Trabe de Ouro*, núm. 76) contén unha descuberta sensacional. No *Codex Calixtinus* encóntrase até cinco mencións de Tristán nas que ninguén reparara. E aínda máis: estas citas de Tristán feitas no *Calixtinus*, ou *Liber Sacti* (ou *Beati Jacobi*), son das primeiriñas que se coñecen en Europa, incluíndo en Europa a Grande e a Pequena Bretaña. De novo, a corrente misteriosa que conecta os *fisterras* atlánticos está a facerse notar. Na próxima entrega do *Fondo dos Espellos* comentaranse estas iniciais manifestacións da figura de Tristán, tan dolorosa.

Tristán en Compostela (07.03.2009)

A estoria trágica dos amores e morte de Tristán e Iseu percorreu a Europa medieval e foi ben coñecida en Galicia como xa vemos no *Fondo dos Espellos*. A aparición documental dun Tristán histórico no que estivese a orixe do Tristán literario encóntrase nunha lápida do século VI achada pé do río Fowey, en Cornoalla. Nela lese: DRUSTA (N)US HIC JACIT CUNOMORI FILIUS («AQUI XAZ DRUSTANUS FILLO DE CUNOMORUS»). O nome do morto procede, como explica Herve Bihan, dun antigo celta *Drustagnus que dá lugar ás variantes de Tristán, que son Drustan, Dristen, Drestan e outras. O primeiro Tristán coñecido sería chefe dun reino, o de Domnomea, que comprendía partes da Bretaña armoricana e da insular. Este Tristán do Fowey era contemporáneo do bispo Mailoc, de Britonia, asentado en Galicia e que viviu en tempos do noso rei Teodomiro.

187

Do pai defunto, Cunomorus, digamos que no seu nome se percebe a raíz celta *cun-* «altura outeiro», coa que terían relación as voces galegas *cuíña*, *cuña*. Tamén vemos o céltico *mar* que transmite a idea de «grandeza, grande tamaño». Pasou logo a confundirse este *mar* con *marc* «cabalo».

O caso é que, nun intre determinado da evolución do conto, o tal rei Cunomorus, pai de Tristán, adoptou a fasquía dun antigo deus ou personaxe mítico indíxena con orellas ou cabeza de cabalo. A raíz indoeuropea *marko-* (Julius Pokorny) orixinou derivados nas linguas célticas (irlandés, *marc*, galés *march*, galo *markán*) todas co significado de «cabalo»). O nome romano de Marcus podería influír nesta confusión. De maneira que, xa dentro do mito, Tristán é fillo do Rei Cabalo ou sexa March ou March'h ou Marc.

Uns seiscentos anos máis tarde da inscrición del Fowey, en Compostela tallouse unha columna do desaparecido portal N. da catedral cun motivo que é o seguinte: un cabaleiro armado vai esmorecido nun barco e leva canda el un cabalo. Serafín Moralejo tivo a intuición de que aquel ornamento era unha cita da lenda de Tristán aínda que na súa argumentación non chegou a relacionar o cabalo co rei Marc'h. Bon coñecedor do *Codex Calixtinus*, que o seu pai, don Abelardo, estudara e traducira, Serafín Moralejo advirte moi pertinentemente da presenza no *Liber* de peregrinos bretóns que, coas súas músicas de harpa, viñan a Compostela. O noso historiador da arte datou as tallas da antiga porta N. ou da Acibecharía, hoxe no Museo Catedralicio, no ano 1100. Isto converte o cabaleiro deitado na barca de pedra de Compostela na primeira representación plástica que de Tristán haxa.

O *Liber Sancti* (ou *Beati Jacobi*), coñecido coma *Codex Calixtinus*, é unha colección de moi diversos materiais fabulosos e literarios compilados sobre o final do século XII como artefacto de propaganda das peregrinacións á cova apostólica de Compostela. E falsamente atribuído ao papa Calixto II e o citado Abelardo Moralejo pensa

que a autoría da obra é a de Aymeric Picaud, eclesiástico francés. No *Calixtino*, como dixemos, aparecen moi referenciados os visitantes bretóns e eles son moi ben considerados polo autor do texto, ao revés, por exemplo, que os vascos e os navarros aos que Aymeric despreza abondo.

Nun recente estudo (*A Trabe de Ouro*, núm. 76) Herve Bihan detectou no *Calixtino* a presenza dun *Arastagnus Rex Britannorum* ou «Arastagnus Rei dos Bretóns» que aparece citado en cinco ocasións. Para o celtista Bihan, Arastagnus constiúe falsa lectura de Drostagnus, unha das variantes coñecidas do nome de Tristán. Polo tanto, cando no *Calixtino* pon Arastagnus está a falar en Tristán.

Este achádego de Herve Bihan converte a mención tristianiana do *Codex Calixtinus* nunha das máis temperás das coñecidas en Europa, incluíndo as Illas Británicas e a Bretaña armoricana. Se lembramos que a escultura do antigo portal da Acibecharía é a primeira representación plástica de Tristán de que teñamos noticias, chegamos á conclusión de que este relato, certamente ben náutico e mariñeiro, volva falarnos, como nos fala o *Lebor Gabhala* irlandés, das navegacións ancestrais entre os *fisterras* atlánticos. A novela cabaleiresca de Ponthus, rei de Galicia, a moverse nas súas naves da Coruña ás Bretañas e a Irlanda, voltará sobre o tema fisterrán a finais da Idade Media francesa.

Esta tempada na que a Coruña anda a render homenaxe á Torre de Breogán, ou De Brigantia, que a oficialidade soe decer De Hércules, nós pensamos que a memoria e o mito das vellas navegacións atlánticas entre os *fisterras* debería ser pensada de novo. E estao sendo, abofé.

Dedicatoria: a Javier Ocaña Eiroa, que amabelmente chamou a miña atención sobre as teses hermenéuticas de Serafín Moralejo e me forneceu literatura e boas fotografías dos vestixios do antigo portal N. da catedral compostelá, no cal figuran con certeza Tristán e mais o seu pai en figura de cabalo.

Encontro con Charles Darwin (14.03.2009)

Anda o mundo da cultura a come morar a publicación de *A orixe das especies...*, de Darwin, hai século e medio (1859). Vinte e catro anos despois do acontecemento, en 1883, Karl Marx recibía sepultura no cemiterio londinense de Highgate. Nun discurso memorábel, Friedrich Engels pronunciou estas palabras: «Do mesmo xeito que Darwin descubriu a lei de desenvolvemento da Natureza orgánica, así Marx descubriu a lei do desenvolvemento da Historia humana». E así foi como dous dos grandes forxadores da mentalidade na que respiramos (Marx e Darwin) apareceron por primeira vez unidos, nas palabras de Engels. Sen dúbida, os nomes de Copérnico, antes, e de Freud, despois, e mesmo doutros coma Newton ou Saussure, ou Einstein, poderían presentarse coma complementarios na tarefa comunal de establecer os alicerces

da nosa civilización (só hai unha). Na medida en que os humanos se alonxan destas luminarias caen nas tebras do mito, da barbarie e da alienación.

Os pensamentos de Marx e Darwin, e os doutros, teñen como característica común a seguinte: antes de seren formulados, eran inconcebíbeis; despois de seren expostos polos seus autores, ninguén pode substraerse á súa influencia. Todos estamos hoxe afectados por Darwin e por Marx, incluso aqueles que nunca os leron e esoutros que se consideran contrarios ás súas teorías.

Kant, mente prodixiosa, escribiu na *Crítica do Xuízo* (1790):

... é absolutamente certo que non podemos coñecer por principios puramente mecánicos da Natureza os seres orgánicos e as súas virtualidades interiores... É absurdo que os seres humanos crean que algún novo Newton veña un día explicar a formación dunha simple herba mediante leis naturais que non sexan presididas por designio ningún...

Pois ben, 69 anos máis tarde de seren escritas estas verbas por Kant, e coa publicación de *A orixe das especies...*, ese novo Newton apareceu e instalouse na Historia co nome de Charles Darwin.

Eu non lles son afeccionado ao memorialismo e cústame traballo falar de min mesmo. Así e todo direi que foron Darwin e Marx as influencias básicas que recibín en anos de formación para me asegurar unha visión do mundo. Anímame a confesar isto a *Autobiografía...* do propio Darwin. E vexo que ambas figuras permanecen nos estratos máis profundos da miña conciencia. Nunca sucumbín ás tendencias denerativas que conducen, unha e outra vez, á visión darwinista da sociedade humana e á paralela interpretación socioloxista do comportamento das especies animais.

O meu contacto primeiro coa obra de Darwin produciuse no ano 1954. Aínda que pareza mentira, *A orixe das especies* en tradución castelán era unha publicación autorizada pola censura franquista de libros. Eu vin a obra no escaparate da librería de Martínez Gendra (director, Seoane) da Rúa da Oliva de Pontevedra, en dous volumes que costaban vinte pesetas e que non se vendían por separado. De contado, e cando reunín o diñeiro preciso, merquei os libros. Hoxe perdínnos pro téñoos gravados na memoria. Estaban publicados polas Ediciones Ibéricas (Madrid/Valladolid) que coido que dirixía Juan S. Bergua e era unha casa que gozaba de certa aureola anarquista. En canto á tradución, non sei se non sería a mesma de Antonio Zulueta y Escolano que circulara a partir de 1921 na Colección Universal de Editorial Calpe. Nas Ediciones Ibéricas, a prezo popular, estaban editadas as grandes obras da literatura universal, inclusivemente o único *Corán* que durante unha chea de anos poidemos ler en castelán. Algúns destes libros, ao revés da obra de Darwin, aínda están na miña biblioteca en forma de restos de naufraxio ou crebas vindas das procelas implacábeis do pasado.

Cando merquei *A Orixe das especies* en 1954 entrei a bucío na súa lectura, e fiquei unha miga desiluído porque alí, salvo nun parágrafo famoso que aparece ao final

da obra, nin se trataba do tema candente das orixes da especie humana nin había amósegas do Darwin agnóstico ou ateo que coñecemos por outros seus escritos, durante longos anos censurados.

- 190 Por aquel tempo, a evolución (ou *transformismo*) era tratada con paixón no mundo académico no que eu me movía. O nacionalcatolicismo, a través do profesorado de relixión obrigatoria en todos os niveis do ensino, combatía ardentemente as ideas de Darwin. Daquela non tiñamos noticia do evolucionismo cristianizado e místico de Teilhard de Chardin, porque o sabio xesuíta fora reducido ao silencio polo Santo Oficio de Pío XII e só sabían del os paleontólogos que seguiran as súas investigacións, mormente na China. Si, algúns amigos maiores ca min que foran estudar á pontificia de Comillas falaban de que aló funcionaba un darwinismo católico de forma clandestina.

O caso é que, antes de ler Darwin en directo, xa eu fora informado da súa teoría, de xeito mesmo actualizado, polo importante naturalista aragonés-catalán Odón de Buen (1863-1945), que foi o meu verdadeiro iniciador no evolucionismo. A *Historia Natural* de Odón de Buen, cuxos exemplares desapareceron da miña biblioteca, explica a Natureza, de forma brillante, a través da evolución, incluíndo nocións de xenética e as relacións entre ontoxenia e filoxenia. Tamén inclúe un romántico e literario relato dobre a fealdade con que a Natureza degrada os parásitas (carrachos) e a beleza con que adorna os animais que loitan pola existencia (tigres). Por cima, Odón de Buen sempre citaba a carón do nome científico das especies, o seu nome vulgar catalán, se é que o había. Moitos anos máis tarde, eu comprobaría que esta práctica era, con respecto ao galego, a de Luís Iglesias, o zoólogo vigués do Seminario de Estudos Galegos. Tamén facía iso Víctor López Seoane; pro diso xa falaremos.

Deixemos, pois, esta memoria darwiniana en Luís Iglesias e digamos que na próxima semana imos prescindir da sempre molesta enunciación autobiográfica e pasaremos a ocuparnos da presenza de Darwin na Historia da Galicia contemporánea.

Darwin en Galicia (21.03.2009)

Está o mundo todo a celebrar os cento e cincuenta anos da publicación (1859) da *A orixe das especies mediante a selección natural...* de Charles Darwin (1809-1882). Por lecturas varias e conversas con bos coñecedores da historia da ciencia en Galicia, fun facéndome unha noción de como se introduciron entre nós as ideas darwinistas. Persoas tan diversas como Alfredo Iglesias (antropólogo), Otero Pedrayo (sabio en materia de historia da Medicina e da Universidade) ou Carlos Velo (doutor en Ciencias Naturais), axudáronme a comprender as vicisitudes da impregnación darwinista de Galicia; impregnación que se iniciaría nos anos de liberdade que sucederon a 1868. A polémica entre os darwinistas e os católicos foi feroz e até min mesmo chegaron ecos cavernícolas nas clases universitarias de relixión impartidas nos anos

cincuenta do século XX en Compostela polos cóengos Villasante e Pascua. Teño a impresión de que o episodio máis divulgado da polémica foi o que tivo como protagonista o doutor González Linares en 1875, cando se abre o período feo e represivo da Historia de España que chamamos da Restauración.

191

O santanderino Augusto González Linares (1845-1904) foi catedrático de Ampliación de Historia Natural da Universidade Compostelá. Era un mestre novo e brillante, de quen mesmamente se namoraría (di Barreiro Fernández) a moi locuaz e antidarwinista Emilia Pardo Bazán. Coa forza dos seus trinta anos, González Linares expuso claramente as teorías de Darwin, condenadas pola Igrexa Católica, na Academia Escolar de Medicina. O ministro Orovio, un neo moito perigoso, naquel ano 1875 deflagrou a chamada «cuestión universitaria» ao dictar unha orde circular aos profesores universitarios na que se prohibía o ensino de doutrinas contrarias á Fe. A circular Orovio surtiu o efecto de que González Linares fose separado da docencia e que outros catedráticos, entre os cales Francisco Giner de los Ríos (1839- 1915), deixasen as aulas obrigados ou voluntariamente. Mesmo teño lido que González Linares foi preso no Castelo de Santo Antón da Coruña.

A raíz disto, os disidentes, incluído González Linares, reuníronse para formar a Institución Libre de Enseñanza (Citaremos ILE) e para tecer unha urdime de araña moi sutil de resistencia á reacción. Querían rexenerar España mediante a ciencia, o coñecemento de idiomas, a tolerancia, a hixiene, o sport e, sobre todo, a racionalidade e a pedagogía. Os fíos da ILE foron movidos con máxima discreción por Giner até a súa morte, que é cando Manuel Bartolomé Cossío (1857- 1935) o substitúe na tarefa.

A ILE, desde o intre da súa constitución, tivo tan en conta o evolucionismo que nomeou membros honorarios Darwin e Heinrich Haeckel (1834-1919), o discípulo que fixo avanzar o darwinismo poñendo en relación a ontoxenia e a filoxenia, creando a noción de ecoloxía, e doutros modos. En Galicia, a ILE arraizou ben e tivo un bon alicerce no vello Pascual Lopez Cortón (1817-1878), o burgués librepensador que fixera posíbel, con Juana de Vega, o *Album de la Caridad*, e o primeiro Rexurdimento. A arañeira da ILE vaise tendendo en Galicia co casamento dunha filla de López Cortón con Cossío, o que incluía a posesión de Vixoi (Bergondo) como lugar de veraneo, conversa e reflexión que mesmamente Giner aproveitou moito. Na seguinte xeración, e a través de Xohan Vicente Viqueira López-Cortón (1886-1924), a arañeira da ILE multiplica os seus fíos e liga coa esquerda republicana e coruñesa das Irmandades da Fala e do nacionalismo pleno. E, se aproximamos a lente de entomólogo, veremos que os fillos de Viqueira foron dar cos seus ósos no exilio de México onde participan na empresa de *Vieiros* e se reencontran co citado Carlos Velo, catedrático de Ciencias Naturais, naturalmente evolucionista e antigo hóspede da Residencia de Estudiantes de Madrid, da ILE. Digamos: do darwinismo á primitiva UPG.

De todos os fíos da arañeira reteñamos estes: a penetración do darwinismo en Galicia está relacionada coa ILE en cuxa constitución estivo o prenatalismo e en cuxa actividade o nacionalismo pleno se fixo notar.

- 192 Pre-nacionalista ou protonacionalismo era, e da liña non de Brañas senón de Curros, Xosé Rodríguez Carracido (1856-1928), discípulo de González Linares e catedrático moi influente que introduciu conceptos evolucionistas nos estudos de química orgánica. Foi famosa a súa polémica, sobre a cuestión darwinista, co arcebispo de Sevilla, cardeal Zeferino González. Contrariamente a Carracido, Emilia Pardo Bazán, modelo de intelectual afecta á Restauración e ao seu espírito de conformidade universal, publica en 1877, cando aínda estaban abertas as feridas da «cuestión universitaria», unhas «Reflexiones científicas contra el darwinismo» na revista *La ciencia cristiana*, de Madrid.

Foi Víctor López Seoane o máis importante naturalista (zoólogo, principalmente) do século XIX galego. Pertencía a esa xeración inmortal que se organizou en roda de Murguía e que tivo a redención de Galicia como esperanza última. Nado en 1834, López Seoane é da mesma idade, anos arriba ou abaixo, que Rosalía, Pondal e o propio Murguía, co que colaborou na súa *Historia* cunha excelente «Reseña de Historia Natural de Galicia». Tamén López Seoane formaba parte da xeración dos primeiros naturalistas europeos que, coma o mentado E.H. Haeckel, fixeron o seu traballo no ronsel ou á sombra de Darwin. Dado que López Seoane escribía e lía ben o inglés, poderíamos supor que el fose un receptor temperán d'*A orixe das especies*. Non temos noticias de que se personase no debate orixinado pola destitución de González Linares, pro non podemos deixar de ter presente que López Seoane non era catedrático da Universidade senón de Instituto. Sabemos que este naturalista mantiña correspondencia políglota con científicos de todo o mundo. Teño lido aquí e acolá que entre as persoas que se carteaban con López Seoane estaba Darwin. Ignoro por completo o asunto destas cartas e non sei se as do mestre se encontran no arquivo de López Seoane e se, as deste, son custodiadas en Inglaterra entre os papeis de Darwin.

Desde logo, a mellor homenaxe que se lle podería render a Charles Darwin en Galicia estes días sería a publicación de tal correspondencia. Como Víctor López Seoane acaba de xurdir de xeito moi espontáneo do *Fondo dos Espellos*, teremos que tratar del monograficamente en sucesivas entregas desta sección.

Víctor López Seoane
(28.03.2009)

Cando tratábamos da conmemoración da *Orixe das especies por selección natural* de Charles Darwin cruzousenos, no máis *Fondo dos Espellos*, o rostro mostachudo, á moda de Flaubert e dos dragóns bonapartistas, do doutor don Víctor López-Seoane e Pardo-Montenegro. Sobre as relacións entre o naturalista galego López Seoane e outros colegas e mestres do seu tempo, singularmente con Darwin, tense ocupado en diversos traballos o historiador galego da ciencia A. Fraga Vázquez, a quen deben consultar os interesados. 193

«Une douce amitié en est la cause» («unha doce amizade é a causa disto» –soía escribir Manuel Murguía ao se referir aos lazos afectivos que unían os participantes do Rexurdimento e que eran causa de moitos dos seus actos colectivos. Trátase dunha cita do poeta Brizeux, autor de *Les Bretons*, poema que daquela a todos engaiolaba. Quixo Murguía que o vello e querido amigo Víctor López Seoane participase na tarefa fundacional da súa *Historia de Galicia*, e o naturalista respondeu positivamente mencionando, coma unha clave idiolectal de grupo, «nuestra dulce y vieja amistad». A consecuencia desa doce amizade nacionalista, López Seoane redacta a «Reseña de la Historia Natural de Galicia» (Soto Freire, Lugo, 1866) e mándalla a Murguía para acompañar a súa *Historia*. O que nos fai acordantes de que, no «catálogo das naus», Homero sustenta a base numérica e material do universo panhelénico en algo semellante ao catálogo das especies e elementos xeolóxicos de Galicia que elabora López Seoane como base do hábitat no que se formou o pobo galego.

Coma lonxano modelo, López Seoane recoñece a obra naturalística dun Sarmiento, sempre, aínda que dispersa e labiríntica como é toda a súa produción textual, centrada no que el chama «el Reino» ou sexa Galicia. Sabio galego máis próximo era o botánico Miguel Colmeiro Penido (1811-1901), natural de Compostela pro residente fóra de Galicia e, en xeral, cunha idea da Península Hispano-lusitana (así escribía Colmeiro) coma territorio obxecto das súas investigacións. Para López Seoane era Galicia o centro da súa atención científica coincidindo remotamente coa noción de *ecoloxía* que o seu riguroso contemporáneo E.H. Haeckel estaba elaborando naquel tempo.

Nas súas obras maiores, López Seoane centra o seu traballo en Galicia: *Fauna mas-tológica de Galicia*, *Reseña de la Historia Natural de Galicia*, *Reptiles y anfibios de Galicia*, *Investigaciones herpetológicas de Galicia*, *Notas para la fauna gallega*. Nas obras de investigación, publicadas en revistas estranxeiras e en varios idiomas, López Seoane trata de lle explicar aos lectores especializados, de formas diversas, onde se atopa Galicia. Así, en francés: *Arachnidés d'Espagne (Galice)*; ou en inglés: *On two forms of Rana from NW Spain*.

Por parte, para Víctor López Seoane o galego existe e é a lingua propia do País. En consecuencia, sempre se mencionan, cando os hai, os nomes vulgares das especies en galego atendendo moitas veces ás variantes locais que el ou os seus axentes recolleron en todas as bisbarras. Na *Fauna mastolóxica...* inclúese un índice de nomes galegos vulgares e científicos de cada especie de mamíferos, que comeza por *home/muller* e o *meníño/meniña, neno/nena* das crias, pois para o noso sabio o ser humano é unha especie de mamífero máis. Resulta así a obra de López Seoane unha magnífica fonte de coñecemento do léxico galego referido aos animais e plantas. Inclusive, ao mencionar como galego vivo *urso* en lugar de oso, entra en contradicións cos actuais lexicógrafos e dialectólogos.

O valor informativo extra-naturalista da obra de López Seoane esténdese aos usos e costumes humanos relacionados coa fauna e cobra importancia etnográfica e antropolóxica. Por exemplo, comenta os métodos de caza do *urso* nas montañas do Caurel, de onde xa no seu tempo estes animais se retiraran. Para López Seoane sería unha grande satisfacción saber que os *ursos* volven ser vistos hoxe nas montañas que separan, ou unen, as terras administrativamente galegas e leonesas.

López Seoane era un terratenente poderoso, segundo din, e tiña posesións por toda Galicia. Foi médico de formación básica, igual que moitos sabios naturalistas que aparecen nos romances de Jules Verne. Exerceu a docencia no Instituto da Coruña na época na que estes centros, impulsados pola Lei Moyano, se converteron nos templos provinciais da ciencia separada da igrexa católica segundo o modelo xacobino e napoleónico. Mantivo correspondencia con moitos ilustres colegas do seu tempo, incluído Charles Darwin. Pertenceu ás sociedades e academias máis relevantes de Europa. Traballos seus viron a luz en diversas revistas de museos e centros científicos de todo o mundo. Acumulou diversas licenciaturas universitarias, incluso a de Dereito, o que se cadra lle daba lexitimidade para vestir a muceta negra de Reitor honorario, segundo explica Otero Pedrayo. Con todo, nunca ocupou unha cadeira universitaria.

Víctor López-Seoane e Pardo-Montenegro (1834-1900) constitúe unha peza importante do campo cultural e político do Rexurdimento. Nunca entendín ben por que Murguía se esqueceu de falar del en *Los Precursores*. Ou, ao mellor, non. Á fronte desta obra de Murguía figura unha cita en francés de Th. Barrière: «Je ne fais rien. Je fais les autres» («Eu non fago nada. Eu fago os outros»). O doutor López Seoane, o único que facía era tratar dos outros e facelos evidentes. Eses *outros* eran os seres vivos que comparten cos galegos a Casa, a Patria.

Precisións darwinianas (04.04.2009)

Nas semanas pasadas estivemos a tratar de Darwin, da súa presenza en Galicia e do naturalista galego López Seoane. Moveunos a facelo o feito de celebrarmos os cento e cincuenta anos da publicación da obra cumial de Darwin *A orixe das especies mediante a selección natural*. Incurremos nalgúns erros e non fomos, nalgún intre, suficientemente precisos, polo cal imos facer agora algunhas precisións.

A CORRESPONDENCIA LÓPEZ SEOANE/DARWIN

Xosé A. Fraga Vázquez, como nos indica Ana Acuña, publicou e comentou unha carta en francés dirixida por López Seoane a Darwin (19-XIII-1881) e maila velocísima resposta de Darwin a López Seoane, naturalmente en inglés (27-XII-1881). O traballo de Fraga («Novos datos sobre os contactos entre Darwin e López Seoane...») viu a luz na revista do *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, núm. 23, 1987. Na súa carta, o naturalista galego faille ao Mestre unha consulta científica que non é do caso tratar agora e, na resposta, Darwin encarréirao cunha recomendación bibliográfica sobre embrioloxía. Resulta moi interesante comprobar que López Seoane (denuncia de paso o «fanatismo») se presenta como «trasformista» convencido.

Ningunha referencia nestas cartas nos suxire que existisen outras anteriores. Dado que Darwin morreu ao ano seguinte, non fica moita marxe para supor correspondencia posterior. Polo tanto, o estado actual da cuestión é este: as relacións epistolares entre López Seoane e Darwin limítanse a unha carta do galego e outra do inglés.

GONZÁLEZ LINARES E PARDO BAZÁN

Atribuíamos nós a X.R. Barreiro Fernández a suposición de que Emilia Pardo Bazán andivese namorada do xove e brillante catedrático darwinista da Universidade Compostelá González Linares. En realidade, onde lin este dado biográfico, non demasiado relevante, é no prólogo de Darío Villanueva e José Manuel González Herrán ás *Obras Completas* de Emilia Pardo Bazán (Biblioteca Castro, Madrid, 1999). O curioso é que Emilia participou con moito brío, como católica a «machamartillo», na polémica do seu tempo atacando a teoría darwinista.

CAZA MAIOR

Víctor López Seoane dá como voz galega *urso* e non *oso*. Apoiándonos na súa autoridade imos escribir sempre *urso* neste mínimo escolio.

Até un intre indeciso da Idade Contemporánea, as montañas dos límites orientais de Galicia estiveron poboadas por ursos. Tamén hai noticias destes na raia do Sul, nos

picoutos da Serra do Xurés. Tanto no Caurel, poño por caso, como no concello de Lobios hai memoria popular do urso. As muradellas que circundan os agrupamentos de colmeas chámanse no Caurel *albarizas* e en Lobios *cortellos do oso*. En ambos lugares dise que tales muros circulares foron construídos para protexer os trovos do asalto dos ursos, cobizosos do mel. A min non me semella certo xa que calquera urso pode avanzar aqueles obstáculos. Logo, os ursos foron exterminados en Galicia administrativa.

López Seoane conta como os caurelaos cazaban o urso. Di que rodeaban un brazo cunha coroa de xunco, a modo de escudo, para recibir as poutas do urso acurrado e posto de pé. Era entón cando lle cravaban ao animal no corazón unha pica de ferro. O caso é que Uxío Novoneyra tenme contado que no faiado da súa casa nativa había vellas picas que na tradición familiar eran tidas como armas para matar ursos e lobos.

Antonio Fernández Morales é o autor de *Ensayos poéticos en dialecto barciano*, que non é outro ca o galego oriental. Esta obra foi composta a partir do ano 1847, probablemente, e publicada en León en 1861, o que fai dela unha das primeiras amósegas da nosa literatura no século XIX. Fernández Morales é un excelente poeta que nunca foi moi ben admitido pola crítica e a historia literaria de Galicia. Na actualidade estase a volver os ollos a el con aprezo e fálase de lle dedicar o Día das Letras Galegas. Ogallá!

Un dos seus poemas titúlase «Caza maior». Nel descríbese con vigor e frondosidade verbal a caza, seguramente nos Ancares, do porco bravo, que el chama *xabariño* e mais do urso, que el nomea como oso. Teño lido nalgunha parte que as mellores páxinas escritas sobre a caza do urso son unhas de *Peñas Arriba*, de J.M. de Pereda, naturalmente en castelán. Pro eu considero que o episodio de caza do urso mellor literaturizado na Península Ibérica é o que saca Antonio Fernández Morales en galego do Bierzo ou Berzo. Nunha ocasión memorábel, ouvimos como Anxo Angueira recitaba «Caza maior» cabo da cova do brigadeiro Fernández Morales no cemiterio de Cacabelos antes de que as gaitas de Marisa Cela e Heitor Silveiro atacasen os compases do Himno Galego.

Seica debido á protección que recibiron durante anos os ursos na Devesa de Moeiros (concello na Asturias Occidental, de Ibias) eles multiplicáronse e decidiron volver ocupar os territorios perdidos. Hoxe regresan os ursos o Caurel e os Ancares. Esta sería unha boa noticia para López Seoane. Só é preciso que o urso sexa reintroducido na Serra do Xurés para que de novo esta bela e tímida fera se converta de novo no Gardián da Fronteira.

Do Ourense graxo (18.04.2009)

Escríbese e fálase esta tempada d'*A Esmorga* pois que se compren cincuenta anos da súa primeira edición. Antes de 1959 o autor da novela, Eduardo Blanco Amor, era coñecido coma poeta, e non dos aprezados polos lectores da miña xeración. *Romanceiro Galego* non mantiña o tipo a carón do coetáneo *Romanceiro Gitano* e *Poema en catro tempos* non resistía a proximidade de Pimentel ou Manuel Antonio. Tamén Blanco Amor, que nos anos cincuenta comezou a deixarse ver por Galicia, era autor dunha novelaza elefantiásica e ambiciosa en castelán, que non tivo repercusión ningunha en España e que se titulaba *La catedral y el niño*. Esta novela, porén, abría, no discurso de E.B.A., o vasto e rico ciclo de Auria, ou sexa Ourense. Convén advertir que, antes de 1959, Blanco Amor foi comentando, ás veces mesmo con dureza, as producións da Nova Narrativa Galega en Bos Aires (revista *Galicia*) e, eiquí, estabamos pendentes do seu dictame crítico.

197

A década de 1950 e 1960 foi esplendorosa para a ficción galega. Nela nacen a Nova Narrativa, Álvaro Cunqueiro, Anxel Fole, de xeito practicamente simultáneo. Otero Pedrayo ofrécenos daquela o mellor da súa obra de ficción: *Entre a vendima e a castañeira* e *O Señorito da Reboraina*. Cando entón eu escribía (digamos) un conto en galego sabía que todas estas persoas estaban tamén a escribir relatos e que ao tempo facían o mesmo Hemingway, Huxley, Cela, Sartre. A verdade: era moi emocionante. E ben, aquela foi a época na que Eduardo Blanco Amor decidiu incorporarse á narrativa galega e proferiu *A Esmorga*.

Fíxoo e entregoulle o orixinal a Galaxia, que o aceptou gozosa. Naquel tempo reuníamonos os sábados no local da editorial (Reconquista, 1-1º, Vigo) un conxunto de persoas galeguistas para falar do que nos interesaba en paz e sen sermos observadas como o eran outras na tertulia do Suevia (Del Riego, Maside), do Alameda (Paz Andrade), do Derby (Celso Emilio) ou mesmo no Patouro de Navia ou nas praias de Coruxo.

Cheguei un día cedo á sabatina de Galaxia e alí estaba só Xaime Illa Couto. Vino desgustado. Acababan de recibir en Galaxia o orixinal dunha (para min) descoñecida novela de Eduardo Blanco Amor, devolta pola censura de Madrid. Era *A Esmorga*. A censura franquista de libros tiña a súa sede na Calle Génova da capital de España, o que nos leva máis unha vez a sospeitar que existen rúas con vocación represiva e/ou reaccionaria. Nas primeiras páxinas, o lapis vermello do censor riscara algunhas verbas ou frases. Logo, foron parágrafos enteiros os borrados. Finalmente, o que se tracexaban eran aspas que cubrían toda a páxina. O resultado foi este: *A Esmorga* convertíase nun libro prohibido en España. Tamén lin unha carta a Galaxia na que Ben-Cho-Shey, sempre encargado da misión de facer os trámites coa censura, escribía algo así: «a novela é moi marrá, pro non hai dereito a facer o que fixeron». Illa

Couto, home de conviccións católicas pro de carácter moi aberto na liña de Jacques Maritain daquela, mermurou:

- 198 — É unha mágoa que a censura se asañase con esta novela. De publicarse ía constituír unha aportación á nosa narrativa tan importante coma as de Fole e Cunqueiro.

Convén contextualizar: nos anos cincuenta o canon de Galaxia consideraba os dous autores citados as figuras centrais da narrativa do tempo. Mesmo Ramón Piñeiro chegou a escribir que Otero Pedrayo era máis orador ca novelista ou ensaísta.

Aquel día eu tiven ocasión de lle botar unha ollada á *Esmorga* e quedei apresado nela para o resto dos meus anos. Pareceume que esta obra non se viña sumar á de Fole nin á de Cunqueiro. Para min viña facer excelente compañía, ou selvaxe compañía, á Nova Narrativa da que non son eu o máis indicado para falar e que Gonzalo R. Mourullo iniciara con *Nasce un árbore* na editorial Monterrey, tamén de Vigo, e en 1954.

Cóntanos Isaac Díaz Pardo que el levou de volta o orixinal d'*A Esmorga* a Bos Aires. Polo que teño entendido, un nacionalista emigrado naquela capital, Perfecto López, puxo os pesos necesarios para editar a novela fóra do alcance do franquismo en prensas arxentinas, tal como Cela fixera coa primeira edición de *La Colmena*. Luís Seoane, sempre disposto a todo en ben da cultura galega, deseñou unha nova editorial chamada Citania, que habería de ter curta vida. Baixo a dirección de Luís Seoane publicouse nela por fin *A Esmorga* no ano 1959.

A Esmorga chegou inmediatamente ao interior da España franquista e distribuíuse moi ben. Eu merquei o meu exemplar en Madrid, na librería de Rubiños (ou Rubinos?). Houbo a quen o relato lle irritou a pituitaria, por pedir empréstadas as verbas a Gregorio Marañón no prólogo a *La familia de Pascual Duarte* (vexo que hoxe cito moito Cela). Algún chamoulle á *Esmorga* «naturalista» e lembrou a expresión «mefítico olor» que a Pardo Bazán usara para se referir a certas páxinas de Zola (agora non digo Cela). Pro, en xeral, a aceptación d'*A Esmorga* foi boa e sentimos unha especie de proximidade e veciñanza a aquel relato debido á nosa procedencia ourensá. Viuse entón que existía un macrorrelato colectivo ou un tópico estrutural centrado na cidade de Ourense e con protagonistas marxinais (os chamados no século XX *graxos*) ou proletarios que nacera con Lamas Carvajal e seguira con Pérez Placer e Álvarez de Nóvoa, para acadar o seu cumio en Eduardo Blanco Amor. Por parte, entusiasmonos o monólogo narrativo en canto técnica maxistral, a lingua efervescente a farturenta, o ritmo cinematográfico e mais aquilo que antes chamabamos pintura de caracteres. Eu considerei e considero *A Esmorga* unha obra mestra na que loce maxicamente o efecto aristotélico das tres unidades. Despois d'*A Esmorga*, Blanco Amor continuou co tema de Auria n'*Os biosbardos*, *Xente ao lonxe*, *Los miedos*. Libros magníficos, sen dúbida, sobre todo *Os biosbardos*. Pro ningún deles posúe a cohesión, o furor e a sombra que fan d'*A Esmorga* unha gloriosa anomalía.

Cinco acoutacións á Esmorga con Don Ramón e outra xente ao lonxe. (25.04.2009)

Celebramos os cincuenta anos da publicación d'*A Esmorga* (1959), novela memorábel da autoría de Eduardo Blanco Amor. Contribuamos a este aniversario cuns mínimos escolios que nos foron solicitados por diversos lectores. 199

1. DE GRAXOS A PROLETARIOS

A partir dun texto de Valentín Lamas Carvajal, os varóns (non había Casques d'Or nin Moll Flanders nin Garduñas) marxinais da cidade de Ourense, os chamados *graxos da Burga* (os de Ourense dicimos «Burga» en singular), entran na literatura do XIX mediante contos de Heraclio Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa e así se converten en arquetipo literario. Os graxos durmían, nas terribéis noites invernaís, nunhas covas que antano había na Burga, ao cariño das augas quentes. Logo os graxos pasaban o ardoroso verao bañándose no río Miño.

Otero Pedrayo lembra unha anécdota que revela o humor dos graxos ourensaios; anécdota que toda a poboación liberal aplaudiu.

O temíbel xeneral Eguía, represor absolutista ao que o boticario Chao de Vigo lle chimpana media mao coa primeira carta/bomba da Historia, fixo leva forzosa de todos os graxos da Burga que poido apresar e incorporounos ao exército reaccionario.

- Ya he reclutado a todos los vagos de Orense –dixo o energúmeno.
- Vostede colleu os bagos pero en Ourense queda a canga –retrucoulle un graxo ao xeneral, que non sabía o significado que as palabras bago e canga teñen en galego.

Eduardo recolle a tradición oral e escrita sobre graxos e leva a todas as súas novelas, especialmente á *Esmorga*. El non utiliza a palabra *graxo*, non obstante, porque esta xa se deixara de usar no Ourense da súa infancia. Por outra banda, os protagonistas da novela que conmemoramos son uns viciosos, pro non marxinais nin lumpen. Son verdadeiros traballadores. As súas figuras son proletarias. A *Esmorga* é a primeira narración galega na que os protagonistas son traballadores urbanos en estado puro.

2. 1868

A *Esmorga* leva unha introdución na que fala a voz dun narrador en terceira persoa. Esta voz fínxe que o texto da novela é a reconstrución documentada dunha famosa esmorga ocorrida en Auria/Ourense uns noventa anos atrás. Se o ano no que Blanco Amor escribiu *A Esmorga* fose, como sospeitamos, 1958, ao aceptarmos o pacto de confianza en termos de ficción, teremos que situar os acontecementos contados no 1868. Isto é, no ano que a Revolución abriu paso ao período máis ceibe e fasci-

nante da Galicia e da España do século XIX. Trátase, ao noso xuízo, dunha mensaxe autorial cifrada que pretende instalar o lector escolleito nun intre moi determinado da Historia no que a sociedade (co proletariado presente como explica Marx para a Revolución Española) deu unha importante viraxe dentro da cal deben situarse os movementos das personaxes d'A *Esmorga* e xente de Auria. Personaxes da Revolución Galega, anque doa.

3. O TÍTULO DA NOVELA

Otero Pedrayo («Dende o Espolón de Ourense», Porto, 1959), escribe literalmente: *as esmorgas tabernarias dos graxos da Burga*. Non coído, con todo, que Don Ramón tivese noticia da novela de Blanco Amor cando escribiu o seu valioso traballo nin que Blanco Amor lese o ensaio citado. A coincidencia debe ser explicada pola importancia do *pool* ou depósito común de memoria colectiva ourensá referida aos graxos e ás súas esmorgas existente no cerne mesmo da tradición da miña cidade natal.

4. STUYK E ANDRADA

N'A *Esmorga* cóntase un longo, estraño, desconcertante episodio que, a algún lector poida parecer forzado e en desconexión co realismo brutal que domina o relato. Trátase daquel no que aparece, esvaído lonxe, un cabaleiro refinado e tolo, de apelido Andrada, que convivía no seu pazo cidadao, dotado de xardín umbrío, cunha marabillosa boneca de tamaño dunha muller real. Poido ben Eduardo resgatar das crónicas populares locais esta figura do universo malditista. Os decadentes están en *Pé das Burgas* de Álvarez de Nóvoa, libro editado ao mesmo tempo ca o *Femeninas* de Valle-Inclán.

Será Don Ramón quen rememore («En el palco hacia el siglo XIX», 1961) un veciño ourensán de nome Enrique Gómez Stuyk: «alto, vago crónico, só acreditado na vida ficticia á luz das lámpadas do baile ou do *boudoir*». E engade que Stuyk «sabía de crinolinas e fichús, de volantes en forma e de peiteados con *rivières* de brillantes». A paixón, segundo Otero, deste cabaleiro «eran as bonecas, que vestía e adornaba con inspirada seriedade». El non sería Enrique Gómez Stuyk o modelo que a oralidade ourensá lle forneceu a Eduardo para crear a figura do rarísimo Andrada e aquela boneca sobre rodas, inquietantemente vestida e pintada, coa que convivía e á que maltrataba nunha mansión próxima á Burga, naturalmente próxima á Burga?

5. O CACHOUPÍÑO

Nos améns do século XIX e principios do XX e nos prostíbulos ourensáns florecía a *danza do pé*, tamén chamada *cachoupiño*. Este baile sae n'A *Esmorga* sen que o autor chegue a precisar que os bailarores se fan espindo a medida que progresaba o

embargo e entrega física e musical. Otero Pedrayo («Desde o Espolón de Ourense») faise eco da crenza de o cachoupiño ter nacido no gremio dos zapateiros, en cuxa rúa el viñera ao mundo (hoxe é a Rúa da Paz). Fala así Don Ramón:

Inda non ten morto outro vello tema do folklore da cidade de Ourense: a *danza do pé*. Tense dito, non sabemos se con verdade, ser propia dos Mestres de Obra Prima. Hai formas dexeneradas, «tropicalizadas», da danza do pé en que o danzante se vai espindo pouco a pouco, até certo marco...

Eis a letra do cachoupiño citada n'A *Esmorga*:

ai, polo pé/ pola punta do pé,/ pola rabia do pé/, polo cachoupiño/ polo cachoupé». Eu recollín en Ourense esta letra de danza do pé: «Díxolle Pepa a Ramona/ por debaixo dun carballo:/ Ramona, refuce a saia,/ válgame Dios de los Cielos./ Ai polo pé... etc./ Todas las mujeres tienen,/ por debajo del mandil,/ una fuerza más tremenda/ que el mismo ferrocarril./ Ai polo pé,/ polo pé, etc.

A poesía non é de inspiración elevada e a música podía eu tararearlle a calquera persoalmente. Máis difícil sería reconstruír a coreografía do cachoupiño ou danza do pé porque os meus informadores só lembraban vagamente algúns pasos. Danza prostibular dun Ourense morto, o cachoupiño segue a se arrandear nas páxinas escuras d'A *Esmorga*.

«...Orense, la ciudad de las pasiones violentas...» –escribira Heraclio Pérez Placer, precursor de Blanco Amor, en *Narraciones compostelanas* (1904). Xorxe Martínez Jiménez ocupárase a fondo deste autor ourensano nas páxinas d'A *Trabe de Ouro*, inminentes.

Sobre Ramón Piñeiro (02.05.2009)

Pouco e con pouca fondura estáse a falar de Ramón Piñeiro, a figura á cal este ano lle foi dedicado o Días das Letras Galegas. Será por iso que me chegaron algunhas peticións para que saque a Ramón Piñeiro do *Fondo dos Espellos* da miña memoria e o retrate eiquí. O que non intentarei nin tan sequera porque o modelo é de perfís confusos e a súa personalidade profunda resérvase tras moitas camadas de segredos que eu nin ninguén deu nunca ultrapasado. Recentemente ouvín decer a un dos mellores e máis antigos coñecedores de Ramón Piñeiro que este viviu durante toda a súa vida varias e simultáneas clandestinidades. Pro algo direi nesta plana, e se cadra nalgún outro lugar, sobre Ramón Piñeiro.

Se examinamos a súa figura, veremos o sofista, ou o Sócrates, sen outra ocupación que a de falar incesantemente na ágora ou no banquete. Conversador incansábel pretendía influír sobre as persoas mediante a palabra. Cando a oralidade era imposible, Piñeiro escribía continuamente cartas e establecía relacións confidenciais con centos de persoas.

El postulábase perante os seus como mestre, líder, definidor máximo do que chamaba *galeguismo* e esixía do seu interlocutor pasividade e entrega. Para iso afondaba

no interior dos seguidores e verquía sobre eles os meles da sedución para poder exercer as funcións de director espiritual e condutor desde a intimidade. Coido que a paixón que o dominaba era a do mando.

- 202 Naturalmente, a Academia sinalou Ramón Piñeiro para a conmemoración das Letras Galegas porque foi un autor literario que se presentaba a si mesmo como filósofo, metafísico e ensaísta sobre temas literarios e culturais aparentemente non políticos. Pro ao mesmo tempo a razón de ser del era a política. Sobre todo e ante todo, Piñeiro foi un home que non coñeceu a relación laboral durante a maior parte da súa vida e que consagrau esta ao exercicio da política. Polo tanto, achámonos perante un político que escribe de todo menos de política (a obra literaria ou de pensamento de Ramón Piñeiro é moi pequena). Esta sería a primeira contradición da personalidade máis contraditoria das letras galegas da segunda metade do século XX. Eu pensei sempre que esta contradición só era aparente.

En realidade poderíamos ler os seus principais ensaios filosóficos, «Siñificado metafísico da Saudade» (1951) e «Por unha filosofía da Saudade» (1952), como textos sobre os que se funda o modo político de Ramón Piñeiro. En primeiro lugar, un nacionalismo esencialista e radical que xamais se confesa como tal, o que constitúe a segunda contradición de Ramón Piñeiro (aparente como a primeira). É tan nacionalista que pensa que Galicia, nun exercicio violento de «psicoloxía dos pobos», está especialmente dotada para o que el chama vivencia radical da soedade, ou sexa para a «soedade ontolóxica»: aquilo que en galego se denomina a Saudade. Este privilexio da espiritualidade galega é común con Portugal, polo que Piñeiro destila unha sorte de reintegracionismo idealista cando intenta poñer en pé «unha filosofía galego-portuguesa», seguindo a tradición de Teixeira de Pascoaes mais Leonardo Coimbra, na vía, di el, do Existencialismo. Así Galicia será unha «comunidade espritoal» que se fundará nunha Filosofía Nacional, ou – neste caso – Binacional. Toda a política de Ramón Piñeiro deriva, pois, deste soño irracionalista e mesmo nacionalista exacerbado: facer florir Galicia sobre a vivencia da intimidade radical, do ipsismo saudoso. Eu sosteño que toda a política de Piñeiro é consecuencia das nebulosas pneumáticas e siderais nas que vaga. Por iso Piñeiro será un solitario que non acepta o partido (onde o eu, o individuo, se anularía) nin a práctica da axitación e propaganda antifranquista porque nela residiría a inautenticidade.

O modo político de Ramón Piñeiro foi a cultura, o pensamento, a poetización, a *aproxía*. Piñeiro é un nacionalista que prohíbe a palabra nación e que veta a organización de calquera partido nacionalista (non só dos de esquerda) porque Galicia, «comunidade espritoal», fundaméntase no río inmaterial que flúe entre o «ser individual e o Ser». De modo que non é posíbel outra forma de asociación coa Editorial Galaxia nin outra forma de política que o acatamento sen posibilidade de réplica ao maxisterio de Ramón Piñeiro. A estas maneiras de Ramón Piñeiro téñolle eu chamado «práctica da aproxía». Ou «piñeirismo».

A terceira contradición de Piñeiro é que, sobre tales e tan idealistas principios, el despreza unha ideoloxía alternativa ao franquismo que sinala como vía de liberación, naturalmente espiritual, de Galicia a unidade europea, a OTAN, a política atlantista norteamericana, o anticomunismo. Isto presenta o que temos chamado piñeirismo como un galeguismo, ou nacionalismo non confeso, de guerra fría. E ese individualismo saudosista («unha bágoa que se desprende, que cai do Ser») que nos caracteriza aos galegos poderá realizarse en plenitude só a partir da Comunidade do Carbón e do Aceiro, do Tratado do Atlántico Norte, do capitalismo e da tutela norteamericana que nós chamamos imperialismo, das institucións europeas occidentais máis ferozmente filisteas, vulgares e utilitarias cuxo mando monopolístico os galegos debemos acatar.

Para Piñeiro, nos anos cincuenta, a Europa Occidental unida debilitaría os estados membros e faría aflorar unhas «co munitades básicas diferenciais» que, como Galicia, non gozaban de liberdade, o cal nunca figurou no Plan Schuman nin en ningún programa dos que foron configurando a actual UE. A filosofía da Saudade e o idealismo e feroz individualismo de Ramón Piñeiro non se contradicían co atlantismo nin coa unidade económica europea. Ao contrario, a filosofía da Saudade constituíase en instrumento de freo dos avances do pensamento marxista e do comunismo orgánico que ameazaban a xuventude galega intelectual.

Á filosofía de Martin Heidegger (icona tutelar de Galaxia), personalidade nazi reciclada polo Congreso para a Liberdade da Cultura e outros círculos da CIA, foille asignada a mesma misión na Europa Occidental e na mesma época.

Esoutro día sentinlle decer a unha persoa do BNG: «En Galicia hai unha liña que vai así: Alfredo Brañas, Vicente Risco, Ramón Piñeiro, Francisco Rodríguez. E outra que vai así: Murguía/Rosalía, Castelao, X.M. Beiras». Non concordo con este esquema, pro, dado que ten a súa malicia, transmítooo eiquí para indicarlles que hai persoas preocupadas polo destino do nacionalismo, que é o destino de Galicia.

Para unha biografía política de Ramón Piñeiro (09.05.2009)

Continúan chegándonos peticións de amigos e lectores para que tratemos aquí de Ramón Piñeiro. Na anterior entrega tocamos algo o tema do pensamento e o modo político do autor ao que a Academia lle dedica o próximo Día das Letras Galegas. Ocupémonos hoxe da longa e peculiar traxectoria política de Ramón Piñeiro. Do cal temos a primeira noticia ao sabermos da súa presenza na asemblea das Federación de Moedades Galeguistas ou Nacionalistas; aquela na que Celso Emilio, Xosé Velo, Nogueiras e Remixio G. Gándara accederon á dirección da organización xuvenil. Tras un intento de resistencia ao golpe militar en Lugo o 20 de xullo do 36, o autor de que tratamos é mobilizado e participa na Guerra Civil como soldado, naturalmente dos sublevados.

Ao termo desta guerra, Francisco Fernández del Riego asume a iniciativa, sobre 1943, de reconstruír en clandestinidade o Partido Galeguista (un movemento que a tradición chama *reconto*). Isto faise, e tamén se constitúe un comité da Frente Popular con persoas doutros partidos. O PG clandestino chama entón por Ramón Piñeiro para lle ofrecer o cargo de responsábel de organización. El acepta, e convértese en liberado. Coma tal aplícase aos labores de tecido das redes galeguistas na sombra.

Parece que Piñeiro viaxou ilegalmente a Francia e estableceu uns contactos indefinidos mediante os cales apoiou, no nome do interior, a presenza de Castelao como ministro do goberno republicano do Frente Popular no exilio. Este goberno esperaba constituírse en poder real de España ao fin da Guerra Mundial.

Nun intre indeterminado de 1947 vemos Ramón Piñeiro en Madrid establecendo contactos conspirativos dos que non sabemos grande cousa. A consecuencia destes é detido no Café Flor da Puerta del Sol. Estivo incomunicado na Dirección General de Seguridad durante case un mes, e foi interrogado. Parece que con el caeron outras persoas, inclusivamente anarco sindicalistas e monárquicos de Don Juan. É seguro que os irmáns Saco, galeguistas de Monforte, tamén foron presos. Descoñezo o significado deste episodio. Sospeitouse que Piñeiro caeu polas súas actividades no seo da Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas, organización antifranquista, anti-comunista e partidaria do restablecemento de democracia en España en forma dunha monarquía constitucional que renunciou á legalidade republicana. Pero ignoramos o contido do sumario e mesmo cal foi o tribunal que xulgou Ramón Piñeiro e o nome do seu defensor. O caso é que Ramón Piñeiro pasou a cumprir condena, durante uns tres anos, en diferentes cadeas de España. Parece que este foi para Piñeiro un período de reflexión importante pois o seu modo político muda en canto é posto en liberdade sobre o ano 1950.

Convén insistir en que, nos anos corenta, outros nacionalistas escolleran integrarse co PCE na organización UNE (en Galicia, Alianza Nazonal Galega) cuxa actividade de resistencia armada executaba o famoso Exército Guerrilleiro de Galicia. A organización da ANG caeu a final daquela década e foron detidos ou fuxiron ao exilio varios nacionalistas desta liña, coma Xosé Velo, Mastache ou Otero Castelao. Tamén nos anos corenta foi desarticulada a OIL (Organización de Intelectuales Libres, con participación comunista). Foron presos os galeguistas Francisco F. del Riego, Darío Álvarez Blánquez, Valentín Paz Andrade e outros de diferentes filiacións.

O caso é que, arredor de 1950, Piñeiro recupera o seu posto de liberado e parece que concentra en si todo o poder da organización galeguista na que se inclúe. É entón cando, baixo a súa inspiración, é liquidado o Partido Galeguista no interior e se lle nega acatamento ao Consello de Galiza. Ramón Piñeiro promove cos seus a creación da Editorial Galaxia e a orientación do galeguismo nunha liña exclusivamente cultural. Á que se sumará en 1958 unha orientación de pensamento económico ao se

publicar a *Revista de Economía de Galicia*, en castelán, dirixida por Xaime Illa Couto pro ideoloxicamente moi intervida por Ramón Piñeiro.

En 1963 prodúcese un movemento organizado que, co nome de Consello da Moedade, intentou desprenderse do modo piñeirista e pasar á acción claramente nacionalista. Piñeiro, entón, mobilizou o sector do Consello que lle era fiel e logrou purgar del á súa esquerda: Antón Moreda, Cribeiro, Arjona, Patiño e outros Piñeiro, ao percibir a ameaza dunha xeración contraria ao culturalismo exclusivo, usa os seus contactos internacionais, consulta fóra de Galicia e ofrece a seguinte fórmula: o galeguismo político organizarase en dous partidos, un de carácter socialdemócrata e outro cristian-demócrata, ambos segundo o modelo alemán occidental. Ningún dos dous será nacionalista e si europeísta. Ramón Piñeiro e os seus colaboradores máis íntimos estarán fóra destas organizacións, inspirando e dirixindo ambas desde un estatuto de pureza galeguista. Con esta medida Ramón Piñeiro coutaba o nacemento da UPG, de tendencia marxista e ligada no exterior con Carlos Velo e Lois Soto.

A democracia cristiá non chegou a constituírse, pro si o PSG. Tiña tal influencia piñeirista este partido que, no número 1 do seu xornal *Adiante*, aparece, en recadro, o seguinte lema: NON SOMOS NACIONALISTAS PORQUE NON SOMOS REACCIONARIOS. O xornal imprimíase na mesma dirección de Perpiñán ca os voceiros da ASO (Alianza Sindical Obrera) que os servizos da CIA estaban a promover co fin de combater as actividades sindicais do PCE. Andando o tempo, e so a dirección de X.M. Beiras, o PSG afastouse da tutela de Ramón Piñeiro e desempeñou un brillante papel na resistencia anti-franquista e nacionalista.

A partir de 1963, Piñeiro, co crecemento da UPG e a emancipación do PSG, vai ficando isolado no universo galeguista e nacionalista. Os conflitos de Castrelo de Miño, da Universidade, da clase obreira do eixo Vigo/Ferrol, sonlle alleos.

Durante a chamada Transición ou Reforma, Piñeiro non tiña partido, non estaba lexitimado por un goberno extraterritorial pois renunciara ao Consello de Galiza, e xa non era a encarnación mesma do galeguismo. Polo tanto non foi chamado a negociar os pactos daquela Transición, como si o foi Valentín Paz Andrade. Non participou nin no Consello de Forzas Políticas Galegas (rupturista) nin na Plataforma de Convergencia. Nin pola base nin pola cúpula.

Foi entón cando Ramón Piñeiro fixo un desesperado esforzo por se facer ver e ouvir, e promoveu en 1977 (cando xa estaba o sarabullo institucional ben cociñado) o «Manifesto dos 29» e o grupo Realidade Galega, que ninguén tomou moi en serio. Por aquel tempo, Piñeiro opúxose con contumacia á refundación do Partido Galeguista, que impulsaban patriotas leais.

Finalmente, Ramón Piñeiro é elixido nas fileiras do PSOE deputado autonómico, o que o sitúa na marxinalidade, ou, mesmo, no exterior, da familia política galeguista

e nacionalista. Isto proporcionalle ser recoñecido e valorado, moi astutamente, pola dereita españolista. Foi o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega. Recibiu a Medalla Castelao e Fraga Iribarne déulle o nome de «Ramón Piñeiro» a un instituto de humanidades por el creado. Recentemente, o novo presidente da Xunta, mencionou Ramón Piñeiro como autoridade moral e política no seu discurso de toma de posesión.

Revdaina piñeirá (23.05.2009)

QUE É O QUE FICA DA OBRA DE PIÑEIRO?

Partindo da base de que a obra escrita de Piñeiro é brevísima e orientada ao pensamento e á filosofía, cabe preguntármonos que é o que fica das súas ideas. Hoxe non existe case ninguén que pense na posibilidade dunha «filosofía galegoportuguesa» de carácter étnico como pensaba Piñeiro. A súa feble socioloxía, non só pre-marxista senón tamén pre-positivista, converte o pensamento de Piñeiro nunha rareza cando trata de explicar a sociedade galega. Todo o que coñeza as nosas letras, das cántigas de escarño aos poetas das Redes Escarlata pasando por Blanco Amor, sabe que na historia literaria de aquí hai moito máis ca o lirismo, o humorismo e a fantasía que Piñeiro considera dimensións esenciais do noso modo de produción cultural, con evidente intención ideolóxica. A súa teoría da linguaxe, pre-saussuriana, resulta un chisco inocente. En canto á política de desnacionalización, o discurso político, explícito e implícito, de Ramón Piñeiro case so acha eco na reacción dun Núñez Feijóo e do seu partido. O patriotismo galego que move masas e defende a nosa lingua é hoxe tan nacionalista como Piñeiro nunca quixera que fosen as nosas multitudes. O galeguismo de *guerra fría* (anticomunista) de Piñeiro non subsiste en Galicia senón con carácter residual. Polo contrario, permanece o modelo de lingua literaria ensaística proposto por Piñeiro, Fernández del Riego e o grupo de Galaxia. Esta opción de galego culto, depurado e claro, racha coas anteriores prácticas de prosa producidas na factoría da Xeración Nós. Má ou boa, a lingua literaria deste *Fondo dos Espellos* procede da intervención de Ramón Piñeiro e do Grupo de Galaxia. Foi tan nova e exitosa a escolla de lingua literaria de Galaxia que só coñeceu unha disidencia: a reintegracionista de R. Carballo Calero, quen militara, durante toda a ditadura de Franco, no piñeirismo.

PIÑEIRO E O PSOE

A ausencia do PSOE nas conmemoracións de Ramón Piñeiro revela a pobreza teórica deste partido en Galicia. Non é certo que Ramón Piñeiro e os seus seguidores tardíos (Casares, Alfredo Conde,...) fosen os únicos galeguistas que se integraron no PSOE, por certo, unha organización ausente da sociedade galega durante corenta anos de franquismo. Antes ca Piñeiro entraron no PSOE (por galeguizalo, dixeron) outros galeguistas e nacionalistas procedentes do MSG e do PSG, entre os cales algunha personalidade da importancia pública de Celso Emilio Ferreiro.

EDUCADOR DAS XERACIÓNS LITERARIAS DE POSGUERRA.

Repítese estes días que Ramón Piñeiro foi o educador principal da xeración literaria e artística á que eu pertenzo e que está integrada polos que nacemos na década de 1930 a 1940. Non é verdade. Son moitos os que se incorporaron ao nacionalismo e ao galeguismo den antes de entraren en contacto con Piñeiro. Isto ocorría porque, aqueles mozos dos anos cincuenta, foran formados politicamente en familias ou en círculos sociais republicanos, galeguistas, comunistas, anarquistas. É o caso de Reimundo Patiño, Xohán Casal, Fernández Ferreiro, X.M. Beiras, os Alvarez Gándara, Cribeiro, Herminio Barreiro, Pérez Barreiro, Xohana Torres, M.X. Queizán, e outros escritores e artistas. Na Pontevedra da miña adolescencia líase e comentábase no círculo de Suso López *Sempre en Galiza* moitos anos antes de que Ramón Piñeiro nos desautorizase politicamente Castelao. En realidade os citados, e outros, constituíronse (ou constituímonos) en escritores comprometidos con Galicia ben antes de coñecermos Ramón Piñeiro.

PIÑEIRO E A UPG

A raíz dos movementos preparatorios da fundación da Unión do Pobo Galego (UPG) en clandestinidade, Celso Emilio Ferreiro Míguez (o altísimo poeta) foi con Ramón Piñeiro dar unha volta pola praia de Samil (Vigo). Díxolle o de Celanova ao de Lánacara que o Partido Socialista Galego (PSG), que este propiciaba, debería postergarse para deixar paso á nacente UPG. Parece que a Piñeiro non lle gustou cousa ouvir iso e montou en cólera ao tempo que motexaba de «comunista» o novo partido nacionalista de esquerda (a UPG). Luís González Blasco «Foz» foi á do filósofo da Saudade para o convencer tamén da necesidade de impulsar a UPG.

Esta vez Piñeiro, seica máis aplacado, lle explicou a Foz que a UPG era inviábel. Unha, porque a URSS non recoñecía outras organizacións que as promovidas polos «partidos irmáns». Outra, porque os chineses non tiñan previsto apoiar partidos nacionalistas ou movementos de liberación nacional na Europa Occidental. Tiña moita razón Piñeiro, pro eskuencia que sempre a UPG podería saír adiante (cousa que se fixo a pesar de Piñeiro) mediante o esforzo dos seus militantes iniciais. Piñeiro pensaba

que ningún traballador e ningún campesiño galego estaba preparado para asumir un programa nacionalista de esquerda. Certamente el desconfiaba do pobo e acreditaba orteguianamente nas elites egrexias.

- 208 «Que consigades afiliar á UPG moitos obreiros, mariñeiros e labregos» –díxolle Piñeiro a Foz cun sorriso irónico na porta do seu domicilio da Rúa de Xelmírez. Hoxe o nacionalismo galego susténtase na base social das centrais sindicais CIG e CUT e na agrupación campesiña Comisións Labregas. Foz, actual Gardián dos Selos da memoria nacionalista, podería contarnos isto con maior precisión.

NIN COLLINS NIN PIÑEIRO

No ano 1969 este cronista escribiu na cadea da Torre de Breogán (A Coruña) unha noveliña titulada *Retorno a Tagen Ata*. Os protagonistas eran unha espléndida rapariga chamada Rotbaf Luden e un dirixente político de Tagen Ata, Ulm Roan, que abandonaba o nacionalismo revolucionario para se adaptar a unha autonomía outorgada pola metrópole de Terra Ancha. Algúns lectores creron ver en Ulm Roan a figura de Ramón Piñeiro procesada en forma de sátira. Colum Flaherty, dos Flaherty famosos da Illa Grade de Aran, escribume para me mandar decer que lera *Retorno a Tagen Ata* e que el miraba moito parecido entre Ulm Roan e Michel Collins, aquel republicano que aceptara a independencia de Irlanda controlada por Inglaterra e que treizoara o Sinn Féin. Pois ben, eu insisto: Ulm Roan non é Piñeiro nin é Collins. Trátase, apenas, dun arquetipo que tende a se materializar en todos os movementos de liberación nacional e social do Mundo subalterno.

25.000 cabalos ceibes (30.05.2009)

Segundo a estimación de Joaquín González Troncoso temos en Galicia uns 35.000 cabalos, dos cales 25.000 son animais ceibes que viven nos sitios que nós chamamos *montes*. Probabelmente, a maior densidade de cabezas de gado equino se dea, no Sul, en Terra de Turonio na que se inclúe a cidade e zona industrial de Vigo. A segunda concentración de cabalos prodúcese ao Norte, na zona de Ferrol e Terra de Trasancos. Vexan que no mundo obreiro e no mundo ecuestre funciona o Eixo Vigo-Ferrol.

De Maio a Setembro é o tempo dos *curros*. Os cabalos e eguas ceibes son reunidos polos seus donos para marcar os poldros, rapar crinas e caudas, separar o gado destinado á venda, se tal desparasitar. Hai curros elementais, nos que só participan os propietarios e os achegados. Outros fóronse constituíndo en grandes festas populares. Mormente no caso dos curros dos termos municipais de Gondomar e Oia debido á propaganda que deles fixera, no século XX, Bene no *Faro de Vigo*. Un opúsculo de

Víctor Lis (perdón) serviu para popularizar a *rapa das bestas* ou curro de San Lourenzo de Sabucedo. A evolución dos curros proseguiu e hoxe son varios os dotados de asentos para os espectadores assistiren aos traballos ancestrais. Os curros de madeira foron deixando paso aos de pedra e aínda aos de betón.

Os cabalos ceibes conservan, en maior ou menor medida, a raza autóctona, hoxe felizmente normalizada como PRG (Pura Raza Galega). Consérvase, esta, máis pura nos montes de Gondomar e a Serra da Groba. Raza que vén sendo a mesma ca a do Norte de Portugal, onde recibe o nome de *garrana*. Nas provincias portuguesas do Minho e Tras os Montes existen tamén curros coma os nosos, que eles coñecen oficialmente como «concentrações». Na Terra Eo-Navia andan cabalos que responden ao tipo autóctono galego do que un día falaremos no *Fondo dos Espellos*. O curro do Monte do Faro (Valença do Minho) cada vez se vai asemellando máis aos curros veciños –río por medio– de Galicia.

O libro de Herminio Pose Nieto titulado *Guía dos Curros de Galicia* (Vigo, Xerais, 2003) é moi útil para aquel que queira orientarse neste universo único. Pose dános datos preciosos, e almanaque, sobre curros das provincias da Coruña (As Canizadas, a Capelada, A Enxa, Forgoselo), Lugo (A Gañadoría, Campo do Oso, Candaoso, San Tomé) e Pontevedra (A Paradanta, A Valga, Amil, Cuspedriños, Serra do Galiñeiro, O Castrove, Morgadáns, Pedroso, O Prado da Canda, San Cibrán ou Portavedra, Rapa de Sabucedo, Torroña). Pose Nieto non sinala curros na provincia de Ourense, pero temos noticia deles no Xurés, onde os cabalos poden tamén recibir o nome de *garranos* coma en Portugal. Hai outros curros en Galicia, e algúns mínimos e mesmo clandestinos.

No Portugal septentrional sabemos de curros ou «concentrações de registro de animais» nos municipios d' Os Arcos de Valdevez, Viana do Castelo, Montealegre, Monção, Vieira do Minho, Paredes de Coura, Terras de Bouro, A Ponte da Barca e Amares. As persoas interesadas nos curros minhotos e trasmontanos poderán ser informados pola Associação de Criadores de Equinos de Raça Garrana (ACERG), Rua de João de Deus, 4850 Vieira do Minho (Portugal).

A cultura dos cabalos ceibes e dos curros remóntase á prehistoria. A raza galega ou garrana, do tronco chamado «celta» desde a zootecnia do século XIX, é arcaica. Seguramente, bestas en liberdade polas brañas, montes e gándaras de toda Europa existiron noutros tempos. Os petroglifos galegos ofrécennos imaxes de cabalos e cabaleiros. Hoxe esta cultura só permanece, e masivamente, en terras da antiga Gallaecia. O único curro non galaico, e idéntico aos nosos, que subsiste fóra é o *Wildpferdefang* de Dülmen, en Alemaña, no que se acurran e separan 300 bestas bravas de morfoloxía moi semellante á das nosas do monte Do curro de Dülmen falaremos, se hai ocasión, no *Fondo dos Espellos*.

O criador de gado do monte galego non obtén case beneficios do seu traballo. As crinas e serdas obtidas da rapa xa non se cotizan no mercado. A maioría dos poldros que se venden vai destinada á exportación para o seu sacrificio para carne de consumo humano. Un poldro pode venderse no curro aos intermediarios por 60/70 euros. No lugar de destino, por exemplo Italia, esa carne equina, moi recomendada pola dietética, multiplica o seu valor no mercado. Todo o cal nos leva a considerar que a Xunta ten a obriga de intervir sobre esa masa proteínica e a grande riqueza que representan eses 25.000 cabalos soltos e actualmente desprotexidos oficialmente. E, iso, de diversos modos. Un, fomentando o cooperativismo dos criadores dos montes de Galicia reais. Outro, impedindo o uso exclusivamente madeireiro dos montes de Galicia e fomentando os pastos dos ecosistemas nos que os cabalos se alimentan naturalmente. Finalmente, facendo que esta cultura pastoral e inmemorial sexa considerada patrimonio de todos e necesariamente subvencionada para ben da nación galega.

Agora emerxe do *Fondo dos Espellos* a barba carolinxia (Otero Pedrayo) de Xosé María Castroviejo e Blanco-Cicerón, verdadeiro fundador da conciencia naturalista que nós gastamos, e Garda Maior do Reino de Galicia e Serra de Ancares. Se el vivise, neste ano cumpriría os cen. Acordáronse del os viciños de Tirán no cemiterio mariño no que xacen os seus restos. Saúdo a Marta Lemos Jorge, quen vindicou a memoria ecoloxista de Xosé María nun belo libro.

Cabalo de pura raza galega (13.06.2009)

Nos vellos tratados de zootecnia falábase do *cabalo celta*, propio do Norte da Península Ibérica, sempre cativo e resistente. Logo citábase o cabalo ibérico, propio do Centro e Sul, máis alto, vistoso e braceante. O cabalo de Galicia recibía, dentro do citado tronco celta, diversos nomes. Un era o de *facó galiciano* ou *facá galiciana* (inclusivamente en Portugal). *Burras* dicímoslles en Turonio, familiarmente, ás bestas e cabalos ceibes no monte. No Minho e Trás-os-Montes esta raza recibe o nome de *garrana* (tamén en Lobios). O primeiro tratadista do noso cabalo, J. Rof Codina, chamoulle pony galego, atendendo á súa altura. Aínda se fala dun cabalo de México e Sul dos EEUU, de características supostamente semellantes ao galego, que é moi prezado baixo o nome de galiceño.

Na segunda metade do século XX, a masa xenética do cabalo galego sofreu unha considerábel mestizaxe coa intención de facer máis corpulentos os animais. E así a raza foise desnaturalizando tanto en réxime de liberdade (25.000 cabezas de gado ceibes) como en réxime de vida estabulada ou medio libre.

Así as cousas, a finais do século XX produciuse un movemento para a protección do noso cabalo, movemento que xuníu diversas vontades e que obtivo o eco preciso na Xunta. Así, na Orde de 26 de setembro 1998 estableceuse a morfoloxía e abriuse o libro xenealóxico da raza que se denominará oficial e definitivamente (17 abril 2001) *Libro xenealóxico do cabalo de pura raza galega* (PRG). Os caracteres raciais promulgados foron xeralmente aceites e velaí un cabalo pequeno, duro, resistente, de pelaxe castaña ou preta, que por primeira vez na súa historia milenaria adquiriu a condición de raza recoñecida. A Asociación do PRG ten nos montes de Covela (O Incio) unha manda de exemplares modélicos.

A partir de aí multiplicáronse os concursos morfolóxicos e púxose en marcha un centro *ad hoc* en Sergude, ao pé de Compostela. Factores coadxuvantes, coma a restauración do ar antigo da andadura e a activación dunha rede de probas regulares desta modalidade hípica, contribuíron a revaluación da raza.

Os aspectos negativos da cuestión son estes: a fixación e identificación oficial do PRG non impediu que a masa dos cabalos ceibes seguise o proceso de desnaturalización da raza autóctona, o que salta nos ollos ao asistirmos aos curros e rapas de Galicia, especialmente (pero non só) no Norte do País.

A situación levou algúns entendidos a pensar que era precisa e urxente a fundación dunha grande reserva oficial do cabalo PRG, en réxime de liberdade e dependente da Xunta de Galicia. Unha manda importante asentaría-se nun espazo natural protexido fora do alcance de cabalos non controlados, do mesmo modo que os cabalos de Dülmen viven no Merfelder Bruch e os ponis irlandeses fan o propio no parque nacional de Connemara. Fariase anualmente un curro (público) e separaríanse as cabezas de gado precisas conservando as máis puras e perfectas. Mesmamente, tense considerado que unha das Illas Cíes ou a de Ons podería, incluso dentro dunha tradición literaria clásica, constituírse en principal reduto e santuario do cabalo galego, do mesmo modo que pode ser admirada unha horda de garranos (infelizmente non seleccionados) no Parque Nacional portugués da Peneda-Gerês. Evidentemente, a presenza dunha manda de cabalos bravos nas Cíes ou Ons sería perfectamente compatíbel co carácter e fins do Parque Nacional. Actividades de observación e visitas didácticas programadas pola reserva contribuirían á difusión e coñecemento desta nosa importante realidade cultural.

Arrieiros galegos

No capítulo XV da primeira parte do *Quixote*, Cervantes conta coma a Rocinante lle esperta a libido a vista das eguas que levaban na súa recua uns arrieiros galegos (ou «yangüeses», pois eiquí don Miguel fórmase un lío). Chámalle, o autor, a estas eguas *facas galicianas* e tamén, un pouco *avant la lettre* de Álvaro Cunqueiro, *señoras facas*. Como vostedes lembrarán, os intentos do infeliz Rocinante por se «refocilar»

coas bestas non tiveron éxito pois estas rexeitáronno cos dentes e coas ferraduras e aínda os galegos mallaron a sabor tanto no cabalo de don Quixote coma nel mesmo e en Sancho Panza. Interésanos sinalar que a única raza equina no *Quixote*, perfectamente identificada, é a do cabalo galego, asociado, pola súa resistencia, aos traballos (angueiras) do transporte e carga. Moitos anos máis tarde, na primeira metade do século XVIII, o P. Sarmiento citaba o cabalo galego polo seu nome na divertida descrición que fai das exequias de Felipe V en Madrid.

***O País das Bestas* (20.06.2009)**

Neste tempo de que curros aparece moi oportuna a novela *O País das Bestas*, da que Eva Moreda (A Veiga, Terra Eo-Navia, 1981) é autora. Este belo e duro relato (Biblos, Mandaio, 2009) merecerá, sen dúbida, a atención dos críticos literarios entre os cales eu non me vou incluír agora. Traquemos Eva Moreda eiquí porque ela é quen por primeira vez sacou, do máis *Fondo dos Espellos*, o mundo dos cabalos do monte galego e o converteu en tema literario. Os cabalos ceibes estaban, desde hai milenios, á espera de entrar na literatura; xa están nela. Uns 25.000 cabalos andan pola inmensidade témera do monte galego. Con Eva Moreda, ese universo cultural, coas tensións sociais e conflitos que produce, faise arte e resulta, por fin, evidente.

En diversas aldeas de Galicia, moi especialmente nalgunhas desa Terra de Turonio que media entre o Miño e a Ría de Vigo, existe unha ancestral inimidade entre os criadores de gado solto e os veciños de tradición agrícola. Semanas atrás publicabamos eiquí fotografías de garranos mortos a tiro nos montes minhotos de Paredes de Coura. As mortes de cabalo por vinganza grupal e familiar son ben coñecidas nos montes de Galicia. No *Faro de Vigo* latexa unha campaña permanente contra a presenza de cabalos ceibes, e pretensamente perigosos, na Cidade Universitaria da capital da Terra de Turonio. Este enfrontamento atávico perdura en territorios industrializados e urbanizados nos nosos días igual que hai un mundo de anos.

Eva Moreda sitúa o seu *País das Bestas* nos montes e aldeas próximas a Vigo. O lector evoca lugares e tipos humanos dos concellos de Gondomar, de Oia, ou mesmo do de Vigo, así coma paisaxes da Serra do Galiñeiro e Aloia e dos montes da Groba. Na narración, os líderes dos grupos enfrontados son Lino, presidente do curro, e Maneiro, presidente dos montes comunais. O conflito é presentado en días contemporáneos e vai evoluíndo na novela ao mesmo tempo que se conta, no pasado, a estoria dun fuxido de 1936. Relato atroz, que a voz narradora vai administrando, aos poucos, en terceira persoa e con cuase invisíbeis aproximacións aos interiores dos personaxes feitas en estilo indirecto libre.

A protagonista, Sofía, contrasta con personaxes e grupos sociais que encontra nunhas aldeas non lonxanas de Vigo e aos que lles vai descubrindo pouco a pouco

segredos enquistados desde había unha chea de tempo. Ela é unha moza de cidade que traballa nunha tese de doutoramento en Xeografía da que non se explica moito na novela: o xusto para saber que Sofía debe ir ao monte a facer medicións coma as que Domingos Fontán fixera. Por tal motivo, esta moza vai vivir un tempo na freguesía de Pedrasantas. Con dificultade, ela farase cargo da situación de guerra na que se atopan os que na novela se chaman *besteiros*, de Ermos, e os veciños de Pedrasantas, inimigos entre eles desde sempre. Sucédense as mortes de persoas e cabalos, os enigmas, e o suspense, como din no cine, vai progredindo en forma de escada climática. E non lles conto máis porque espero que lean a novela. Aínda así, direilles que o mellor d'*O País das Bestas* é a finura coa que se suxire o misterio e se amosa a *outredade*, a diferenza abisal entre os compoñentes subxectivos da protagonista urbana e universitaria e os dos individuos cos que convive e que a atraen ao seu universo «primitivo» coa forza dun remuíño. Violencia extrema, brutalidade sen límites. Tamén virtudes coma a da lealdade.

Na acción, os cabalos do montes son unha presenza romántica, nobre, máxica, que atravesa toda a obra coma un fío condutor: ao tempo, inquieta e reconforta. Son cabalos de comportamento fantástico. Pro entre eles e o lector establécese axiña un pacto da aceptación da irrealidade. En canto aos escenarios do mundo, eles si que son críbeis. O mundo que Eva Moreda nos dá, alén do hábitat do cabalo, é onde o bouzán, o home da bouza, o dono e vixiante de cabalos ceibes, se integra nun espazo que non é o da sociabilidade humana nin o da aldea. Para algunhas persoaxes da novela e para o lector, construído pola protagonista e, esta, pola autora, o monte é o misterio, o medo, o escenario da violencia e do horror. Na novela revélase, en literatura, o monte tal como se vive no imaxinario aldeán dos nosos días: o sitio hostil no cal só algúns homes (perigosos, pre-parroquiais) se adaptan e teñen alí unha función. O monte é dos irracionais: do lobo, das bestas. O monte pode incluso ser habitado excepcionalmente por un home bon como refuxio ou esconderixo. Pode ese fuxitivo gozar mesmo da amizade dos cabalos. Pro os homes do monte, anteriores á existencia da aldea, castigarán ese intruso con ferocidade extrema. Sofía, a doutoranda, intima cun home do monte marcado cun estigma familiar e convértese ela mesma en vítima ao coñecer o segredo. Coñecemento que a expulsará do monte e que a expulsará da aldea ou das aldeas simultáneas e inimigas. Os cabalos, que estiveran alí desde sempre, quedarán alí por sempre.

Falares galegos en Canelas do Douro (27.06.2009)

214

João de Araújo Correia (1899-1985) foi un escritor e médico portugués que coñecía ben Galicia e a súa lingua aínda que penso que sempre careceu de lectores entre nós. Brilla Araújo Correia no conto breve, e aínda no brevíssimo, na novela curta, na estampa, na nota camiliana. Trataremos noutra ocasión da obra propiamente literaria del, e hoxe imos ocuparnos dun feixe de apontamentos filolóxicos nos que se refire á lingua galega relativamente á fala popular da súa vila nativa, que é Canelas do Douro, ou Canelas de Malta, pertencente ao termo municipal da Régua.

Nun determinado intre da vida, o doutor Araújo Correia, grande frecuentador de dicionarios e suxeito atento á lingua viva do pobo, mirou que no modo de falaren as xentes de Canelas había moitas formas, palabras e pronunciacións que non eran as tidas por correctas no portugués moderno e normativo. E foi sacando elementos do máis *Fondo dos seus Espellos* da memoria. Organizou estes en xeito de nómulas, as cales foron vendo a luz das ribeiras do Douro no semanario *O Arrais*. Como Araújo Correia prezaba semellanzas moi curiosas entre os falares da súa vila, por unha banda, e castelán e galego pola outra, titulou a serie *Linguagem da minha terra. Analogias com o Castelhana e o Galego*, que foi editada definitivamente, en bloque, de forma póstuma e en folleto, no ano 1986 pola revista profesional *O Médico*. Hoxe o opúsculo é raro. Quen quixer unha fotocopia del pódela pedir no *Fondo dos Espellos* e será compracido.

Parte o autor da constatación da perda do enxebrismo nas falas populares e do progreso dunha lingua portuguesa empobrecida e fea «Já nao há trabalhador rural capaz de dizer *ceia*, nem *caldo*, nem *enterro*. Chama *jantar* á antiga *ceia*, chama *sopa verde* ao *caldo* e *funeral* ao *enterro* seja de quem for e do que for». Das palabras perdidas ou en transo de extinción, o autor considera que moitas son galegas e que outras coinciden co castelán.

Coma tal, tráese a colación (non é xoguete) a palabra *comida*, e o doutor João cóntanos dun bébedo de Canelas que soía insistir na seguinte ironía: «só bebo dúas veces por día, ás comidas e fora das comidas». Pro o caso é que hoxe, en Portugal, ninguén ou poucos falan en *comidas* e si unicamente en *refeições*. É galego ou non é galego este uso? –parece preguntarse Araújo Correia, estando dado que en Galicia non hai tales *refeições* e a xente que pode fai normalmente as súas *comidas*. Por outra banda, estas *comidas* do vello, honrado e bon pobo portugués non eran nin o *pequeno almoço*, nin o *almoço*, nin o *jantar* que se di hoxe, senón o *almoço*, o *jantar* e a *ceia* nomeados cuase igual que no galego: *almorzo*, *xantar* e *cea*.

Ao doutor Araújo Correia goréntalle moito que as palabras galegas canten na boca dos seus veciños. Como, por exemplo, *tetaravó* e *tetaraneto* en lugar do portugués elevado *trisavó* e *trineto*. Ou *nená* co valor de *boneca*, *escaleira* en vez de *escada*,

contía no sitio de *quantidade*. E *risa* por *riso*, *ancho* por *largo*, *erguer* por *levantar*, *castinheiro* por *castañeiro*, *casticeiro* por *castanheiro bravo*, *larpeiro* por *comilão*, *dondo* por *mole*, *próprio* por *próprío*, *picota* por *pelourinho* e outras ocorrencias como pode ser *mui* apocopado onde o portugués académico quer *muíto*. (A nosa malta re-integracionista podería aprender moito desengano lendo o doutor Araújo Correia, de Canelas de Malta). Non se trata, non obstante, de influencia galega ningunha senón de formas comúns que a norma política dos nosos veciños do Sul vén intentando, desde os inicios da Idade Moderna, arrincar de raíz, desgaleguizando, a conciencia, o portugués.

Aínda Araújo Correia propón algúns riscos fonéticos como comúns ao galego e á fala de Canelas. Algunhas destas formas de pronunciar ouvidas en Canelas son tradicionais e aínda conservadas en todo o Norte de Portugal, como é o caso do do «ch» articulado á galega e non á andaluza ou francesa. Outra realización fonética, neste caso común co galego de Vilanova dos Infantes, por caso, é a abertura do «o» normalmente fechado do artigo na secuencia «ele e o seu cavalo». Tamén sinala Araújo Correia unha maneira agalegada de pronunciar *porco*, co «o» tónico aberto e sen presenza da metafonía portuguesa.

Cando, nas súas notas, o noso autor se refere ao idioma galego, chámalle, con frecuencia e afectuosamente, *mano*, hipocorístico popular de *irmão*. Resulta curioso que o doutor Araújo Correia non chegase a sospeitar que tal forma familiar era castelanismos, de non constituír calquera supervivencia arcaica. Tamén el non demostra ser sabedor de que o seu primeiro apelido, Araújo, é de orixe galega inequívoca. Procede, con certeza, do castelo e actual freguesía de Araújo, en Lobios, e estendeuse polo Sul en días anteriores á secesión de Portugal.

O mundo literario de Araújo Correia (04.07.2009)

Na Lisboa intelectual da esquerda non ten gozado de moito prestixio a narrativa contemporánea ambientada nas aldeas do Norte de Portugal e dotada de enxebreza léxica e abundancia fraseolóxica. Sentiuse esta literatura como menor e agalegada e foi considerada «provincial», «regionalista» ou, por ventura, «reaccionaria». En tanto, a novelística social-realista, chamada en Portugal coma en Italia «neo-realista», con escenario preferente no Centro e Sul do País, foi a tendencia privilexiada por toda unha corrente de lectores. Así pois, o relato *Esteiros* de Soeiro Pereira Gomes, en canto que modelo de neo-realismo, sempre se preferiu aos contos esterrecentes de Miguel Torga, de quen falaremos. Os círculos marxistas de Portugal andiveron errados, en parte só, en materia literaria. No resto, Cunhal non se enganou nunca.

Tirabamos a semana pasada do *Fondo dos Espellos* a figura, un chisco esquencida, de João de Araújo Correia (1899-1985), escritor que eu asocio, na miña particular

historia da literatura portuguesa, con Aquilino Ribeiro (1885-1963), co citado Miguel Torga (1904-1990) e con Bento da Cruz (1928). Aquilino pertenceu á primeira xeración da República e, dos citados, só o Bento naceu despois desta ser proclamada. Pro todos levan algo do espírito vermello (carbonario) e verde (campo da Patria) da bandeira republicana portuguesa. Ningún destes autores se adscribiu á tendencia neo-realista nin gozou dos favores dos seus teóricos e críticos. Galicia e o galego está, dun ou doutro xeito, neles: en Aquilino de forma universal e implícita; en Bento da Cruz de xeito evidente e confisional. Nos contos de Torga (españolista radical e unamuniano patético) Galicia áchase sempre presente, en forma de ausencia e de negación ideolóxica. Para Araújo Correia, Galicia é unha identidade veciña e o galego un *mano* co que se convive. A dimensión patriótica *saudosista* e o intuicionismo ao modo de Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coimbra, que tan simpática lle caía a Risco e a Noriega Varela, élle alleo.

A lingua dos catro autores é rica, por veces heterodoxa, tan allea ao coñecemento básico do portugués medio que son innumerábeis os lectores que se atopan nas páxinas de Aquilino cun idioma estranxeiro e constitúen lexión os lectores de Torga que ignoran o significado do seu pseudónimo. Os escenarios que a presentan son os da bacía do Douro e as terras de Gallaecia que caen ao seu Norte. A sociedade que nestes autores aparece é (de modo realista) a das vilas e aldeas de por aló. Un intenso paganismo e sensualismo primitivo élle común. Son, os catro, camilianos evidentes e Eça de Queirós non lles serve como avó, e menos o autor idealista d' *A cidade e as Serras*. Dos catro autores citados só Aquilino Ribeiro non era médico. Para este cronista representa un pracer ler e reler os contos, noveliñas e romances de Araújo Correia, Aquilino Ribeiro, Miguel Torga e Bento da Cruz. Unha aldea semellante á da vella Galicia latexa nesas obras. Por veces parece que, entre todos, labouran unha única agra comunal ou aberta (digo así por lle pór un toque agrarista ao que os críticos chamaron *macrotexto*).

Felizmente, as obras narrativas de João de Araújo Correia acaban de ser reeditadas pola Imprensa Nacional-Casa da Moeda de Lisboa cun prefacio asinado por João Bigotte Chorão. Fican fóra da recolleita as crónicas de viaxe, algunha delas moi interesante para observar como interpreta o noso país un dos poucos escritores portugueses para os que Galicia é visíbel como tal e non apenas coma «Espanha».

A lectura de toda esta materia narrativa en conxunto, representa unha experiencia ben golosa. Ao entrarmos en Araújo Correia vémonos arrodeados por unha moitedume de figuras intensamente individualizadas física o psicoloxicamente. A arte da descrición excele neste autor que economiza os recursos con avaricia maxistral. A lingua portuguesa é utilizada en multitude de rexistros, e a sensación de fartura e de beleza colectiva, invádenos. A precisión, o detalle, a pintura impresionista e certa turrán por nós e métennos dentro do relato. O territorio propio do autor é o val do Douro, sempre co Porto a carón. Aínda que se non nomeen, sabemos que, sobre o

grande río, ao fondo, están os socalcos, as viñas. Falabamos de certa reticencia do lector neo-realista perante este escritor e outros a el próximos. E ben, os teóricos do neo-realismo Óscar Lopes e A.J. Saraiva son os que mellor valoran a eficiencia do escalpelo crítico do noso autor ao faceren o catálogo dos seus temas: supersticións, loita pola terra, caza do lucro e usura, suxeición das mulleres á tutela masculina, culto dos figurões locais, ritualización doméstica dos obxectos hereditarios. Insisten na agudeza (o Óscar e o Saraiva) da análise social do doutor João de Araújo Correia ao conseguir a identificación dos grupos e as clases sociais: aristocracia duriense dos fins da Monarquía, brasileiros, doutores, burgueses alcandorados, cregos aburguesados, caseiros, almocreves e os moitos outros populares.

Se cadra, será unha simpleza decer que o doutor João de Araújo Correia é un escritor noso, alén de portugués profundo.

Pontevedra biface (11.07.2009)

Nado e criado en Ourense, este que lles escribe foi vivir a Pontevedra cos seus proxenitores a finais dos anos corenta do século XX, e aló permaneceu oito. Pontevedra pareceulle, a aquel rapaz que fun, primeiro, moito máis pequena ca Ourense e, segundo, moito menos marítima do esperado.

De feito, daquela celebrábanse feiras mensuais nas que Pontevedra era invadida por xentes do campo que falaban un galego que se parecía máis ao noso de Ourense e Vilanova dos Infantes que ao das Rías Baixas. Aquelas persoas que ían á feira de Pontevedra e que non seseaban para nada procedían mormente de Cotobade, de Cerdedo, de Soutelo, e, en xeral, dese universo mal definido que chamamos Terra de Montes. Ao revés de Ourense, onde non existen parroquias rurais, nin no sentido relixioso nin no sentido de poboamento histórico, no concello de Pontevedra, para a miña admiración, incluíanse aldeas e freguesías. A miña familia, mesmamente, fixouse no territorio da freguesía de Mourente. E ben, os veciños das parroquias rurais dependentes do concello de Pontevedra sumábanse á moitedume que baixaba á feira desde lugares remotos.

O principal centro da feira de Pontevedra era o campo que hoxe leva o nome da Praza de Barcelos. Alí se puña o gado vacún, os porcos contra o muro de Santa Clara con outros animais. Simultaneamente, polo Teucro, pola Praza da Leña e pola da Verdura sentaban os postos de venda especializada (semente, verdura, bacelos, plantas, piñas e leña...). O día de feira víanse moitas sotanas pola capital, pois os cregos de aldea aproveitaban para faceren os seus trámites. Os labregos, moi serios, ían dun lado a outro en procura do avogado ou á tenda de talabarte de Niño Judío ou á de Ajuria para mirar arados de ferro. A estampa do señor Quintillán, o capador que fora

líder agrarista de don Basilio, era inseparábel, sobre o seu cabalo ruzo, do día de feira en Pontevedra. Día de feira no que as casas de comida da rúa de Benito Corbal facían moi bon negocio. En realidade a feira de Pontevedra só se diferenciaba da de Ourense nunha cousa que me sorprendeu: non había despacho de polbo nin da carne de vitela que agora deron en chamar «no caldeiro».

Pasando os anos, desaparecida a feira e exterminado (como di o Beiras) o campesinado galego, cheguei á conclusión de que o carácter da vida de Pontevedra ten un importante compoñente labrego. As parroquias de Tomeza, Marcón, Mourente ou Xeve, conservan hoxe, en todo ou en parte, esta fasquía. Coa condición labrega asóciase a tradición e antiga práctica do oficio dos arghinas (pedreiros e canteiros). Por esta razón as casas, canastros, portais e cruceiros da Pontevedra rural, e tamén os da vila, están tan ben construídos e son tan xeitosos.

Mesmamente poderíamos considerar que as máis da parroquias rurais de Pontevedra forman parte, por cultura e por morfoloxía, da Terra de Montes. Os curutos da Fracha, desde os cales o P. Sarmiento nos fai outear (Chan da Parafita) o val do Leres, as illas de Tambo e Ons e, lonxe, a punta de Cabicastro e maila vila en conxunto, é signo que marca a pertenza de varias freguesías rurais de Pontevedra á Terra de Montes. Pero non toda Pontevedra é Terra de Montes.

Digamos que Salcedo é unha freguesía que ten o estilo e os modos do Morrazo, coa súa saída ao mar ou ao esteiro en Mollabao. Como o é, e mesmo dialectalmente, Lourizán co núcleo e complexo marítimo de Estribela. Por suposto, a Moureira, cando era arrabalde mariñeiro, constituía unha poboación morraceira nos seus usos e costumes. O P. Sarmiento, na súa descrición paisaxística desde o Outeiro do Navío ou Chan da Parafita no monte da Fracha, inclúe claramente Pontevedra na bisbarra do Morrazo. Cando eu era rapaz e vivía en Pontevedra, o párroco de San Bartolameu ostentaba o cargo de arcipreste do Morrazo. É obvio, se ben miramos, que Pontevedra está asentada na mesma base do Morrazo. En realidade, os que pretenden estender o Grande Vigo alén da ría están a traballar contra a xeografía e contra a historia porque Cangas, Moaña, Bueu, Marín e todas as súas innumerábeis aldeas e moitas outras freguesías pertencen a unha unidade que chamamos Morrazo desde tempos inmemorais e na cal se inclúe, en parte, Pontevedra.

Co cal chegamos á conclusión de que Pontevedra é unha vila biface. Por unha banda, e en dirección Leste, fará parte da Terra de Montes; pola outra, e en dirección Oeste, estará integrada do mundo do Morrazo.

Na vida social e cultural de Pontevedra converxen aspectos e elementos tradicionais que proveñen destes dous universos tradicionais (Terra de Montes e Morrazo) e, se cadra, o seu auxe comercial no pasado orixinouse da fusión de ambos ligada ao comercio marítimo.

As bestas do Santo (18.07.2009)

Aínda estamos en tempo de curros. Temos en Galicia 2.000.000 hectáreas do que chamamos monte. Nestes espazos, en parte libres da funesta repoboación forestal, viven unhas 25.000 cabezas de gado cabalar que cada ano son baixadas, concentradas en curros, marcadas e arredadas para a venda. Hai curros privados, nos que non se fai outra cousa ca os labores propios do caso que alí realizan os propietarios e achegados. Noutros lugares, os curros de bestas bravas convertéronse en espectáculo e en festas populares, algunhas de participación masiva. 219

Domingo pasado celebrouse o curro do Galiñeiro, a onde son baixadas *burras* que se crían bravas en montes encuadrados nos concellos de Vigo e Gondomar. Este curro ten lugar na meseta chamada Dos Arruídos, cabo deses petroglifos da Agua da Laxe que presentan un forte carácter cerimonial e militar. No alto do Galiñeiro os penedos do Coto ou Corno do Demo (Fontán) ollan para o Norte en canto que a Cova da Becha (coa cobra xigantesca dentro) abre a boca negra nos outeiros do Sul. Resultou moi ben o festexo do curro do Galiñeiro que é un dos máis novos do País; para aí uns trinta anos.

Tamén pasou xa o curro chamado popularmente Rapa das Bestas de San Lourenzo de Sabucedo, no concello da Estrada, Terra de Montes. Este de Sabucedo, ao contrario do do Galiñeiro, é moi antigo. Hai noticias de tal rapa, e escritas, desde o século XVIII. Sabemos esta e outras cousas de tal curro de Sabucedo porque sobre o acontecemento abrollou un considerábel continxente bibliográfico, fotográfico e cinematográfico. Sabucedo tivo, sobre todo, a fortuna de que un seu veciño, o profesor Manuel Cabada Castro (familiar do poeta Cabada Vázquez) escribise e publicase unha completa monografía que, alén de clarexar a historia, antropoloxía e socioloxía da súa rapa, nos ofrece noticias concomitantes e interpretacións que resultan moi valiosas para coñecermos a realidade de certas formas e institucións da cultura popular galega en xeral.

Parece que no curro de Sabucedo poden ser observados algúns elementos que o fan diferente dos restantes de Galicia. O principal é que, dende que hai memoria oral ou escrita, a maioría das bestas que se acurran en Sabucedo son de propiedade da igrexa local. Por iso elas son chamadas «bestas do Santo», por San Lourenzo, que é o patrón da freguesía. Os veciños coidan das «bestas do Santo», báixannas, acurran nelas, rápanlles as serdas e crinas e márcannas cun ferro que leva un debuxo que lembra vagamente a grella na que sofreu tormento e morte San Lourenzo.

Se ben hai alí tamén bestas de propiedade particular, os grifóns ou machos reprodutores son sempre «do Santo». Para as diferenciar das outras, as «bestas do Santo» serán sinaladas tamén o día do curro, cun corte nas orellas. O beneficio económico que producen as «bestas do Santo» reverten na freguesía eclesiástica de Sabucedo.

Depreciada a serda, que antano tiña certo valor de mercado, hoxe as gañancias da venda de gado para carne son pequenas así no curro de Sabucedo coma nos restantes. Na actualidade, as greas de Sabucedo son máis numerosas do que foron nunca no pasado, segundo xulga Cabada Castro. Estes anos andarán sobre as 600 cabezas de gado, das que a maioría son «do Santo».

Outra das notas características da rapa de Sabucedo é que se celebra dentro da aldea e non nun lugar do monte, como ocorre cos máis dos acontecementos deste tipo en Galicia. No pasado, seica non existía en Sabucedo un verdadeiro curro para este fin e as bestas eran concentradas no adro ou sagrado, o que puido parecer moi inconveniente. Logo foi construído un curro de pedra, porque esta é tamén terra de pedreiros ou *arghinas*. Co tempo, fóronse construíndo gradas e estruturas modernas. O curro áchase próximo á igrexa parroquial, o que constitúe un signo máis da forte dependencia que ten e sempre tivo a rapa de Sabucedo do poder eclesiástico. É ben curioso o feito, recollido polo doutor Cabada Castro como outros aos que me estou referindo, de que o mesmo cardeal arcebispo de Compostela, Quiroga Palacios, a mediados do século XX, tivo que argumentar contra unhas denuncias feitas por labregos da contorna por uns destrozos que lles fixeran nas leiras unhas «bestas do Santo».

Os coñecedores do monte galego saben moi ben da eterna liorta entre os criadores de gado bravo e os agricultores *hipófobos* dos que temos escrito outras veces no *Fondo dos Espellos*. A novela magnífica de Eva Moreda pode iluminar.

No resto, a rapa das bestas de San Lourenzo de Sabucedo non difire moito dos demais curros de Galicia, aínda que cada un deles goza de personalidade propia e de usos privativos. Ora si, podemos decer que Sabucedo é, hoxe en día, o curro máis popular e o que ten suscitado e suscita maior interese nos medios de comunicación de masa. Por parte, ningún outro curro ten sido obxecto de atención antropolóxica e histórica coma a de Manuel Cabada Castro no libro, *A rapa das bestas de Sabucedo. Historia e Antropoloxía dunha Tradición*, Ir Indo, Vigo, 1992.

O cabalo galego nas letras (25.07.2009)

Fálame o equipo directivo do Instituto Terra de Turonio (Gondomar) que está a traballar nun vasto proxecto (CEIBES NO MONTE) cultural e educativo que ten como centro o noso cabalo. Consúltanme sobre a presenza deste na literatura. Aínda que eu non son périto no tema nin estes *Espellos* son máxicos, tratarei de lles decer algo apoiándome nos que saben máis ca min.

Estrabón, xeógrafo grego (63 a.C.), conta que os Kalaikoi, ou sexa nós, tiñan moitos cabalos e que soían facer holocausto deles ao seu deus da guerra (podía ser Endo-

velico ou Larouco). As figuras de cabalos nos petroglifos poderan ser representación de tales sacrificios.

Segundo Dion Casio (35 d.C.) na súa *Historia Romana*, Xulio César viaxou a Brigantion (cidade e torre actual da Coruña) no ano 61 a.C. Alí fíxose César cun cabalo extraordinario que o levaba a el con orgullo e que rexeitaba calquera outro cabaleiro. Se isto foi así, e non unha fantasía encomiástica, podemos pensar que este de que se fala é o primeiro cabalo galego individualizado que aparece na Historia, e precisamente unido a César. 221

Plinio (século I d.C.) refírese, na súa *Historia Natural*, aos nosos cabalos chamándolles *tiel dóns*, do mesmo modo que lles di *asturcóns* a outros máis cativos. Atribúelles aos cabalos galegos a propiedade de mover simultaneamente o brazo e a pata de cada lado para se desprazar, e isto de modo innato (*mollis alterno, crurum explicatu glomeratio*). Isto quere decer que, para Plinio, os nosos cabalos movíanse naturalmente en andadura (*amblure*, en francés) ou marcha. Joaquín González Troncoso (autor de *Nós, andadura*) sabe ben que a espontaneidade desta tendencia no cabalo galego é aínda hoxe obxecto de disputas ardentes. En todo caso Plinio é o primeiro autor que escribe sobre a andadura e a relaciona co cabalo galego. É cousa divulgada que Plinio explicaba a velocidade innata das eguas nosas mediante o argumento destas seren fecundadas polo vento.

O historiador romano Trogo Pompeio, coñecido a través de Xuniano Xustino (século III d.C.) reférese a un *mons sacer* de Gallaecia, o que nos fai acordantes do Pico Sagro. Escribe que por el se moven raudas greas de cabalos («*equorum pernices greges*») que parecen mesmamente fillas do vento.

Gracio Falisco, poeta latino menor do século I d.C., no seu *Cynegeticon* describe o cabalo galego como apto especialmente para a montaña e asegura que se move ben polos Pirineus pedregosos (*Callaieis lustratur equis scruposa Pyrene*), o cal fainos supor que Gallaecia exportaba cabalos ás grandes montañas do NE peninsular. Pola súa facultade para camiñar polos penedos ou terras rochosas.

Silio Itálico (ano 102 d.C.), historiador, conta coma un cabalo galego, de nome Lampon participou nunha corrida de velocidade en Hispania tirando dun carro cuxo auriga era Cynus, que nós imaxinamos de nación británica. Naturalmente, Lampon ía máis rápido ca o vento, pro gañou o carro tirado por un cabalo galego de nome Panchates e gobernado polo auriga Hiberus. Escipión en persoa lle entregou os trofeos a Cynus e a Hiberus. Non sabemos se lle puxo unhas escarapelas a Panchates e a Lampon.

Estes datos que lles ofrezco foron colixidos, analizados e ordenados por Manuel Cabada Vázquez na súa obra *A rapa das Bestas de Sabucedo*, Vigo, Ir Indo, 1992). Resta moito por investigar sobre a presenza do cabalo galego na literatura. Só vou mencionar que esta alta valoración que vemos no mundo clásico non é tan evidente

na literatura moderna. Xa temos comentado aquí como o cabalo galego, ou faco galiciano, constitúe a única raza equina identificada claramente no *Quixote* por Cervantes. Pro o P. Sarmiento comenta, no *Coloquio de Rústicos* (1745), deste xeito a presenza de cabalos galegos no traslado dos restos de Filipe V de Madril (Madrid) a La Granja: «Outros en cabalos/ con ricos arreos/ iban tan garridos/ como Gerineldo./ Mais outros en bestas/ ou facos galegos/ non iban tan postos/ como os cabaleiros». Sarmiento, tan patriota, despreza o cabalo que Estrabon e Plinio admiraban.

Un souril poeta da Terra de Nemancos, Pérez Parallé, canta así o cabalo de noso no poema «Curro da Capelada», na segunda metade do século XX:

Dende a Cabana teixida/ manda o vento un asubío./ Xurde da Pena Toxosa/ un rancho longo e bravío/
Unha potra branca/ e un potro pedrés/ xuntos dan camiño/ para San Andrés/ A moza Lúa pastora/
polos camiños pedreños/ leva beber á fontela/ os seus cabalos luceiros./ O mozo Sol dilingueiro,/ no
cimo da madrugada,/ acurra cabalos verdes/ na Serra da Capelada.

Cabalos verdes, os de Pérez Pallaré, tan imposíbeis coma os de Franz Marc.

Sobre as putas da Moureira (01.08.2009)

Cando lin *La casa verde* do defunto de Vargas Llosa lembrei o bar das Tres Columnas, da Moureira de Pontevedra. Eramos rapaces pequenos en Pontevedra e os domingos de inverno baixabamos pola Rúa da Barca abaixo. Desde a baranda de ferro mirabamos para un campo de terra mollada. Ningún de nós sabía que aquilo levaba o nome de Campo do Boi. Para nós era só a Moureira. O mítico bairro das putas. Aló ao fondo destacaba unha casiña de pedra cun mínimo soportal de tres columnas. No núcleo histórico da vila e no arrabalde da Moureira había moitas casas dese feitío, con tres columnas ben labradas polos pedreiros da Terra de Montes. Mas (como din os de Lobios) aquela era, por excelencia, a casa das Tres Columnas. Os rapaces, nas tardiñas de domingo, ollabamos fascinados, coas gabardinas molladas e de chanclos de goma nos pés, para a casa das Tres Columnas. Lémbroa emitindo lapas de fascinio. Mal iluminado o Campo do Boi, ao se abrir e fechar a porta do Tres Columnas saía do interior un coitelo de luz cruel. E a casiña máxica emitía música de acordeón, quizais de clarinete; desde logo de batería. Fecho os ollos e lembro a melodía que nos anos da miña derradeira nenez difundía constantemente a radio: «Muñequita linda/ de cabelos de oro,/ de dentes de perla,/ labios de rubí». Moitedume de homes movíase polo Campo do Boi arriba e abaixo. Aquel espazo era o bairro das putas de Pontevedra; a Moureira. E nós, os rapaces, espreitabamos nel con curiosidade en canto faciamos comentarios inocentes que se pretendían procaces. O bar das Tres Columnas era o centro simbólico da Moureira das putas.

Amado Carballo, o poeta da Terra de Montes, sentiuse un día cosmopolita e pulsou a corda estrita e naval de Manuel Antonio. Daquela produciu o poema «Taberna». Nel parece que mestura o arrabal canalla da Moureira co porto internacional de Vigo. É como se o Navy Bar das Avenidas de Vigo se transformase no das Tres Columnas:

Chove fóra. Nas pozas/ aboia a luz de gas./ Na lameira da rúa/ entérrase un cantar./ Mariñeiros de Amberes,/ de Cork e Rotterdam.../ O acordeón borracho/ fala inglés, alemán.../ Na folla do coitelo/ foxe a luz cal no mar.

Non paraban navegantes estranxeiros no Tres Columnas, porque na Pontevedra do século XX xa non había un porto internacional. Si acudían labregos da tan citada Terra de Montes nos días de feira; obreiros, artesáns, comerciantes e funcionarios da capital; algún crego de aldea. Así e todo, o poema de Amado Carballo sempre nos fai acordantes do cafetín de putas chamado das Tres Columnas. Coido que o único estranxeiro que entrou no Tres Columnas nos anos cincuenta foi o divertido xitanólogo irlandés fascista Walter Starkie na compañía gozosa de José María Castroviejo en ocasión dun famoso e movimentado congreso de poesía que lembra moi ben Bernardino Graña. Seguro que os levaron aos dous alí Sabino Torres e os animadores da Benito Soto e do semanario *Litoral* que saían dos prelos da imprenta da rúa de Don Filiberto Abelardo Díaz (nin o pontevedrés máis erudito sabe quen raio foi).

Os rapaces de Pontevedra imaxinabamos as mulleres públicas da Moureira coma deusas distantes e belísimas. Non nos aproximabamos a elas, pro viámolas desfilar pola rúa Michelena os días nos que a lei franquista as obrigaba a pasar recoñecemento médico no Instituto de Hixiene. Sabiamos, si, os nomes de guerra delas: a Florita, a Porriño, a Mimitos. Sabino Torres, poeta, prosador brillante, editor xeneroso, acaba de publicar en Galaxia un libro sobre a Moureira das putas titulado *As Tres Columnas*. Nel describe con precisión poética e con inmensa tenrura aquel universo fechado e un pouco triste. O que eu acabo de escribir está suscitado polas palabras de Sabino neste seu libro destinado a prevalecer. Xusto no ano no que eu marchei de Pontevedra, 1956, o estado franquista ilegalizou a prostitución. Coido que, até entón, as mulleres da vida estaban encadradas no sindicato vertical do espectáculo. Coa prohibición, o bar das Tres Columnas e os outros locais de prostitución da Moureira fecharon as súas portas e macarróns e mulleres dispersáronse e perdéronse na corda frouxa do horizonte. Daquel mundo de tolerancia (palabra hoxe moi prostituída) non fican senón saudosas lembranzas. Un urbanismo predador e feroz transformou o arrabalde da Moureira en algo moito máis feo, e sen carácter. As rúas permanecen cos seus vellos nomes (Xan Guillermo) ou rebatizadas por Filgueira Valverde segundo o catálogo das glorias locais (Cornelis de Holanda, Milano dos Mares). Produce pena a Moureira hoxe.

O neno e as daifas (08.08.2009)

224

Téñense escrito sobre Pontevedra moitas páxinas nas que figuran tipos, vidas, climas culturais xa extinguidos no intre no que autor, afectado, os evoca. Tal corrente saudosista iníciase co *Carmen patrium sive Pontevedra* de Hermenexildo Amoedo Carballo (entre os séculos XVIII e XIX), composto en latín de ambición clasicista e parafraseado en galego por Xohán Manuel Pintos (1853). Aí os están os simpáticos volumes encarnados da serie *De mi viejo carnet* que sacara do Fondo dos seus *Espellos* Prudencio Landín Tobío. Un seu fillo, Rafael, ofrecíanos nantronte humorismo emocionado en *Pontevedra de aquella*. Nunha liña evocadora do pasado golfo da vila e dotado de brillante plasticidade produce Sabino Torres o libro *As Tres Columnas*. E como esquencer aquelas prosas de Filgueira Valverde nas que boliga a Pontevedra popular dos días infantés do polígrafo?

No seu libro citado, Sabino Torres fai memoria literaria daquel espazo da má vida que, na Moureira, tivo como centro o Campo do Boi e de establecemento principal o cafetín das Tres Columnas deica 1956. Naquel ano, o franquismo ordenara ilegalizar a prostitución que estaba regulamentada e controlada sanitaria e políciacamente. Tras a lectura d' *As Tres Columnas* xórdennos varias cuestións que non poderán ser resoltas eiquí no Fondo dos *Espellos* nosos. Espellos nos que agora se inclúe o *Espejo Oscuro* de Lola, a prostituta da novela esquencida de Darío Fernández Flórez. Aquel señorito con botíns.

Cando, como e por que se constituíu a mancebía ou barrio de putas nunha parte da Moureira de Pontevedra e se retiraron dalí as familias de artesáns e xentes do mar? Sabino dinos que foi a principios do século XX. Mais, cal foi o proceso histórico desta ocupación por parte dunha xente allea e como foi a retirada dos que alí habitaban desde os fondais da Idade Media? Un estudo comparado de acontecementos semellantes ocorridos noutras cidades galegas podería deitar moita luz sobre un apartado pouco coñecido da historia social da Galicia urbana. Haberá que consultar con Xosé Fortes, máximo coñecedor da historia de Pontevedra en xeral e da Moureira en particular.

Outra cuestión sería esta: de onde procedían as mulleres da vida que residían, explotadas e segregadas da sociedade regular, na Moureira? Seguro que todas eran de orixe galega e aldeá. Xeralmente é ignorado o feito de que, na aldea galega de antaño, había máis xente ca os labregos, tamén ditos paisanos, e que nela vivían probes; incluso moi probes e sen terra nin casa ningunha de seu. Deste proletariado e submundo aldeán procedían as infelices condenadas a se prostituír. A descrición da «Arquiña do Rei» ou hospicio de nenos de Compostela feita por Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda pode abrírnos os ollos a unha realidade horrenda do século XIX (prolongouse no XX). As persoas ínfimas da aldea –criados, xornaleiros, caseiros, caseteiros ou cabanei-

ros— podían ver como as súas fillas terminaban vendendo o corpo por necesidade e por condicionamento. Tal *aldea dos probes* non foi vista polos máis dos nosos escritores; si por algúns: Rosalía, Neira Vilas, Valle-Inclán. As putas da Moureira proviñan das mesmas camadas dos *sen terra* ca os ladróns, os eivadiños das romarías, os músicos cegos, os ambulantes irregulares.

Lendo *As Tres Columnas* véxome a min mesmo de rapaciño, alumno dun colexio con sede na praza do Teucro. Estou a observar cos meus compañeiros o desfile ledó e un tanto desafiante das meretrices o día de recoñecemento médico (coido que todas as segundas feiras). Elas cruzan o centro de Pontevedra en dirección ao Instituto de Hixiene da estrada de Vigo onde, xeneroso e humanista, o doutor Salom de la Hoz (con clínica particular en Benito Corbal) vai examinalas para evitar a difusión das doenzas venéreas. Antes do regreso á Moureira, aquelas mulleres daban un paseo, e algunhas paraban para gulapear un chato no Fino Palique, barciño próximo ao Casino, a Acción Católica e ao noso colexio. Así que todos nós entrabamos aquel día no Fino Palique so pretexto de comprar pitos soltos de Chester. En realidade era para poder admirar de preto, poño por caso, á Porriño co seu espectacular abrigo de pel de leopardo auténtico.

A verdade é que nós, nenos á porta da pubertade, sentiámonos fascinados por aquelas mozas tan ben peiteadas e pintadas; sempre risoñas. Eramos sabedores dos seus nomes profesionais (Pontevedra era pequena) e, ao tempo, sentiamos medo da súa proximidade no Fino Palique cando chegaba ao noso nariz o efluvio dos perfumes perturbadores que as nimbaban. A máis idealizada era aquela que usaba o nome de guerra de Mimitos. Moitos anos máis tarde, ao eu mirar as mulleres inquietantes dos cadros do *preraphaelism*, de Klimt ou de Lucien-Victor Guirand de Scévo-la, téñenseme acordado as olleiras pintadas e o rostro decadente dalgunhas daifas da Moureira. Beizón á súa memoria; elas, as vítimas.

A viganza de Manilo (15.08.2009)

Evoca Sabino Torres n' *As Tres Columnas* o mundo fechado da Moureira do puterío, Pontevedra anterior a 1956. E sitúa nel dous varóns homosexuais que gozaron de popularidade e simpatía na vila. Benito do Borrón (ou Vorrón, ou Verrón mesmo), o máis vello, era francamente de esquerda, polo que en xullo de 1936 foi preso no edificio da Normal (logo Delegación de Educación, en tixolo) habilitado para cadea política. Alí estivo tamén Alexandre Bóveda, con máis que deixaron a prisión para seren pasados polas armas. Manilo, o outro, era máis novo e del falarase neste relato.

Contan que Víctor Lis Quibén sacou Benito do Borrón da cadea non para lle dar morte na alamedia de Monteporreiro, senón só por xogar. Lis e os da súa escadra meté-

ronlle a Benito do Borrón un xurelo polo cu, por faceren escarnio no roxo maricón. As espiñas, ao intentar o home librase, comportáronse coma arpón e o doutor Marescot tivo a bondade de operalo no seu sanatorio particular en canto os señoritos fascistas rían estrepitosamente no Casino. Víctor Lis Quibén procedía de Renovación Española e, no alzamento, encadrárase na Guardia Cívica e entrara en Falange. Lis, ao igual que François Duvalier, foi médico, etnógrafo e asasino.

A sevicia e humillación extremas que lle inflixiron a Benito do Borrón impresionaron a Manilo, o outro homosexual que Sabino asocia ao bairro da Moureira. No 1936, Manilo era un meniño. Habíase de lembrar sempre do episodio do xurelo. Virialle especialmente á memoria o caso infame no entroido de 1953, cando viu entrar Víctor Lis polo baile do Caixón con paso arrogante. Ao tempo, Manilo era xa un recoñecido e popular homosexual. Os varóns homosexuais recibían en Pontevedra, ninguén sabe por que, o nome xocoso de *relojeros*.

A raíz do golpe franquista foron liquidados os Scouts, aquí chamados Exploradores, e impúxose o Frente de Juventudes como única asociación infantil e xuvenil posíbel. Os Scouts de Pontevedra posuían un pequeno teatro para nel celebraren as súas cerimonias. Tal teatro, coñecido coma Os Exploradores, estaba situado na Rúa de San Nicolás. Non sei quen chegou ser o seu propietario despois da incautación, pero si que nos primeiros anos cincuenta se alugaba para veladas e festas. Durante o entroido máis permisivo, e aínda louco, da Galicia dos cincuenta, que era o de Pontevedra, o teatro dos Exploradores mudaba de nome e convertíase en salón de baile de disfraces de moita tranca. Daquela pasaba a se chamar O Caixón popularmente.

No entroido, o Caixón era unha festa solanesca, goyesca ou valleinclanesca, digamos que segundo as preferencias artístico-literarias de cada quen. No Caixón bailaban e mangreábanse deica ben entrada a mañán homes e mulleres disfrazados e frenéticos en masa confusa e disparatada. Algúns varóns asinalados concorrián a cara descuberta.

Un martes de carnaval, Manilo encontrábase no Caixón vestido de muller e cun antiface veneciano. Movíase ondexando unha xestualidade intensamente lúbrica. De súpeto, Manilo advertiu a presenza de Víctor Lis, que entraba (dominante, só, sen máscara) no Caixón. Manilo despregou as súas artes sedutoras e sacou a bailar o asasino. A orquestina atacaba os compases de «Muñequita linda», en plan moito lento. O fascista ex-cívico non recoñeceu o *relojero* e pensou que estaba a ligar cunha muller. Ao pouco tempo Lis estaba acendido polo desexo e as súas mans percorrían o corpo do travestido, inclusivamente uns peitos voluminosos que non notou postizos. Manilo soubo pór a Víctor Lis quente coma un can. A música terminou e fíxose no Caixón un silencio. Silencio que Manilo aproveitou para se librar abruptamente da apreixa do energúmeno. Deu dous pasos atrás e retirou o antiface veneciano, primoroso.

— Son Manilo, cabrón!—berrou.

Todos se percataron do caso. Víctor Lis, envergoñado, pillou a porta e fuxiu precisamente en dirección ao Borrón. As máscaras proferiron vivas a aplaudiron gozosas. A orquestina, que seguramente tocaba nas Tres Columnas, iniciou triunfalmente os compases do máis vulgar dos pasodobres da época: «Francisco Alegre y olé/ Francisco Alegre y olá». E triunfou a revancha popular.

Tal foi a vinganza de Manilo. El escarniu o asasino franquista máis temido da provincia de Pontevedra. Pensaría entón no que Lis lle fixera a Benito do Borrón e a outros en 1936. Toda a cidade, ao día seguinte, comentaba o incidente. As tertulias franquistas do Casino estaban serias. Contan os máis vellos que Óscar Montero, o xefe da BPS (Brigada Político-Social), mandou prender Manilo. Disque lle deron unha malleira formidábel e que saíu da comisaría coa cara desfeita. Parece que a pantasma de Víctor Lis Quibén foi vista no tendido catro da praza de touros de Pontevedra estes días atrás e en ocasión dos célebres festexos da Peregrina.

A *Celestina* coma anomalía (22.08.2009)

Dámoslle as grazas a «El Bachiller de Ulcis» por nos provocar a emerxencia de Fernando de Rojas e da súa *Celestina* do *Fondo dos Espellos*.

A *Celestina*, coma *Comedia de Calisto y Melibea*, sae á luz uns sete anos despois do descubrimento da América e uns corenta e seis máis tarde da conquista de Constantinopla polo Turco. Esta circunstancia pon a obra no intre no que conviñemos en situar a eclosión do Mundo Moderno e no que moitas sombras se retiraron ás cloacas da Historia. Pesia á súa venerábel idade, a *Tragicomedia*, completa e definitiva desde 1507, segue a fascinar, deleitar, admirar, conmover e perturbar aqueles lectores que son capaces da comprensión da súa lingua e de percibir todas ou algunhas das súas referencias.

Porque a da *Celestina* é unha lingua atravesada e mesturada na que se confonden os rexistros elevados e mailos populares; e isto prodúcese na boca das personaxes de rango superior igual ca na dos apresentados coma de baixa categoría social. Non hai dobre plano lingüístico na *Celestina*, como antes dicía a academia. Ninguén fala alí na lingua amábel das clases altas do tempo dos Reis Católicos, como pretendía Menéndez Pidal.

Todos os posíbeis antecedentes retóricos e estilísticos dispoñíbeis no catálogo do século XV garrulan na *Celestina*, convertendo o libro nun paradigma do «mosaico de citas» ao que Kristeva se refería. Os eruditos angústianse con este libro e caen no síndrome da «ansiedade de Bloom» porque sempre sospeitan que nun calquera relan-

zo daquelas prosas facundas pode haber unha referencia clásica non herborizada. Ovidio, Petrarca, arquetipos da comedia nova grega, da latina medieval, Aristóteles, caracteres de Plauto e Terencio, brutais palabróns pedantísimos empedrados por Juan de Mena, *Biblia*, salmos, himnos. E logo, toda esta materia elevada que se vai embarrar cos refráns, paremias selectas, sentenzas folklóricas, contos do camiño e da rúa, ditiños de arrieiro e de lareira: todo amasado na artesa da literatura tradicional de transmisión oral. Poucas obras temos lido nas que as fontes populares se conxuguen coas cultas con semellante falla de pudor. O lector galego séntese confortado porque as palabras finais da *Celestina* están extraídas dun poema atribuído a Pedro Mezonzo: «*in hac lacrimarum valle*». Salve, Rojas.

Estes anos atrás era moda anunciar o ocaso dos xéneros literarios e teorizar sobre a súa disolución no marco incomparábel do após-modernismo. E ben, desde o punto de vista xenérico, que é a *Celestina*? Un drama ou un romance? Unha obra didáctico-moral ou unha diatriba contra a ideoloxía claudicante na época da igrexa e da nobreza feudal? Seguimos sen o saber, e felizmente que así sexa. Alí onde a función poética da lingua domina estenderanse sempre as néboas da ambigüedad.

Outros coevos nosos ficarán sorprendidos polo vigor dos caracteres que na *Celestina* se amosan vivificados por un diálogo impar. Os criados, os amantes, as putas, o *miles gloriosus*, a Terceira sabia e bruxa: todos se constrúen co troquel do tónico e xa se manifestaran antes un cento de veces na literatura europea. O milagre é que os perfís psicolóxicos deixan de ser artificiosos arquetipos e aparecen agora na *Celestina* de Fernando de Rojas coma frescos e nados do nada; *ex ovo*. O estudo das paixóns é mesmo clínico: o namoramento do mozo rico e disoluto seguindo o método da *Vita Nuova* evolúe ao exercicio pleno da paixón física. A moza inocente incéndiase e tamén se entrega ao gozo. Logo vén a cobiza do ouro e o desexo de vinganza que toca un cumio na descrición dos sesos de Calisto espaxados polo empedrado da canella. E mesmo os lectores sentimos a punxente dor dos ovarios de Areusa. Todo constitúe unha banda deseñada, naturalista e burlesca, que se despreza diante dos nosos ollos ao lermos esta novela trágica e precisamente hilarante. Unha cidade sen nación na que se moven personaxes sen nomes usuais eleva tanta humanidade real ao plano supendido do *non lugar*, ou sexa da utopía.

María Rosa Lida ensinounos a ler a *Celestina* desde a condición revoltada de Fernando de Rojas, autor marrao ou converso, moi cultivado e burgués de toga. De maneira que a exaltación da paixón lasciva, a ausencia de relixión e mesmo o escarnio desta, a desaparición do honor e de calquera dos valores arcaicos da sociedade castelá conservadora daquel e do actual tempo histórico, fan da *Celestina* un artefacto disolvente de grande potencia. Romeo e Juliet casarán pola igrexa e nunca pecarán contra o sexto mandamento. Calisto e Melibea gozan no fornicio e ela haberá de se suicidar, moi conscientemente. Dóese Pleberio, o pai, da morte da amada filla pro non se sente deshonrado nin pensa na condenación eterna da rapariga. Na *Celesti-*

na, Rojas presenta o ser humano tal como é e á marxe da alienación (*Entfremdung*: Marx) relixiosa. Polo que resulta divertido vemos os esforzos de Menéndez Pelayo (católico «a machamartillo»), Julio Cejador (crego) ou Ramiro de Maeztu (fundador do nacional catolicismo racial) por asimilar a *Celestina* ao relato do nacionalismo español de dereita. Intentos fracasados.

Na realidade, hai moito de que nos marabillar ao lermos a *Celestina*. Constitúe ela todo un tratado de anti-España. Os valores carpetovetónicos nos que se entala «el macizo de la Raza» (Machado) desde o *Cantar del Mio Cid* a *El Alcalde de Zalamea* e desde Donoso Cortés a Rouco Varela e ao Opus Dei, pasando por Eijo Garay e Franco, aparecen xenialmente conculcados por Fernando de Rojas, que anuncia na súa *Celestina*, de lonxe, os verbos revoltados de Valle-Inclán e Blanco Amor.

Por todo o cal, sempre a *Celestina* foi considerada unha anomalía nas cavernas de España. Mesmo Cervantes tiña medo da *Celestina* (ou do estado inquisitorial no que vivía) ao proferir, con media retranca, aquel xuízo famoso: «obra al parecer divi(na)/ si encubriera más lo huma(no)». Non se trabucaba don Miguel, non. O mérito principal da *Tragicomedia de Calisto y Melibea* radica en que non encobre nada da condición humana.

O manuscrito achado en Salamanca (29.08.2009)

Da vida de Luis Vaz de Camões e da de William Shakespeare case non sabemos cousa. Pola contra, a biografía de Fernando de Rojas énos ben coñecida debido a que el era avogado e as xentes de tal profesión van deixando atrás súa ronsel de documentos maior ca o que deixamos as outras persoas. Si, sabemos que Rojas cursou leis en Salamanca e que pertencía á colectividade dos xudeos conversos, ao igual ca a súa muller. Nacera en La Puebla de Montalbán e morou en Talavera. Xentes da súa familia e da da súa dona padeceron persecución en razón de pertenceren á minoría marxina de que falabamos. Por saber, mesmamente sabemos cales libros había na biblioteca persoal de Fernando de Rojas.

Lemos a *Tragicomedia de Calisto y Melibea* coma a obra cumial da literatura castelá de todos os tempos. Mais tamén a podemos ler coma unha proposta ateigada de sorpresas e de divertidos enigmas. Coido eu que as certezas que temos sobre a vida de Fernando de Rojas poden botar moita luz sobre os misterios da *Celestina*. Examinemos un dos máis famosos, que ten feito escorregar moita tinta dos tinteiros eruditos e curiosos.

Conta Fernando de Rojas que el non escribiu a totalidade da *Celestina*. Segundo as súas palabras, sendo estudante en Salamanca encontrou (non di onde nin como) un manuscrito anónimo no que se contiña o primeiro acto da obra, no que se cifra en

xermolo a totalidade do argumento. Seducido por el, Rojas di que o único que fixo foi desenvolver tal argumento até completar a comedia ou traxicomedia, cousa que despachou nunhas vacacións e que lle levou quince diññas. Se isto non é un recurso literario que o Demo me leve ao *Fondo dos seus Espellos*.

Ninguén no seu san xuízo cre que o *Quixote* sexa a tradución castelá e adaptación que Cervantes fixo do manuscrito arábigo achado nun alfarrabista de Toledo e que era da autoría de Cide Hamete Benengeli. Pro houbo, e hai, críticos moi sabios que tomaron, e toman, en serio a argallada de Fernando de Rojas e que están seguros de que el non escribiu o primeiro acto. Non se decatan de que o noso autor estaba a practicar unha estratexia literaria que xa era vella no seu tempo. E que se perpetuou; polo que agora nos chouta na memoria *O manuscrito achado en Zaragoza* do polonés Jan Potocki (obra valentísima para primeiros do século XIX) ou o outro manuscrito achado nunha alxibeira por Julio Cortázar. A literatura narrativa galega está ategada de manuscritos atopados aquí e acola. Na miña humildade, eu tamén achei algún manuscrito que outro. E non podemos esquencer que moitos relatos en primeira persoa, incluídas as novelas epistolares coma o *Werther*, están montados sobre un manuscrito ficticio que o autor asegura ter achado por aí. O de Rojas, digo, seica foi achado en Salamanca.

Non coñezo análise estilística ningunha, nin de fontes referenciais, que me persuadea de que Rojas veramente achou o manuscrito do primeiro acto da súa (toda súa) *Celestina*. Se reparamos en que, nos días de Rojas, non podía haber en Castela moitas persoas tan boas coñecedoras de (digamos) Petrarca coma para inventar o dito acto, como entender que ningunha voz contemporánea se alzase para descubrir o nome do autor? O propio Rojas deixa caer (vagamente) que tal autor puidese ser Juan de Mena ou o máis sinxelo Rodrigo Cota.

E ben, Mena non estaba capacitado, naqueles finais do século XV no que Rojas escribía, para decer nada do asunto porque xa había moito tempo que entregara a ialma na compañía do seu señor «el muy prepotente Don Juan el Segundo». E o Cota era un mozo camarada de Fernando de Rojas, coma el «semita» (di un historiador da literatura), que estaría ben disposto a participar no xogo. A cultista e mesmamente pedante literatura de Mena, ou a tosquidade da pouca obra que coñecemos de Cota, lévannos a considerar imposíbel a autoría dun e doutro. Ningún dos dous sería capaz de pór nos beizos da vella alcaiota este latricar de diminutivos, por un caso:

¿Qué dirás a esto, Pármeno?

¡Neciuelo, loquito, angelico, perlica, simplezico! Llégate acá, putico, que no sabes nada del mundo ni de sus deleytes.

Por suposto, o truco de finxir que o primeiro acto da obra era doutro autor proporcionoulle a Fernando de Rojas a fina ocasión de cubrir o texto de eloxios sen temor a ser tachado de louco ou de inmodesto. Pro Rojas, que se presenta a el mesmo como «ju-

rista», seguramente tramou a ficción con fins máis prácticos e a maior abondamento (diría Luís Seoane, tamén avogado).

Se é certo que a *Celestina* foi escrita nun tempo de relativa liberdade de expresión non o é menos que o tribunal da Inquisición estaba a ser posto en marcha e que unha denuncia, non tanto por inmoralidade coma por herexía ou irrelixión, podía ser aceptada a trámite, co cal se facía necesaria unha defensa. Polo que a miña hipótese é esta: o avogado Rojas, ao inventar a estoria de que o primeiro acto da *Celestina* non era seu, estaba a pre-fabricar unha circunstancia atenuante no caso de ser procesado e xulgado. El podería ser achado culpábel dos contidos da *Celestina*, pro non de todos eles. 231

O pai e o sogro de Fernando de Rojas tiveron problemas xudiciais derivados da condición de marraos ou cristiaos novos que tiñan. A vixilancia sobre os conversos era moi severa e a burguesía de orixe hebrea da que procedía o escritor era especialmente odiada e envexada por amplos sectores da sociedade castelá da época. Como adoita decerse, Fernando de Rojas, ao discurrir o recurso do manuscrito atopado en Salamanca, estaba a se curar en saúde.

En próximas semanas, se temos folgos, iremos tratando dalgúns dos segredos da *Celestina* para, finalmente, refutarmos «El Bachiller de Ulcis»; ou sexa aquel que na carta que enviou a esta sección pretendía que fose Lugo a cidade na que transcorre a acción da obra inmortal de Fernando de Rojas.

***Celestina* enigmática (05.09.2009)**

A *Tragicomedia de Calisto y Melibea*, dicíamos, pode ser lida coma unha obra xenial ou ben estudada coma unha caixa de curiosidades e segredos. Non só o autor, Fernando de Rojas, quixo deixarlle aos lectores futuros un conxunto de misterios cifrados. Os seus editores seica se divertiron abondo no xogo de lles pór datas falsas ás impresións da obra, comezando pola primeira de finais do século XV. E non só iso: Alonso de Proaza amósase moi compracido ao lle revelar por fin aos lectores (na edición de «1507») o nome do autor da obra, coidadosamente oculto nas iniciais dunha introdución en verso que hai que ler coma acróstico. Di este así: «El bachiller fernando de roias acabo la comedia de calysto y melybea y fue nascjdo en la puebla de montalvan». Se non fose polo aviso do editor Proaza, nestas alturas non coñeceríamos o nome do autor da *Celestina*.

Autor que non semella moi decidido a se facer notar. Inventa o conto de que o primeiro acto da súa comedia foi escrito por outro e dá á luz as súas primitivas edicións co nome de Fernando de Rojas moi ben camuflado. Seguramente en Rojas actuaba o medo ás envexas que o seu éxito podía suscitar na sociedade católica. Tal inquina

podía propiciar un procesamento e un escándalo. Mais un sentimento oposto, o do san e xustificado orgullo que sentiría Rojas pola grandeza da *Celestina*, ocasionou que fose temerario e que cedese á tentación de nos infiltrar por medio dun acróstico o nome, lugar de natureza e grao académico que eran seus.

Debemos ter presente que Fernando de Rojas era suxeito acomodado: avogado en exercicio que, mesmamente, parece que chegou a alcalde de Talavera. Tan boa posición e tal respectabilidade podían ser postas en perigo por un xuízo criminal a causa da publicación, seguida de éxito fulgurante, da *Celestina*. E Rojas optou por tácticas de falsa modestia para se facer perdoar o pecado da súa xenialidade literaria e do atentado á moral e ao dogma católicos que supón a obra no seu conxunto.

Un atentado ideolóxico que, moi coidadosamente, Rojas maquilla cunha pretensa intención de instruír o lector sobre a malicia dos pecados da carne. Na realidade, os que hoxe acreditan nunha intención didáctico-moral da *Celestina* están a picar inxenuamente na encarnada que o astuto Rojas lles puxo no anzó aos contemporáneos e á posteridade. Non son máis verdadeiras as intencións moralistas que aparecen na *Celestina* ca o recurso á mesma moralidade que os autores das novelas picarescas do século XVII castelán poñen a tras cada transgresión en que incorren as súas personaxes pecadentas. En Rojas e na picaresca, tal moralismo, destinado a lexitimar a obra perante unha rixida censura eclesiástica, acaba nos nosos días (e non só) por funcionar como sarcasmo hilarante.

Na traxedia de *Romeo e Xulieta*, Shakespeare fai que os protagonistas santifiquen os seus amores mediante o matrimonio relixioso. Alén diso, a traxedia desátase pola circunstancia de que eles pertencen a familias inimigas: Capuletos e Montescos. E ben, Calisto e Melibea fornican libremente na *Tragicomedia* sen mediar outras bendicións que as diabólicas de *Celestina*. E que circunstancia social impedía que os protagonistas de Rojas se unisen en matrimonio? Ningunha: Calisto e Melibea son solteiros, mozos e da mesma clase (burguesía, seguramente). Veleiqué outro enigma da *Celestina* que levou algúns estudosos dotados de fantasía a sospeitar, sen calquera fundamento textual, que o que impedía o matrimonio dos amantes era a pertenza dun deles á sociedade, tan mentada neste *Fondo dos Espellos*, dos conversos ou cristiáns novos. En todo caso os amores de Calisto e Melibea quedan moi ben coma os finxiu Rojas seguindo o argumento do *Pamphilus de Amore*, comedia latina medieval da que tamén se servira o Arcipreste de Hita, e a *Tragicomedia* é un texto literario superior ao *Romeo and Juliet* de Shakespeare.

Rojas viu como a *Celestina* se reeditaba e era moi lida en corro. Tanta foi a súa popularidade que, en vida do autor, xa pasaron a se chamar *celestinas* as Vetulas alcaiotas ou alcoviteiras. De mozo, eu ouvía falar en Castela de «los polvos de la madre Celestina», en clave proverbial, e é capaz de que de aí proveña a acepción sexual da palabra «polvo». Seguro que a expresión «de puta madre» procede da mesma obra e cecais tamén aquela que fala de levar alguén «al huerto», polo de Melibea.

Logo de semellante éxito, Rojas non volveu publicar obra ningunha. Por que? Quedaríalle a imaxinación extenuada polo esforzo? Non o creo. Opino que, entre vivir unha vida cómoda como avogado e home de ben e converterse en escritor famoso pro odiado polo estamento dominante a causa da súa visión do mundo contraria aos valores establecidos, Rojas escolleu o primeiro e as grandes letras saíron perdedoras. É posíbel que Rojas, ao renunciar á carreira literaria, se sentise frustrado, pro salvouse do destino preferencial que a España Negra lle tivo reservado sempre aos bos escritores en lingua castelá. Librouse Rojas dos procesamentos, tormentos e cadeas que sufriron, por razóns diversas, Frei Luis de León, Miguel de Cervantes, Mateo Alemán ou Baltasar Gracián (por non sacar do *Fondo dos Espellos* nomes contemporáneos do tipo de Federico García Lorca).

A cidade misteriosa da *Celestina* (12.09.2009)

Na *Celestina* funcionou de marabilla a lei aristotélica das tres unidades, o que dá lugar a un relato (dialogado) moi compacto. O escenario, digamos con redundancia, é tópico. A cidade da *Celestina* é a da comedia clásica grega e latina. Ora ben, sobre tal base aparecen elementos contemporáneos moi identificábeis, coma rúas, igrexas, armamento, vestiario. Os nomes das personaxes, ao contrario, son distanciadores e helenizantes ou latinizantes. A cidade na que transcorre a acción da *Celestina* é literaria, con algunhas pingas de realidade social e ambiental castelá da época na que foi escrita. Pro é o caso que esta cidade sen nome ten unha forza extraordinaria.

Non constitúe un *topos* neutro senón un espazo vivo e dotado de personalidade. Alén da vinculación da cidade inventada por Rojas coas de Aristófanes, Plauto ou Terencio, pensaría Fernando de Rojas, ao construír a súa, nalgunha cidade do seu tempo?

Durante moitos anos apareceron hipóteses, e mesmo disputas, sobre cal foi a cidade na que se inspirou Rojas para inventar a de *Celestina*. Algunhas referencias concretas do texto foron tidas en conta para afiliar a cidade literaria con algunha verdadeira. Na *Tragicomedia* danse nomes de igrexas (a Magdalena), menciónanse dúas rúas ou territorios urbanos (La Tenerías, El Arcediano) e apéséntase unha grande mansión, a de Pleberio, con horta coutada por un muro alto e unha torre desde a cal pode contemplarse un río. Sobre estas fracas pistas pretendeuse que Sevilla, Toledo ou Salamanca fosen o modelo daquela cidade misteriosa. Mesmamente, en senllos comunicados que chegaron ao *Fondo dos Espellos*, dúas persoas curiosas propuxeron tamén Lugo e Ourense como prototipos da cidade da *Celestina*.

Nas citadas poboacións hai, máis ou menos, un río, unhas rúas das Tenerías ou do Arcediano, pro elas a min non me cheiran nin me arrecenden á cidade da *Celestina*. Sevilla e Toledo seméllanme demasiado arábicas e Salamanca universitaria en exce-

so. Non hai arquitectura mourisca na *Celestina* e non aparecen aló estudantes aínda que moitos falen como literatos. Con todo, parece ser que na Salamanca do Século XVI se ensinaban unhas casas coma as de Pleberio, Calisto e Celestina. En canto a Lugo e Ourense, alí hai demasiada néboa e o clima da *Celestina* é máis ben seco.

Segundo Moncha Fuentes, a cidade real que Rojas tería en mente cando finxía a cidade na que pereceron Celestina, Calisto, Melibea, Pármeno e Sempronio, é Zamora, que non se encontra lonxe da Salamanca dos días escolares de Rojas.

Certamente, en Zamora hai un río, o Douro, e, próxima á actual avenida de Vigo, unha rúa de Tenerías, pois aquela foi zona de pelamios e curtumes. Calquera casiña actual do arrabalde extramurado de Las Tenerías podía ser a de Celestina. Naquel territorio, antano asentamento de xudeos e marraos, viven hoxe moitas familias de xitanos tamén «conversos», pro estes á igrexa pentecostal Filadelfia: son algúns *mercheiros* ambulantes e outros dos que en Galicia chaman precisamente «zamoranos». Eu detectei hai anos, nesas partes baixas da Zamora que caen sobre Douro, unha vella xitana de longas saias e pano negro á cabeza. Ela «haldeaba» polas encostas que fan ribeira. Seguina por rúas que se chaman de Doncellas e Abrazamozas. A vellota ía a angueiras que eu non sabía e petaba en portas como facendo comisións. Pensei que a cigana anciá era Celestina rediviva.

Na obra de Rojas cóntase como Calisto ía consolar a súa tribulación amorosa nunha igrexa dita da Magdalena. Non só existe tal Magdalena na Rúa (sic) de los Francos, de Zamora, senón que é un dos máis belos templos románicos daquela cidade. Na actual provincia de Zamora está Toro, a Celestina gaba ben o viño daquela terra. A carón doutra igrexa, a de San Cebrián (santo considerado patrón da bruxaría na que militaba Celestina), hai en Zamora unha grande casa (restaurada pro antiga) cunha horta protexida por un alto murallón. Da casa sobresa unha torre desde a que seguramente se pode dexergar o curso do Douro. Dunha torre coma esa guindouse Melibea. Do alto dun muro igual ao realmente existente caeu Calisto e deixou espaxados os miolos da cabeza polo encoiñado. *Encoiñado* chamámoslle en Ourense ao pavé das rúas feito con seixos, coios ou croios do río. Na *Tragicomedia* menciónanse literalmente («essos cantos») os coios ou croios que actualmente podemos trepar cos nosos pes onda o muro de que tratamos. E falando da *horta* de Melibea, teatro dos seus encontros con Calisto, pola contorna podemos visitar outra igrexa (tamén de arte románica) que recibe o nome arcaico e misterioso de La Horta. Mesmo este cronista lembra en Zamora un puterío ou mancebía florecente nos arrabaldes citados e próximos a Las Tenerías, ao pé da muralla famosa da cidade.

En fin, a cidade vella de Zamora é un espazo moi constrinxido que doadamente nos leva a evocar a atmósfera de encerramento que se respira na *Celestina*. «De un lado la cerca el Duero,/ del otro Peñatajada,/ del otro veinte y seis cubos,/ del otro la Barbacana» –que así cantaba o vello romance do ciclo do cerco de Zamora.

Zamora é a cidade real que mellor pode transportarnos á cidade ideal de *Celestina*. Con todo, e se me preguntaren como vexo eu o pazo de Melibea, diría que igual a aquel que, na Praza das Cebolas ou do Tenente Almeida de Vigo, dá albergue hoxe ao Instituto Camões. Casa de Arines, chámanlle.

235

Medievalismo e modernidade de Fernando de Rojas (19.09.2009)

Soe decese que na *Celestina* coexisten elementos medievais e modernos. Case toda a crítica enfatiza a modernidade da obra e considera menos importante o seu medievalismo. No *Fondo dos Espellos* non pensamos así.

Considérase que a Idade Moderna se inicia en Europa en 1453, coa queda de Bizancio, o que en España ocorrería en 1492 co descubrimento da América. No *Fondo dos Espellos* coidamos que a Idade Moderna entra en Galicia no ano 1483, coa decapitación do Mariscal Pero Pardo de Cela. E ben, no tempo histórico que arrodea estas datas, Rojas produciu a *Celestina*: nos derradeiros relanzos do medievo e na aurora da modernidade que coñecemos por Renacemento, pois.

Pénsase que a mostración da carnalidade erótica, a irrelixión e unha visión pesimista e escéptica da vida serían as características modernas da *Celestina*. E serían medievais a linguaxe popularista e a retórica de «amor cortés» que se cifra no discurso amoroso de Calisto. Non é así ao noso xuízo, ou non o é completamente.

Deixemos fóra a consideración de «amor cortés» pois esta é unha noción que no século XIX inventou Gaston Paris (1839-1903) e que está moi necesitada hoxe de revisión. E digamos xa que a idea dunha Idade Media predominantemente relixiosa, ou na que as formas sublimadas ou idealizadas do amor sexan as únicas admitidas, constitúe unha simpleza.

Existiu unha literatura medieval de expresión latina: aquela na que nos introduciu E.R. Curtius. Certo que moita desta literatura é de carácter relixioso, pro existe tamén a secular, laica ou profana, e convén lembrar que os clásicos, notoriamente Ovidio, nunca deixaron de influír na Idade Media. No ámbito escolar floría a comedia humanística, xénero no que se inclúe o *Pamphilus de Amore* en cuxo argumento se encontra o plan da *Celestina*. Polos camiños de Europa movíanse os goliardos ou *clerici vagantes* que cantaban o viño, o amor e os praceres do presente. Moitos gustan dos *Carmina Burana* tal como foron musicados por Carl Orff, pro algúns ignoran que o himno universitario *Gaudeamus igitur*, que foi traído de Francia a Compostela por Filgueira Valverde sobre 1924, pertence á cultura marxinal goliardesca: «Gozemos, pois,/ en canto somos mozos...» Todo ese mundo agurgulla na *Celestina* e é profundamente medieval.

A partir do século XII xorden en Europa literaturas nacionais que se expresan nas linguas chamadas vulgares. Desde o seu nacemento, a épica culta francesa e a lírica occitana tratan de amores directos e carnaís. Houbo memorábeis transgresións e fornicacións insignes: Tristán e Iseu, Lancelot e Guenevra, as que relata Maria de Francia. Desde as cancións do seu fundador Guillem de Peiteus, a poesía occitana trata en amores sexualmente comprimentados e preferentemente adúlterinos, e non das vaguedades «cortesés» que pensa certa crítica. En Alemaña, os *Minnesänger* amosan con primor e ledicia mundana o amor en todas as súas formas, e descoñecen o factor relixioso. Boa parte da poesía galega dos *Cancioneiros* trata de encontros e desencontros amorosos, inclusivemente moitas das pezas do Afonso X que tan piedoso se amosa nas *Cántigas de Santa María*. Nas nosas cántigas de escarño son mencionados, con humor carnavalesco, a masturbación feminina, o coito nefando, as doenzas venéreas, alén das formas usuais e convencionais do comercio sexual. Vemos no centro do século XIV a *Divina Commedia*, construción teolóxica e portentosa palabra que emula as catedrais góticas, pro, ao seu carón, Boccacio nos fai rir e o Petrarca nos admira e seduce coas súas análises obsesivas do desexo amoroso. Non é, pois, certo que a Idade Media e o Renacemento se revelen na *Celestina* no acto de mostración da carnalidade contraria aos mandamentos cristiáns. Tal mostración do fornicio e outras humanidades son de fundamento medieval.

Con todo, encontramos na *Celestina* unha dimensión que efectivamente nos leva ao Mundo Moderno. Podémola percibir moi netamente desde eiquí onde nos achamos: neste chanzo histórico e mental que chamamos Contemporaneidade. Desde a volta de parafuso de 1789, que segue a xirar en helicoide, podemos asomarnos ao abismo. Resplendor no abismo que Rivas atopou nunha divisa anarquista. Nos inicios do século XVI houbo crise no pensamento. O home desafiouse a si mesmo, crebou a fe cristiá en anacos; mesmo se ocultou a fe. Houbo baleiro nos corazóns e, eiquí e acolá, por toda Europa fumegou o nihilismo, o escepticismo. Xa non hai relixión para algúns; xa máis nada ca o ser humano e as súas paixóns inútiles.

O derradeiro personaxe en tomar a palabra na *Celestina* é Pleberio, o pai da moza que acaba de suicidarse diante dos seus ollos. O pranto de Pleberio constitúe unha peza estoica e conmovedora. O seu contido moral reférese ao caos, á ausencia de sentido que ten a vida, ao amor que se abraza coa morte desde Epicuro, pasando por Lucrecio. A ausencia de ningún deus, de norma moral ningunha, de sentido do honor, resulta estrepitosa e absolutamente moderna. Xa nunca se volverán pronunciar palabras como estas en Europa despois da consolidación da Reforma protestante, despois de Trento. Cando terminou de escribir así Rojas, un pensador tudense, Francisco Sánchez, había de expor maxistralmente esta ausencia total de certezas e esta extinción da Verdade na obra titulada *Quod nihil scitur*: non podemos saber nada sobre nada. Aí, nese espazo de contravalor, si que situamos a *Celestina* na Modernidade.

Onde naceu Martín Sarmiento? (26.09.2009)

Cabada Castro chamaba a nosa atención sobre o traballo de José Santos Puerto titulado «Martín Sarmiento, natural de San Juan de Cerdedo» (in *Sarmiento, Anuario Galego de Historia da Educación*, 2008). Para o doutor Cabada «xa non se pode soste- 237
ter doadamente» que o P. Sarmiento sexa bercián de nacencia. Miremos a ver o que aparece no *Fondo dos Espellos* sobre o asunto da patria de Sarmiento.

O pai do famoso frade (os bieitos eran frades) sería un dos moitos pedreiros de Terra de Montes que ascenderon ao estado de mestre de obras ou contratista. Chamábase Afonso García Gosende (ou Gosende de Figueroa) e era natural de Cerdedo. Andou a traballar nas obras da colexiata de Vilafranca do Bierzo. Aló coñeceu unha moza da freguesía próxima de Pascais, lugar ou aldea de Perros (con «e» aberto), no actual concello de Samos. Ela era Clara Balboa Sarmiento. Casaron, e en Vilafranca, fóronlles nacente fillos que figuran asentados no libro parroquial de Santa Catarina, daquela vila. Pro o nome do neno Pedro Joseph García Balboa («Perucho»), que logo sería Martín Sarmiento, non consta no libro porque a este lle faltan os folios correspondentes ao período de 1693 a 1703. Perucho/Sarmiento naceu en 1695.

Lembremos que o Concilio de Trento mandara abrir en todas as freguesías católicas libros nos que o cura habería de rexistrar batizados, matrimonios e defuncións. De xeito que, para coñecermos o lugar e data de nacemento dunha persoa da Idade Moderna, e aínda Contemporánea, a fonte principal será o libro parroquial correspondente. No século XIX, os libros laicos do Rexistro Civil viñeron complementar como fonte histórica os parroquiais. Por parte, dictaminan asimesmo certeza as partidas de batismo defunción ou matrimonio, as cales constitúen documentos móbiles nos que o párroco copia e certifica un asentamento dos libros parroquiais e que, a maior abundamento, poden ser legalizados. Tamén no século XIX as partidas (ou extractos) do Rexistro Civil expedidas polo xuíz encargado pasarán a ser fonte indubitada para os historiadores.

E ben, en Santa Catarina de Vilafranca desapareceron do libro de batizados as páxinas nas que debería figurar o nome do meniño Perucho García Balboa, logo Sarmiento. Tampouco figura tal naipelo nos libros parroquiais, estes enteiros e verdadeiros, de Cerdedo, patria do seu pai, e Pontevedra, vila á que foi vivir a familia despois da campaña laboral de Vilafranca. Cabería a posibilidade de que Clara, a nai, fose parir Perucho na casa da que ela procedía, Perros, e que no libro parroquial de Santalla de Pascais aparecese como batizado. Non sei se alguén explorou esta última posibilidade, pro, polo silencio, sospeito que si e que a investigación resultou infrutuosa.

Logo, se Pedro Joseph García Balboa, logo Martín Sarmiento, non figura como batizado nos libros parroquiais de Cerdedo, Pontevedra e Pascais será porque non naceu nin recibiu as augas batismais en ningún deses sitios. Lémbrese que, nos anos finais

do século XVII, os eclesiásticos e os súbditos cumprían estritamente o ordenado en materia de rexistro parroquial. O cal nos devolve a Vilafranca onde os pais de Sarmiento residían e onde foron rexistrados os batismos dos seus irmáns.

- 238 Diciamos que unha partida de batismo pode substituír o libro parroquial como fonte limpa para certificarmos o nacemento dunha persoa. Non temos constancia de que partida ningunha de batismo de Sarmiento estea dispoñíbel hoxe para consulta. Pro sabemos de alguén que di que viu tal: Francisco de Paula Cousiño, sobriñoneto do «Grande Galego» (en termos de López Peláez). Os papeis deste señor foron consultados por Santos Puerto e por outros investigadores. Di Cousiño, sobre 1820, que el mirou cos seus ollos unha partida de batismo de Pedro Joseph datada, cre lembrar, en 1694. Logo, con imprecisión, cóntanos que se perdeu na Francesada. Non sabemos se o que se perdeu foi a partida ou os folios do libro ou as dúas cousas. En todo caso non hai razón ningunha para supormos que o señor Cousiño mentise e o seu testemuño representa máis un indicio que nos leva a facer de Vilafranca do Bierzo o lugar de nacemento do P. Sarmiento.

A partir do falecemento do sabio patriota multiplícanse as voces que proclaman Vilafranca como a súa patria, sen que outra localidade reclame a honra en boca de calquera contemporáneo. No mesmo ano da súa morte, 1772, *El Mercurio Histórico-Literario* de Madrid dirixido por Tomás de Iriarte, dá o seguinte solto:

El 7 de este mes (Nadal) falleció en el Real Monasterio de San Martín de esta Villa, a la edad de 78 años, el R.P. M. Fr. Martín Sarmiento, cronista general de la orden de San Benito de la Congregación de España, natural de Villafranca del Bierzo en Galicia (no de Pontevedra, como equivocadamente se dijo en *La Gaceta de Madrid* del 22 del presente). Todo el elogio que pudiéramos hacer aquí de las prendas religiosas y literarias de tan insigne varón se halla compendiado en esta inscripción latina que para la lápida del sepulcro ha dispuesto el Dr. D. Casimiro Ortega, primer profesor del Real Jardín Botánico: «HIC JACET F. MARTINUS GARCIA SARMIENTUS, GALLAICUS ORIGINE, NATUS VILLAFRANCAE IN VIERZO V IDUS MART.MDCXCV OBIT MATRITI VII IDUS DECEMBR. MDCCLXXII».

Portanto, no mesmo ano da morte de Sarmiento o doutor Ortega redacta o epitafio oficial no que se afirma con carácter apodíctico que o lugar de nacemento do noso autor é Vilafranca do Bierzo. E esta vila é considerada galega polo ilustre literato Iriarte e polo sabio botánico Ortega. Seguiremos tratando do asunto no *Fondo dos Espellos*.

Sobre a patria do «Grande Galego» (03.10.2009)

O lugar de nacemento de Sarmiento, «O Grande Galego» para López Peláez e para nós, parecía ser identificado por todos os estudosos como Vilafranca do Bierzo. Pro, agora, o investigador José Santos Puerto chega a outras conclusións no *Anuario Sarmiento* que dirixe o meu camarada profesor Herminio Barreiro na Universidade Compostelá. 239

Para Santos Puerto, Pedro Joseph García Balboa, logo Martín Sarmiento, nacería en Cerdedo, hoxe na provincia de Pontevedra, onde nacera o seu pai. Aduce este autor actas dun libro regular do convento de San Martín de Madrid, ao que pertenceu Sarmiento durante toda a súa vida de relixión. Nunha acta lese: «... D. Pedro García, natural de San Juan de Zercedo en el reino de Galicia, hijo legítimo de Alonso García y de Clara Balboa y Sarmiento, naturales de dicho lugar...», no ano 1710. E noutra: «... fr. Martín (en el siglo se llamaba Pedro) García, natural de San Juan de Zercedo...», ano 1711.

Examinadas estas actas, pensamos: o secretario que as elaborou revélase pouco coidadoso, pois unha vez di que Sarmiento naceu en Zercedo e outra en Zerezedo. Non acerta en Cerdedo nin por casualidade. Pro non é esta a razón de considerarmos infiábeis tales fontes a efectos biográficos, senón outra. Declara o secretario que Clara, a nai de Sarmiento, era natural tamén de «San Juan de Zercedo» cando sabemos que o era da freguesía, próxima ao Bierzo, de Santalla de Pascais, hoxe no concello de Samos. Ao non ser veraz o redactor da acta ao se referir ao lugar de nacemento de Clara Balboa Sarmiento, a súa credibilidade xeral resulta enfeblecida.

Pensa Santos Puerto que, o feito de Sarmiento vivir longos anos no convento de San Martín de Madrid, chegando mesmo a desempeñarse de abade, e nunca se el coidar da rectificación dos datos referentes ao seu lugar de nacemento, constitúe unha proba de que aceptaba ser do Zercedo ou Zerezedo, que nós deberíamos corrixir como Cerdedo. Eu supoño outra cousa, e ela é que ao noso bieito lle importaba pouco cal fose o seu lugar de nacemento real, sempre que estivese no reino de Galicia. E pode agora lembrarse que Valle-Inclán nunca rectificou publicamente os que o facían natural da Pobra do Caramiñal nin Otero Pedrayo os que o fixeran fillo de Trasalba cando é que o primeiro veu ao mundo en Vilanova da Arousa e o segundo no centro de Ourense.

Sobre todo resulta absolutamente incríbel que un meniño de familia coñecida, nado e batizado en Cerdedo no ano 1695, non fose inscrito no libro parroquial correspondente. A disciplina tridentina e as disposicións vixentes eran moi ríxidas naquel entón. Tampouco o naipelo Perucho figura nos libros parroquiais de Pontevedra e de Pascais, freguesía, a última, de procedencia da súa nai. A onde dirixiremos a vista, pois? Sen dúbida a Vilafranca do Bierzo pois aló moraban os seus pais en 1695 e

alí foron rexistrados os batizados dos seus irmáns Xosé Antonio, Afonso Antonio e María Bárbara Xosefa.

240 Sarmiento, en vida, declaraba sempre que era galego e de Pontevedra. Pode isto ser compatíbel co feito de el ter vido ao mundo en Vilafranca do Bierzo? Indubidabelmente, si.

Moitos entendían naquela época que Vilafranca pertencía a Galicia, como evidencian os casos do cultísimo Tomás de Iriarte e do sabio botánico Casimiro Ortega, autor un da crónica necrolóxica de Sarmiento e o outro do seu epitafio latino. Dubido moito de que Sarmiento, tan dilixente perseguidor de documentos («instrumentos», dicía) medievais en galego, ignorase o importante xacigo deles que existía, poño por caso, no mosteiro bercián de Carracedo, cuxo cartulario de 1792 acaba de ser remitido ao *Fondo dos Espellos* polo historiador, bercián coma Santos Puerto, Balboa de Paz, transcrito por Martín Martínez. «Eu María Perez e meu yrmao Pedro Arias a vos Johan Paez e vosa muller Marina Fernandez vendemos unha viña en Naraola so signo de Valdevolaque...» –copio eu dese cartulario, seguramente mal lido polo frade que extractou o documento de 1257 en 1792. Así cantaba o galego bercián e Sarmiento tiña que o saber.

En canto a Pontevedra, como Sarmiento non se ía sentir daquela vila á que foi trasladado desde Vilafranca aos catro anos e na que viviría quince? Supor que Sarmiento pensase en Cerdedo cando unha e outra vez se declaraba de Pontevedra constitúe unha ilusión presentista. Nos días de Sarmiento, Cerdedo, en Terra de Montes, facía parte da provincia de Santiago. Aínda haberían de pasar moitos anos para que Pontevedra se convertese en capital dunha provincia na que Cerdedo fose incluído.

Por todo o cal, e despois de estudar o interesante traballo de Santos Puerto, seguímos a pensar que o Padre Sarmiento, «O Grande Galego», naceu certamente en Vilafranca do Bierzo.

Non sei que pensará sobre to do isto o profesor Cabada Castro, que me di ter moi en conta a proposta de Balboa de Paz.

Balbinos e Balbinos (10.10.2009)

Leo o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (Edicións Ismael González, O Carballiño, 2008), unha obra colectiva. Nela autores tan dispares coma Basilio Losada, Olegario Sotelo Blanco, Manuel Ferreiro ou Xosé Lois García confésanse completamente identificados con Balbino, o narrador de *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas. Tanto, que case todos coinciden en formular o seu sentimento cunha expresión que, con variantes, é esta: «Eu tamén fun Balbino». Tamén é verdade que

algúns dos autores da homenaxe fan matizacións. Darío Xohán Cabana explica que el, coma Balbino, é «fillo de caseiros» en canto que, no extremo oposto da escada social aldeá, Pousa Antelo confesa non ter sido demasiado Balbino xa que o seu pai era comerciante e os avós donos de vinte hectáreas de labradío e prados con nove vacas, parella de bois, hórreo de cinco claros, e mesmo, pombal.

Balbino vive na aldea real, na que hai clases. Fóra da aldea, soe pensarse esta coma un espazo homoxéneo socialmente; nada máis falso. Castelao e os galeguistas crían nunha aldea na que todos eran propietarios da terra ou aforados, aínda que en xeral asoballados polo sistema. Un clásico da antropoloxía social norteamericana alertábanos con aquela grande verdade: no mundo agrario hai moita máis xente ca «farmers». Na aldea houbo sempre paisanos ricos e paisanos probes. E ricos sen terra ou con pouca. Comerciantes, ambulantes de todo tipo, persoas de oficio. E había, e hai, xentes sen propiedade, criados de servir, xornaleiros, arrendatarios e caseiros a medias que traballaban as terras dun amo. Moita xente non tiña casa propia, e arrendábaa. Había quen construía unha morada en terreos cedidos pola comunidade: de aí o nome de *caseteiros* ou *cabaneiros* que levaban os máis humildes da comunidade.

Se lemos Rosalía ollaremos nas súas páxinas imaxes tomadas da realidade que nos revelan a verdadeira face da miseria rural: a muller linda de «Miña casiña, meu lar», o infeliz Vidal que non mataba porco e a quen os seus veciños abastados humillaban. Lendo Bento da Cruz podemos evocar, a través dos seus relatos do Barroso portugués, a realidade social da aldea galega. Da Galicia negra e esfameaba saía no século XIX a lexión de fillos de solteira que fan ateigar o hospicio de Santiago, a «arquiña do Rei» terrorífica que tan brillantemente estudou Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda. Dos estamentos ínfimos da aldea galega procedían as prostitutas, os probes de pedir, os cegos músicos, os delincuentes. Oficios nobres, coma é o de pedreiro, eran deprendidos para fuxir da pobreza e prosperaren os aldeáns sen terra de seu ou con pouca terra.

En *Memorias*, Neira Vilas amosa, coma ninguén, a realidade da Galicia rural vista desde o ángulo das vítimas. Situaríamos a acción na metade do século XX ou sexa na que a institución, tan literaturizada, do «foro» xa non rexía dominante. Con nitidez, precisión, beleza impresionista, tenrura e dureza, Neira Vilas finxe que un meniño probe escriba as súas memorias. Estas resultan veraces e o pacto de credibilidade establécese entre autor e lector sen dificultade. Balbino, fillo de caseiros, termina el mesmo coma criado dun tratante de gado ou trinquillón. Cando Balbino relata as súas aventuras e desventuras eu estou a ver a mesma aldea que coñecín na infancia.

Moita xente lectora de *Memorias* está pronta a proclamar que ela foi tamén Balbino. É tan fermoso o libro, está tan ben contada a estoria e chega ela tan doadamente ao corazón que son moitos os que se senten raptados e se identifican sen remedio co protagonista: Eu tamén fun Balbino dise. O grande realismo brilla en *Memorias*

dun neno labrego e ilumínanos para mellor coñecermos a Galicia rural. Pro o libro é tamén universal pois os conflitos que presenta son de natureza tal, que traspasan as fronteiras e as culturas. Por iso os pensamentos e relatos de Balbino foron lidos e entendidos por persoas de medio mundo en francés, en inglés, en castelán, en alemán, en ruso, e mesmo na versión maya que andou polos teatros de Yucatán. Tamén Balbino lle falou na alma aos vascos, aos cataláns e aos portugueses nas linguas que lles son propias.

Xorde agora do *Fondo dos Espellos* o día de 1961 no que lin, na súa primeira edición, *Memorias dun neno labrego*. Eu sabía do autor por el ser poeta e dirixente das Moceidades Galeguistas de Bos Aires cuxa propaganda circulaba na Pontevedra dos anos cincuenta grazas a que X.L. Fontenla Méndez se atrevía a nola pasar. Achei alí unha aldea que era a miña contemporánea e na que había coches de liña e se falaba algo do cine e dos avións de Labacolla. Pensei, ao ler *Memorias*, que unha grande obra da literatura galega acababa de vir ao mundo e que ela estaba destinada a prevalecer. O tempo deume a razón.

Chove, chove na casa do probe (17.10.2009)

Faciamos memoria dunha clase ínfima de campesiños galegos sen terra, a propósito de Neira Vilas. No *Coloquio* de Sarmiento os narradores son aldeáns (e vilagos) ben probes que emigran e se desempeñan en oficios varios, mormente coma criados de server.

Do pozo sen fondo da literatura popular podemos tirar datos para un mapa socio-lóxico da aldea galega. Pro resultará defectuoso. No folklore hai xuíces, escribanos, moitos xastres e costureiras, ferreiros suxos, abondancia de mariñeiros, cregos ambute. Non se miran moitos labradores abastados e o señorío case só se amosa nos contos de natureza fantástica. Pro si que aparece ben definida a aldea dos probes, dos que non teñen nada: «Non hai como ser probiño/ pra saber o que é un escano/ e o que valen dous tizóns/ e unha cunquiña de caldo!». Veleiquí un dos cumios líricos do noso cantigueiro social: «Miña nai como é tan probe/ cando non tén que me dar/ éncheme a cara de bicos/ e despois rompe a chorar». Tal naiciña non é «escrava do fisco», porque non paga contribución, senón filla da fame negra.

Parecen fachendosos, na fraseoloxía, os que posúen ao se compararen cos que carecen: «Chove, chove na casa do probe, na miña casa non chove». Veleiquí unha visión humorística da casa estartelada co seu probe dentro: «O Catapiro estaba na cama, / entráballe o sol por unha regaña./ Entráballe o sol, entráballe o vento/ e o Catapiro estaba contento.» Aclaro que o Catapiro era un que vivía nunha casopa do barrio da Barbaña, en Ourense, e criaba porcós coas lavaduras que arrecadaba a

Catapira en troco de fregar portais pola cidade. Aos Catapiros levoulles a Barbaña a caseta na chea e arroiada do corenta e tres e quedaron por portas.

Os probes da aldea non foron cantados por Cabanillas porque non chegaron a estar afiliados ás sociedades agrarias. Por non teren nin tiñan que pagar as rendas dos foros. Emigraban os probes a España e a Portugal, e, finalmente, fixérono a Europa. A América non emigraban por careceren de leiras propias que empeñar co usureiro para o embarque. Emigraron a América, preferentemente, os procedentes de familias labregas propietarias. En moitos casos non se pagaban os xuros e o prestamista lucrábase, co que se foi constituíndo unha burguesía rural que, de momento, carece de presenza na novelística e na historiografía.

Coñecemos unha peza burlesca en forma de contiño romanceado na que toda unha aldea fai escaño dun mozo probe que quería casar cunha rapariga tamén probe. O espírito cruel da apupada, ou cornetada, tan ben manexado por Valle-Inclán en *Divinas Palabras*, xorde eiquí na súa plenitude. O conto titúlase *Xan Guindán*.

Eu ouvinllo a Filucha Fraíz (con acento no i), de corenta e tantos anos, natural de Soutelo de Montes, no 1956. Se a miña copia non se perdeu podería aparecer algún día entre os papeis de Fermín Bouza Brey, quen un día quixo facerse cargo dela. Eu calculo que o romance de *Xan Guindán* debeu ser composto a fins do século XIX xa que nel menciona o *gas* ou petróleo como combustíbel destinado á iluminación da casa mediante o candil. Veleiquí o romance de *Xan Guindán* enteiro:

Xan Guindán quere casar, non tén a muller buscada/ Foille facer o amor á filla da tía Xoana./ –Boas tarde, Xan Guindán, tráio-te no pensamento. / –Non sei se o dirás de risa pero eu dígocho de veras,/ xa che hai un pouqueniño que estou quentando as canelas./ –E logo tés moito frío? Ai, nunca Dios che me dera! Non sei se me irás quecer agora na primavera./ –Xa sabes que son solioño, non teño con quen partir,/ eu riqueza non a teño pero habemos de vivir. / Teño unha cabra moi boa e tres ovellas preñadas./ A cabra éche moi boa e tenche catro cabritos./ Mentres uns están mamando os outros andan aos brincos./ Xa che fixen o amor, non teño máis que dicir./ Se me queres dimo agora, que me quero ir durmir./ –Eu casar ben me casaba, pero heiche de contar./ Quero facer unha saia, téñoche a lan por fiar,/ os zapatos todos rotos, o pano todo furado;/ se tés cartos cómprame outro e casamos de contado./ Fixeron as municións como alí se acostumbaba/ e leváronllas ao cura, que llas lese decontado./ O cura logo llas leu no ofertorio da misa./ Á xente que había dentro, todo lle serveu de risa./ Todos din que é boa moza, todos lle din que servía./ Chegou á porta da igrexa, díxolle que non o quería./ Xan Guindán quedou tan teso, coma as vergas dun canizo./ Deu a volta para a casa, tan sequera adiós lle dixo./ O cura quedou pasmado, que nunca tal lle pasou./ Caéulle o libro da man coa risa que lle pegou. / O padriño e a madriña, o cura e o sancristán/ enchen o corpo da risa cos feitos de Xan Guindán.

Este Xan Guindán é da mesma condición ca muller de «miña casiña, meu lar» e Vidal o de «adiante co varal». Tamén está aparentado con Fuco Buxán e con Fuco Pérez e, naturalmente, con Balbino. Todos estes campesiños e aldeáns sen terra propia configúranse como persoas dignísimas e ennobrecidas pola alta literatura de Rosalía, Celso Emilio Ferreiro e Neira Vilas. Tamén, os mozos e as mozas probes do *Coloquio*, parlanchíns e latricadores, son vistos con ollos afectuosos por Sarmiento. Neste ro-

mance nacido no seu da aldea e transmitido a nós polo pobo campesiño, faise bulra do protagonista. No relato, toda a aldea, co crego incluído, escacha a rir do probe e orixina a ruptura do seu compromiso matrimonial coa rapariga igualmente probe, mais bonita. Adiviñamos que ela terminará como criada de servir ou como prostituta na cidade. Se cadra Carolina, a Bela Otero, nun intre da súa mocidade temperá rachou un noivado con algún infeliz Xan Guindán de Valga.

Ana Acuña, nun estudo titulado «Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas» (*Cadernos de fraseoloxía galega*, núm. 8, 2006), observa como o primeiro verso (ou os dous primeiros, segundo se mire) do romance de *Xan Guindán* pasa a se converter en frase feita:

Na fala de Marín está viva a fórmula *Xan Guindán quérese casar e non ten muller buscada*. Segundo nos explicaron *díselle a quen quere faser unha cousa e non pode*. Así, *se un neno quere faser unha cousa dos maiores, díselle: ah, mira p'ái, Xan Guindán quérese casar e non ten muller buscada*.

Memoria de Vieiros (24.10.2009)

As Redes Escarlata celebraron, cun coloquio en Celanova, os cincuenta anos da fundación da revista *Vieiros* en México D.F. Só viron a luz catro números, entre 1959 e 1968. Non obstante, *Vieiros* tivo unha grande influencia no labirinto da resistencia galega ao franquismo. So a dirección de Lois Soto e Carlos Velo, exiliados políticos, a revista dirixiuse a toda a emigración («diáspora», dicían eles) e aos que sofriamos a ditadura no mesmo ventre do silencio. E recibiron vastos apoios e colaboracións múltiples. Arturo Souto foi o inspirador artístico desta publicación que tiña no deseño gráfico unha das súas potentes marcas de orixinalidade. Monolingüe, *Vieiros* mantivo sempre unha liña editorial unitaria dentro dos límites imprecisos da esquerda e do galeguismo. E fixo seu o lema de Viqueira: transformar Galicia dun arrabalde nun centro. Colaboraron en *Vieiros* as mellores plumas e as mellores mentes de dúas ou tres xeracións culturais de Galicia. Fraga Iribarne, ministro de Franco, fixo todo o posíbel por perxudicar *Vieiros*.

Hoxe só podemos consultar *Vieiros* nas hemerotecas, aínda que Margarita Ledo dispuxera unha perfecta edición facsimile que editou *A Nosa Terra* en 1989.

Neste *Fondo dos Espellos* aparece *Vieiros* á súa vez coma un espello do fondo do seu tempo. Do tempo histórico, importantísimo para a política e para a cultura nacional, que vai de 1956 a 1968. Neses doce anos mudaron moitas cousas e as consecuencias dalgúns dos acontecementos que sobreviñeron naquela feita chegan aos nosos días. Estes cambios e estes sucesos históricos transparecen, de forma borrosa ou claramente explícita, en *Vieiros*.

Morto Castelao, o Consello de Galiza, animado principalmente por Ramón Suárez Picallo e por Antón Alonso Ríos, toma a decisión de convocar un Congreso da Emigración no que haberían de participar os nacionalistas e demócratas que se movían clandestinamente no interior así como os do exilio. Celebrouse tal Congreso en Bos Aires e no ano 1956. O contido do xuntoiro foi político mormente. Comunistas, nacionalistas e persoas doutras tendencias confluíron e en plena guerra fría dominou a proposta de unidade contra o franquismo e a consideración de Galicia como Nación. Os debates concretáronse nunha *Declaración* final do Congreso que, redactada por Suárez Picallo, se dirixiu a todos os galegos con verbas que conteñen calidez entusiasmada e que semellan un agoiro fundacional. Vexamos algún pasos da que hoxe chamamos *Declaración Picallo*:

Autodeterminación do pobo galego para rexer os seus destinos en harmonía cos demais pobos peninsulares...Loitar pola Liberdade dos galegos que aínda sofren na cadea... Home libre dentro do seu pobo libre vivindo e convivindo na comunidade universal dos homes e dos pobos libres.

Ideas como estas proxectaban no futuro os puntos programáticos da UPG ou a reivindicación permanente de amnistía ou o internacionalismo militante e compatíbel co nacionalismo progresista. Os *leitmotivs*, pois, da *Declaración Picallo* serán os de case todo o antifranquismo posterior ao Congreso.

Para X. L. Axeitos, o Congreso da Emigración de 1956 constitúe un punto de partida. Neste sentido, a *Declaración Picallo* debe entenderse como un chamamento á acción que dimanaba do Consello de Galiza, depositario da vontade democrática e republicana do noso pobo.

Por suposto, os galeguistas que, no Interior, se axuntaban no círculo de Galaxia arredor de Ramón Piñeiro non recoñeceron a autoridade superior do Consello de Galiza, nin tiveron en conta a *Declaración Picallo*. Pouco despois, en 1957, produciuse o choque frontal entre o piñeirismo e o Consello de Galiza, do que se conservan documentos e do que hai testemuñas presenciais que evidencian a radicalidade da ruptura.

A pesares diso, producíronse importantes movementos suscitados polo Congreso. Por todas partes, incluíndo o Interior, ía medrando un desexo. E este era o de organización política e cultural a prol da democracia e da liberdade de Galicia. Nace entón o Padroado da Cultura Galega do México como plataforma unitaria e assemblearia. Impulsado por Lois Soto, Delgado Gurriarán, Elixio Rodríguez, Carlos Velo, López Durá, Caridad Mateos, Luísa Viqueira e outros, o Padroado acolleu a maioranza dos refuxiados e refuxiadas nosos en México e deu lugar á extensión ulterior do modelo a Uruguay ou Venezuela. Acompañaba, esta onda organizativa, unha rede mundial de delegacións do Consello de Galiza entre as que se chegou a incluír unha, andando o tempo, no Interior.

A creación da revista *Vieiros* e a súa difusión pola diáspora e na Galicia territorial foi obra do Padroado de Cultura Galega do México. Co cal deberíamos recoñecer que

o desatracque de *Vieiros* foi unha consecuencia do acatamento do Exilio mexicano á Declaración Picallo e ao Consello de Galiza.

246 Os dous primeiros números de *Vieiros* (1959 e 1962) espellan moi ben o estado da esquerda e do nacionalismo, así no exilio coma no interior. O protagonismo da cultura de expresión monolingüe faise evidente en todos os sectores e individuos que colaboran neses números. Pero o discurso editorial e os enunciados dunha franxa importante de colaboradores, do interior e do exilio, revelan un profundo desexo de se organizar politicamente na diáspora e na Galicia territorial para combater contra o franquismo e por unha Galicia liberada na liña da *Declaración Picallo* e do Consello de Galiza.

Seguiremos tratando de *Vieiros*.

Fin de *Vieiros* (31.10.2009)

Diciamos eiquí que os dous primeiros números da revista *Vieiros* (1959, 1962) espellaban o estado de ánimo de moitos galegos patriotas: o desexo de organización política contra o Réxime. Pois ben, as dúas seguintes saídas (1965, 1968) xa nos dan fe da explosión de activismo na que se resolveu aquel desexo.

O 1963 foi ano de febril actividade. Unha asemblea de mozos decide liberarse da tutela de Ramón Piñeiro e do seu círculo, construír un partido e restaurar a doutrina nacionalista de Castelao. O movemento (Consello da Mocidade) dura moi pouco xa que, os partidarios do piñerismo, purgan axiña por «comunista» e «axente do Consello de Galiza» ao secretario xeral da incipiente organización, Antón Moreda, en compañía doutros e doutras. Ramón Piñeiro, vistos os apremios, crea dous partidos persoalmente. Un, o PSG (Partido Socialista Galego), europeísta e anti-nacionalista. O outro foi unha certa Democracia Cristiá que non chegou a funcionar. Convén decer que o PSG coñeceu unha segunda existencia, nacionalista e de esquerda, naturalmente desligado da influencia de Ramón Piñeiro. En oposición ao piñerismo, constitúese, sempre en 1963, a UPG (Unión do Pobo Galego).

Na creación da UPG participa, de forma protagonista, Lois Soto xunto con algúns dos puntos fortes de *Vieiros* e do Padroado de México: Carlos Velo, Ferrer Ovide, López Durá, Caridad Mateos, Luísa Viqueira. Soto, que abandonara o PCE (Partido Comunista de España), entregouse á construción de algo con que soñou sempre: un partido marxista para a liberación nacional de Galicia. Convén decer que, nos anos 60, a UPG marcou sempre as distancias a respecto do PCE, partido cuxa actividade se acelera en Galicia e que mesmo adopta a formalidade de se chamar PCG (Partido Comunista de Galicia).

A partir de 1964 vanse tecendo as redes de resistencia dos labregos do Ribeiro á construción da barraxe de Castrelo de Miño. Contra FENOSA cunde a propaganda

legal e ilegal, prodúcense asembleas, proliferan grupos (Tercios de Asalto) de baixa violencia. En todos estes planos de acción a propaganda estará presente de modo hexemónico, a UPG.

O 15 de maio de 1966, Celso Emilio Ferreiro, do Cumio Central da UPG, recibe unha homenaxe/xantar de despedida dada a proximidade da viaxe que o levará a Venezuela para alí fixar a súa residencia. O acto, no Hotel Roma de Ourense converteuse no mitin de presentación dunha nova esquerda nacionalista. Foi organizado pola UPG con Lois Soto como motor primeiro. No acto ouvironse voces do PCE e galeguistas como é o caso da intervención memorábel de Otero Pedrayo, quen fustigou «o novo feudalismo de FENOSA».

Os derradeiros días de 1967 viron como toda Galicia aparecía alagada por unha ondate de pegatinas coa lenda LIBERTADE PARA GALICIA, que proviñan do aparato de propaganda da UPG que dirixía Bautista Álvarez. A BPS (Brigada Político-Social) prendeu, interrogou e levou perante o TOP (Tribunal de Orden Público) un conxunto de persoas, todas relacionadas coa UPG, de Vigo e Lugo. Así se iniciaba, o ano 1968, de grande axitación social e política entre nós.

No 68 estoupou en Compostela un MU (Movemento Universitario) no que as reivindicacións democráticas e incipientemente nacionais se facían polas canles das asembleas, as ocupacións de facultade, as manifestacións, os boletíns informativos e a folga. Neste MU compostelán, anterior ao de París, tivo moita presenza o PCE aínda que xurdiron novos grupos coma ADE (Asociación Democrática de Estudantes), activos e lúcidos. A UPG non tivo un rol dirixente.

Por fin, a UPG convocou (por primeira vez despois da Guerra Civil) o pobo a manifestarse no Día da Patria Galega cunha campaña de octavillas que cubriu toda a xeografía galega. Á iniciativa da UPG sumouse a ADE, agora coas siglas ADEG, e maila LD (Liga Democrática). Non houbo manifestación porque, o día 25 de Xullo, Compostela foi tomada polo Exército e por continxentes incalculábeis de policía uniformada e de paisano. A pesar de todo, unha pancarta na que se lía GALIZA CEIBE E SOCIALISTA foi pendurada das polas máis visíbeis das árbores da Alameda.

E ben, nos dous derradeiros números de *Vieiros* (1965, 1968) ecoan todos estes movementos e accións político-sociais. O piñeirismo retira os seus colaboradores de *Vieiros*. Logo, a revista deixa de existir. Os que en México a puxeran a andar senten que son moitos os labores que os reclaman eiquí, na Galicia territorial. E *Vieiros* xa nunca funcionará máis como «organizador colectivo», para usar as palabras de Margarita Ledo.

Hipatia e Prisciliano (07.11.2009)

Está sendo moi comentada a película *Ágora* de Alejandro Amenábar sobre a vida e terríbel morte de Hipatia (ou Hipatía ou Hypatía), filósofa que floriu en Alexandría entre os séculos IV e V despois de Cristo. A fita, espléndida, encádrase no grupo das que os rapaces de antaño chamábamnos «de romanos». Como moitas de tal xénero (*Ben Hur* ou *Espartaco*), *Ágora* é ben ideolóxica e mesmo pode entrar no que o marxismo alemán dos días da República de Weimar denominaba *Tendenzkino* ou sexa cine sólido de esquerda. Introdúcenos o director na Alexandría do tempo caducante e crítico de Teodosio o Grande, do seu fillo Arcadio e do seu neto Teodosio II. Unha cidade na que a herdanza grega arrastraba supervivencias culturais exipcias e na que o cristianismo se estaba a impor violentamente desde a posición de relixión do poder. Nesa Alexandría brilla Hipatia, que, na película, basicamente fiel á Historia, é encarnada por Rachel Weisz para satisfacción dos espectadores. A historia de Hipatia, tal e como chegou a nós a través de fontes cristiás e paganas, é, pola breve, esta.

Hipatia, filla dun sabio, naceu arredor do ano 370 e viviu a época na que o cristianismo ortodoxo se convertía en relixión oficial do Imperio Romano, con Constantino e Teodosio. Ela escolleu empregar o seu tempo no estudo das matemáticas, da astronomía e da filosofía, que ensinaba na Academia. Isto situou Hipatia na resistencia ao cristianismo que se impuña. Dada a inmensa influencia que ela exercía en Alexandría, o bispo Cirilo, patriarca católico, chegou a odiala e a envexala. Perseguíuna e finalmente lanzou contra ela unha masa de monxes fanáticos que, dentro do templo cristián, lle separaron a carne dos ósos con cunchas de ostra. Nalgunha versión fálanse de que os monxes se serviron de fragmentos de cerámicas para executar o seu crime. Isto ocorreu no ano 415. Cirilo figura como santo no repertorio canónico e é considerado doutor e padre da Igrexa oriental.

Despois da morte, Hipatia converteuse nun emblema universal da liberdade de pensamento reprimida polo fanatismo e polo poder. Voltaire ocupouse dela e as súas páxinas suscitaron outras, en Francia e en diversos países. Escritores menores, coma o poeta Vincenzo Monti ou o ensaísta John Toland, glosaron a vida e a morte de Hipatia. Pro tamén autores altísimos, coma Schiller, introduciron Hipatia nos mundos da bela ficción histórica e romántica. Nos nosos días obsérvase interese pola figura da intelectual feminina no mundo clásico en xeral, e de Hipatia, en particular. Nesta onda de preocupación contemporánea por Hipatia inxérese a película *Ágora* de Alejandro Amenábar.

A cultura galega dos nosos días non é allea a esta especie de rexundimento de Hipatia como símbolo de liberdade. De Hipatia tense ocupado o historiador do Cristianismo e bispo galego Uxío Romero Pose (*A Trabe de Ouro* núm. 26, 1996) e Afonso Pexegueiro titulou *Hipatia* un importante libro poético (Xerais, 1998). Dado que os libre-

pensadores foron sempre gardiáns da memoria desta muller malfadada, hai indicios de que mulleres da Masonaría de Galicia, pertencentes a «cámaras de adopción» ou a loxias mixtas irregulares, adoptaron e adoptan o nome simbólico de «Hipatia».

Posibelmente Hipatia de Alexandría tivese noticias de Prisciliano, herexe cristián galaico que, trinta anos antes de ela ser sacrificada en holocausto ao Deus evanxélico, fora decapitado en Tréveris a causa da súa disidencia. Non son eu, senón o citado doutor Romero Pose, quen pon en paralelo plutarquiano as vidas e as mortes de Prisciliano e de Hipatia. Segundo di moi ben Chadwick, Prisciliano é a primeira vítima cristiá da intolerancia católica de Estado. Daquela, Uxío Romero Pose bole a evocar Hipatia para a situar a carón do ilustre decapitado como a primeira vítima pagana da mesma intolerancia relixiosa. Para o historiador galego do Cristianismo «... resulta atraínte establecer semellanza entre Ipatia (el escribe á italiana) e Prisciliano, e así, comparando as vidas nun ambiente común, podemos perfilar mellor os seus rostros». Naturalmente, sendo Prisciliano galaico, non podemos esquencer que «a Gallaecia de fins do século IV e as décadas posteriores é universal e romana e está encravada nun cadro máis homoxéneo e máis amplo que onde estaría posteriormente». E aínda diríamos nós: só poderíamos entender o posterior reino suevo e a figura de Martiño de Dume entendendo Gallaecia coma un estado independente pero aberto ao mundo, neste caso carolinxio e bizantino.

Un factor misterioso que relaciona Prisciliano con Hipatia é o que vagamente agora chamaremos «feminismo». Prisciliano parece que fora educado filosoficamente por unha muller, Ágape, e que tiña discípulas das cales unha, de nome Eucrocía, sufriu martirio en Tréveris canda el. Prisciliano, coma outros herexes, foi acusado de andar en pecaminosa compañía de *muliericulae* ou «mulleres baixas e desprezábais». *Muliericula* sería chamada, sen dúbida, Hipatia polos seus verdugos se a lingua de Alexandría fose daquela o latín e non o grego. En todo caso, na composición da inquina de San Cirilo contra Hipatia encontrase o desprezo que San Pablo e outros sentían pola condición feminina. Sendo a muller, na Escritura, inferior ao home, culpábel elas do pecado orixinal e por isto castigada por Deus, a existencia mesma de Hipatia disertando sobre astronomía e filosofía na ágora había de representar un desafío á Igrexa e unha humillación insoportábel para o patriarca Cirilo de Alexandría que ordenou matala.

As orixes fabulosas da literatura portuguesa (14.11.2009)

Houbo un tempo, sempre antes de 1870, no cal os portugueses non sabían que a súa literatura máis antiga estaba escrita nunha lingua que os antepasados tiñan en común con Galicia. Daquela, algún erudito trapisondista púxose a fabular, nos séculos XVI-XVII, uns «primitivos monumentos literarios portugueses». Tales enxendros poé-

ticos son os seguintes: o *Canto da perda de Espanha*, anónimo; a canción *Oureana*, de Gonçalo Hermingues Tragamouros; as *Cartas de Amor a Violante*, de Egas Moniz Coelho; e a *Canção do Figueiral*, de Goesto Ansuers. A antigüidade destes textos sería moita: do século VIII ao XII. Despois de perpetrada a fabricación dos poemas, todo o mundo déulles creto e os considerou válidos. Houbo en Galicia quen pensou que estas falsificacións eran galegas, e aínda Fernández del Riego, na súa *Historia da Literatura*, carga co traballo de nos avisar da chafallada.

Non sabemos do autor ou autores dos textos, pero eu teño lido que o P. António Vieira nalgunha carta, que á súa vez pode ser apócrifa, relaciona os poemas coa chegada mesiánica do Quinto Imperio Portugués, no que tamén acreditou Pessoa. Puideron participar na falsificación os historiadores Miguel Leitão de Andrada (1553-1630), Bernardo de Brito (1569-1617) ou Manoel de Faria e Sousa (1590- 1649). Aínda no século XVIII o erudito, máis ben crítico, António Ribeiro dos Santos (1745-1818) dinos que os tres textos poéticos «fundacionais» da literatura portuguesa figuraban nun manuscrito (ai!, perdido) que posuía na súa librería un certo doutor Gualter Antunes, do Porto.

O *Canto da perda de Espanha* preséntase como fragmento dun poema cuxo tema era a lenda de don Rodrigo e a invasión árabe do reino dos visigodos. A súa lingua é falsa e arbitraria, e non pode ser arcaico por estar composto nas coplas de arte maior que en Castela se puxeran de moda no século XV. Naturalmente o asunto está tomado dos romances do ciclo chamado por Menéndez Pidal «De la Pérdida de España» e que se formarían por fragmentación dun cantar de xesta castelán actualmente perdido.

O poema atribuído a Gonçalo Hermingues, suxeito sen verificación histórica, que se refire a unha Ourensá (nome do que saíra o de Oriana no *Amadís*), modúlase nun *trampitán* dificilmente comprensíbel que deliberadamente se agalega convertendo as uves en bes.

A un Egas Moniz Coelho, pretendido curmán de Egas Moniz, apónselle a autoría dunhas cartas ou cántigas de amor a Violante (nome imposíbel na Alta Idade Media). Para afectar antigüidade, o fabricante converte sistematicamente o diptongo *eu* en *ei*, como ocorre nalgún dialecto. Curiosamente, a lingua destes versíños aparece relacionada coas actuais falas galegas do Val das Ellas, en Cáceres.

A canción do *Figueiral Figueiredo* fai mención dun episodio do «tributo das cen doncelas» que funcionou nas fantasías xenealóxicas para ilustrar a orixe da familia Figueiroa. O Goesto Ansuers á que se atribúe a canción nunca existiu, e a forma de romance na que aparece non pode ser arcaica. O curioso é que, na lingua disparatada en que se anuncia, campan palabras castelás coma por exemplo «ninha» ou «lhorando». Isto último seguramente é debido ao enorme prestixio da lingua castelá en Portugal no tempo dos Filipes.

Vexan só unha mostra hilarante extraída da cantiga atribuída ao Gonçalo Hermingues imaxinario: «Tinherabos, nom tinherabos/ Tal a cal monta!/ Tinherades me non tinheradesme/ De la vinherades de ca filharades/ Ca amabia tudo em soma».

Entenden vostedes algo? Eu non entendo nada. Non entendo, e o disparate faime acordante dos versos de Xan da Cova, como escribía Curros. Ou sexa os versos que don Juan de la Cova y Gómez escribía no Ourense decimonónico nun idioma inventado por el, e por el mesmo denominado *trampitán*. Trampitán que estudou Filgueira Valverde, que emulou Torrente Ballester en *La Saga/ Fuga de J.B* e que soaba deste xeito: «Don Viltrampo te ofrecía/ los valles del verramoto/ todas las viñas del tría/ montes y vegas del troto...» 251

Cando se puña clásico, Xan da Cova resultaba estupendo no seu ousado extremismo: «Sus sos ao pusus fer per oselete,/ tretos ortase lareta zon».

Felizmente, no ano 1870 o diplomata brasileiro Francisco Adolfo de Varnhagem publicou en Viena o seu *Cancioneirinho de trovas antigas colligidas de um grande cancionero da Biblioteca do Vaticano...com a lista de todos os trovadores... pela maior parte portugueses e gallegos*. Daquela facíase público que existía unha verdadeira poesía primitiva portuguesa e que esta tamén era galega. Un Teófilo Braga que en 1867 aínda cría na veracidade dos tres textos poéticos fraudulentos comentados, púxose a estudar o que hoxe chaman cancioneros galegoportugueses e nós dicimos, simplemente, galegos. De todos modos, aínda agora os filólogos e historiadores medievalistas de Portugal ignoran as *Cántigas de Santa María* de Afonso X o Sabio. Velaí a ideoloxía como falsa representación da realidade.

«Adiante, semanario»
(21.11.2009)

252



Unha persoa que visitou Celanova escribeme indignada. «Na fachada da igrexa conventual, recentemente limpa, vese unha groseira pintada que degrada o monumento». O meu comunicante parece ser desas persoas que continuamente se queixan das pintadas que aparecen nos muros dos templos, aínda que non das listas dos *Caidos por Dios* e *por España* que neles se eternizan.

A pintada a que se refire o comunicante (anónimo, por certo) está situada á dereita da porta principal da igrexa de Celanova e, en letras negras e grosas, di: ADIANTE SEMANARIO. E máis nada. Esas letras están alí desde que eu era un neno e, ao medrar e envellecer, pasaron a formar parte do panorama inconsciente do meu entorno máis íntimo. A moitos fillos de Celanova e da súa bisbarra ocórrelles seguramente o mesmo.

O letreiro ADIANTE SEMANARIO salvouse milagreiramente de ser borrado durante a ditadura franquista e, na actualidade, considérase un documento histórico do que coidan o Patronato Curros Enríquez e o concello da vila. En realidade, trátase da única pintada política que, feita nun monumento histórico, se acha protexida polos defensores do patrimonio histórico.

Sabíamos que o *Adiante* fora un semanario que serviu de portavoz á Mocidade Galeguista de Celanova durante a República. Os editores e redactores fixeran unha campaña de lanzamento do boletín no que se incluían pintadas. Destas, só sobreviviu, e deica os nosos días, a da porta da igrexa conventual. Durante os anos do franquismo procuráronse incesantemente exemplares do *Adiante*. Ningún dos seus promotores os conservaba porque foron parar ás fogueiras depuradoras de papeis incómodos logo da sublevación franquista. Por outra banda, pensabamos que non deberon de ser editados moitos números porque as Mocidades Galeguistas de Celanova chegaron a facerse co control da Federación Galega e os seus dirixentes (Celso Emilio Ferreiro, Xosé Velo Mosquera e Remixio González Gándara) moi seguramente concentrarían os seus esforzos na redacción, edición e distribución de *Guieiro*, o periódico nacional, abandonando consecuentemente o *Adiante* local.

E veleiqué, que estes días atrás, avísame Antonio Piñeiro de que, por fin, apareceu un exemplar de *Adiante*, do cal me fai chegar a fotocopia. Trátase do número 1 que leva a data do 5 de xaneiro de 1933. Supoñemos que este primeiro *Adiante* foi tamén o derradeiro.

É ben curioso que periódico tan efémero gozase dunha propaganda, nos muros do mosteiro, tan pertinaz e duradoira. Agora ben, pode beneficiarse de tal propaganda o actual *Adiante*, órgano da Mocidade Galega Revolucionaria.

O artigo de presentación, asinado por Celso Emilio Ferreiro Miguez (acento tónico sempre no «e»), expresa a esperanza da organización en que a República pase de ser federábel a ser federal. Axiña viría o período frustrante chamado Bienio Negro. Dos mozos, aparecen asinando traballos, alén de Celso Emilio, Prenta (Clodomiro Rodríguez), Xosé Velo (fundador do DRIL e asaltante do Santa María) e, algo maior ca estes, Ánxel Martínez Doval (pai de A. Fernando Martínez Randulfe, meu amigo). Hai pseudónimos, coma Estrelañas, que pode ser o dunha rapariga, ou Estebo. Este último afía a navalla autocrítica e escribe: «Esiste o tipo de galego de alma tollida e torta que é un dos oustáculos máis grandes pra rehabilitazón da nosa personalidade». En xeral o nivel político dos artigos non é moi elevado e apenas aparecen referencias analíticas a feitos e situacións contemporáneas. Trátase dun xornal predominantemente ideolóxico. Tal consideración estenderase tamén ás colaboracións de xentes maiores do mundo político e cultural do galeguismo.

Chama a atención un artigo de Florentino Cuevillas sobre a ideoloxía do *celtismo* que el olla, moi intelixentemente, disterada do feito de que a poboación galega prerromana fose completamente celta ou non. Vemos en *Adiante* un artigo no que Vicente Risco lles explica aos rapaces de Celanova que a autonomía no é un fito senón o camiño para... a independencia?: «A autonomía no é o último. A autonomía é o comezo da marcha triunfal». Filgueira Valverde, no «Chamamento aos mozos» que tamén sería publicado n' *A Nosa Terra*, amosa o seu mellor xorne de xornalista doutrinario cando escribe:

Sodes os cidadáns dunha República: Hespaña. A República Hespañola é o Estado que coa súa organización política regula a vosa convivencia cos demais homes. Sodes fillos dunha nacionalidade: Galicia. A Nación Galega é a Patria que sentides na participación dunhas características en irmandade con outros galegos... Vós, cando queirades, podeades deixar de ser españoles. Abóndavos con conquistar a cidadanía doutro país, e xa está. Pero, por máis que queirades, non podeades deixar de serdes galegos. Porque nacíchedes galegos e o espírito da vosa Terra vai dentro de vós.

Así falaba Filgueira Valverde á mocidade en 1933. En canto a Ramón Otero Pedrayo, el fálalles aos mozos da existencia dun tipo aldeán moi desgrazado: o que non casou e vive só, vello e probe.

No seu fermoso traballo, o mestre da Rúa da Paz endoutrina os mozos nacionalistas vilegos sobre un aspecto do duro vivir na aldea galega, «onde non todo han ser feitizos e virtús» O curioso é que Otero Pedrayo avisa de que ten preparado un libro de «ultratumba», coma as *Memorias* de Chateaubriand, cuxo título será *Histórea das ideas éticas na Galiza*. Estará tal obra durmindo o sono do esquencemento nalgunha carpeta do expolio de Otero Pedrayo?

Anos máis tarde este panorama de unidade nacionalista crebaría. Risco e Filgueira Valverde arredaríanse dos seus irmáns e irían integrarse nunha triste e feble Dereita Galeguista. Otero Pedrayo e os mozos nacionalistas de Celanova quedarían con Castelao, con Bóveda e co Partido Galeguista. O alzamento e a guerra civil (se é que foi guerra civil) estaban nas portas. A resurrección do *Adiante* das cinsas do esquecemento fainos avivecer a memoria histórica. Beizón a Antonio Piñeiro.

Ambó ató materile lire lire (05.12.2009)

Trapisondistas dos séculos XVI e XVII fabricaron uns cantos poemas en lingua disparatada que durante un tempo pasaron por primitivas reliquias literarias de Portugal. Claro é que Portugal non ten outra lingua arcaica que non sexa a galega. Xa tratamos diso no *Fondo dos Espellos* e xa eiquí nos achegamos a don Juan de la Coba y Gómez, o inventor dunha lingua artificial á que chamou *Trampitan*.

O folklore pueril abunda nestes achádegos lingüísticos. Eles poden provir dalgunha lingua estranxeira. As meniñas que cantaban (non sei se cantan) «Ambó ató materile...» posibelmente non soubesen que a orixe da cántiga é francesa: «Un beau chateau...» Cando eu era pequeno, a cantilena usada para botar a pelota podía ser esta: «Guan tin túa...», que ninguén percibía coma a serie dos números en inglés. Tamén procedía do inglés a simpática canción «Aserehé ahé...» que as raparigas do xitano Tomatito puxeron de moda furiosa anos atrás. E a meniñada do Morrazo e de Turoño aínda reparte sortes coa fórmula «pavís pavás a filla do rei...» ignora que está a se expresar en galego antigo.

Parece espallada a tendencia a se apropiar de verbas extrañas a fin de construír unha lingua artificial. O que nos leva a Anthony Burgess e á súa novela *A Clockwork Orange*, difundida como *A laranxa mecánica*. Alí os gamberros británicos sérvense dunha lingua infestada de palabras rusas como *béboxka* e *horoxó* que termina por fascinar o lector. Filgueira referíase ás raras habilidades de James Joyce para inventar palabras e presumía, con razón, da magnífica tradución que Otero Pedrayo fixera dunhas páxinas de *Ulysses* en 1926. Con todo, onde realmente Joyce pon a funcionar a todo gas a súa máquina de facturar palabras, incluso nomes propios, é no seu *Finnegans Wake*. Se a base desta obra non fose o inglés, contaminado de latín, francés e mesmo castelán, estaríamos en condicións de asegurar que nos achamos en presenza da obra prima do trampitán, despois, naturalmente, de *La Trampitana* de don Juan de la Cova ou Xan da Cova como prefería decer Curros. Vexamos como soa o galimatías do *Finnegans Wake*, coído que intraducíbel:

...This is the big Straughter Willindone, grand and magentic in his goldtin spurs and his dux and this quarter brass woodysshoes and tihis magnate's gharter s and his bangkok's best and goliar's goloshes and his pullyponeas wretrewa....

Hilarante e incomprendíbel.

Outra maneira, esta vez científica e poética, de manufacturar unha lingua é a que amosa J.R.R. Tolkien servíndose dos seus coñecementos de lingüística indoeuropea. Digamos que a lingua dos elfos é fermosísima tal e como el a discurreu. Parece que, por parte, Tolkien escribiu unha gramática comparada das linguas élficas e unha fonética histórica do élfico medio, co que se converteu no primeiro e case único autor de ficción lingüística. Por certo, na versión cinematográfica *d'O Señor dos Aneís* a lingua élfica soa de modo belísimo.

No século XX houbo na América Latina unha certa tendencia a cultivar o trampitán, o que non poucas veces conviviu co rebumbio da chamada «poesía negra». Foi famoso o trampitanazo que lle arrebolou Alfonso Reyes a Ramón Gómez de la Serna: «Filiflama, cuadro –ata ataluna alífera,/ alveoles jintanjáforaliris salumba salífera». E un Ricardo Arenales, colombiano, foi quen de proferir estes versiños. «La galijundo/ la jardi jago,/ la farangia giga, la farangia jo». Inclusivamente podemos considerar Rubén Darío ilustre precursor do trampitán iberoamericano cando escribía no *Responso a Verlaine*: «...que púberes canéforas te ofrenden el acanto...». Parece ser que García Lorca, malicioso, dixo un día, deste verso de Rubén que «Yo solo entiendo que». Certo que Cortázar trampitaniza aquí e acolá nas súas incursións ao territorio dos *Cronopios* e das *Famas*. Pro, o reino do trampitán está en Galicia e don Juan de la Cova y Gómez manda nel de modo absoluto.

Filgueira Valverde, tan presente neste *Fondo dos Espellos*, foi o que alertou sobre a presenza do trampitán na poesía dos Cancioneiros galegos medievais. Con certeza, o excelente trovador Pero Anes Solaz rubrica cada estrofa dunha súa cántiga co re-

frán incompreñsível «lelia doura/ edoi lelia doura». Pro será Gonzalo Torrente Ballester, en *La Saga-Fuga de J.B.* quen, seguindo fielmente o maxisterio de don Juan de la Coba, con máis insistencia e forza creativa usa e modula de moitos xeitos e en boca dos poetas de Castroforte del Baralla a literatura tampitanística. Ábrese a novela cun lema ou cita popularizante en trampitán: «Tin morín de dos pingües,/ cúcara mácara chíchara fue». No interior do libro poden lerse as máis valiosas alfaias da poesía trampitana na súa dimensión alta e mesmo sublime, como evidencian estes versos do vate Barrantes: «To lico rama/ por tali rete./ Mix core gata/ fox tole mú./ Co mitor sía/ rex daca tema./ Zun mili tía/ les taya zu?».

O tema do trampitán non fica en absoluto esgotado. Está esgotado, como dicía Celestino Fernández de la Veña, todo o *Fondo dos Espellos*.

Portugal *ab ovo* **(12.12.2009)**

Mándannos unha carta anónima sobre un tema que non lle pertence a este *Fondo dos Espellos*: a fusión das caixas de aforros de Galicia.

Vistas as características comúns que unen Galiza e o N. de Portugal e vista a necesidade de constituír a eurrrexión que oficialmente non queren chamar Gallaecia, como vostede di, eu fago unha proposta: que as caixas galegas conflúan coa portuguesa Caixa Geral de Depósitos, que xa algún día absorbera o Banco Simeón. A dirección estaría en Vigo, a cidade mellor situada a respecto de Portugal. Antes que os nosos aforros sexan colonizados por Castela eu prefiro restaurar a entidade galegoportuguesa dentro da Europa. Non asino esta carta porque, se o fago, no meu centro de traballo cómenme a figura.

A idea, tan difundida, da comunidade económica e cultural de Galicia e o Portugal entre Douro e Miño merece precisións.

No aspecto lingüístico, as semellanzas establécense entre o galego e todo o portugués. Sei que existen características da lingua portuguesa setentrional comúns co galego, como é a inexistencia do «v» labiodental. Pro é o portugués na súa totalidade quen se aparenta co galego nos planos léxico, morfolóxico, sintáctico en diferentes medidas, aínda que no plano fonolóxico o portugués non ten nada que ver co galego. E isto é así porque o portugués é unha lingua románica secundaria ou moderna que non procede directamente do latín vulgar senón do galego antigo, dado que Portugal nace da secesión dun condado do Sul de Galicia. Estas cousas, que lles custa caro recoñecer a moitos portugueses, foran comentadas con bo humor por Alexandre Herculano:

É assim que históricamente o galego é ovo; ovo desta monarquía de Portugal. Afora o nome, ela herdou de Galiza bom quinhão de território, parte da população, os mais ilustres homes da sua velha aristocracia, muitos costumes, e finalmente a língua que, hoje senhoril e desdenhosa, olha com soberberia para o antigo dialecto que lhe deu origem, falta de piedade filial mais que muito repreensível,

e que eu quisera ver zurzida pelos atravesadores, espevitadores e esfoladores da moral pública destes reinos e senhorios, onde nenhuma criatura que saiba os nomes dos bois em história pode volver os olhos para o extremo horizonte do noso pasado que nao enxergue, ao cabo lá, a Galiza.

Eis como a palabra galego se reveste já de uma importante majestade que ao primeiro aspecto não descubrimos nela. (Alexandre Herculano, «O Galego. Vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé», en a *Illustração*. *Jornal Universal*, Lisboa, 1846: ano da nosa Revolución e da Maria da Fonte dos minhotos).

257

Certo que hai unha parte do N. de Portugal na que as semellanzas con Galicia se acumulan. O camiñante, que é quen percibe mellor (Rousseau) a presenza de elementos visíbeis e invisíbeis dos Países, decátase dos perfumes arcaicos que exhalan as terras do Minho, do Douro Litoral, dunha parte de Trás-os-Montes. Mesmo séntese o galeguismo nas Terras do Demo que novelou Aquilino Ribeiro e situou na Beira Alta. É este un Portugal marcado polos canastros (hórreos, espigueiros, caniços, cabaceiros...) e que se ordena en sistemas de freguesías e aldeas que se perpetúan á sombra dos castros, igual que en Galicia. As formas e a temática da literatura popular son intercambiábeis coa nosa. O mesmo que as habilidades pescadoras dos mariñeiros da Póvoa de Varzím e os da Guarda. Deste Portugal, que é Gallaecia en estado puro, desapareceu a gaita de foles ou galega, aínda que ela rabea por se facer ouvir entre o estrondo dos tambores dos Zés Pereiras. Braga e Dume están alí, como está a cidade do Porto e o fervedoiro industrial do seu *hinterland*, que case chega ao Porriño. Este é o Portugal que continúa, separado de nós pola fronteira máis vella de Europa, sendo unha parte da Gallaecia.

Pro hai un N. de Portugal non galaico que ole a outra cultura e a outros antepasados, que son os bravos e valentes da Lusitania. En Bragança, cuxas terras estreman coa Seabra, campa, en lugar preferente, un potente verrón ou porco bravo de pedra que era venerado polos celtas peninsulares e, especialmente, polos lusitanos. Por esas terras bravas do Nordeste portugués non hai verdes castros e pervaga a sombra treizoada de Viriato. É o Nordeste de Portugal, onde o minhoto e o galego estraña as doces veigas e onde manda o terrón pedregullento, o aciñeiro, as amendoeirás; o sitio no que se propicia a vitela das vacadas de pelaxe morena. E vexan, con todo, que cousa curiosa. Neste Nordeste non galaico de Portugal é onde as xentes conservan e perfeccionan a gaita de foles que eles saben que é galega. Ora si, é tan diferente de Galicia, mesmo a pesares da gaita, este Nordeste portugués que mesmamente aló, nos concellos de Miranda de Douro e de Sendim, as populacións conservan a lingua leonesa ou asturleonese. E esta lingua está recoñecida pola República Portuguesa como cooficial. A inexistencia do asturleonés nos textos constitucionais de España constitúe un escándalo.

«Miranda yê la mie Tierra» (19.12.2009)

258

A lenda da galeguidade do Norte de Portugal vense abaixo ao pormos o pé nunha feira de Miranda do Douro e ouvir alí como canta a lingua mirandesa, recoñecida como patrimonio da República veciña. Alén de se falar, escríbese hoxe normalizada por unha «Cumbençon Ortográfica de la Lhéngua Mirandesa». Portugal sería o único estado monolingüe de Europa se non vivise a lingua mirandesa no seu áspero e belo Nordeste. Hai falas aparentadas co mirandés en Riodonor e Guntimil, pro hoxe non toca tratar delas.

Segundo a doutrina, xeralmente aceptada, de Menéndez Pidal, o mirandés é unha realización da lingua leonesa na súa variante occidental. Como todas as falas leonesas, esta de que tratamos palataliza o ele inicial e diptonga o/e breves do latín. Distínguese o mirandés das restantes falas leonesas actuais no seseo e en que conserva o ese e a fricativa palatal sonora. Curiosidade: usan por aló o ese apical que a tradición filolóxica españoлиста considera un distintivo cuase nacional.

Estamos a asistir a un renacemento da lingua mirandesa, que na actualidade produce literatura ao tempo que se consolida naquela terra unha identidade cultural propia. Un escritor de alí, José Francisco Fernandes, titulou coma este artigo, un seu lindo libro en verso, do cal se tiraron 4.000 exemplares en dúas edicións. O padre António Mourinho, (non sei que é feito del nin se é vivo ou morto) pode ser considerado o fundador da nova cultura mirandesa. Podemos decer que o mirandés e o asturiano son as dúas variedades da vella lingua leonesa que hoxe teñen considerábel uso literario.

Un sempre se pregunta por que o leonés se conserva nun currunchito de Portugal en canto que do propio León desaparece. E tamén nos preguntamos a razón pola cal este leonés vive e se perpetúa no reino e na república de acolá ao lado noso. Téñese aducido explicacións históricas, como é a pertenza antiga do territorio á diocese de Astorga ou unhas imprecisas repoboacións ordenadas por mosteiros leoneses. Mesmo se aventurou, como factor leonesizante, o dos matrimonios mixtos entre veciños de Miranda e da outra marxe do Douro, que por alí marcha de Norte a Sul. Ora ben, isto é razoamento enganoso pois Miranda está, si, sobre a fronteira pro esta constitúe un abismo, que aló lle din «Las Arribas ou Arribes del Duero», seguido duns espazos desérticos que non terminan senón nos apartados países de Sayago e El Aliste. Non se percibe en Miranda unha comunicación fronteiriza do tipo da que coñecemos entre unha e outra beira do río Miño. Por non haber, nunca houbo unha ponte que unise a cidade murallada e mesmo episcopal de Miranda co territorio español. A causa, pois, da existencia dunha fala leonesa nesta esquina arredrada do Nordeste portugués resúltanos descoñecida.

E onde se fala mirandés? Pouco en Miranda, capital do municipio, aínda que os letrados das rúas figuran na lingua propia e en portugués. Está activa a lingua con pe-

culiaridades no bico das xentes da vila de Sendim (dito De Miranda para o distinguir doutros Sendim portugueses). E logo florece nas freguesías do municipio mirandés, que agora vou enumerar escribindo os nomes delas na lingua propia e de acordo coa «Cumbençon Ortográfica». A saber: Bila Chana de Barceosa, que se chamaría así por abundaren na contorna os *barcegos* ou «xuncos». Nesta freguesía mora o tío Ângelo Arribas, artesán que manufactura gaitas «de fuôlhe, ou sexa galegas». Constantin, coñecida pola súa romaría do Cabeço de la Luç. Dues Igrejas, que e sonada polos seus danzantes e polos gaiteiros Elídio Galhego, Manuel Aires e Manuel Paulo. Infanheç, apreçada como centro principal da raza de vacas dita *mirandesa*, que leva piringallos nas orellas desde moi antigo. Outra freguesía moi criadora de gado é Malhadas. Palaçuôlo é comunidade moi fomentadora, onde se fabrican coitelos e obxectos metálicos. Paradela (antes sería «Paradielha») é famosa na imaxinación popular por ser a poboación portuguesa onde máis cedo raia o Sol. En Picuôte, un verrón ou porco de pedra fainos acordantes de que non nos achamos na Gallaecia senón na Lusitania. La Pruôba foi en tempos moi coñecida polo seu auto da Paixón, no que non sei se Cristo falaba mirandés ou portugués. Tivo son a San Martino de pobo contrabandista até que a Unión Europea arruinou o negocio. Dinme que o regueiro que pasa por Silba é rico en *carangueijos*. Finalmente, alí está Zenízio, cuxos veciños reciben a nomeada de *bubielhos* ou «bubelos», non sei eu por que, aínda que non quero supor que sexa debido ao fedor que exhalen eles. Na freguesía de Atanor, que tamén pertence ao concello de Miranda, non se fala mirandés. Si se falou, ou se cadra aínda se conserve algo, nas freguesías chamadas, sempre en mirandés, Bilar Seco, Caçarielhos en Angueira, estas integradas no concello de Vimioso hogano.

Beizón a Francisco Fernandes pola súa valiosísima información. Co nome de «Lhén-gua Mirandesa» comercializa a cooperativa Ribadouro un excelente viño que producen os bacelos «rastreiros» do país do cal tratamos hoxe. Recomendamos moi vivamente gostar desta «Lhén-gua Mirandesa».

«Tanto beilei cula gaita galhega» (26.12.2009)

Pídenme unha amósega literaria en lingua mirandesa. Veleiquí:

Bi venir la gaita al cimo del lugar./ Pousei la mie ruôca i pum'ma beilar./ I tanto beilei a la puorta del fuorno./ I tanto beilei que me derun un bolho!/ I tanto beilei cula GAITA GALHEGA,/ I tanto beilei que me namorei d'eilha...

Non sei se o escrito atrás se axusta á Cunbençon Ortográfica, pro si sei que é a letra dunha muiñeira cantada en lingua mirandesa. Muiñeira que se suma a outras ben coñecidas en Galicia, como aquela recolleita e glosada por Rosalía de Castro: «Has de cantar que che hei de dar zonzos/ has de cantar que che hei de dar moitos./ Has de cantar, meniña GAITEIRA,/ has de cantar que me morro de pena».

Dos países do Portugal setentrional máis familiares con Galicia (o Minho, Occidente Transmontano, Douro Litoral, mesmo zonas da Beira Alta), a gaita desapareceu sen deixar outra traza que a que xeme, inaudíbel case, no fondo das Treboadas ou Zés Pereiras. Pois ben, no Nordeste de Portugal de ascendencia lusitana, aparentemente moi disterado da cultura galega, a gaita non deixou paso a concertina ningunha e o pobo chámalle *galhega* ou *galega*. Supoño que, nalgún tempo, a gaita tocábase por aló nun territorio maior do que acolle este instrumento na actualidade. No Nordeste, a gaita apenas sobrevive nos concellos de Mogadouro e Vimioso. Pro o noso instrumento nacional reina na Terra de Miranda do Douro. No Minho estou a ver que se recupera en Vaina do Castelo, por exemplo.

Mário Correia, estudoso portugués da música popular, sostén que «a gaita mirandesa possui uma potencia sonora superior à galega e um timbre mais grave e aveludado». A simple ollo de profano, as súas formas son máis robustas e grandes que as da nosa gaita así no que se refire ao punteiro, coma ao ronco, ao soprete e ao fol (*boto*, en mirandés). Seica a gaita mirandesa carece de ronquillos.

Tradicionalmente, os gaiteiros da Terra de Miranda eran pegureiros. Na soedade, o pastor fabricaba a súa propia gaita e máis outro instrumento, socialmente menos identificador da comunidade: a frauta ou *fraita*. A mítica do gaiteiro, como suxeito pícaro e bebedor, existe en Miranda do mesmo modo que en Galicia, en Bretaña e noutras comunidades gaiteras. De igual xeito que en Miranda existe, na súa lingua, a expresión galega e gaitera de *mollar a palleta* adaptada ao leonés da zona

O grupo musical típico da Terra de Miranda está integrado por un gaiteiro, un tamborileiro e un bombeiro, aos que, raras veces, se suma un frautista. Igual que lle ocorre á gaita, aprézase que os redobrantes e os bombos mirandeses son máis compridos ca os nosos. O gaiteiro pode ser chamado *gueiteiro* en Terra de Miranda do Douro, á maneira de Curros Enríquez. A uniformidade dos gaiteiros de aló é variada, aínda que eu prefiro os que levan a monteira máis antiga e o chileque ou colete rameado.

Leo en Mário Correia (*Contributos para a História dos Gaiteiros Mirandeses*, Lhéngua i Cultura Mirandesa, 2002) que, un Senhor Serafin das Augas Bibas (Miranda), repenica nos sinos da igrexa (alí chamados *campanas*) o ritmo da *moliner*, que aparece en repertorios discográficos de diversos gaiteiros ás veces tamén na forma galega *muiñeira*. Desde logo sorprende que unha das composicións preferidas dos gaiteiros mirandeses de onte e de hoxe sexa *A Saia de Carolina*, ben galega e nunca traducida ao mirandés. *Manolo Mío* é tema igualmente apreciado en Terra de Miranda, que supoño que se cante, coma en Galicia, en castelán. A referencia tradicional a un misterioso gaiteiro, chegado á Terra de Miranda desde lonxe e chamado O Cego de Vilariño (con eñe), pode darnos a pista dun músico difusor de galegadas en Miranda. Vin eu sendo rapaz, no Xardín do Pousío de Ourense, un grupo de danzantes que batían paus e que se ataviaban con chapeus floridos, bandas multicolores e enaguas de

muller. Eles eran portugueses e as vestimentas e as súas evolucións coreográficas resultábanme moi semellantes ás dos danzantes do Cristal en Vilanova dos Infantes. A música era executada por un gaitero e por unha gaita que me pareceron galegos. Admirado por tanta coincidencia, pregunteille a quen se presentaba como director da agrupación, un crego coxo que non vestía a levita republicana dos padres portugueses senón a sotana habitual nos españois. Respondeu con precisión ás miñas preguntas en portugués que traduzo:

- Estes danzantes son chamados pauliteiros e veñen de Miranda do Douro. Efectivamente gardan relación cos de Vilanova dos Infantes, aínda que hai danzas deste tipo noutros sitios da Península e de fóra dela. A gaita é a gallega, propia da Terra de Miranda.

Tempo andado, souben que aquel crego era don Antónío Mourinho, principal animador do renacemento da cultura mirandesa que se produciu entre mediados do século XX e hoxe. Cando o P. Mourinho me dixo que aquela gaita era *gallega*, non estaba a castrapear como fan certos portugueses españolizantes. El estaba simplemente a nomear a gaita da súa terra en lingua mirandesa. Os pauliteiros de Miranda xa foran levados a Lisboa polo pai de Antónío Mourinho en 1898 e alí danzaron ao son da gaita *gallega* nun festival no que se incluían grupos folklóricos da África colonial portuguesa. É fama que a raíña Dona Amélia, impresionada, lles predecíu aos pauliteiros mirandeses: «De aquí a cem anos falará-se de vós!».

E seguimos a falar de pauliteiros e de gaiteros da Terra de Miranda do Douro. Iso si, sobre os gaiteros mirandeses para hoxe o perigo ourensano das bandas paramilitares, o perigo irlandés e o perigo leonesista.

Capítulo 04

No Fondo dos Espellos

ARTIGOS: 2010

263

Oliveiras en cuestión (1) (16.01.2010)

Aqueles tempos foron chamados de «doma y castración» polo historiador Jerónimo Zurita (1512-1580), a quen eu nunca lín polo cal a cita é de segunda man. Ora ben, prométoilles consultar os *Anales del Reino de Aragón* de Zurita e comentar no *Fondo dos Espellos* o que alí saia sobre a historia de Galicia no século XV.

O caso é que «doma e castración» é un lema que define ben o acontecido en Galicia entre 1486 e 1556 durante o reinado de Isabel I, durante a efémera preponderancia de Filipe o Feroso, durante as rexencias de Fernando de Aragón e Cisneros e aínda durante o reinado de Carlos I.

Esmagada toda resistencia, a alta nobreza leal á usurpadora é colmada de beneficios e alentada a asentarse en Castela. Causa que fai deixando en Galicia mordomos e administradores, casteláns xeralmente, que se ocupan en lles angueirar aos amos as rendas que extraen do campesiñado. Créase a Audiencia do Reino, coma órgano de dominio, cuxos fallos e resolucións podían ser apelados na Chancelaría de Valladolid. Á fronte desa Audiencia son postos funcionarios casteláns. Ocupan as dioceses os bispos e os cóngos impostos e vindos de fóra. Créase a figura do Capitán Xeral de Galicia, que representaba a autoridade do Rei nun tempo de cesarismo absolutista. Naturalmente, tamén o Capitán Xeral e os seus dependentes serán persoas castelás. A Xunta do Reino límitase a executar as ordes da Coroa. Os concellos perden a súa autonomía no intre no que son intervidos pola monarquía, que designa os corrixidores para os controlar. Corrixidores ou *corregidores* que acostuman ser casteláns e que, por veces, son absentistas, delegan en substitutos tamén casteláns. Impóñense en Galicia pesas e medidas estranxeiras, coma a libra de Ávila e o moio de

Toro. Non hai cortes de Galicia e o Reino é representado nas de Castela e León pola cidade de Zamora, o cal foi considerado unha humillación. Prohíbenselle ao pobo as reunións e festas multitudinarias e a organización popular en forma de irmandades. En 1555, os Xesuítas fundan o colexio de Monterrei para educar os aldeáns galegos que, a xuízo dun bispo, estaban tan atrasados coma os indios de América.

No Reino de Galicia había comunidades monásticas que foran acumulando un poder económico superior ao da mesma nobreza. Aplicóuselles tamén aos conventos a política de «doma y castración». Xa en 1487 son facultados os bispos de Avila, Córdoba, Segovia e León para interviren os mosteiros de Galicia e mesmo suprimiren algúns. Pouco e pouco, os poderosos centros bieitos de Celanova, Ribas de Sil, Lourenzá, Poio, Leres, pasan a depender xerárquica e economicamente do de San Benito de Valladolid. A soberanía dos conventos do Císter será tamén anulada e, eles, adscritos á Congregación de Castela daquela relixión. De igual modo, e seguindo directrices reais amparadas por bulas papais, as colexiadas dos cóngos regulares de Santo Agostiño, coma a de Xunqueira de Ambía, perden a súa independencia e sométense a Valladolid. A partir desde período histórico, un verdadeiro río de ouro e riquezas varias flúe de Galicia a Castela debido á perda de autonomía dos mosteiros galegos.

Podemos decer que, á renuncia de Carlos I en 1556, fica completo o designio da Raíña Católica: a plena submisión de Galicia. Teño ouvido decer e lido, aquí e acolá, que un dos actos da «doma e castración» do noso Reino foi o seguinte. Isabel La Católica quixo vingarse dunha Galicia que lle fora, en parte, hostil ao apoiar a lexitimidade da Excelente Señora dona Xohana. Daquela, mandou cortar as oliveiras do Reino para que este fose deficitario de aceite, e dependente polo tanto. Incluso téñenme asegurado que as oliveiras de adros e sagrados (os «olivos escuros» de Adina) estiveron permitidas a condición de que só producisen aceite destinado ao culto.

É isto verdade ou constitúe unha lenda que transmite, en forma metafórica, a memoria da «doma e castración»? Non sabería responder agora. Pro a pregunta é esta: por que na marxe esquerda do Miño, digamos que en Valença, existen hoxe oliveiras e muíños de aceite mentres que na dereita, poñamos concello de Tui, non existe tal cousa ni existiu desde que haxa memoria viva?

Iremos tratando do aceite galego no *Fondo dos Espellos*.

Oliveiras en cuestión (2) (23.01.2010)

En todo o Norte de Portugal prodúcese aceite de oliveira. No Noroeste de dito país, as árbores soen ser plantadas nas extremas das leiras en canto que no Nordeste, Centro e Sul, hai terras destinadas integramente a olival: «Por esses olivais perdidos vão as raparigas solteiras» –tal como cantaban as «janeiras» de José Afonso. A poucos quilómetros deste Vigo no que escribo, no concello de Valença do Minho, freguesía de Cerdal, funcionou até hai algúns anos o lagar industrial de aceite de Casimiro & Barreiro S.L. que, segundo unha investigación feita para o *Fondo dos Espellos* por Joaquín G. Troncoso, moeu 10.000 quilos de aceituna e produciu 5.000 litros de aceite no ano 1985. Polo contrario, na marxe opósita do río Miño, no concello de Tui, en Galicia, non hai colleita de aceitunas nin muíños de aceite nin memoria de tal nin farrapos de gaita.

265

En Galicia só temos noticias de que se produce, ou se produciu até hai pouco, aceite nos concellos de Betanzos, Lobios, O Bolo, Larouco, A Rúa, Ribas de Sil, Verín, Oímbra, Vilardevós. O Licenciado Molina, na súa *Descripción del Reino de Galicia* (1551), só sinala a presenza de oliveiras nas Mariñas de Betanzos e en Valdeorras. Escribiuse e contouse oralmente que a Raíña Católica castigou os galegos, por rebeldes insubmisos, mandándolles talar as oliveiras para acentuar a súa dependencia económica. Coñezo unha versión do mito segundo a cal foi Filipe V o que ordenou a devastación. Outros cren que as leis liberais do século XIX foron as responsábeis da desaparición das oliveiras ou olivas galegas, o que se contradí co dito por Molina no século XVI. A pregunta segue a ser esta: por que hai oliveiras produtivas de aceite en Portugal e en Galicia son tan escasas? Constitúe esta lenda da corta das nosas oliveiras, unha metáfora popular mediante a cal o pobo quixo significar a «doma y castración del Reino de Galicia» tan duramente executada pola raíña Isabel I? Non sei.

En Galicia hai muíños particulares de herdeiros, de aceite e muíños de maquiá. Son diversos os tipos e modelos dos muíños de aceite de eiquí, e eles, poden ir do prehistórico ao motorizado. Fálase nos nosos días de proxectos de restaurar a produción do aceite en Galicia a base das castes de aceituna autóctonas, que son as chamadas *bravas* e *mansas*. Tamén están a ser lanzadas redes de distribución de tal aceite do país.

Os estudos etnográficos debidos a Xaquín Lourenzo «Xocas» sentaron as bases do coñecemento xeral da cultura do aceite en Galicia. Outros traballos, coma os de Manuel Caamaño e Estanislao Fernández de la Cigoña, foron completando os datos divulgados sobre o noso aceite e a morfoloxía do seu utillaxe e edificios destinados aos labores de que se trata. Recentemente, a revista *Raigame* de Ourense publicou o estudo titulado *A oliveira e os muíños de aceite*, da autoría de Aníbal Cid Babarro, que actualiza os datos xa coñecidos e aporta novas noticias verbo do asunto.

A oliveira goza dalgunha presenza na literatura popular de tradición oral, aínda que non sempre referida á produción do aceite. Vexan unha cántiga (algo coxa):

266

Por baixo da oliveira
nin chove ni case orballa;
dime, nena, se me queres,
non me deas máis traballo.

Veleiquí un curioso e instrutivo refrán: «Aceite, o de riba; viño, o do medio; mel, o do fondo». E, agora, unha adiviña que é coñecida con variantes noutros espazos culturais ibéricos: «De branco nacín, de verde me vestín e de loito me cubrín; para dar luz ao Mundo mil tormentos padecín: A ACEITUNA».

Respondo agora a unha consulta. En galego a palabra *oliva* ten dúas acepcións: «aceituna, froito da oliveira» e «oliveira ou árbore que produce as aceitunas». Por esa razón o xornal decimonónico vigués de Alexandro Chao, Compañel e Murguía titulábase –en forma castelanizante– *La Oliva*: pola oliveira que figura no escudo de Vigo. Non por unha aceituna.

Torrente previo (30.01.2010)

Visto de lonxe, semellaba estar chocando unha grande novela católica, avanzada e sospeitosa para a España clerical, á maneira de Georges Bernanos. O seu ensaio narrativo titulado *Javier Mariño* (1942) ou, o seu libro de guerra *Viaje del joven Tobías*, foran unanimemente desprezados pola miña xeración e eramos moitos os que agardabamos por unha súa novela rupturista en materia de técnicas contemporáneas. En 1960, Torrente era considerado o vixiante fiscal do teatro español contemporáneo.

Lembro un Torrente, de capa española e bengala, atraíndo sobre a súa persoa todas as olladas ao el entrar no teatro de Bellas Artes para asistir ao estreno d'*A gata sobre o tellado de cinc quente*, en castelán, cunha Aurora Bautista vociferante, moi mona e en viso durante todo o tempo escénico. Ao día seguinte lanzabámonos sobre o *Arriba* (órgano oficial de Falange, logo Movimiento) para mirar a crítica de Torrente Ballester, que soía ser moi esixente e, por veces, sarcástica. Por aquel tempo el mallaba sen dó no que restaba de José María Pemán y Permartín e no que nacía de Paso, ámbolos dous nas fosas común do esquizo. Torrente apoiou Buero Vallejo desde a súa sorprendente eclosión e todo o que este dramaturgo representaba no mundo das ideas. Estaba encantado con *Escuadra hacia la muerte* de Alfonso Sastre que, daquela, era un valente intelectual orgánico do PCE. Non só o escritor ferrolán destacaba coma crítico teatral de *Arriba*, desde logo. Tamén exercía a docencia e un certo liderado intelectual minoritario.

No Madrid miserento de 1960, Torrente era moi ben considerado nos círculos académicos por ser autor dun *Panorama* (así titulado) da literatura española contemporánea e dunha historia do teatro tamén español que innovaron os criterios de valoración un tanto enferruxados desde Valbuena Prat e que, como soe hoxe decerse, marcaron canon. El foi o primeiro en conferirlle valor máximo ao teatro de Valle-Inclán aínda que nos pareceu impertinente e necio ao incluír José Antonio Primo de Rivera entre os ensaístas valiosos do século XX. Santiago Montero Díaz, outro ferrolán de mente privilexiada, máis ben ágrafo, rachaba coa Falange e instalábase desafiante no nacionalismo galego e mesmo nun incipiente maoísmo. Torrente seguía amarrado ás prebendas franquistas que lle foran concedidas, e, porén, resultábanos simpático. El, sempre obsesionado pola «grande novela», non conseguía producir nada grande.

Seguía eu moito a Torrente Ballester polo Madrid de 1960. Estouno a ver nos colexios maiores, nas mesas redondas, en conferencias do Ateneo. Era un orador preciso e económico, que raras veces cedía á metáfora ou ao preciosismo. Despregaba unha cultura histórica, filosófica, literaria, mesmo teolóxica, que non casaba con aquela cidade culturalmente retrasada e embrutecida. Se el dicía «Heidegger», poño por caso, só percibían de quen estaba a falar os mozos galegos que daquela frecuentaban *Grial*. Non importaba o feito de que Torrente participase, no pasado, en Berlín, con Knut Hamsun e toda a tropa dos escritores fascistas de Europa, no congreso intelectual do doutor Göbbels. El parecíanos diferente e viámolo atraído polas luces.

En 1960, J.L.L. Aranguren, católico coma Torrente, levou este a falar nun sonado seminario universitario sobre liberdade de pensamento, e iso foi na facultade racionalista e republicana na que este cronista aprendía para filólogo románico. En 1960, eu pregunteille pola represión que exercía o franquismo contra a nosa lingua. E Torrente contestoume dicindo que el se iniciara como escritor xusto en galego e da man de Johán Carballeira, xornalista e alcalde de Bueu fusilado en 1936.

Despois de 1960, Torrente convértese, finalmente, nun grande novelista, se non galego si frecuentador de temas e ambientes galegos, na triloxía *Los gozos y las sombras* e, mormente en *La Saga / Fuga de J.B.* Case no mesmo tempo, Fraga Iribarne, farto das infidelidades do escritor, desconéctao dos enchufes franquistas a raíz de este estampar a súa sinatura ao pé dun documento protestatario que redactara o antes citado Alfonso Sastre e que versaba sobre os maus tratos inflixidos aos mineiros de Asturias en folga, e ás súas mulleres. Torrente, na altura, perdeu as regalías e recuperou a súa cadeira de Instituto, repregándose a Galicia ou sexa á Terra Nai. E así foi como terminou o Torrente previo e apareceu o escritor que admiramos.

O birimbao non é gaita (06.02.2010)

Unha obra magna chega ao *Fondo dos Espellos*: Pablo Carpintero, *Os instrumentos musicais na tradición galega* (Difusora de Letras, Ourense, 2009). Son 554 páxinas de texto, debuxos e fotografías nas que se escriben e estudan, inscritos na súa circunstancia sociocultural, a totalidade, ou cuase, dos instrumentos musicais de tradición galega.

Digo *cuase totalidade* porque non dou atopado no libro o «freixolé» que se fabricaba e tanxía no Lugo dos anos sesenta. Diante desta obra un sente a necesidade de descubrir a cabeza.

Lendo nela, saíronme do *Fondo dos Espellos* os sons ou zunidos do vello, esquencido, querido birimbau. Porque, deste humilde instrumento, trata Pablo Carpintero. Moitos dos nosos lectores saben ben que cousa é o birimbau, mais agora escribirei para aqueles que o non coñecen. Defínese nunha frase feita: «O birimbau non é gaita, que é un ferriño que toca»; frase que se converteu en advertencia da proximidade do Castelo das Falsas Apariencias que Ariosto puxera no *Orlando Furioso*.

Certo, o birimbau é un ferriño, aproximadamente circular, con prolongacións rectas e cunha lingüeta de aceiro no centro que está dotada dun apéndice. Colócase a prolongación entre os incisivos mentres o birimbau se sostén coa man esquerda. Para tocar, emítese ar e, coa lingua, modifícase o resoador bucal, mentres o dedo índice move a prolongación e fai vibrar a lingüeta. Pódense conseguir melodías elementais ao estilo *soprado* (aproveitando o alento) ou *limpo* (só usando o resoador bucal). Tamén pode ser aproveitada a vibración das cordas vocais. Falamos dun instrumento de acompañamento do canto ou doutros instrumentos. Coma tal a guitarra, á que lle empresta un cromatismo algo hawaiano. Podemos igualmente facer sós de birimbau.

O cine popularizou o son do birimbau en vellas películas de ambiente canadiano («a la sombra del abedul/ había un pajarito azul», na dobraxe española) e en films máis actuais nos que o seu son chegou a ser sintomático da mafia siciliana.

Tocouse o birimbau en toda Galicia, onde tamén recibe os nomes de *trompa* ou *bir-imbau* (e semellantes). Segundo Carpintero, fabrican hoxe birimbaus varios artesáns ferreiros da Fonsagrada, Taramundi (Eo-Navia) e Brión. No resto de Europa usouse moito o birimbau. Dous destes instrumentos, iguais aos contemporáneos, apareceron en xacementos galos do século V. No Sudeste asiático zomba un birimbau feito de bambú. Gosta do birimbau certa minoría nacional do Norte do Xapón cuxo nome non lembro e da que un día me falou Luis Carandell, coleccionista, entre outras cousas, destes instrumentos dos que tratamos hoxe. Noutros sitios de Eurasia existiu ou existe o birimbau.

A etimoloxía da palabra é das difíciles. Hai moitos anos, Joan Corominas (en castelán existe *birimbao*, como galleguismo) foi ao francés *brimbale*, derivado do verbo *brinbaler* «sacudir, abanear». Parécese raro, porque en Francia o birimbau recibe o nome de *guinbarde*. En portugués existe a palabra *birimbau* e hai quen lle foi procurar o étimo na lingua angolana bantú dita quibumdo e do cal non sabemos ren no *Fondo dos Espellos*. Tamén me semella estraño, dado que teño entendido que na negritude orixinal non se coñecía o instrumento. Para min que birimbau é voz galega de orixe onomatopeica ou expresiva.

Carpintero infórmanos de que, pola terra da Fonsagrada, chámanlle ao birimbau *trompa*; pro, en certos contextos, refírense ao instrumento coas misteriosas palabras de cobertura *gaita do sapo* ou *música do sapo*. O sapo non croa (menos a sapela) na realidade, como pensaba Curros Enríquez. Dependendo das especies, o sapo asubía, e o seu son é afrautado, tal e como Cuña Novás di nun poema nocturnal e esterrencente: «Agoito de fruta antiga/ que namorou a lúa». Asociar o son do sapo co zoar do birimbau só se pode facer desde algunha asociación mítica na que sobrevivan as formas baleiras dun relato ancestral perdido.

En certos lugares de Asia o birimbau acompañaba as viaxes dos chamáns que traspasaban os portelos da percepción intoxicándose con drogas alucinatorias. Sobre este feito, Pablo Carpintero elabora unha bela hipótese; bela aínda que non demostrábel no plano positivo. O noso birimbau sería supervivencia dun mundo prehistórico no que o chamán entraba nunha dimensión na que o sapo era o seu condutor. O trazo produciríase tendo o birimbau como zunido constante, razón pola cal os de Fonsagrada aínda falan da «música do sapo». En rigor, non sabemos cousa dun estrato cultural chamánico no pasado de Galicia. A tradición intensamente indoeuropea da que parece que vimos (os de Alinei remóntana ao paleolítico) sempre se nos representa mediante un panteón antropomórfico co que o home se relaciona con sacrificios mediante.

O patriota (13.02.2010)

Morreu Antón Moreda, persoa sobranceira na historia do nacionalismo galego e da resistencia democrática ao franquismo. Margarita Ledo Andiñ explorara os interiores da memoria deste noso amigo nun libro excelente. Nos últimos anos, as novas xeracións de estudosos da evolución das ideas políticas en Galicia fóronse interesando máis e máis por Moreda. Algúns pídenme unha semblanza ou unha evocación del. Fago, pois, saír do *Fondo dos Espellos* o rostro magro, o corpo quixotesco, o estilo *beatnik*, as falas mainas e suasivas de Antón Moreda. Nacera el en Reinante, no norte extremo de Galicia, o ano 1934 e moi noviño foi enviado (en avión, cousa excepcional) a traballar na cidade que os galeguistas chamaban Bos Aires.

En 1953 uniuse a Vidal Pérez Graña, Carlos Abreira, Antón Santamarina Delgado, Xosé Neira Vilas (e a outros e outras) para fundaren as Mocedades Galeguistas. Estas dependían da Irmandade Galega e acataban a autoridade do Consello de Galiza, depositario da legalidade republicana. O mentor principal de tales xuventudes fora, nun principio, Luís Ares, veterano da Sociedade Nazionalista Pondal. Publicaban o boletín *Adiante*, moi combativo e entusiasta, que viña a Galicia a través de resistentes nacionalistas coma Bieito de Ourense ou Fontenla de Pontevedra. Eles faciánnos chegar o *Adiante* aos rapaces dos anos cincuenta, que o liamos e o pasabamos de man en man. Antón Moreda, despois de Neira Vilas, era a personalidade máis forte das Mocedades de Bos Aires.

En 1960 Antón Moreda viaxa a Madrid para se encontrar cos mozos do fato Brais Pinto (Reimundo Patiño, César Arias, Bautista Álvarez, X. Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro, Ramón Lorenzo, Alexandre Criebeiro e este cronista). Reunímonos na taberna La Región Gallega, rúa de Noviciado. Alí Moreda fixo un detallado informe da situación do nacionalismo en Bos Aires, referíndose ao Consello de Galiza, á Irmandade Galega e ás Mocedades Galeguistas. Coido que foi entón cando lle sentín pronunciar por primeira vez as palabras «militancia» e «militante». O que dominaba daquela, no universo galeguista, era a liña de Ramón Piñeiro, que se resistía á organización política e non falaba de Galicia como nación con dereito a se autodeterminar. Moreda propúñalle a Brais Pinto unha nova linguaxe política e suscitáballe o desexo de fundar un nacionalismo que nos arredrase da apraxia piñeirista. Eu nunca esqueceré aquel informe de Antón Moreda.

Logo el voltou a Bos Aires, para regresar a Galicia sobre 1963. Abriuse un período conspirativo. Moreda foi encargado de se entrevistar con todos os mozos galeguistas con vistas a fundar unha organización política. Chamámoslle a isto, en clave, «Operación Paloma Mensajera». Moreda viaxaba en coche de liña (logo en 600) e traballaba como vendedor de libros de Galaxia. Incorporáronse ao proxecto unhas cen persoas e adoptouse o nome provisional de Consello da Mocidade, do cal Antón Moreda foi elixido Secretario Xeral. Recuperouse o concepto de nación e algúns disentíamos do europeísmo. Piñeiro, velozmente, funda un chamado Partido Socialista Galego e unha imprecisa Democracia Cristiá co fin de contrarrestar o Consello da Mocidade. Acto seguido, os membros piñeristas do Consello expulsan por anti-europeos, terceiro-mundistas e comunistas, Antón Moreda e os seus afíns: Xosé A. Arjona, María Xosé Queizán, Reimundo Patiño, Foz, Bautista, Criebeiro, este cronista e outros.

Consumado o golpe no 1963, os que ficaron dentro liquidaron o Consello da Mocidade. Algúns dos purgados fundarían a UPG (era unha idea anterior pro estaba conxelada). Moreda non era comunista, senón só un patriota. Non se uniu á UPG. Desconcertado pola violencia da purga e doído no fondo da alma, entrou en crise profunda.

A decepción desatoulle unha descomposición dolorosísima da orde mental. Roto, ingresou no manicomio provincial de Lugo, en Castro de Ribeiras de Lea. Alí permaneceu durante 43 anos, activo nos últimos en labores socioculturais. O pasado día 4 de febreiro o seu nobre corazón deixou de latexar. Podo decer que a miña vida mudou de rumbo o día en que escoitei falar a Moreda en La Región Gallega, Madrid.

Perda do birimbau (20.02.2010)

O birimbau é un instrumento musical no cal non se fixara Perfeito Feixóo e que, en consecuencia, non entrou no repertorio popularista dos coros galegos. As músicas neoceltistas e folkies máis contemporáneas tamén descoñecen o ferriño que toca. Polo tanto, o birimbau está cuase desaparecido da música de noso. Para a maioría da xente, o seu zoar non evoca aos vales de Galicia senón os de Sicilia. E é pena.

Clodomiro Rodríguez-Prenta, coñecido como Clodo polos seus amigos e achegados, procedía das famosas Mocidades Galeguistas de Celanova e era unha autoridade en materia de birimbau (alén doutras moitas sabedorías). Sobre o ano 1963, o Clodo doume leccións de birimbau na fonda do Galo sita na praza do Millo de Celanova, e, nalgunha ocasión, na taberna fronteira do Coello. E no seu despacho ensinoume a situar o birimbau entre os dentes, a modificar o resoador bucal e a tocar «soprado» ou «seco». El, que era republicano, deume as primeiras leccións de birimbau coa Marcha Real, porque esta peza é moi adecuada para o instrumento.

Clodo tiña de mao un ferreiro de Mourillós capaz de producir birimbaus. Encargou-lle un novo e ofreceumo cando viu que eu xa era un tanxedor regular. Moitos anos antes Clodo regaláralle outro idéntico ao seu compañeiro de armas xuvenís Celso Emilio Ferreiro, quen fixo doazón del ao Museo de Pontevedra. Durante moito tempo o birimbau de Celanova foi o único existente na venerábel institución e exhibíase en vitrina a carón dunha vella sanfoña. Teño entendido que nos fondos do Museo de Pontevedra existen, na actualidade, moitos birimbaus coleccionados. Sabía tocar Celso Emilio o birimbau? Coido que pouco e mal. A especialidade do noso poeta, en materia musical, era o adufe ou pandeiro sen metal exterior. Acompañándose con el, Ferreiro cantaba moi ben antigas pandeiradas coma esta: «Túa nai e maila miña/ xuntas van na romaría/ levan a roupa de lá/ deixan a de cada día». Ou esta: «Miña nai miña naiciña/ canto traballo che eu dei/. Agora que te axudaba/ mándanme servir a El Rei». Outras veces Celso Emilio tocaba o pandeiro e Moraima, a súa muller, cantaba, e moi ben, cántigas dos *vaqueiros de alzada* asturianos, de costumes moi semellantes ás dos castrexos do Laboreiro, na raia de onda Celanova. Coma esta: «Mocines de Llaciana/ quien vus mantiene?/ Los vaqueiros del monte/ que van y vienen./ Yeee». Fermosos e permanentes recordos que nos están a desviar do birimbau!

Clodo Rodríguez-Prenta, coma Celso Emilio, era procurador dos tribunais e no seu despacho de Celanova instruíame tamén en materia de birimbau.

272 Díxome o Clodo que, na súa infancia (primeiros anos vinte), en toda a Terra de Celanova se tocaba moito a guitarra. Formábanse animadas «parrandas» de mozos que saían de noite polas rúas da vila e canellas das aldeas a lles dar serenata ás mozas. Era frecuente que, ás guitarras, se sumase o birimbau como acompañamento. Tamén podía o birimbau acompañar o canto, especialmente o individual. Por suposto, co birimbau poden facerse sós.

Antes de morrer, Clodo transmitíume a arte do birimbau. Eu son, portanto, o derradeiro tanxedor de birimbau da Terra de Celanova, por proceder de Vilanova dos Infantes. Aínda non atopei ningún discípulo receptivo para lle transmitir as miñas habelencias e para continuar co birimbau despois do meu pasamento.

En canto á transmisión da arte de tanxer o birimbau, teño unha dificultade. Como este instrumento é de reducidas dimensións resulta moi perdedizo. Perdín, así, o birimbau que me dera o Clodo nalgunha mudanza de domicilio. Henrique Harguindey Banet tróuxome de Francia, para subsanar a perda, un xogo de tres birimbaus de diversos tamaño e ton. Moito llo agradecín, pro tamén se me perderon os birimbaus franceses. Para perpetuar os meus coñecementos de birimbau, preciso, pois, de dúas cousas: un aprendiz interesado e un birimbau. Discípulo no teño á vista, mais birimbau si que teño. Infórmame Carpintero no seu marabilloso libro sobre os instrumentos musicais de Galicia, de algo moi interesante: na Fonsagrada consérvase moi ben o birimbau e hai algún ferreiro capaz de o fabricar. De xeito que lle acabo de pedir ao profesor Antón Santamarina que me encargue un birimbau na súa terra natal, a Fonsagrada, cando vaia aló. De todos xeitos convén lembrar que, na Fonsagrada, ao birimbau chámalle *trompa*.

Triste fin da bela Louise (27.02.2010)

En 1776, Jean-Anthelme, con 21 anos, habitaba Dijon e frecuentaba aló a facultade de dereito, un curso de química con Guyton de Morveau e outro de medicina doméstica impartido polo secretario perpetuo da Academia Francesa, doutor Maret. Naquel clima sentimental provinciano respiraban a súa atmosfera natural as obras de Rousseau e anunciábanse o Paul et Virginie de Saint-Pierre e o *Werther* de Goethe. Acudía o mozo Anthelme aos seráns da burguesía en ascenso e neles teceu amizade limpa cunha mociña de nome Louise. Non se podía decer que ela fose magra. «Tiña, nunha xusta proporción, ese volume clásico que fornece encanto aos ollos e dá gloria ás artes imitativas».

No curso dun baile, Jean-Anhelme encontrou máis delgada Louise, e preguntoulle se se sentía mal.

— Oh, non!- respondeulle ela cun sorriso melancólico. Estou ben. Devecín unha miga; iso é todo. E aínda podo perder algo máis de peso.

Anhelme insistiulle en que non debería esforzarse por engordar nin por enmagrecer. Así estaba espléndida.

O que había de ser mestre de tratadistas de gastronomía observaba con inquietude como, progresivamente, a bela Louise deixaba de o ser: palidecía, enconvábenselle as fazulas, os ollos afundían encadrados polos arcos superciliares e as olleiras azuis e resequidas. Unha compañeira díxeralle a ela, con malevolencia, que estaba de bon ano e que deica pouco ía parecer, de gorda, un San Cristovo. No intre, Louise decidiu adelgazar. Para conseguilo, e mal aconsellada, púxose a beber cada mañá un vaso de vinagre. Case non comía. Foi devecendo, foi ensumíndose.

Consciente do perigo que corría, Anhelme avisou a familia de Louise. Levárona aos médicos, foi medicamentada. Sen éxito. «As fontes da vida estaban irremediabelmente secas... De xeito que a amábel Louise, reducida ao estado horribel que acompañou o marasmo, durmiuse para sempre á idade de dezaoito anos». Exhalou o derradeiro suspiro nos brazos de Anhelme cando este a soergueu para que ela vise a luz do solpor desde a fiestra.

Oito horas despois da súa morte, a nai da rapariga e Jean-Anhelme observaron marabillados como o rostro da defuntiña se facía radiante e que a fisionomía dela revelaba un imposible éxtase interior en canto desaparecía da face todo rastro de doenza. Anhelme ficou espantado. Pro, ao concluír este relato, el non se resistiu a consignar un apuntamento científico: «O caso non é raro. Lavater fai mención del no seu *Traité de la physionomie*».

Cada pouco lemos cousas sobre a doenza que hoxe chaman anorexia. A cal parece orixinarse da insatisfacción radical que algúns suxeitos senten verbo do seu corpo. Estas persoas deixan de comer e inxiren calquera substancia que xulguen ser redutora do seu peso. No caso de Louise, o vinagre. Considérase anorexia un mal propio do presente e que se deriva da ditadura das modas e dos modelos da figura humana, especialmente entre as nenas, as adolescentes e mozas. Pro o triste relato de Jean-Anhelme Brillat-Savarin que acabamos de reescribir no *Fondo dos Espellos* fai evidente que a anorexia estaba presente en Dijon no ano 1776. Esta que tiramos da *Physiologie du goût* de Jean-Anhelme Brillat-Savarin é a primeira descrición da anorexia que coñecemos.

Teñen tendencia os escritores gastronómicos a adoptaren un ton benhumorado, compracente ou mesmo francamente cómico. Isto ocorre cos autores galegos do ramo, digamos Cunqueiro ou Picadillo, tan diferentes, e mesmo con Petronio ao este

esperpentizar o festín de Trimalción en termos fellinianos e hilarantes. De Brillat-Savarin dixera Balzac que, por riba de lle conferir á prosa francesa un releve vigoroso, destacaba por unha feliz comicidade unida sempre á máis plácida das bonhomías. Ora ben, na estoria triste da bela Louise, Brillat-Savarin prescinde da graza souril do ton humorístico e do discurso científico de salón para adoptar, moi serio, un patetismo que habería de ser cualificado, co tempo, de romántico.

Brillat-Savarin, gastrónomo (06.03.2010)

Sábado pasado aparecía nesta mesma páxina a imaxe dolorosa da anorexia tal como Brillat-Savarin a evocou. Ía eu hoxe comentar como este curioso observador social e primeiro gastrónomo moderno se refería na súa obra á obesidade, pro algún lector me pediu que fixese aparecer no *Fondo dos Espellos* o escritor en persoa. Intentareino.

Jean-Anthelme Brillat-Savarin naceu no máis profundo da Savoia en 1755 e morreu en París en 1826. Coido que, no mesmo ano da súa morte, deu á luz, de forma anónima, o libro titulado *Physiologie du goût. Ouvrage théorique, historique e à l'ordre du jour dédié aux gastronomes parisiens...* Por esta obra, conxunto de materiais heteroxéneos sempre relacionados co ben comer, Brillat-Savarin, xa recoñecido coma o seu autor, converteuse no suxeito innovador da literatura gastronómica universal.

El pertencía a unha daquelas familias de burgueses togados de provincia que foron protagonistas da Historia de Francia de finais do século XVIII e principios do XIX. Participou activamente na política dos días revolucionarios, aínda que con puntos de vista moderados que o levaron ao partido xirondín e ao exilio durante o Terror. Brillat-Savarin refuxiouse en Nova York, cidade na que moderou mesmo o seu moderantismo innato. El, que era maxistrado e fillo e neto de maxistrados, regresou á patria o 14 de Brumario de 1799. O Directorio lévao á Cour de Cassation, o máis alto tribunal de Francia, como maxistrado permaneceu durante o bonapartismo, sen ser removido, nos inicios da Restauración. Cando se fixo público, á fin da súa vida, que Brillat-Savarin, un xurista tan respectábel, era o autor da *Physiologie du goût* o todo París ficou conmocionado. Como era posíbel que alguén tan sabio, formal e circunspecto chegase a escribir uns textos de tal modo picantes, amenos e divertidos?

Naquel tempo a burguesía de Francia aprendeulle a comer a Europa. Durante a Revolución, o Imperio e a Contrarrevolución, naceu, precisamente en Francia, a Grande Cociña Contemporánea, ao mesmo tempo que ensinaban o fuciño as novas ideas e estas eran reprimidas. O grande chef Carême revolucionaba as cociñas de Francia co seu mestrado e xenio innovador. Simultaneamente, Brillat-Savarin elevaba os praceres da mesa á categoría de obra literaria. Se de Carême procede a Grande Cociña

do noso tempo, en Brillat-Savarin hai que procurar o profesor de todos os escritores gastronómicos que houbo até os nosos días.

Brillat-Savarin era un varón de alta e magra figura. Amaba a venerie, ou sexa a moi francesa cazata ecuestre do cervo nos boscos. Vestía, cousa típica dos xuíces, de xeito severo e conservador. Desque o calzón curto foi substituído polo pantalón, o corte dos seus sería sempre o de Brummell até a hora da morte, que se produciu a consecuencia dun constipado contraído na fría igrexa de Saint Denis da capital francesa. A máis da Facultade de Dereito de Dijon, Brillat-Savarin frecuentou, na mocidade, clases universitarias de medicina e ciencias. Era home enciclopédico. Alén das linguas clásicas, posuía varias vivas e contemporáneas. Era perito en historia e en belas artes. Gañara a vida en Nova York como profesor de música e astronomía. Nesta última disciplina, fora instruído, mesmamente, por Laplace, segundo contan os seus admiradores. Foi moi louvada a integridade de Brillat-Savarin no desempeño das súas funcións públicas, en tanto que deputado, alcalde e xuíz. Foi xulgado negativamente polos xacobinos ao el ser contrario á institución do Xuri e á pena de morte.

Brillat-Savarin, xa morto, converteuse nun autor de éxito e foi traducido a varias linguas europeas. Moi especialmente foi apreciado por outros escritores. Cunqueiro, entre nós, citaba con frecuencia Brillat-Savarin. Moitos anos antes, Balzac confesaba así a súa admiración polo gastrónomo: «Desde o século XVI prosador ningún soubera darlle á frase francesa un relevo tan vigoroso como soubo darlle Brillat-Savarin». Aquí sería o sitio no que reclamaríamos unha tradución da *Physiologie do goût* ao noso idioma. Pro recoñezo que o labor de tradución sería case imposíbel debido ás grandes mudanzas léxicas que se produciron no dominio da cociña desde os inicios do século XIX a hoxe.

Brillat-Savarin a e obesidade (13.03.2010)

Eu destacaría en Brillat-Savarin, como dotes destacábeis, o humor, a acuidade visual, o rigor científico e a perspicacia na observación social.

Por exemplo, ao tratar da obesidade, nas meditacións XXI e XX da *Physiologie*, Brillat-Savarin conta a estoria dun tal Edward, que vivía nun baixo do Broadway, Nova York. Era un gordo monumental que pasaba a vida nun sofá inmenso a beber *ale* e a ver pasar o mundo por tras da cristaleira, coma nun escaparate. O noso autor, políglota, reproduce con precisión os insultos en *slang* que o individuo lle dirixía aos paseantes que o miraban con impertinencia. A evocación é brillante e move a comiseración.

Eu non sei se Brillat-Savarin soubía ou non que o adxectivo latino *obesus*, *-a*, *-um* deriva do verbo *edo* «comer» e que dispón dun peculiar dobre sentido. Significa «magro,

descarnado» e tamén o seu contrario «gordo, groso». En todo caso, el é detractor da obesidade por gordura e anima os seus lectores a combatela con exercicio, a pé e a cabalo, e coa práctica da moderación. Para Brillat-Savarin, experto en «fisionomía», existe unha predisposición individual á obesidade que se reflicte nos elementos físicos do exterior do suxeito. «De cen persoas que morren do peito, noventa teñen o cabelo castaño, a cara longa e o nariz en punta. De cen obesos, noventa teñen a cara curta, os ollos redondos e o nariz obtuso ou chato». Así falaba Brillat-Savarin, adiantándose á descrición dos fenotipos leptosomático e pícnico de Kretschmer en moitos anos. E Brillat-Savarin prescribenos un réxime de enmagrecemento que a traduzo para vostedes:

Beba, cada verán, trinta botellas de auga de Seltz, un moi grande vaso de mañá, dous antes do xantar e o mesmo ao se deitar. Consuma ordinariamente viños brancos, lixeiros e acidulados, coma os de Anjou. Fuxa da cervexa coma da peste; pida a miúdo ravos, alcachofa con prebe (pementa, sal, aceite e vinagre), apio, cardos. Das carnes, prefira a vitela e as aves; do pan, non coma máis que a codia. En caso de dúbida, déixese guiar por un doutor que adopte os meus principios; e sexa cal for o intre no que vostede comece a seguilos, encontrarase axiña fresco, belo, áxil, ben parecido e preparado para todo.

A dieta de Brillat-Savarin semella suave e agradábel, pro, para moitos galegos, os vexetais prescritos poderían resultar un castigo. Eu mesmo incluireime sempre entre os inimigos declarados da alcachofa. E non falemos de cardos. A respecto do viño branco e ácido, os máis dos nosos connacionais serían ditosos de seguir o sabio consello do gastrónomo. O que me fai acordante de que Lord Byron, varón con tendencia a engordar, combatía o sobrepeso a base de enxerir varias botellas de viño branco nas comidas e de practicar longas sesión de natación laquista.

Para acompañar a súa dieta, Brillat-Savarin recomendaba a «ceingture antiobesique» ou sexa unha faixa moderadamente apertada no abdome do suxeito empeñado en perder peso. E, sobre todo, a dieta, para resultar eficaz, debería ir acompañada da inxestión de quinina. Di así Brillat-Savarín:

...Despois do primeiro mes dun réxime apropiado, aquel ou aquela que desexe desengraxar fará ben en tomar, durante un mes e cada dous días, ás sete da mañá, dúas horas antes do almorzo, un vaso de viño branco seco no cal se dissolveu unha culleriña de boa quinina vermella, o que proporcionará moi bos resultados.

Brillat-Savarin detesta, de forma especial, a tendencia, moi frecuente nos varóns, a criar barriga. Con bon humor chámalle *gastróforos* aos barrigudos e *gastroforía* a esta variedade de obesidade. El mesmo considérase incluído entre a categoría dos *gastróforos* e ponse a si mesmo como exemplo de valente combate contra tal tendencia:

Eu sempre considereirei o meu ventre (escribe) coma un inimigo temíbel; pero logrei vencelo e fixalo nun punto maxestuoso. Pro para o vencer foi preciso combatelo: trátase dunha loita de trinta anos á que lle debo o que haxa de bon neste ensaio sobre a obesidade.

Permanencia de Lawrence Talbot (20.03.2010)

Teño eu uns oito ou nove anos. As sombras da noite ocupan os currunchos dun vello taller de ferrador. É domingo e o mestre Vilaverde non traballa. Un fato de cativos invade aquel espazo. Acomodámonos en diferentes trabes, polo potro de ferrar os bois de tiro, pois daquela aínda carros de radios transportaban porpiaño pola cidade. Os concorrentes escoitan da boca da nena maior o relato dunha película que ela vira no Losada ou no Xesteira. Aínda non se inaugurara o cine Mary. Estamos na cidade de Ourense, onda o Baño do Outeiro. Á nena narradora chamaráselle en diante Nena Grande. Eu escoito atentamente e todo se fai máis escuro no obradoiro do ferrador Vilaverde (propiedade do veterinario Cesáreo Parada Pumar). Nena Grande escenifica a narración con xestos; finxe varias voces. Cando describe a metamorfose do home en lobo mesmo lle miramos nacer o pelo pola cara e convértenselle os dedos en poutas. Estabamos aterrorizados. Marchei pra casa, a cear. Eran aquelas de Ourense, ceas de verao con insectos que acudían á luz. O protagonista da película chamábase Lawrence Talbot. Nena Grande afectaba unha boa pronuncia inglesa. Este que lles conto foi o meu primeiro encontro cun lobishome. Sospeito que a película era a do home lobo dirixida por Robert Wagner en 1941. Nunca cheguei a vela. Tamén nunca o nome de Lawrence Talbot me desapareceu da memoria.

277

Por aquel tempo traballaba para a miña familia, en Ourense, unha muller seria, alta e roxa que, procedente da Limia propiamente dita (a da lagoa de Antela), viñera á capital cos seus e establecérase nunha casiña de Mariña Mansa. Chamábase Filomena e era unha narradora tan boa coma aquela Nena Grande que nos contaba a película do lobishome aos meniños empoleirados no potro de ferrar os bois. Entraba, coma tal, Filomena polo corredor da casa adiante para fecer os seus labores. Ollaba para o val da Barbaña e ceibaba esta sentencia: «Eiquí en Ourense non hai nada de limia; é todo ribeiro». A forma de se expresar Filomena chimpábame de capitón na patria oral. Os contos, lendas, ditos, cántigas de Filomena levábanme ao trasmundo e mais a un mundo real que estaba arredor e eu antes nunca vira. Con Filomena entraban na miña vida o fiadeiro, os traballos colectivos do agro, as estorias a carón do lume. Sentía Filomena por *EJ 45 Radio Orense* a voz de Miguel Fleta a se lucir no «Ayayay», e botábase a rir. Para ela aquilo non era cantar ben senón «porfiar cos tronos». E Filomena, sen pudor, corruxía Fleta cunha cántiga de seitura que metía a planura da Limia no piso ourensán da rúa de Reza no que eu vivía daquela. Na Vilanova dos Infantes da miña nenez tampouco non había nada do universo de Filomena: todo era vilego; a música, a da banda; os relatos, máis ben realistas como correspondía a unha activa sociedade de artesáns zapateiros.

Filomena cría que a materia fantástica dos seus contos era verdade. Estaba sempre dentro do relato. A min custábame caro non deixarme arrebatado tamén ao negro coirazón do mito para vivir plenamente no seu vórtice. Coido que Filomena modificaba

os patróns recibidos e os anovaba con toques de talento creativo individual. (Sempre Bédier).

278 Un día Filomena contoume, con bágoas nos ollos, a morte dunha súa filliña. A nena, na aldea, agonizaba e un grupo de veciños acompañábaa no transo. Á medianoite, uns mozos saíron aos camiños para faceren as necesidades. Viron que pola eira pasaba unha formación de nenos mortos, con estandartes e candeas acesas na man, que cantaban con voces cristalinas. Era a Santa Compañía ou Procisión das Ánimas ou Estadea dos nenos que viñan buscar a súa compañeira. Vestían os mortifios tarlatana branca e formábenselle nimbos de luz arredor das cabezas. Ao voltaren os mozos á casa, a moribunda xa entregara a alma. Daquela, Filomena, en Ourense, cun terríbel sol de agosto entrando polos vidros da galería tras da miña casa, meteume o medo no corpo. Sentín o arreguizo.

Outro día contoume Filomena, moi ben torneada, unha estoria do lobishome ou lobo da xente. A orixinalidade do relato de Filomena consistía en que o lobo da xente non era home senón muller. Se o relato de Lawrance Talbot feito por Nena Grande foi o meu primeiro encontro co lobishome, o conto da muller que se transforma en loba resultou o segundo.

Venme isto á memoria porque vimos en Vigo estes días a película titulada, en castelán, *El Hombre Lobo*, que dirixiu un Joe Johnston do que non sei cousa. Quedei impresionado porque o protagonista leva na ficción o nome de Lawrence Talbot que Nena Grande tan ben pronunciara no seu inglés e que eu non esquencera en todos estes longuísimos anos. A de Johnston non é unha grande película, por moito que Benicio del Toro faga de lobishome.

Que será feito de Filomena, de Nena Grande?

Ver o lobo (10.04.2010)

A Xabier F. Docampo, lobeiro literario

Hai uns anos houbo alarma na Alemaña. Os lobos deron en ser vistos, despois de exterminados no país, a menos de cen quilómetros ao Oriente de Berlín. As boas xentes temeron pola seguridade dos cativos. Os contos da Carapuchiña Vermella e o dos Tres Porquiños están moi arraizados na imaxinación alemá. Houbo quen dixo que a culpa era dos bielorusos, que protexen con exceso a fauna salvaxe nos seus famosos parques naturais, onde tamén caza o lince ou lobo cerval e pacen os derradeiros bisontes europeos. A idea da Alemaña civilizadora do Leste primitivo non se dá borrado. O pobo sinalou os proteccionistas tamén como axentes repoboadores de lobos. O que se asemella a fábula que está nas bocas de moitos galegos: «Agora

hai máis lobos porque os soltan os da Xunta». Antes ceibábanos os de ICONA. Por Alemaña adiante revitalizouse a fraseoloxía do lobo. Coma tal, a expresión simpática: «mit den Wölfen heulen». Frase feita que nos leva á galega: «en terra de lobos ouvear coma eles».

Tamén en Galicia a perda ou o inzamento dos lobos é obxecto de discusión e a fobia aldeá porfía co ecoloxismo urbano. Investigacións do Norte de Portugal fixeron famosas as andadas dun lobo do Xurés chamado Bandua, que rematou (despois de contraguer a tiña e se curar a el mesmo coas herbas adecuadas) atropelado por un camión nas rectas ou lengoízas de onda Xinzo, en plena Limia. Nunca o lobo galego fora tan estudado como o é hoxe. Aínda que López Seoane se ocupou satisfactoriamente del.

Os que vemos o lobo nunca poderemos esquecer o seu trote animado dunha punxente determinación nin o xesto raudo de cabeza e pescozo para nos fitar con aqueles seus ollos que furan a alma antes de desaparecer, digamos que no arboredo do río Tuño (pé de Milmanda). Conturba o espectáculo dos ósos recén limpos dunha res e dispersos tras a comellada dos lobos. Ou as pegadas das súas plantas nas partes areosas dos *subeiros*, ou sexa camiños practicados polos lobos e non polos humanos.

Este cronista analisou excrementos de lobo. Os lobos da Chaira de Amoroce de hai vinte e cinco anos comían moita galiña branca das granxas de COREN de onda Celanova, chimpadas no vello depósito de lixo por elas morreren do mormo. Os subeiros conducían ao depósito de lixo e foi cando o Macendo sentenciou, vendo as pisadas: «Haille un lobo coxo; o máis grande». Probes feras degradadas pola necesidade! Daquela confortoume achar nas deposicións o pesuñiño dunha cría de xabarán que o lobo conseguira roubarlle á porca. Agora os lobos dos Montes de Leboreiro andan folgados porque aumenta a poboación de corzos. Coas cabras reintroducidas polo enxeñeiro Reza no Xurés terán que traballar máis, digo eu.

Lembro un lobo morto en Cotobade que os cazadores baixaron a Pontevedra en 1952 para cobraren o premio no Goberno Civil. Exhibírono no campo da feira terciado no capó dunha furgoneta. Logo venme á memoria a corrida ao lobo nos montes do Morrazo en 1956. Daquela, Henrique Massó Bolívar escribiu uns versos preciosos titulados «O lobo do Morraço» no libro *Retrouso a Colón*. A miña tía Cándida Méndez Feixóo tiña unha colcha de cama feita con pelicas de lobo. Polos lados da cama penduraban as patillas dos animais.

Recibimos unha publicación colectiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Titúlase *O mito que fascina: do lobo ao lobishome*. Contén valiosas páxinas asinadas por Isidro Novo, Antonio Reigosa, Xabier P. Docampo, Antxon Gómez Lorente, Alberte Reboreda, José Luis Garrosa Gude.

Fálase no libro do lobo real e do lobo imaxinario. Tamén das presenzas inquietadoras que son a Peeira dos Lobos e ese Lobishome de que estamos tratando no *Fondo dos Espellos*. Lendo tales textos confirmome no ditame de que a idea do lobo que existe na tradición galega pode ter coincidencias coa que teñen outras culturas. Pro o noso mito do lobo non é o mesmo ca o vasco, poño por caso. O noso lobo tampouco non é o *lobo cinsento* que pasa raudo coma metáfora épica no *Canto das hostes de Igor*, que é a *Chanson de Roland* dos rusos. Cada nación terá o seu lobo (digo eu) por moito que a especie real sexa a mesma, razas locais á parte. Incluso haberá nacións que tendo lobos no seu territorio carezan deles na fantasía. E se isto ocorre co lobo, que non ocorrerá co lobishome?

Se hai saúde, seguiremos co lobishome e mesmamente coa Peeira dos Lobos.

Mito e realidade (17.04.2010)

Cada vez que sabemos máis do comportamento e hábitos dos nosos lobos. Eles constitúen unha poboación da especie que se adaptou desde tempos inmemoriais a vivir no territorio da vella Gallaecia. Sempre se pensou que o noso lobo era residente, con exclusividade, nas serras, nas que cazaba. Agora parece que pode andar ás crebas polos areais costeiros máis apartados. Comedor de carne, con seguranza, investigacións recentes demostraron que o lobo pode papar tamén un bon acio de uvas maduras. Enténdese que a súa pelaxe é palliza, cardosa ou avermellada, aínda que sabemos do lobo negro que xa Víctor López Seoane vira trotar pola freguesía de Arcade, alí onda o Verdugo deita as augas no Fondo da Ría de Vigo, na segunda metade do século XIX.

Hai, alén do lobo real, outro. Si, outro lobo que entoba e corre polo fondo da nosa cultura tradicional. Este lobo mítico pasa con frecuencia ás letras. Pode facer isto con tanta insistencia que Gonzalo R. Mourullo, antes de se extinguir como autor, considerou o lobo como unha insignia da literatura galega máis conservadora e prescindíbel. El pensaba, claro, en Ánxel Fole.

Algunha xente de onda nós non lle chama ao lobo polo seu nome e usa *mots de couverture* ou sexa palabras tranquilizadoras para se referir a el, como poden ser o *das súas orellas* ou *Perico* mesmamente. Alonso Montero ten divulgado este asunto do tabú lingüístico.

O pobo conta e non para do lobo e os antropólogos e etnógrafos tamén están sempre a coleccionar e interpretar os costumes fabulosos do animal imaxinado. Como saben, este come carne unha parte do ano pero ten unha xeira na que come lama e mesmo outra de xaxún, como facían os católicos de antano. Bestas e humanos ventan ou presinten o lobo e sofren arrequizo sen mesmo velo. Os lobos traballan

psicoloxicamente á xente acompañándoa polos camiños e dándolle co rabo nas pernas antes de as devorar. Dunha vez, un soldado de permiso (destemido) atravesou a serra e os lobos comérono e só deixaron coma amoséga os botóns da farda. É detalle xeralmente admitido que o lobo só come a parte esquerda do corpo das súas vítimas. E así máis cousas.

X. Rof Carballo, a quen lle pedín emprestadas as verbas para titular este artigo, estudou o caso dos nenos de Esnapur, na India, que parece que foron aleitoados e criados por unha loba. Un caso semellante ao de Mogwly, conto maravilloso de Rudyard Kipling que sae en *The Jungle Book*. A análise de tal episodio real e extraordinario levou Rof Carballo a ilustrar e arrequecer a súa teoría antropolóxica da *urdime materna*, coa que explica a construción da persoa humana como racional e social. Non están moi divulgadas, mais corren por aí historias orais de nenos lobo en Galicia. Supoño que todas sexan míticas aínda que algunha foi considerada como certa.

Son dous os grandes mitos galegos nas que humanos e lobos se mesturan. Un é a do *lobishome* ou *lobo da xente*. Este fixo correr ríos de tinta, que en Galicia foron máis caudalosos ca en ningures debido ao caso real de Manuel Blanco Romasanta. Do lobishome seguiremos tratando no *Fondo dos Espellos*. Outro mito que relaciona o humano coa fera que nos ocupa é o da *Peeira dos Lobos*, misterioso e escuro onde os haxa.

En esquema, diremos que a Peeira é unha muller que anda cos lobos pola noite. Coida deles e eles sonlle obedientes. Ás veces é un varón o que desempeña tan extraordinario oficio. A palabra Peeira non ten máis uso en galego ca o referido á fábula. Pode proceder do Latín *pedarium*, a «aquela ou aquela que camiña a pé». Coñécese esta figura imaxinaria noutros lugares de Europa. En Francia recibe o nome de *meneur* e soe ser masculina. *Meneur*, ou sexa «conductor» dos lobos. Diciase que os zoqueiros e carboeiros dos boscos de Bretaña soían ser *meneurs* dos lobos. Hai unha palabra bretona que serve para designar esta figura imaxinaria aínda que eu non a coñeza. Para min a Peeira dos Lobos é a supervivencia dunha antiga deusa pre-cristiá.

Un sabio en materia de lobos, Felipe Bárcena, contoume que viu nos Ancares unha muller que se movía velozmente e rodeada de cans. Por un instante o narrador, que coñece moi ben a mitoloxía do lobo galego, sentiuse en presenza da Peeira. Trataríase dunha persoa trastornada que asumiu a condición de Peeira dos Lobos. Non coído eu que haxa persoas capaces de conseguir a obediencia dun grupo de lobos. De todos os xeitos, Félix Rodríguez de la Fuente aseguraba que unha manda de lobos recoñecía a el como macho dominante. Non sei...

Lobishomes xermánicos en Galicia (24.04.2010)

Amaia Mauleón regalounos unhas reportaxes sorprendentes que revelan, con indicios de veracidade, a existencia contemporánea dun neno lobo: actualmente vive en Galicia, que é terra de lobos e espero que o siga sendo sempre.

Para algún, a fortísima instalación do lobishome na mitoloxía galega débese a que os suevos (pobo xermánico) fundaron o noso reino de Gallaecia no ano 412 (ou así) e mantiveron este vivo até o 585. Neste ano, o reino suevo foi sometido aos visigodos españois, pobo tamén xermánico, aínda que, segundo os historiadores, Gallaecia mantivo independencia política e económica até a invasión árabe do ano 711.

Certamente, na imaxinación dos pobos da Germania o lobo estivo sempre cargado de simboloxía e dotado de propiedades máxicas e, sen dúbida, metamórficas. Todas as linguas xermánicas usan palabras semellantes a *wulf* para designar o lobo (do indoeuropeo **volkuos*, Pokorny). A palabra *wulf* vive na antroponimia xermánica con vigor: o heroe saxón é Beowulf e o tradutor da biblia ao gótico é Ulfilas.

Tamén todas as linguas xermánicas coñecen a palabra *were*, que facemos descer do indoeuropeo **uiros* que significa «home, guerreiro» e da cal sae, por exemplo, o latín *vir*, *viri*.

Así, reunindo ambos elementos xorde a palabra panxermánica que nomea o lobishome. Vello altoalemán *werwolf*, holandés medio *weerwolf*, alemán moderno *werwolf*, inglés *werewolf*. Procede do franco (ou do normando xermánico) *loupgarou*, que serve para designar en francés medio e moderno o lobishome. Poderíase defender, con certo fundamento, que o galego *lobishome* sexa un calco (invertido) do panxermánico *werewolf* que tería presenza na lingua propia dos nosos suevos. Hoxe, Galicia (N. de Portugal tamén) está literalmente inzada de topónimos (anteriores ao ano 711) que conservan fosilizado o nome dun antigo e descoñecido señor xermánico. Son aqueles que chamei TAXX: Topónimos procedentes de Antropónimos Xermánicos en Xenitivo latino. Boa parte dos tales revélanos a existencia en Galicia de señores da terra en cuxo nome figura o elemento *wulf* «lobo».

Digamos apenas que os actuais lugares A Ulfe son (Villa) Athaulfi ou sexa: Villa ou propiedade de Athaulfus, que significaba Nobre Lobo. Mañufe formaríase co cruzamento entre o latín *magnus* «grande» e o xermánico *wulf*: Grande Lobo. Repítese moito o topónimo Randulfe/Randufe. Trátase dunha (Villa) Randulfi, ou sexa Vila de Randulfus, ou sexa Vila daquel que leva a Pel do Lobo no seu Escudo. Logo, ao longo da Idade Media, diluídos xa no seo do pobo galego os suevos, seguiron entre nós e até o presente os nomes e apelidos de orixe xermánica. É o intre de indagar se existe algún TAXX ou algún nome persoal xermánico en Galicia que nos leve ao lobishome.

Hai un lugar Berulfe en Guitiriz (de Witerici) e outros en diversos puntos de Galicia. Ana Isabel Boullón localiza na documentación medieval diferentes homes de nome Berulfus, o máis vello dos cales no ano 964. Unha hipótese propón como étimo de Berulfus *werewolf*, ou sexa o lobishome xermánico. Pero para a maioranza dos etimoloxistas non é así: a carón de *wulf* áchase en Berulfus, como primeiro termo, *ber*, voz xermánica que significa «oso». Non sería, polo tanto, un lobishome senón un «lobisoso» ese do que estamos a tratar. Do mesmo xeito que de (Villa) Witerici sae Guitiriaz, *we rewulf* tería que producir algo que comezase por *g*-. Haberao?

Seguimos sobre a carta xeométrica de Galicia levantada por Fontán as pegadas do lobishome xermánico polos lugares habitados e ermos e ao fío dos vellos camiños ateigados de memoria. Logo, imos a outros mapas e a outras fontes. Finalmente, temos sorte. Cazamos o lobishome.

Na freguesía de Pascais (de onde era a nai do P. Sarmiento), actual concello de Sarmos, aparece o lugar de GOROLFE. Un tal Gorolfus fundou na noite da Gallaecia Germanica un dominio que foi chamado (Villa) Gorolfi. O nome propio Gorolfus non me aparece na documentación medieval aínda que poida habelo. En todo caso Gorolfus explícase ben pola voz xermánica *werewolf* «lobishome».

É o lobishome, despois de todo o visto, un mito transportado da Germania á Gallaecia? É o lobishome unha figura mítica específica e orixinalmente xermánica? Por moita importancia que o lobo e o lobishome tivesen na cultura xermánica, non lle saberíamos outorgar tipo ningún de exclusividade ao que se di ao respecto. O certo é que o lobishome pode ser detectado na cultura celta, na grega, na romana. En próximas entregas faremos xurdir do *Fondos dos Espellos* famosos lobishomes que non foron en absoluto xermánicos.

Lobishomes no mundo clásico (01.05.2010)

Hai lobishomes (e *capitáns* e peeriras dos lobos) por toda Europa e seica tamén nos planaltos iranianos: cada lingua indoeuropea dispón dunha palabra para denominar tales presenzas esterrecedoras, polo cal deberíamos desbotar a xermanidade exclusiva do lobishome.

Chamámoslle *licantropía*, en grego, a aquilo que Cervantes, nos *Traballos de Persiles e Sigismunda*, di manía *lupina*, que consiste no mal dun suxeito que se cre lobishome. Na literatura grega sae moita noticia de lobishome ou *lukánthropos*. Herodoto (s. V a.C.) conta da xente dos Neuros que habitaban onda Escitia e que se caracterizaban por seren todos licántropos. Plinio o Vello (23-27 a.C), escéptico sobre a existencia de lobishomes, reférese á lenda dun tal Demeto que, logo de andar dez anos de licántropo, foi exercitado no atletismo e gañou as Olimpíadas na categoría de puxilato.

En canto a Roma, o lobishome entra con moito poder nas metamorfoses de Ovidio (43 a. de C.- 17 d. de C.). O autor sitúa o conto de «Lycaon» (do grego *lukós* «lobo») no mundo grego. O protagonista é un tal Lycaon, rei de Arcadia. Ovidio narra como Xúpiter toma aparencia humana para inspeccionar a infamia reinante no mundo. Mesmo que se tratase dun moderno relato de terror, o Pai dos Deuses entra na inhóspita casa do tirano dos árcades na dubidosa hora na que a tarde se escurece en noite. O pobo, sentindo a presenza dun deus, ponse en oración, do cal Lycaon se bulra e decide comprobar se o viaxeiro que chega é verdadeiramente de natureza divina. Lycaon tiña preso un enviado da xente dos Molossos. A este home cortoulle a gorxa coa espada.

Coceu o corpo do de Molossia en agua e logo escartelou un bo, e torrou os cachos no lume. Cando xa servía o corpo do home á mesa para ser comido, Xúpiter fixo que o teito da casa de Lycaon se afundise. É entón cando comeza a extraordinaria metamorfose de Lycaon, narrada por Ovidio en presente.

Foxe Lycaon a lugares despoboados. El intenta falar, mais non o consegue e oula ou ouvea («*exultat*»). A raiba que o domina descontrolalle a boca. O seu desexo lévao a se ensañar co gado, e gózase co sangue. En pelos se lle volve a roupa e, en patas, os brazos. Faise lobo, pero conserva as trazas da súa orixinaria forma humana, que xa era odiosa. O cabelo cao é o mesmo, e igual a violencia do seu rostro; relocen os seus ollos, e a súa imaxe segue a ser tan feroz como era: «*canities eadem est, eadem uiolentia uultus, idem oculi lucent, eadem feritatis imago est*». Veleiquí, pois, o lobishome máis ilustre da literatura universal. Coma o das películas triviais contemporáneas, conserva en estado de lobo restos da antiga fisonomía humana.

Logo, Petronio, escritor latino morto no ano 66 d.C., sacará no seu *Satiricón* a figura doutro lobishome contada por un tal Niceros como suceso vivido realmente por el. A acción sitúase na Italia do século I da nosa era e precisamente no camiño de Capua. Alí hai un individuo que, en noite de luar, se ispe e se converte en lobo despois de deixar as súas roupas onda uns enterramentos. O lobishome ponse a ouvea e pérdese por eses montes na procura de carne. O narrador, que olla todo isto, séntese aterrorizado. Debido a unha ferida feita ao lobo que perdura ao este se reverter en humano, descóbrese a condición licantrópica do suxeito.

A narración feita por Niceros no *Satiricón* reveste as formas e amosa os contidos dun conto de lobishome dos que aínda hoxe podemos ouvir en calquera recuncho dos nosos vales. Achámonos perante o mito en estado, diríamos hoxe, folklórico. Non hai, neste paso de *Satiricón*, nin deuses, nin ambiente grego, nin outro elemento prodixioso que non sexa o da metamorfose mesma. Na estoria de Lycaon, Ovidio transportábanos aos máis altos territorios da figuración poética clásica e ao *locus* ideal no que os deuses (o Deus Máximo) interveñen na vida dos humanos, neste caso para castigar a maldade que domina a Terra. En Petronio, os feitos sucédense

na cotiandade real romana do tempo no que vivían o autor e os seus primeiros lectores.

En verdade resulta sorprendente que a imaxe visual da transformación do lobishome que suxire Ovidio se nos aparente coa vulgar cinematográfica en canto que o relato transmitido por Petronio nos sitúe no mesmo modo de discurso que, apoiado na tradición oral galega, Vicente Risco usara para tecer o seu relato literario sobre o *lobo da xente*.

«Loboneyra» (08.05.2010)

Conságraselle o Día das Letras a Uxío Novoneyra, e estaremos en Savane ou Seoane (San Johannes) o 17 de Maio, mentres moita Galicia se manifesta no Obradoiro contra o decreto lesivo para o idioma. Pérdome na memoria persoal e acho no *Fondo dos Espellos* que a primeira noticia que tiveren do Courel é a que me daba Víctor López Seoane na súa *Fauna Mastológica de Galicia* (1861). Indaguei, e axiña fun instruído sobre as montañas máxicas do Courel, que para min foron, sobre todo, o lugar privilegiado da fauna brava. En efecto, o naturalista falaba dun tempo no que no Courel había osos (el escribe o vulgar galego *urso*) que os caurelaos cazaban cubríndose o brazo esquerdo cunha caroza de xuncas para recibiren a poutada da fera. Coa man dereita manexaban a pica que ao animal lle partiría o corazón. Noutro capítulo, López Seoane (que no Courel sería Savane) di acreditar nunha poboación (ao tempo extinta) de gamos caurelaos: nunha sima achouse a corna dun individuo aínda en bon estado de conservación. Gamos míranse en petroglifos belos.

Cando coñecín o Novoneyra, a raíz da publicación de *Os Eidos*, dirixín impiedosamente a nosa conversa ao tema que máis me interesaba: os animais salvaxes. Pregunteille polo oso. Faloume claro e longo Novoneyra, con ese mirar saudoso que se lle puña ao tratar do Courel. Xa non había osos alí, pro a memoria deles perpetuábase. O Courel, dicíame o Novo, está habitado por osos que só son memoria. As *albarizas* están en pé e conservan as súas paredes para protexer as colmeas do ataque do oso meloso. O mesmo acontece no Xurés (lembrei eu) onde se moven osos de natureza inmaterial e onde tamén perviven as albarizas, na raia chamadas, por nós, *cortellos do oso*. Emocioneime cando Novoneyra me informou de que nos faiados da súa casa de Parada se conservaban as picas de cazar o oso. En *Peñas Arriba* de Pereda, os montañeses matan o oso a tiro de espingarda e lle rachan o cranio ás crías contra as pedras.

Os antepasados de Novoneyra loitaban corpo a corpo contra o oso, o que a min me parecía épico e altamente cinematográfico. Pasaron os anos e mudaron ás vontades: agora volven ao Courel os osos, que inzaran no seu reduto da Devesa de Moelos, en Ibias, Terra Eo-Navia.

Con Novoneyra teño falado longo da *ave laiona* ou *coruxa do souto*, que berra coma un neno dorido no corazón do bosco. No territorio das aves, el contoume coma a aguia real ou *aigue* do Courel baixaba a pillar as galiñas da casa e como a nai do poeta as escorrentaba a vasourazos e improprios. Ela, a *aigue*, coas inmensas ás, erguía unha nube de po antes de se levantar na eira de Parada se cadra cun gallo grande nas poutas. Pro, maiormente, Novoneyra e mais eu falamos do lobo.

Antón Lopo (de *lupus* «lobo») publicou unha autobiografía finxida de Novoneyra co título *A distancia do lobo* (Galaxia) estes días. Fermoso libro. Nel aparece Novoneyra neno a beber na fontíña do lobo, cuxos ollos cruzáronse cos seus ollos. Novoneyra, que era home de cidade alén de aldeao de raza, traguía, coa súa conversa, o lobo ás rúas e metíao entre os coches, no metro, mesmo no Café Gijón ou en Televisión Española. Do mesmo modo que el interpretaba o soído do moucho no parque de Lugo. Ao ver desde a muralla os cumes nevados dos Ancares ao lonxe, Novo notaba que o lobo estaba no intre a marcar os seus sobeiros por aquelas alturas orientais e facíanos sentir na cidade o alento da fera. O que nos leva ás anécdotas lupinas de Uxío, a quen algúns íntimos por veces alcumaban de «Loboneyra».

Por exemplo, ao clan noitébrego, moi activo, en Monforte, que integraron Roberto Martínez de Andrade, Fernando Taboada e outros, con Novoneyra, as xentes de ben chamábanlle «Os lobos». Por suposto, Loboneyra exercía na manda como un amábel e tolerante macho alpha. Ou cando foi que Herminio Barreiro apareceu por Madrid cun chaquetón polar das forzas aéreas norteamericanas que lle mandaran uns amigos de Nova York. Novoneyra encaprichouse pola prenda porque esta estaba forrada dunha pel que a todos lles parecía ser de lobo. Daquela Novoneyra, máis Loboneyra ca nunca, insistiu tanto e falou tanto en lobos que Herminio non resistiu máis e lle regalou o tabardo, que axiña cubriu o corpo grande de Novoneyra e o acompañaría unha chea de invernos caruais. O chaquetón pasou a se chamar «O Lobo», nunca sei se por metonimia ou por sinécdoque. Fecho os ollos e vexo lobos. Oio a Novoneyra, amigo do lobo.

Cousos do lobo!
 Caborcos do xabarín!
 Eidos solos
 onde ninguén foi nin ha d'ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
 movendo nas flairs dos teixos
 ruxindo na folla dos carreiros
 en busca da vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexo,
 párase e venta,
 finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
 con toda a sombra da noite na boca.

O lobishome de María de Francia (15.05.2010)

Unha muller misteriosa á que a posterioridade chama Marie de France (entre nós, María de Francia ou Franza) escribiu, por volta do ano 1170, uns preciosos contos en verso do xénero dos chamados naquel tempo *lais*. Ela puido ler as *Metamorfoses* de Ovidio, como seguro coñeceu a *Arte de Amar* do mesmo autor. En todo caso, na literatura fantástica e fortemente erótica de María aparecen algún casos de transformación dun home ou dunha muller en animal salvaxe. Así, no *lais* de «Guigemar» sae unha dona misteriosa que habita o bosco en figura de cervo branca. E noutro, de título «Yonec», hai un amante que se transforma en azor para acudir voando aos cuartos nos que a súa amada se encontra aferrollada por orde dun marido vello e ciumento. Aínda hai outro *lais*, o titulado «Bisclavret», que conta a estoria dun lobishome.

Todos os *lais* de María de Francia están referidos ao mundo mítico de Bretaña, a Grande e a Pequena. O universo da materia de Bretaña brilla coma en ningunha outra obra medieval na de María de Francia: «Temos visto moita marabilla que aconteceu en Bretaña» («Meinte merveille avum veüe/ Qui en Bretagne est avenue»). María escribe no francés anglonormando do século XII.

No inicio do *lais* de «Bisclavret», María de Francia fai unha interesante introdución na que nos di que, posta ela a escribir os *lais*, non pode esquencer o Bisclavret. E precisa: «*Bisclavret* ten por nome en bretón/ *Garulf* lle chaman os normandos». Nalgún

tempo sentíase falar, e soía ocorrer, que moitos homes se facían Garulf (ou sexa lobishome). Este Bisclavret ou Garulf ou Lobishome residía no bosco e era coma besta brava. Cando está furioso devora os homes e comete maus feitos. Sempre nas selvas profundas, insiste María de Francia.

Que o lobishome reciba en Normandía do século XII o nome de *garulf* ou *garwulf* non nos debe sorprenden. Xa no *Fondo dos Espellos* demos noticia de que en todas as linguas xermánicas o lobishome ou lobo da xente ou licántropo recibe o nome de *were-wulf*, con diversas variantes, e que tal nome significa «home lobo». Os normandos medievais puideron conservar no seu *garulf* o vello nome escandinavo dos antigos normandos ou recibilo, mediante francés de adopción, dos francos. En todo caso, nos actuais dicionarios franceses segue a figurar *loup-garou*, un pleonasma histórico, co significado de «lobishome».

En canto ao *bisclavret*, que María nos di ser o nome bretón do lobishome, ten sido interpretado de diferentes maneiras. J. Loth, en 1892, pensa que procede do bretón *bisc* «curto» e *lavret* «calzón». Tal significado explícase porque o lobishome de María de Francia íspese, na metamorfose, da súa roupa. Máis tarde, H. Zimmer, procura o étimo no tamén bretón *bleiz lavaret* «lobo que fala». W. Sayers propón *bleiz claffet* «lobo tolo, ou alguén afectado pola tolemia da licantropía».

En todo caso, o *lais* de *Bisclavret* conta a estoria dun barón de Bretaña que cada semana desaparecía durante tres días. Dunha volta, o barón confesoulle á súa dona que, naqueles días, se convertía en lobishome. Díxolle onde se desvestía para se facer lobo e que, se alguén lle levase a roupa, non voltaría ser home nunca máis. A muller e o seu amante roubaron a roupa de Bisclavret e este xa non puido recobrar a figura humana. Un día, andaba o rei á caza no bosco. Perseguiron un lobo, o cal, ao ver ao rei, púxose en actitude humilde e lambeulle as botas. O rei perdooulle a vida a Bisclavret, que non outro era aquel lobo. Logo Bisclavret vai vivir, sempre coma lobo manso, no Castelo do rei. Nunha ocasión en que había cortes, apareceron por alí a muller de Bisclavret e o seu amante, que xa casara con ela. O lobo tirouse contra o traidor. Logo Bisclavret arrincoulle o nariz cos dentes á súa muller. O rei interrogou ao cabaleiro e á muller. Eles contaron o seu segredo, ou sexa como lle retiran a roupa ao lobishome porque este non recupérase a forma de persoa. Logo o rei lle devolveu a Bisclavret a súa roupa e este volveu ser home e recibiu moitos favores do seu señor. A dona foi expulsada do reino e moitas das súas descendentes femininas naceron sen nariz.

Así foi a estoria de Bisclavret. Non deste xeito esquemático, senón de forma intrigante e dura, nola conta María de Francia no seu *lais*.

Penso eu que na pasaxe de Lycaon das *Metamorfoses* de Ovidio, no conto do licántropo que sae no *Satiricon* de Petronio e neste *lais* de *Bisclavret* de que tratamos, andan os mellores lobishomes da Literatura Universal.

Sexo e soños de María de Francia (22.05.2010)

Esoutro día rousabamos polas estradas enleadas do Caurel, estando aínda os neveiros no máis alto do Pía paxaro. Súpeto, un grande miñado escuro veu pousarse, coma o raudo torbeliño de Noruega que dixera Góngora na póla dun pradairo. A ave se non espaventou do coche e permitiu que a admirásemos. Mesmo ela virou a cabeza para nos fitar un intre antes de estender as asas e perderse cara baixo, onde estaban as frondas do Lor. 289

Tratabamos aquí, sábado pasado, do «Bisclavret» ou lobishome bretón que María de Francia saca nun seu belo *lais*. Con todo, o relato máis inquietador daquela autora é o titulado «Yonec». Vese que, igual ca Kafka e ca Ovidio, María gozaba ideando metamorfoses. En «Yonec» é un cabaleiro que, sempre en Bretaña, cobra a forma dun azor para procurar a súa amada. Amada que se encontraba recluída polo marido, vello e ciumento, no máis alto da torre. Yonec voaba até a fiestra e, xa no cuarto dela, reconvertíase en home e gozaba coa dona das cortesías e gozos do fino amor adulterino que, no fío do século XIX, Gaston París había de chamar con éxito «cortés». A novela de «Yonec» culmina cunha viaxe á cidade fantástica que non hai en ningures. Así, á audacia imaxinaria da metamorfoses e ao triunfo do amor carnal, vén xuntarse unha inmersión inesperada no onírico.

Nada sabemos certo de Marie de France/María de Francia. Ou coñecemos todo o necesario: as súas palabras poéticas. Así diría Bédier, para quen as vidas dos autores eran superfluas nos estudos literarios. No caso de María de Francia, a ausencia de biografía resulta un punto irritante. O único certo a este respecto documéntase nunha sucinta declaración: *Marie ai nun, si sui de France*. Ou sexa, que da maior poeta en francés anterior a Louise Labé só sabemos que se chamaba María e que era de Francia. Se cadra, o nome literario «María de France» é unha reconstrución, como di Ferdinando Nadi, feita no século XVI polo anticuario e humanista Claude Fauchet.

María dedícalle o libro dos seus *Lais* a Enrique II Plantagenêt, rei de Inglaterra, onde a poeta vivía. Esta dedicatoria parece que foi feita en volta ao ano 1170. Logo veñen as suposicións e as hipóteses xeralmente aventuradas sobre a realidade histórica de María de Francia.

A que máis me gorenta é aquela que identifica a nosa escritora cunha Marie, condesa de Champagne, que residía na segunda metade do século XII en Inglaterra. Era amiga dos trovadores e dela sábese que foi a protectora principal de Chrétien de Troyes, autor de famosos poemas artúricos e introdutor do Graal na imaxinación dos pobos. Tal condesa Marie era filla de Elionor de Aquitania e do rei Luis VII de Francia. Se isto é así, a poeta/condesa sería neta do duque Guilhem de Peiteus, patriarca fundador da poesía occitana e de toda poesía europea erótica e laica en lingua vulgar. Daquela, tamén a autora dos *Lais* sería fillastra do rei Plantagenêt, ao que lle dedicou a obra, o

cal casa coa súa nai Elionor en segundas. E media irmá de Ricardo Corazón de León, que tamén era trovador.

290 Segundo outra hipótese, nunca demostrada, a María dos *Lais* sería unha irmá de Enrique II Plantagenêt que, arredor do citado ano 1170, exercía como abadesa de Shafaterbury. Diranme que a natureza sensual dos *lais* de María non autorizan a suposición dunha vida de relixión. Non crean, a licencia de costumes no universo aristocrático do século XII non exclúe a posibilidade dunha abadesa mundana. E iso, sen necesidade de recorrer á barbaridade do noso trovador galego, cando, ao el tratar de artefactos destinados á masturbación feminina, dicía claramente «...Quatro carallos franceses,/ e tres para a prioresa». En todo caso, tamén María de Francia é tradutora dun tratado ou vida do santo predicador de Irlanda, so o título de *Expurgatoire de Saint Patrice*.

En palabras precisas e directas, María cóntanos estorias de amores difíciles, refinados, crueis. O sexo, nela, é franco e as resultas, por veces, tráxicas ou entrambilicadas e novelescas. María sabe levarnos ao indefinido, ambiguo, fantástico e soñado. María de Francia é, con Chrétien de Troyes, a grande fundadora da materia de Bretaña nas letras francesas ou sexa europeas. Pro María é meirande poeta ca Chrétien. Agora eu reparo en que no *lais* titulado «Chevrefoil» (*cabrinfollo*, en galego) ela fixo entrar na imaxinación pública os amantes máis conmovedores da literatura universal, se é que a hai: Tristán e Iseu. É intre de nos facer acordantes de que, por aqueles mesmos anos do século XII, no compostelán *Liber Sancti* (ou *Beati*) *Jacobi* aparece tamén Tristán coma rei e co nome de Drustagnuas, tal como descubriu Herve Bihan n'A *Trabe de Ouro*. E non esquezamos que Serafín Moralejo sostén que a primeira representación plástica do conto de Tristán e Iseu se encontra nun capitel da catedral de Santiago. Hai mencións do mito amoroso de Tristán nos nosos Cancioneiros, pro xa veñen sendo do século XIII. Século no que podemos achar máis en galego, con Tristán e Iseu inclusos, pro os tales son de menor entidade en comparanza cos de María de Francia.

Lobishomes na clínica (29.05.2010)

Apareceron nesta sección casos de lobishomes acreditados. Isto é: casos de persoas que se consideraban a elas mesmas lobishomes e que, coma tales, eran recoñecidas nas respectivas redes sociais e culturais. Mariño Ferro ou Ricardo Rodríguez dan conta nos seus estudos, tan interesantes, doutros lobishomes reais. De todos eles, o caso famoso de vez foi o de Manuel Blanco Romasanta, lobishome xulgado e condenado polos seus crimes. Sendo imaxinariamente lobo, Romasanta viviu e matou na Galicia da primeira metade do século XIX. Hoxe seguimos a falar e a escribir a propósito de Romasanta.

Desde vello sábese da «manía lupina» á que se refere Cervantes nunha pasaxe moi citada de *Los trabajos de Persiles y Sigismunda*, obra insigne que a España detesta. Sóelle ser aplicado, a este trastorno, o nome grego de *licantropía*. Na formación da causa penal contra Blanco Romasanta declarou como perito un señor de nome D. D. Philips, que disque fora médico de Isabel II na Corte de los Milagros. Parece que Philips era nome de ocultación (por razóns de seguridade política) do médico francés Durand Le Gros, seguidor da doutrina e prácticas magnetistas de Messmer. Philips revela humor e intelixencia no seu dictame. Nos nosos días, e por intermediación de Santiago Lamas, sei dun estudo sobre Blanco Romasanta e a doenza da licantrópía producido desde a psiquiatría contemporánea polas doutoras García Álvarez e Esperón Rodríguez. Para elas,

a) A licantrópía pódese entender como a ideación delirante: o paciente cre ser un lobo; b) alteración condutal: o paciente compórtase como un lobo; c) alteración psicopática da personalidade: o paciente di que non ten máis remedio que se comportar como un lobo.

Sempre os médicos se preocuparon sobre o lobishome en xeral e sobre Blanco Romasanta en particular. Santiago Lamas, nun seu espléndido ensaio, reflexiona sobre a fisioloxía sexual de Manuel Blanco Romasanta. Sábese que este, ao nacer, foi considerado femia e bautizado Manuela. Logo, na adolescencia, recoñecérono coma varón e a igrexa confirmouno co nome de Manuel. Lamas, en quen conflúen as facultades do médico psiquiatra e do pensador profundo, explícanos aos leigos que existen persoas que nacen con xenotipos masculino XY ao tempo que presentan xenitais externos aparentemente femininos, polo que son criados coma nenas. Ao chegaren á puberdade, estas persoas desenvolven caracteres sexuais netamente masculinos. O que se supuña clítere convértese en pene e os testículos ocultos fanse evidentes. Tras de explicar estes casos mediante o comportamento da testosterona durante o período embrionario do suxeito de que se trata, Lamas pasa a relacionar (moi sabia e cautamente) esta anomalía de Blanco Romasanta coa tendencia del ao crime múltiple («en serie», dise en lingua norteamericanizada) acompañado de rituais propios da patoloxía licantrópica (real ou finxida, como ironizaba o doutor Philips no seu ditame pericial).

Grazas a Manuel San Severiano tiven a ocasión de consultar a tese de doutoramento que defendeu na Universidade de Madrid (1992) Juan Gómez Alonso e que leva o título de *Rabia y vampirismo en la Europa de los siglos XVIII y XIX*. Encontro alí a noticia de que, en 1964, L. Illis, sempre médico, publicou *On porphyria and the aetiology of werewolves* («Sobre a porfiria e a etioloxía dos lobishomes»). Vexo que, neste estudo, aparece a hipótese do mito do lobishome proceder de individuos reais que padecesen a doenza coñecida coma *porfiria eritropoiética conxénita*. A fotofobia, o aspecto monstruoso e mesmo a condición peluda e os trastornos mentais dos que sofren tal mal, orixinarían a antiga e persistente lenda do lobishome.

Con posterioridade á hipótese de Illis, outro médico, David Dolphin, ditou por Norteamérica varias palestras e difundiu entrevistas e artigos nos que pretendía explicar

a orixe dos vampiros e dos lobishomes. Seguindo a Illis, Dolphin fai culpábeis da licantropía ás porfirias que son «doenzas xenéticas asociadas a disfunción da biosíntese do *hemo*». Moi plasticamente, Dolphin reférese á fotosensibilidades e a aquela superabundancia de pelos que xa lle fora atribuída por Ricardo Rodrigues ao lobishome acreditado de Calvos de Randín cualificándoa de hipertrícica. «Os beizos e as enxivas disténdense e fai que os dentes aparezan máis prominentes», di o médico norteamericano Dolphin do aspecto do afectado dalgún xénero de porfiria. A imaxe mesma do lobishome de película.

A pesar de todo, Juan Gómez Alonso non cadra conforme con Illis nin con Dolphin, e non considera razoábel ver na porfiria a orixe dos mitos do lobishome e do vampiro. Non deixa de observar o doutor Gómez Alonso que os traballos de Dolphin nunca viron a luz en publicacións médicas regulares ou académicas.

O avogado de Manuel Blanco Romasanta foi Manuel Rúa Figueroa. Este señor publicou o máis substancial do sumario no libro *Reseña de la causa formada en el Juzgado de 1ª Instancia de Allariz, distrito de La Coruña, contra Manuel Blanco Romasanta, el Hombre Lobo, por varios asesinatos. Ordenada y publicada por Rúa Figueroa*, Madrid, Viuda de Don Antonio Yenes, 1859. Sendo, como penso que era, este Rúa Figueroa tío de Emilia Pardo-Bazán pregúntome por que ela non acudiu a fonte tan próxima para escribir a novela do lobishome de Allariz. O caso Blanco Romasanta tivo que agardar por Risco, e logo por Carlos Martínez Barbeito, e moito máis tarde por Alfredo Conde, para entrar no discurso antropolóxico galego e na literatura. E, da literatura, pasar ao cinema. Emilia Pardo-Bazán e Rúa Figueroa, sempre hábil para se amosar a si mesma coma centro da innovación, perdeu a oportunidade de ser a primeira autora que novelase a figura do lobishome. Lobishome que hoxe recúa e volve a se agochar no *Fondo dos Espellos*.

Sobre o Día das Letras Galegas (05.06.2010)

Detecto que o Día das Letras Galegas (en diante, DLG) ten inimigos. Dado que a nosa lingua tamén os ten (e moitos) dentro do mesmo corpo social de Galicia, non resulta estraño que a literatura propia non sexa apreciada. Máis estraño, pero certo, é que o DLG sexa unha data mal vista por certos nacionalistas. Vexamos algunhas das obxeccións e tópicos críticos contrarios ao DLG.

1. O DLG é unha festa de carácter litúrxico. A liturxia das igrexas é un instrumento de imposición e unha mostración de poder. De feito, as cerimonias de Estado (tribunais, exército, goberno, parlamento) conteñen implícita unha mensaxe: a lingua na que se desenvolve o ritual é a lingua do Poder. É a lingua superior. En España a lingua supe-

rior é o castelán. Na igrexa católica, o latín e o castelán foron as que se adoptaban como signo da unidade básica nacional-católica. Mentres en Euskadi e en Cataluña as linguas respectivas consolidáronse como propias da liturxia católica, o clero galego resistiuse e segue a negarse a adoptar o idioma propio como propio da liturxia. Polo tanto, crear escenarios litúrxicos laicos en lingua galega, como é o DLG, é bon para a dignificación da nosa cultura e para o fomento dun orgullo nacional.

2. Un día ao ano dedicado ás nosas letras é pouco. Durante todo o ano os lectores e os escritores galegos traballan nas letras propias. Tamén moitos profesores, críticos, editores, bibliotecarios, técnicos de cultura e outros axentes. Os que menos laboran polas letras galegas son os libeiros, que en xeral non mostran nos escaparates nin en lugares preferentes a literatura galega. Dedicarlle un día á literatura galega, literalmente asoballada e esmagada polas letras en lingua castelá, é facela saír do anonimato e do desprezo do comercio do libro. En realidade, o DLG serve para facer evidente que o comercio do libro marxina o impreso en galego durante todo o ano.

3. O DLG non debería ser festivo. Coido que é un logro histórico que o DLG se constituíse en festivo. Do mesmo modo que o 1º de Maio debe ser festivo para lle lembrar aos traballadores do mundo a súa historia e a súa condición contemporánea, o DLG debe selo tamén para lle pór diante dos ollos aos galegos a súa historia e a condición subalterna da súa lingua e da súa cultura. Como festa nacional, o DLG está sendo máis rico e participativo que o 25 de Xullo, Día da Patria Galega.

4. Non está ben que a Academia ordene o autor ao que lle dedica o DLG. Dita o autor a Academia por distintas razóns. Unha, porque foi ela a que fundou o DLG no ano 1963. Outra, porque, por Lei, á Academia lle compete ditaminar sobre o relativo á lingua, e as Letras son lingua. Cada autor que se designa cada ano, orienta os axentes culturais e educativos a enfocar a figura de que se trate e con ela o seu tempo e circunstancia. De xeito que a designación académica significa unha consigna que sempre é masiva e entusiásticamente seguida por amplias masas.

5. O DLG vai a menos. A realidade é que non cesa de ir a máis. Son centos e centos os actos, litúrxicos e non litúrxicos, que o DLG fai eclosionar sobre toda a xeografía de Galicia e territorios galegófonos de Asturias, León, Zamora e Cáceres. En cada lugar do planeta no que existan galegos emigrantes hai actos no DLG. Constitúe o 17 de Maio, DLG, un centro de atención simbólico tan grande que as organizacións de defensa do idioma fronte ao novo decreto da Xunta escolleron esta data para convocar a manifestación que sen dúbida pasará á Historia.

En realidade a minoría que en Galicia detesta o galego e, colonizada ou rendida de alma, desexaría a súa pronta extinción, nota que o DLG é un motor de recuperación

colectiva da hoxe chamada autoestima. Por que algúns chamados a si mesmos nacionalistas entoan cada ano a cantilena dos defectos que para eles acumula o DLG, é algo para min moi difícil de entender.

- 294 Unha derradeira consideración. Circula o mito urbano (empreguemos a fórmula tópica) de que as letras galegas están subvencionadas. En realidade estano as letras españolas en lingua castelá. Póñolles un exemplo, para min moi doado de atopar a causa porque son eu mesmo escritor en lingua galega. A revista que dirixo, *A Trabe de Ouro*, non recibe ningunha subvención da Xunta. Tampouco outros autores. Como escritor das letras galegas nunca poderemos recibir o premio Cervantes nin o Príncipe de Asturias nin o Reina Sofía por razóns diversas e obvias. A Xunta de Galicia acaba de suprimir os seus humildísimos premios nacionais de Cultura, aínda que é certo que eu recibira o de Literatura o único ano no que se concedeu. A Xunta de Galicia non outorga premios nacionais de literatura nin promove ningunha clase de subvencións nin de axudas aos escritores en lingua galega. Polo tanto, a nosa non é unha literatura subvencionada senón unha literatura subalterna e minorizada. O milagre é que, pesia a todo, as letras galegas actuais vivan unha época de ouro (si); ouro ao que son acreedores, alen de autores, lectores, críticos, profesores, editores e tamén algúns libreiros e activistas. Ou sexa, que as Letras Galegas pertencen á Resistencia. O mundo das letras galegas é voluntariado.

Canis lupus gallaicus
(12.06.2010)



Foto de Pedro Alonso a Juan Villa

Acabo de recibir unha carta de Pedro Alonso Iglesias, impulsor do grupo naturalista Erva, do que son amigo. No envelope inclúese a fotografía dunha loba tomada o día

25 de marzo pasado (Marzo espingarzo) «no piñeiral que hai ao N da estación de esquí da Serra de Queixa». Dime Pedro: «Levamos pondo cámaras que se activan automaticamente cun dispositivo de raios ultravermellos desde o ano pasado e esta é unha das mellores fotos».

A loba da fotografía parece nova e resulta ben bonita. Ela está cadrada de mans e patas sobre a neve e olla atentamente para o obxectivo coas orellas guichas avante. Vira o pescozo para fitar, con xesto moi lobeiro. Os famosos ollos oblicuos, dos que falan todos os que viron o lobo, apenas se adiviñan; e é mágoa. Arredor dos carrelos branquexan as puntas dos pelos, o que lle dá moita cara ao animal. Pelaxe, a súa, que, en xeral, tende a vermella, non sei se por natureza ou por efectos da cámara. O rabo pende flácido. A loba aparece moi mollada.

A loba sitúase nunha chan ou nun calveiro branco do que sobresaen cimos de uz. Flairas, diría Novoneyra. Por tras dela, vese o bosco coas ponlas domeadas polo peso da neve. Riba da fera, o lugar dos medos ancestrais, que é o bosco. No intre da foto, o termómetro marcaba 41 graus Fahrenheit, que eu non sabería reducir aos nosos centígrados. A loba quedou aí, eternizada na Serra de Queixa. Hoxe está viva e se cadra criando os lobecos.

Do mesmo modo que os lobos acostuman andar en salvaxe compañía, as noticias sobre o lobo adoitan a aparecer xuntas.

Advertírame Felipe Bárcena, experto na materia, dunha tese de doutoramento sobre o lobo que fora recentemente defendida na USC. Máis exactamente, unha tese sobre o lobo na Península Ibérica titulada *Morfología y sistemática del lobo ibérico (Canis Lupus L.)*. O seu autor, Roberto Jesús Hermida Lorenzo.

Outro amigo, que non é ningún dos citados, faime chegar moi amabelmente unhas notas tomadas por el sobre o contido da tese do doutor Hermida Lorenzo. Dado que non tiven ocasión de ler aínda *Morfología y sistemática del lobo ibérico* basareime en ditas notas e na miña propia experiencia lectora para expoñer o que segue.

O lobo é unha especie estendida por territorios inmensos do planeta, nos que se inclúen Eurasia e América. Isto ocasiona que se produzan formas grupais adaptadas a diversos sistemas e que, en determinados casos, esa rexionalización dea lugar a peculiaridades morfolóxicas extremas que foron descritas coma subespecies. Por exemplo, desde Altobello (1921) os lobos de Italia son considerados unha subespecie: *Canis lupus italicus*. A maior concentración de lobos da Península Ibérica sitúase no seu ángulo noroccidental. Existen outras poboacións, moito máis fracas, entre as que se encontra a de Sierra Morena. Parece que o lobo do Noroeste presenta riscos morfolóxicos particulares que non se amosan no andaluz nin no de Maestrazgo, se é que alí quedan lobos (non o sei). O lobo do Noroeste ofrécelle á consideración do analista un grande desenvolvemento da rexión occipital e, en xeral, unha considerábel potencia muscular na cabeza. O citado Bárcena asocia esta característica (falo

de conversas informais) coa especialización do lobo do Noroeste Ibérico na caza de poldros das greas dos cabalos ancentrais da Gallaecia. Os nosos cabalos de raza galega.

- 296 Vistas así as cousas, o doutor Hermida Lorenzo chega a unha conclusión que o meu informante copia entre aspas, polo que supoño que se trate dunha transcripción literal que eu traduzo ao noso idioma así:

A poboación ibérica amosa caracteres morfolóxicos diferenciados doutras poboacións europeas, sendo maior a diferenciación dos lobos que habitan o cuadrante noroccidental da Península Ibérica, precisamente onde se sitúa o groso da poboación. Por iso consideramos apropiada a descrición dun taxón subespecífico novo para identificar o lobo que habita o cuadrante noroccidental da Península Ibérica: *Canis lupus gallaicus*.

Mil novecientos sesenta e oito (19.06.2010)

Por suposto, o libro de Gurriarán ocúpase debidamente dos acontecementos universitarios de 1968, os cales deflagaron en Compostela ben antes ca os famosos do Maio Francés.

Consulto a memoria e acho un 1968 no que se concentra unha intensa actividade de resistencia pública e clandestina. Nos derradeiros días de 1967, a UPG empapelara toda Galicia con milleiros de autoadhesivos nos que se lía LIBERTADE PRA GALICIA. Foron detidas e interrogadas varias persoas en Vigo e en Lugo, feito que habería de inmortalizar Novoneyra no seu «Viet Nam Canto». Estas persoas saudaron en prisión a entrada do ano 1968 e logo serán xulgadas no TOP (Tribunal de Orden Público).

Naturalmente, os acontecementeos universitarios (ocupacións, asembleas, manifestacións, boletíns informativos) impresionaron fortemente a sociedade democrática, que se sentiu solidaria coa mocidade rebelde. Os núcleos motores do MU (Movemento Universitario) parecían ser a ADE (Asociación Democrática de Estudiantes) logo chamada ADEG, coido que moi influída polo FLP (Frente de Liberación Popular). A organización do PCE, que xa tendía a se chamar PCG, era sólida e botara raíces novas nas fábricas e en certas capas medias, co cal a man do partido de Carrillo era moi perceptíbel no MU. Grupos cualificados eran o socialista de esquerda, de obediencia tiernista, e o maoista, este moi próximo á UPG que, naquel intre, se introducía no mundo agrario, no obreiro e no cultural. As XEL acollían o cristianismo progresista.

O PCE e as súas CCOO progresaban en disciplina e rigor orgánico no mundo obreiro, especialmente no eixo clásico Vigo-Ferrol. E ben, con todo o apoio das radios do Leste, especialmente a España Independiente, da prensa partidaria, das octavillas e pintadas, o PCE convocou de forma moi poderosa os actos do Primeiro de Maio. Coido que tamén houbo detención e condenas por parte do TOP.

Con moitos estudantes e obreiros expedientados e/ou presos e coa BPS (Brigada Político-Social) sumamente activa e reforzada con efectivo vindos de fóra, Galicia lanzouse, a principios do verán de 1968, á recuperación do Día da Patria Galega. A UPG convocou, mediante propaganda masiva, como CNC (Concentración Nacional en Compostela) para o 25 de xullo unha demostración de masa. O peso da propaganda foi levado por aquel partido clandestino, pero deseguido se sumaron, cos seus propios medios axitativos, a citada ADEG e a Liga Democrática de Vigo. A consecuencia destas actividades houbo detencións e, nalgún caso, producíronse maus tratos moi graves a algún militantes.

O 25 de Xullo de 1968 a cidade de Compostela apareceu literalmente tomada polos grises con material antidisturbios e por nubes de policía non uniformados que observaban, anotaban e fotografaban. Posibelmente por primeira vez no franquismo, participaron na represión dunha manifestación unidades do exército, que patrullaban con armamento de guerra os lugares estratéxicos da cidade. Parecía imposible que saltase a demostración, pro houbo alguén que izou unha pancarta nunha árbore da Alameda cun letreiro que rezaba GALIZA CEIBE E SOCIALISTA. Antes de que fose retirada, numerosas persoas tiraron fotografías da pancarta.

Aínda cómpre decer que 1968 foi o ano no que a esquerda nacionalista, avantando por riba da muralla piñeirista, entrou en contacto co Consello de Galiza na cidade de Bos Aires e intentou unha revitalización daquel órgano de poder galego e de lexitimidade republicana no exilio.

Por moi diversas causas, a colaboración entre a UPG, e sectores do PSG, co Consello de Galiza non rendeu os froitos apetecidos. Pro ista é unha historia que será contada noutra ocasión, se é que lle interesa a alguén. Tamén houbo detencións. Concluamos dicindo que o 1968 foi un ano decisivo na historia da resistencia galega ao franquismo.

O MU e a Patria (26.06.2010)

Manuel Vilanova fixo de portavoz dos que daquela aspirabamos ao grao de doutor. «Profesora (dixo o poeta), vistas as cousas non procede que teñamos clase». Dolores Gómez Molleda cadrou conforme e na súa boca configurouse un sorriso circunspecto. Emilio Araúxo e Nicolás Jamardo abríronse paso entre a moitedume para nos entregar, a Leónides de Carlos e a min, o *Boletín Informativo de la Universidad Gallega*. Esta foi toda a miña participación no MU (Movemento Universitario) de 1968.

O libro *Inmunda escoria* de Ricardo Gurriarán (Vigo, Xerais, 2010) estuda as mobilizacións estudiantís que se produciron en Compostela de 1939 a 1968. A súa lectura fíxome remoer moitas lembranzas no *Fondo dos Espellos*.

Unha das características do Movemento Universitario (MU) compostelán ten sido unha crecente e progresiva presenza nel de sentimentos e prácticas nacionalistas, o que se anunciaba xa na posguerra civil. A Universidade compostelá era unha sucursal antigalega do aparello franquista e calquera contestación a ela tería que incluír por forza a reivindicación lingüística e nacional.

Un cúmulo de actos e manifestacións públicas van amosando desde os inicios da década dos cincuenta unha presenza nacionalista na universidade que se confonde máis e máis coa esquerda. A exposición da Estampa Popular Galega (EPG) no Gaiola dá lugar a un debate (nel involucrouse Dieste) moi vivo sobre arte e compromiso: tanto que Lodeiro e Xavier Pousa son presos pola BPS. O Día das Letras impúñase nos sesenta, e o MU, polo menos unha vez, aproveitouno de forma espectacular. A conferencia oficial de Carballo Calero foi interrompida varias veces co canto do Himno Galego, que o orador unha e outra vez coreou posto en pé. O recital de Raimon en Compostela, con toda a propaganda en galego (1967), contribuíu á construción dunha nova idea de cultura na que a esquerda asumía a vindicación do idioma propio.

No eido musical, moi axiña se fixeron notar os músicos e cantantes que integraban o movemento da Nova Canción Galega, logo Voces Ceibes. Despois dun famoso concerto na Cultural de Vigo, levouse a cabo o do 26 de abril do 1968 na aula magna de Medicina con letras en galego de Celso Emilio Ferreiro, Lois Diéguez e outros que tamén penduraban nas paredes. Benedicto, Xavier, e non lembro se outros máis, encenderon os ánimos da multitude e abríronlle un novo camiño á cultura de expresión galega.

EDIGSA, casa discográfica que editaría a Nova Canción Galega, lanzou un disco no que unha voz esquencida (ou descoñecida) ofrecía unha versión da canción norteamericana *We shall overcome* da cantiga que fixeran famosa Pete Seeger e Joan Baez.

Desde Barcelona, EDIGSA pediu unha letra, en galego, e Franco Grande proporcionou unha versión espléndida na que a sensibilidade nacionalista se facía sentir. Trátase do *Venceremos Nós* que os estudantes converteron no himno de loita propio. Soía cantarse nas manifestacións e nas asembleas, xunto co Himno Galego, cuxo coñecemento se fai universal na Compostela do 68. Tamén se cantaba a coro o *Gaudeamus igitur* que os nacionalistas do SEG importaran de París nos anos vinte segundo nos conta Filgueira Valverde. Xa case ningún canta nin o *Venceremos* nin o *Gaudeamus*.

O MU, desde a súa constitución asamblearia, quixo mudar o carácter antigalego, reaccionario e pouco científico da chamada «Universidad de Santiago de Compostela» cuxo escudo, desde antigo, levaba as armas castelás. Eles, no 68 e como elemento importante da súa disidencia, modificaron unilateralmente ese nome e chamáronlle *Universidade Galega* (case sempre dito e escrito en castelán, iso si). Os camiños da vida alteraron este proceso nacionalizador da universidade e, onde había unha,

agora hai tres e a matriz voltou ser «Universidade de Santiago de Compostela» (en siglas norteamericanas, USC).

O uso público do galego na Universidade dá a sensación de que foi en avance ao longo do ano clave de 1968. Nas asembleas, os oradores prodúcense en xeral en castelán, e en castelán se redacta o *Boletín Informativo de la Universidad Gallega*. Pero, aquí e acolá, o galego vaise introducindo (con retraso respecto do movemento labrego, do obreiro de fábrica e do asociacionismo popular e cultural) coma a lingua da loita. En galego sae a revista clandestina *Unión Galicia Vietnam* de maoístas e nacionalistas da UPG.

En galego e en castelán imprímense os pasquíns de ADE (ADEG) para a CNC do Día de Patria, nos que esta organización estudiantil se une resoltamente á UPG na convocatoria do 25 de xullo de 1968. De forma moi significativa, o derradeiro número do *Boletín Informativo* imprímese a dúas columnas, unha en galego e outra en castelán. O FSU (Frente Socialista Universitario) tamén demostra na súa práctica afección marcada polo idioma nacional.

«Agitadores de turbia procedencia» (03.07.2010)

Despois do libro *Imunda escoria* de Ricardo Gurriarán (Xerais, Vigo, 2010), só os moi desinformados poderán decer que o movemento universitario antifranquista (MU) estivo en Galicia retrasado en comparanza co que se producía noutros distritos. E non foi así.

En rigor, a historia do MU de Galicia non é a do de España. É moi característico do MU galego que (no pasado) soubese aproveitarse da febleza e desprestixio do falanxismo e do SEU (Sindicato Español Universitario). Carlos París, nas súas memorias, suliña a pobreza do falanxismo oficialista e a ausencia en Compostela dun falanxismo disidente, ao que el pertenceu durante os anos cincuenta. A masa universitaria era en Galicia masivamente antifalanxista e tiña, nas décadas do corenta e cincuenta, memoria da horrorosa represión do 36. Organizados ou espontaneamente, os estudantes galegos foron quen de se servir do SEU para combatelo e combater o sistema fascista.

Os sucesos de 1942 inauguran o MU compostelán coa revolta dos alumnos falanxistas contra o reitor Ruíz del Castillo, franquista católico ao que calificaban de «masón blanco» por pertencer á ACNP. Os falanxistas promoveron gravísimos desordes nas aulas e nas rúas de Compostela. Eles pretendían substituír aquel reitor polo catedrático Legaz Lacambra, fascista en estado puro e seica camarada de Ramiro de Ledesma. Conseguírono. Segundo os meus informes, os alumnos de esquerda ecirraron o movemento e fomentaron a contradición. Antes de morrer, meu compañeiro da vella UPG Roberto Dopazo López, alumno, daquela, de Química, contábame como no

laboratorio se proveron de frascos con vitriolo para se defender da policía, se a cousa chegaba a maiores. Os demócratas fomentaron os disturbios.

300 Ricardo Gurriarán exhuma no seu libro un interesantísimo informe interno no que José Luis Taboada, xefe do SEU que habería de chegar aos máis altos cumios do Réxime, recoñecía que nas masas estudiantís que se movían en 1942 se infiltraran «agitadores de turbia procedencia».

Anos máis tarde, en 1954, foi tamén o SEU quen propiciou un conflito que a esquerda había de conducir ao seu rego, non sei se espontánea ou organizadamente, pro en todo caso con moita intelixencia táctica. Coma en toda España, en Compostela fixéronse manifestacións contra a presenza da raiña de Inglaterra en Gibraltar, pro, desde logo non foron os «chupóns» (cargos do SEU) os que volcaron un camión Leyland nin os que amosaron a furia e fixeron o ruído. Disturbios estes que, pouco máis tarde, con motivo fútil, se endereitaron abertamente contra aquilo que representaba o nivel máis próximo do sistema franquista: o Sindicato Español Universitario.

En 1954 houbo ocupación do Paraninfo e manifestacións na rúa. O xefe do SEU foi enforcado en efíxie do mastro da bandeira do edificio central da Universidade perante as masas enardecidas. O berro contra o SEU estoupaba en toda a cidade. Os estudantes invadiron o bar do SEU, na Rúa Nova, e fixeron cachizas.

Non só o MU galego non foi retardatario senón que, intensamente politizado, alpeirou moito a respecto do español. Antes da explosión espectacular de 1968 ocorreu todo o que levamos dito e, a principios da década, foron as pintadas antifranquistas que encheron os claustros das facultades de Dereito e Filosofía. As pinturas atribuíronse a uns estudantes do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación) que nunca a BPS (Brigada Político-Social) deu identificado. No curso 62-63 ocorreron as accións, incluída manifestación, polos disparos da Garda Civil contra os veciños de Eirón (Mazaricos) a resultas dos cales tres persoas resultaron feridas e morreu Xosé Espasante Pais, como me recorda Manuel González hoxe.

Antes, no 58, Otero Pedrayo despedíase da Universidade Compostelá cunha soberbia e desafiante elección «na lingua de Pondal» perante un Paraninfo cheo a rebordar. Calquera observador da manifestación estudiantil contra a suba do cine en 1956 puido comprobar que nela se contiña un xordo sentemento anti SEU e antifranquista. O cal tamén se manifestaba, alén dunha oposición ao nacionalcatolicismo, na farsa e pantomima da Picota e da Santa Compañía que era celebrada cada ano arredor dos fastos franquistas de San Tomé ou Santo Tomás de Aquino. Os alumnos da Universidade Galega (así sería chamada polo MU no 68) eran maioritariamente contrarios ao Réxime, igual que o era unha minoría moi cualificada de profesores nas décadas dos corenta e dos cincuenta.

E fíxense en que non trato agora da resistencia cultural porque a súa natureza é moito máis divulgada que a netamente política.

Saudades da Aula Un (24.07.2010)

En Compostela hai un edificio que durante un mundo de anos funcionou coma o principal da Universidade. Fora propiedade dos Xesuítas e, en 1836, pasou ao dominio público. Esta casa constitúe, coa de Mazarelos e a chamada igrexa da Compañía, todo un símbolo da secularización do coñecemento na Galicia contemporánea. Nos meus días infantés, o edificio era sempre chamado «a Universidade» (aínda hoxe abre as portas á Praza da Universidade). Albergaba as facultades de Dereito, Filosofía e Letras e mais Ciencias. Tamén a Biblioteca, o Museo de Historia Natural, a Secretaría Xeral e o Reitorado. Nos anos sesenta do século XX, o edificio foi remodelado e, entre outras cousas, desapareceu a famosísima *Aula Un* de Filosofía e Letras. Na actualidade, na casa de que falo radica en exclusiva a Facultade de Xeografía e Historia. 301

Cando penso na Aula Un sorriño para min. Era a esquerda conforme se entraba no claustro baixo. De regulares dimensións, os alumnos acomodábanse en chanzos provistos de pupitre. O profesor dispuña no estrado dunha mesa decimonónica sobre a que descansaba a escribanía de bronce. Nela destacaba unha aguia coas alas despregadas. Por tras, o encerado xigantesco que algúns profesores enchían e outros nin tocaban. Cando reinaba o silencio na Aula Un, entraban nela os sons amata-dos do mercado e da praza de abastos. Sentíase troupelear de samancas.

Moralejo enchía o encerado da Aula Un con léxico e morfoloxía histórica do latín que nos metía de capitón no indoeuropeo. Enchíao, París, de citas en grego e alemán nas súas explicacións de Fundamentos da Filosofía. Un día Carlos París escribiu no encerado da Aula Un os nomes de Marx e Engels, que el considerou filósofos. Admirámonos todos os discentes. Así vexo xurdir Marx e Engels do *Fondo dos Espellos*.

Na parede á esquerda do alumnado había un grande cadro (ou pintura mural) onde, en grosos caracteres, se lían estes versíños de Ramón Cabanillas:

Galicia, nai e señora,/ sempre garimosa e forte,/ prèto e lexis, onte, agora,/ mañán, na vida e na mor-te./ Galicia, Galicia santa/ de romeiros e xogres;/ a de Historia que abrilanta/ a tradición nos fogares.

No ano 1955 entrei eu na Aula Un para facer os exercicios do Preuniversitario do plan Ruiz Giménez. Recibín o impacto dos versos de Cabanillas e, ao saír do exame, xa os tiña decorados. Acabo de os citar de memoria.

Meses máis tarde, presenteime na Facultade de Filosofía e Letras como alumno de primeiro. Fun conducido, cos meus compañeiros, á Aula Un. Meteu a cabeza pola porta Lisardo, o bedel alto, magro e falador que soía gulapear copiñas de caña na do Mañoso entre clase e clase. «¡El Catedrático!»—berrou. Puxémonos de pé e fixo a súa entrada na Aula Un Ramón Otero Pedrayo, catedrático de Xeografía Universal e de España.

Mandounos sentar e el acomodouse no sital. «¡Bienvenidos a la Universidad de Santiago de Compostela!»—exclamou don Ramón erguendo os brazos. Aquela foi a primeira clase á que asistín na Universidade. Falounos Otero Pedrayo da casa onde nos achabamos e do seu arredor: Solovio, a Fonte Sequelo, Mazarelos... «Privilegio de nuestra Universidad es el de estar asentada sobre un antiguo castro» —descubriunos don Ramón. Eu ouvíao a el e non cesaba de lles lanzar olladas aos versos de esoutro don Ramón, Cabanillas: «Galicia, nai e señora...» Eu tiña dezasete anos na Aula Un de Filosofía e Letras. Nunca podo relembra-la Aula Un sen sentir as gadoupas da maldita saudade.

Na Aula Un, durante os meus dous primeiros cursos académicos, tamén soaba a música clásica. A facultade programaba audicións de música gravada que algún profesor, coma Azcárate Ristori ou Enrique Moreno Báez, comentaba brevemente.

Un día do curso 58-59 (se non me engano) presentouse Otero Pedrayo na Aula Un para ditar a súa derradeira lección maxistral, pois lle chegara a hora da xubilación. Na Aula Un non cabía unha multitude formada por alumnos seus e doutros cursos e facultades, e mesmo por xentes exteriores á Universidade. Decidiuse celebrar o acto no Paraninfo, e aló subeu toda a concorrencia seguindo a don Ramón en cortexo tan sonoro como solemne. Otero Pedrayo ocupou o púlpito das grandes oracións protocolarias no Paraninfo e comezou así: «Vou pronunciar a miña derradeira lección e fareino na lingua de Pondal». Un trebón en forma de aplauso acolleu aquelas palabras. Durante unha hora, Otero Pedrayo foi debullando ideas e facendo coriscar imaxes que fascinaron o seu auditorio. Os aplausos finais intensificáronse no intre no que Otero Pedrayo e Lisardo, o bedel veterano e amigo, se fundiron nunha aperta. A única lección oficial de Otero Pedrayo proferida en galego foi a derradeira da súa curta carreira de catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. Con casos coma este escribírase a historia da represión exercida contra a lingua de Pondal.

Aula Un: Franco na Academia (31.07.2010)

Diciamos, semana pasada, que a Aula Un de Filosofía e Letras do vello edificio central da Universidade Compostelá era un lugar que non podemos evocar sen emoción. Hoxe desaparecida para sempre, na Aula Un ocorreu tamén certo acontecemento da pequena historia da cultura galega que vou relatar pola breve.

A raíz da sublevación franquista, que en Galicia tivo lugar o 20 de xullo de 1936, a Academia Galega foi intervida polo goberno e posta so a dirección do Ministro de Educación Nacional, quen soía delegar no Reitor da Universidade. Cada xuntanza debía contar con autorización do Gobernador Civil e celebrábase vixiados os numerarios por un policía en calidade de «delegado gubernativo». Durante un tempo as sesións eran convocadas en Compostela, para o Reitor supervisar comodamente.

No Paraninfo compostelán produciuse en 1941 o ingreso dun colectivo de dezanove novos académicos algúns dos cales de altura cultural innegábel (Cuevillas, López Abente, Filgueira, Bouza Brey, Paulino Pedret), certos deles eruditos pertencentes ao clero e ordes relixiosas, así coma outros individuos realmente insignificantes desde o punto de vista da valía intelectual. Presidiron a sesión o Reitor Ruiz del Castillo e as máximas autoridades civís, militares e católicas.

Así composta, a Academia reuniu o seu plenario, daquela nomeado «Xunda Ordinaria», na Aula Un famosa de Santiago o 3 de Nadal de 1942. Asistiron catorce académicos e contouse coa presenza obrigada do delegado gubernativo, que, neste caso, foi un Antonio Asorey Andaluz de quen nos recordamos moito os que pasamos pola Universidade Compostelá nos anos cincuenta.

Antonio Asorey Andaluz era un falanxista de Santiago a quen estampillaran de inspector de Policía. Legaz Lacambra, cando botaron a Ruiz del Castillo, deulle un encargo de cátedra, coído que de Dereito Político. Asorey era autor duns apuntes plúmbeos (o chamado «Para Huxley», pois así comenzaba o texto) que o alumno tiña que recitar de carreira e decorado. Tamén asinou varios cuaderniños co programa da signatura dividido en «lecciones», que era obrigatorio comprar na librería González. Redondeaba os seus ingresos, o activo policía Asorey, cun despacho no que se desempeñaba de «procurador de los Tribunales y eclesiástico». É fama que, o coté troiano de violencia humorística, un día rouboulle a Asorey a placa de bronce que anunciaba ao público o seu despacho e a situou en lugar preferente da Facultade de Dereito. Cecais só se trate dunha lenda troiana.

Di a acta de xuntanza académica celebrada na Aula Un, que o presidente da RAG, Manuel Casás, «...haciéndose eco de la iniciativa esbozada por varios señores académicos, propuso que fuese nombrado Presidente de Honor de este cuerpo literario su Excelencia el Jefe del Estado Generalísimo Franco». Ningún dos presentes dixo nada en contra polo que na acta se recolle esta frase: «Con satisfacción unánime fue acogida esta propuesta».

Escribe X.L. Axeitos:

A aceptación do nomeamento e o correspondente agradecemento transmitiuse á RAG por medio da «Casa Civil de S.E. el Jefe del Estado y Generalísimo de los Ejércitos» con data 24 de decembro de 1942. O interesado nunca deixou constancia persoal do seu agradecemento nin tivo ningún xesto amigábel para a institución durante as súas estadias de verán en Meirás.

Seguramente algúns dos académicos presentes aquel día dirixiron a vista con tristura á inscrición mural da Aula Un na que figuraban os versos de Cabanillas:

Galicia, nai e señora,/ sempre garimosa e forte,/ prèto e lexos, onte, agora,/ mañán, na vida e na morte./ Galicia, Galicia santa/ de romeiros e xogares;/ a de Historia que abrilanta/ a tradición nos fogares.

Non sei se entre os académicos presentes se encontraba incluído aquel día o propio Ramón Cabanillas. Comprobaremos tal extremo no libro de actas da RAG.

304 En todo caso, un mundo de tempo despois, ou sexa, o 31 de xullo do pasado ano 2009, o plenario da Academia Galega retiráballe ao Generalísimo Franco o título incongruente de Presidente de Honor da institución que Casás chamaba «cuerpo literario».

Resistencia e Memoria (07.08.2010)

Púxenme a pensar e achei que a Resistencia galega ten moitas características en común coa doutras nacións e rexións do que seguimos chamando Estado español. Si, pero tamén é certo que a Resistencia galega se produciu con modos que lle son propios e diferentes. Co fin de organizar a miña memoria e a miña información, divídín a Historia da Resistencia Antifranquista en Galicia en tres períodos aos que lles puxen mesmamente nome:

1º) Continuidade das armas (1936-1950)

2º) A toupeira blindada (1950-1963)

3º) Ofensiva múltiple (1963-1975)

Unha vez que ideei tal división coas etapas, comprobei que estes períodos correspondían con exactitude coas etapas do franquismo que teñen para moitos de nós sentido. O primeiro período da Resistencia correspondíase coa etapa franquista que chamamos *Autarquía*, o segundo coincidía coa etapa que foi definida coma de *Estabilización* e, o terceiro e derradeiro, coincidía co tramo final do franquismo que identificamos coa política de *Desenvolvemento* ou *Desenrolo* económico.

Convén relembra que o franquismo foi un tempo histórico de longa duración. Nos seus inicios era un réxime de guerra e aspirou a ser economicamente autosuficiente, polo cal, aquel tempo, recibe o nome de *Autarquía*. Logo, co Opus Dei no leme do goberno de Franco, o sistema botou o freo e apertoulle o cinto á España media e probe (non á oligarquía) co cal a peseta resultou saneada e o Caudillo, que xa estaba protexido polos EEUU, aspirou en van a entrar no M.C.: Plan de Estabilización. Por fin, e a imaxe e semellanza de Francia, foron tamén os do Opus Dei os que perpetraron un Plan de Desenvolvemento Económico que mereceu un poema memorábel de C. E. Ferreiro.

A España do Desenvolvemento abriulle os fechos ao turismo e verqueu unha arroiada humana na emigración a Europa. Logo, Franco morreu de vello e deixou todo «atado y bien atado». El estaba morrendo e o seu réxime facía fusilar os galegos (entre outros) X. H. Baena e Sánchez-Bravo, así como abatía Moncho Reboiras en Ferrol e Simón no Troncal de Vigo.

Durante todos os seus anos o franquismo, que foi un modo nacionalcatólico de fascismo, mantivo algo que nunca foi alterado. O fascismo militarista de Franco baseouse na alianza do grande capital cos latifundistas. Os capitalistas de Cataluña, de Euskadi e de Galicia fundíronse cos do resto de España e asociáronse no reparto dos privilexios solidificados polo Poder que chamamos «capital monopolista de Estado». A Igrexa Católica forneceu ideoloxía sistemática e obrigatoria. O nacionalismo españolista de masas (touros, procesións, flamenco) compuñan a imaxe pública de España; as nacionalidades reducíanse a «peculiaridades regionales». Estaban prohibidos os partidos políticos e os sindicatos de traballadores. O idioma galego estaba excluído do ensino e das administracións públicas. Un conxunto de corpos represivos (policía, Garda Civil, SIM) perseguía á prensa libre e toda organización que estivese fóra do réxime. Nin folgas nin manifestacións estaban permitidas. A pena de morte, a tortura e a prisión foron prácticas permanentes durante toda aquela época.

De xeito que o franquismo mudou de formas durante a súa existencia, pro houbo elementos que permaneceron durante a totalidade da época que nós reputamos ominosa. Estes elementos permanentes foron: o nacional-catolicismo como ideoloxía do Réxime, a obsesión centralista, a identificación do Estado co grande capital e cos terratenentes e a ausencia de garantías que respectasen os dereitos de asociación, reunión e libre expresión oral e escrita. Nin outros fundamentais. Na política internacional, o franquismo mudou a súa adscrición ao fascismo internacional, ao este ser derrotado na Guerra Mundial, pola alianza co imperialismo norteamericano. Pero, na política interior, o franquismo non alterou en todo o seu transcurso as liñas básicas e fundacionais. O «Tribunal para la Represión de la Masonería y del Comunismo» pasou a chamarse «Tribunal de Orden Público», e os Consellos de Guerra foron convocados cando se considerou preciso. Franco entrou na Historia matando e torturando e encarcerando, e dese xeito saíu dela.

Agora imos tratar de ver, no *Fondo dos Espellos*, como Galicia resistiu ao franquismo.

1.) Continuidade das armas (1936–1950) (14.08.2010)

Sempre historias de *claudias*, de paseos; en voz baixa. Silencio que só rachan os himnos fascistas na radio. Faló agora do período da Resistencia antifranquista en Galicia que chamaremos *Continuidade das armas* (1936-1950).

Si, as armas foron protagonistas da Historia nosa entre o 36 e o 50. Armas dos franquistas sublevados. Tres anos de Guerra Civil. Armas dos guerrilleiros que, en Galicia, prolongarán a súa actividade até o ecuador do século XX. Tamén armas galegas na zona republicana da Guerra Civil.

Batallón de galegos nas Asturias, Batallón Celta en Euskadi, Batallón Galego do 5º Rexemento, 11 División comandada polo galego Enrique Líster. As armas que enfrontan socialismo e democracia contra barbarie na II Guerra Mundial. Triunfo das armas aliadas na máis cruel guerra que coñeceran os séculos. A esperanza (*L'Espoir*, Malraux) que suscitara esa vitoria total, en Galicia e en España, frustrada. Continuidade das armas, si, e tamén prolongación do aprobio.

Convén reparar en que, na Galicia resistente de 1936 a 1950, o sistema dos partidos republicanos extínguese. Só se reconstrúen en clandestinidade, ao termo da Guerra Civil, o Partido Galeguista e o Partido Comunista de España. Naquel intre, Gómez Román, Enrique Peinador, Cortizo, De la Ballina, Fernández del Riego, constitúense en restauradores, en Vigo, do PG. E chaman por Ramón Piñeiro para este ocupar o cargo de secretario político (liberado). Deles só é vivo un militante de aceiro: Del Riego. Á súa vez, o PCE iniciou a súa reconstrución en Galicia desde Madrid e so a dirección dun activista mítico, o checo (ou búlgaro?) Heriberto Quiñones acompañado dun galego cuxa vida e actividade gustaría de coñecer: Luís Sendín. A captura e fusilamento de Heriberto Quiñones, sentado nunha cadeira porque lle crebaran o espiñazo nos interrogatorios sen lle dar el un só dato á policía, figura nos anais do antifascismo á altura de Jean Moulin, heroe da Resistencia francesa. Chámanos a atención a este respecto, sobre a *Historia do PCE en Galicia* de V.M. Santidrián Arios (O Castro), moi valiosa.

En 1942 constitúese en México a Alianza Nazonal Galega, na que coinciden comunistas coma Lois Soto e galeguistas coma Elixio Rodríguez, xunto con personalidades doutros partidos. Do mesmo ano é a constitución da Unión Nacional Española, coa que coincide a ANG. A UNE é unha creación do PCE que propende á unidade de todos os antifascistas contra ao réxime de Franco. A seguir da liberación de Francia, en Grenoble constúese a versión galega da UNE, que, á imaxe da ANG, fará énfase nos dereitos nacionais de Galicia. Trátase do Bloque Republicano Nazonal Galego. Nestre BRNG, presidido por Portela Valladares, figuran personalidades do republicanismo de esquerda (Casares Quiroga), comunistas da relevancia de Enrique Líster e galeguistas tan importantes coma Xoán Xosé Plá. En 1944 fundárase o Consello de Galiza, con deputados galegos da Frente Popular. Presidido por Castelao, o CG considerábase fideicomisario da vontade democrática do pobo galego expresada no plebiscito de autonomía de 1936. En 1946 o goberno republicano no exilio de Giral chama por Castelao para este desempeñarse nel como ministro. A presenza de Castelao naquel goberno de 1946 foi acollida xeralmente ben, despois de reticencias, por todos os demócratas galegos así do interior coma do exterior. Piñeiro e os galeguistas organizados en clandestinidade foron principais artífices de tal designación que foi apoiada polo comité galego da Frente Popular.

Sería preciso ter presente un feito xeralmente desconsiderado. Se uns galeguistas se organizan ao termo da Guerra Civil en clandestinidade e reclaman da lexitimidade

histórica do seu partido, outros non menos galeguistas non participan en tal reconstrución e intégranse na UNE (ou ANG, ou BRNG) baixo a dirección comunista. Valenzuela, Xosé Velo, Otero Castelao, Mastache, formaron parte de tal fracción e foron, en diferentes circunstancias, presos e torturados.

Durante a Guerra Mundial, as guerrillas galegas son vistas polas masas como un exército libertador e os democrátas chámanlles *maquis* (polos *maquisards* franceses) aos partisanos das montañas. Moitos maquis son idealizados e venerados polo pobo, no plano nacional ou local. É o caso de Piloto, Curuxás, Ponte, Langullo, Juan, Bailarín, e das guerrilleiras Enriqueta Otero ou Manuela Sánchez. A esta última e a Ponte dedicoulles poemas inesquencíbeis Lorenzo Varela. Con certeza, Stalingrado e Normandía atemorizaron o franquismo e encoraxaron os demócratas de todo o Estado español, presos, clandestinos ou amordazados. *O Século de Lisboa*, xornal aliadófilo, vendíase nas rúas de Ourense e de Vigo. No penal de El Dueso, Rivas Cheriff e outros presos mantiñan contacto directo co goberno da República a través do oficial de prisións, comunista e galego, Xulio Soto Fernández. Pro os pactos de Franco cos EE UU axiña afastaron do pobo *ogni speranza*. De xeito que, este período que agora estamos a evocar torpemente, ábrese en Galicia, e en España, cun «desastre escuro» e fécchase cunha aceda decepción. Os pobos do Estado español foron, unha vez máis, traizoados polas democracias occidentais. A URSS e o campo socialista seguirían, na guerra fría, combatendo a Franco e apoiando ao PCE.

En Xullo de 1936, Bóveda, galeguista, xunto con Guiance e Szbarsky, socialista e comunista, foron condenados a morte en Consello de Guerra, fusilaron a Bóveda e a Szbarsky, e a Guiance conmutáronlle a pena capital pola de cadea perpetua. Os tres resistiran no Goberno Civil de Pontevedra, no nome da Frente Popular e da legalidade republicana, ao alzamento militar. E ben, durante moito tempo, na Resistencia antifranquista só foron visíbeis os galeguistas e os comunistas coma os citados pasados polas armas, aos que habería que sumar sen dúbida núcleos anarquistas.

2.) A toupeira blindada (1950–1963) (21.08.2010)

Con tales mortes ábrese un período da Resistencia que nós chamamos *A toupeira blindada* (1950-1963). O desánimo pola treizón das democracias occidentais e as duras medidas do Plan de Estabilización do ministro Ullastres condicionan o modo de resistir o franquismo. As forzas de antifascistas organizadas son en Galicia só dúas: a galeguista ou nacionalista e a comunista. Coma a toupeira, fortifícanse baixo terra e, de tempo en tempo, saen á superficie e amósanse. Así fan uns e outros.

Vexamos como executan os nacionalistas e galeguistas as tácticas de toupeira entre 1950 e 1963.

Unha fracción nacionalista que se integrara cos comunistas na UNE (ANG e BRNG, entre nós) sofre unha caída, moi forte, en Vigo, no ano 1947. Evadido Xosé Velo por Portugal, establécese en Venezuela onde, por volta de 1950, funda a Unión de Combatentes Antifranquistas Galegos e logo, co comandante Sotomayor e na liña iberista patriótica, o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), que sacará ben sacado o fuciño da toupa ao ar co asalto ao *Santa María*. Algúns nacionalistas desta liña, coma Valenzuela, ingresan no PCE en canto Lois Soto e outros irán mudando a súa militancia nese partido pola preparación doutro non menos marxista pro de dirección nacional galega.

O PG considerado «oficial» autodisólvese no interior sobre o ano 1950, pasando a unha actividade culturalista cuxo núcleo é a Editorial Galaxia. Chamarémoslle Grupo Galaxia (GG). Con todo, este sempre será político e elaborará unha nova doutrina. Galicia, para eles, deixa de ser unha nación e o nacionalismo resulta consecuentemente superado. A solución de Galicia sitúase na futura Unión Europea Federal, no seo da cal a nosa «comunidade básica diferencial» renacerá. Foméntase unha filosofía «galegoportuguesa» (Ramón Piñeiro) e o anticomunismo é consubstancial co grupo. De 1958 é a *Revista de Economía de Galicia* a través da cal o GG trata de difundir o seu europeísmo e as novas correntes do desenvolvemento rexional (Perroux). O GG actúa neste período coma centro irradiador dun galeguismo non nacionalista que non deixara de medrar deica 1963.

Así e todo a toupa sae a respirar en actos patrióticos de masa. Notoriamente, nas concentracións populares no Espolón de Padrón ocorridas en 1957 (inauguración do monumento a Rosalía) e 1958 (coroación de Cabanillas). Ambos actos estiveron organizados principalmente por Camilo Agrasar, nacionalista externo ao GG.

No interior houbo, pois, un nacionalismo cultural e político, á marxe do GG. Citemos só a editorial Monterrey e antes a Benito Soto. Tamén, no exterior do GG, produciu Valentín Paz Andrade o grande programa socioeconómico do nacionalismo nesta etapa: *Galicia como tarea*, que viu a primeira luz no xornal *La Noche* da man de Borobó en forma de folletón.

O nacionalismo do exilio e da emigración, centrábase en Bos Aires e Uruguay coma movemento de masas. Alí tiña a sede o Consello de Galiza (non acatado polo GG). A Irmandade Galega, substituirá ao PG e, as Mocedades Galeguistas (Neira Vilas, Moreda...) a ela adscritas constituían o círculo máis activo e político do nacionalismo. O Congreso Galego da Emigración (1954) convocado polo Consello de Galiza, foi o acontecemento máis importante do período da Resistencia americana da que agora tratamos: unha potente saída á luz da toupa blindada. Hai emisións radiofónicas regulares de carácter nacionalista no Cono Sul de América e en México. Hai editoriais patrióticos (Alborada, Galicia, Follas Novas, Citania) nas colectividades emigradas, e tamén revistas. Destaco agora apenas *Galicia Emigrante* de Luís Seoane e *Vieiros* do Padroado da Cultura Galega de México, pola difusión e influencia que tiveron,

sobre todo a segunda, na Galicia territorial. En Bos Aires, a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA) constituíu o marco da Resistencia dos intelectuais, demócratas e nacionalistas.

Na etapa que comentamos, o nacionalismo e o galeguismo emigrado blíndase coma o do interior, preferentemente con materiais de cultura. Iso si, no interior, grupos coma Brais Pinto (1958), integrados por persoas que non viviran a Guerra Civil, coinciden con América na necesidade de pasar á organización política explícita e clandestina como forma preferencial de Resistencia operativa.

O período fécbase en 1963 cunha escisión nacionalista da que trataremos no *Fondo dos Espellos* máis adiante.

2b.) A toupeira blindada (1950-1963) (28.08.2010)

Unicamente aparecerán organizados e activos, no período da Resistencia que chamamos *d'A toupeira blindada* (1950-1963), os nacionalistas e galeguistas, e mailos comunistas, agora cunha clara hexemonía dos primeiros.

Verbo do nacionalismo, a principal fonte de información para estas notas é a miña propia vida. No que se refire ao comunismo en Galicia, recorro ao que me contaron, ao que lin e ao que vin desde fóra. Especialmente, foime de moita utilidade o libro de V.M. Santidrián titulado *Historia do PCE en Galicia* (Sada, O Castro, 2009).

Coa chegada ao goberno franquista do sinistro Alberto Ullastres, con outros membros do Opus Dei, iníciase en 1959 o Plan de Estabilización que pesou rudamente sobre a clase obreira e sobre as camadas medias da sociedade española. A protección norteamericana ao franquismo sumira na decepción a todo o pobo democrático. Galicia desangrábbase na emigración a América, especialmente a Venezuela. O capital monopolista de Estado florecía e facía emerxer novos estamentos opulentos. Moi diminuído a principio dos anos 50 pola disolución das guerrillas, o PCE sofre un golpe moi severo ao ser expulsada de Francia a súa dirección. Polo tanto, o PCE blíndase nas toupeiras.

Sempre houbo en Galicia un sector social (rural e urbano) adherido básica e vivencialmente ao PCE. Radio España Independiente, a de Moscú e as das democracias populares mantiñan informado da liña política do PCE (e das accións de Resistencia) a todo aquel que estivese interesado e contase nas inmediacións cun receptor de confianza, se non o tiña propio.

Podía accederse a *Mundo Obrero*, se existían contactos. A URSS estaba aí, coma unha real e colosal Esperanza. Con esta base blindou a súa toupeira en Galicia o PCE. No inicio, a organización era pouca e as políticas do incipiente carrillismo non

ecoaron nesta Terra: nin Reconciliación Nacional nin Folga Xeneral Política ou Pacífica nin alianzas co galleguismo e nacionalismo.

310 No seu V (1954) e VI (1959-60) Congressos o PCE proclamou claramente que o pobo galego tiña dereito á súa autodeterminación igual ca os de Euskadi e Cataluña. O voceiro dos comunistas galegos na dirección do PCE non era Lister senón Santiago Álvarez. Para el, nos seus informes, alén da clase obreira e dos intelectuais pequeno burgueses do galleguismo, había que contar de forma preferente co campesiñado galego, que padecía aínda a «supervivencia feudal do foro». O carrillismo ascendente aplicábase a súa política a Galicia, onde, neste período, traballaron duramente organizadores vindos do exterior e clandestinos xunto con outros en situación legal. Temos noticia e ou coñecemos Antonio Núñez, Amador Martínez «Ramón», Sixto Agudo, Fernández Filgueira, José Ruibal (non coma escritor senón coma *aparachnik*), Xosé Alexandre Cribeiro (o mesmo), Julio Aneiros, Carlos Núñez, Xosé Díaz «Carballeira».

Ferrol e Vigo fóronse constituíndo nos máis densos grupos organizados do PCE, aínda que este se estendeu por toda a xeografía galega no período. As galerías da toupeira fixéronse máis e máis complicadas. O solo metalúrxico éralle o máis propicio á toupeira PCE. Pro como o tema agrario era moi apreciado, no que respecta a Galicia, pola cúpula do PCE, a tupa comunista respirou abertamente denunciando, cun texto subscrito por centos de sinaturas, a situación da agricultura galega. O documento, coído que de 1962, debeu de ser enviado algo máis tarde ás autoridades franquistas. Titulábase *Petición del agro gallego* e o GG prohibiu que os seus adherentes o apoiasen. Coa *Petición* ábrese unha nova etapa da Resistencia comunista en Galicia na que ese partido sae á superficie co xesto da tupa que asoma o seu fuciño para respirar, con grave perigo de que o labrego eterno lle esmague a testa co rabo da eixada. A represión policiaca e xudicial (militar e togada) funcionaba e a militancia comunista en Galicia era maltratada nas comisarías e cuartelillos e, despois, xulgada e posta en prisión.

Vexo que o PCE, neste período, medra en Galicia como a sucursal dun partido español que non produce práctica teórica e cultural propia nin calquera análise sociopolítica focada sobre Galicia entendida como Nación que non sexa o esquema dispensado por Santiago Álvarez nos Congressos. A situación mudará, en parte, co salto adiante do PCE en Galicia acontecido a partir de 1963 tal e como teremos ocasión de mirar no *Fondos dos Espellos*.

3a.) Ofensiva múltiple (1963–1975) (04.09.2010)

É certo que neste proceso, o PCE, que se converte en PCG, xa é, primeiro, a organización única da clase obreira, para logo convivir con outras formacións nas fábricas. Tamén é verdade que o galleguismo/nacionalismo será a corrente culturalmente dominante. Neste período reaparece o nacionalismo no interior, que fora abolido polo piñeirismo (ou Grupo Galaxia), e florece nunha cultura patriótica de signo marxista. Multiplicidade da Resistencia, xa que logo. 311

A Resistencia, agora, sae con forza das toupeiras e tende a respirar a peito descuberto. Debe entenderse que a clandestinidade non se desleixa, e aínda se fai rigorosa sobre todo no que se refere a formas novas de violencia política, pero as asembleas, as conferencias, os documentos asinados, os actos públicos de signo nacionalista e antifranquista multiplícanse. E, dado que a Brigada Política-Social (dirixida desde a Coruña por José Ramón Piñeiro) non para de deter, interrogar e maltratar persoas, que pon á disposición do Tribunal de Orde Público (TOP) ou do Xulgado Militar, son numerosísimos os galegos e galegas que no período de Ofensiva Múltiple pasan ás prisións, á clandestinidade ou ao exilio.

Existe unha crenza, errónea e difundida, que ve este tempo de *Ofensiva múltiple* que comentamos como un no que a Resistencia era máis cómoda xa que o franquismo se «liberalizara». Esta suposta apertura do Réxime érao, sen dúbida, nas formas, e concretábase no «Plan de Desarrollo» e nas lexislacións de prensa e laboral. Na realidade apenas se trataba de lavarlle a cara ao franquismo para contentar «o amigo americano» e as dereitas europeas favorábeis ao ingreso de España no Mercado Común. Na realidade, a identificación total entre Igrexa Católica e o Estado permaneceu de xeito monolítico e a ausencia de garantías democráticas foi absoluta no período. O partido único seguiu séndoo. En 1974 é executado a garrote o anarquista catalán Puig Antich. En 1975, foron fusilados, cumprindo sentenza dun consello de guerra, Sánchez-Bravo e Baena xunto con militantes doutros territorios do Estado español. No mesmo ano, e sendo, como nos casos anteriores, Franco vivo, é abatido a balazos Reboiras en Ferrol. Con Franco cadáver recentísimo, a policía asasinou nas rúas de Vigo un obreiro, Manuel Montenegro Simón, e unha moza, Elvira Parcero.

Se no período d'*A toupeira blindada* a Resistencia actuara no marco económico do Plan de Estabilización, esta *Ofensiva múltiple* terá como referente institucional o Plan de «Desarrollo» do que foi principal ideólogo e comisario Laureano López Rodó, quen tivera unha fecunda prehistoria como iniciador do Opus Dei na Galicia dos anos corenta. O Plan tiña previstos unha serie de *polos de desarrollo* desde os cales a economía debía ser activada mediante unha sorte de planificación indicativa de modelo francés. Como queira que, inicialmente, Galicia non era contemplada como unha unidade no Plan e o seu territorio facíase depender de Valladolid e de Zamora,

produciuse unha efectiva protesta pública cuxo acto máis sonado foron os discursos de Arcadio López Casanova e Salvador García Bodaño nas Festas Minervais Compostelás. Os planificadores recuaron e Galicia tivo dous polos propios: o da Coruña e o de Vigo-Porriño. Logo do «desarrollismo» iniciado polo Plan, sobreveu a crise económica da que só cabe agora facer mención escueta.

Neste tempo, a emigración a Europa converteuse en fluxo torrencial e o turismo actuou como imán que atraía divisas ás moreas. Cen familias franquistas, segundo a brillante análise dos «economistas novos» e anónimos de *Ruedo Ibérico*, fixéronse co dominio económico de España. Pero tal enxurrada de riqueza basábase na desigualdade e na represión feroz. O pobo galego, e os restantes pobos do Estado, non caíu no ichó «desarrollista» o que Fraga Iribarne, en funcións de ministro de propaganda do Réxime, intentaba enganar a todos. Na Resistencia houbo daquela máis galegos organizados e movilizados contra o fascismo español ca nunca. Tamén houbo máis acción antifranquistas en Galicia e en España neste período do que nunca houbera desde a guerra civil. O citado Fraga Iribarne organizou unha campaña de propaganda para celebrar o primeiro cuarto de século da ditadura do fascismo en España so o eslogan, difundido en todas as linguas de España, de *25 Anos de Paz*. Celso Emilio Ferreiro, en Vigo, respondeulle ao de Vilalba cunhas triadas gloriosas que din así:

España, sangue e area,/ trinta millós de farrapos/ atados a unha cadea./ Todos levan sobre a faz/ un carimbo de tristura:/ vinte cinco anos de paz./ Paz de cuartel, paz de preso,/ paz de pobo asoballado,/ paz de pau e tente teso./ Paz de Conde de Fenosa,/ gran cabaleiro de industria/ que asulaga a Terra Nosa./ Paz de osario e cimiterio,/ paz de chaira inhabitada,/ paz de oprobio e cautiveiro./ Paz de mazmorra e censura,/ paz de mansos periodistas,/ lambecús da dictadura./ Paz de roubo finazado,/ paz de pulpo monopolio,/ paz de fusil apuntado./ Paz de bispo troglodita,/ solideo insolidario,/ don Oppas hermafrodita./ España, sangue e area:/ trinta millós de pantasma van pasando en estadea.

Cando terminou de a compor, Celso recitounos esta sátira currosiana na taberna O Condado, de Velázquez Moreno. Tremíalle o beizo superior e o bigote ao novo vate de Celanova. Novoneyra insistiría con contundencia no tema.

3b.) Ofensiva multiple (1973-1975) (11.09.2010)

As organizacións multiplícanse deixando atrás o *bipartidismo* que na ilegalidade constituían comunistas e galeguistas. De feito, no mesmo 1963 prodúcese a escisión nacionalista de esquerda no seo do galeguismo do interior.

Nace entón a UPG, que axiña se disolverá no Consello da Mocidade (CM). Este constituíuse en 1963 para superar o modo piñeirista, dominante no Grupo Galaxia (GG). Unidos polo desexo de organización política e, maioritariamente, por un pulo dirixido á rehabilitación de Castelao e á recuperación da idea de Galicia como Nación, entrou no CM un bon número de individuos que non viviran a Guerra Civil. Flor dun día: o

piñeirismo expulsou do CM aqueles membros que foran identificados como «comunistas». Deseguida, o CM desaparecía.

No intre, Ramón Piñeiro quixera apagar o lume cun tornafogos. De acordo coa Alianza Sindical Obrera (ASO, organización de natureza problemática), o piñeirismo dicidiu neutralizar a esixencia política do Consello da Mocidade coa fundación do Partido Socialista Galego (PSG). O primeiro número de *Adiante*, órgano central do PSG, apareceu impreso no mesmo obradoiro de Perpiñán que servía a ASO. O PSG declarábase alí europeísta e anti-nacionalista. «Non somos nacionalistas porque non somos reaccionarios» –proclamaba o PSG. No paralelo, o piñeirismo consideraba tamén o lanzamento dunha «Democracia Cristía Galega» que nunca chegou a ser. É verdade que, a partir da presenza de X.M. Beiras na dirección do PSG, este muda de rumbo, asina un Manifesto Conxunto coa UPG, denuncia a falacia europeísta e recupera o nacionalismo.

A UPG viña de antes, pro constitúese en 1963 con persoas procedentes do PCE (Soto), das JSU (García Caeiro), do PG (López Durá) e do sector nacionalista purgado do CM. O seu programa era autodeterminista e de esquerda. A UPG produce, decontado, un órgano en ciclostil de urxencia (*Denuncia*) e mais o periódico central (*Terra e Tempo*) desde 1965. Elabora doutrina a respecto do clero católico, a raíz do Concilio, na proclama *Acusamos*: lanza aos labregos do Ribeiro do Miño o manifesto *Embal-se non, xusticia sí*, no cal se fundamenta o contido anti-monopolista e identitario da resistencia ao encoro de FENOSA en Castrelo. Promove a Homenaxe Nacional a Celso Emilio en Ourense. Alíase co PCE (m-l) na Universidade para a edición do periódico anti-imperialista *Unión Galicia-Viet Nam*. Coordínase a UPG con case todas as tendencias antifranquistas de Vigo na Liga Democrática. Funda, en 1968, mediante unha campaña masiva de propaganda, o día 25 de Xullo como a data reivindicativa da Patria. Coordina un número de *Signo* (Madrid) dedicado a Galicia que ocasionará o peche desta revista católica. Inicia un programa de loita armada, organización sindical, teoría política, e práctica cultural.

Na década de 70, a UPG medra, e, na fin do período, impulsará a Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG). Promocionará unha fronte cultural e unha fronte obreira, á que se une *Galicia Socialista* cos derradeiros militantes e simpatizantes galegos do Frente de Liberación Popular (importante partido de ámbito español e crente na potencia revolucionaria das nacións do estado). Sobre diversos xermes sindicais, a UPG liderará a fundación do Sindicato Obrero Galego (SOG), que logo irá parar na Intersindical Nacional Galega. Tamén á UPG e á ANPG se sumará un continxente de membros do OO (Organización Obreira), formación política que resultou de importancia fundamental na activación do proletariado de Galicia en 1972. As Asociacións Culturais Nacionalistas son, no período, centros vivos de debate político.

Por suposto, durante a *Ofensiva múltiple* o galeguismo piñeirista mantívose no plano cultural e ideolóxico. Á marxe del, o novo nacionalismo marxista da UPG fíxose

máis e máis forte. *Longa noite de pedra* (1962), alén do título dun libro de Ferreiro, convértese naquel tempo nun *locus* que define verbalmente o franquismo. O PCE transfórmase aquí en Partido Comunista de Galicia (PCG). El tamén se fai presente no mundo cultural (lémbrese a relevancia social de Voces Ceibes).

Mais é nas fábricas onde o PCE-PCG se mantén, se non xa como único, si como partido hexemónico dos traballadores. Outras organizacións antifascistas fanse presentes na *Ofensiva múltiple*; elas irán aparecendo no *Fondos dos Espellos*. Recomendamos, para a comprensión deste período da Resistencia do que estamos a nos ocupar, a lectura do libro *Galicia Hoy* (Ruedo Ibérico, Bos Aires, 1965), do que hai edición facsímile en Edicións do Castro. Confeccionárono Santiago Fernández e Máximo Brocos, ou sexa Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. Díaz Pardo fíxose, por parte, cargo do financiamento da obra.

3c.) Ofensiva múltiple (1963–1975) (18.09.2010)

É fortísimo o incremento do PCE na época, mormente no «eixo Vigo-Ferrol». O triunfo comunista nas eleccións sindicais de 1966 marca unha época na que o PCE sae da toupeira para respirar o ar das factorías, sobre todo no sector naval. A formalización de Comisións Obreiras (CCOO) supón un éxito táctico dos comunistas: véxanse os estudos de José Gómez Alén. A conflitividade laboral é importante na década dos sesenta e, en nadal de 1968, o PCE dará lugar ao PCG, cuxos órganos escritos foron *A Voz do Pobo* e *Nova Galicia*.

Os sucesos de 1972, iniciados cos asasinatos de Ferrol e culminados na Folga Xeral de Vigo, sinalan o punto máis alto da influencia do PCG na clase obreira e o inicio da perda da súa exclusividade nas fábricas. O PCG e as CCOO obreiras de Vigo escíndense no 72 e dan lugar á Organización Obreira (OO), que asumirá novas formas de loita con líderes como Ramón González Costas ou Hierro Chomón e intelectuais como Manuel Pousada. A OO non durará, mais a súa marca na Historia é indelével. Varios dos militantes da OO serán captados por Pío Moa para un grupo español chamado Organización Marxista-Leninista de España (logo PCE-r) e outros inclinaranse pola esquerda nacionalista liderada pola UPG.

Fanse presentes na *Ofensiva Múltiple* as asociacións de cristiás progresistas, e concretamente a Unión Sindical Obreira (USO) que terminaría por nacionalizarse e confluír co sindicalismo de dirección galega na CSG. Sindicalismo galego que, cara o fin do período, vai fundando xermes sindicais de fábrica, bisbarra ou ramo, cada un co seu periódico (*Adiante*, *Obradoiro*, *Galego!*, *O Pistón*, etc.), que, xunto coa Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG), darán lugar ao Sindicato Obreiro Galego (SOG) e logo, con outros sindicatos ilegais, á central ING que se encontra nas orixes das actuais CUT e CIG.

Por outra banda, a Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG, 1974) coordinará a UPG, SOG, Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA, 1973) e outras organizacións nacionalistas e persoas independentes do mundo obreiro, intelectual, labrego, co cal a multiplicidade da Resistencia resulta evidente e aumenta o peso do nacionalismo de esquerda.

Ao mesmo tempo, no campo antifranquista xorden grupos e partidos dependentes de direccións españolas, algúns dos cales se farán eiquí autónomos. O Frente de Liberación Popular (FLP) parece estar moi activo na loita estudiantil, a través de ADEG, e nalgunhas fábricas como Citroën, coa súa publicación *Galicia Socialista*. Unha parte do FLP (San Severiano, Camilo Nogueira...) e da súa área de influencia entrará formalmente na UPG en 1972. Faise moi visíbel o Movemento Comunista (logo MCG). Especialmente combativa foi, nun intre, a Liga Comunista Revolucionaria (LCR), de carácter trostkista. Grupos anarquistas tamén se constitúen. A converxencia antifascista dita Liga Democrática de Vigo, promoveu nos anos sesenta importantes iniciativas políticas. Formacións comunistas españolas que se declaran á esquerda do carrillismo -PT, PCE(i), naturalmente PCE (m-l)- amosan implantación no País. A Unión Militar Democrática (UMD) terá en Xosé Fortes (daquela, capitán) a súa grande figura galega. Non se observa presenza do PSOE, aínda que si do Partido Socialista en el Interior (PSI), co seu Frente Socialista Universitario (FSU). Seguramente no *Fondo dos Espellos* ficarían sen ser nomeados (non intencionadamente) outros grupos e partidos resistentes do franquismo. Pido perdón polas posíbeis ausencias.

Cara o fin da vida de Franco, as formacións clandestinas agrupáronse en dúas plataformas, como dicíamos ao principio. Por unha banda apareceu a Táboa Democrática, expresión galega da española Plataforma de Convergencia, co PCG, o PSI, o inexistente (en Galicia) PSOE, o nacionalista Paz Andrade, e o tamén nacionalista Movemento Socialista Galego (MSG). Pola outra, conformouse o Consello de Forzas Políticas Galegas, autodeterminista e rupturista, no que participaron UPG, AN-PG, Partido Galego Social-Demócrata (PGSD), Movemento Carlista, MCG e PSG.

Castrelo de Miño na historia (25.09.2010)

O conflito ocasionado polas expropiacións de terreos agrícolas do val do Miño co fin de construír o encoro de Castrelo foi complexo e non sería bon que se reconstruíse a súa memoria sobre o protagonismo que naquel proceso de resistencia puideron ter a UPG ou o PCE. En todo caso, o enfoque ideolóxico de ambas organizacións foi diferente. No caso da primeira usáronse na argumentación os conceptos de colonialismo interior e capital monopolista de Estado. No da segunda, a propaganda axustouse á liña marcada para o agro galego por Santiago Álvarez e que se reflectira moi ben no documento dos intelectuais elevado ao ministro de Agricultura en 1964.

Non convén esquecer o feito de que o PSG produciu daquela un espléndido folleto sobre os acontecementos no que se advirte a man de X.M. Beiras.

316 No conflito de Castrelo de Miño houbo participación, no plano da legalidade, de importantes sectores sociais do conxunto de Galicia, o que se advirte na consulta hemerográfica. Varios avogados (Nemesio Barxa, Amadeo Varela e outros) manifestáronse, amparados polo seu colexio profesional. Tamén deron testemuña do punto de vista crítico algúns cregos dos entón chamados progresistas. A Hermandad de Labradores e a Cámara Agraria foron lugar de asembleas e debates. Nun deles o humorista e funcionario do Réxime Manuel Romero Rumbao deu lectura ao manifesto clandestino da UPG, o cal foi aclamado por uns asistentes que excluíron da súa adhesión as proposicións antifranquistas do documento. O que nos leva ao feito de que algúns labregos de pasado falanxista concurrían aos actos protexidos coa camisa azul. A *Revista de Economía de Galicia*, ocupouse criticamente das expropiacións no Miño.

No plano da loita ilegal, alén dos panfletos, fixéronse pintadas e manifestacións de diferente tipo. Constituíronse focos de resistencia nos que participaron, alén dos labregos, mestres procedentes das antigas Mocidades Galeguistas e da ATEO (*Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense*). Non foi alleo a todo isto Eulogio Gómez Franqueira, o controvertido ideólogo e impulsor do cooperativismo agrario na provincia de Ourense. Os Tercios de Asalto (así se chamaron a eles mesmos algúns activistas labregos) exerceron a violencia de baixa intensidade polo que resultaron presos, xulgados e condenados.

O conflito rematou ao ser elevado, mediante un convenio que rachou a unidade dos labregos, o prezo das terras, que foron finalmente vendidas. Lois Soto, home político de sensibilidade fortemente unitaria, foi o principal artífice da homenaxe nacional que se tributou a Celso Emilio Ferreiro, fundador coma el da UPG, en ocasión da inminente partida á emigración venezolana. O acontecemento do poeta cobrou a forma dun xantar político nos salóns do vello Hotel Roma de Ourense o 15-5-1965. Este cronista está agora a extraer do máis *Fondo dos seus Espellos* as intervencións memorábeis de Otero Pedrayo, do mesmo Soto, de Alonso Montero, de Amadeo Varela, de José María Castroviejo, de Arturo Reguera (en representación do estudantado compostelán). Cando Soto lle concedeu a palabra e Emilio Álvarez Blázquez, este pronunciou o nome de Alexandro Bóveda. Unha batería estrepitosa de aplausos interrompeu o orador, cuxo rostro amosou entón signos evidentes de conmoción interna. A mención de Bóveda por parte de Emilio colocou o acto no seu grao máis alto de tensión política. En canto a Celso Emilio, estivo á altura das circunstancias: humilde, firme, nítido na súa opción nacionalista de esquerda.

Todos os oradores da homenaxe a Celso Emilio Ferreiro proclamaron o seu patriotismo galego, a súa convicción democrática e o seu apoio aos agricultores do val

do Miño, que estaban moi ben representados no acontecemento. Os asistentes interromperon aclamando as máis incisivas das frases, participaron con ardor. A homenaxe a Celso Emilio Ferreiro constituíu o primeiro acto público da resistencia anti-franquista de noso. A prensa fíxose cumprido eco. A resultas del, Lois Soto, cidadán mexicano, foi detido pola BPS e conducido a presenza de José Ramón Piñeiro, xefe «rexional». Piñeiro fíxoo responsábel de todos os panfletos e pasquíns da UPG e expulsouno de territorio español despois dun interrogatorio. Esta sucinta evocación, así como as notas que foron emerxendo do *Fondo dos Espellos* sobre a Resistencia política ao franquismo son produto, principalmente, da memoria individual do autor que, igual que todas as memorias, é imprecisa e, con frecuencia, infiel. Cómpre que os historiadores traballen sobre os acontecementos da Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro e do asolagamento do val do Miño polo encoro de Castrelo. Que os esmigallen e os interpreten conforme é debido.

Ao noso xuízo, como temos dito en numerosas ocasións, o movemento de Castrelo, os sucesos da universidade no 68, e o conflito obreiro do 72 en Vigo e en Ferrol mudaron a conciencia política e social dos galegos do século XX.

Da rebelión galega: 1972 (02.10.2010)

Hai 38 anos eu estiven tamén en manifestacións obreiras que non deixaban rastro nos media: velaí «la fuerza del sino» ou «la forza del destino» que me determinou a min. Do que ocorreu na Galicia obreira de 1972 estamos a tratar agora de cousas omitidas pola Historia e pola crónica contemporánea. A *Biblia* canónica chámalle Paralipomenos a este xénero. Fagamos, pois, memoria histórica, e, se posíbel, impersonal.

O 10 de marzo de 1972, e a consecuencia do cerramento patronal, os operarios da Bazán (Ferrol) congréganse en manifestación. Marchan pola Ponte das Pías en desfile masivo: a clase en estado puro. Crúzaselles a Policía Armada (e ben armada). O oficial ao mando compre instrucións dimanantes do gobernador civil, do ministerio, do goberno de Franco: abrir fogo. Un cento de fusís de asalto ladran. Disparan contra os traballadores. Caen mortos instantáneos Daniel Niebla García e Amador Rei Rodríguez. Son feridos Xulio Aneiros, Claudio Freire, Santiago Arrojo, Cipriano López, Eladio Toloi, Xosé Rei, Xosé A. Lamas, Marcelino Pinos, Xosé C. Díez, Antón Fernández, Xosé Suárez Pita, Antón Pérez Fraga, Xosé M. Pérez, Abelardo Teixeira, Paulino Pereira, Xosé Serantes, Manoel Seoane, Ánxel do Río Vázquez, Xosé Piñeiro, Eduardo Feal, Xoán López Castro, Arturo Núñez. E outros cuxo nome ignoramos, aos que hai que sumar os feridos nas cargas do día anterior: Gabriel Dobarro, Xulio Montero, Xosé Pita, Xaime L. Pérez, Ramón Vigo (digamos que etc.).

Eludo sacar elementos do *Fondo dos meus particulares Espellos*. Pero non podo evitar a lembranza da chamada telefónica de Xohana Torres, residente en Vigo e ferrolá sempre aquel 10 de marzo. «Algo terríbel debe de ocorrer en Ferrol; están cortadas as comunicacións e a cidade parece tomada», dime. Si, Ferrol, un intre, foi tomada polos obreiros, despois do ametrallamento das Pías. As fábricas e os talleres botaron os fechos. De inmediato, as forzas franquistas impuxeron un estado de excepción local. O exército fíxose visíbel coas armas prontas. Un barco de guerra apuntou cos seus canóns a cidade. Os helicópteros sobrevoaron ameazadores. Multiplicáronse as detencións en Ferrol.

Con celeridade, a UPG e o PCE (xa PCG) activaron as súas forzas, e estas mutiplícanse de xeito prodixioso. O Eixo Vigo-Ferrol funcionou á perfección. Unha manifestación de solidariedade foi convocada na Porta do Sol (Vigo) para o día 14. A ela acudiron unhas dúas mil persoas. A Policía Armada non conseguiu disolvela: despois de cada carga, reconstruíase a protesta viguesa unha e outra volta; e isto durante horas ao berro de «asesinos» e de «estamos con Ferrol».

En todo o territorio de Galicia houbo demostracións polas mortes das Pías. Ferrol e Vigo estiveron na vangarda, mais tamén se mobilizaron a Universidade, a totalidade das cidades e moitas das vilas do País. Houbo pintadas, octavillas, libelos, manifestacións, con ou sen rachamentos de vidros de bancos e centros oficiais. Esta protesta tivo o carácter nacional que pretendía a UPG. Cortes de tráfico no Padornelo e no Cebreiro significaron, intencionalmente, o espírito da contestación. O PCG non suscitou a solidariedade da España pretensamente máis avanzada ca Galicia no que ao movemento obreiro se refire. Nin Asturias, nin Navarra, nin Cataluña, nin Madrid se sumaron ao berro unánime dos galegos antifascistas. De Portugal non chegou, por cima do Miño, nin unha bris de alento irmán (esta vez, digo).

O movemento de resposta aos asasinatos de Ferrol cobrou forma nacional. E a represión foi feroz. Consulten, se poden, n'A *Trabe de Ouro* o panfleto titulado *Un mes de represión*, da UPG. Nel verán os castigos recibidos por innumerábeis galegos e galegas en marzo de 1972. Os poetas da esquerda nacionalista (Manuel María, Novoneira) proferiron textos de urxencia no meo do estrépito combatente. No marzo (e despois) represivo producíronse innumerábeis detencións e inflixíronse maus tratos nos calabouzos e dependencias da BPS. Houbo torturas e o Juzgado de Orden Público, dirixido por Mariscal de Gante, traballou sen descanso, coa servil colaboración dos xuíces ordinarios de Galicia, dándolle forma a sumarios que pasaban sen descanso ao Tribunal de Orden Público. O Reitorado da Universidade de Compostela non cesaba de fabricar expedientes sancionadores a alumnos. As multas gubernativas choveron sobre un mundo de boa xente. Os militares, asustados desde o 25 de xullo do 1968, procesaron e constituíron consellos de guerra para xulgar obreiros e populares disidentes e opositores ao franquismo. Os acontecementos deflagrados o 19 de marzo de 1972, e que se foron sucedendo até finais do mes de setembro, resultaron

decisivos para a conformación da actual mentalidade do nacionalismo e da esquerda de Galicia. Hoxe, debido a 1972, as maiores organizacións do nacionalismo galego son a CIG coa CUT, e non existe eiquí, nada semellante a unha patronal galeguista. En 1972 o noso idioma converteuse no oficial da clase obreira, e para sempre. Alguén concibe eiquí e agora unha CEG de expresión galega? Coido que só nas ringleiras do BNG poida haber persoas que se conforten con tal fantasía.

1972: Estoupido e represión en Vigo (09.10.2010)

Despois da reposta solidaria aos asasinatos de Ferrol ocorridos a 10 de Marzo, será na factoría de Barreras, Vigo, onde salte a *iskra* ou faísca que provocará un incendio sociopolítico sen precedentes no territorio dominado polo franquismo.

Tal incendio deflagrouse precisamente en maio daquel 1972, en ocasión do convenio colectivo do asteleiro vigués. Os traballadores de Barreras conseguiron que a folga prendese noutras factorías da cidade. CCOO e PCG coñecen daquela unha escisión pola esquerda e unha brillante organización aparece en escena, con líderes entre os que se encontran os Collazo, Ramón González Costas ou Hierro Chomón. Organización Obreira (OO) será o nome da nova formación. Nas fábricas, e sen intermediación sindical, faise visíbel a UPG. O mesmo Xosé Ramón Reboiras encóntrase naquel intre traballando en Barreras. No conflito, o PCG e CCOO difunden unha liña máis sindical que política, co horizonte da democracia tal como eles a entendían e coa mención da condición nacional de Galicia expresa. Iso pode comprobarse coa lectura dos seus órganos *A Voz do Pobo* ou *Vigo Obreiro*. As octavillas e pintadas da UPG, con *Terra e Tempo* a circular amplamente, converxen plenamente cos obxectivos da OO. Póñense en práctica métodos inéditos de loita, como as asembleas multitudinarias nos montes da Alba, da Madroa e outros dos que cinguen Vigo. Córtese árbores que, cruzadas nas estradas, son incendiadas con gasolina. Fanse estoupar vehículos da policía. Ao mesmo tempo, négóciase o convenio de Barreras e a empresa cede unha parte importante da táboa reivindicativa defendida polos obreiros. Os sindicalistas do PCG en Barreras (Xaniño, Belarmino, Leirós) quedaron, igual ca todos, satisfeitos.

Con posterioridade á victoria de Barreras, e tamén en Vigo, a faísca vai saltar de novo, agora na fábrica de Citroën, e terá como protagonista inicial e individual a Isidro Gómez Montes (PCG, CCOO), quen racha en público o seu carnet do sindicato verticalista oficial. Na Citroën de 1972 tamén se discute a hexemonía do PCG, pois á altura existe xa organización da UPG alí ao se integrar no nacionalismo de inspiración marxista «Galicia Socialista», con Lores, Lima, Camilo Nogueira e outros valiosos cadros. O incendio solidario propágase para evitar a represión en forma de despedidos en Citroën. Todos os centros de traballo de Vigo e da súa bisbarra (incluído algún

do Morrazo) póñense en folga, e esta amosa máis e máis unha faciana política que vai alén do tipo de «Huelga Pacífica» ou «Política» que daquela propugnaba Carrillo. Móvense piquetes formados por centos de persoas. Multiplicáanse manifestacións simultáneas integradas por moitos individuos que saltan no centro da cidade e en barrios. A prensa clandestina traballa a toda máquina. Cando cae a noite, as rúas de Vigo aparecen desertas. A patronal, desconcertada, fai reunións secretas nos seus chalés e residencias do extrarradio. Unidades especiais de Policía Armada e elementos da BPS vindos de fóra reforzan os efectivos ordinarios. Unha victoria sindical, en termos contábeis, non se produce en Citroën, pero si se producirá unha toma colectiva de conciencia antifascista, nacional e obreira, que marcará de xeito indelével a Historia contemporánea de Galicia. O principal acontecemento da segunda onda de 1972 ocorreu no mes de setembro e tivo como escenario Vigo e o seu *hinterland*.

Daquela, e a partir de tal setembro, a represión encarnizouse e procurou a venganza. Houbo detencións en masa, e moi alto número de procesamentos no Juzgado de Orden Público. Sóbouse de maus tratos nas dependencias da BPS (mándaba daquela Waldo López Mazaira) na rúa de Luís Taboada. Cantidade non precisábel de persoas pasou á clandestinidade e ao exilio, especialmente a Francia. Os avogados demócratas e nacionalistas comportáronse de modo exemplar e valente auxiliando a todos os detidos e ás súas familias. A conmoción de 1972 en Vigo foi moi forte e desafiou, cara a cara, o poder franquista. A represión resultou desmesurada aínda se temos en conta a natureza do réxime vixente.

Tanto é así, que o mesmo goberno de Franco decidiu atenuar aparentemente a vaga represiva. Cursáronse en Madrid ordes a xustiza de excepción (JOP, TOP, militares) e ordinarias, e á BPS e Garda Civil. Nelas exhortábase solertemente ao amolecemento das medidas represivas. Nomeouse en Madrid un chamado «Hombre Bueno» semi-oficial que se apousentou en Vigo para promover a distensión como portavoz non declarado do goberno franquista. Este «Hombre Bueno» compareceu perante a opinión pública a través dos medios, os que se fixeron eco de tan atípica e extraña figura, como todos os lectores poden ver nas hemerotecas. A operación «Hombre Bueno» era pura propaganda dirixida a Europa e ao mundo para lavar a cara do franquismo. Foi ben pouco o que tal man apaciguadora fixo na práctica. Houbo, si, algúns sobreseimentos de casos, mais os procedementos incoados foran desde o principio abertamente arbitrarios e persecutores. Houbo interrupción de este ou aquel requisitorio de «busca y captura»: a vesania e inquina da BPS que ordenara tal era universalmente recoñecida na Galicia da época. Mantívose, co «Hombre Bueno», a tensión represiva, falando en termos xerais. Con todo, as organizacións antifeixistas non esmaieron e foron capaces de continuar activas despois do intento franquista de lles cortar a cabeza en Galicia. Posada Cucho, coido que eran os apelidos daquel esperpéntico «Hombre Bueno».

Resistencia xocosa (16.10.2010)

Celso Emilio Ferreiro puxo en circulación un duro soneto quevedesco contra «el cabrón del Pardo» (...»cabrón por los costados y entresijos,/ cabrón por la mujer y por los hijos; /cabrón de la cabrona clerecía...). E noutros poemas, coma o que apareceu nos *Canti della nuova Resistenza spagnola*, que fixo montar en cólera a Fraga Iribarne: «Santo Cristo de Fisterra, /Santo da barba dourada,/ axúdanos a pasare,/ A negra noite de España». Aquelas eran formas de resistir con humor a un réxime que carecía completamente del. 321

No folklore infantil, inclusivamente, tivo moita popularidade unha composición disparatada contra Franco que se cantaba coa música da Marcha Real ou Himno Nacional. Comezaba así: «Franco, Franco que cara más simpática que tiene usté/ parece un requeté...» Logo viñan insultos brutais ao Caudillo que rimaba coa palabra *animal* principalmente. Mesmo os máis pequenos adoitaban cantar así: «Franco, Franco, que tiene el culo blanco»: veleiqué o anti-franquismo naquel folklore pueril cuxa orixe sempre me resultou misteriosa. Non nenos, senón adultos esfameados rosmaban no tempo do racionamento: «Menos Franco e máis pan branco».

Os chistes con Franco de protagonista tiveron moito éxito. E os de Franco con Martín Artajo («Franco ar Tajo»); Franco nunha exposición de pintura abstracta («que carajo es esto»...); Franco cos seus amigos estranxeiros: Feisal, Trujillo, Salazar, Evita (entre nós «a Perona»). É fama que os chistes de Franco se inventaban colectivamente na tertulia do vermú que tiña lugar en Chicote e á que asistían os humoristas de *La Codorniz*. Logo, velozmente, de boca en boca, os chistes viaxaban a todos os puntos da xeografía española. Con eles ían chistes de Cristo e do xénero blasfematorio, pois aquilo era o nacionalcatolicismo e había que o pór en ridículo. O mesmo bulo que situaba en *La Codorniz* a autoría grupal dos chistes de Franco apuntaba a Conchita Montes, a simpatiquísima compañeira de Edgar Neville, como autora das máis duras ocorrencias irreverentes e irrelixiosas.

O que nos leva ás clases de relixión, naturalmente obrigatorias, na Universidade Compostelá dos anos cincuenta. Os cóngos Pascua e Villasante foron encargados polo Cardeal para impartiren esta docencia. Os alumnos, que viñan de estudar relixión durante todo o bacharelato, rebelábanse como podían. De Pascua, profesor en Medicina, bulrábanse abertamente porque o home era de poucas luces. Con Villasante (Dereito e Filosofía) tíñase máis coidado pois as réplicas do crego podían ser duras e mesmo aceiradas. A Pascua disque lle meteron unha burra na clase e a Villasante apagábanlle os estudantes a luz da aula para lle lanzar insultos, que el devolvía rudo e sereno. De Villasante dicíase que andaba armado e que era fascista puro. Coma o Cardeal Quiroga Palacios era un personaxe moi relevante en Compostela, o estudantado cebábase nel emparellándoo no discuso esperpéntico coa muller de Franco. Outras veces apa-

recía o Cardeal («su Eminencia») relacionado comicamente co alcalde Otero Aenlle («su Menudencia»). Un era grande (e parecía o máis na súa púrpura) e, o outro, minúsculo por moito que quixese desimular con zapatos «elevex» e chistera de reflexos. Nas pantomimas, na Picota, na Santa Compañía que tiñan lugar, promovidas polo SEU, nas festas de San Tomé de Aquino, as diatribas humorísticas contra o Cardeal non acostumaban faltar. Había alumnos que imitaban de forma hilarante as falas melífluas do prelado. Quen mellor imitou a Quiroga Palacios foi sen dúbida Diego Bernal, que logo sería respectado xornalista da axencia Efe. É ben curioso o feito de que, hoxe, aquel Quiroga Palacios que representaba para nós a imaxe mesma do nacional-catolicismo franquista, estea a ser reivindicado en círculos nacionalistas coma un home de igrexa aberto ás novas correntes que simbolizou no mundo romano Xohán Paulos II.

En España, e en Galicia de forma diferente, houbo modos xocosos de resistencia ao réxime de Franco que, non por selo así, deixaban de resultar efectivos.

ENGÁDEGAS. LA CODORNIZ. «Reina un fresco general procedente del Noroeste que amenaza con no dejarnos de momento...» Este parte metereolóxico en clave anti-franquista coído que nunca saio á luz en *La Codorniz*, revista que promovía bulos ou boatos moi exitosos. O que non quer decer que tales invencións non se divulgaran na España do franquismo.

A PERONA. A muller de Perón foi considerada polas masas democráticas unha inimiga, e o pobo se referiu a ela como «A Perona» cando fixo unha viaxe de amizade franquista na que visitou Galicia por razón de propaganda dirixida á nosa colonia argentina. O Réxime español regaloulle a Eva un traxe de galega que eu vin exposto na rúa do Paseo de Ourense. Algúns amigos máis vellos ca min foron detidos na mesma rúa por lle chamar «Perona» á muller, e castigados humorística e humillantemente na BPS de Ourense a recitar sen termo fixo a letanía seguinte: «Me refiriré a esta Señora siempre como Doña María Eva Duarte de Perón». Sei, si, que unha chea de mariñeiros galegos aplaudiron a Perona no Berbés de Vigo, conducidos por líderes falanxistas. Evita comparou os asistentes «con mis queridos descamisados». Houbo cea de gala no Náutico.

«Homenaxe á bandeira do pobo» (23.10.2010)

Recibimos nesta sección un bon número de cartas de persoas interesadas na historia da Resistencia galega ao fascismo. Varias delas reférense á presenza dos galegos na zona republicana, ou leal, durante a guerra civil. Sobre eses aspectos da nosa Historia contemporánea vou darlles hoxe unhas notas superficiais, en forma de miscelánea, nas que toco temas suscitados polos meus correspondentes.

1. OS GALEGOS E A MARIÑA DE GUERRA. Foi moi importante a participación dos mariñeiros, clases, suboficiais e oficiais do corpo de máquinas na represión da oficialidade franquista a bordo dos buques da Armada. Tamén en buques varados para reparación, intentaron, sobre todo en Ferrol, os mariñeiros galegos pronunciarse a favor da república, noutros barcos, operativos, triunfaron as tripulacións republicanas. Esta xesta foi contada maxistralmente polo novelista de Ponteareas Manuel Benavides (1895-1947) na súa novela-reportaxe *La escuadra la manda los cabos*.

2. AS UNIDADES MILITARES CON BANDEIRA GALEGA. Na zona republicana organizáronse, que nós saibamos, tres unidades de carácter nacional-popular galego: o Batallón Galicia (Asturias), o Batallón Celta (Exército de Euskadi) e o Batallón Galego (5º Rexemento). Foron mandados, respectivamente, polos comandantes Moreno Fernández e Esturao. O coronel, logo xeneral, Enrique Lister, galego de Calo-Teo, que mandaba o 5º Rexemento, estaba orgulloso da súa unidade e quixo que esta levase unha bandeira galega coa estrela vermella. Dinme que Ramón Esturao Ila entregou ao Museo Carlos Maside de Sada. A esta refírese Farruco Sesto Novás no seu poema «Homenaxe á bandeira do pobo».

3. GALEGOS NA RETAGARDA REPUBLICANA. O máis famoso de todos foi Castelao, que durante o conflito estivo aglutinando os galegos da zona republicana. Alí deseñou os seus álbumes de guerra. Con Lois Soto viaxou aos EE UU e a Cuba en misión de solidariedade. Con Dieste, Castelao produciu a revista *Nova Galiza*. Dieste, obrigado pola conciencia, marchou axiña ao fronte coma soldado. Lister ordenou facer a revista *Nueva Galicia*, na que estaban Santiago Álvarez Soto e na que colaboraba Ramón Cabanillas. O máis influente dos galegos da retagarda republicana foi o biólogo Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que gozaba da confianza do doutor Negrín e desempeñou o cargo de Comisario General de Guerra. Lois Soto fundou en Valencia a Solidaridade Galega Anti-feixista, que lle xestionaba a vida aos galegos en zona republicana. Dos galegos en Valencia trata Carballo Calero na súa novela *Scorpio*.

4. OS PASADOS. Como é ben sabido, as catro provincias galegas, a partir do pronunciamento do 20 de xullo de 1936, ficaron baixo control dos militares sublevados. A mocidade galega foi mobilizada e mandada aos frentes de combate. Infinidade de rapaces fixeron a guerra con Franco cando as súas ideas eran republicanas. Asegura Lois Soto que os galegos, cos canarios, foron os que en maior número se pasaron das fileiras fascistas ás republicanas. Para acoller estes pasados, entre outras cousas, fundouse Solidaridade Galega Antifeixista. Eu falei con algúns que se pasaron e todos coincidían no seu relato en que hai un intre, ao dar o salto dunha liña de fogo a outra, no que o medo é mortal. O meu amigo Piriano, de Vilanova dos Infantes, pasouse unha vez á República, caeu prisioneiro dos fascistas e voltou pasar á zona

leal. Nas unidades galegas non estaba a totalidade dos galegos combatentes: eles andaban por todas partes. Tamén non todos os soldados e oficiais galegos da República eran pasados. Grande número de mineiros galegos residentes en Asturias e mariñeiros en Euskadi foron combatentes. Os segadores rosalianos desprazados a certas partes de Castela, onde o alzamento os sorprendeu no seu labor estacional, tamén combateron pola República. A xesta da xuventude que se pasou do exército fascista ao republicano foi contada, de xeito autobiográfico e de modo diferente, por dous galegos. Ramón de Valenzuela, en *Non agardei por ninguén*, novela as súas vicisitudes até o intre no que se pasou á República sendo el membro das Mocidades Galeguistas. Elixio Rodríguez, oficial de aviación en 1936, narra en *Matádeo mañá* como colleu o seu avión en Sevilla e o levou a Gibraltar para se pór ao servizo da República. Logo, ambos pasados terían unha longa vida política; Valenzuela no partido comunista e Elixio sempre nacionalista.

De Bóveda a Reboiras (30.10.2010)

Tratamos eiquí durante semanas e semanas da Resistencia galega ao franquismo. Ela comezou o mesmo 20 de xullo de 1936, cando elementos leais á República nas cúpulas militares e dos partidos da Frente Popular resistiron á sublevación. Os fusilamentos dos xenerais Caridad Pita e Salcedo na Coruña, e de Bóveda e Zbarski en Pontevedra, danlle visibilidade ao acontecemento. Outros moitos morreron nas gavias e nos paredóns. Hoxe trabállase en recuperar, tardiamente, a súa memoria civil. Moita Galicia fuxiu aos montes e aos acubillos. Organizáronse guerrillas. Estas duraron. Configuráronse vultos permanentes que o pobo venerou: Foucellas, Gayoso. Durante a que Vicéns Vives chamou, con precisión, Guerra de Tres Anos, os galegos transterrados estiveron presentes na política e no exército republicanos: Osorio-Tafall, Castelao, Líster. Con eles, centos de galegos dos que nin coñecemos os nomes loitaron e morreron pola democracia nos frentes de guerra.

Durante corenta anos de franquismo, a Galicia exiliada, por veces en situacións terribéis como foi a da Francia ocupada a Francia de Pétain, conspirou incesante, tivo fe no triunfo da Liberdade e ficou desnortada pola traición das democracias burguesas. No interior, a Galicia na que as xentes contaban os días por noites (Castelao) nunca deixou de loitar contra a opresión. Sacamos a Resistencia galega do máis *Fondo* e doloroso *dos nosos Espellos* nestas semanas pasadas. Fixemos unha periodización desta Resistencia e dividímolos en tres etapas, ás que chamamos *Continuidade das armas (1936-1950)*, *A toupeira blindada (1950-1963)* e *Ofensiva múltiple (1963-1975)*.

Galicia rexeitou o franquismo sen ceder ao desánimo en ningún intre. Sucedéronse as xeracións de combatentes. Centos, milleiros de galegos e de galegas orga-

nizáronse e foron fortes e activos. Moitos caeron presos, torturados algúns. Unha cantidade indeterminada padeceu meses ou anos de prisión. O asasinato político, con o sen xuízo, foi parte inseparábel do réxime. Con tres anos de guerra e mortes innumerábeis na retagarda, iniciouse o réxime militar. Franco moribundo, a brutalidade extrema amosábase en Galicia co asasinato de Xosé Ramón Reboiras en Ferrol e cos fusilamentos dos galegos Sánchez-Bravo e Baena, xunto con resistentes doutras partes do territorio español. Franco entrou matando e morreu matando.

Van desaparecendo, por idade, os derradeiros combatentes republicanos da Guerra Civil e da guerrilla. Os exiliados de primeira hora tamén van desaparecendo. Viven moitos dos que foron exiliados, con todo, no franquismo medio e final. En toda Galicia alentan aínda ex presos políticos. Moitos antigos estudantes castigados pola súa actividade encóntranse en plenitude de facultades. Os labregos das campañas de «non pagar» e de Castrelo do Miño van desaparecendo por lei biolóxica, pro aínda aí os están algúns. Son milleiros os obreiros xubilados, ou en activo, que participaron nos movementos folguísticos do 72 e outros, e que por iso foron presos ou tiveron que fuxir á clandestinidade ou no estranxeiro. Estas persoas merecen respecto e homenaxe. Todos os supervivintes da Resistencia deberán ser honrados, debidamente e en vida. Se fosen franceses, eles verían os seus nomes en placas e monumentos públicos. Entre nós, están esquencidos.

Existe a crenza, moi difundida, de que o franquismo foi suavizando os seus modos cara o final da vida do ditador. Non é certo: alén da represión extrema que comentamos, proliferaron as multas, os expedientes aos funcionarios, os despidos por razón políticas. Sempre cadea. Os represaliados que hoxe viven son discretos, humildes. Aceptan que a sociedade os manteña invisíbeis. É lóxico, estamos na hora na que a memoria histórica focaliza a inmensidade cruel da represión inicial de 1936. É hora de procurar os restos dos fusilados e enterrados nas gaviás, certo. Pero penso que algún día, antes de eles morreren, haberá que resgatar das fosas comúns do esquencemento os que combateron o franquismo e sufriron persecución de calquera tipo. Falo de todos os resistentes galegos que median entre as mortes de Alexandro Bóveda e Xosé Ramón Reboiras Noia. E despois.

O autor sabe que esta serie sobre a nosa Resistencia ao franquismo ten, por forza, que conter erros ou inexactitudes, froito da febleza da memoria humana. Procurei certamente a verdade e a obxectividade, aínda que me permitín ser libre na análise interpretativa. Moveume o desexo de animar os historiadores a que emprendan o labor de construír a Historia da Resistencia galega ao réxime de Franco.

Ourense en prosa (1) (06.11.2010)

326

A cidade dos meus días infantés, Ourense, celebrou estes días o nonaxésimo aniversario da aparición alí do boletín *Nós*, que mudou moitas cousas na cultura galega. Houbo xornadas de debate e memoria, e eu aproveitei para remexer no *Fondo dos Espellos* e facer saír deles a revista *La Centuria* (1917-1918). Apareceu esta porque foi antepasada inmediata de *Nós*.

Era eu neno e subía desde a de Reza á Rúa da Paz para recibir ensino de Mercedes de Gracia («A Profe»). Naqueles invernos dos corenta, a cidade permanecía o día enteiro so unha campá de néboa. Circulaban, prodigando o claxon, coches cos faros acesos. Aquilo era un Brigadoon (sen Dany Kay) ou unha sorte de Castroforte del Baralla: Ourense fantástico no que os perfís se esborrallaban, a dous pasos. Na miña ascensión diaria á rúa de San Miguel arriba, deixaba á esquerda a máis fermosa das fondas de Ourense, a do Mares. Eludía eu a porta deste establecemento porque, a aquela hora da mañá, cheiraba á lexía con que se fregaban as mesas de madeira até deixalas brancas, incluídos os laños finos. Achegábame á fileira de casas do fronte. No baixo dunha delas, campaba un vello rótulo de porcelana metálica, en branco e azul cobalto. IMPRENTA OTERO rezaba o letreiro. Pasaba diante da porta, que era pequecha e deixaba adivinar un local escuro e fondo. Ouvíase, do interior, o troqueleo das minervas. Tiraba eu o nariz para fóra da bufanda coa que a miña nai me embuzara. E ás nefras me viña, nunha onda inconfundíbel de quentura case líquida, o arrecendo das tintas de imprenta. Nunca no resto da miña vida me abandonou o cheiro da imprenta Otero de Ourense, que recoñecín mil veces ao entrar noutras oficinas gráficas, incluso nas máis avanzadas da actualidade.

Na Imprenta de A. Otero, San Miguel 15, viu a luz a maior parte dos libros e algúns xornais do Ourense do século XIX. Como se se despedise dun tempo pasado cunha certa concesión á nostalxia, a revista *La Centuria* quixo imprimirse naquel obradoiro aínda que novas empresas de artes gráficas, como La Industrial que se instalara onda a barroca da cadea, ou La Región, estaban a ofrecer servizos á altura das máis novas técnicas e sistemas. *La Centuria*, en 1917, preferiu a de Otero inicialmente.

La Centuria foi principalmente unha emanación de Vicente Risco en estado radical-evanescente: o *clerc* banal que apreixaba, en plan Gigalmés, cunha man o futurismo e coa outra a borralla orientalista dos Sar Paladan, Krishnamurti, Gurdjieff, Roso de Luna. A el uníase un cenáculo de espíritos selectos que Ourense xeneraba, doutores Albeiros que moitas voltas daban arredor deles mesmos. Uns eran ágrafos e portentosamente ben informados, coma é o caso misterioso de Carlos Fernández-Cid. Outros, equilibrábanse en funambulismo imposible, coma Primitivo R. Sanjurjo que acreditou con fe na astroloxía e na dimensión mística astral. En *La Centuria* andaban, por parte, outros que logo, e moi logo, habían tomar posición e partido até manchar-

se na realidade da empresa nacional galega: Otero Pedrayo, Arturo Noguerol Buxán, Florentino Cuevillas.

Tiña algo *La Centuria* de revista de colexio na que unha fraternidade ou clube adolescente dá vía libre aos primeiros ensaios de pensamento e aos primeiros discursos poéticos. Ser, *La Centuria* foi unha esfínxe, un monstro voraz composto de seres varios. Por unha banda, *La Centuria* era unha revista de vangarda, á altura das que contemporaneamente se constituían de París a Petrogrado e Roma. «Orense dista seiscientos quilómetros de Madrid y acaso menos de Nueva York. En todo caso, *La Centuria* viene a acortar esta última distancia». Espléndido desafío e primeiro manifesto da vangarda artística galega. Pero tamén, e aí radica a monstruosidade, en *La Centuria* está o decadentismo finisecular, o esteticismo pasadista que xa afora exterminado por aquela mesma vangarda europea. Umberto Eco, en *Il pendolo di Foucauld*, escribiu unha sátira voluminosa contra o ocultismo de Risco e de *La Centuria* entre outros mil. O manifesto de Risco que leva o título de «Preludio a toda estética futura» aparece citado, case literalmente, na novela de Eco.

Pro, da Coruña a Ourense, veu rolando un aturuxo e un chamamento: nacionalismo. Quen o proferiu (1916) foi Antón Vilar Ponte. Aquilo que sempre Del Riego chamou «cenáculo ourensán», enmudeceu de inicio. Logo, escindiuse. Unha parte minoritaria do grupo (Fernández-Cid, Primitivo R. Sanjurjo) non abrazou o nacionalismo. O núcleo duro si que o fixo: Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Noguerol Buxán; e entrou nas Irmandades da Fala. Con eles ingresaron na causa, en Ourense, os médicos Trasancos e Peña Rei. Tamén H. Leuter González Salgado, Vázquez Monxardín e outros que haberían de configurar un novo grupo literario, agora intensamente nacionalista e de expresión galega, chamado Sociedade Nazionalista Nós, nome no que se traducía o do Sinn Féin irlandés que os entusiasmaba a todos. Parece que Antón Losada Diéguez foi co-indutor da toma de conciencia nacionalista operada en Ourense.

Estamos pois, en Ourense, mes de Santos (que eles non chamaban Samain) de 1920. Nacía o boletín ou revista *Nós* que había de exercer unha poderosa influencia no País. De todo cal iremos tratando no *Fondo dos Espellos*.

Ourense en prosa (2) **(13.11.2010)**

Eles, os de *La Centuria*, foron (nados todos na década dos oitenta do século XIX) Vicente Risco (capitán da empresa), Arturo Noguerol, Otero Pedrayo, Primitivo R. Sanjurjo e outros que opinaban e non escribían, caso do famoso intelectual ágrafo Carlos Fernández-Cid.

Por aquel tempo, na Coruña, un brillante mozo da mesma xeración, Antón Vilar Ponte, movía cara o mundo galego unha proclama titulada, en plan consigna e chamamen-

to: *Nacionalismo* (1916). O grito de Vilar Ponte resoou en todo o País e deu lugar á fundación das Irmandades da Fala, que axiña se converteron nun partido que, alén de defender a recuperación total do idioma, se propuña metas políticas, económicas e sociais dirixidas a facer efectivo o dereito de autodeterminación de Galicia, entendida esta como nación. Os de *La Centuria* semella que, á voz de Vilar Ponte, saíron da nube rosada na que alentaban idealmente e degustaban un néctar no que o futurismo facía cohabitación coas vaguedades esotéricas. Decidiron intervir e ingresaron nas Irmandades os máis deles. Adoptaron o galego como lingua literaria e de relación social plena.

De inicio, cos estudos universitarios culminados, situáronse, por oposición, en postos modestos pro seguros da administración pública. En 1919 gardan un silencio, que a nós nos semella de introspección e de reflexión colectiva. Risco deixa de lado a súa frecuentación das cloacas intelectuais da Europa desnortada (Roso de Luna, Krishnamurti, o Sar Peladan) e bate coa realidade, que lle semella fastuosa, da cultura popular galega. Otero Pedrayo afeitado e mostacho positivista que ben lle medrara no Ateneo, nos billares Bruswick e nas farras de Villa Rosa, sempre no Madrid burgués con cheiro a veguero desde as tres da tarde, e disciplina o intelecto para producir a máis comprida obra literaria individual da historia de Galicia. Arturo Noguerol afonda nos coñecementos xurídicos, económicos e políticos para os pór ao servizo da causa nacional. Á marxe do cenáculo, tamén relacionado con Ourense, Antón Losada Diéguez, o señorito de Tizón, que viña de lugares tan distantes dos anteriores como eran os do catolicismo carlista, actúa como instigador da toma da conciencia patriótica do grupo.

Estamos en 1920, hai agora noventa anos. Alén de ingresaren nas Irmandades da Fala, estes espíritos selectos que, como Nietzsche e os románticos alemáns, detestaban o *filisteísmo* e a vulgaridade das masas, fundan unha organización de vangarda cultural, naturalmente en Ourense: a Sociedade Nazionalista Nós, que axiña sacará, nese mesmo ano, o número un do seu boletín. Outras personalidades intelectuais, desde A Coruña e Pontevedra, súmanse á empresa.

O adiantado Vilar Ponte e mailo malogrado máximo da nosa esquerda, ou sexa Xoán Vicente Viqueira, outros máis novos irán adheríndose co trascorrer do tempo. O nome *Nós* é unha tradución galega do gaélico Sinn Féin, co que eles sen seren socialista coma Connolly, se sentían identificados. Como vostedes saben, a tradución de Sinn Féin podería ser «nós sós» ou «nós mesmos». A independencia nacional de Irlanda, de Galicia. Despois de *Nós* houbo outras moitas publicacións de nome *Nós*.

O boletín *Nós*, de Ourense, converteuse no centro simbólico da cultura galega, mentres que a revista *A Nosa Terra* adoptaba a función de órgano político do nacionalismo. Anos máis tarde do seu nacemento, a editorial galega máis importante, e inseparábel do nacionalismo, chamouse tamén *Nós* por decisión do seu director e

propietario. Castelao producira, pola súa banda, o album *Nós*. E ben, o boletín *Nós* durou de 1920 a 1936, ano no que o franquismo aboliu a publicación e fusilou ó seu editor Ánxel Casal. Risco integrouse, mediante o nacionalcatolicismo, no réxime franquista. Castelao estivo en zona leal na Guerra Civil e logo no exilio. Ao ostracismo foi condenado Otero Pedrayo, desposuído da súa cadeira. Arturo Noguerol Buxán foi asasinado polos fascistas en Ferrol.

Durante os seus dezaseis anos de vida o boletín *Nós* constituíu un rego cuxa afluencia cultural modificou en Galicia as mentalidades. Intres estelares de *Nós* foron a publicación de páxinas do *Ulises* de Joyce en tradución de Otero Pedrayo ou número extraordinario dedicado a MacSwiney e a revolución irlandesa. Ou a difusión dun extracto do manifesto *Máis Alá* de Manuel Antonio. Foi tan forte o impacto producido pola revista *Nós* na súa época que a posterioridade chamou «Xeración Nós» á dos seus creadores e impulsores, nados todos eles entre 1880 e 1890. Moitos pensan que á «Xeración Nós» debémolles a fundación da prosa galega. En próximas entreugas veremos que isto non é certo.

Ourense en prosa (3) **(20.11.2010)**

A prosa galega contemporánea tivo, é certo, o seu lugar de nacemento principal na cidade de Ourense, pero moitos anos antes de que Otero, Risco ou Cuevillas se convertesen ao nacionalismo.

Sempre en Ourense, Valentín Lamas Carvajal impulsaba a prosa galega no periódico, monolingüe e de grande difusión, *O Tío Marcos da Portela. Parrafeos co pobo galego*, que se editou entre 1876 e 1889. Alén doutra obra en prosa, Lamas Carvajal deu a luz, tamén en Ourense, o libro máis reeditado e lido da historia da nosa literatura: *Catecismo da doutrina labrega* (1888-1889).

Heraclio Pérez Placer, un intelectual ourensán que floriu a finais do século XIX, alén de poeta e activo escritor de xornal, é autor de contos de cariz realista que algúns contemporáneos acharon excesivamente explícitos no tratamento dos asuntos eróticos. Coido que se trata dun excelente autor que participou de modo importante na construción colectiva da prosa galega contemporánea. Debeu de ser desa opinión Andrés Martínez Salazar, pois editou na súa Biblioteca Gallega o libro *Contos da Terriña* de Pérez Placer no ano 1895.

Máis novo ca Pérez Placer é Francisco Álvarez de Nóvoa, xornalista que, aínda sendo natural de Granada, residiu en Ourense. Álvarez de Nóvoa escribiu nesta cidade e deu á luz, en 1899, tamén por obra de Martínez Salazar, o volume de relatos titulado *Pé das Burgas*. Esta publicación constitúe un fito histórico-literario. Representa a introdución da sensibilidade idealista finisecular na prosa galega. Preferir, preferiríamos

que, por aqueles anos, Valle-Inclán puxese a prosa galega na hora de Europa. Pro, a falta de *Femeninas* en galego, ben está *Pé das Burgas*, libro que, dalgún xeito, se presenta coma unha anomalía.

- 330 A literatura galega, desde o *Coloquio* de Sarmiento, endereitaba a atención cara os máis pobres e castigados da sociedade. Outros autores amosáronse heroicos e vaticinantes, reivindicando o pasado céltico. O proto-nacionalismo expandíase prendendo, dun autor a outro, coma un regueiro de pólvora. Álvarez de Nóvoa amósase contra-corrente; ou sexa *À rebours*, tal e como titulou a un seu libro Huysmans. No prólogo-manifesto de *Pé das Burgas*, o brillante autor ourensán, sen fortuna mais con arrogancia de dandy displicente, agrade o rexionalismo, o proto-nacionalismo, o costumismo favorábel aos humildes da Terra ao tempo que proclama a necesidade de que a temática galega olle tamén para as clases distinguidas.

Con isto, Álvarez de Nóvoa contribúe, de forma decisiva, a actualizar a prosa galega e a dotala dunha posición reaccionaria e marxinal que se defronta á maioranza socializante, patriótica e, por veces, celtista. Veleiquí, pois, os indicios da literatura galega como sistema dentro do cal competen tendencias e manifestos irreconciliábeis. Álvarez de Nóvoa, que morreu en 1936, accede a colaborar co cenáculo de Risco en *La Centuria*, cuxo espírito lle resultaría próximo, mais non aparece en *Nós* para nada a súa asinatura. Todo suxire unha inimidade: *Nós* facíase cargo da tradición, dos Precursores a 1920, e ignorou, cun silencio de lazo, a renovación da prosa galega que é evidente en *Pé das Burgas*.

Si que colaborou en *Nós*, e como responsábel central da redacción, Xavier Prado «Lameiro». Este outro fillo da cidade de Ourense, alén de poeta, foi autor teatral moi celebrado e representado incluso nos nosos días. Recopiladas en libro nos anos vinte, as súas pezas en prosa representáronse unha e outra vez desde principios do século XX e, se cadra, desde finais do XIX. Autor realista e inxeñoso, de idioma vivaz e rico, Prado «Lameiro» debería ser revisitado pola máis nova crítica literaria. Aínda foi director dunha segundo época d'*O Tío Marcos da Portela* que, como a primeira, saía en Ourense.

Polo tanto, é verdade que Ourense foi, a partir da fundación do boletín *Nós*, en 1920, o centro do anovamento da prosa galega. Pero tamén o é que, no século XIX, a prosa galega tivo en Ourense o seu núcleo máis dinámico. Moitos anos despois, na segunda metade do XX, o Ourense ideal de Eduardo Blanco Amor, que el chamou Auria, seguiu xerando páxinas exemplares de prosa en galego.

Ourense en prosa (4) (27.11.2010)

Diciamos, esa semana atrás: en Ourense prodúcese, a partir da revista *Nós* nada en 1920, un anovamento da prosa galega, tamén florecente na cidade no século XIX.

331

Algún historiador da literatura, sorprendido ou pexado polo tópico da «inferioridade» da cultura galega, non soubo explicar ben a presenza de James Joyce no Ourense dos anos vinte. Joyce, o esteo básico da renovación da novela no mundo, foi coñecido antes en Ourense ca en España. É verdade que a primeira tradución ibérica de Kafka é a que se publica en castelán na *Revista de Occidente*; e ela é a da *Metamorfose*. Ben, pro as primeiras páxinas do *Ulysses* de James Joyce traducidas na Península fóronno en galego e na revista *Nós* en 1928. Ramón Otero Pedrayo era o tradutor.

Por non perxudicaren o tópico da Galicia «provinciana» e culturalmente «subalterna», algúns xustificaron a atención prestada a Joyce (ben temperá) por parte de Don Ramón pola afección deste, e de todo o grupo *Nós*, ao celtismo e ao atlantismo, na que se inclúen lecturas profundas do *Lebor Gabhala*, ou *Libro das Conquistas de Irlanda*. Na liña pondaliana e mesmo na de Brañas, e desde logo na de Cabanillas, os de *Nós* eran moi pro-irlandeses. A súa amizade sentimental con Joyce sería (pensan eses historiadores) política e nacionalista. Para nada percibiría un Otero Pedrayo, «conservador» e «decimonónico» segundo eles, a radical novidade da proposta do *Ulysses*. Se fose doutro xeito, Otero non sería Otero senón Manuel Antonio.

Certo que o nome de *Nós* procede, seguramente e por tradución, do Sinn Féin que en Ourense admiraban. Tanto, que compuxeron un número extraordinario de *Nós* en homenaxe a Terence MacSwynney e á revolución republicana e independentista de Irlanda. Mais a raíz do seu interese por Joyce non fincaba só no celtismo e no nacionalismo republicano. O partido de Risco e Otero Pedrayo en 1931 chamábase, a modo irlandés, Partido Nazionalista Republicán de Ourense, é verdade. Pero, por cima, Joyce cantáballes unha cántiga nova que non se chamaba Ribeira e na que prezaban outros valores acrecentados.

Se examinamos a prosa narrativa de Vicente Risco, acharemos as claves. Como vostedes saben, Risco é autor dun texto titulado *Dedalus en Compostela*. Nel vemos circular Stephen Dedalus, personaxe do *Ulysses* de Joyce, polas rúas da cidade galega, tan lonxe do seu roteiro dublinés. Isto revela que Risco leu, e gustou do *Ulysses*, e que mesmo decidiu facer ostentación do seu coñecemento de Joyce. Sen dúbida, fronte á España que ignoraba, con soberbia, todo (excepto Kafka, amosado por Ortega) o anovamento da narrativa ultrapirenaica, Vicente Risco exhibe, como capital simbólico dos escritores en lingua galega, a súa familiaridade con James Joyce. Aínda máis, na súa carnavalesca novela titulada *O porco de pé* a marca joyceana aparece con forza e o humor e a procura de expresións paródicas lévanos nesta obra máis

a Joyce ca a Valle-Inclán. N' *O porco de pé*, o Ourense implícito está moi próximo do Dublín explícito do *Ulysses*.

332 Risco e Otero Pedrayo non só simpatizan coa Irlanda republicana e revolucionaria a principios dos anos 20, e antes. Tamén sabían que Joyce representaba a revolución no campo literario mundial, ao que se está a referir Antón Figueroa non seu recentísimo libro *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Laivento). Otero Pedrayo e Risco, cada un ao seu xeito, conectan o campo literario galego, ao se servir de Joyce, coas correntes emerxentes da literatura universal sen necesidade de pasar por España. Como isto molesta as mentes submisas, elas reducen a aproximación joyceana dos autores de *Nós* a un celtismo idealista decimonónico. Pero non foi así. «Ourense dista seiscentos quilómetros de Madrid e por ventura menos de Nova York. En todo caso, *La Centuria*, vén a curtar esta última distancia». Así escribía Risco algo antes de ser noso e moito antes de deixar de ser noso. Non sei se os de *Nós* conseguiron acurtar a distancia entre Ourense e Nova York. En todo caso achegaron a súa cidade a Dublin (e ao Mundo) polo procedemento de abrir unha porta secreta na fonda do Mares, fronte á Imprenta de Otero, que conduce directamente á sala detrás do pub de Mulligan.

Ourense en prosa (5) **(04.12.2010)**

Viñan os *Nós* de familias ligadas ás profesións liberais e ás administracións públicas. Eran suxeitos urbanos, preponderantemente. Cursaran as carreiras maiores e coñecían as linguas clásicas e as europeas da cultura dominante. Algúns de *Nós*, alén de literatos, foron sabios en ciencias do home (xeografía, historia, prehistoria, etnografía) que deron aplicado ao coñecemento de Galicia. Un do grupo foi físico de avanzada que profesou na Sorbona, exiliado: Manuel Martínez-Risco, *Oeuvres scientifiques*, P.U.F., París, 1976.

A carón do eixo de *Nós* (Otero, Cuevillas, Risco, Lousada, Noguero) situábanse activos coadxuvantes que non se desempeñaron como escritores. Estes eran Leuter González Salgado ou Vázquez Monxardín. Hai un intre no que, en Ourense, se perde na corda frouxa do hourizonte, Carlos Fernández-Cid. Asentábanse en sitios preferentes do cenáculo dos médicos prestixiosos: Peña Rey e López Trasancos. Relacionado especialmente co segundo, facíase presente, naquel Ourense, Xacobo Arias, Marqués de Casa Pardiñas. Axustábanse ao tipo ou modelo do que Arturo Noguero definiu como o do «gentleman galeguista». Naceran todos entre 1880 e 1890. Coñeceráanse no exame de ingreso no Instituto do Posío ou Pousío.

Desde Ourense, os *Nós* proxectaban sobre toda Galicia as súas luces. Logo da insatisfactoria participación nas eleccións de 1918, aínda que adheridos ás Irmandades da Fala, os *Nós* desprazaron irmáns «apolíticos» que irían rematar no calvosotelismo,

tan potente en Ourense. Cidade esta que foi sede principal da ING (Irmandade Nacionalista Galega) que tiña a Risco empoleirado na cadeira de Conselleiro Supremo.

Os anovadores da prosa galega brillaban na sociedade ourensán. Era un círculo de amigos no que non había mulleres que non fosen esposas ou queridas tapadas (isto tal vez). Os *Nós* saían de noite a tomar café no Unión no que estaba a se iniciar laboralmente o xove Eduardo Blanco Amor de xínea proletaria, e alí atendían os *Nós* a Uxío (sic) Montes e aos chamados *novos*. No Royalty da Rúa do Paseo (cristalográfico e algo cubista) *Nós* tiña tertulia de despois de xantar, e foi nese café onde soou por primeira vez en Ourense o *swing* xenuíno por obra dunha non menos auténtica orquesta de pretos. Os *Nós* sabían que La Peña, na praza do Ferro, era o máis antigo café de Ourense pero non ían a el ao este se achar invadido polo estrépito das mesas de chamelo. O Roma resultáballes pomposo e decididamente filisteu.

Así foi no meu amado Ourense prenatal. O espazo privilexiado de *Nós* era o despacho de Risco, que coñecemos na Rúa de S. Domingos. Os *Nós* necesitaban unha área libre que os arredrase do Liceo, sociedade, nembargantes, respectada pola súa venerábel historia democrática. E fundaron, con elementos afíns da cidade, algo brillante chamado *Club*, tamén coñecido como Club de Tennis pois, alén do grande piso situado por riba do Royalty e no que se xogaba principalmente ao pocker, ao tresillo e ao ghilei, a sociedade dispuña de canchas deportivas nas aforas. O Xocas conta moi ben o seu encontró xuvenil con Cuevillas, precisamente no salón do Club. Hoxe Club Ramirás.

Pro os *Nós* non querían ser elitistas e xa fuxiran había tempo da torre de almasí. Procuraban o abeiro das sociedades agrarias, para levar a elas a mensaxe nacionalista. Grazas a mediación do socialista Manuel Suárez (fusilado) acodían sempre á Casa do Pobo recién estreada con símbolos proletarios labrados en pedra perante o Xardín do Pousío ou Posío. Foron memorábeis as conferencias aos obreiros de Martínez-Risco sobre Einstein e a relatividade e de Pedrayo sobre os Alpes, con tradución ao galego de versos conmoventes de Heller. Coa queda da Monarquía, os *Nós* deciden incorporarse abertamente á política real. Así levantan inmediatamente o Partido Nazonalista Republicano de Ourense, que conseguiu para Otero Pedrayo unha acta de deputado nas Cortes Constituíntes da República. Como era lóxico, o núcleo identitario de *Nós* en Ourense disolveu o PNRO no seo do recién creado Partido Galeguista, en 1931. Houbo disidencias: Manuel Martínez-Risco (coma Vilar Ponte e Roberto Blanco Torres fóra de Ourense) seguiu a Casares Quiroga até Izquierda Republicana. Pro unha ferida sanguiñenta mancoulle aos ourensans de *Nós* en Ourense o corazón cando Vicente Risco provocou a escisión chamada Dereita Galeguista. Daquela xa era 1936 e estaba nas portas o desastre e a ignominia.

Ourense en prosa (6) (11.12.2010)

334

Coa vitoria das dereitas en 1933, o cenáculo ourensao ficou aflicto. O amargor dos nacionalistas de Nós uníase á frustración dos republicanos na reborica de Fábrega. Na Casa do Pobo os socialistas andaban atristurados. Otero Pedrayo sentiu na alma que Gil Robles mandase a Castelao e a Bóveda ao desterro. En Ourense, o lerrouxismo e o cedismo clerical reeditaban a rede caciquil na provincia e exultaban nas peñas do Roma. No mesmo café, ao fondo e á dereita, o velador no que facía tertulia con Fernando Meleiro a Falange atraguía a atención do pretoriado carca. O señor Bispo manifestaba acharse compracido nas profundidades húmidas do pazo de Chiarrarrico. Durante o Bienio Negro (1933-1936), o grupo Nós sentiu en Ourense a pezoña do odio na ialma.

En tal ámbito mefítico escribe Otero Pedrayo a novela *Fra Vernero* (Nós, 1934). Triunfaba o filisteísmo e Don Celidonio mandaba cafres ourensaios e *cuneros* a compór a figura entre os leóns das Cortes da Carrera de San Jerónimo. Otero Pedrayo reacciona escribindo na Rúa da Paz e no retiro de Trasalba aquela novela europea, brillante, sabia, inspirada, que mudou a faz da prosa galega contemporánea. En *Fra Vernero* don Ramón desvela e interpreta, desde a ficción a Alemaña e parte da Europa dos primeiros días románticos co pretexto de novelar a vida dun escritor esquecido que grazas a el consegue resurrección e vida nova nunha lingua cuxa existencia descoñeceu en vida: Zacharias Werner. Quizais, no futuro, algún mozo curioso escriba un ensaio sobre as persoas escolleitas por don Ramón biógrafo e o que elas teñan sotilmente en común: Varela de Montes, Marcelo Macías, Xelmírez, Werner, os esbozos e semblanzas que aparecen eiquí e acolá a través do magma oteriano.

Os galegos leron moi pouco *Fra Vernero*. Xosé Manuel Salgado, oteriano máximo, acaba de nos referir como a intelectualidade do seu tempo, e tamén de despois, entendeu mal a novela ou non a entendeu en absoluto. Por que Otero Pedrayo cae na extravagancia de escribir en galego un relato no que non figura Galicia? Que se nos perdeu aos galeguistas derrotados (urnas republicanas de 1933) na Prusia, na Polonia, na Suíza, na Italia do tránsito do século XVIII ao XIX? Por que o triste Báltico e non a leda Arousa, os Alpes e non os Ancares, Berlín e non A Coruña, Roma e non Compostela? Preguntas coma estas facíanse a eles mesmos e seguen a facelas lectores patriotas que non deron pasado nin pasan avante do epígrafe titulado «Os tristes viños de Hungría».

Pola Galicia de 1934 xa esplendera o meteoro Manuel Antonio. Álvaro Cunqueiro sacara á luz *Mar ao Norde* (1932) e *Poemas do si e non* (1933). Xa os mellores, sabían que as letras galegas podían liberarse dos seus signos superficiais a condición de manteren o idioma como eixo diamantino da nación. Por iso, fronte á perplexidade dominante, Álvaro Cunqueiro foi fascinado pola lectura desta novela a raíz da súa publicación.

Logo veu a Guerra Civil e a aventura fascista do mindoniense que, do punto de vista literario, o levou a territorios italianizantes que gobernaban na España Nacional os Eugenio (xa non Uxío) Montes, os Sánchez Mazas, os Murlane Michelena. Pro aquilo non lle durou a Cunqueiro. «Las naves mozas por tu canto armadas» do Cunqueiro azul fóronse a pique igual que esoutras mandadas afundir por San Gonzalo. Repregouse Cunqueiro, crebantado, de Madrid a Mondoñedo, con estancias salutíferas de recuperación no Vigo de 1950 no que estaban Del Riego e Leal Insua. É o intre no que Cunqueiro remexe dentro do seu remol sentimental e literario para ver o que perdera no tempo da disipación joaseantoniana. E achouse a si mesmo. No corazón encontrou Cunqueiro o tesouro intacto do idioma, que recupera. Posto a procurar alimento para a propia refundación, tamén acha na raíz de *Fra Verno*, novela escrita en Ourense despois doutro naufraxio (naturalmente de natureza diversa). *Fra Verno*, relido, outórgalle a Cunqueiro o don, a idea, a pulsión de escribir estorias en galego situadas en espazos imaxinarios exóticos ou alleos á realidade de Galicia. *Fra Verno* actúa como chave máxica para Cunqueiro abrir as estancias dos seus novos mundos. *Merlín e Familia* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1956), *Se o vello Simbad volvese ás illas* (1961) son libros que nacen de *Fra Verno*. Un libro rexeitado publicamente pode salvarse por obra dun só lector. Sobre todo se o autor incomprendido é Otero Pedrayo e, o capitán do salvamento, é Álvaro Cunqueiro. Ou don Ramón non fixera o salvamento de Zacharias Werner real contra vento e maré da cultura alemá?

Ourense en prosa (7) **(18.12.2010)**

1933-1934: Otero Pedrayo escribe na Rúa da Paz de Ourense, e en Trasalba dos Chaos, *Fra Verno*, novela e evocación, en palabras maiores, da Alemaña e daquela Europa en crise na que se contrapuñan Revolución e Reacción con Bonaparte no centro da nova orde coma un fulgor no que moitos enxergaban a réplica política do magma primixenio de Laplace. Zacharias Werner, protagonista da narración, foi, na realidade, un luterano, un disoluto, un vicioso, un histrión, un poeta sen sistema que terminou os seus días seducido polo fasto tridentino e á sombra do campanile do catolicismo vulgar. Nun paso da novela aparece Werner en seráns elegantes de Dresde a encantar como narrador oral de fantasías argalladas ao modo alucinado do seu colega Hoffmann. Fabula así Werner en Dresde, tal e como Otero Pedrayo determina en Ourense que el fabule:

Baixo a nube de luz das arañas dos salóns, Werner contaba xigantescas mentiras: os pescadores de ambas viven espiritualmente nunha eirexa pagá con sacrificios ás potencias do mar e as súas almas xúntanse na illa Aland como bandas de gaivotas baixo a presenza de Odin. O profesor Kant estivo sempre namorado dunha fidalga dos lagos mazuriáns que de lonxe correspondía ao amor do filósofo. Cultivaba no invernadeiro unha branca roseira, «Razón Pura», e uns cravos de moitas cores, «Xuízos Sintéticos»; e se non quixera casar por crere que Kant morría todas as noites e cada mañá recriaba o

seu corpiño amuchado polo esforzo do razoamento, un corpo frío incapaz de suar. Na biblioteca do castelo de Koenisberg hai un libro inédito de Paracelso que foi folleado polo Demo chegado en figura de xesuíta: as xollas gardan a impresión do cuspe do Diaño maleducado, ao lles dar volta, e todo o que respire encol do libro vólvese tolo. Un sabio da Pomerania descubriu un ovo aínda vivo apreixado nos lazos frotantes do mar. Coidándoo con mimo, naceu un paxaro espaventoso, caveira humá por testa, que, piando un hexámetro grego, vooou ao Norte despertando un furacán e daquela as auroras boreais perderon a súa inocencia orixinaria e locen rubros de sangue. No campo de batalla de Eylau ficou baixo un montón de mortos un coronel francés coa testa rachada dun sabrazo. Volveuse tolo e anda polas beiras do Báltico mandando cargar, nos días tempestuosos, ás ondas.

Unha vella da xente ilustre dos Brehe garda en Langeland o nariz de prata do grande astrónomo Tycho e con ela, nas noites espalladas, toma a altura das estrelas que locen entón cos seus raios máis fermosos. Un profesor de Koenisberg, mal mirado na Facultade pola súa incredulidade e borracheira blasfema cos mariñeiros de Pregel, foi o só home que enganchou o Demo desta maneira. Fabricou un autómatas perfecto. Saía á noite, andaba polas rúas dando serenata ás donas e cantando con melodiosa voz. Ao palpar o seu corazón prétéo dun reloxo, ás doce da noite, o reloxo paraba e non había artífice que o puxera en marcha. Entraba nos saraos, mudaba as follas de música das donas sentadas ao piano, faguía requintadas reverencias, e camiñaba. As xentes dicían que era o derradeiro gromo dunha ilustre familia da Pomerania. O Demo tentouno envexoso da súa graza e danzal fermosura e polo prezo do amor dunha burguesiña. Foille cobrar a ialma cando estaba ferido de morte en desafío cun *Junker*. Como non había alma, o Demo avergoñouse tanto que non volveu por alí. A burguesiña non tiña outro amor e dicía ás amigas que ao ser bicada polo seu amante sentía os beizos da morte nos seus e a morte pareceulle fermosa e gasalleira.

Lendo isto Álvaro Cunqueiro en 1934, debeu de sentir que un camiño lle era amosado. A revelación abríalle moitedume de posibilidades. A primeira de todas, a de escribir en galego relatos situados en países lontanos ou lugares inventados. A segunda, conxugar o humor coa fantasía e a erudición histórico- xeográfica. Do estilo encargárase o propio mindoniense. A suxestión de Otero Pedrayo froitificou no Cunqueiro repatriado a Mondoñedo en 1950. A grande triloxía de Álvaro Cunqueiro foi producíndose con velocidade: *Merlín e Familia* (1955), *As Crónicas do Sochantre* (1956) e *Se o vello Sinbad volvese ás Illas* (1961). Nos tres libros, Cunqueiro desenvolve o programa cifrado por Otero Pedrayo no longo treito de *Fra Verner* (1934) que acabamos de copiar. Cunqueiro, persoa agradecida, recoñece a súa débeda co mestre da Rúa da Paz de Ourense nos anos setenta e en tres ocasións. Xosé Manuel Salgado, nun estudo magnífico das fontes literarias de Otero Pedrayo que non tardará en ver a luz, analiza con precisión as palabras de Álvaro Cunqueiro sobre *Fra Verner*.

En *Laberinto y Cia.* (1970) Cunqueiro di da novela *Fra Verner* belas cousas. E reitera a súa admiración no ensaio titulado «Zacharias Werner» (Grial, núm. 52, 1976). Aínda Severino Cardeñoso, no libro *Nuestro amigo Ramón Otero Pedrayo* (1979), inclúe palabras de Cunqueiro que falan un mundo ben de *Fra Verner*. A literatura é sempre así. Os escritores comunícanse uns con outros por canles segredas. Do mesmo modo que os nenos do meu tempo cambeabamos en Ourense cromos ás portas da Viúva de Lisardo, os escritores trocan entre si ideas e achádegos de estilo e de concepto.

Anexo I

No Fondo dos Espellos

Índice onomástico remisivo e misceláneo

337

*Por que duplicas, misterioso irmán,
o menor movemento da miña man?*

J.L. Borges «O Espello»

Non máis para que sintamos que somos un reflexo, aí estamos, *No fondo dos nosos espellos*, para proporcionar ao prezado lector un índice onomástico que poida ser de axuda para localizar, con certa facilidade, os nomes que neste segundo volume figuran. Non esperen os lectores atopar un exhaustivo repertorio, pois a nosa proximidade co escritor condiciona a selección que presentamos: a súa traxectoria e peripecias vitais, vistas hoxe dende unha perspectiva distanciadora, determinan e perfilan a miscelánea onomástica que ofrecemos.

Nos casos de duplicidade de antropónimos, optamos polas formas galegas. Para os pseudónimos ou aqueles nomes que presentan diversas variantes ao longo do volume, recollerase a escollida polo autor, facendo, de ser o caso, unha remisión explícita. Para algúns dos antropónimos estranxeiros optase por conformar as entradas respectando as linguas de orixe, tal e coma as transcribe o autor nos artigos: Napoléon, Bakhtin...etc.

Marta Abalo Sánchez

- Abraira, Carlos: 270
Acuña, Ana: 169, 195, 244
Adler, Alfred: 92
Afonso X (O Sabio): 59, 74, 76, 135, 236, 251
Afonso, José: 49, 96, 265
Agrasar, Camilo: 308
Agudo, Sixto: 310
Airas Oduáriz: 77
Aleixandre, Vicente: 124
Alemán, Mateo: 233
Alfama, Josèzinho da: 98
Allegue, Gonzalo: 67
Allen, Woody: 88
Allende, Salvador: 25
Alonso Iglesias, Pedro: 294
Alonso Montero, Xesús: 280, 316
Alonso Ríos, Antón: 245
Alonso Rodríguez, Eliseo: 120, 124
Alonso, Dámaso: 134, 158
Alvarado, Salustiano: 154
Álvarez Basso, Carlota: 54
Álvarez Basso, Darío: 54
Álvarez Blázquez, Álvaro: 22
Álvarez Blázquez, Darío: 22, 53, 54
Álvarez Blázquez, Emilio: 22, 54, 316
Álvarez Blázquez, Xosé María: 54, 66, 98
Álvarez Cáccamo, Afonso: 54, 98
Álvarez Cáccamo, Berta: 54
Álvarez Cáccamo, Celso: 54
Álvarez Cáccamo, Xosé María: 54
Álvarez Gallego, Xerardo: 53
Álvarez Gándara, Afonso: 54
Álvarez Gándara, Darío: 54
Álvarez Giménez, Emilio: 53
Álvarez Limeses, Darío: 53, 54
Álvarez Limeses, Xerardo: 53
Álvarez Negreira, Emilio: 53
Álvarez Rodríguez, Basilio: 49
Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria: 83, 224, 241
Álvarez Torneiro, Manuel: 124
Álvarez, Bautista: 158, 168, 247, 270
Álvarez, Santiago: 310, 315, 323
Amenábar, Alejandro: 26, 248
Amicis, Edmondo de: 141, 147
Andrade, Eugenio de: 124
Aneiros, Xulio: 310, 317
Anes Solaz, Pero: 255
Angueira, Anxo: 196
Anthelme Brillat-Savarin, Jean: 71, 72, 273-276
Aquitania, Elionor de: 289
Arana Goiri, Sabino: 179
Araújo Correia, João de: 214-217
Araujo, Emilio: 99, 297
Arenal, Concepción: 51, 138
Ares, Nicandro: 171
Arias, César: 168, 270
Arias, Xacobo: 332
Ariosto, Ludovico: 51, 268
Aristófanos: 233
Arjona, Xosé A.: 270
Armesto, María Victoria: 39
Arrojo, Santiago: 317
Asorey Andaluz, Antonio: 303
Asorey, Francisco: 48
Augusto Vieira, José: 120
Augusto, José: 95

Avendaño, Serafín: 154
 Avilés de Taramancos, Antón: 40, 178
 Axeitos, Xosé Luís: 59, 153, 155, 158, 182, 245, 303
 Ayala, Francisco: 18
 Azcárate Ristori, José María de: 302
 Bach, Johann Sebastian: 165
 Bacon, Francis: 33
 Baena Alonso, Xosé Humberto: 304
 Baez, Joan: 298
 Bakhtin, Mijaíl: 100
 Balboa de Paz, José Antonio: 240
 Ballesteros, Rafael: 122
 Balzac, Honoré de: 72, 274, 275
 Bao, Ernesto: 144
 Bárcena, Felipe: 281, 295
 Barja de Quiroga, Juan: 160, 162
 Baroja, Pío: 24
 Barreiro Fernández, Xosé Ramón: 195
 Barreiro, Herminio: 168, 207, 239, 270
 Barrié de la Maza, Pedro: 161
 Barrière, Théodore: 194
 Bartolomé Cossío, Manuel: 148, 191
 Barxa, Nemesio: 56, 316
 Bascuas, Edelmiro: 121
 Baselga, Andrés: 93
 Bécquer, Gustavo Adolfo: 130, 156, 158
 Bédier, Joseph: 278, 289
 Beiras, Antón: 146, 147
 Beiras, Xosé Manuel: 313, 316
 Benavides, Manuel: 323
 Benito Reza, Xosé: 45, 76
 Benveniste, Émile: 74, 89
 Bergson, Henri: 92
 Bergua, Juan Bautista: 189
 Bernal, Diego: 322
 Bernanos, George: 266
 Bernstein, Eduard: 92
 Bertorini, María: 52
 Bigotte Chorão, João: 216
 Bihan, Herve: 186-188, 290
 Blanco Amor, Eduardo: 128-130, 137, 197-201, 206, 229, 330, 333
 Blanco Amor, Elena: 129
 Blanco Romasanta, Manuel: 281, 290-292
 Blanco Torres, Roberto: 333
 Blanco Yáñez, Carlos: 67
 Blanco, Carme: 39
 Blum, Léon: 92
 Boccacio, Giovanni: 236
 Bogarde, Dirk: 41
 Bonaparte, Napoléon: 41, 52, 68, 69, 85, 335
 Borges, Jorge Luis: 143
 Borobó: 17, 308
 Boullón, Ana Isabel: 283
 Bouza Brey, Fermín: 81, 83, 100, 169, 243, 303
 Bóveda, Alexandre: 53, 130, 225, 316
 Bóveda, Xavier: 130
 Bragado, Manuel: 67
 Brañas, Alfredo: 192, 203, 331
 Brito, Bernardo de: 250
 Brizeux, Julien: 193
 Brocos, Gómez, Modesto: 64
 Buen, Odón de: 93, 190
 Buero Vallejo, Antonio: 266
 Bugnyon, Philibert: 36
 Burgess Wilson, Anthony John: 255

- Buron, Enmanuel: 37
- Byron, Lord: 276
- Caamaño Bournacell, José: 81, 157
- Caamaño, Manuel: 265
- Cabada Castro, Manuel: 219, 220, 237, 240
- Cabada Vázquez, Xosé Manuel: 219
- Caballero Bonald, José Manuel: 18
- Cabana, Darío Xohán: 53, 241
- Cabanillas, Ramón: 167-169, 301, 302, 304, 323
- Camino, Alberto: 51
- Camões: 229, 235
- Cano, José Luís: 18
- Carandell, Luís: 268
- Carballeira, Johán: 267
- Carballo Calero, Ricardo: 28, 44, 50, 82, 84, 206, 298, 323
- Carballo, Amado: 27, 223, 224
- Cardenal, Ernesto: 124
- Cardeñoso Álvarez, Severino: 67, 336
- Caridad Pita, Rogelio: 53, 324
- Carlos, Leónides de: 297
- Carpentier, Alejo: 122
- Carpintero, Pablo: 268, 269, 272
- Carré Alvarellos, Leandro: 38
- Casal, Ánxel: 329
- Casal, Xohán: 207
- Casanova, Sofía: 50
- Casares Quiroga, Santiago: 306, 333
- Casares, Carlos: 123
- Casares, Julio: 33
- Casas, Augusto: 30
- Casás, Fernando: 42
- Casás, Manuel: 303
- Casas, Víctor: 147
- Casio Dion, Lucio: 221
- Castelao, Alfonso R.: 56, 61, 101, 102, 108, 126, 150, 158, 168, 203, 204, 207, 241, 245, 246, 254, 306, 312, 323, 324, 329, 334
- Castelo Branco, Camilo: 120
- Castro Abadía, Teresa de: 82, 85, 86,
- Castro, Fidel: 25, 122, 351, 352
- Castro, Raul: 123
- Castro, Rosalía de: 21, 32, 44, 47, 49-52, 65, 80-87, 116, 150, 153-159, 162, 182, 192, 203, 225, 241, 243, 259, 308
- Castro, Xavier: 70
- Castroviejo, José María: 210, 223, 316
- Cejador, Julio: 229
- Cela, Camilo José: 18, 21-25, 32, 52, 103, 137, 197, 198
- Celaya, Gabriel: 18
- Céline, Louis-Ferdinand: 24
- Cervantes, Miguel de: 143, 150, 211, 222, 229, 230, 233, 283, 291
- Cerviño, Pedro Antonio: 43
- Chadwick, James: 249
- Chao Fernández, Alexandro: 65, 154, 155, 266
- Chao, Eduardo: 156
- Chirico, Giorgio di: 177
- Cienfuegos Gorriarán, Osmany: 123, 124
- Coba y Gómez, Juan de la: 251, 254-256
- Cochón, Iris: 33
- Cocteau, Jean: 114
- Coimbra, Leonardo: 202, 216
- Colón, Cristovo: 33
- Comandante Sotomayor: 308
(Fernández Vázquez, José)
- Compañel, Xohán: 65, 66, 154, 155, 266
- Connolly, John: 328
- Corazón de León, Ricardo: 290

Corominas, Joan: 31, 104, 269
Correia, Mario: 260
Cortázar, Julio: 230
Cortezón, Daniel: 84
Costa Clavell, Xavier: 124
Costas, Xosé-Henrique: 111, 112, 115, 116
Cribeiro, Xosé Alexandre: 168, 205, 207, 270, 310
Cruz, Bento de: 216, 241
Cuevillas, Florentino: 253
Cunqueiro, Álvaro: 32, 42, 70, 119, 162, 197, 198, 211, 273, 275, 334, 335
Cuña Novás, Manuel: 269
Curros Enríquez, Manuel: 40, 44-50, 55, 64, 65, 70, 79, 116, 159, 161, 167, 192, 251, 255, 260, 269
Curtius, Ernst Robert: 235
Cusa, Nicolás de: 42, 70
D'Aragona, Tullia: 34, 35
Da Costa, Antonio: 120
Da Rocha Martins, Francisco José: 54
Dalí, Salvador: 81, 177
Darío, Rubén: 255
Darwin, Charles: 188-195
Das Panelas, Zezinho: 98
De la Cruz, Juan: 134, 143
De la Fontaine, Jean: 36
De las Casas, Álvaro: 30
De Tournes, Jean: 33-35
Dean, James: 101
Del Adalid, Marcial: 50, 55
Del Toro, Benicio: 278
Delacroix, Eugène: 46, 154
Demócrito: 68
Díaz Bernárdez, Elías: 155
Díaz Pardo, Isaac: 124, 198, 314
Díaz Polier, Juan: 52
Díaz y Díaz, Manuel C.: 59
Díaz, José: 310
Diéguez, Lois: 298
Dieste, Rafael: 152, 298, 323
Díez, Xosé C.: 317
Do Ceo, María: 97
Do Río Vázquez, Ánxel: 317
Docampo, Xabier P.: 278, 279
Domínguez Castro, Luís: 54
Domínguez, Edmundo: 72, 74
Dopazo López, Roberto: 147, 299
Dos Anjos, José María: 95
Dos Anjos, Natalia: 96
Du Bellay, Joachin: 36
Du Guesclin, Bertrand: 51
Du Guillet, Pernette: 34
Duchesne, Louis: 41
Dume, Martiño de (Martín de Dumio/Dumiense, Martiño): 73, 74, 170-175, 180, 249
Durán, José Antonio: 87
Duvalier, François: 226
Dwyer, William: 59
Dyland, Bob: 88
Eça de Queirós, José Maria: 216
Eco, Umberto: 27
Einstein, Albert: 69, 88, 92, 188, 333
Eliot, T. S.: 74, 108
Elstob, Peter: 56, 57
Éluard, Paul: 81
Engels, Friedrich: 65, 188, 301
Epicuro de Samos: 236
Erasmus de Rotterdam: 106

- Ernout, Alfred: 73
- Escalante, Anibal: 122
- Espasante Pais, Xosé: 300
- Espronceda, José de: 86
- Estrabón: 220
- Esturao, Ramón: 323
- Exeria: 180
- Faria e Sousa, Manoel de: 250
- Fauchet, Claude: 289
- Fawkes, Guy: 113
- Feal, Eduardo: 317
- Feijóo Soto, Sara: 183
- Feixóo de Arauxo, Gabriel: 120
- Feixóo, Perfeito: 271
- Ferlinghetti, Lawrence: 124
- Fernandes, José Francisco: 258, 259
- Fernández Cid, Antonio: 64
- Fernández Cid, Carlos: 326-328, 332
- Fernández de la Cigoña, Estanislao: 265
- Fernández de la Vega, Celestino: 121, 141, 256
- Fernández del Riego, Francisco: 204, 250, 306
- Fernández Ferreiro, Xosé: 81, 157, 168, 207, 270
- Fernández Flórez, Darío: 224
- Fernández Morales, Antonio: 196
- Fernández Osorio-Tafall, Bibiano: 323
- Fernández Salgado, Benigno: 37, 38
- Fernández-Oxea, Xosé Ramón: 157, 158, 168 (Ben-Cho-Shey, pseudónimo)
- Fernández, Antón: 317
- Fernández, Santiago: 314
- Ferrán y Forniés, Augusto: 156
- Ferreiro, Celso Emilio: 18, 22, 45, 48, 49, 56, 97, 116, 123, 152, 153, 159, 197, 203, 207, 243, 247, 253, 271, 272, 298, 304, 312, 313, 316, 317, 321
- Ferreiro, Manuel: 240
- Ferro, Mariño: 290
- Figueroa, Antón: 332
- Filgueira Valverde, Xosé: 83, 223, 224, 235, 251, 253-255, 298
- Finisterre, Alejandro: 17-19, 21, 24
- Fitzwilliam Starkie, Walter: 150, 223
- Flamel, Nicolás: 84
- Flaubert: 193
- Fleta, Miguel: 277
- Flore, Jeanne: 34, 35
- Fole, Ánxel: 39, 197, 280
- Fontán Rodríguez, Domingo: 43, 44, 213
- Fontenla Leal, Xosé: 55
- Fontenla Méndez, X. L.: 242
- Forcadel, Étienne: 36
- Forcadela, Manuel: 36, 97
- Fortes Bouzán, Xosé: 169
- Fouillée, Augustine: 139, 140 (G. Bruno, pseudónimo)
- Franco, Grande, Xosé Luís: 298
- Freire, Claudio: 317
- Freud, Sigmund: 69, 82, 83, 88, 92, 188
- Frobenius, Ferdinand: 99
- Froissart, Jean: 52
- Gable, Clark: 152
- Gándara, Lola: 56
- García Barros, Manuel: 56, 99
- García Bodaño, Salvador: 312
- García Ferreiro, Alberto: 29, 64
- García Lorca, Federico: 42, 150, 233, 255-257
- García Lugín de Castro, Carme: 155, 157, 158
- García Márquez, Gabriel: 143

García Martínez, Carlos: 174
 García-Sabell, Domingo: 18, 22, 39
 Gardner, Ava: 122
 Garrido, Fanny: 50, 55
 Garrosa Gude, José Luís: 279
 Gaudenzi, Paganino: 120
 Gide, André: 152
 Gil Robles, José María: 334
 Giner de los Ríos, Hermenegildo: 148
 Ginsberg, Alan: 124
 Goethe: 67, 69, 84, 142, 272
 Gomes Coelho, Joaquim: 120
 (Júlio Dinis, pseudónimo)
 Gómez Alén, José: 314
 Gómez de la Serna, Ramón: 255
 Gómez Franqueira, Eulogio: 316
 Gómez Molleda, Dolores: 297
 Gómez Montes, Isidro: 319
 Gondar, Marcial: 169
 Góngora, Luís de: 143, 168, 289
 González Blasco, Luís: 207
 González Costas, Ramón: 56, 203, 253
 González de Ulloa, Pedro: 77
 González Gándara, Remixio: 56, 203, 253
 González Garcés, Miguel: 39
 González Herrán, José Manuel: 195
 González Linares, Augusto: 191, 192, 195
 González Salgado, Leuter: 327, 332
 González Tosar, Luís: 19
 González Troncoso, Joaquín (Quin): 94, 96, 126,
 208, 221, 265
 González, Manuel: 300, 357
 González, Maruxa: 97
 Gotrán de Burgundia: 175
 Gracián, Baltasar: 233
 Gracio Falisco: 221
 Granger, Stewart: 152
 Graña, Bernardino: 144, 168, 223
 Grigóievich Ehrenburg, Iliá: 92
 Guevara de la Serna, Ernesto (Che): 122, 123
 Guance Pampín, Amando: 307
 Guillaume, Albert: 36
 Guillén, Nicolás: 122
 Guirand de Scévola, Lucien-Victor: 225
 Gundisálviz, Mendo: 77
 Gurriarán, Ricardo: 245, 296, 297, 299, 300
 Gutiérrez, Rosendo: 171
 Hamsun, Knut: 267
 Harguindey Banet, Henrique: 272
 Hebreu, León: 34
 Hegel, Georg Wilhelm Fredrerich: 70, 148
 Heidegger, Martin: 50, 203
 Heine, Heinrich Christian: 92, 156
 Heinze, Úrsula: 176
 Heller, Michael: 333
 Hemingway, Ernest: 122, 197
 Hermerico: 109, 172, 175, 176
 Hermida Castro, Xosé: 156
 Hermingues Tragamouros, Gonçalo: 250, 251
 Hernández, Miguel: 24
 Herrera, Francisca de: 50
 Hierro, José: 18
 Hipatia de Alexandría: 248, 249
 Hipona, Agustín de: 58
 Hölderlin, Friedrich: 50
 Homero: 67, 193

- 344 Hopkins, Anthony: 39
Horacio: 67
Houdini, Harry: 27
Huchon, Mireille: 32, 33, 35, 36, 40
Hugo, Víctor: 27, 47, 84
Ibn Hayyim, Ioseph: 89
Ibn Zabarch, Moises: 89
Iglesia Alvariño, Aquilino: 22, 119
Iglesias Iglesias, Luís: 190
Iglesias, Alfredo: 190
Illa Couto, Xaime: 67, 197, 205
Iriarte, Tomás de: 238, 240
Jamardo, Nicolás: 297
Jiménez, Juan Ramón: 143
Jodelle, Étienne: 36
Joyce, James: 255, 329, 331, 332
Kafka, Franz: 136, 289, 331
Kagel, Mauricio: 146
Kant, Immanuel: 142, 189, 335
Kardec, Allan: 20, 26-28
Kent, Victoria: 18
Kerr, Devorah: 152
Krishnamurti, Jiddu: 326
Klimt, Gustav: 225
Krahe, Hans: 63, 119, 121
Krapf, Eugenio: 66
Kremer, Dieter: 42, 176
Kretschmer, Ernst: 276
Kristeva, Julia: 85, 114, 227
Kruckenber, María do Carme: 97
La Bruyère, Jean de: 72
Labé, Louise: 32-37, 40, 51, 289
Lafuente Estefanía, Marcial: 66
Lamas Carvajal, Valentín: 30, 116, 198, 199, 329
Lamas, Santiago: 291
Lamas, Xosé Antonio: 317
Landín Tobío, Prudencio: 224
Lapesa, Rafael: 118, 134
Laplace, Pierre-Simon: 275, 335
Larrea, Juan: 18
Larreta, Enrique: 32
Lassalle, Ferdinand: 92
Latroniano: 41, 173, 180
Lawrence de Arabia: 163
(Thomas Edward Lawrence)
Ledesma, Ramiro de: 299
Ledo Cabido, Bieito: 67
Ledo, Xohán: 67
Legaz Lacambra, Luís: 229, 303
Lemos Jorge, Marta: 210
León Felipe: 17-19, 21, 24, 25
León, Luís de: 88, 233
Lewis, C. S.: 38, 39
Lida, Rosa María: 228
Liebnecht, Karl Paul: 92
Lincoln, Abraham: 20
Lis Quibén, Víctor: 127, 225-227
Líster, Enrique: 306, 310, 323, 324
Livio, Tito: 146
Lloyd, David: 113
Lodeiro Fernández, Xosé: 146, 298
Lois Vilar, Xosé: 180, 181
Lopes, Óscar: 217
López Abente, Gonzalo: 303
López Aranguren, José Luis: 267
López Aria, Sinfioriano: 53

López Casanova, Arcadio: 39, 312
López Castro, Xoán: 317
López Cid, Julio: 119, 137
López Cortón, Pascual: 51, 191
López Mazaira, Waldo: 320
López Peláez, Antolín: 238, 239
López Rodó, Laureano: 311
López Seoane, Víctor: 93, 154, 190, 192-196, 279, 280, 285
López Trasancos, Arturo: 332
López, Perfecto: 198
López, Suso: 207
Lopo, Antón: 286
Lorenzo Varela, Xesús: 51, 307
Lorenzo, Ramón: 40, 76, 168, 270
Losada Diéguez, Antón: 327, 328
Losada, Basilio: 240
Loth, Joseph: 288
Loti, Pierre: 118
Lourenzo, Xaquín: 265
Lozano, Eloi: 169
Lucrecio Caro, Tito: 73, 142, 236
Lueiro Rey, Manuel: 123
Lugrís, Urbano: 177, 178, 180
Lukács, Georg: 136
Lumumba, Patrice: 123
Machado, Antonio: 75, 148, 229
Macías, Marcelo: 334
MacSwiney, Terence: 329
Madrugá, Pedro: 33
Magny, Oliver de: 35, 36
Magritte, René: 177
Mallorquí, J. J.: 66
Malraux, André: 56, 306
Manuel Antonio: 26, 81, 152, 153, 197, 223, 329, 331, 334
Manuel María: 39, 120, 123, 318
Marañón Gregorio Huxley, Aldous: 198
Marc, Franz: 222
Marie de France: 32, 142, 287, 289
Mariño, Luís: 67
Mariño, María: 32, 33, 39, 40
Mariscal de Gante, Jaime: 318, 319
Maritain, Jacques: 198
Marot, Clément: 36
Martín Codax: 30, 35
Martinet, André: 107
Martínez Barbeito, Carlos: 51, 292
Martínez de Andrade, Roberto: 286
Martínez de Castro, Gala: 157
Martínez Doval, Ánxel: 253
Martínez Jiménez, Xorxe: 201
Martínez Randulfe, Fernando: 253
Martínez Salazar, Andrés: 53, 66, 329
Martínez Tobío, Minia: 83
Martínez-Risco, Manuel: 332, 333
Martínez, Amador: 310
Marx, Karl: 42, 45, 50, 52, 65, 67-70, 88, 89, 92, 154, 156, 188, 189, 200, 301
Mascato, Antón: 67
Massó Bolívar, Henrique: 279
Mateo Diez, Luís: 135, 137-139, 142, 144
Mauleón, Amaia: 282
Maure, Xulián: 65
Mazzini, Giuseppe: 147, 155
Meendiño: 32

- Meillet, Antoine: 58
- Meliès George, Marie-Georges: 27
- Mello Andresen, Sophia de: 124
- Mendès-France, Pierre: 90
- Méndez Vigo, Pedro: 52
- Menéndez Pelayo, Marcelino: 51, 66, 73, 229
- Meogo, Pero: 35
- Merton, Thomas: 124
- Mezozzo, Pedro: 228
- Miró: 22
- Mistral, Frédéric: 115
- Mistral, Gabriela: 24
- Moa, Pío: 314
- Moniz Coelho, Egas: 250
- Monjarret, Patrick: 162
- Montero Díaz, Santiago: 267
- Montes, Conchita: 321
- Montes, Uxío (Eugenio Montes): 333, 335
- Montesinos, José F.: 24
- Moore, John: 52
- Moralejo, Serafín: 186-188, 290
- Moreda, Antón: 205, 246, 269, 270, 271, 308
- Moreda, Eva: 212, 213, 220
- Moreno Báez, Enrique: 302
- Moulin, Jean: 28, 306
- Mourinho, Antonio: 80, 258, 261
- Mourlane Michelena, Pedro: 335
- Murguía, Manuel: 32, 59, 61, 65, 81, 150, 153-158, 192-194, 203, 266
- Naya, Xohán (Juan Naya): 81, 157
- Nebrija, Antonio de: 106, 109
- Neira Vilas, Xosé: 124, 225, 240-243, 270, 308
- Neruda, Pablo: 24, 124, 143
- Nerval, Gérard de: 84-87, 158
- Neville, Edgar: 321
- Newton, Isaac: 188, 189
- Niebla García, Daniel: 317
- Nietzsche, Friedrich: 328
- Nogueira, Camilo: 315, 319
- Noguerol Buxán, Arturo: 327, 328, 332
- Novo, Isidro: 279
- Novoa Docet, Francisco: 93
- Novoneyra, Uxío: 32, 39, 40, 124, 130, 196, 285, 286, 295, 296, 312
- Núñez Feijóo, Alberto: 206
- Núñez, Antonio: 310
- Núñez, Arturo: 317
- Núñez, Carlos: 160, 164, 310
- Ocaña Eiroa, Javier: 188
- Olmo, Lauro: 137
- Ordóñez, Sancho: 76
- Orff, Carl: 235
- Orosio, Paulo: 58-60, 102
- Orovio Echagüe, Manuel: 191
- Otero Aenlle, Enrique: 322
- Otero, Blas de: 18
- Otero Castelaio, Mariano: 204, 307
- Otero Pedrayo, Ramón: 22, 29, 32, 39, 43, 48-50, 64, 65, 84, 119, 140, 157, 158, 169, 171, 174, 190, 194, 197-201, 210, 239, 247, 254, 255, 300-302, 316, 327-329, 331-336
- Otero, Enriqueta: 307
- Outeiriño, Manuel: 84
- Ovidio: 228, 235, 284, 285, 287-289
- Pablo de Tarso: 88
- Pais de Brito, Joaquim: 95
- Papini, Giovanni: 92

Pardo Bazán, Emilia: 24, 47-51, 191, 192 195, 198, 292
 Pardo de Cela, Pero: 235
 Pardo-Montenegro, José María: 194
 París Amador, Carlos: 299, 301
 Paris, Gaston: 235, 289
 Pasionaria (Ibárruri Gómez, Dolores): 56
 Patiño Mancebo, Reimundo: 39, 40, 168, 205, 207, 270
 Pato, Cristina: 166
 Patterson, Craig: 152
 Pávlov, Iván Petróvich: 147
 Paz Andrade, Afonso: 57
 Paz Andrade, Valentín: 43, 56, 146, 181, 197, 204, 205, 308, 315
 Pedret, Paulino: 303
 Peinador Lines, Enrique: 54, 306
 Peinador Vela, Enrique: 54, 55
 Peiteus, Guilhem de: 142, 236, 289
 Pemán y Permartín, José María: 266
 Pena, Xosé Ramón: 97, 135
 Penn, Sean: 101
 Pensado Tomén J. L.: 186
 Peña Rei, Manuel: 327, 332
 Perdikidis, Dimitri: 168
 Pereda, José María de: 51, 196, 285
 Pereira Gomes, Soeiro: 215
 Pereira González, Fernando: 58, 60, 61
 Pereira, Mónica: 72, 74
 Pérez Ballesteros, J.: 73
 Pérez Fraga, Antón: 317
 Pérez González, Rufo: 67
 Pérez Graña, Vidal: 270
 Pérez Hernández, Pedro Hilario: 183
 Pérez Lugín, Alejandro: 32
 Pérez Parallé, Xosé María: 222
 Pérez Placer, Heraclio: 137, 198, 199, 201, 329
 Pérez Vidal, José: 134
 Pérez, Fernando: 25
 Pérez, Rufo: 147
 Pérez, Xosé M.: 317
 Pessoa, Fernando: 250
 Petrarca, Francesco: 142, 228, 230, 236
 Pexegueiro, Afonso: 248
 Philippot, Alfonso: 33
 Picasso: 22, 24
 Picaud, Aymeric: 188
 Piel, Joseph M.: 42, 176
 Pijoan, Josep: 148
 Pimentel, Luís: 32, 81, 144, 197
 Pinto de Carvalho, José (Tinop, pseudónimo): 95, 97, 98
 Pintos, Xohán Manuel: 183, 224
 Piñeiro, Ramón: 32, 39, 50, 121, 198, 201-208, 246, 270, 306, 308, 317
 Piñeiro, Xosé: 317
 Piñón, Nélida: 170
 Pita, María: 51
 Pita, Xosé: 317
 Plá, Xoán Xosé: 306
 Pokorny, Julius: 31, 63, 121, 187, 282
 Pondal, Eduardo: 22, 40, 45, 47, 51, 59, 61, 79, 84, 130, 142, 154, 192, 300, 302
 Pontoise, Ricardo de: 92
 Portela Valladares, Manuel: 306
 Portela, César: 169
 Portman, Natalie: 113
 Posse, Carlos: 37, 38

- Potocki, Jan: 230
- Pousa Antelo, Avelino: 241
- Pousa, Xavier: 298
- Pousada, Manuel: 314
- Prado, Fidel: 66
- Prado, Xavier
(Lameiro, pseudónimo): 330
- Pressburg, Henriette: 68
- Prieto Coussent, Benito: 54
- Prisciliano: 41, 173, 174, 180, 248, 249
- Proaza, Alonso de: 231
- Proust, Marcel: 94
- Puga, Manuel: 38
- Pulgar, Carlos del: 67, 136, 138, 139
- Queizán, María Xosé: 207, 270
- Quevedo, Francisco de: 36, 76, 173
- Quiñoi, Alberte: 99
- Quiñones, Heriberto: 306
- Quiroga Palacios, Fernando: 220, 321, 322, 333
- Raymond, Alex: 152
- Reboiras, Moncho (Xosé Ramón): 111, 113, 304, 311, 319, 324, 325
- Reboreda, Alberte: 279
- Rei Rodríguez, Amador: 317
- Rei, Xosé: 317
- Reigosa, Antonio: 279
- Reyes, Alfonso: 255
- Reza Rodríguez, Xosé Benito: 45, 76
- Ribeiro dos Santos, Antonio: 250
- Ribeiro, Aquilino: 216, 246, 257
- Ridruejo, Dionisio: 18
- Rilke, Rainer Maria: 50
- Ríos Panisse, María do Carmo: 134
- Ríos Sánchez, Patrocinio: 46, 47
- Risco, Vicente: 88, 89, 91, 92, 99, 203, 253, 283, 326, 331-333
- Rivas Cheriff, Cipriano: 307
- Rivas, Manuel: 17, 236
- Roa, Raul: 122
- Rodrigues, Amália: 95, 98, 99
- Rodríguez Carracido, Xosé: 192
- Rodríguez de la Fuente, Félix: 281
- Rodríguez González, Olivia: 22
- Rodríguez Mourullo, Gonzalo: 66, 198, 280
- Rodríguez Rodríguez, Carlos Rafael: 122, 123
- Rodríguez Sanjurjo, Primitivo: 326
- Rodríguez-Prenta, Clodomiro: 253, 271, 272
- Rodríguez, Eladio: 134
- Rodríguez, Elixio: 56, 57, 245, 306, 324
- Rodríguez, Francisco: 203
- Rodríguez, Olivia: 178
- Rof Carballo, Xoán: 281
- Rof Codina, Juan: 210
- Rojas, Fernando de: 33, 69, 88, 227-236
- Román, Toni: 140
- Romaní, Ana: 34, 94
- Romero Pose, Uxío: 41, 248, 249
- Romero Rumbao, Manuel: 316
- Ronsard, Pierre de: 36
- Roso de Luna, Mario A.: 326, 328
- Rousseau, Jean-Jacques: 257, 272
- Rúa Figueroa, Manuel: 292
- Rudyard Kipling, Joseph: 281
- Ruibal, José: 310
- Ruíz del Castillo, Carlos: 299
- Rulfo, Juan: 17
- Rutherford, John: 37, 38, 149-151

Sacau Rodríguez, Xerardo: 180
 Salcedo Molinuevo, Enrique: 53, 324
 Salgado, Xosé Manuel: 15, 334, 336
 Salinas, Pedro: 24
 Sampedro, Francisco: 122
 San Severiano, Manuel: 291, 315
 Sánchez-Bravo, José Luís: 113, 304, 311, 325
 Sánchez Ferlosio, Rafael: 24
 Sánchez Mazas, Rafael: 335
 Sánchez Salorio, Manuel: 146, 147
 Sánchez, Francisco: 53, 88, 90, 92, 236
 Sánchez, Manuela: 307
 Santalices, Faustino: 160
 Santidrián Arios, V. M.: 306, 309
 Sarmiento, Martín: 125, 159, 161, 164, 182, 183, 193, 212, 218, 222, 237-240, 242, 243, 283, 330
 Sartre, Jean Paul: 24, 53, 88, 101, 146, 197
 Sastre, Alfonso: 25, 266, 267
 Saura, Carlos: 95
 Saussure, Ferdinand de: 108, 188
 Scève, Maurice: 36
 Schiller, Friedrich: 248
 Seeger, Pete: 298
 Seixas Seoane, Miguel Anxo: 178
 Selegante Pérez, Antonio: 181
 Sena, Jorge de: 124
 Sendín, Luís: 306
 Seoane, Luís: 122, 124, 178, 198, 308
 Seoane, Manoel: 317
 Serantes, Xosé: 317
 Sesto Novás, Farruco: 124, 323
 Severa-Onofriana, María: 94, 95, 98
 Sevilla, Isidoro de: 175, 180
 Sevillano Estremera, Ánxel: 146
 Shakespeare, William: 33, 68, 108, 229, 232
 Silio Itálico, Tiberio: 221
 Silveiro, Heitor: 196
 Simenon, George: 152
 Sinclair Lewis, Harry: 92
 Smith Jr., Joseph: 19-21, 26
 Smith, Colin: 151
 Sócrates: 57, 201
 Sotelo Blanco, Olegario: 240
 Soto Fernández, Lois: 17, 49, 56, 101, 102, 122, 205, 244-247, 306, 308, 313, 316, 317, 323
 Soto Fernández, Xulio: 307
 Soto, Benito: 22, 30, 53, 223, 308
 Sousa Hermida, Manuel: 122
 Souto, Arturo: 244
 Soyinka, Wole: 57, 142
 Spinoza: 88, 90, 92
 Spitzer, Leo: 35, 171
 Stalin, Iósif: 61, 102
 Stampa, Gaspara: 34, 35
 Starkie, Walter: 150, 223
 Starkievicz, Witold: 147
 Steiner, George: 142-144
 Stendhal: 53, 71
 Suárez Castro, Manuel: 333
 Suárez Picallo, Ramón: 245
 Suárez Pita, Xosé: 317
 Taboada, Fernando: 286
 Taboada, José Luís: 300, 320
 Tanguy, Yves: 177
 Teilhard de Chardin, Pierre: 190
 Teixeira de Pascoaes: 202, 216

- Teixeira, Abelardo: 317
- Tettamancy Gastón, Francisco: 178
- Tobío Fernández, Lois: 83
- Tolkien, J.R. R.: 19, 38, 153, 255
- Torga, Miguel: 215, 216
- Torrente Ballester, Gonzalo: 23, 97, 119, 251, 256, 257, 266, 267
- Torres, Sabino: 223-225
- Torres, Xohana: 97, 207, 318
- Tovar, Antón: 18
- Trogo Pompeo: 221
- Trotsky, Leon: 88, 92
- Troyes, Chrétien de: 289, 290
- Trulock, John: 52
- Tudela, Mariano: 178
- Ullastres, Alberto: 307, 309
- Unamuno, Miguel de: 50
- Valenzuela, Ramón de: 307-308, 324
- Valladares, Marcial: 99
- Valle-Inclán, Ramón: 19, 23, 33, 124, 143, 150, 154, 182, 200, 225, 229, 239, 243, 267, 330, 332
- Valvueda Prat, Ángel: 267
- Varela de Montes, Xosé: 49, 50, 82, 158, 334
- Varela Jácome, Benito: 17
- Varela Vázquez, Lorenzo: 51, 307
- Varela, Amadeo: 316
- Varnhagem, Francisco Adolfo de: 251
- Vázquez Monxardín, Afonso: 327, 332
- Vega, Xoana de: 51
- Velázquez, Diego: 150
- Velo Mosquera, Xosé : 56, 147, 203-205, 253, 307, 308
- Velo, Carlos: 17, 18, 122, 190, 191, 205, 244-246
- Verde, João: 66
- Verde, Cesário: 96, 97
- Verne, Jules: 194
- Vicens Vives, Jaume: 110, 324
- Vicetto, Benito: 61
- Vieira, Antonio: 250
- Vigo, Ramón: 317
- Vilanova, Alberto: 46
- Vilanova, Manuel: 119, 297
- Vilar Ponte, Antón: 327, 328, 333
- Villanueva, Darío: 195
- Viñas Cortegoso, Luís: 66
- Viqueira, Xohán Vicente: 51, 148, 191, 244, 328
- Voltaire: 68, 248
- Von Humboldt, Alexander: 43
- Von Strassburg, Gottfried: 186
- Wagner, Robert: 277
- Wagner, Wilhelm Richard: 186
- Walcott, Derek: 124
- Waugh, Evelyn: 57
- Weisz, Rachel: 248
- Welles, Orson: 122
- Woeiriot, Pierre: 34
- Woodford, Edmundo: 46, 66
- Ximénez de Rada, Rodrigo: 59
- Xirinacs, Lluís María: 21-23, 25
- Xulio César: 75, 221
- Xuniano Xustino, Marco: 221
- Zacharias Werner, Friedrich: 334-336
- Zambrano, María: 24
- Zeca Afonso: 95
- Zola, Émile: 24, 198
- Zurita, Jerónimo: 263

Anexo II

No Fondo dos Espellos

Textos do volume *No Fondo dos Espellos 2015-2020*

351

Recollemos a seguir catro textos pertencentes ao volume *No Fondo dos Espellos 2015-2020*, que, por un despiste de localización na hemeroteca do *Faro de Vigo*, quedaron sen publicar. Agradecemos a Xosé Manuel Salgado a amabilidade en facernos ver este descoído.

Patria e morte: Fidel Castro (03.12.2016)

Cando (en 1926) veu ao mundo Fidel Castro, a república de Cuba tiña 28 anos de idade. Naquel ano había no mundo uns 65 países independentes. Á hora de escribir este artigo, dolorido polo pasamento de Fidel Castro, gozan de independencia no Planeta 195 estados ou así. Estou seguro de que Fidel Castro contribuíu decisivamente a fomentar esta tendencia soberanista irresistible e mais a que as Nacións Unidas se pronunciasen a favor do dereito á autodeterminación das nacións.

A independencia cubana de 1898 era puramente formal e agochaba a subsmisión máis completa a aqueles EEUU que humillaran España na Grande Antilla e máis en Filipinas. Puerto Rico e Guam foi o postre. Aquilo, para Fidel, non era a soberanía que soñara José Martí. Con outros compañeiros e compañeiras mozos, Fidel achegouse ao Partido Ortodoxo (Auténtico) de Eduardo Chibás. Este era ético, intransixente coa corrupción, demócrata e martiano. Morto Chibás, Fidel decidiu que había que actuar e apropiarse do poder mediante a vía armada. Intentárono, fracasaron. Volvérono intentar e venceron. A partir de entón, Fidel e os seus lograron a vitoria en todas as grandes empresas nas que se comprometeron. Chamándose Movimiento 26 de Julio, entraron na Habana en xaneiro de 1959, e nós celebrámolo no Nevy Bar de Ma-

nuel Antonio, Vigo, selando con Fidel Castro e os seus unha alianza cordial e política que nin sequera a morte do Comandante saberá disolver.

352 Ou sexa que, no poder, Fidel confirmou a súa sospeita de que o inimigo da verdadeira emancipación nacional era o imperialismo dos EEUU. Estes convertirán Cuba, dito sexa en verbas de Curros, nun mostrador de baixa «mercería». Concluíu Fidel, cos seus, que non hai independencia. Liberados do imperio español era preciso crebar o xugo do imperio norteamericano. En pouco tempo os do 26 de Julio agrupáronse con outras organizacións nas ORI e elas constituíronse en Partido Comunista. Estableceuse unha relación indispensábel coa URSS, e esta non estivo exenta de intrigas. Era tan independentista a intención e a práctica do novo PCC, que tiveron que isolar os prosoviéticos sectarios e funcionariais e mandar pra Checoslovaquia a Aníbal Escalante e o seu círculo de conspiradores. Caeu a URSS, pero non caeu o socialismo en Cuba. E non caeu porque a pulsión central de Fidel e do seu partido era patriótica e independentista. «Patria o Muerte», proclamaban e seguen a proclamar os revolucionarios cubanos. Asentada para sempre a idea de Patria en Cuba, Fidel tratou de estendela ao mundo nunha práctica internacionalista tan ousada como vitoriosa.

Viet Nam (así se escribe en Cuba) viuse apoiado por Fidel e os seus, que admiraron a emoción nacional popular dos heroicos irmáns orientais. Angola e o MPLA recibiron tropas (e médicos) cubanos, que derrotaron o mellor exército do Continente, que era o da Unión Sudafricana fascista e racista. Fixeron posíbel Namibia. En realidade, os de Fidel acabaron co apartheid e sacaron en liberdade a Nelson Mandela. Cando o V Centenario do descubrimento da América, Fidel falou no mesmo ton marxista e brillante que adoptara na II Declaración da Habana. Chamou a atención do mundo sobre o xenocidio exercido contra os pobos orixinarios americanos, e hoxe Bolivia, a Bolivia na que asesinaron o Che, é unha república plurinacional presidida por un indio aymara.

Os discípulos de Fidel gañan electoralmente en repúblicas nas que o modelo «foquista», nacido en Cuba, fracasara. Venezuela, Nicaragua, Ecuador, Bolivia, recoñecen a Fidel como prócer e referencia principal dos seus movementos liberadores. Como pensou Fidel un día, neses países e noutros de América enténdese hoxe que estamos na hora da Segunda Liberación. José Martí escribiu «es la hora de los hornos, y que no se vea más que el resplandor». Agora quero ter unha memoria da invasión da infeliz e minúscula Grenada, tamén castrista. A multitudinaria descendencia política de Fidel en Cuba e en Latinoamérica (extinta para sempre a Hispanidad) reclámase do patriotismo e sabe que este só é verdade unido ao internacionalismo e ao socialismo. Sería unha obviedade escribir aquí que Fidel Castro é o primeiro responsábel de que en Cuba funcione a mellor sanidade e a mellor industria farmacéutica, así como o mellor ensino do mundo, e que estes son de todo o pobo ou sexa públicos. Agora só se trata de enfatizar que o amor á Patria era a paixón dominante, xunto co desexo de xustiza e igualdade, desde Fidel Castro que seguirá vivindo no *Fondo dos Espellos*.

A Illa de San Simón nos días de Francis Drake (14.07.2018)

Houbo un tempo no que a Galicia litoral tremía co medo ao Inglés, ao Dragón, ao Drake. Despregábase a escadra herexe en arco, nau almirante no medio coa bandeira da cruz de San Xurxo a flambear no boprés, e a xente corría a gorecerse ao monte, aos megalitos. Francis Drake, no castelo de mando, era unha bola musculosa, cabeza redonda e ollos de mascato, que sempre fixera contrapunto en Londres á estilística xestual e danzante do infeliz Walter Raleigh ou Raleg. Daquela, era a guerra de Filipe II e Sabela de Inglaterra que nin lle ía nin lle portiña á Galicia nacional-popular.

353

A frota de Drake dedicouse a hostilizar Galicia na segunda metade do século XVI. Habilísimo na derrota e audaz nos desembarcos, o comandante fixo sentir o peso do seu poder en Baiona e en Vigo. Diego Sarmiento da Cuña, quen sería conde de Gondomar, iniciou a súa longa relación con Inglaterra auxiliando Vigo cunha nutrida tropa do Baixo Miño e Val Miñor. Seica Drake entrou polo mar ártabro con 200 barcos e 20.000 homes, dos cales desembarcarían 5.000 ao mando do temíbel Henry Norris. A Coruña aínda era un penedo fortificado ao modo medieval, tal coma a miramos no Roman de Ponthus: daquela, a figura de Mor da Cámara Pita, ou María Pita, ergueuse entre as labaradas da cidade resistente e foi terminar nos versos de Lorenzo Varela e no álbum de Seoane: «María das batallas, / levareiche unha frol por cada bala». María Pita parece, na historia e na lenda, unha das belas mulleres armadas que saen no Orlando de Ludovico Ariosto.

Afirmase que Francis Drake entrou á enseada de San Simón e roubou e queimou un convento franciscano que alí había. O cal se contradí con outro relato segundo o cal, Diego Sarmiento da Cuña, embaixador do rei Filipe na corte inglesa de Xácome I, levaría, con permiso deste, os restos mortais de Santo Thomas Mansfield por lles dar sepultura no citado mosteiro da Illa de San Simón, acentuando a imaxe lúgubre do sitio. Posteriormente (continúa o conto a decer) os ósos de Mansfield irían parar á capela do pazo de Gondomar, onde diz que se encontran. Segundo certos autores, Thomas Mansfield foi un católico inglés enforcado en Londres. *No Fondo dos Espellos* non temos por moi seguros estes feitos, xa que Thomas Mansfield ningún figura nin na *Encyclopaedia Britannica* nin mesmo no Santoral Católico Romano. Hai quen pensa que as historias de Santo Thomas More e de Santo Thomas Becket se fundiron na lenda para colocar un Santo Thomas Mansfield na Illa de San Simón á maior gloria do conde de Gondomar.

En todo caso, a presenza de Galicia, a causa da figura de Diego Sarmiento da Cuña é importante na Inglaterra do século XVI. Lois Tobío ocúpase con detalle da intriga que Gondomar montou en Londres coa finalidade de mandar ao patíbulo sir Walter Raleigh, favorito da raíña Elizabeth I^a. Queda moita memoria na Torre de Londres de Raleigh alí preso. Acordámonos dun corvo (ou gralla) pousado na fiestra da cela de

Raleigh a ollar impertinente para nós. Coma se nos recoñecese (na memoria da súa especie eternizada na Torre) membros da castimonia do Diego Sarmiento da Cuña que conseguira a caída e morte de Raleigh. Ben puido ser indultado o xentil amigo de Sabela, aínda que só fose por el introducir as patacas e o tabaco en Europa!

Na fin do século XVI, a Illa de San Simón incrementou, coa presenza de Drake, a súa lenda mortuoria. Ao dito podíamos engadir outra narrativa, neste caso tamén improbable. Cóntase que, espantados e horrorizados o cabido e mitra de Compostela pola presenza do Dragón herexe, retiraron da catedral compostelá os restos humanos que se consideraban ser os do Apóstolo Santiago. Como xa fixera S. Pedro Mezonzo, a igrexa compostelá fixo desaparecer o cadáver apostólico e agachouno nun lugar seguro, do que non hai constancia certa. O lugar onde se ocultaron as cinzas ditas de Santiago sería a Illa de San Simón ou Simión. En todo caso, e esta é verdade histórica, no século XIX e en tempos de López Ferreiro e do Cardeal Payá, ninguén lembraba o lugar onde xacían os chamados restos de Santiago. Perdéranse nalgún punto ignoto de Galicia. O clero achou un sepulcro romano adecuado e o papa de Roma falou certificando a atribución. Estarán hoxe os presuntos ósos perdidos do Apóstolo Santiago máis perdidos ca nunca nunha canicouba atuída da Illa de San Simón?

Nos anos e séculos posteriores a Francis Drake, ao fantasmal Thomas Mansfield, á ocultación do sartego de Santiago, a Illa de San Simón, ou Simión, seguirá sendo, até os nosos días, un lugar no que a poesía e a dor, a lenda e a historia, a beleza e o horror criminal se enlacen e confundan sen acougo.

Natal en Oriente (12.01.2019)

Apareceron no *Fondo dos Espellos* sombras de vellas lecturas que nos transportan a Syria, a Siria. Alí, coma no Exipto, había cristiandades numerosas no tempo no que os nosos devanceiros Callaici ou Gallaici, digamos Galaicos, se resistían ao Panteón romano e, contumaces, rendíanlle culto e sacrificaban a Nabia, Poemana, Berobreos, Endovellicos, Laroucos e outros deuses e deusas de xenética indoeuropea cuxos nomes eu agora estou restaurando en caso nominativo.

Imaxinei como foron estas pasadas festas de Nadal ou Natal na Siria recién librada da agresión imperialista e islamista. E vin alí cristiáns practicantes a celebrar ceas e xantares e a erguer copas do bon viño do país que algún día dera tema para un milagre de Cristo. Viño de Siria que foi convertido, tamén no Evanxeo, nunha das materias sacras que poetizou en galego Faustino Rei Romero. No Natal, os cristiáns de Siria foron felices ao poderen celebrar a vitoria das armas nacional-populares e republicanas do seu país sobre a barbarie islamista que fora promovida polos EEUU,

Israel, Arabía Saudí... Naturalmente a vitoria de Siria non sería tal, ou sexa total, sen o apoio de Rusia, que segue sendo forte despois do afundimento da URSS. Isto festexaron no Natal os cristiáns practicantes e os batizados e conversos ao ateísmo ou ancorados no escepticismo e no agnosticismo, de Siria.

É antiga, si, a cristiandade de Siria. Alí adopta liturxias moi diferentes entre si. Aque-las igrexas competen e disputan por dogmas milenarios entre os que só os peritos e teólogos poden apreciar diferencias. Uns xúntanse en confesións étnicas e outros integran comunidades cristiáns que se presentan como universais. As linguas ceremoniais poden ser a caldea ou aramea (a que falaba e na que predicaba Cristo), a árabe culta, a armenia, a siríaca venerábel. Aí os están os maronitas, os nestorianos, os melchitas. Hai faccións destas xíneas que se someteron á obediencia romana ou á regra ortodoxa, algunhas sen renunciar aos propios ritos. Mesmo albiscamos, alentados por Occidente, centros católicos romanos (e xesuíticos) e máis comunidades luteranas. Todo o cristiano de Siria brindou este Natal polos presidentes el-Assad e Putin por que os salvaron de ser exterminados polos almorábides armados e pagos polo Imperio. Os cristiáns de Siria están hoxe particularmente agradecidos ao Partido Baas ou Ba'áth, cuxo nome, traducido ao galego, é Partido do Rexurdimento, por varias e importantes cousas. Non é a menor a de o Baas ser aconfisional e defensor da liberdade de cultos. Por parte, o Baas, sendo panarabista, non pretende que o Islam forme parte esencial e constitutiva da nación árabe. Segundo o Baas, a nación árabe debe fundamentar o seu Rexurdimento no laicismo e na separación entre o Estado e as confesións relixiosas.

Non brindarían nin en Natal nin con bebidas alcoólicas os integrantes de varias sectas musulimes que en Siria conviven, a non ser aqueles dos seus membros que sexan tan afeccionados ao viño coma algúns poetas andalusíes da Idade Media. Aínda que a maioranza islámica estea en Siria apoiando o partido Baas. Tamén semellan acharse ben cómodas co goberno baasista as minorías nacionais formadas por armenios, arameos, asirios, turcómanos, kurdos. O baasismo respecta a presenza de minorías nacionais mentres que o fundamentalismo mahometano tende a reprimilas sen dó. En canto a Turquía, hai moitos anos que as minorías nacionais do Oriente Próximo temen o que parece ser un suprematismo étnico e cultural herdado do Imperio Otomano.

Coa axuda de Rusia, o exército de Siria obtivo unha vitoria militar, e o Estado unha vitoria política, de repercusión mundial. Esta vitoria non só librou da aniquilación as igrexas cristiás e as minorías nacionais senón que tamén fixo evidente que xa non se pode conquistar un país enteiro e desposuílo das súas riquezas naturais e da súa liberdade como ocorrera en Iraq e en Libia. Non é viábel xa enforcar presidentes baasistas e partir en anacos corpos de presidentes nacionalistas árabes, como foron os casos de Sadam Hussein e de Gadaffi. Tamén foi visto que acabou o tempo das «primaveras árabes» e dos «terroristas bos», que tamén encontraron en Siria a fin

da súa historia. A vitoria gubernamental siria, completada con axuda rusa, deixou establecido que un mundo multilateral é o que se abre diante nosa. A globalización e o goberno mundial do capitalismo neoliberal foron detidos en Siria. E alí, eu vexo os cristiáns máis contentes ca unhas Páscoas.

Lorca galego (26.01.2019)

Nunha laxe galega permanece a imaxe prehistórica dun cervo que se espella na auga. Pasa Pero Meogo e o cervo que á fonte vai beber. Cervo Cunqueiro e cervo Lorca beberon na mesma auga.

Certamente, en 1933, a Resol compostelá publicaba na imprenta Nós un libro de Álvaro Cunqueiro, do seu título *Cantiga nova que se chama riveira*. Por tras da edición estaba Seoane (cun deseño). Se cadra, Arturo Cuadrado. E maillo impresor, Ánxel Casal. Na Rúa do Vilar era a imprenta. O libro de cántigas ábrese con esta:

Amor de auga lixeira
mũiñeira
Amor de auga tardeira
ribeira
Amor de auga frofida
cantiga
Amor de auga perdida
ña amiga

E ben, xaneiro de 1936, Concha Méndez e Manuel Altolaguirre sacaban nas súas Ediciones Héroe, de Madrid, un libro de Federico García Lorca, que os editores certificaban inédito. Levaba como título *Primeras Canciones*. O poema de Lorca canta como segue e titúlase «Remansos»:

Cipreses.
(Agua estancada)
Chopo,
(Agua cristalina)
Mimbre
(Agua profunda)
Corazón,
(Agua de pupila)


As letriñas de Lorca e de Cunqueiro reflíctense no espello da tradición literaria e da autenticidade contemporánea igual ca o cervo do petróglifo pontevedrés se duplica maxicamente e para os séculos dos séculos soñaren no mito incesante de Narciso. Cunqueiro e Lorca debrúzanse sobre a mesma auga. Case escriben a mesma cousa.

Risco, nun texto sobre Juan Pérez Creus, lembrou as conexións medievais de Galicia co Al-Andalus occidental na Reconquista e primitivo Portugal. En certo xeito *Seis Poemas Galegos* de Lorca fai unha Reconquista literaria á inversa: de Sul a Norte.

Estes días aparece nas librarías un conxunto de libros referidos a García Lorca en Galicia. Vexan: *Federico García Lorca, edición e establecemento de texto de Seis Poemas Galegos* por Luis Cochón e Manuel González, e contornas críticas de Isabel Bugallal, Antón Lopo, Arturo Casas, Xosé Sánchez Reboredo e Arcadio López Casanova; Chan da Pólvora, Compostela, 2018. Logo, nos escaparates loce unha edición facsimilar da primeira edición dos *Seis poemas galegos* e maila edición ilustrada de *El gran viaje de estudios de García Lorca*, por Luis Mariscal, ambos editados tamén o pasado ano por Alvarellos. 357

Falabamos de Álvaro Cunqueiro. O impresor da súa *Cantiga nova que se chama riveira* morreu asasinado polo franquismo en Ons de Cacheiras. Esta vítima tamén editara os *Seis Poemas Galegos* de García Lorca, fusilado en Vizmar, Granada. Moita xente odiaba a intelixencia española e galega da Frente Popular. A relación poética profunda entre García Lorca e Galicia era tamén política, no sentido nobiliario do termo. Moitos foron os que odiaban a Federico García Lorca, e por causas diversas e enlazadas. Por el ser comunistoide, homosexual e triunfador no teatro e na poesía. Estou certo de que son moitos os que aínda detestan García Lorca, pro noto que son moitos máis os que seguen a chorar a súa horribel morte, eiquí e por todo o mundo.

«Toda a casa estaba chea/ de espellos para soñar». Isto escribiu Cunqueiro en *Cantiga nova que se chama riveira*, 1933. Neste libro o poderoso poeta de Mondoñedo estaba espellando as imaxes que a tradición poética galega inxectou no fluxo creador de Federico García Lorca. Ou viceversa. Coma o cervo narcisista da Laxe das Lebres, Poio.



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Últimas publicaciones na colección

¿Universidades híbridas? De las universidades públicas presenciales a las universidades públicas presenciales-virtuales en el mundo del coronavirus (2021)
Enrique J. Varela Álvarez

*Riqueza nacional y bienestar social.
Más desarrollo con menos crecimiento (2021)*
Albino Prada Blanco

*Lenguaje y multilingüismo en los mitos del mundo:
Dimensiones lingüísticas en el relato folclórico y religioso
(2021)*
Daniel Pinto Pajares

No Fondo dos Espellos: 2015-2020 (2020)
X. L. Méndez Ferrín

*Arquitectura de Ordenadores. Ejercicios prácticos de ARM/
Thumb (2020)*
Manuel José Fernández Iglesias, Martín Llamas Nistal, Luis Eulogio Anido Rifón, Juan Manuel Santos Gago, & Fernando Ariel Mikic Fonte.



No Fondo dos Espellos

2017-2010

Este segundo volume de *No Fondo dos Espellos* apaña o treito inicial da triloxía, cos artigos publicados entre 2007 e 2010 dunha obra xornalística e ensáística primordial que tivo o seu espazo sábado a sábado no

Faro de Vigo. A lectura deste facho de textos contribúe a deitar luz ao redor dunha abraiante diversidade temática que non pode máis que estimular o vteiro para unha praxe emancipadora.

Servizo de Publicacións

Universida de Vigo

